


PSICOLOXÍA CLÍNICA

Nº3 Revista Oficial da Sección de Clínica do COPG



ANUARIO

A Psicoloxía Clínica para a Galicia do futuro

PSICOLOXÍA CLÍNICA Nº 3 ANUARIO

Consello Editorial

Mercedes Castro Bal, Presidenta
M^a del Pilar Millán Cerqueiro, Vicepresidenta
Javier Sardiña Agra, Secretario
Manuel Castro Bouzas, Tesoureiro
Yolanda Castro Casanova, Vocal
Rosa Cerqueiro Landín, Vocal
José Javier González Hermida, Vocal
Delia Guitián Rodríguez, Vocal
Dolores González Cabaleiro, Vocal

Consello incidental do Anuario nº 3

Javier Sardiña Agra, Director
Jorge Bajo Lema
Ignacio Dopico González
Roberto Varela Conde

Consello de Redacción

Gonzalo Martínez Sande, *Director*
Rosa Cerqueiro Landín
Marisol Filgueira Bouza
Delia Guitián Rodríguez
Manuel Santiago Lopo Lago
José Antonio Muñiz Torrado
Rosa Rey Pousada
José Luís Rodríguez-Arias Palomo

Edita

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Espiñeira, 10 baixo - 15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534049 Fax: 981 534983
www.copgalicia.es copgalicia@cop.es

Redacción e administración

Eva Blanco Ferreira
Mónica Figueira Rial
Raquel Martínez Mosquera
M^a Teresa Santamónica Fernández

Tradución e supervisión lingüística

María Gómez Díaz

ISSN: 1889-1187

Depósito Legal: C-2.634-2005

O Consello Editorial e o Consello de Redacción non se fan responsables das opinións vertidas nos artigos publicados. As opinións expresadas no Editorial son responsabilidade do Consello Editorial.

PSICOLOXÍA CLÍNICA

Nº3 Revista Oficial da Sección de Clínica do COPG



ANUARIO

A Psicoloxía Clínica para a Galicia do futuro

A PSICOLOXÍA CLÍNICA PARA A GALICIA DO FUTURO

EDITORIAL

9

LIMIAR

TRINTA ANOS DE PSICOLOXÍA CLÍNICA EN GALICIA. QUE APRENDIMOS PARA CONSTRUIR O FUTURO?	11
---	-----------

DAS INTERVENCIÓNS EN PSICOLOXÍA CLÍNICA

PSICOTERAPIAS: ANÁLISES DE PROCESOS E RESULTADOS	32
UN PASEO POLO TRABALLO EN REHABILITACIÓN EN GALICIA: REFLEXIÓNS E PROPOSTAS	153
REHABILITACIÓN EN HOSPITAIS DE DÍA: PASADO, PRESENTE E FUTURO	161
AVALIACIÓN DUN PROGRAMA DE PSICOEDUCACIÓN EN PACIENTES PSICÓTICOS	168
REHABILITACION PSICOSOCIAL PARA PERSOAS CON TRANSTORNO MENTAL SEVERO. O CENTRO DE REHABILITACION PSICOSOCIAL	177
A REDUCCIÓN DO DANO EN PERSOAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL	186
O PROCESO DE REHABILITACIÓN NEUROPSICOLÓXICA EN PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO	194
ALGÚNS TÓPICOS PSICOTERAPÉUTICOS NA ATENCIÓN A PROBLEMAS DE RELACIÓN FAMILIAR QUE IMPLICA AOS XÓVENS	201
INTERVENCIÓN AFECTIVO-SEXUAL CON ADOLESCENTES	209
INTERVENCIÓN FAMILIAR CON ADOLESCENTES EN SITUACIÓNS MULTIPROBLEMÁTICAS	215
AVALIACIÓN E INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA CON MENORES INFRACTORES	224
EXPERIENCIA NA ABORDAXE GRUPAL DO TRANSTORNO DE PERSONALIDADE LÍMITE BASEADO NA TERAPIA DIALÉCTICO-CONDUTUAL	232
TRATAMENTOS PSICOLÓXICOS BASEADOS NA EVIDENCIA EN TRANSTORNOS ADITIVOS	242
REHABILITACION COGNITIVA NUNHA UNIDADE DE DIA PARA DROGODEPENDENTES	250
TRATAMENTOS PSICOLÓXICOS EN PROBLEMAS RELACIONADOS CO CONSUMO DE ALCOL	360
EFICACIA DIFERENCIAL DO ADESTRAMENTO EN RELAXAMENTO EN PACIENTES DE COLITE ULCEROSA E DOENZA DE CROHN	267
TRATAMENTO COGNITIVO-CONDUCTUAL EN FORMATO GRUPAL DO TRASTORNO OBSESIVO-COMPULSIVO	274

DO PSICODIAGNÓSTICO E DA PSICOPATOLOXÍA

O TRANSTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDADE NA GALICIA DE HOXE	285
O TRANSTORNO DE DÉFICIT DE ATENCIÓN SEN HIPERACTIVIDADE COMO UN TRANSTORNO NEUROBIOLÓXICO E CONDUTUAL DIFERENTE DO DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDADE	293
TRANSTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDADE E TRANSTORNOS COMÓRBIDOS: ESPECIFICIDADE DOS DÉFICITS DE ATENCIÓN SOSTIDA E INHIBICIÓN DE RESPOSTAS	301
PERFÍS DE ATENCIÓN E INHIBICIÓN DE RESPOSTAS NOS SUBTIPOS DE TRANSTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDADE	308
APLICACIÓNS CLÍNICAS DA INVESTIGACIÓN NEUROPSICOLÓXICA	316
EFICACIA DA AVALIACIÓN NEUROPSICOLÓXICA PRECIRÚRXICA NO PROGRAMA DE CIRURXÍA DA EPILEPSIA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO (CHUS): CONVERXENCIA CON OUTROS ÍNDICES NA HIPÓTESE DE LATERALIZACIÓN	321
CONTRIBUCIÓN DA NEUROPSICOLOXÍA AO ESTUDO DO ICTUS	328
CIRURXÍA DA EPILEPSIA: CONSECUCENCIAS NAS FUNCIÓNS COGNITIVAS	335
INFLUENCIA DA VELOCIDADE DE PROCESAMENTO NOS PROCESOS MNÉSICOS DESPOIS DUN DANO CEREBRAL	344
DIFICULTADES NA RESPOSTA SEXUAL DAS PERSOAS MAIORES	353
SCREENING AFECTIVO-CONDUTUAL DE PERSOAS MAIORES DE 60 ANOS DA CIDADE DA CORUÑA	360
ADOLESCENTES NO LÍMITE: ENTRE A PSICOPATOLOXÍA E A DELINCUENCIA (RELACIÓN ENTRE PSICOPATOLOXÍA ADOLESCENTE, DELINCUENCIA E CONTEXTO SOCIO-FAMILIAR)	369
ESTUDO EPIDEMIOLÓXICO DE PSICOPATOLOXÍA INFANTO-XUVENIL	378
TRANSTORNOS DA PERSONALIDADE NA ADOLESCENCIA	385
PERFIL DA FAMILIA E AFECTADOS/AS NA ASOCIACIÓN GALEGA DE TRANSTORNOS DA PERSONALIDADE (TP-GALICIA)	392
A AVALIACIÓN PSICOPATOLÓXICA NO CAMPO DAS ADICIÓNS	402
A AUTOESTIMA PERANTE A PRESENZA DE OBESIDADE INFANTIL: UN ESTUDO COMPARATIVO	410
TRANSTORNOS DO COMPORTAMENTO ALIMENTARIO EN SUXEITOS XÓVENS CON DM TIPO I	418
AMIGOS IMAXINARIOS, PSICOSES E IDENTIDADE MÚLTIPLE	427
RELACIÓN ENTRE PERFECCIONISMO, RUMINACIÓN E SINTOMATOLOXÍA DEPRESIVA NUNHA MOSTRA DE ESTUDANTES UNIVERSITARIOS	433
PAPEL DO PERFECCIONISMO, OS MECANISMOS DE DEFENSA DO EU E A SINTOMATOLOXÍA DEPRESIVA	439
PERCEPCIÓN DE EXPRESIÓN DE EMOCIÓNS, SINTOMATOLOXÍA E ESTILOS DE AFRONTAMENTO NUNHA MOSTRA DE PACIENTES CON TRANSTORNOS ANSIOSO-DEPRESIVOS	446

RELACIÓN ENTRE ESTILOS DE AFRONTAMIENTO E INTENSIDADE SINTOMATOLÓXICA EN PACIENTES CON TRANSTORNOS ANSIOSO-DEPRESIVOS	454
UNHA DOR DESAUTORIZADA	462
A RESPOSTA DE SEPARACIÓN MATERNA: A RATA OU O DIVÁN	469
CREENZAS METACOGNITIVAS COMO PREDICTORES DE PROPENSIÓN A DELIRIOS	476
UN CASO DE DELIRIO QUERULANTE: “O TEMA”	484
PROPENSIÓN A ALUCINACIÓNS NUNHA MOSTRA DE ESTUDANTES UNIVERSITARIOS	491

A VIOLENCIA

A VIOLENCIA DE XÉNERO	500
INTERVENCIÓN FORENSE SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO	536
VIOLENCIA SEXUAL EN MULLERES E HOMES. ESTUDO PRELIMINAR	543
O MALTRATO ENCUBERTO	552
O ASEDIO ESCOLAR	557

MISCELANEA

A PSICOLOXÍA CLÍNICA. RETROSPECTIVA DA NOSA EXPERIENCIA	569
O PIR EN GALIZA... MOITO MÁIS QUE PSICOLOXÍA...	576
PSICOLOXÍA CLÍNICA E XESTIÓN	582
ACERCA DALGÚNS ASPECTOS ÉTICOS DA NOSA PRÁCTICA	589
INTERFERENCIAS PARENTAIS EN PROCEDEMENTOS DE DIVORCIO	596
O LONGO E TORTUOSO CAMIÑO DA EDUCACIÓN SEXUAL EN ESPAÑA	603
IMAXES E PENSAMENTOS SEXUAIS. ESTUDO PRELIMINAR	609
MITOS RELACIONADOS COA SEXUALIDADE DAS MULLERES E DOS HOMES DE MÁIS IDADE	618
DA EDUCACIÓN SEXUAL Á PROMOCIÓN DO DESENVOLVEMENTO PERSOAL NA ADOLESCENCIA	626
ESTUDO PRELIMINAR SOBRE ATITUDES SEXUAIS	635
EVOLUCIÓN DOS PRIMEIROS ESCENARIOS SEXUAIS. ESTUDO PILOTO	643
ABORDAXE E PRÁCTICA CLÍNICA DO TDAH NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE: CREENZAS E PRINCIPAIS ACTUACIÓNS DOS PEDIATRAS DE ATENCIÓN PRIMARIA	652
O TRISQUEL. UN XOGO COMO FERRAMENTA DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA PARA O TRATAMENTO CON TOXICÓMANOS: ESTUDO DE CASOS	659

PROGRAMA DE REDUCCIÓN DE RISCOS NO CONSUMO DE SUBSTANCIAS PSICOACTIVAS EN ESPAZOS DE LECER NOCTURNO “PROXECTO CREATIVE”	666
AXAD APOIO XERONTOLÓXICO A DOMICILIO: UN PASO MÁIS NA ATENCIÓN DOMICILIARIA DE PERSOAS MAIORES.	673
NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS NO APOIO A DOMICILIO: “TELEXERONTOLOXÍA”	682
SOBRECARGA E MALESTAR PSICOLÓXICO EN COIDADORES INFORMAIS DE PERSOAS CON DEMENCIA	689
A INTERCONSULTA: A PSICOLOXÍA CLÍNICA	695
PSICOLOXÍA CLÍNICA E PROGRAMAS DE ENLACE: COIDADOS PALIATIVOS	704
A LINGUAXE DO CANCRO. UNHA ANÁLISE COMPARATIVA ENTRE DIFERENTES SIGNIFICADOS ASOCIADOS COA DOENZA	713
REHABILITACION LABORAL: O CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO	720
O PROFESIONAL DA PSICOLOXÍA NOS SERVIZOS SOCIAIS	728
ANALISE DA SATISFACIÓ DOS PACIENTES DA UNIDADE DE DÍA DURANTE OS ÚLTIMOS 6 ANOS (2003-2008)	736
ANÁLISE DESCRITIVA DAS AUSENCIAS A PRIMEIRAS CONSULTAS EN PSICOLOXÍA CLÍNICA NA ÁREA SANITARIA DE FERROL	744
PREVENCIÓN E EPIDEMIOLOXÍA DOS TRANSTORNOS DA CONDUTA ALIMENTARIA EN ESTUDANTES DE SECUNDARIA GALEGOS/AS. RESULTADOS PRELIMINARES	748
CAMBIO DE SENTIDO. PROGRAMA DE PREVENCIÓN EN AUTOESCOLAS DO ALCOLISMO XUVENIL	754
O PAPEL DA IRA NA COMISIÓN DE INFRACCIÓNS DE TRÁFICO	762
DE PINTURAS, RELATOS, COMUNICACIÓNS E BOLOS	770

A XEITO DE PRESENTACIÓN

A amplitude e variedade das contribucións que se presentan e dos ámbitos dos que proveñen, son unha mostra da entidade que foi adquirindo a Psicoloxía clínica en Galicia no seu proceso de desenvolvemento e crecemento.

O segundo punto a destacar é precisamente ese, trátase de contribucións realizadas desde aquí. Procurouse recoller a riqueza dos desenvolvementos da Psicoloxía clínica en Galicia, reflectir as diversas formas de proceder e os moi diferenciados lugares de exercicio, nos que xa se está a traballar.

Esperamos que se conseguira recoller suficientemente a riqueza actual da nosa Psicoloxía Clínica.

Desexamos que encontreis materiais que vos sexan de utilidade na clínica e na reflexión acerca da clínica.

Tal cousa sería, entendo, o desexado premio para o empeño de tantos compañeiros que ao longo destes últimos tempos colaboraron co seu xeneroso esforzo, dedicando tantas horas, a lograr que isto chegase ás vosas mans.


É para min unha honra o feito de ter sido emprazado, en calidade de Director do Anuario da Sección de Psicoloxía Clínica, a escribir estas palabras de presentación dun traballo que fai, por todo o anterior, que un sinta tanto orgullo de pertencer a este colectivo.

Santiago de Compostela, maio de 2009

Gonzalo Martínez Sande

Director do Consello de Redacción do Anuario

Limiar




TRINTA ANOS DE PSICOLOXÍA CLÍNICA EN GALICIA. QUE APRENDIMOS PARA CONSTRUIR O FUTURO?



LIMIAR:

**TRINTA ANOS DE PSICOLOXÍA CLÍNICA EN GALICIA.
QUE APRENDEMOS PARA CONSTRUIR O FUTURO?**



Miguel Anxo García Álvarez

Psicoloxía Clínica. Hospital Clínico Universitario de Santiago de
Compostela

RESUMO

A Psicoloxía Clínica galega xerou no seu desenvolvemento os seus sinais de identidade, nun proceso que abarca xa máis de trinta anos, e que se desenvolveu ao mesmo tempo que a modernización social e a reforma sanitaria no noso país. A elas realizou a súa contribución específica. A súa historia é a historia do traballo colectivo de psicólogos/as, doutros profesionais e de cidadáns, políticos e administradores sensíbeis ás necesidades sociais. Medrou enfrontando, tamén, as tendencias corporativistas que inevitabelmente tenden a desenvolverse no seo dos colectivos “gremiais”, e que chegaron a pór en risco o seu propio futuro.

Da súa historia, da forma en que resolveu as súas dificultades e sobre as opcións que foi tomando o colectivo científico e profesional que a sostén, dos valores que defende e das súas insuficiencias, fábase nestas reflexións. Reflexións de parte e a favor dun definido proxecto de construción. Como non pode ser doutro xeito.

Palabras chave: PIR, reforma psiquiátrica, psicoloxía clínica, corporativismo, COPG

ABSTRACT

The Galician Clinical Psychology has generated its own identifying marks during its evolution, a process covering more than thirty years so far, developed simultaneously with social modernization and health reform in our country. It has specifically contributed to these. Its history is the history of the collective work of psychologists and other professionals and citizens, politicians and managers sensitive to the social needs. It has grown up, too, confronting the corporate spirit tendencies which unavoidably emerge in the bosom of the guild collectives, having endangered its own future.

These reflections talk about its history, how it has resolved its difficulties and the options the scientific and professional collective supporting it has taken, the values it defends and its shortages. Reflections by and for a defined project of construction. It could not be another way.

KEY WORDS: PIR, psychiatric reform, clinical psychology, corporate spirit, COPG

Introdución

Renuncia esta reflexión desde o principio a calquera pretensión de neutralidade ou de imparcialidade, se por ela se entende abstención de tomar partido.

Nada máis lonxe das intencións do autor que un artigo aséptico e quizais duradeiro grazas á súa *pureza*. Moi polo contrario, só pretende que sexa útil ao servizo dun definido proceso de construción da Psicoloxía Clínica en Galicia.

Recordar feitos, documentalos, ordenar a súa secuencia, valoralos..., é unha das formas de acción e modificación da realidade da existencia.

As reflexións que se desenvolven a continuación fanse nun momento histórico da nosa sociedade e da Psicoloxía. Da crise na que está inmersa a primeira, consecuencia tanto da evolución *natural* do sistema económico-social no que vivimos (capitalismo) como da incompetencia dos seus xestores e gobernantes, ha de se resaltar aquí o derribo de verdades absolutas respecto da política e a economía, e os valores sociais e obxectivos presentados como desexábeis que imperaron nas últimas décadas. Con máis lentitude, pero irremediabelmente, iranse poñendo tamén en cuestión no noso ámbito de coñecemento e de práctica profesional verdades “científicas” comparábeis na súa solidez ás do outro ámbito antes mencionado. Pero aquí e agora e respecto á Psicoloxía habemos de destacar que o momento que vivimos vén definido por dous factores: a entrada do conflito “psicoloxía sanitaria”, na súa etapa final, e o progreso cara a normalización da Psicoloxía Clínica no Sistema Nacional de Saúde, concretado no desenvolvemento de medidas como a reclasificación de postos de traballo dos psicólogos/as clínicos ou a ampliación do período de formación especializada (Programa Interno Residente, PIR) a catro anos sobre un programa formativo con maior amplitude e diversidade de contidos.

Tamén debe sinalarse xa e con toda radicalidade un feito: o mundo científico e profesional é un contexto favorecedor do desenvolvemento desmesurado do narcisismo, do individualismo, da vaidade, da competitividade insolidaria. O desigual, e moi a miúdo inxusto e interesadamente controlado, acceso ás posicións de visibilidade científica e profesional fai que o traballo de construción da ciencia e das profesións apareza protagonizado por individualidades que, frecuentemente, parecen ignorar canto deben ao esforzo colectivo (cada minuto da súa *fama* susténtase en miles de minutos de traballo non recoñecido). Houbo avance na Psicoloxía Clínica galega só grazas ao traballo de moitos/as compañeiros/as, de profesionais de disciplinas próximas, de organizacións diversas, de políticos sensíbeis ás necesidades sociais e orientados ao progreso.

Por outra parte ha de se entender o que segue desde unha concepción da Psicoloxía Clínica que non confunde esta cos psicólogos clínicos e que remite a un campo de coñecementos, aplicacións, prácticas e técnicas que se ben son o espazo de saber onde se desenvolven aqueles, está construído, porén, por moitos outros que non son eses especialistas ou non son psicólogos.

Aínda que se fai referencia ao ámbito académico da Psicoloxía, este artigo non dá conta suficientemente do proceso que en Galicia, na Institución Universitaria, seguiu a Psicoloxía Clínica. O desenvolvemento da investigación relacionada cos obxectos específicos da Psicoloxía Clínica, o aumento da capacidade docente e da súa calidade, o progresivo fortalecemento de relacións de cooperación entre académicos e profesionais..., todo iso son realidades universitarias de importancia evidente. Pero quen isto escribe non as coñece suficientemente como para falar en profundidade sobre elas.

Observarase tamén que a análise do desenvolvemento producido ten sempre como referente a Psicoloxía Clínica do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e, en xeral, do sistema Nacional de Saúde. É na sanidade pública onde se encontra o motor principal do proceso de institucionalización da Psicoloxía Clínica en España, como ocorre con outras disciplinas sanitarias. É lóxico que así sexa (por presenza e constitución como colectivo, acceso aos planificadores e xestores, relación con outros especialistas, organización, etc.) e iso non supón ningunha implícita comparación desvalorizadora co sector que exerce no ámbito privado. Polo contrario, penso que a contribución dos profesionais nese sector é importante, incluso chamativamente importante no ámbito formativo, e máis en particular no referido á formación en psicoterapia.

Vaia por diante unha petición anticipada de desculpas a quen, por ser citado ou por non selo nas páxinas que veñen a continuación, se sinta molesto. O escrito ten os límites do seu autor. Nada máis lonxe da miña intención que causar malestar persoal.

Algúns feitos, algunhas persoas

Comezar a mirar o pasado é comezar a botar en falta. Algunhas compañeiras, algúns compañeiros, xa non están. Este escrito tamén é na súa lembranza.

En maio de 1978 ve a luz o número 1 de *Xeira Revista dos estudantes de Psicoloxía* (1). Na sección de libros recomendados: Basaglia, Pichon Riviére, Moreno, Szasz, Belotti e... *Psicología servicio público* de Pablo del Río. Logrará editar un segundo número e desaparecerá.

En 1979, do 23 ao 27 de abril, en Fonseca (no seu último ano como sede de Facultade) celebrouse a *Primera Semán de Psicoloxía de Galicia: A Loucura*, organizada por unha ampla comisión de estudantes de Psicoloxía (2). Sería seguida de unha segunda edición, do 6 ao 10 de maio de 1980, centrada no tema “A Sexualidade” (3). E aínda se sostería tres anos máis.

Na práctica da psicoloxía clínica daquel entón ha de se citar o Gabinete “Luar” en Vigo e o Gabinete “Zero” en Santiago. Paco Estévez (4) será unha referencia básica na formación posgradual dos novos exerceedores que comezaron a licenciarse na Facultade en 1978.

Nos servizos sanitarios públicos nesa segunda metade da década dos setenta e a primeira dos oitenta do século pasado existían os Centros de Diagnóstico e Orientación Terapéutica da

Administración Institucional da Sanidade Nacional (AISNA) nos que traballaban psicólogos. Modesto Vázquez e Manuel Siota estaban xa no Hospital Psiquiátrico de Toén (Ourense) e Alejandro Torres no Hospital Psiquiátrico Rebullón (Mós-Pontevedra) (5). Tamén estaban en funcionamento o Centro Psicosocial de Ferrol no que traballarán Gonzalo Martínez Sande e despois Manuel Lopo Lago, e pouco máis tarde o Centro de Orientación Familiar (COF) Municipal de A Coruña, con Marga Sánchez Candamio, e tamén xa a creación dos primeiros COF do Instituto Nacional da Saúde (INSALUD) con Jorge Valladares en Lugo, Chus Díaz Anca en Ferrol e Encarnación Sueiro en Ourense.

Será na segunda metade dos oitenta cando se crearán as Unidades de Saúde Mental do INSALUD e comezarán a incorporarse de forma significativa psicólogos a equipos de atención á saúde mental da poboación, no marco dos plans da Reforma Psiquiátrica. O crecemento da Psicoloxía Clínica sería inexplicable, e imposible probabelmente, sen ese contexto de reforma da atención psiquiátrica á poboación definido polo Informe da Comisión Ministerial para a Reforma Psiquiátrica de 1985 e a Lei Xeral de Sanidade de 1986.

Durante os anos 1986 e 1987 a *Comisión Asesora en Saúde Mental do Conselleiro de Sanidade*, composta por dez psiquiatras e un psicólogo, elabora o documento “Bases para a elaboración do plan galego de saúde mental” no que se explicitarán tanto propostas de composición multidisciplinar dos equipos de saúde mental, coma orientacións con indicación de compromisos para a formación especializada dos profesionais que non teñen a mesma especificamente regulada. Esa proposta constituirá a base fundamental para a creación do programa de formación posgradual en saúde mental para psicólogos (PIR autonómico de Galicia). Nesa Comisión reaparecen nomes xa mencionados: Antonio Rodríguez, Emilio González e tamén outros que xa manifestaran noutros lugares a súa abertura a cambios e á incorporación de novos profesionais na atención á saúde mental, coma José M. García de la Villa e Arturo Rey do Hospital Psiquiátrico Rebullón, ou Federico Menéndez (Comisión Asesora do Ministerio de Sanidade) e Fernando Márquez (Centro de Saúde Mental de A Coruña).

É de destacar que a publicación do documento citado, dada a súa importancia para a Reforma Psiquiátrica en Galicia e para a Psicoloxía Clínica, a realizará o Colexio de Psicólogos-Galicia (COPG) como suplemento (que difundirá entre os profesionais de saúde mental) co número catro de Cadernos de Psicoloxía (1988) perante a pasividade da Consellería de Sanidade que non realizará a súa propia edición e difusión até 1990.

Tamén en 1986 se crea o Plan Autonómico sobre Drogodependencias. Será o seu futuro Comisionado até 2005 Manuel Araújo Gallego.

En 1989 o COPG presentará a “Proposta de implantación da formación de psicólogos especialistas en saúde mental a través do sistema P.I.R. na Comunidade Autónoma Galega”,

elaborado por unha comisión do COPG coordinada por Chus Díaz Anca despois dun intenso e, en ocasións, lamentábel traballo de creación de consenso absoluto en torno ao proxecto (reclamado por unha Administración Autonómica á que se lle deu todo feito e que estaba representada, en relación a esta cuestión, por Fernando Márquez Gallego, quen era xa Xefe do Servizo de Saúde Mental). É tamén de destacar que o citado proxecto viviu o seu maior risco de precipitación cando se pretendeu o apoio ao mesmo da Sección de Psicología da Universidade de Santiago, e non pode deixar de citarse o fundamental papel que o Presidente da Xunta de Sección por aquel entón, José Manuel Sabucedo Cameselle, desempeñou para superar esa ameaza nas negociacións que se desenvolveron (6). Máis adiante, xa creado o PIR galego cun nome tan longo coma evitativo de referencias a formación especializada (o 23 de xullo de 1990, D.O.G. 143, publicárase a Orde de creación do *Programa de formación posgraduada de psicólogos para a atención á saúde mental*); Chus Díaz Anca formará parte da Comisión Avaliadora dos Programas PIR Autonómicos coordinada por Begoña Olabarría González e que xerará un documento de conclusións decisivo para a presentación dunha proposta de asunción do desenvolvemento da creación do PIR (estatal e similar ao MIR que ordenaba a formación médica e farmacéutica especializadas) ao Ministerio de Sanidade e Consumo.

Mentres, baixo a dirección de Víctor Pedreira Crespo, os servizos de saúde mental da Deputación de Pontevedra incrementaban significativamente o seu persoal profesional con psicólogos/as.

Ao mesmo tempo na Facultade de Psicología nestes anos realizáranse o *Máster en Terapia Familiar*, dirixido por Emilio Gutiérrez García (1989-1991) e, posteriormente, o *Magister en Drogodependencias*, dirixido por Elisardo Becoña Iglesias, Antonio Rodríguez López e Isabel Salazar Bernard, coorganizado polo Departamento de “Psiquiatría, Radioloxía e Medicina Física e Saúde Pública” da Facultade de Medicina e o Departamento de “Psicología Clínica e Psicobioloxía” da Facultade de Psicología (7).

Nese período, de xaneiro a xuño de 1992, poñerase en marcha un programa de prácticas dos estudantes de 5º de Psicología en dispositivos de saúde mental do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) na área sanitaria de Santiago. Será o xerme dun modelo de realización do *prácticum* que recibiría unha excelente valoración nas Facultades de Psicología do Estado Español. A iniciativa profesional na cooperación coa Facultade para desenvolver un modelo de prácticas pregrao que se asemellara no posíbel aos modelos de formación de Medicina (modelo rotatorio) concretouse no deseño do programa, e a mobilización da implicación profesional xunto coa posta en marcha dos instrumentos de coordinación que posibilitaran esa formación. O colectivo profesional non dubidou en asumir unha tarefa que, ao mesmo tempo que o PIR, contribuíra a unha mellor definición da profesión na Sanidade ao utilizar sistemas formativos recoñecíbeis por outros facultativos (en especial médicos) e ao contribuír así a dotar de identidade similar á

súa aos psicólogos/as do SERGAS. Asumiron así, a práctica totalidade dos excededores no SERGAS, o desenvolvemento dunha actividade docente sen reclamar contraprestación, conscientes da debilidade tanto profesional coma universitaria da Psicoloxía e, polo tanto, da indiferenza institucional previsíbel en caso de xerar unha reivindicación. Estendeuse, desta forma, durante o curso 93/94, a outras áreas de Galicia e máis adiante, lograda unha dotación básica e mínima de prazas de profesorado asociado, os profesionais acordaron unha distribución equitativa das mesmas pactando a súa rotación (o que non deixou de pór a proba a rixidez burocrática da Universidade). Lamentablemente o programa non foi atendido coa debida dilixencia, os profesionais excededores non foron adecuadamente considerados, e nos anos 2005 e 2006 viuse sometido a tensións que ocasionaron o primeiro conflito aberto entre sectores profesionais e universitarios na Psicoloxía Clínica galega.

En 1995 os psicólogos do SERGAS son convocados a concurso-oposición para prazas de técnicos superiores (categoría non sanitaria) na oferta pública de emprego de oficios e profesións non sanitarias. Desenvolveuse en resposta a iso unha mobilización centrada na reclamación da consideración sanitaria do exercicio profesional dos psicólogos do SERGAS e da anulación desa convocatoria. Mobilizouse unha importante manifestación de apoio á reivindicación, por especialistas médicos/as, e en menor grao, como é lóxico, por outros facultativos, (máis de catrocentos especialistas e oitenta xefes de servizo e sección uníronse á solicitude de anulación da convocatoria, tamén dous ex-conselleiros de Sanidade do mesmo partido gobernante, a totalidade dos sindicatos do sector, asociacións científicas e profesionais de Galicia e España, Facultade de Psicoloxía e os PIR e outros residentes). Ese concurso-oposición nunca se realizará, pero deixou tras si: unha redefinición sanitaria “de feito” dos psicólogos/as excededores do SERGAS, relación con outros colectivos profesionais, e coñecemento mutuo e canais de comunicación entre organizacións sindicais e o colectivo profesional (que se demostrarán decisivas no futuro). Posteriormente, en 1998, a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (sentenza do TSG 559/1998) dará, a iniciativa do COPG, a razón legal a esta reclamación e anulará legalmente a convocatoria, aínda que esta xa se suspendera (non obstante, sen formalidade legal) cando se produciu o relevo na Consellería de Sanidade ao substituír Hernández Cochón a Romay Beccaría cando este último foi nomeado Ministro de Sanidade (8).

Van nacemento neses anos a Asociación Galega de Psicólogos Internos Residentes (AGAPIR) (9), a Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS (APC-SERGAS) (10), e a Sección de Psicoloxía Clínica do COPG (11) que en 1995 expresa a súa vontade de converterse nun espazo unitario de encontro da Psicoloxía Clínica co seguinte plantexamento: “Temos que construír, os psicólogos/as clínicos, un espazo organizativo común para darnos a oportunidade de aprender uns dos outros, superar o dogmatismo, ampliar as nosas concepcións e coñecementos... e así

aumentar a nosa potencialidade de ser socialmente útiles” (García, 1995). Será a primeira sección profesional dos colexios de psicólogos de España e da súa existencia fructífera dan conta as Xornadas Anuais (as últimas foron as decimoterceiras) que, sen interrupción, desenvolveron desde o seu nacemento, o sustento dunha publicación propia (Anuario de Psicoloxía Clínica), os seus informes e estudos, e as actividades de formación desenvoltas.

Entretanto, coas súas propias dificultades, no Ministerio de Sanidade íase logrando concretar, pola Comisión Promotora da Especialidade, presidida por Begoña Olabarriá González, unha proposta de creación da especialidade unha vez realizadas convocatorias anuais para prazas PIR (que se ofertarán sen se ter creado a especialidade, pero cuxa existencia abocará á súa creación)(12). Esa proposta está formalizada en 1996 pero nesas datas, próxima xa a ser publicada no Boletín Oficial do Estado (BOE), prodúcese o cambio de Goberno substituindo ao Partido Socialista Obreiro Español (PSOE) o Partido Popular (PP). O resultado será un “parón” na publicación do Real Decreto que quedara culminado e enriba da Mesa Ministerial para ser refrendado polo Goberno e remitido para a súa publicación ao BOE.

Ante isto, a psicoloxía clínica galega adoptará en outubro de 1997 a iniciativa de crear a *Mesa pola Especialidade* na que participarán o COPG, a APC-SERGAS, AGAPIR, a Asociación Galega de Saúde Mental (AGSM), e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago. Reunírase en torno á vontade de mobilización para desbloquear a situación na que se encontra o proxecto de Real Decreto e convocará ás asociacións de ámbito estatal en Madrid para o mes de novembro coa finalidade de unificar plantexamentos e accións. Logrará reunir o 14 de novembro á Asociación Española de Neuropsiquiatría (AEN), a Asociación Española de Psicoloxía Clínica e Psicopatoloxía (AEPCP), o Colexio Oficial de Psicólogos de España (COPE), a Asociación Nacional de Psicólogos Internos Residentes (ANPIR), a Asociación Española de Psicoloxía Condutual, e a Conferencia de Decanos de Facultades de Psicoloxía. Desta reunión concretábase a remisión dun escrito ao Ministro de Sanidade (Romay Beccaría) pedíndolle a urxencia de desbloquear o proceso. Pero como non se vían avances, en maio de 1998 solicítase ao Deputado do Bloque Nacionalista Galego (BNG), Guillermo Vázquez Vázquez, que promova ao respecto iniciativas parlamentarias no Congreso dos Deputados (concretábase nunha pregunta ao Goberno e unha proposición non de lei). O proxecto encontrábase nunha gabela esquecida e as iniciativas “espértano” (13). En decembro dese ano publicábase o Real Decreto polo que se crea a Especialidade de Psicoloxía Clínica en España.

Pero o Real Decreto necesitaba dos seus desenvolvementos a través de Ordes Ministeriais para ser materializado. Outra vez, cunha estratexia idéntica, inténtase o seu progreso: nova reunión da Mesa Galega (xa co nome de *Mesa Galega da Psicoloxía Clínica*) aínda que con ausencia de AGAPIR que estaba en horas baixas, dáse un novo intento de reunir ás asociacións a nivel estatal (pero esta vez de forma fracasada) e novo recurso a Guillermo Vázquez que

presentará preguntas no Congreso dos Deputados para a súa resposta por escrito en setembro de 1999 e xullo de 2001 (14). En maio de 2002 publicárase no BOE a Orde Ministerial que desenvolve o Real Decreto de 1998. Finalmente existe xa materialmente a especialidade ao se emitiren os primeiros títulos de especialista.

En 1998 a Consellería de Sanidade presenta un documento elaborado un ano antes pola *Comisión Asesora en Materia de Saúde Mental da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais* co título “Propostas de desenvolvemento da atención á saúde mental en Galicia”. Das súas propostas, entre outras cousas, dedúcese a necesidade da creación urxente de 24 prazas de psicólogo clínico no Sistema para atender as necesidades constatadas pola Comisión.

En maio de 2002 anúnciase tamén por parte do SERGAS a oferta pública de emprego para diversas categorías, entre elas psicólogos (que como consecuencia do atraso provocado pola dilación na promulgación da Orde Ministerial que desenvolve o Real Decreto de creación da especialidade serán convocados como técnicos superiores). Este concurso oposición que se desenvolverá até 2006, coma en todas as demais categorías mobilizou rivalidades, comparacións, envexas e algunha que outra irregularidade “a favor do meu”. Deixou tras si algúns danos e clarificacións en relacións persoais, pero a súa extensión ás organizacións non foi significativa.

En outubro de 2002 comezará a primeira edición do *Máster de Neuropsicoloxía Clínica da Universidade de Santiago de Compostela* (2002-2004), organizado pola Facultade de Psicoloxía e dirixido por Marina Rodríguez Álvarez, cooperando na dirección quen isto escribe, na secretaría do mesmo Montserrat Corral Varela. O SERGAS dará bolsas a catro psicólogos clínicos da súa rede asistencial. Na segunda edición (2004-2006) sumarase á dirección Montserrat Zurrón Ocio. O efecto da realización deste Máster axiña se percibiu no campo aplicado co desenvolvemento de novas iniciativas e prácticas asistenciais.

Tamén en outubro de 2002 o Tribunal Supremo desestimarán en sendas sentencias as pretensións da Asociación Galega de Psicólogos Clínicos Privados e da Asociación Galega de Psicoterapeutas Privados, que coincidindo no tempo (e no potencial dano á especialidade que os seus recursos e pretensións poderían crear) coa Organización Médica Colexial, a Sociedade Española de Psiquiatría Legal, a Sociedade Española de Psiquiatría e a Sociedade Española de Psiquiatría Biolóxica (os sectores conservadores da nosa veciñanza profesional) actuaran legalmente contra a creación da especialidade: uns porque se sentían prexudicados por uns motivos e os outros por outros. Todos viron frustradas as súas pretensións. Segundo o Tribunal Supremo a creación da especialidade non danaba os lexítimos intereses de ninguén. Ironicamente tamén nesta dimensión a Psicoloxía Galega estivera á altura, interpoñendo preitos como “os grandes”, que non se diga!. Ha de se sinalar que de ambas asociacións non se volveu saber nada.

A nova situación creada polo nacemento da especialidade e o case nulo crecemento, desde fai anos, de contratacións de psicólogos clínicos xerará no ámbito do SERGAS durante os anos que van de 2003 a 2005 novas causas de malestar. A reclasificación das prazas de psicólogo, até entón definidas como técnicos superiores e que segundo o Real Decreto de creación da especialidade deberían ser transformadas en prazas de facultativos especialistas naqueles casos nos que o/a titular posuía a titulación, non se acababa de producir a pesar de posuír xa os títulos. Marisol Filgueira Bouza, Silvia Martínez Portillo e outros iniciarán accións legais reclamando o cumprimento da norma polo SERGAS. Silencio ou confusión, e nalgún caso malas maneiras, foron as respostas na Consellería de Sanidade. A publicación do Plan de Saúde 2002-2005 e o Plan Oncolóxico de Galicia 2002-2005, que plantexan explicitamente amplas necesidades de atención psicolóxica no marco de accións fronte a determinadas doenzas, a ausencia de concrecións que dean cumprimento ás recomendacións do informe de 1998 da Comisión Asesora de Saúde Mental, e a sinatura de convenios da Consellería con Organizacións non Governamentais (ONGs) para a atención psicolóxica a pacientes con cancro, prestada por psicólogos alleos ao SERGAS e para o seu traballo nas Institucións Sanitarias Públicas, provocarán en Galicia a segunda mobilización na rúa protagonizada por psicólogos/as (15).

A Mesa Galega da Psicoloxía Clínica (16) (A Mesa) conformada agora por AGSM, AGAPIR e APC-SERGAS chamará a unha mobilización de psicólogos do SERGAS perante a sede do Goberno Autonómico en San Caetano (Santiago de Compostela) o 27 de maio de 2005. Contará co respaldo sindical e reclamará a reclasificación, o incremento de dotacións de psicólogos clínicos (presentando un plan definido e cuantificando as necesidades, baseándose para iso nas propostas de planificación sanitaria da propia Consellería de Sanidade) e o desenvolvemento dun plan de formación e sensibilización de dirixentes e xestores do SERGAS fronte ás necesidades psicolóxicas de pacientes e usuarios da Sanidade. Será esta a última manifestación pública realizada en Galicia contra a política dun goberno presidido por Manuel Fraga Iribarne, que será derrotado nas furnas tres semanas máis tarde.

Máis adiante, co novo Goberno, en xaneiro de 2006, producírase a reclasificación de prazas creándose no SERGAS a categoría de Facultativo Especialista en Psicoloxía Clínica, a proposta e previo acordo da Mesa Sectorial de Sanidade, cuxos integrantes recibiron en persoa nos meses previos información ampla da cuestión por membros d'*A Mesa*. Foron fundamentais no traballo dese órgano, formado por organizacións sindicais e SERGAS, as contribucións das Comisións Obreiras (CCOO) representada por Xosé Luis Marcos Luaña, e da Confederación Intersindical Galega (CIG) representada por Xoán Cons Pintos. Este último e a CIG xa foran, e seguirían a ser durante os anos vindeiros, os principais valedores sindicais das reivindicacións dos psicólogos clínicos no SERGAS acadando unha comprensión dos motivos e implicacións das reivindicacións profesionais que superaba con amplitude a de algúns colegas e dirixentes

sanitarios. Comezará entón a reivindicación de normalización da presenza da Psicoloxía Clínica no SERGAS, reclamando coherentemente un trato pola Administración idéntico ao de calquera outra especialidade facultativa do sistema, e que se traducía en aceso nas mesmas condicións á valoración e consideración na carreira profesional e recolocación estrutural da Psicoloxía Clínica no SERGAS a través da creación de Servizos de Psicoloxía Clínica. A primeira reivindicación conseguiuuse, a segunda existe como proxecto en fase de definición no ámbito profesional da Psicoloxía Clínica galega.

Esta mobilización e os seus resultados son consecuencia directa do intenso traballo que *A Mesa* realizou cos sindicatos e a Administración.

A Mesa reconstituírase en novembro de 2004 para enfrontar a situación da Psicoloxía Clínica no SERGAS e a reclamación que desde o *Colexio Oficial de Psicólogos de España* (COP-E) e da *Conferencia de Decanos de Facultades de Psicoloxía* (Conferencia) se estaba facendo, de que a psicoloxía era unha profesión sanitaria. A súa entrada nese conflito produciuse en xaneiro de 2005 cunha declaración dirixida á opinión pública baixo o título *A Psicoloxía non é unha profesión sanitaria* (17). Púxose entón á faena de desvelar as razóns corporativistas, os intereses económicos e profesionais concretos, as formas antidemocráticas, e os verdadeiros obxectivos que pretendía o movemento creado baixo o lema “psicoloxía sanitaria”. A través dun traballo sustentado até o día de hoxe, dirixiuse a Grupos Parlamentarios, Presidente do Goberno, Ministros e outros altos cargos, Conselleiros Autonómicos, representantes profesionais, representantes sindicais, Defensor do Pobo, estudantes, responsábeis colexiais, etc. nun constante traballo argumentativo e revelador das nefastas consecuencias que a satisfacción das pretensións do *COP-E* e a *Conferencia* terían, para a Psicoloxía Clínica, a formación especializada mediante o sistema Interno Residente, e a atención especializada ás necesidades sanitarias da poboación. Resaltou nas súas declaracións que só se pretendían intereses de influentes grupos de universitarios da Psicoloxía que aniñaban nas estruturas do *COP-E* e que tamén utilizaban a *Conferencia* (no marco de incerteza que na Universidade creaba a reforma do plan de estudos esixida polo Plan Boloña) para mellorar as súas posicións nun momento de cambio universitario decisivo. Alertou que por motivos así se poñía en xogo a Especialidade mesma buscando o seu control universitario, pretendendo reeditar o modelo formativo que superara a Medicina en España desde mediados dos anos '70. A súa contribución, recoñecida no conxunto do Estado Español nos espazos profesionais e políticos nos que se entende destas cuestións, foi fundamental na boa evolución dun conflito que dura xa seis anos.

No marco dese conflito, aínda non finalizado pero que parece xa controlado satisfactoriamente, non pode deixar de mencionarse a participación activa que a Psicoloxía Clínica galega tivo na creación da *Mesa polo Desenvolvemento da Psicoloxía Clínica en España* que coa súa declaración de setembro de 2004 non só definiu as liñas de

desenvolvemento necesarias para orientar a solución ao conflito antes citado (e que pouco a pouco van materializándose), senón que orientou e agrupou aos sectores profesionais e políticos que observaban alarmados a campaña de presión que o *COP-E* e a *Conferencia* estaban desenvolvendo ao promover manifestacións perante a sede do partido gobernante (PSOE) nun momento de fortísimo asedio político e intoxicación informativa (protagonizada polo PP e os seus medios de comunicación afíns) contra a política antiterrorista do Goberno. Esa plataforma foi creada pola AEN (Miguel Anxo García), AEPCP (Carmen Carrión), ANPIR (Antonio Palacios e María Fraga), COP de Galicia (Julia Amalia Rodríguez) e COP de Andalucía Occidental (Felipe Vallejo). Máis adiante enviaría representante a AGSM (Gonzalo Martínez Sande).

No último período, durante o Goberno Autonómico sustentado por PSG-PSOE e BNG, non foron infrecuentes as tensións coa Administración Autonómica por diferentes motivos: escasísimo crecemento de prazas, inadecuada organización das listas e procesos de substitucións laborais, ineficiencia xestora, incumprimento de compromisos referidos á retirada da acción de prestación asistencial por ONGs nas Institucións Sanitarias, abuso da propaganda institucional. Nada novo respecto ao anterior período político, pero inesperado nestes gobernantes. Aínda así, xusto é dicilo, resolveuse neste período (fronte ao trato raiano na grosería do goberno terminal anterior) a reclasificación de postos coa creación da categoría de facultativos especialistas en Psicoloxía Clínica, e deuse satisfacción parcial ás demandas relacionadas co trato igualitario respecto á carreira profesional. Tamén ha de destacarse a implicación de Víctor Pedreira (subdirector xeral de saúde mental e toxicomanías nese goberno) no apoio á ampliación da especialidade a unha duración de catro anos, orientando unha posición favorábel da Comunidade Autónoma de Galicia no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

No momento actual vellas e novas cuestións están incluídas na axenda da Psicoloxía Clínica galega para a acción neste período e para o futuro: elaboración de plans cuantificados de necesidades de desenvolvemento de recursos e actuación para a súa satisfacción, proxecto de modificación da posición estrutural da Psicoloxía Clínica no SERGAS (avance cara a creación de Servizos de Psicoloxía Clínica), proposta de incorporación da Psicoloxía Clínica e as súas prestacións aos Equipos de Atención Primaria, diversificación das prestacións e procesos asistenciais nos que participan os/as psicólogos/as clínicos/as, ampliación e mellora do sistema PIR, e seguimento atento da fase final do conflito “psicoloxía sanitaria” e da reforma dos estudos universitarios.

Quén somos?

Interrogarnos sobre a nosa identidade compartida, colectiva neste sentido, abócanos a buscar a resposta nos feitos da nosa xa non tan breve historia. Parece adecuado imporse a esixencia de

examinar os feitos acontecidos, xa creados e xa participados, os protagonistas, e os escritos (estudos, declaracións, comunicacións,..) para extraer deles os compoñentes desa identidade.

É así que dunha forma esquemática podemos dicir que:

- Somos un colectivo de persoas, unido por saberes, ignorancias, temores, ilusións e malestares e, ás veces, sufrimentos; organizado unitaria e democraticamente, que perdura no tempo; que segue un proceso de crecemento no que permanece un grupo orixinal ao que se foron sumando con constancia compañeiros/as das novas promocións profesionais.
- Fomos desenvolvendo valores de referencia aos que nos remitimos para fundamentar e lexitimar propostas e reivindicacións, e valorar políticas así coma comportamentos e feitos sociais:
 - No que se refire ao exercicio profesional defendemos: o carácter de servizo público da atención psicolóxica e o dereito de acesibilidade equitativa de todas as persoas ás súas prestacións e a conseguinte defensa do Sistema Nacional de Saúde como espazo preferente de desenvolvemento do exercicio da Psicoloxía Clínica, a predominancia do interese sanitario xeral sobre o interese profesional ou gremial particular (individual ou colectivo), a autoesixencia na capacitación técnica, o establecemento de referentes éticos fortes, o traballo en equipo e a cooperación con outras disciplinas e profesionais, a autonomía e responsabilización das nosas actuacións profesionais, e a necesidade dunha orientación comunitaria do noso traballo.
 - Respecto ao noso obxecto de coñecemento defendemos: a aproximación científica interdisciplinaria ao mesmo e o rexeitamento ao dogmatismo teórico-técnico.
- Facemos predominar de forma excesiva o saber práctico sobre a fundamentación teórica das intervencións incrementando o risco de extensión do empirismo persoal ou de pequeno grupo como fonte de “saber”. É unha das nosas carencias máis importantes a separación entre investigación e aplicación.
- A nosa historia entrelázase coa doutras profesións e o noso saber e práctica nútrese das contribucións doutros profesionais non psicólogos. En especial a nosa relación é máis intensa coa Psiquiatría, e foron os seus sectores reformistas e máis avanzados e progresistas nas súas concepcións e actitudes sociais quen contribuíu de forma decisiva ao desenvolvemento da Psicoloxía Clínica.
- Fixemos esforzos para salvar a distancia entre o mundo académico e o profesional e materializamos iniciativas concretas como é o caso da formación práctica pregrao ou a formación continuada dos profesionais a través de iniciativas de formación posgrao.

- O crecemento da Psicoloxía Clínica realizouse sobre un traballo sostido durante moito tempo, baseado no quefacer clínico e a investigación de moitos/as compañeiros/as, con frecuencia contra o escepticismo, ignorancia ou falta de sensibilidade de determinados xestores e gobernantes.
- A dignificación profesional foi sempre un motivo central da nosa actividade e concretouse de diversas formas. Así a reclamación de igualdade con outros facultativos, de autonomía e non inxerencia nas decisións profesionais por outros non especialistas no noso campo, a afirmación do valor do *relacional - o psíquico - o subxectivo* fronte á súa desconsideración por reducionistas de diferentes tipos, a oposición a que psicólogos non especialistas substitúan a estes no SERGAS, a esixencia de respecto e consideración ao saber aplicado por parte dos compañeiros académicos (un dos motivos subxacentes ao conflito do prácticum), etc. son algunhas desas concrecións.
- Foi frecuente a relación e cooperación das nosas organizacións específicas con outras sanitarias (profesionais, sindicais ou de usuarios-pacientes) a favor de obxectivos compartidos referidos a miúdo á defensa da mellora sanitaria.
- Temos unido desde as mesmas orixes da disciplina o avance da Psicoloxía Clínica á modernización social e ao progreso, dando continuidade á historia iniciada polos nosos fundadores. Temos sumado os nosos esforzos aos doutros en defensa da sanidade pública, contra a desigualdade e contra a inxustiza social.

Que aprendemos?

O desenvolvemento da Psicoloxía Clínica é inseparable do progreso social. Así foi até agora. Contén un enorme potencial de aportación ás solucións aos problemas de saúde que nos ameazan individual e colectivamente. Tamén leva consigo o risco de alienación dos individuos e os grupos como consecuencia das súas propostas explicativas do malestar (racionalizadoras das súas condicións de existencia). Este debería ser o primeiro saber dos nosos profesionais. E a partir diso deberían saber tamén que han de optar, que optan sempre cando interveñen.

Como profesionais exercedores, máis aló dos nosos protestos concretos, formamos parte da minoría social que accede con vantaxe ao reparto do escaso e común. E iso non nos axuda precisamente a comprender como se ve e sente o mundo desde abaixo.

A nosa contradición máis importante, para nós e para o progreso da nosa disciplina, de forma coherente coa súa historia e coa súa intención fundante de contribuír á redución da desigualdade social mediante o coñecemento e a facilitación do desenvolvemento das capacidades humanas, é a que se xera entre as inevitábeis tendencias gremialistas (corporativismo) orientadas a satisfacer o propio desde a convicción de ter dereito a iso por ser quen somos e posuír unha identidade colectiva (orixe interna da lexitimidade), e a predominancia do interese común social

(orixe externo da lexitimidade e que se representa de forma cotidiana no noso traballo na prioridade que debemos conceder á necesidade e o interese do outro, individual e colectivo, ao que dicimos servir).

A nosa principal vacina fronte á nosa maior ameaza (o corporativismo) encóntrase na relación cos outros especialistas e científicos que non son coma nós, soportando as dificultades propias de facer encaixar as diferenzas e non só as similitudes, confrontando visións e experiencias, sabendo ver nas tendencias corporativistas do outro as propias, e buscando o espazo de interese común nun nivel superior ás nosas cousas, naquilo que compartimos como sanitarios e cidadáns.

A nosa forza e determinación en trinta anos nace da convicción que proporciona posuír un motivo que non se esgota no propio interese e en nós mesmos, sexa aquel o benestar do paciente, a aprendizaxe do alumno, a obtención de coñecemento, a potenciación comunitaria ou a redución da desigualdade social. Este é a principal aprendizaxe.

Pero tamén é importante saber que o noso valor principal reside na nosa diversidade: teórica, de espazos de exercicio e experiencias de intervención, de lugares institucionais nos que existimos como profesionais (servizos de saúde, Universidade, clínicas forenses...), de práctica (actividade clínica, docente, investigadora,...). Diversidade que é tan incómoda ás veces polo que nos di do limitado do noso saber. Tan útil porque, coma no suposto anterior, fainos saír dos nosos ensimismamentos teóricos e das nosas capelas sectarias e abócanos a encontrarmos cos diferentes nos espazos de intervención, nas problemáticas, na busca de solucións... e así sálvanos do risco de empobrecemento dogmático.

E tamén aprendemos a importancia da organización e do funcionamento democrático, e xa non polo obvio do efecto sinérxico da conxugación de forzas, senón e sobre todo porque a visión colectiva xerada na confrontación de pareceres non é alcanzábel individualmente, e porque a acción colectiva constructora de relacións e construída sobre estas aporta aos seus participantes o beneficio esencial que só xeran as relacións sociais de cooperación.

Hai que resaltar a defensa da dignidade profesional como motivo. É a garantía de que xa non poderemos facer outra cousa que o que a obrigaón profesional nos impón. Valorem os a súa defensa en cada unha das súas grandes ou pequenas concrecións porque en cada ocasión en que se ameaza ponse en risco a nosa identidade.

E nunca esquezamos quen somos.

Bibliografía

- Carpintero, H. .1989. El psicólogo en España. Notas históricas sobre su desarrollo profesional. Papeles del Psicólogo. (36-37). 68-73. Madrid: Colegio Oficial de Psicólogos.
- Colegio Oficial de Psicólogos .1988. Documento base para la formación postgraduada de psicólogos especialistas en Psicología Clínica a través de un sistema P.I.R.. Papeles del Psicólogo. (43).
- Colegio Oficial de Psicólogos. 1.990. “Documento Base acerca de la Formación Postgraduada en Psicología Clínica a través de un Sist. PIR”.Papeles del Psicólogo. (43). Madrid.
- Colegio Oficial de Psicólogos (COP)/Asociación Española de Neuropsiquiatría (AEN). 1.990. “Documento Base acerca de la Formación de especialistas en Psicología Clínica a través de un Sistema PIR”. Papeles del Psicólogo. (43).Madrid.
- Colegio Oficial de Psicólogos. 1.991. “Informe de la Comisión para la valoración de los Programas de Formación PIR”. Papeles del Psicólogo.(49). Madrid.
- Colegio Oficial de Psicólogos-Galicia. 1988. Cadernos de Psicología .(4). Santiago.
- Colegio Oficial de Psicólogos de Galicia. 1989. Proposta de implantación da formación de psicólogos especialistas en saúde mental a través do sistema P.I.R. na Comunidade Autónoma Galega.
- Colegio Oficial de Psicólogos de Galicia.1995. Actas das I Xornadas da Sección de Psicología Clínica. Introducción.
- COPG.Posición del COPG ante la retirada del representante del COP de la Comisión Nacional de Psicología Clínica.
<http://www.portalsaludmental.com/pdf/Posicionamiento%20del%20COPG%20sobre%20la%20CNEP C.pdf>
- Comisión Nacional Promotora de la Especialidad de Psicología Clínica. 1996. “Programa de la Especialidad de Psicología Clínica.” En: “Guía de Formación de Especialistas”. Mº Sanidad y Consumo. Madrid: Secretaría General Técnica. Centro de Publicaciones.
- Conclusiones de la Jornada de Trabajo: “La Psicología Clínica en España como área científica y profesional: realidad actual y perspectivas”.COP. Navas del Marqués, 1 y 2 de Diciembre 1.989. Papeles del Psicólogo. (43). 1.990.
- Consellería de Sanidade. 2002. Plan Oncolóxico de Galicia 2002-2005.
- Consellería de Sanidade. 2002. Plan de Saúde de Galicia 2002-2005.
- Declaración por el desarrollo de la Psicología Clínica en España.
<http://www.aen.es/web/docs/decpicl04.pdf>
- Escudero, C. y Olabarria, B. 2000. “La Psicología Clínica en el marco de la AEN”. En: J. Lázaro “Historia de la Asociación Española de Neuropsiquiatría”. AEN.Madrid.
- Espino, A. y Olabarria, B. (coords.). 2003. “La formación de los profesionales de la Salud Mental en España.”AEN. Madrid. ISBN: 84-95287-15-3.
- García Alvarez, M.A y Olabarria, B. 1.993.”Desarrollos y necesidades de la Psicología Clínica:Aplicaciones en la Sanidad Pública española”. Apuntes de Psicología. COP Andalucía Occidental. (38-39). 37-57.Sevilla.
- García, M. A. 1993. La Psicología Clínica en el proceso de integración de la atención a la salud mental en el sistema sanitario general. Salud 2000 (40). 13-17. Madrid: FADSP.
- García, M. A. y Olabarria, B. .1993. Desarrollos y necesidades de la Psicología Clínica: aplicaciones en la sanidad pública española. Apuntes de Psicología. (38-39). 37-57. Colegio Oficial de Psicólogos-Andalucía Occidental. Sevilla.
- González de Chávez, M. 1980. (Coord.) “La transformación de la asistencia psiquiátrica en España”.AEN. Madrid.
- García González, J; Espino, A.; Lara, L. 1998. (comps.) “La psiquiatría en la España de fin de siglo”. Díaz de Santos. Madrid.

- Guillermo Vázquez Vázquez. Diputado por Pontevedra BNG. (1998). Pregunta para respuesta por escrito. Entrada 53404. Congreso de los Diputados.
- Guillermo Vázquez Vázquez. Diputado por Pontevedra BNG. (1998). Proposición no de ley. Entrada 53477. Congreso de los Diputados.
- Guillermo Vázquez Vázquez. Diputado por Pontevedra BNG. (1999). Pregunta para respuesta por escrito. Entrada 89336. Congreso de los Diputados.
- Guillermo Vázquez Vázquez. Diputado por Pontevedra BNG. (2001). Pregunta para respuesta por escrito. Entrada 40605. Congreso de los Diputados.
- La Psicología no es una profesión sanitaria.
<http://www.portalsaludmental.com/pdf/Galicia%20psicologia%20no%20sanitaria.pdf>
- LEY 14/1986, de 25 de abril, general de sanidad. Boletín Oficial del Estado num. 102, de 29 de abril de 1986. Madrid.
- Martínez Sande, G. 2004. Historias de crisis. Historias de la Psicología clínica y sus instituciones en España. Siso Saúde.(41).
- Ministerio de Sanidad y Consumo .1985. Informe de la Comisión Ministerial para la Reforma Psiquiátrica. Madrid: Servicio de Publicaciones Ministerio de Sanidad y Consumo.
- Ministerio de Sanidad y Consumo. 1996. Secretaría General Técnica. Centro de Publicaciones. "Guía de Formación de Especialistas".
- Olabarria, B. et al .1989. Documento Marco Formación Postgraduada en Psicología Clínica a través de un sistema PIR. Colegio Oficial de Psicólogos. Madrid.
- Olabarria, B., Escudero, C. y García, M.A. 1993."La evaluación de los Programas PIR: Un paso estratégico para el reconocimiento de la Psicología Clínica como especialidad sanitaria". En: "Evaluación de Servicios de Salud Mental". Coord. V. Aparicio. AEN. Madrid.
- Olabarria, B. 1995, "José Germain y los avatares de la primera institucionalización de la Psicología en España". Clínica y Salud.(4). Madrid.
- Olabarria, B. et al. 1997. La Psicología Clínica en los servicios públicos. Asociación Española de Neuropsiquiatría. Madrid.
- Olabarria, B. 1998. "La formación especializada en Psicología Clínica: El PIR". En: J. García; A.Espino; L.Lara. "La Psiquiatría en la España de fin de siglo." Díaz de Santos. Madrid.
- Olabarria, B. 2003. "La Psicología Clínica como especialidad sanitaria de la Psicología. Antecedentes, proceso de institucionalización, formación especializada y formación continuada. Valoración, reflexiones y propuestas." En: "La formación de los profesionales de la Salud Mental en España." (131-217).AEN. Madrid. ISBN: 84-95287-15-3.
- Orde do 12 de novembro de 1986, pola que se crea a Comisión Asesora en materia de Saúde Mental. Diario Oficial de Galicia 231, de 26 de novembro de 1986.
- Orde do 30 de maio de 1990, de creación do programa de formación postgraduada de psicólogos para a atención á saúde mental. Diario Oficial de Galicia, 143. 23 de xullo de 1990.
- Orden de 2 de octubre de 1996 por la que se modifica la de 12 de noviembre de 1986, que crea la comisión asesora en materia de salud mental. Diario Oficial de Galicia, 199. 10 de octubre de 1996.
- ORDEN PRE/1107/2002, de 10 de mayo de 2002 por la que se regulan las vías transitorias de acceso al título de Psicólogo Especialista en Psicología Clínica en desarrollo de lo dispuesto en el Real Decreto 2490/1998, de 20 de noviembre. BOE 119, de 18 mayo de 2002.
- Primeira Semán de Psicoloxía de Galicia: A Loucura. 1979. Santiago de Compostela. Archivo personal.
- Real Decreto 127/1984, de 11 de enero y actuaciones complementarias por el que se regula la formación especializada y la obtención del título de Médico Especialista. BOE, 26 de 31 enero.
- Real Decreto 2490/1998, de 20 de noviembre por el que se crea y regula el título oficial de Psicólogo Especialista en Psicología Clínica. BOE 288 de 2 de diciembre.

Segunda Semán de Psicoloxía de Galicia: A Sexualidade .1980. Santiago de Compostela. Archivo personal.

Servicio Galego de Saúde. 1990. Comisión asesora de Saúde Mental.Bases para a elaboración do plan galego de saúde mental.

Servicio Galego de Saúde. 1998. Comisión asesora de Saúde Mental. Propostas de desenvolvemento da atención á saúde mental en Galicia.

Tribunal Supremo. 7 de outubro de 2002. Sala de lo Contencioso-administrativo, Sección Cuarta. Sentencia sobre el Recurso contencioso administrativo 48/1999, interpuesto por la Sociedad Española de Psiquiatría, la Sociedad Española de Psiquiatría Legal y la Sociedad Española de Psiquiatría Biológica contra el Real Decreto 2490/98.

Tribunal Supremo. 10 de outubro de 2002. Sala de lo Contencioso-administrativo, Sección Cuarta. Sentencia sobre el Recurso contencioso administrativo 49/1999, interpuesto por el Consejo General de Colegios Oficiales de Médicos contra el Real Decreto 2490/98.

Tribunal Supremo. 10 de outubro de 2002. Sala de lo Contencioso-administrativo, Sección Cuarta. Sentencia sobre el Recurso contencioso administrativo 154/1999, interpuesto por la Asociación Gallega de Psicólogos Clínicos Privados contra el Real Decreto 2490/98.

Tribunal Supremo. 7 de outubro de 2002. Sala de lo Contencioso-administrativo, Sección Cuarta. Sentencia sobre el Recurso contencioso administrativo 43/1999, interpuesto por la Asociación Gallega de Psicólogos Clínicos y Psicoterapeutas de la práctica privada contra el Real Decreto 2490/98.

Xeira Revista dos estudantes de Psicoloxía, I .1978. Santiago de Compostela. Dep. Legal.: C-335/78.

Notas


- 1- O Consello de Redacción menciónase baixo un xenérico “Estudantes de Psicoloxía”. A idea e dirección foron obra de Xavier Álvarez Lires.
- 2- O programa consistiu nun conxunto de conferencias, venta de libros, e proxeccións de filmes (cinema forum). Os conferenciantes foron Enrique González Duro, Angel Gómez Calle, Emilio González, Pepe García, Antón Seoane, Antonio Rodríguez, Elena Ibañez, Genoveva Rojo e Juan Baez. Os temas das conferencias: cara unha psiquiatría popular, o psicólogo e a loucura, a loucura en Galicia, muller e loucura, a institución manicomial. Os filmes: *Asylum* e *Locos de desatar*. Entre os organizadores/as: Gonzalo Martínez Sande, Marlis González Torres, Xavier Álvarez Lires, Miguel Anxo García, Carlos González Blanco, M^a Josefa López Llenderroz, Jorge Sobral, Xosé Gómez,... En notas sobre un balance “provisional” sinálase en relación aos obxectivos. “Cumpridos en certa medida: sacar o problema á rúa, cuestionar o que parece incuestionábel”. O futuro xa estaba aberto... e prometía.
- 3- Representando a Comisión de Estudantes de Psicoloxía que a organizaba figuraban Manuel Fernández Blanco e Miguel Alcaraz García. No seu programa de conferenciantes: Igansi Pons, Genoveva Rojo, Nuria Pérez de Lara, Empar Pineda, Armand de Fluviá, Vicent Marqués, Lluís Mayoral, Josefina Sanz.
- 4- Francisco Estévez González é, na actualidade, Xefe de Estudos da Unidade Docente de Saúde Mental do Servizo de Saúde do Principado de Asturias. En decembro de 1989 foi un dos participantes na Xornada de traballo que sobre a Psicoloxía Clínica en España organizara no Castelo de Magalia (Ávila) o Colexio Oficial de Psicólogos de España (COP-E), e que foi promovida e coordinada por Begoña Olabarriá que era naquel entón Secretaria da súa Xunta de Goberno, nunha fecunda época (que en nada se parece á actual) de actividade do Colexio de Psicólogos Estatal. Aquela reunión foi decisiva para integrar sectores universitarios e profesionais no proxecto PIR e con iso reducir resistencias ao mesmo. Tamén foi integrante do Comité de Expertos que elaborou o “Documento base para a formación posgraduada de psicólogos especialistas en Psicoloxía Clínica a través dun sistema P.I.R.”
- 5- O Rebullón será o primeiro lugar de España que desenvolverá (1978) nun marco institucional sanitario un programa de formación posgradual en Psicoloxía Clínica mediante unha bolsa de dous anos de duración. Alejandro Torres, vogal da Xunta de Goberno Estatal do COP nos anos '80, coordinou xunto con Begoña Olabarriá o Comité de Expertos que elaborou o “Documento base para a formación posgraduada de psicólogos especialistas en Psicoloxía Clínica a través dun sistema P.I.R.”. Tamén foi un dos autores do documento conxunto asinado en setembro de 1989 polo COP-E e as Comunidades Autónomas de Andalucía, Asturias, Castela e León, Galicia, Madrid e Navarra, co título “Documento Marco para a formación posgraduada de psicólogos especialistas en Psicoloxía Clínica a través dun sistema P.I.R.”. Ese documento que contén, case tal como hoxe o coñecemos, o deseño do proxecto PIR, foi dunha importancia política decisiva no proceso de lexitimación da proposta perante o Ministerio de Sanidade. Entre outros asinantes: Begoña Olabarriá, Ignasi Pons (Andalucía), Javier Pérez Montoto (Navarra), Fernando Márquez Gallego (Galicia), Víctor Aparicio Basauri (Asturias). A historia documental da fase de preparación do proxecto PIR para a súa lexitimación e presentación posterior ao Ministerio de Sanidade encóntrase recollida no número 43 de Papeis do Psicólogo de febreiro de 1990.
- 6- Representando o Colexio nelas estaban Chus Díaz Anca, María Pereira Calviño e quen isto escribe. Entre as diversas cuestións que motivaron o desencanto figura explicitamente unha que se estenderá até o conflito en que aínda se encontra a Psicoloxía Española, e que se condensa na frase manifestada por un dos profesores opostos á creación do PIR autonómico “(o) título de especialista en Psicoloxía Clínica (está) reservado á Universidade”.
O COPG valoraba o acontecido así na presentación do documento: “Foi sorpresiva para este Colexio a reacción manifestada por aqueles profesores a quen considerábase máis interesados na mellor formación clínica dos psicólogos en Galicia. A súa actitude inicial, estreita de miras e de intereses, puxo o proxecto en serio risco de fracaso e só o talante negociador e a racionalidade da maior parte do profesorado da Sección xunto co bo facer do Presidente da Xunta de Sección José Manuel Sabucedo Cameselle permitiron salvar a situación. Así teñen que realizarse novas

negociacións do Colexio coa Sección nas que se acorda un novo documento que é o que se vos adxunta, e que na actualidade conta co visto bo do Colexio Oficial de Psicólogos-Galicia, Xunta de Sección de Psicoloxía da Universidade de Santiago, Dirección Xeral de Saúde Pública e Dirección Xeral de Universidades da Consellaría de Educación.” (COPG, 1989).

- 7- Estes Máster, como máis tarde ocorrerá co de Neuropsicoloxía Clínica na súa edición de 2002, realizáronse con diversos graos de cooperación da Administración Autonómica (e en particular o departamento sanitario da mesma). Supuxeron, nos tres casos, contribucións moi significativas á capacitación dos profesionais e facilitaron o desenvolvemento de novas técnicas, aplicacións e enfoques na actividade dos profesionais da Psicoloxía Clínica na Sanidade Galega.
- 8- José María Hernández Cochón foi un Conselleiro que se mostrou dialogador e interesado nas cuestións profesionais da Psicoloxía Clínica. Apoioi no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde a creación da especialidade e creou posibilidades políticas ao proceso de reforma psiquiátrica en Galicia.
Romay Beccaría levaría consigo a Alberto Núñez Feijoo, secretario xeral do SERGAS por aquel entón (foi desde a súa Dirección Xeral de Recursos Humanos, cuxo titular era Carlos Negreira, desde onde partira a convocatoria protestada).
- 9- Formaron a súa Comisión Xestora Jorge García Fernández, Javier Sardiña Agra, María Jesús Vázquez Carreira, Jesús Pérez Hornero e Rafael Portugal Fernández. O seu primeiro presidente electo foi Víctor Torrado Oubiña. AGAPIR veu sendo, vista en perspectiva, o viveiro organizativo da Psicoloxía Clínica galega.
- 10- O seu primeiro presidente foi Cándido Amorín Fiuza. Na actualidade está presidida por Santiago Lago Canzobre.
- 11- Presidida nun primeiro período por Gonzalo Martínez Sande (que na actualidade preside a Asociación Galega de Saúde Mental), e na actualidade por Mercedes Castro Bal.
- 12- O PIR é o instrumento principal para a creación da especialidade en España. A súa existencia non só garantiu unha formación acorde coas esixencias da práctica profesional especializada, senón que foi a compoñente estratéxica fundamental que permitiu acadar a institucionalización da Psicoloxía Clínica. Non pode deixar de mencionarse o traballo realizado ao longo de todo un proceso tan complexo e estendido no tempo, que articulou as necesidades da Psicoloxía coas propias do Sistema Nacional de Saúde, por Begoña Olabarria: secretaria da Asociación Española de Neuropsiquiatría (AEN) de 1983 a 1986, cando era presidente da mesma Pepe García, Secretaria do Colexio Oficial de Psicólogos de España (COP-E) de 1987 a 1993, redactora do “Documento Base para a formación posgraduada en Psicoloxía Clínica a través dun sistema P.I.R.” en 1988 (que con pequenas diferenzas formais foi adoptado polo COP-E, foi manifestado como un acordo por COP-AEN, e foi subscrito como compromiso polas Comunidades Autónomas de Andalucía, Asturias, Galicia, Castela e León, Madrid e Navarra), coordinadora da Xornada de Traballo de profesionais e académicos/as do Castelo de Magalia en decembro de 1989, coordinadora do proceso de avaliación dos Programas PIR autonómicos (que estratéxicamente constituíu o instrumento de validación do PIR para a súa proposta de asunción ao Ministerio de Sanidade), coordinadora do Grupo de Expertos nomeado polo Ministerio de Sanidade para definir o Programa da Especialidade (1992) e posteriormente Presidenta da Comisión Promotora da Especialidade no marco institucional do Ministerio de Sanidade (1995) e da Primeira Comisión Nacional de Psicoloxía Clínica (1999-2006).
Nese período de máis de vinte anos de traxectoria persoal, e máis aló da constatación nos feitos citados do fundamental papel que desempeñou esta compañeira como motor principal do proceso, reflíctese a evolución do PIR desde unha posibilidade até a súa realidade actual: a vivencia dunha necesidade formativa polos profesionais, a visión dun futuro de progreso na Psicoloxía Clínica se esta se dotaba dun sistema “normal” de especialización, a elaboración dunha estratexia para conseguir ese obxectivo, o decisivo papel da Asociación Española de Neuropsiquiatría (AEN) na creación (non só serán integrantes de AEN quen o deseñen, senón que serán membros de AEN-psiquiatras quen fará de interlocutor e valedor do proxecto perante as Comunidades Autónomas primeiro, e o Ministerio de Sanidade despois), a dirección da organización colexial para que defina o PIR como proposta profesional alén de sanitaria, a

implicación de sectores universitarios reformadores e progresistas, a construción dunha rede argumental e institucional de lexitimación do proxecto cada vez máis sólida e tupida.

- 13- É imaxinábel o malestar do Ministro, galego, ao ser interpelado no Congreso por actuacións do seu Departamento, por un deputado galego “demonizado” nesa época na súa terra polo PP, e por un asunto de interese estatal pero promovido tamén por organizacións profesionais do ámbito de Galicia.
- 14- Serán estas iniciativas citadas as únicas que se presentarán no Congreso dos Deputados para axilizar a creación e materialización da especialidade.
- 15- A primeira, unha manifestación e “pegada” de carteis, producírase en 1979 para esixir a creación de postos de traballo e a mellora dos estudos universitarios de Psicoloxía.
- 16- A composición persoal da Mesa foi variando debido aos cambios de representantes das organizacións e na propia presenza destas. Pódense diferenciar dúas etapas: unha primeira dos anos 1997 e 2001, e outra desde 2004 até agora.
Foron os seus integrantes:
 - Gloria Seoane Pesqueira (1ª etapa, Facultade de Psicoloxía).
 - Fernando Cadaveira Mahía (1ª etapa, Facultade de Psicoloxía).
 - Manuel Castro Bouzas (1ª etapa, AGAPIR).
 - Gonzalo Martínez Sande (1ª e 2ª etapa, AGSM). Integrante da actual.
 - Cándido Amorín Fiuza (1ª e 2ª etapa, APC do SERGAS).
 - Miguel Anxo García Álvarez (1ª etapa-COPG e 2ª etapa-Portavoz). Integrante da actual.
 - Delia Guitián Rodríguez (2ª etapa, AGAPIR). Actualmente COPG-observadora.
 - Irene Martínez Montero (2ª etapa, AGAPIR).
 - Jorge García Fernández (2ª etapa, AGSM). Integrante da actual.
 - Jesús Robles Prieto (2ª etapa, APC do SERGAS). Integrante da actual.
 - José Berdullas Barrreiro (2ª etapa, AGAPIR).
 - Santiago Lago Canzobre (2ª etapa, APC do SERGAS). Integrante da actual.
 - José Eduardo Rodríguez Otero (2ª etapa, AGAPIR).
 - Melania Beceiro Rico (2ª etapa, AGAPIR). Integrante da actual.
 - Isabel Figueroa Matallín (2ª etapa, AGAPIR). Integrante da actual.
 - Mercedes Castro Bal (2ª etapa, COPG-observadora).
- 17- As declaracións da Mesa nestes cinco anos de actividade encóntranse recollidas en <http://www.portalsaludmental.com/> e <http://www.aen.es/aAW/web/cas/index.jsp>
Nunca o COP-E deu publicidade a outras posturas nestes anos que non foran as de quen controla o seu aparato. Ha de se sinalar que neste período de conflito na Psicoloxía Española (2004-2009), o COPG foi dirixido con especial atención para coidar a unidade e o funcionamento democrático, polas súas decanas María Teresa Hermida Pérez primeiro, e despois Rosa Álvarez Prada. Fixou posicións perante o conflito precozmente a través dunha declaración propia e participando na *Mesa por el Desarrollo de la Psicología Clínica en España*. Sostivo así e deu continuidade á súa traxectoria histórica de compromiso co progreso.



PSICOTERAPIAS: ANÁLISES DE PROCESOS E RESULTADOS

UN PASEO POLO TRABALLO EN REHABILITACIÓN EN GALICIA: REFLEXIÓNS E PROPOSTAS

REHABILITACIÓN EN HOSPITAIS DE DÍA: PASADO, PRESENTE E FUTURO

AVALIACIÓN DUN PROGRAMA DE PSICOEDUCACIÓN EN PACIENTES PSICÓTICOS

REHABILITACION PSICOSOCIAL PARA PERSOAS CON TRANSTORNO MENTAL SEVERO. O CENTRO DE REHABILITACION PSICOSOCIAL

A REDUCIÓN DO DANO EN PERSOAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL

O PROCESO DE REHABILITACIÓN NEUROPSICOLÓXICA EN PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

ALGÚNS TÓPICOS PSICOTERAPÉUTICOS NA ATENCIÓN A PROBLEMAS DE RELACIÓN FAMILIAR QUE IMPLICA AOS XÓVENS

INTERVENCIÓN AFECTIVO-SEXUAL CON ADOLESCENTES

INTERVENCIÓN FAMILIAR CON ADOLESCENTES EN SITUACIÓNS MULTIPROBLEMÁTICAS

AVALIACIÓN E INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA CON MENORES INFRACTORES

EXPERIENCIA NA ABORDAXE GRUPAL DO TRANSTORNO DE PERSONALIDADE LÍMITE BASEADO NA TERAPIA DIALÉCTICO-CONDUTUAL


TRATAMENTOS PSICOLÓXICOS BASEADOS NA EVIDENCIA EN TRANSTORNOS ADITIVOS

REHABILITACION COGNITIVA NUNHA UNIDADE DE DIA PARA DROGODEPENDENTES


TRATAMENTOS PSICOLÓXICOS EN PROBLEMAS RELACIONADOS CO CONSUMO DE ALCOL

EFICACIA DIFERENCIAL DO ADESTRAMENTO EN RELAXAMENTO EN PACIENTES DE COLITE ULCEROSA E DOENZA DE CROHN

TRATAMENTO COGNITIVO-CONDUCTUAL EN FORMATO GRUPAL DO TRASTORNO OBSESIVO-COMPULSIVO



PSICOTERAPIAS: ANÁLISE DE PROCESOS E RESULTADOS



Marisol Filgueira Bouza

Psicóloga Clínica, Psicoterapeuta, Psicodramatista, Terapeuta Familiar. UHP Hospital Marítimo de Oza. Servicio de Salud Mental. Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña. Coordinadora General.

José Eduardo Rodríguez Otero

PIR Servicio de Salud Mental CHU A Coruña. Psicólogo Clínico Unidad de Rehabilitación del Institut Pere Mata de Reus (Tarragona). Coordinador Metodología.

Jorge García Fernández

Psicólogo Clínico USM Cambre y UPIE Hospital Marítimo de Oza. Servicio de Salud Mental CHU A Coruña. Coordinador Terapia Cognitivo-Conductual.

Fe Lacruz Pardo

Psicóloga Clínica, Psicoanalista. UPIE Hospital Xeral-Cíes. CHUVI Vigo. Coordinadora Psicoanálisis.

Juan Luis Pintos de Cea-Naharro

Profesor Titular de Sociología. Facultad de Ciencias Políticas y Sociales. Universidad de Santiago de Compostela. Coordinador Estudio Campos Semánticos.

Rosa Rey Pousada

Psicóloga Clínica, Psicoterapeuta, Psicodramatista. HDP Hospital Marítimo de Oza. Servicio de Salud Mental CHU A Coruña. Coordinadora Psicodrama.

José Luis Rodríguez-Arias Palomo

Psicólogo Clínico, Psicoterapeuta, Terapeuta Familiar. USM Hospital Virxe da Xunqueira. Cee (A Coruña). Coordinador Terapia Sistémica.

Juan Rodríguez Marticorena

Psicólogo Social, Asesor y Programador Informático. Asesoría Informática Galega (AIGA). A Coruña. Programación Informática

RESUMO

O desenvolvemento da actividade profesional dos Psicólogos Clínicos fai necesaria a identificación dos marcos teóricos nos que se insertan as súas prácticas habituais, así como o control e avaliación de resultados conforme a criterios vixentes de calidade asistencial. Interésanos averiguar que une e que diferencia as diferentes focaxes de tratamento, cales son os obxectivos das intervencións e se ditos obxectivos se cumpren. Un estudo preliminar de Campos Semánticos con psicoterapeutas de catro ramas (Psicanálise, Psicodrama, Terapia Cognitivo-Conductual e Terapia Sistémica), debatendo sobre tópicos do exercicio profesional, pretende lanzar dimensións onde clasificar os profesionais, o seu traballo e os seus tratamentos, e permitir a identificación de variábeis a controlar e a selección dos instrumentos para o seu control nas comparacións pre- post- tratamento sobre a sintomatoloxía dos pacientes. Proponémonos a descrición dos procesos psicoterapéuticos, sen alterar as condicións naturais na súa administración, e controlar se os resultados gardan relación cos procesos descritos. Iso require unha metodoloxía complexa, adaptada aos obxectivos e rigorosa.

Palabras-chave: *Psicanálise, Psicodrama, Terapia Cognitivo-Conductual, Terapia Sistémica, procesos, resultados.*

ABSTRACT

The development of the professional activity in Clinical Psychology demands the identification of the theoretical approaches where the daily practices are included, as well as the control and assessment of the outcomes according to current standards of assistance quality. We want to establish confluences and differences among several treatment approaches, the goals of the interventions and whether such goals are fulfilled. A preliminary study on Semantic Fields with psychotherapists assigned to four approaches (Psychoanalysis, Psychodrama, Cognitive-Behavioural Therapy and Systemic Therapy), discussing on topics in the professional practice, is intended to produce dimensions to classify the professionals, their work and their treatments, and to allow for the identification of variables of control and the selection of instruments valid for such control in the pre- post-treatment comparisons on the patients' symptomatology. We intend to describe the psychotherapeutical processes, with no alteration of the natural conditions in their implementation, and to find whether the results are related to the described processes. This requires a complex rigorous methodology, adapted to the goals.

Key-words: *Psychoanalysis, Psychodrama, Cognitive-Behavioural Therapy, Systemic Therapy, processes, outcomes.*

INDICE DO ARTIGO “Psicoterapias: Análises de Procesos e Resultados”

I. Investigación en Psicoterapias.- Presentación e Introducción Xeral

- 1.1 Ciencia e Psicoterapia (Marisol Filgueira Bouza)
- 1.2 Situación actual da Psicoloxía Clínica e a Psicoterapia en Galicia (José Luis Rodríguez-Arias Palomo e Marisol Filgueira Bouza)
- 1.3 Definición do problema, antecedentes e estado actual do tema (José Luis Rodríguez-Arias Palomo e Marisol Filgueira Bouza)
- 1.4 Bibliografía máis relevante comentada (José Eduardo Rodríguez Otero, Marisol Filgueira Bouza, José Luis Rodríguez-Arias Palomo, Fe Lacruz Pardo, Rosa Rey Pousada e Jorge García Fernández)
- 1.5 Obxectivos e interese do estudo (José Luis Rodríguez-Arias Palomo e Marisol Filgueira Bouza)

II. Presentación dos modelos

- 2.1 Psicanálise (Fe Lacruz Pardo)
- 2.2 Psicodrama (Rosa Rey Pousada)
- 2.3 Terapia Cognitivo-Conductual (Jorge García Fernández)
- 2.4 Terapia Sistémica (José Luis Rodríguez-Arias Palomo)

III. Constructos sobre a profesión.- Estudo de Campos Semánticos: Análise preliminar dos grupos de discusión de psicólogos (Juan Rodríguez Marticorena e Juan Luis Pintos de Cea-Naharro)

- 3.1 Introducción
- 3.2 Metodoloxía
- 3.3 Resultados
- 3.4 Conclusións

IV. Estilos de intervención. Comparacións co Inquérito de Avaliación do Estilo Persoal do Terapeuta (EPT-C) de Héctor Fernández Álvarez e Fernando García, 1998 (José Eduardo Rodríguez Otero)

- 4.1 Introducción
- 4.2 Método
- 4.3 Resultados
- 4.4 Discusión
- 4.5 Conclusións

V. Estudo Descritivo de Resultados en Psicoterapia (José Eduardo Rodríguez Otero, José Luis Rodríguez-Arias Palomo e Marisol Filgueira Bouza)

- 5.1 Suxeitos
- 5.2 Definición de variábeis
- 5.3 Instrumentos de medida
- 5.4 Hipóteses
- 5.5 Deseño experimental
- 5.6 Procedemento
- 5.7 Resultados

VI. Valoración de resultados en cada grupo

- 6.1 Psicanálise (Fe Lacruz Pardo)
- 6.2 Psicodrama (Rosa Rey Pousada)
- 6.3 Terapia Cognitivo-Conductual (Jorge García Fernández)
- 6.4 Terapia Sistémica (José Luis Rodríguez-Arias Palomo)

VII. Conclusións Xerais (Marisol Filgueira Bouza)

VIII. Bibliografía

IX. Anexos

X. Colaboracións e agradecementos

I. Investigación en Psicoterapias.- Presentación e Introducción Xeral

1.1 Ciencia e Psicoterapia (Marisol Filgueira Bouza)

En traballos anteriores (Filgueira Bouza, 1991, 1993), revisaba algunha chave do debate que nos serve para introducir este estudo. Partindo da idea de que o home é o que os “cibernetistas” chamarían unha *“máquina non trivial”*, con saídas practicamente impredecíbeis (a diferenza das *“máquinas triviais”* onde a unha determinada entrada de información lle corresponde unha saída concreta), contemplábanse as dificultades implícitas na aplicación dos métodos científicos a obxectos non triviais, se se pretende superar o reduccionismo da Psicoloxía Condutista clásica, que estudaba o home coma se fose unha máquina trivial, poñendo o foco de atención en estímulos e respostas, e eludindo variábeis máis complexas.

Seguindo a Chandlers (1984), abordábase o **concepto de CIENCIA** e as súas dinámicas. Este autor cuestiona a valoración que se lle concede á ciencia na era moderna, afirmando que *“Non hai ningún método que permita probar que as teorías científicas son verdadeiras nin sequer probabelmente verdadeiras”*, e que *“non hai tampouco ningún método que permita refutar dun xeito concluínte as teorías científicas”*. Acepta a crítica de Feyerabend, no sentido de que *“a ciencia non posúe trazos especiais que a fagan intrinsecamente superior a outras ramas do coñecemento”*. Para fundamentalo, realiza unha revisión histórica da evolución da filosofía da ciencia. Tal historia resúmese no seguinte cadro:

OS TRES MOMENTOS HISTÓRICOS NO MOVEMENTO CIENTÍFICO
1. EMPIRISMO - Autores: Bacon, Galileo, Newton... - Métodos: Observación e Experimentación = observación obxectiva da experiencia como fonte do coñecemento. - Vertentes: a) Inductivismo (indución a partir da observación). Formulación de enunciados hipotéticos a partir dos feitos percibidos sensorialmente mediante a observación coidadosa e libre de prexuízos → Compilación dun número suficiente de casos que cumpran a afirmación → Xeneralización dos enunciados observacionais a leis universais. b) Positivismo lóxico (dedución ou lóxica deductiva). Dedución de conclusións válidas a partir das premisas inducidas da observación, comprobadas como verdadeiras, a través de argumentacións lóxicas. - Obxectivo: estimar a probabilidade de que unha afirmación sexa certa nun momento determinado (non se pode demostrar que será certa sempre). - Posturas: a) Racionalismo = existencia dun só criterio, universal e atemporal, para xulgar os méritos das teorías rivais e guiar as decisións dos científicos, considerando verdadeiras, aproximadamente verdadeiras ou probabelmente verdadeiras as teorías que o cumpren, e rexeitando as que non o satisfán. b) Individualismo = coñecemento como conxunto de crenzas (dentro do cerebro) dos individuos que se demostraron verdadeiras ou probabelmente verdadeiras en base á evidencia apropiada.

2. FALSACIONISMO

- **Autores:** Popper, Lakatos, Marx...

- **Método:** Falsación de hipóteses = para formar parte da ciencia, unha hipótese ha de ser falsábel. É dicir, debe existir un enunciado observacional lóxicamente posíbel e incompatible con ela que, en caso de ser establecido como verdadeiro, falsaría.

- **Postulados:**

a) a linguaxe en que se formulan os enunciados observacionais pertence a unha teoría que condiciona a observación impedindo que esta sexa imparcial (os observadores interpretan o que ven desde a súa experiencia).

b) as teorías son especulacións provisionais creadas para solucionar os problemas con que tropezaaron as teorías anteriores.

c) non se pode demostrar que unha teoría sexa verdadeira, como moito que é a mellor dispoñíbel; si se pode demostrar, no entanto, a súa falsidade apelando aos resultados da observación e a experimentación.

d) algunhas teorías pasan por científicas só porque non son falsábeis.

- **Posturas:**

a) **Obxectivismo** = prioriza as características dos coñecementos con que se enfrontan os individuos sobre os seus estados subxectivos, tratando o coñecemento como algo externo aos individuos, o que fai que as teorías poidan ter consecuencias non desexadas polos seus suxeitos orixinais.

b) **Realismo** = aspira a describir como é verdadeiramente o mundo; as teorías que o describen correctamente son certas (verdades obxectivas) e as demais falsas.

3. RELATIVISMO

- **Autores:** Kuhn, Hessen, Feyerabend...

- **Postulados:**

a) non existe un criterio ahistórico de racionalidade universal polo que unha teoría poida ser xulgada mellor (ou máis verdadeira) que outra.

b) a valoración das teorías varía segundo os individuos e as comunidades.

c) a procura do coñecemento depende do que en cada momento se considera valioso.

d) a ciencia non se considera intrinsecamente superior a outras formas de coñecemento nin hai un método científico universal ao que se deberían axustar todas as formas do coñecemento (única relixión verdadeira). Non se poden fixar os criterios que unha área do coñecemento debe satisfacer para ser considerada <científica> nin existe unha categoría de <ciencia> con respecto á cal unha área do coñecemento poida ser aclamada como ciencia ou denigrada como non ciencia. O progreso non consiste en axustarse a criterios prefabricados de científicidade: o acaso ("*Serendipity*" Roberts, 1992) é o principal responsábel dos descubrimentos anovadores que fan avanzar o coñecemento.

e) para comprender a consideración que recibe a ciencia na sociedade actual, hai que analizar non só a natureza da ciencia senón tamén a sociedade.

f) os métodos científicos deben proporcionar criterios que axuden a avaliar a situación histórica na que os científicos toman as súas decisións.

g) énfase nas revolucións para o progreso científico, segundo o esquema:

preciencia (actividade inestruturada) → ciencia normal (paradigma consensuado por unha comunidade científica) → crises (falsacións) → revolución (abandono do antigo paradigma) → nova ciencia normal (novo paradigma) → nova crise (revolucións por cambios descontinuos).

- **Posturas:**

a) **Subxectivismo** = a observación depende da teoría; a ciencia está condicionada pola subxectividade dos científicos.

b) **Instrumentalismo** = as teorías non describen a realidade, son instrumentos para relacionar uns estados con outros e valóranse pola súa utilidade; non se pode falar dos feitos independentemente das nosas teorías.

Estes son os puntos fundamentais da **crítica de Chandlers á ciencia**:

O método científico confía na observación obxectiva da experiencia como fonte do coñecemento (**empirismo**), pero,

- o número de observacións necesarias para garantir unha indución hipotética é infinito: na medida en que só controlamos, en cada momento, un número finito delas sempre pode aparecer unha nova observación que a contradiga (crítica ao **inductivismo**).

- o observador nunca é imparcial: a teoría condiciona a realidade observada. Non se pode garantir a obxectividade das conclusións extraídas co **método hipotético-deductivo** (crítica ao **positivismo**).

- non se pode dicir que unha hipótese ou unha teoría sexa verdadeira, senón só eventualmente verdadeira, ou mellor, que cos datos dispoñíbeis aínda non se demostrou falsa: o método científico non confirma teorías, só pode refutalas (**falsacionismo**).

- nada garante que o método científico sexa superior a outros: <todo vale> para facer avanzar o coñecemento (**anarquismo**).

Completábase esta revisión cos plantexamentos de Morin (1992) sobre o que é unha **teoría científica**. Este autor analiza o **sistema de ideas** (conxunto de axiomas, postulados, principios de organización subxacente con valor de verdade e predicións...), ao que atribúe un dispositivo inmunolóxico de protección (principios defensivos do sistema no seu entorno), afirmando que todo sistema de ideas é, á vez, aberto, xa que se nutre da información do exterior, e pechado, porque se protexe contra as degradacións das súas confirmacións procedentes do mundo exterior. Pero pódese diferenciar entre os sistemas con predominancia de abertura sobre peche ("**TEORÍAS**") e os sistemas con predominancia de peche ("**DOURINAS**"). Todo sistema de ideas, porén, incluídas as teorías científicas "abertas", comporta un grao de cegueira: o seu núcleo duro está formado por postulados indemostrábeis e principios ocultos (**PARADIGMAS**), non susceptibles de control empírico, cos criterios que lexitiman a súa verdade, determinan o rexeitamento ou ignorancia das refutacións externas ou a perturbación empírica, e producen novas teorías adaptadas aos descubrimentos que o desaxustan pero coas mesmas cegueiras.

CARACTERÍSTICAS DO SISTEMA DE IDEAS
Autocéntrico: sitúase a si mesmo no centro do universo. Autodoxo: condúcese en función dos seus principios e regras. Ortodoxo: é monopolista e quere ocupar el só o terreo da verdade. Autoritario: presume a soberanía das Leis da Natureza en cuxo secreto penetrou. Agresivo contra calquera rival que veña contestalo no seu terreo. Autoconservador: resiste todo aquilo que poida ameazar a súa existencia ou tan só alterar a súa homeostase, non só a contestación e a innovación senón tamén a información.

SISTEMAS DE IDEAS	
DOCTRINAS	TEORIAS
Autorreferencia	Auto-exo-referencia
Peche doutrinario (débil ecodependencia)	Abertura ao exterior (forte ecodependencia)
Núcleo duro insensíbel á experiencia	Núcleo duro resistente á experiencia
Primacía da coherencia interna (racionalización)	Primacía do acordo lógico/empírico(racionalidade)
Rixidez das unións entre conceptos	Necesidade lóxica das relacións entre conceptos
Autorrexeneración a partir dos fundamentos propios	Auto-exo-regeneración
Inmunoloxía moi forte (só acepta o que confirma)	Inmunoloxía (só rexeita o que non é pertinente)
Rexeitamento de calquera crítica	Aceptación das críticas con condicións
Anatema	Vigor polémico
Dogmatismo	Flexibilidade
Idealismo	Empirismo
Ortodoxia (verdade absoluta e única)	Autodoxia (condúcese en función dos seus principios)
Autotranscendencia, autosacralización, autodeificación	Autocentrismo

TEORÍA

1. Recoñece que os seus axiomas son indemostrábeis.
2. Admite o xogo competitivo e a crítica exterior segundo regras aceptadas pola comunidade.
3. Flexibilidade interna: capacidade de adaptación e modificación na articulación entre os seus subsistemas, e posibilidade de abandonar e substituír subsistemas.
4. Capacidade para modificar as súas variábeis (definidas nos termos do seu sistema), non os seus parámetros (os termos que definen o sistema).
5. Racionalidade: os seus caracteres <pechados> son contrabalanceados pola procura de acordo entre a súa coherencia interna e os datos empíricos dos que dá conta.
6. Ecodependencia: depende do mundo empírico ao que se aplica, vive dos seus intercambios co mundo e, para vivir, metaboliza o real.
7. Autoorganización aberta: resistencia ao dogmatismo e á racionalización pola conexión coas regras pluralistas do medio que a nutre (a comunidade científica).
8. Aceptación da crítica e os veredictos de promoción ou eliminación da esfera científica.
9. Biodegradabilidade: aceptación da idea da súa propia morte.

DOCTRINA

1. Rexeita a contestación e toda verificación empírico/lóxica imposta por unha instancia exterior.
2. Intrinsecamente irrefutábel.
3. Nútrese de verificacións e confirmacións do mundo exterior, seleccionando os elementos asimilábeis.
4. Ten os seus axiomas e postulados por principios evidentes, eternamente verídicos, que aseguran a virtude inalterábel dos seus sistemas.
5. Rexeita todo o que sexa rebelde á súa lóxica racionalizadora.
6. Blindada contra as agresións do exterior: cada un dos seus conceptos está tan protexido coma o seu núcleo.
7. Rixidez nas súas articulacións internas.
8. Dogmatismo: rixidez, protección e arrogancia doutrinaria.
9. Posúe a verdade, atribúese todos os dereitos, sempre é ortodoxa.
10. O estraño é sospeitoso, inimigo e rexeitado.
11. Os argumentos contrarios son transformados en argumentos contra os contradictores: é violentamente ofensiva contra as demais teorías e doutrinas, ás que anatemiza.
12. Inflama de entusiasmo os seus fieis.
13. O seu intercambio co exterior límitase a extraer enerxías rexeneradoras dos cerebros potentes.
14. Non precisa do acordo cos datos exteriores: atrae as necesidades de certeza, os desexos de absoluto e a procura obsesiva da palabra rectora. De todo iso nútrese con avidez.
15. A fonte rexenerativa interna é a palabra sacralizada dos seus fundadores, que adquiren a soberanía dun deus.

Estes fundamentos serven para analizar **o lugar da psicoterapia no panorama científico**. Dúas cuestións básicas centran a investigación en psicoterapia: **a eficacia terapéutica (efectos, resultados) e os seus mecanismos ou formas de acción (procesos)**. Calquera definición que se utilice sobre a psicoterapia, falar dos mecanismos de acción psicoterapéuticos remite ao poder da palabra (ou o xesto), ao prestixio do terapeuta, á suxestibilidade do paciente..., ingredientes que conflúen á volta dun constructo moi popular na clínica: **o <PLACEBO>**.

En medicina, o <placebo> é “unha substancia quimicamente inerte que funciona en virtude do seu suposto efecto psicolóxico”. Todas as psicoterapias son quimicamente inertes e suponse que funcionan por mecanismos psicolóxicos. ¿Hai que concluír que toda psicoterapia é, por definición, un placebo?. O problema leva a redefinir o placebo como un tratamento que non ten actividade específica para a condición que se trata, por oposición ao tratamento xenuíno cuxo efecto sería específico. Pero o problema permanece: esa **inespecificidade**, ¿refírese ao seu mecanismo (o medio de producir un efecto) ou ao seu efecto?. Se o inespecífico fose o mecanismo (forma de acción), calquera placebo debería ser equivalente a outro en termos dun efecto concreto. Pero sábese que diferentes placebos producen efectos diferentes sobre a mesma conducta, téndose identificado cando menos unha compoñente que explica tales efectos diferenciais: a credibilidade racional, isto é, a convicción do paciente sobre a utilidade da terapia. O placebo funciona establecendo nos suxeitos unha expectativa de melloría, a cal se pode inducir facilmente describindo o “*tratamento*”, os seus fundamentos e os seus efectos. Se se admite esta variábel como unha forma específica de acción, o placebo pasará inmediatamente a considerarse tratamento; se se entende que con ela intentamos explicar os efectos cuxas formas de acción non comprendemos claramente, entón case todos os nosos métodos de tratamento deberían ser considerados placebos. Se o inespecífico fose o efecto, a acción do placebo sería tan ampla que podería producir calquera número de efectos, á marxe da especificidade do seu mecanismo. O mesmo placebo serviría para producir calquera efecto condutual. Porén, isto non é así: en psicoterapia, os procedementos placebo deséñanse intencionalmente de maneira que resulten específica e maximamente críbeis en relación coa conduta que se desexa tratar e, polo tanto, poden -e deben- considerarse como tratamentos específicos.

PSICOTERAPIA	VERSUS	PLACEBO
Tratamento xenuíno CON actividade ESPECÍFICA para a condición que se trata. (1)		Pseudotratamento SEN Actividade específica.
(1) A INESPECIFICADE DO PLACEBO, ¿REFÍERESE AO MECANISMO OU AO EFECTO?		
- Non todos os placebos son equivalentes en termos dun efecto concreto.		- Un mesmo placebo non serve para producir calquera efecto condutual.
- Diferentes placebos producen efectos diferentes sobre a mesma conduta.		- Os placebos deben resultar maximamente críbeis en relación á conduta que se desexa tratar.
- Os efectos diferenciais responden á credibilidade racional.		- Placebo = Tratamento.
- ¿É a credibilidade unha forma específica de acción? SI → placebo = tratamento NON → psicoterapia = placebo		

EN PSICOTERAPIA,	
TRATAMIENTO	PLACEBO
- Existe explicación da influencia sobre a conduta.	- Non existe razón con fundamento teórico vixente que explique a influencia sobre a CONDUTA.
- Procedemento con efectos terapéuticos predicíbeis desde a teoría da terapia baixo estudo.	- Procedemento terapeuticamente inerte desde a teoría, a cal non pode predicir os seus efectos.
- EFECTOS DEPENDENTES DO TRATAMIENTO (cambios nas expectativas, sentimentos, cognicións, respostas fisiolóxicas e condutas manifestas).	- EFECTOS INDEPENDENTES.

Existen, ademais, variábeis mediadoras, como a expectativa de cura, que poden operar como factores independentes ou como efectos dependentes en función do contexto e as suposicións teóricas sobre a causalidade dos resultados da terapia.

VARIÁBEIS MEDIADORAS:
1. EFECTOS NON ESPECÍFICOS (Variábeis contextuais): variábeis contextuais alleas ás técnicas terapéuticas que acompañan á aplicación dos procedementos terapéuticos formais e inducen taxas de recuperación. Pódese neutralizar o corte con deseños que as fan permanecer constantes nos diferentes niveis da terapia. características do → - terapeuta - paciente - escenario
2. CARACTERÍSTICAS NON ESPECIFICADAS como ingredientes activos da psicoterapia. Deben ser identificadas para incorporalas á denominación de tratamento (no placebo).
3. EFECTOS INESPECÍFICOS: axentes de cambio comúns ás diferentes orientacións terapéuticas, aínda que combinados e aplicados de diferentes maneiras. Se se manteñen estábeis, os efectos diferenciais poden atribuírse á psicoterapia particular. - experiencia afectiva (estado emocional adecuado para a superación de defensas, receptividade ao cambio e catarse) - dominio cognitivo (control de percepcións, significados e patróns de pensamento) - regulación condutual (cambio de conduta)
4. FACTORES COMÚNS, presentes na maioría das psicoterapias, non específicos de tratamento particulares, asociados coa definición de "placebo" no campo da psicoterapia: - suxestión - persuasión - credibilidade do tratamento - atención - carisma ou prestixio do terapeuta - expectativa de cura - demanda de melloría - desexabilidade social

O anterior proporciona unha idea da dificultade que ofrece a investigación e o control das variábeis que interveñen no tratamento psicolóxico con métodos que poidan ser cualificados de científicos. Todos os deseños ensaiados conteñen problemas metodolóxicos que, na medida do posíbel, se intentaron subsanar. A súa aplicación seguiu unha dupla vertente:

DESEÑOS:
1. ESTUDO DA EFICACIA DA PSICOTERAPIA: - eficacia de liña-de-base (se o tratamento proporciona melloría) - eficacia incremental (se o tratamento demostra un nivel de eficacia superior ao esperado dun procedemento con alta credibilidade social) a) comparacións meta-analíticas b) comparación tratamento a proba/terapia establecida c) grupos de control de compoñentes d) grupo de control placebo
2. CONTROL DOS FACTORES INESPECÍFICOS: - efectos independentes - variábeis mediadoras a) estratexias de control de "atención placebo" b) estratexia de control de "elementos/compoñentes do tratamento" c) condicións de control empiricamente derivadas/estratexia de control empiricamente derivado

A principal dificultade que plantexa a investigación en psicoterapia con estes modelos ten que ver co feito de que a diferenciación entre **placebos e terapias** pode ser lóxica e teoricamente inviábel. Os placebos acaban demostrándose como formas lexítimas de psicoterapia. Outras dificultades consisten na falta de estandarización, a insensibilidade das medidas e os límites da xeneralización. Por fin, para que o procedemento sexa adecuado, o paciente debe crer que a intervención é un tratamento potente e eficaz para os seus problemas, e isto plantexa ao terapeuta a dificultade de mostrar entusiasmo por un tratamento que considera inerte, cando menos para a condición que está a tratar. En canto aos **resultados** das investigacións, a controversia consiste en averiguar se os responsábeis da eficacia terapéutica son factores únicos (específicos), que diferencian un tratamento particular, ou factores comúns (inespecíficos) presentes en todas as terapias:

RESULTADOS
¿A que responde a eficacia terapéutica: - a factores únicos específicos ao tratamento (EFECTOS DEPENDENTES), ou - a factores inespecíficos comúns a todas as terapias (EFECTOS INDEPENDENTES)?
- Nivel de eficacia de liña-de-base aceptábel en todas as psicoterapias. - Non hai probas concluíntes de eficacia incremental. - A psicoterapia non se demostra superior ao tratamento placebo. - Non hai tratamentos, métodos ou estilos especialmente indicados a casos concretos. - As probas suxiren que os factores comúns teñen maior efecto terapéutico (sobre todo, suxestibilidade, persuasión, fñ e esperanza). - A relación terapeuta-paciente (elemento inespecífico) constitúe unha influencia supraordinada que transcende ás técnicas.

A equivalencia relativa entre as actuais terapias e o tratamento inespecífico de ningunha maneira impugna nin diminúe a súa eficacia terapéutica. Constitúen as prácticas de cura lexítimas e autóctonas da nosa sociedade e, como tales, xogan un papel crucial e indispensábel no mantemento do equilibrio entre as necesidades individuais e sociais.

1.2 Situación actual da Psicoloxía Clínica e a Psicoterapia en Galicia (José Luis Rodríguez-Arias Palomo e Marisol Filgueira Bouza)

O desenvolvemento da actividade profesional dos psicólogos clínicos en Galicia, coma no resto do país, fai necesaria a identificación dos marcos teóricos ou epistemolóxicos nos que se insiren as súas prácticas cotiás, así como o control e avaliación dos resultados de ditas prácticas, conforme a criterios vixentes de calidade asistencial. Nun período no que asistimos á consolidación da especialidade, a reclasificación das prazas de especialistas, a definición dos niveis de competencia, sistemas e procesos de acreditación da práctica clínica e docente, a aplicación de unha nova lexislación sanitaria, a revisión dos estudos de grao, posgrao, formación continua e especializada conforme a criterios da Unión Europea (UE), e da carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde (SNS), tal diferenciación, en principio enriquecedora, pode provocar algúns problemas de comprensión e comunicación entre os grupos (e as persoas) que exercen nos centros privados e públicos de Galicia. Neste panorama, a miúdo confuso, interesa averiguar que une e que diferencia aos diferentes modelos de tratamento, cales son os obxectivos das súas intervencións e se tales obxectivos se cumpren.

1.3 Definición do problema, antecedentes e estado actual do tema (José Luis Rodríguez-Arias Palomo e Marisol Filgueira Bouza)

Tendo como obxectivo profesional o diagnóstico, tratamento e eventual curación dos mesmos pacientes, parece necesario mellorar a comunicación entre os profesionais clínicos da área. Este proceso non se pode producir desde dentro do ámbito das teorías ou paradigmas teóricos que proporcionan a base diferencial das prácticas clínicas. Será, entón, necesario partir do que fan (ou din facer) os profesionais, que se autodefinen como pertencentes aos diferentes marcos teóricos do proceso terapéutico. Proponse un estudo multicéntrico observacional-descriptivo para:

- describir o que se fai na práctica clínica en Galicia desde os diferentes modelos;
- observar similitudes e diferenzas en ditas prácticas;
- avaliar os resultados que se producen cos diferentes modelos.

Todo iso cunha metodoloxía adaptada á complexidade do campo: os límites da psicoterapia son difusos. Coexisten prácticas diferentes. Non se pode asegurar que quen di facer o mesmo efectivamente faga o mesmo ou que faga cousas diferentes quen parte de modelos diferentes. O

debate teórico conduce a subliñar diferenzas, non ao entendemento, polo tanto debe trasladarse ao nivel empírico, e isto procuraremos observando e describindo o que fai un grupo de psicoterapeutas. O interese do traballo radica nas seguintes expectativas:

- Clarificar o campo en canto á praxe (o que se fai na práctica das psicoterapias en Galicia).
- Sentar as bases para que sexa posíbel a validación dos procedementos cunha avaliación preliminar de resultados.
- Ofrecer conclusións válidas para contribuír a regular as acreditacións dos equipos asistenciais e docentes (formación continua, supervisión, docencia...).

Existe ampla literatura sobre o tema no ámbito internacional. O número de referencias e estudos en marcha aumenta exponencialmente. Os estudos sobre eficacia comparada entre os diferentes modelos de tratamento non son concluíntes, habendo un amplo sector de profesionais que plantexan que os factores comúns teñen máis peso específico na explicación dos resultados (Lambert & Anderson, 1996). Existe un maior número de investigacións centradas na focaxe cognitiva-condutual, cuxos procedementos específicos se axustan mellor ao método científico-experimental, encontrándose menos estudos dos modelos restantes, o que non significa que os modelos restantes non sexan eficaces ou válidos. A psicoterapia atravesa un momento favorábel para os tratamentos empiricamente validados. Precisamente por iso, se corre o risco de dar máis facilidades aos tratamentos máis facilmente validábeis, ficando relegados outros tratamentos que poden aportar a mesma eficacia. De aí o noso interese en utilizar unha metodoloxía non excluín-te que dea igualdade de oportunidades a todos os tratamentos para validarse demostrando os beneficios dos que son capaces. Contémplase que o equipo investigador dedique o tempo suficiente a consensuar un procedemento inclusivo que indique criterios de validación para os modelos baixo estudo (Rodríguez Morejón, 2004).

É necesario seleccionar un deseño metodolóxico adaptado a este tipo de estudos (procesos e resultados en psicoterapia), que permita estudar e validar os modelos psicoterapéuticos practicados na asistencia pública e privada, e especificar as súas indicacións en Guías de Psicoterapia que permitan incluír a actividade nos catálogos do SNS e outros organismos competentes.

1.4 Bibliografía máis relevante comentada (José Eduardo Rodríguez Otero, Marisol Filgueira Bouza, José Luis Rodríguez-Arias Palomo, Fe Lacruz Pardo, Rosa Rey Pousada e Jorge García Fernández)

O 'estudo de Londres' (Leff, J. et al. 2000) constitúe o antecedente e modelo que inspirou o noso traballo. Trátase dunha comparación de tratamentos para a depresión (Terapia Sistémica de Parella vs. Psicofármacos) que conclúe: *"Neste grupo, a terapia de parella resulta moito máis aceptábel que os fármacos antidepressivos e se revela como mínimo igualmente eficaz, se non*

máis, tanto na fase de tratamento coma na de mantemento. Globalmente non resulta máis custosa".

Pero existe un amplo número de investigacións sobre a análise de procesos e resultados en psicoterapia. O labor investigador relativo á eficacia das intervencións psicolóxicas ten un referente histórico chave no coñecido estudo de Eysenck (1952), no que este autor sinala que as técnicas psicodinámicas non son superiores á remisión espontánea nos pacientes neuróticos, sendo os seus efectos, nalgún caso, prexudiciais. Desde entón, múltiples estudos criticaron e refutaron as conclusións de Eysenck. Actualmente, a eficacia da psicoterapia está fóra de dúbida (e.g., American Psychiatry Association, 1982; Department of Health, 2001; Roth & Fonagy, 1996; Smith & Glass, 1977; Smith, Glass & Miller, 1980).

Por volta dos anos oitenta, a investigación neste campo inclinouse polo estudo da eficacia de diferentes modelos psicoterapéuticos sobre patoloxías concretas. A terapia cognitivo-conductual, desde entón, foi a máis estudada debido á súa propia conceptualización que favorece a protocolización dos tratamentos e a investigación experimental das súas prácticas (e.g., Gaffan, Tsousis & Kemp-Wheeler, 1995; Lewandowski, Gebing, Anthony & O'Brien, 1997; Taylor, 1996; Paykel, 2001; Whitfield & Williams, 2003). Outros modelos, como o psicoanalítico, o sistémico e o humanista, entre outros, tamén foron avaliados pero en menor medida que as aproximacións cognitivo-condutuais.

Recollemos referencias bibliográficas sobre os desafíos plantexados pola investigación con diferentes métodos psicoterapéuticos aplicados: tratamentos da depresión e/ou ansiedade como *counselling* e terapias interpersoais, traballo grupal e tratamentos psicosociais, psicoterapia de grupo, terapia cognitivo-condutual, terapia sistémica de parella ou psicoterapia breve (Barkham & Hardy, 2001; Cuijpers, 1997; Gorey, & Cyrns, 1991; Jones & Asen, 2000; King, Sibbald, Ward et al., 2000; Leff et al., 2000; Marks, 2002; McDermut, Miller & Brown, 2001; Robinson, Berman & Neimeyer, 1990; Schulberg, Katon, Simon, et al., 1998; Scogin & McElreath, 1994; Whitfield & Williams, 2003), psicoterapia hospitalaria ou psicanálise en trastornos da personalidade (Chiesa, Drahorad & Longo, 2000; Cogan & Porcerelli, 2005), terapias psicolóxicas en trastorno por estrese postraumático (Adshead, 2000), abordaxe psicossomática do apego (Maunder & Hunter, 2001), terapia cognitivo-condutual con pacientes psicóticos e pacientes institucionalizados (Stuart & Bowers, 1995; Turkington & Kingdon, 2000)... Máis especificamente, sobre os modelos investigados no noso estudo, destacamos:

- en Psicanálise: indicacións da psicanálise (Zukerfeld, 2006), que plantexa os tipos de investigación en psicanálise (empírica, clínica, conceptual) e revisa probas que apoian a maior eficacia dos factores comúns e da integración de focaxes sobre os factores específicos, destacando o papel da relación terapéutica. Miller (2001) e Laurent (2002) fan referencia ás formas de ensino e investigación en psicanálise, xa que existe unha dialéctica entre ambas vertentes. A investigación en psicanálise presenta unhas características diferentes á doutras

orientacións teórico-clínicas, xa que se privilexia o singular, o detalle, o non xeneralizábel. E isto pola non crenza nas clases como sistema de clasificación. Para a psicanálise, un caso particular nunca é o caso dunha regra ou unha clase, só hai excepcións á regra, ese sería paradoxicamente o noso universal. Nesa medida, o diagnóstico sería a arte de xulgar un caso sen regra e sen clase preestablecida (o contrario á aspiración de clasificacións como a DSM, onde só hai que tomar nota dos signos). Non se poden reseñar, desde unha perspectiva estritamente psicanalítica, investigacións que fagan fincapé na cuantificación. Por iso, a nosa participación neste traballo do Congreso supón facer un esforzo importante, na medida en que nos prestamos de forma excepcional a unha avaliación cuantitativa. Na medida en que, para a psicanálise, hai unha diferenza entre exactitude e verdade, estamos separados dunha práctica científica que toma o dato obxectivo como referencia. Por iso, na análise as cuestións técnicas son sempre cuestións éticas, porque se vinculan á subxectividade do paciente que decide en cada caso que é o que dos seus pensamentos, comportamentos, etc. resulta problemático, é dicir, sintomático. De aí resulta que a avaliación en psicanálise se realiza, en primeiro lugar, polo propio paciente. E así, na clínica, trátase de enfrontar cada caso, seguindo a indicación freudiana, como un novo caso, o que supón pór en suspenso o saber previo acumulado pola práctica que, por outra parte, non é un saber que se deposita, como lle acontece á Ciencia. Investigar en psicanálise supón preservar o lugar do non saber para facer diso a causa de desexo de saber. Non se trata de aspirar a un saber completo, senón de manter un vacío que siga causando o desexo de saber sen querer tapalo. Nese sentido, un traballo de investigación en psicanálise non é tanto unha demostración do que se sabe senón da operatividade dun vacío, que posibilita unha invención (segundo a acepción da RAE, encontrar as ideas e os argumentos necesarios para desenvolver un asunto).

- en Psicodrama: resultados de investigación en psicodrama clásico (Kellerman, 1987), unha revisión de estudos publicados entre 1952 e 1985 que apoian a influencia do psicodrama sobre variábeis como a personalidade, locus de control, síntomas, actitudes e conduta manifesta, e a súa validez para a mudanza de conduta; eficacia do psicodrama (Kipper, Ritchie & Timothy, 2003), onde se refiren resultados similares aos da psicoterapia de grupo en xeral, se ben se encontran diferenzas significativas entre técnicas psicodramáticas particulares.

- en Terapia Cognitivo-Conductual: necesidades e indicacións da terapia cognitivo-conductual (Holmes, 2002), estudo que cuestiona a superioridade da TCC e plantexa a necesidade de que a investigación se focalice nos factores comúns, nos ingredientes activos, en habilidades específicas e na integración das psicoterapias, considerando que os pacientes deben ser vistos nun contexto evolutivo e que a psicoterapia non se pode reducir á eliminación técnica de transtornos.

- en Terapia Sistémica: resultados de investigación en terapia familiar (Asen, 2002), unha revisión dos diferentes modelos en terapia sistémica e as probas empíricas da súa eficacia en diversos transtornos; investigación clínica desde o modelo sistémico (Olabarria & Vázquez,

2007), unha reflexión sobre os niveis de investigación (epistémico, de cadro e de caso) e os condicionamentos das guías protocolizadas en terapia sistémica.

En relación aos estilos de intervención, Eells et al. (2005) estudan as diferenzas entre dous grupos de terapeutas: expertos e non expertos (dentro destes, poden ser noveles ou con experiencia). Definen o que consideran experto, facendo énfase na formulación dos casos e o control de factores comúns, e relacionan expertos e non expertos con estilos de terapia e resultados. Wiser e Goldfried (1998) analizan diferentes variábeis que inciden na semellanza entre os terapeutas expertos (master) e afirman que é mellor predictor de funcionamento o feito de que sexan expertos, que o seu modelo de partida. Neste caso, fan comparacións entre psicodinámicos interpersoais e cognitivo-condutuais. Hayes (1985) reflexiona sobre o camiño (mudanzas nos procesos cognitivos) para ser un experto, xa sexa no campo da ciencia ou da arte.

Os estudos que se realizaron sobre a eficacia comparada de diferentes modelos amosan resultados pouco concluíntes, deixándonos, en todo caso, con moitas dúbidas sobre a certeza de mellores resultados dunha alternativa fronte ás demais (e.g., Lambert & Bergin, 1992; Smith et al., 1980). Estes mesmos estudos resaltan a importancia dos factores comúns como principais ingredientes para o cambio. O estudo de Lambert (1992) conclúe que os factores comúns explican os cambios que se producen en Psicoterapia nun 30%, mentres que as técnicas aplicadas en función dos parámetros das diferentes escolas o fan nun 15%. Como consecuencia, e paralelamente ao consenso acadado sobre a eficacia da psicoterapia e a problemática ausencia de eficacia diferencial das diferentes terapias, produciuse un crecente interese por investigar o proceso psicoterapéutico. Neste ámbito, o Nacional Institute of Mental Health (NIMH) dos Estados Unidos recomenda realizar esforzos conceptuais e investigadores para estudar o que os terapeutas en exercicio fan realmente, de xeito que se desvelen tanto as contribucións comúns como as únicas a través das “formas puras” de terapia (Goldfried, 1991).

Rodríguez Morejón (2004) afirma que un mesmo problema pode ser tratado exitosamente con diferentes alternativas de tratamento, dependendo a elección máis da historia de aprendizaxe do terapeuta que do establecido polos estudos científicos. Considera necesario establecer criterios de eficacia para seleccionar os tratamentos, entendendo que cada modelo require deseños axustados aos seus presupostos teóricos sobre o terapeuta, os clientes e os mecanismos de cambio, que permitan a investigación cualitativa dos procesos (non só dos resultados) nos seus contextos naturais, e propoñendo alternativas á filosofía dos Tratamentos Empiricamente Validados, centrados na patoloxía máis que nos pacientes. Benito (2008) revisa a investigación realizada cos diferentes modelos de tratamento e constata como *“coa abertura de diferentes modelos á investigación, se fixeron evidentes moitos puntos en común entre as diferentes focaxes, algo que foi especialmente desenvolvido polas propostas de integración baseadas en factores comúns”*. García (2008), baseándose tamén na historia recente da

investigación en psicoterapias, plantexa a necesidade de transformación dos sistemas de saúde e das institucións educativas.

1.5 Obxectivos e interese do estudo (José Luis Rodríguez-Arias Palomo e Marisol Filgueira Bouza)

O obxectivo xeral do estudo é averiguar se existen diferenzas na práctica psicoterapéutica dos psicólogos clínicos con exercicio na Comunidade Autónoma de Galicia, en función da súa orientación teórica (concretamente, Psicanálise, Psicodrama, Terapia Cognitivo-Conductual e Terapia Sistémica), en canto aos seus conceptos e estilos de intervención, e avaliar os resultados das súas intervencións con criterios de calidade, a fin de desenvolver protocolos de control dos tratamentos que permitan realizar esta avaliación de maneira continuada no labor profesional. Tales protocolos, validados desde outros proxectos de investigación documentados neste estudo (Rodríguez-Arias Palomo e Venero Celis, 2006), inclúen un Consentimento Informado aos tratamentos por parte de pacientes/familiares e respectan a normativa de protección de datos vixente (Art. 10 da Lei Xeral de Sanidade de 25/04/1986; L.O. 15/99, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal). Este obxectivo xeral concrétase noutros máis específicos:

1. Describir como está o campo da psicoterapia, é dicir, as prácticas psicoterapéuticas, da Psicología Clínica en Galicia.
2. Consensuar un conxunto de variábeis descritivas relevantes para os catro modelos de psicoterapia baixo estudo (Psicanálise, Psicodrama, Terapia Cognitivo-Conductual e Terapia Sistémica).
3. Consensuar un procedemento para a avaliación de resultados aplicábel e aceptábel para os catro modelos.
4. Consensuar procedementos para a validación da adscrición teórica dos psicoterapeutas.
5. Mellorar a comunicación e cooperación entre os profesionais da Psicología Clínica e a Psicoterapia en Galicia, creando hábitos de intercambio e colaboración en actividades científicas e docentes.
6. Describir o que fan os profesionais, consensuando procedementos de descrición de procesos e avaliación de resultados.
7. Suxerir e orientar novos estudos que permitan equiparar a nosa actividade a criterios homologábeis na vixente lexislación europea.

Perséguese a consecución de consensos entre modelos para a descrición de variábeis e a avaliación de resultados nun campo no que o habitual é a disensión inter- e até intra-modelos, a fin de poder ofrecer tratamentos máis seguros. Propoñeranse lecturas do sentido da práctica clínica para cada un dos modelos, o que podería conducir a beneficios en varios dos aspectos

mencionados, máis concretamente: a comprensión da actividade psicoterapéutica, facilitar a comunicación e a cooperación entre os diversos profesionais, lograr que os pacientes reciban ofertas máis claras sobre o que pueden esperar e as opcións que teñen dispoñíbeis para elixir cando demandan tratamento psicoterapéutico, suxerir e orientar novos estudos. Para o logro destes obxectivos, cóntase co apoio dos recursos materiais e humanos dos dispositivos asistenciais socio-sanitarios da rede pública e privada galega, e co asesoramento de académicos da Universidade de Santiago de Compostela, dentro do marco e ao amparo do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia.

Os nosos obxectivos conteñen un plantexamento innovador. Non se trata de probar a “*eficacia comparada*”, pois hai suficiente literatura a favor dos factores comúns máis que específicos en psicoterapia á hora de explicar os resultados, senón da descrición dos procesos psicoterapéuticos que se supón producen determinados resultados e controlar se, efectivamente, eses resultados gardan relación cos procesos descritos. Inténtase realizar o estudo sen alterar as condicións naturais na administración dos tratamentos, é dicir, sometendo a un control viábel as sesións cos pacientes *in situ*, tal como son derivados na práctica habitual, sen illalos do contexto psicoterapéutico ordinario para o estudo. Propoñémonos proceder de forma que os materiais producidos sexan respectados ao máximo e sufran só as transformacións imprescindíbeis para extraer deles os resultados.

Este espírito contéplao a “*Etnometodoloxía*”, termo acuñado por Garfinkel, en 1954, para denominar a súa forma de traballo psicosociolóxico, un método que “*pretende describir o mundo social tal e como se está continuamente construíndo, emerxendo como realidade obxectiva, ordenada, intelixíbel e familiar. (...) recomenda non tratar os feitos sociais coma cousas, senón considerar a súa obxectividade como unha realización social. (...) esta autoorganización do mundo social (...) sitúase (...) nas actividades prácticas da vida cotiá dos membros da sociedade. (...) nas interaccións; e a xente realizaas aténdose aos presupostos e aos tipos de coñecemento propios da actitude natural*” (Rodríguez Bornaetexea, 1995; Garfinkel, 1967, 1984). Tamén tivemos en conta os debates sobre a transdisciplinariedade (Menéndez Osorio, 1998), tan teorizada como escasamente practicada, a preponderancia do *cientificismo* (Menéndez Osorio, 2005), un movemento reduccionista que considera válido e eficaz unicamente o que se somete ás *Guías de procedementos baseadas na evidencia* (Rodríguez Morejón, 2004; Pascual Llobell, Frías Navarro, e Monterde i Bort, 2004; Begoña Iglesias et al., 2004), esforzo que non é ignorado polas psicoterapias (Holmes, 2000; Margison et al., 2000; v. debates sobre as guías de práctica clínica baseadas na evidencia para a psicoterapia de grupo en: Bernard et al., 2008; Kivlighan Jr., 2008; Klein, 2008), e as novas tendencias en Saúde Mental (Braken & Thomas, 2001), que poñen énfase nos contextos socio-culturais e redefinen os roles profesionais. Por todo iso precisamos unha metodoloxía complexa

(Taylor & Bogdan, 1987; Valles, 1997; Pintos, 1995, 2004; Rey Pousada, Pintos e Rodríguez Marticorena, 2002), adaptada aos obxectivos e, non obstante, rigorosa. Ademais de seleccionar o deseño e os instrumentos máis adecuados ás variábeis que se identifiquen para o control, contéplase un sistema de observación ou supervisión das sesións de tratamento por psicoterapeutas que non interveñen na administración do mesmo.

Descrición: Os profesionais que participan no estudo son voluntarios recrutados desde a Sección de Psicología Clínica do Colexio Oficial de Psicología de Galicia (2005). Na primeira fase (2006), pátense cunha análise dos constructos que sobre a profesión crean e utilizan os psicoterapeutas, baseado na *“Teoría dos Imaxinarios Sociais”* (Pintos, 1995, 2004), mediante a aplicación *“Análise Cualitativo de Grupos de Discusión para a Delimitación de Campos Semánticos.- Código Sociocibernético de Relevancia/Opacidade”* (Rodríguez Marticorena, 2002). Trátase dun estudo de análise de contidos en grupos de discusión con psicoterapeutas dos catro modelos baixo estudo, que participan en sesións de debate sobre tópicos en Psicología Clínica, Psicodiagnóstico e Psicoterapia, as cales se rexistran e procesan para identificar unha serie de dimensións onde clasificar os psicoterapeutas, o seu traballo e os seus tratamentos. Na segunda fase (2007), procédese á comparación dos estilos de intervención dos psicoterapeutas, mediante o Inquérito de Avaliación do Estilo Persoal do Terapeuta <EPT-C> (Fernández Álvarez e García, 1998). Asociado ao anterior, este estudo está pensado para permitir a identificación de variábeis a controlar no proceso psicoterapéutico e a selección dos instrumentos para o seu control nas comparacións pre- post- tratamento e nos controis de seguimento. Na terceira fase, realízase o estudo descritivo das variábeis implicadas nas intervencións psicoterapéuticas e a avaliación de resultados coas psicoterapias baixo estudo mediante comparacións pre- e post- tratamento (2007-2008), e controis de seguimento (2009), na sintomatoloxía dos pacientes motivo de consulta. Para iso, elabórase un protocolo baseado en estudos preliminares (Rodríguez-Arias Palomo e Venero Celis, 2006).

Co estudo inicial de Campos Semánticos e coas comparacións no EPT-C, preténdese a identificación de variábeis (técnicas, estilos de intervención...) que serán descritas como *“ingredientes activos”* da/s psicoterapia/s, responsábeis de determinados efectos (obxectivos, resultados). Buscamos en ambos casos factores comúns e específicos do modelo teórico. A descrición dos procesos (*“mecanismos de acción”*) psicoterapéuticos e obxectivos de cada focaxe permitirá seleccionar instrumentos (escalas, inquéritos...) para as comparacións pre-post- tratamento na sintomatoloxía motivo de consulta dos pacientes. As sesións de tratamento sométense opcionalmente a observación, rexistro, gravación, intercontrol ou supervisión polos psicoterapeutas responsábeis do caso e os seus observadores ou supervisores. Cada psicoterapeuta faise responsábel dun número variábel de casos ou tratamentos (5-10), dependendo do número de colaboradores en cada modelo, ao longo dun mínimo de dúas sesións ou un período máximo dun ano desde o inicio do tratamento. A distribución de pacientes a

terapeutas faise cun criterio aleatorio por orde de derivación (os 5-10 primeiros novos casos recibidos desde o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2007). Realízase un control de seguimento, aos 12 meses de finalizar o tratamento (1 de xaneiro a 28 de febreiro de 2009), sobre a evolución dos pacientes, para contrastar o mantemento dos efectos terapéuticos. Os propios psicoterapeutas e os observadores ou supervisores que colaboran no estudo fan a recollida de datos e os membros do grupo de Metodoloxía procesan os datos e resultados para a súa presentación no Iº Congreso Galego de Psicoloxía Clínica (Vigo, 28-30 de maio de 2009).

Propoñémonos describir os tratamentos psicoterapéuticos (Psicanálise, Psicodrama, Terapia Cognitivo-Conductual e Terapia Sistémica), os seus procesos, axentes e obxectivos comúns e específicos, e os seus resultados. Esperamos extraer conclusións sobre as indicacións das Psicoterapias. Do estudo poderán extraerse tamén conclusións válidas para contribuír a regular as acreditacións dos equipos asistenciais e docentes (formación continua, supervisión, docencia...).

II. Presentación dos modelos

2.1 Psicanálise (Fe Lacruz Pardo)

Introdución

Freud inventou a psicanálise, nos fins do século XIX, ao se interesar pola histeria, tratando inicialmente as pacientes afectadas por medio da hipnose, método que abandonou rapidamente ao descubrir que era bastante máis útil escoitalas. De aí partiu a hipótese do **inconsciente**, a existencia de que no psíquico algo se xogaba na chamada “Outra escena”. Correlacionados co inconsciente estarían os conceptos de **defensa** (fronte a un goce que nunca é o que convén para a homeostase do individuo, por ex. o masoquismo) e a **represión**, como mecanismo que afecta ás representacións (os pensamentos conscientes).

A utilización do **diván**, destinado a evitar a ilusión dunha relación simétrica como forma de vínculo analista-analizante (ilusión de dirixirse a outro e ser comprendido en lugar de dirixirse a un lugar Outro, iso si, encarnado polo analista) non se considera hoxe en día imprescindible, xa que a psicanálise saíu dos muros da consulta privada (a chamada psicanálise pura) e é utilizada noutros ámbitos: institucións de diferente orde (psicanálise aplicada).

Conceptos fundamentais

Transferencia: Vínculo que se establece cara o analista, que supón dúas dimensións, a emocional ou afectiva e a suposición atribuída ao analista de un saber sobre o síntoma, saber que ao paciente lle escaparía.

Síntoma: Segundo Freud, formación de compromiso entre pulsión e defensa. Moi diferente ao termo de transtorno utilizado na DSM-IV, etc. (aquí o transtorno considerárase como unha disfunción, sendo o obxectivo terapéutico a súa desaparición o máis rápida posíbel). En

psicanálise, o síntoma non é algo obxectivo determinado como tal por un observador externo, é o paciente quen determina o que é sintomático para el. Caracterizado pola repetición, algo que vai máis lonxe da vontade do suxeito (non poder deixar de facer, de non facer, etc.)

O síntoma ten un duplo valor, de mensaxe (o que para Freud o fixo interpretábel) e de **goce** – entendendo por goce unha mestura de pracer e sufrimento- (é o que orixina as dificultades para mobilizalo, exemplificado na clínica pola chamada RTN, reacción terapéutica negativa). É signo dun goce, non unha disfunción a tomar só no plano manifesto da demanda do paciente, senón algo onde se xoga a súa posición subxectiva no plano do desexo inconsciente, do goce particular que o determina.

Fantasma: O que segundo Freud hai no corazón de todo síntoma. Pretendida unión do suxeito co obxecto que o completaría, e que aspiraría a desmentir a castración (que non é outra cousa que a limitación de goce inherente ao ser falante polo feito de estar inmerso nun mundo de linguaxe. E non cuestión edípica que finalmente fiquese reducida á orde do mito).

Trauma: Encontro con algo inesperado, que desborda ao suxeito por non ter, fronte ao acontecido, os recursos simbólicos, un saber en definitiva, que lle permitirían elaboralo ou facerse cargo dese acontecemento (de orde externa ou interna).

Pulsión: Satisfacción no límite do somático e o psíquico, diferente do instinto, e nesa medida, sen un obxecto determinado de antemán (no rexistro da sexualidade daría conta dela, por ex., o fetichismo) e que sempre logra o seu obxectivo. Teorizadas por Freud como pulsións de vida e pulsións de morte.

Desexo: Vinculado ao Outro (diferente do outro, do semellante) e causado por un obxecto (o obxecto está detrás, empurra, non é o obxectivo, o obxectivo é desexar). Modalidades: insatisfeito na histeria, imposíbel na obsesión, previsto na fobia.

A cura analítica

A teoría psicanalítica foise desenvolvendo conxuntamente coa súa práctica clínica pero, nos seus inicios, ao menos, pretendía un alcance maior que o estritamente terapéutico. É unha expresión clásica en psicanálise dicir que o efecto terapéutico se produce “por engadidura”.

A grande maioría dos compoñentes do grupo de investigación son de orientación lacaniana (a totalidade se considero as respostas recibidas para participar nas reunións con JL Pintos), polo que considero necesario sinalar algunhas cuestións respecto a Lacan: a partir do que se chamou un retorno a Freud, Lacan construíu, ao largo de trinta anos, un aparato teórico e clínico que, rescatando o máis vivo da teoría freudiana vai máis lonxe dos seus *impasses* (a cuestión do pai e da posición feminina, son exemplos diso). Menciónoo porque ten unha grande importancia para o que se nomea en psicanálise como “*dirección da cura*”.

Sesión analítica: Unidade de traballo en psicanálise. A IPA (International Psychoanalytic Association) tena estandarizada en frecuencia, duración etc. A AMP (Asociación Mundial de

Psicanálise, orientación lacaniana) non, ao considerar que o importante é o traballo e a produción de cada sesión e iso non se pode programar previamente, xa que está en función dos ditos, *lapsos*, ou até actos frustrados que, á volta dela, se poidan producir, da dimensión do encontro, da sorpresa.

Obxectivo da cura analítica: Facer caer as **identificacións**, que son a forma máis visíbel da defensa (baixo forma de Ideais que orientan o comportamento, etc. do suxeito, e que veñen determinadas polo desexo pero non poñen en xogo a pulsión), para que se manifeste –o chamado efecto de verdade– o que hai baixo esa cobertura, e que non é outra cousa que o goce; sendo o goce o que explica e dá sentido ao comportamento, aos ditos, etc. do suxeito, é dicir, o que en definitiva rexe a posición subxectiva. Búscase o cambio nesa posición, que xa non podería ser ignorada polo suxeito. Modifícala e facerse entón cargo dela terá consecuencias sobre o desexo (orientado pola pulsión de vida e non de morte). É o que entendemos en psicanálise por “*servirse do síntoma da boa maneira*”. E isto porque en psicanálise se considera que o síntoma é algo da orde do necesario: todo o mundo ten un, pero hai que lograr transformalo no bon síntoma, se se pode dicir así. O que non implica necesariamente unha adaptación aos estándares sociais, etc.; por iso a práctica psicanalítica non é tolerada, por exemplo, baixo reximes políticos ditatoriais.

Posición do analista: Marcada pola ética, o que supón non facer un uso do poder conferido pola transferencia que suporía estar colocado na posición de Amo, do que sabe. Na orientación lacaniana o saber que se lle atribúe ao analista sempre permanece como suposto, precisamente para que o paciente constrúa o seu propio; de aí se deriva a importancia de que unha interpretación xogue co equívoco, para que sexa o paciente quen decida sobre o sentido final. Non se interpreta a transferencia (si se fai na orientación IPA) porque se considera que iso só contribúe a fixar aínda máis ao paciente á posición de goce que debería modificar, deixándoo instalado nunha repetición permanente, e polo tanto nunha cura interminábel.

Psicanálise aplicada

O inconsciente muda cos tempos, as aplicacións da psicanálise tamén. Freud descartara a posibilidade de que se puidera aplicar a terapia psicanalítica ás psicoses, ás chamadas neuroses narcisistas, etc., por considerar que estes pacientes non eran susceptibles de transferencia, pero o feito é que hoxe en día numerosos analistas atenden a pacientes psicóticos con resultados terapéuticos significativos. Evidentemente con notábeis diferenzas no vínculo que se establece entre o analista e o seu paciente, e sen pretender unha mellora que supoña un cambio de diagnóstico (que para a psicanálise non vén determinado por factores cuantitativos senón por diferenzas de orde estrutural, ao menos clasicamente).

A clínica actual encóntrase hoxe en día con patoloxías dificilmente encaixábeis nas categorías psicanalíticas clásicas (a tríade neurose, psicose, perversión). A homosexualidade,

por exemplo, non se considera unha patoloxía, dentro do campo da perversión, categoría si aplicábel a unha posición sádica, masoquista, etc.; por último, a variedade de manifestacións psicopatolóxicas non clasificábeis dentro das categorías de neurose ou psicose coa claridade de fai anos, fixo aparecer (dentro da orientación lacaniana) un novo termo, o de psicose ordinaria.

Respecto á duración do tratamento, non hai nada previsto de antemán, está en función dos resultados obtidos. Cando o paciente logrou uns resultados que o satisfán e di: Xa chega!, podería ser en moitos casos suficiente. Ocorre a miúdo que, unha vez resolto o problema que motivou a consulta, o paciente continúa porque aparecen novas cuestións que abordar. Se se trata dunha análise levada até o fin (determinada pola lóxica da cura) hai practicamente sempre un acordo do analista e do analizante respecto do logro dunha conclusión. No caso de abandono por non obter o paciente resultados satisfactorios (expectativas non cumpridas, desacordo coa tarefa a realizar. etc.), segue a ser o paciente o que marca a finalización do traballo (aínda que, evidentemente, o analista pode ter cousas que dicir ao respecto).

Co estímulo que os psicanalistas proporcionan co seu traballo teórico e clínico á teoría freudiana, a psicanálise segue a ser, en moitos casos, un instrumento valioso terapeuticamente. Demostralo, é o obxectivo do traballo de investigación no que xuntamente con outras orientacións estamos inmersos.

Esquema descritivo das técnicas

En psicanálise danse dúas orientacións básicas: a da IPA cos seus estándares (número e duración de sesións, etc.) e a lacaniana, AMP, cuxos analistas funcionan con principios que regulan a práctica, pero sen estándares. Principios que se transmiten a través da análise persoal e das supervisións dos casos, alén do estudo dos textos, trípode que constitúe a base da formación analítica.

Clasicamente, unha definición mínima da psicanálise como dispositivo con efectos terapéuticos, considera que estes se conseguen coa análise do inconsciente. Dimensión do aparato psíquico que Freud fixo operatoria ao darlle un marco onde ese inconsciente podía ser interpretado. Ben que, á luz dos desenvolvementos teóricos posteriores, considérase que o propio inconsciente é xa un intérprete.

Respecto a cuestións de tipo técnico, o comezo vén dado polas chamadas **entrevistas preliminares**, que teñen como finalidade verificar se, máis aló dunha demanda de análises, o desexo do suxeito está implicado. Este tempo de entrevistas é variábel, non delimitado de antemán, considerándose un traballo previo encamiñado a lograr unha posta en forma do síntoma (que o síntoma apareza como tendo algo que dicir, que inclúa un sentido, e que o suxeito se sinta implicado), en definitiva, que sexa un **síntoma analítico**, é dicir, analizábel. Estas entrevistas cumpren tamén outra finalidade, xa que deben servir para realizar un **diagnóstico**, xa que a cura analítica non se dirixe da mesma maneira se estamos perante un caso

de neurose ou de psicose (na psicose, por oposición á neurose, trátase de pór límites a un goce que aparece deslocalizado, por todas partes -caso Schreber de Freud; aquí o analista escoita pero non interpreta, non se utiliza o diván senón sesións cara a cara, co fin de evitar aparecer como perseguidor, entre outros efectos).

É a época do establecemento da **transferencia** (para a neurose) vínculo que se establece cara o analista, que ocupa o lugar dese Outro a quen se dirixe a palabra do paciente, e que supón dúas dimensións: a emocional ou afectiva, por un lado, que xera o chamado amor de transferencia, e a epistemolóxica, por outro, é dicir, a suposición atribuída ao analista dun saber sobre o síntoma, saber que o paciente non ten.

Neste período trátase de averiguar a posición que toma aquel que fala con relación aos seus propios ditos, tratando de localizar aí o dicir do suxeito (diferenza entre enunciados e enunciación). Procúrase unha primeira rectificación subxectiva, que supón ir máis lonxe da queixa. O que lle acontece non se debe só ao azar, á suposta maldade dos outros, á mala sorte.... El ten algo que ver co que lle pasa. O paciente, futuro analizante, localizará algo da súa posición, abandonando así o lugar de pretendido amo dos seus ditos, seguindo a indicación “*técnica*” da **asociación libre**, a única que se lle dá, e que dá entrada á sorpresa. Asociación que responde á lóxica do inconsciente.

É aí onde entra a cuestión da duración da **sesión**, que para a orientación lacaniana debe ser o máis **curta** posíbel, de duración imprevista, precisamente para contrariar o previsíbel, e o goce do *bla bla bla*, e para lograr ir máis lonxe do sentido, despois de pasar por el. Trátase de posibilitar algo da orde do encontro, algo que contrarie a **repetición**, concepto que remite á fixación e permanencia do síntoma (formación do inconsciente que, a diferenza das outras que Freud formulou, *lapsos*, soños, actos frustrados..., non é fugaz senón sostida). Asociación libre, entón, como parte da técnica analítica, que suspende de forma inmediata (se o paciente é dócil a ela) a censura e o xuízo sobre o que se di, abrindo posibilidades a un saber non sostido polas identificacións, e separando o goce a elas fixado.

Pero cada sesión é unha unidade en si mesma (non se plantexan tarefas ao paciente nin nada similar nunha secuencia preestablecida). O tempo inter-sesións é normalmente un tempo de elaboración, sendo as sesións seguintes as que servirán para dar conta, tanto dos efectos dun sinalamento ou unha interpretación realizada polo analista, como do efecto da pregunta onde se concluíu a sesión anterior. Prodúcense así os chamados efectos de verdade, que rompen co saber previo co que o analizante chega á consulta. **Non se trata dun diálogo**, xa que non se pretende a empatía nin a comprensión, xa que as posicións do analista e do analizante non son simétricas, nin tampouco se utiliza a suxestión (que sería posíbel grazas ao poder que lle confire ao analista a transferencia, ao situalo como Outro a quen o analizante demanda a súa cura). Trátase de dirixir o que chamamos cura, pero non ao paciente. Non se toman como referencia Ideais de ningunha orde (necesarios nun proceso educativo, que xustamente é o que non é unha

psicanálise), xa que non se trata de apuntalar identificacións imaxinarias senón de desvelar a súa función.

Por iso consideramos que a psicanálise aplicada á terapéutica segue a ser psicanálise e non psicoterapia. A diferenza vén dada pola diferente posición do psicanalista respecto do psicoterapeuta (este sitúase no discurso do amo, discurso cuxa finalidade é que todo vaia ben, ao paso da realidade social colectiva).

A cura analítica fará caer as identificacións, que son a forma máis visíbel da defensa (baixo forma de Ideais que orientan o comportamento, etc., do suxeito, e que veñen determinados polo desexo pero non poñen en xogo a pulsión). Ao final do traballo, o analizante saberá cal era a regra que rexía os seus ditos e o goce no que estaba preso, e inventará unha nova relación, porque saberá facer algo con el por se ter libertado do *pathos* que esa suxeición producía. O síntoma terá pasado do rexistro da disfunción ao rexistro do bo uso (de síntoma a *sinthoma*).

Para iso o analista dispón da **interpretación**, dos diferentes xeitos de cortar ou dar por concluída unha sesión. Ou ben se agrega un significante que apunta ao sentido do dito, ou ben a interpretación, que sempre apunta á posición subxectiva respecto do desexo e o goce, suspéndeo, facendo aparecer un sensentido que abre novas posibilidades ao suxeito. A interpretación, que xoga co equívoco para que o paciente diga a palabra última, ten que ver coa táctica, en tanto que a transferencia e o seu control por parte do analista tería que ver coa estratexia. Unha táctica permite máis liberdades que unha estratexia –Lacan *dixit*- pero iso non supón que o analista faga á súa vez asociación libre (el non está na cura como un suxeito; el, en tanto que analista, non ten inconsciente, de aí deriva que non se considere na orientación lacaniana a cuestión da contratransferencia), xa que hai que tomar o desexo (e non os seus enunciados) á letra. O **control** da práctica de cada analista, que forma parte dos principios que rexen a práctica analítica, considérase algo totalmente necesario, e realízase supervisando os casos con outro analista.

Criterios de éxito, abandono e fracaso en Psicanálise

Éxito: para pacientes que non se plantexan ser analistas, é dicir, cuxa demanda é basicamente terapéutica, pode considerarse ‘éxito’ unha mellora sintomática; efectos tales como a desaparición da angustia, que o seu malestar diminúa, etc; iso implica certas elaboracións de saber, que precisan dunha posición de responsabilidade subxectiva. Supón que a transferencia se instalou, colocando o analista como aquel que tería o saber sobre o síntoma (síntoma que previamente deixou de ser exclusivamente queixa para converterse en síntoma analítico -que se lle supoña un sentido). Cando estes pacientes consideran que están satisfeitos co traballo realizado, é suficiente. Non sería suficiente se falamos de psicanálise pura, que non é o caso neste traballo para o Congreso. Na actualidade, son poucos os pacientes que queren ir máis aló

do efecto terapéutico, á procura dun saber que non apunte só a un maior benestar senón a averiguar cal é a súa posición dun goce, é dicir, que se interesen por ir máis aló do sentido.

Abandono: o paciente deixa de acudir á consulta, non sempre se sabe a razón. En ocasións, prodúcese logo de ter acudido a varias sesións, sen que se produzan efectos, sen que se instale a transferencia; non aparece a responsabilidade subxectiva nin se articula o síntoma analítico. Pódese chamar tamén abandono cando, aínda realizando un traballo produtivo, este se interrompe por unha transferencia negativa, desafiante (unha analista especifica que neste caso sería abandono se ela considerara que habería que continuar o traballo), a reacción terapéutica negativa (retroceso posterior a un avance previo, que responde ao mantemento dunha posición inconscientemente sufrinte, masoquismo moral en definitiva).

Fracaso: para algunhas conta o factor temporal, a asistencia á consulta sería de maior tempo que no caso do abandono. Non se mobiliza nada, non aparece o traballo nin o amor o saber, as interpretacións non teñen efecto e instálanse no "*dígame vostede*". Serían os que queren desafogarse pero non buscan un cambio de posición (fican no rexistro da demanda pero a dimensión do desexo non aparece). Dalgunha maneira son tamén os que non chegan a crer no inconsciente.

2.2 Psicodrama (Rosa Rey Pousada)

Definición de Psicodrama

O psicodrama é un método e un repertorio de técnicas que permiten explorar e desenvolver as dimensións psíquicas do individuo así como comprender e mellorar a dinámica da interacción social no grupo.

Considera que as dimensións psíquicas inclúen a mente, o corpo e o ambiente e que o grupo, máis que un simple agregado de individuos, é un sistema que obedece ás súas propias leis e segue a súa propia dinámica, mantendo a súa cohesión ao establecer vínculos entre os seus membros.

O psicodrama considera que o corpo é o vehículo da expresión e a interacción co ambiente e o grupo. Sérvese do espazo, converténdoo en escenario, para facilitar a expresión do mundo interior do protagonista e dos auxiliares para complementar a acción dramática. Así pois, a través das formas, tanto corporais coma expresivas e creativas, revélanse as representacións mentais do protagonista e a dinámica do grupo.

A comunicación con un mesmo cos demais encóntrase na base da consciencia, polo que a súa alteración orixina problemas psíquicos ou sociais. O psicodrama, ao resaltar a importancia da acción e contemplar a execución mediante o ensaio, desdramatiza as dificultades na comunicación facéndoas máis accesíbeis e controlábeis durante a intervención.

Un concepto central en psicodrama é o de integración: teoría e práctica, acción e reflexión, verbal e non verbal, etc.

Outro concepto fundamental é o de rol. Os roles son unidades bioculturais de conduta, pautas de interacción apropiadas para as diferentes circunstancias vitais. Clasifícanse como psicosomáticos (*inxeridor, defecador e minxidor*), sociais, psicodramáticos, familiares e indeterminados.

O método psicodramático é aplicábel, tanto individualmente coma en grupo, parella, familia... a todas as situacións en que a complexidade da interacción social pode comprometer a eficacia da comunicación, desde a psicoterapia, a formación e o desenvolvemento persoal até as relacións laborais e as organizativas.

As sesións de psicodrama desenvólvense en tres etapas (*caldeamento, dramatización e comentarios*), utiliza cinco instrumentos (*escenario, protagonista, director, eu auxiliar e auditorio*) e sèrvese dun amplo repertorio de técnicas (*dramáticas, proxémicas, plásticas...*).

Pola súa natureza práctica, estes métodos e técnicas foron adoptados por e adaptados ás teorías propostas por diferentes escolas psicolóxicas (psicanálise, sistémica, mitos de Jung, *Gestalt*, modificación de conduta, etc.) dando lugar a numerosas escolas de psicodrama coas súas características específicas. Así, podemos falar, ademais do Psicodrama Clásico Moreniano (Z.T. Moreno, G. Leutz, D. Elefthery, J. Enneis, G. Boria...), de Psicodrama Triádico (A. A. Schützenberger), Psicanalítico Freudiano (Lebovici, Anzieu, Lemoine...), Junguiano (Menegazzo), Sistémico (V. Satir, P. Papp, S. Minuchin...)...

J.L. Moreno introduciu a dramatización na psicoterapia e entre a súa produción teórica podemos destacar as formulacións sobre o desenvolvemento individual do ser humano (Teoría da Espontaneidade) e a súa dimensión social (Teoría de Roles), ou as propostas para o diagnóstico e a intervención social (Sociometría, Sociodinámica e Sociatría). Ademais, acuñou o termo Psicoterapia de Grupo (Congreso da Asociación Americana de Psiquiatría, Filadelfia 1932).

Entre as elaboracións e aportacións dos seus discípulos podemos destacar a J. Rojas-Bermúdez polo seu desenvolvemento dunha teoría integral do psiquismo, coherente co método psicodramático, que aporta unha comprensión evolutiva da psicopatoloxía (Teoría do Núcleo do eu e Esquema de roles), diversas ferramentas técnicas e diagnósticas, e na que non só interesa producir a vivencia, segundo a liña iniciada por Moreno, senón tamén comprender a súa estrutura e contexto. Esta articulación do método psicodramático nun marco teórico coherente permite a súa aplicación non só á psicoterapia de calquera tipo de patoloxía, senón tamén a situacións extraterapéuticas: ámbito académico, laboral, institucional, privado...

Tamén cabe mencionar, entre outras, as teorías das escenas formuladas por C. Martínez Bouquet e os plantexamentos sobre os roles e os vínculos aportados por D. Bustos.

Aspectos Técnicos do Psicodrama

O escenario defínese como o campo de operación do psicodrama, é dicir, o espazo convertido en instrumento terapéutico que serve de soporte e delimita a “operación terapéutica” por excelencia en psicodrama, a dramatización, cuxo obxectivo é aclarar e resolver situacións conflitivas.

Nesta etapa de dramatización empréganse diversas técnicas cuxa finalidade é concretar o material aportado polo protagonista no «*aquí e agora*» para facelo máis acesíbel e controlábel. Para iso é fundamental o traballo con formas.

É labor do Director crear situacións e decidir que técnica empregar, para que o protagonista descubra a estrutura e significado dos seus conflitos e poida abordalos e iniciar os cambios que queira e poida asumir.

O Eu-auxiliar opera fundamentalmente no contexto dramático xogando os roles complementarios ao protagonista e creando o clima emocional necesario para o proceso terapéutico, establecendo en escena o nexos entre Director e Protagonista.

O Director Psicodramático, produtor da acción, terapeuta e analista social, mantense fóra da escena, obxectivando o que nela ocorre, e intervindo indirectamente sobre a dramatización.

Os Eu-auxiliares, seguindo as indicacións do director, interveñen directa e afectivamente na relación co protagonista.

O auditorio serve de eco e contención ao protagonista e aprende vicariamente deste, obtendo tamén beneficios terapéuticos polo mecanismo de identificación e o proceso catártico.

A Unidade Funcional (Director e Eu-auxiliar) busca conseguir maior compromiso do protagonista coa dinámica vincular en xogo para que, a pesar de estar nel «*coma se*», vaian aparecendo as súas características de personalidade (tanto do eu coma do núcleo do eu) en relación ao rol que está a desempeñar.

En psicodrama instrúntanse dúas formas de xogo que todos os nenos utilizan espontaneamente nalgún momento do seu desenvolvemento: o xogo con obxectos e o xogo de roles; dos que se derivan, respectivamente, as técnicas de construción de imaxes e as dramatizacións, ambas implementadas durante a etapa de dramatización.

Descrición dalgunhas Técnicas

As técnicas son medios para acadar os obxectivos e non fins en si mesmas e, por si soas, sen teoría que as fundamente, serán simples xogos dramáticos máis próximos ao «*divertimento*» do que á terapia.

Na etapa de caldeamento pódense utilizar xogos dramáticos e corporais que axuden a eliminar tensións preparando os participantes para a acción e que faciliten a interacción e a emerxencia dun protagonista ou tema protagónico.

Na etapa de dramatización, núcleo da sesión de psicodrama, pódense seguir dúas liñas básicas de traballo que se complementan mutuamente: a dramática ou vivencial e a de imaxe ou intelectual.

As técnicas de dramatización, desenvoltras por Moreno, permiten ver como se comporta o protagonista globalmente. As técnicas de construción de imaxes, desenvoltras por Rojas-Bermúdez, revelan como se elaboran e estruturan internamente os contidos.

- ***Técnicas Dramáticas Básicas:***

As técnicas de posta en escena, cuxa finalidade é facilitar a '*entrada en situación*' vivencial, limitando o discurso verbal racionalizador. Para iso, utilízanse recursos como describir e situar no escenario as personaxes e elementos que interveñen na escena, realizar cambios de roles entre o protagonista e os eu-auxiliares, adoptar a postura física real das personaxes representadas describindo a súa indumentaria e características, crear o '*clima*' máis adecuado aos contidos utilizando focos de luz de diferentes cores, producir '*efectos especiais*' desde o auditorio, alusión aos datos relevantes do '*momento*' (día-noite, estación do ano, tempo atmosférico, cheiros...), utilizar obxectos para representar elementos escénicos.

As **técnicas de autopresentación**, acostúmanse utilizar cando se inician os grupos, pero tamén poden ser aplicadas durante o proceso terapéutico. Consisten na presentación verbal ou corporal dos participantes ou do protagonista, dalgún aspecto de si mesmo ou das personaxes do seu átomo social.

O **soliloquio** consiste en dicir en voz alta e nun aparte e fóra do diálogo o que un pensa e sente interiormente nese momento. Por iniciativa propia ou a petición do director.

No **aparte** conxélase unha escena para unha verbalización ou análise breve e puntual.

O **dobre** realízao un eu-auxiliar verbalizando ao seu lado (ou detrás del) aquilo que este non pode ou se resiste a verbalizar.

No **espello**, un eu-auxiliar ocupa o lugar do protagonista e reproduce fielmente a súa representación para que o protagonista poida observar desde fóra a súa propia imaxe.

O **cambio de roles** consiste en que o Protagonista e o eu-auxiliar (ou dous protagonistas) intercambian os seus roles, pasando cada un a interpretar o papel do outro. Finalmente cada un debe voltar ao seu rol orixinal.

Na **interpolación de resistencias** o director dá indicacións aos eu-auxiliares para que produzan situacións inesperadas para o protagonista, de forma que este se ve obrigado a responder tal como é, espontaneamente.

- ***Técnica de Construción de Imaxes:***

Pídese ao protagonista que constrúa unha figura (con persoas ou obxectos) para representar o material aportado evitando incluírse a si propio na representación.

Calquera material (ideas, sentimentos, síntomas, situacións, etc.) pode ser tratado mediante imaxes.

A construción de imaxes acostúmase realizar con persoas ou con teas por ser un material moi dúctil. Cando a situación é moi comprometida corporalmente ou alonxada da realidade é necesario recorrer a teas para a súa execución pero, en ocasións, as imaxes con teas resultan moi abstractas e é preciso realizar a imaxe con persoas.

Despois de construír a imaxe, clarificar a forma e compoñentes, pídeselle ao protagonista que realice soliloquios en cada un dos elementos da imaxe. Para isto, deberá colocarse sucesivamente nas diferentes partes, adoptar a postura corporal correspondente e expresar o que sente e pensa. Os soliloquios deben comezar polas partes máis alonxadas de si mesmo ou menos comprometidas emocionalmente até as máis próximas ou até si mesmo se está representado na imaxe.

Variantes técnicas permiten secuenciarlas e estudalas tanto na súa evolución coma no seu desenvolvemento: real, desexada ou temida; actual, anterior e posterior. Algúns psicodramatistas denominan **escultura** á representación gráfica cos propios corpos dunha imaxe relacional e as vivencias asociadas.

- ***Técnicas Psicodramáticas Complexas:***

Parten das técnicas básicas e poden englobar varias delas. A súa complexidade deriva do número de persoas que involucran, do procedemento que precisan seguir para a súa realización, dos recursos técnicos ou materiais necesarios para a súa instrumentación ou do tempo que requiren para a súa aplicación.

A «**roda viva**» é unha variante do intercambio de roles na que participan todos os membros do grupo que estean implicados nun tema ou conflito.

A **galería de espellos**, é similar á técnica do espello pero realízana os membros do grupo.

No **dobre múltiple**, dous ou máis eu-auxiliares dobran ao protagonista representando diferentes facetas deste en conflito.

A **cadeira vacía** segue o modelo do intercambio de roles, pero é o mesmo protagonista quen ha de xogar todos os roles referentes a unha situación determinada: o seu propio papel e o complementario, suposto ocupante da cadeira vacía.

Desenvolvementos propios da escola arxentina son a técnica de construción de imaxes e a utilización e conceptualización de diversos obxectos como, por exemplo, títeres, máscaras e teas, que alén de ofrecer moitas e variadas posibilidades técnicas, foron chave no desenvolvemento de importantes conceptos teóricos.

As **escenas intermediarias**, variantes da técnica de construción de imaxes, parten dunha escena central detida no tempo a partir da que se constrúen escenas previas e posteriores. Unha variante consiste en elaborar un conto infantil.

- ***Técnicas con obxectos:***

Un mesmo obxecto pódese empregar con diferentes finalidades na sesión de psicodrama. Estas finalidades son as que marcan as diferentes funcións do obxecto, a técnica para o seu emprego e as ocasións nas que será introducido.

Un obxecto pode ser utilizado como **auxiliar** para enfatizar algo que está ocorrendo na dramatización, para favorecer ou protexer as interaccións, para axudar na creación de personaxes, a posta en escena, etc.

Utilízase como **mediador** cando a súa presenza é determinante para que o protagonista se comunique ou exprese. Denomínase obxecto intermediario aquel que, elixido polo director e manipulado polo eu-auxiliar, se utiliza para restablecer a comunicación cun paciente ensimesmado ou con graves dificultades de comunicación. Denomínase obxecto intra-intermediario aquel que, utilizado polo protagonista, facilita a comunicación consigo mesmo e cos outros. Xeralmente úsase para ocultar e protexer o rostro e outras zonas corporais.

O obxecto **creado** polo suxeito facilita a expresión de contidos. O obxecto toma forma e sentido en función dos contidos que surxen do individuo. Inclúen os obxectos produto das técnicas psicodramáticas de comunicación estética (debuxos, pinturas, collages, etc.), realizadas individualmente ou en grupo.

- ***Outras Técnicas:***

Con suficiente formación (teórica e práctica) o psicodrama concede ao terapeuta unha ampla marxe de creatividade. Isto significa que os psicodramatistas poden adaptar as técnicas propostas ás súas necesidades específicas, desenvolver versións das mesmas e até crear técnicas completamente novas.

Por outro lado, fóronse desenvolvendo variedade de **técnicas corporais** complexas e elaboradas en relación con conceptos etolóxicos, proxémicos, sensoperceptivos, psicoevolutivos, etc. até chegar á máxima expresión do traballo corporal en psicodrama: a **psicodanza**, coa que se pode levar a cabo unha completa psicoterapia pois configura, ao igual que o psicodrama, unha metodoloxía regrada e sistematizada e co mesmo soporte teórico. A única diferenza é que en psicodanza a comunicación se realiza a través do corpo, o seu movemento e ritmo, tendo en conta que a linguaxe corporal non é unha mera tradución do verbal senón unha linguaxe global baseada en formas corporais que surxen nun espazo e un tempo determinados.

Consideracións á volta da Doenza

En Psicodrama o concepto de doenza e a actitude psicoterapéutica fronte a ela está influída pola concepción que Moreno tiña do nacemento, quen, desbotando a teoría do "*trauma do nacemento*" de Rank e Freud, considera o acto de nacer como unha situación natural pola que ten que pasar o individuo durante o seu desenvolvemento: chega un momento, na vida do feto,

en que o seu desenvolvemento e maduración acadaron un grao tal de evolución que as condicións do ambiente intrauterino resultan insuficientes e insoportábeis e o verdadeiramente traumático e fatal sería permanecer alí. Considera o nacer como un "acto compartido" no que se integran os esforzos do feto cos da nai. O seu resultado é a individuación e a conquista do espazo por un novo ser que se implanta nunha nova matriz, a Matriz de Identidade, que é o grupo social do que depende para as súas necesidades fisiolóxicas, psicolóxicas e sociais, e cuxa tarefa fundamental será transmitir a heranza cultural do grupo ao que pertence o individuo preparándoo para a súa posterior integración á sociedade.

En termos psicodramáticos diremos que a nai sería o "*eu auxiliar*" principal, o feto sería o "*protagonista*", o proceso de preparación ao parto sería o "*caldeamento*", o acto de nacer a "*dramatización*", e o nacemento a "*catarse de integración*"; este último concepto defínese como "*o resultado dunha serie de procesos, illados nos seus comezos, que conflúen en determinado momento interrelacionándose e producindo un resultado final común diferente de cada unha das finalidades parciais*".

Ao igual que o nacemento, a doenza considérase como un obstáculo que o Eu ha de superar coa axuda do terapeuta e non como unha situación traumática perigosa que o terapeuta deba evitar. Do mesmo xeito que é preferíbel o nacemento natural á cesárea, fórceps ou anestesia (e sen menosprezar a utilidade e necesidade destes métodos en ocasións), considérase importante que o paciente sexa protagonista da súa propia cura, pois isto dálle confianza e seguridade e evita a dependencia co terapeuta. Actuando, o protagonista aprende, instrumenta e pon en práctica o adquirido.

O Psicodrama non é unha terapia de apoio ou abreactiva, vai ás profundidades do Eu, explorando dunha maneira vivencial as súas estruturas e interrelacións. É a través da "*catarse de integración*" como o protagonista logra a súa cura. Este concepto é diferente á catarse de abreacción de Breuer e Freud, onde sae do paciente algo que este estaba contendo e o suxeito queda limpo. Na catarse de integración o que sae é o paciente mesmo de algo que o estaba contendo, e así, realiza o seu Eu, exprésase, contacta cos demais integrantes da situación psicodramática na experiencia común. A catarse de integración non ocorre en todas as sesións pero si nos períodos críticos do tratamento, nos que se racha con estereotipos e tabicamentos do Eu, aparecendo, no seu momento álxido, realizacións creativas e espontáneas que sorprenden e libertan tensións.

A actitude do psicoterapeuta, polo tanto, estará dirixida a favorecer o desenvolvemento e a maduración das potencialidades do Eu do paciente, co fin de preparalo para que enfrente adecuadamente os obstáculos que a doenza interpuxo na súa evolución.

Consideracións á volta do Tratamento

Xeralmente, as sesións psicoterapéuticas en psicodrama individual duran entre 45 e 60 minutos e en psicodrama grupal entre 90 e 120 minutos.

A duración total da psicoterapia depende do ritmo e da dinámica de traballo do suxeito ou do grupo. Non se establece, de antemán, unha duración determinada para o proceso terapéutico global, aínda que é frecuente establecer un mínimo de sesións diagnósticas, aproximadamente tres, para recadar información e facer a historia psicodramática e biopatográfica. En ocasións pódese establecer o compromiso de asistir ás sesións durante un mínimo de 1 a 3 meses para que o paciente se poida facer unha idea máis axustada do traballo a realizar e as súas posibilidades terapéuticas.

Entendemos por **“abandono”** o feito de deixar de acudir ao tratamento, en calquera momento do mesmo, sen avisar.

O **“éxito”** ocorre cando o resultado terapéutico é satisfactorio ao menos para o paciente e acostuma implicar cambios en situacións vitais, alivio sintomático ou maior comprensión da problemática. A alta, final de tratamento ou conclusión do proceso terapéutico é consensuada entre paciente e terapeuta.

Considérase **“fracaso”** cando calquera das partes non pode completar a relación terapéutica, podendo consensuarse por fin ao tratamento ou a derivación a outro profesional.

2.3 Terapia Cognitivo-Conductual (Jorge García Fernández)

Neste apartado intentaremos realizar unha aproximación á definición do termo *“terapia cognitivo-conductual”* precisando de antemán que resulta unha tarefa complexa, xa que, tal como ocorre con outros conceptos, non existen unhas fronteiras que delimiten nitidamente esta clase ou categoría de orientación terapéutica que a diferencien doutras coas que comparte algunhas características e principios teóricos. Así, poderíamos encontrar estilos ou tipos de terapias que asumen principios de orixe condutual ou cognitiva e que se autodefinen baixo esta etiqueta ou, pola contra, se adscriben a outras escolas (sistémicas, integradoras, etc.), segundo uns criterios pouco definidos. A esta situación un tanto confusa chégase tras corenta anos de evolución onde as focaxes conceptuais e as técnicas desenvoltas, en primeiro lugar, seguen vixentes xunto con sucesivas renovacións que se foron engadindo, podendo contabilizarse segundo a APA, máis de 23 tendencias baixo esta denominación. Á parte dos puntos de partida ou fundamentos teóricos que trataremos de describir, existen outra serie de criterios formais (número de sesións, estilo da relación terapéutica, participantes na terapia, etc.) que caracterizan e/ou diferencian as diferentes escolas terapéuticas aos que aludiremos en segundo termo.

As diferentes terapias cognitivo-condutuais desde unha perspectiva histórica

A mediados do século XX prodúcese unha fusión entre a análise condutual aplicada e a focaxe condutista mediacional baixo a denominación de Terapia de Conduta, caracterizada pola aplicación dos principios do condicionamento á conduta humana. Á súa vez, desenvólvense as técnicas operantes (reforzamento positivo, reforzamento diferencial, extinción, control de estímulos, economía de fichas, retroalimentación, etc.) e deséñanse e aplícanse técnicas baseadas nos principios pavlovianos do condicionamento clásico (desensibilización sistemática, técnicas de relaxamento, exposición, etc.). Pouco despois, incluíronse as aportacións da Teoría da Aprendizaxe Social de Bandura deixando paso a elementos “*internos*” tales coma as expectativas e a aprendizaxe a través de modelos, fundamento do Adestramento en Habilidades Sociais. A partir dos anos 60, no campo da modificación de conduta, van aparecendo de forma progresiva unha serie de obxeccións sobre as limitacións do paradigma condutista tradicional. Estas concéntranse na insuficiencia dos modelos da aprendizaxe puramente condutistas para explicar a conduta humana, así coma a ineficacia dos métodos de condicionamento para modificar fenómenos complexos disfuncionais relacionados co pensamento, as actitudes e a linguaxe dos pacientes. A solución ás anteriores limitacións, no campo da modificación de conduta, é a inclusión das teorías e procedementos das terapias cognitivas, dando lugar á chamada terapia cognitivo-condutual. É nesta década cando aparecen as primeiras terapias cognitivas actuais (as chamadas terapias cognitivas “*semánticas*” ou “*racionalistas*” polos seus críticos): A Terapia Racional Emotiva (T.R.E) de A. Ellis e a Terapia Cognitiva de Beck.

En 1958, Albert Ellis crea a terapia racional emotiva baseada no seu modelo A-B-C. A maioría das persoas, segundo este modelo, manteñen que as súas dificultades ou trastornos de comportamento (“C”) se producen a partir dos acontecementos da súa vida (“A”). Porén, ese acontecemento non determina directamente o estado emocional, xa que entre eles media o autodiálogo interno xerado en base ás actitudes ou crenzas persoais de cada suxeito (“B”). Seguindo o modelo A-B-C, o importante non sería tanto modificar o acontecemento externo, tarefa a miúdo imposible, senón tomar consciencia dos autodiálogos internos “*irracionais*”, e que o paciente aprenda a modificalos dando así lugar a estilos máis racionais e funcionais de percibir esa experiencia. A T.R.E, non considera que todos os trastornos psíquicos estean causados por crenzas e actitudes inadecuadas ou disfuncionais, senón máis ben defende que esas actitudes (crenzas irracionais) están implicadas na maioría dos trastornos psíquicos, aínda naqueles onde se supón unha forte base biolóxica.

Paralelamente, A. Beck obtivo como conclusión das súas investigacións que os pacientes depresivos mantiñan unha visión característica dos problemas ou situacións presentándoos sistematicamente como máis negativos. A terapia cognitiva defende que os trastornos psicolóxicos derivan principalmente de estilos errados de pensar ou procesar acerca de situacións concretas e habituais. Estes patróns errados denomínanse “*distorsións cognitivas*”. As

distorsións cognitivas proveñen á súa vez de crenzas persoais ou significados subxectivos, a miúdo aprendidos nas primeiras etapas da vida, actuando habitualmente a nivel inconsciente. Eses significados ou crenzas subxacentes e tácitas reciben o nome de "*esquemas cognitivos*", que son a forma en que o individuo dá sentido e significado á súa experiencia pasada, actual e expectativas futuras. Estes supostos persoais permanecen "*latentes*" ao longo do tempo na memoria e, perante determinadas situacións desencadeantes (p.ex., unha doenza física, un acontecemento na vida persoal), "*actívanse*" e actúan a través de situacións concretas producindo a miúdo determinados "*erros*" do pensamento (distorsións cognitivas) que, á súa vez, se conectan reciprocamente con determinados estados emocionais e condutas. As distorsións cognitivas exprésanse a través das cognicións das persoas (pensamentos e imaxes conscientes e preconscious) que aparecen en situacións onde hai unha intensa alteración emocional (p.ex., ansiedade, irritabilidade ou depresión) e trastornos de conduta (p.ex., conduta de evitación ou problemas de relación de parella). Esas cognicións denomínanse "*pensamentos automáticos*".

O desenvolvemento doutra serie de terapias que combinan aspectos condutuais e cognitivos acadan nesta época un lugar preferente nos manuais de modificación de conduta: a Terapia de Inoculación de Estrese de Michembaum, dirixida a adestrar habilidades condutuais e cognitivas para facer fronte aos principais estresores do individuo, a Terapia de Solución de problemas de Zurilla e Goldfried, deseñada para ofrecer un método racional para guiar a toma de decisións, a Ciencia Persoal de Mahoney, que busca o funcionamento do individuo por procedementos análogos ao método científico incluíndo experiencias ou experimentos persoais.

Un exemplo de progreso no desenvolvemento da terapia cognitivo-condutual vén representado pola chamada "*terapia multimodal*" de Arnold Lázarus na década dos 80. Este autor, a pesar da súa vinculación inicial á terapia de conduta, non se considerou en ningún momento un condutista radical e axiña advertiu das propias limitacións da terapia ou modificación de conduta máis tradicional. Fundamentalmente, na súa obra *Mas allá de la terapia de conducta*, publicada en 1971, plantexa a necesidade de adaptar a terapia ás características persoais dos individuos, a análise da demanda de tratamento (sobre a base das expectativas, necesidades do paciente, actitudes persoais e aspectos socioculturais) e o emprego de técnicas cognitivas na avaliación e tratamento dos casos. A terapia multimodal sería unha terapia ecléctica, tecnicamente falando, e unha terapia cognitivo-condutual teoricamente considerada. Podemos presentala como exemplo de flexibilidade no proceso de cuestionamento das "*verdades*" ou dogmas que servían como piares básicos das terapias até hoxe.

Na década dos 90 e neste século, as terapias cognitivas continúan a súa evolución. As novas terapias cognitivas chamadas "*construtivistas*" critican os modelos "*racionalistas*" (p.ex., a T.R.E de Ellis, e a Terapia Cognitiva de Beck) o feito de partir dun modelo ou visión obxectiva e universal da verdade e a realidade de onde se apuntan as súas desviacións ou distorsións. Para

os construtivistas (Maturana, Guidano, Mahoney, etc.) non é posíbel establecer un acceso directo á realidade, xa que esta está sempre en relación ao suxeito e o seu contexto cultural mediante a que é construída. Os construtivistas, ademais, postulan que as emocións non son o obxectivo sempre a modificar na terapia cognitiva, xa que con frecuencia conteñen unha valiosa información sobre os significados persoais tácitos que habería que explorar máis que modificar. Estes autores postulan que o transtorno emocional deriva de desaxustes entre a experiencia emocional (a miúdo relacionada con esquemas cognitivos preverbais) e a súa explicación consciente (a miúdo regulada por esquemas cognitivos verbais como os que postulan os cognitivistas racionalistas). A terapia constitúese así nun proceso de búsqueda destes desaxustes de forma que o suxeito poida equilibrar ambos niveis producindo significados alternativos a través de procedementos máis explorativos que correctivos. Actualmente as emocións e o rol central da relación terapéutica nas terapias cognitivas aparecen como os novos emerxentes de teorización e traballo terapéutico focaxes.

A Terapia Cognitivo-Narrativa (Epstein e Brown) rescata a linguaxe que durante décadas fora considerada un feito psicolóxico de segunda orde, esquecendo que é no propio acto conversacional onde se crean as realidades. Este regreso á linguaxe como elemento central do propio proceso de significación, constitúe a base do cambio cara o discurso, o conversacional e a narrativa que recentemente afronta a psicoloxía.

Nos últimos anos emerxeron outras terapias con importantes elementos condutuais e cognitivos e que acadaron niveis elevados de interese entre os profesionais da clínica. Poderíamos citar, entre outras: a Terapia Cognitivo-Analítica de Linehan, deseñada para o tratamento dos transtornos de personalidade límite, a Terapia de Aceptación e Compromiso, baseada no constructo de *evitación experiencial* (Kelly), a Psicoloxía Positiva (Seligman), centrada no estudo das variábeis que potencian a resistencia dos individuos, e a Activación Condutual (Jacobson), que enfatiza os elementos condutuais no mantemento dos estados depresivos.

Como resumo, podemos considerar que os movementos de cambio nesta modalidade de psicoterapia evolucionaron basicamente desde o condutual ao cognitivo, desde aí ao cognitivo-condutual e posteriormente cara a diversidade. Porén, un feito plausíbel é que as aportacións creativas das últimas dúas décadas aínda non se viron reflexadas nos índices dos manuais para terapeutas cognitivo-condutuais tal como ocorreu con outros desenvolvementos previos que se foron engadindo ás demais técnicas sobreviventes ao paso do tempo.

Os aspectos formais comúns das terapias cognitivo-condutuais

A condición de permitir a realización dunha análise científica sobre o comportamento, as emocións e as cognicións, iniciada desde a terapia de conduta nos anos 30, condicionou de maneira decisiva as *formas* deste tipo de terapias. A avaliación mediante procedementos “*obxectivos*” (observación, autoinformes, rexistros psicofisiolóxicos) e o emprego de procedementos terapéuticos específicos e reproducíbeis sobre problemas ben definidos, funcionaron durante décadas como esixencias de primeiro nivel para que unha determinada estratexia psicoterapéutica puidera ser aceptada como dentro desta orientación terapéutica. Porén, dentro deste marco tivo lugar unha permanente actualización co obxectivo de cumprir coa “*universalización*” de criterios que permita competir pola supremacía da efectividade con outros tipos de solucións psicoterapéuticas ou farmacolóxicas. Así, o tratamento de alteracións psicopatolóxicas con criterios DSM substituíron á modificación de “*condutas problema*” que tan firmemente foi defendida polos pioneiros dos anos 30, e un número limitado de instrumentos diagnósticos en forma de inventarios, inquéritos ou escalas clínicas substituíu á maior obxectividade da observación directa.

Como caracterización xeral acéptase que a/s terapia/s cognitivo-condutual/is comparten unha serie de características:

- Trátase, polo común, dunha terapia breve, con número variábel de sesións (entre 10 e 30).
- Aplícase segundo as diversas modalidades en formato individual parella, familia ou grupo.
- O seu formato é estruturado e orientado a obxectivos específicos.
- É unha terapia directiva se ben a actitude do terapeuta consiste nun estilo flexíbel (directivo/permisivo, educativo/exploratorio, observador/participante, incluíndo a escoita non punitiva e o diálogo socrático).
- Céntrase en contextos naturais empregando instrucións en forma de “*tarefas para a casa*”, así como tamén se propón converter a relación terapéutica nunha situación representativa da vida cotidiana.

A estas características poderíamos especificar, seguindo a Goldfried e Castonaguay (1993):

- Adopción do modelo de adestramento en habilidades con énfase na aprendizaxe de competencias condutuais.
- Focalización na situación da vida actual.
- Estimulación da investigación do resultado.
- Desenvolvemento de técnicas específicas para reducir “*sintomatoloxías concretas*”.

A xeito de **conclusións** e, a raíz do exposto anteriormente, consideramos que a definición da actual “*terapia cognitivo-condutual*” é imprecisa e máis aínda se consideramos os movementos paradigmáticos máis recentes. Resulta patente cales son as terapias e técnicas prototípicas e que constitúen o núcleo desta orientación terapéutica. Non obstante, até a data, non observamos a inclusión das aportacións *vangardistas* nos manuais e programas formativos *para terapeutas cognitivo-condutuais*, polo que poderíamos consideralas como en “*proceso de desenvolvemento, consolidación e/ou verificación*” até que o tempo decida a súa inclusión neste grande grupo de terapias, a súa desaparición ou a súa sobrevivencia como escola ou orientación psicoterapéutica independente ou integradora. A risco de nos equivocarmos, esta podería ser unha posíbel solución para falar do que ocorre na práctica clínica.

Este grupo asume os mesmos criterios de ‘**éxito, fracaso e abandono**’ que se definen para o grupo de Terapia Sistémica.

2.4 Terapia Sistémica (José Luis Rodríguez-Arias Palomo)

Chámase Terapia Familiar Sistémica (TFS) a un conxunto de diferentes focaxes de psicoterapia que teñen en común o feito de asumir a Teoría Xeral dos Sistemas (TXS) como marco para a comprensión e interpretación do comportamento das persoas. A TXS, formulada orixinariamente por von Bertalanffy (Bertalanffy, 1976), aporta ao campo da psicoterapia unha conceptualización diferente dos problemas humanos e da súa resolución. Algunhas das peculiaridades **características** sintetízanse a continuación:

1. O comportamento cobra sentido no contexto en que se produce. A TFS atende máis ao aspecto interpersonal do comportamento que aos aspectos intrapsíquicos.
2. Un cambio nun elemento do sistema afecta necesariamente ao resto dos elementos e ao sistema como totalidade. A TFS esforzase en activar pequenos cambios nun punto accesíbel do sistema co fin de conseguir un novo axuste máis funcional ou saudábel.
3. Substitúese o concepto de causalidade lineal polo de circularidade. A TFS describe o comportamento das persoas nunha espiral que evoluciona ao longo do tempo, na que a orixe se considera arbitraria, e o cambio se desenvolve cara o futuro e a partir da volta actual da espiral, que é representativa igual que calquera outra.
4. Pódese acadar unha mesma meta por camiños diferentes e a partir de orixes diversas (equifinalidade). Para a TFS nin a orixe, nin os pasos intermedios determinan o resultado final. Esta falta de determinación facilita que as decisións terapéuticas se tomen tendo en conta a situación actual e as metas previstas.

A perspectiva baseada na TXS explica **prácticas psicoterapéuticas** coherentes con esta perspectiva teórica. A continuación descríbense algunhas das máis chamativas:

- **Perspectiva interpersonal fronte a intrapsíquica.** Interésase máis polo que pasa entre as persoas que polo que acontece dentro delas. Tanto os problemas (patoloxía) como as súas

solucións (curación) ten que ver co comportamento dunhas persoas con outras e este, secundariamente, pode estar mediado polos procesos intrapsíquicos (sentimentos e pensamentos), aos que só se pode ter acceso a partir do comportamento que exhibe a persoa e que está mediatizada pola relación que con ela se establece. En consecuencia, a comunicación cobra importancia primordial nesta focaxe, xa que é o vehículo a través do que entran en contacto terapeutas e familias (pacientes/clientes). E, para entender e describir a comunicación, a TFS asume e guíase polos axiomas exploratorios da Teoría da Comunicación Humana (Watzlawick, Beavin e Jackson, 1981), identificando comunicación e conduta (axioma 1), atendendo máis ao significado relacional das mensaxes que ao seu contido (axioma 2), introducindo a posibilidade de describir as secuencias comunicativas desde o punto de vista de calquera dos interlocutores (axioma 3), considerando tanto os aspectos verbais coma os non verbais da comunicación (axioma 4) e definindo os intercambios de mensaxes (simétricas ou complementarias) máis que as mensaxes illadas como o foco de interese das intervencións psicoterapéuticas.

- **Interese polo “cambio mínimo” fronte a grandes cambios estruturais.** Pénsase que os sistemas están en permanente cambio e que a patoloxía sistémica supón unha interrupción deste devir, que se substitúe por unha espiral reiterativa no comportamento do sistema e os seus compoñentes, que inhibe o seu desenvolvemento como totalidade, prexudicando necesariamente a cada un dos seus elementos (“*máis do mesmo*” Watzlawick, Weakland e Fisch, 1976). Desde esta perspectiva, o terapeuta só ten que se ocupar de facilitar que calquera dos elementos do sistema implemente un cambio para que, a través dos procesos de relación (reglas de funcionamento) propios do sistema, se acade un novo axuste na totalidade que faga posíbel a evolución do sistema de forma autónoma. Esta práctica permite resolver problemas complexos a través de intervencións simples e deseñar procedementos terapéuticos limitados no tempo con efectos sostidos.

- **Interese polo futuro fronte ao pasado.** Se a orixe dos procesos é arbitraria -e, polo tanto, acordada entre terapeutas e familias-, se a última volta da espiral representa a calquera das interaccións circulares do desenvolvemento histórico e, se o cambio se produce necesariamente no futuro, entón a exploración do pasado convértese en algo opcional. Pode haber algunhas razóns para escoitar os relatos históricos -as máis das veces é necesario para que a familia pense que o terapeuta coñece e comprende as razóns que explican que se chegara á situación actual-, pero non é necesario dispor desta información para desenvolver solucións, xa que estas surxen a partir das metas e dos procesos reiterativos actuais. Consecuentemente, o terapeuta sistémico centra a conversación terapéutica no que as familias queren (obxectivos) e no que fan para conseguilo (solucións)... e no seu resultado. A resolución de cada caso plátexase a partir destes dous elementos: metas e solucións. Esta simplificación técnica fai posíbel abordar sen destruír, nin cousificar, toda a complexidade da interacción humana plasmada na situación clínica.

- ***O futuro non está escrito: todo é posíbel.*** Este “*Optimismo irracional*” (termo acuñado por E. Gutiérrez) cabe a partir do principio de equifinalidade que exhiben os sistemas abertos, como o son as familias coas que se traballa en TFS. O futuro non está determinado, pero si é predicíbel a partir do coñecemento das regras de interacción que funcionan nun sistema de comportamento entre persoas. E o peculiar dos sistemas compostos por persoas é que as predicións cara o futuro son de natureza probabilística. Isto supón que en TFS non se funciona con -nin se aspira a- certezas, e si a coñecer, con maior grao de seguridade, a probabilidade dun comportamento se se acadan determinadas circunstancias. Este plantexamento condicional e probabilístico garante a seguridade das intervencións terapéuticas. Estas deséñanse tendo en conta o axuste ao sistema (familia) co que se está a traballar e corríxense en función do seu resultado. Desta forma, as intervencións sistémicas non están aprioristicamente determinadas, pero si que son previsíbeis a partir da descrición da situación clínica e das regras de toma de decisións terapéuticas (Rodríguez-Arias e Venero, 2006).

Tres puntualizacións ou matices a xeito de **conclusión**:

1ª) A TFS toma o nome de “*familiar*” porque o sistema de comportamento humano en que as relacións son máis intensas é, precisamente, a familia. A intensidade dunha relación está en función da capacidade que ten o comportamento dunha persoa para producir benestar e malestar noutra e viceversa. As interaccións na familia, non só son as máis intensas as que teñen maior capacidade de producir benestar e malestar, senón tamén as máis frecuentes. Non obstante, a TFS pódese aplicar e aplícase en calquera outro contexto interaccional: traballo, escola, amizades... Da mesma maneira, a TFS pode abordar problemas persoais que non dependan da interacción entre persoas e si da interacción entre os sistemas que compoñen o sistema psicolóxico total da persoa -Sistema sensorial, motor, afectivo, cognitivo, de estilos e valores (Royce e Powell, 1981). Trátase, polo tanto, duns procedementos psicoterapéuticos que sitúan os seus límites nos propios da imaxinación do profesional que os aplica.

2ª) A TFS desenvolveu algunhas técnicas propias -a prescrición paradóxica e a restruturación son dous exemplos notábeis-, ao igual que outras focaxes psicoterapéuticas, pero a súa peculiaridade está no marco teórico desde o que se abordan os problemas humanos e a súa resolución (a TXS) e non tanto nas técnicas, que pode incorporar as de calquera outra escola de psicoterapia aplicándoas ao cambio sistémico e dándolles un sentido coherente coas regras do funcionamento sistémico.

3ª) E todo o escrito até aquí non é “*Verdade*”. É só unha forma de ver as cousas desde unha perspectiva particular: a TXS. A maior parte das focaxes psicoterapéuticas sistémicas asumen o Construtivismo Radical (Watzlawick, von Foerster, von Glasersfeld, Maturana, Varela) e o Construcionismo Social (Berger, Luckmann) como Epistemoloxía a partir da que se entende e aplica todo o entramado teórico e todas as habilidades técnicas dispoñíbeis. Saber que <a “*Realidade*” non é un *a priori* a descubrir senón un mundo por inventar> caracteriza ao

terapeuta sistémico, utilizando palabras de Paul Watzlawick, como responsábel do seu mundo, tolerante co dos demais e libre para organizalo segundo os seus desexos.

En canto á **avaliación do resultado**, neste grupo **“Abandono”** considérase cando os pacientes non acoden á segunda sesión, cando esta foi pactada; **“Éxito”** cando hai criterios de mellora ou resolución, tal e como se describe en Rodríguez-Arias e Venero (2006); e **“Fracaso”** cando non se cumpren criterios de éxito. No **seguimento**, requírese que haxa catro dos sete indicadores na dirección de éxito ou catro dos sete indicadores na dirección de fracaso. Cando non se dispón de todos os indicadores, mantense o criterio de que a maioría dos indicadores vaian na dirección de éxito, para os éxitos e de fracaso para os fracasos.

III. Constructos sobre a profesión.- Estudo de Campos Semánticos: Análise preliminar dos grupos de discusión de psicólogos (Juan Rodríguez Marticorena e Juan Luis Pintos de Cea-Naharro)

3.1 Introducción

Desde a teoría dos Imaxinarios Sociais orientámonos ao uso de técnicas de investigación social que respondan con maior proximidade á cuestión plantexada. Neste caso consideramos que a técnica do grupo de discusión cumpre as expectativas de establecer os discursos propios das diferentes tendencias na práctica da psicoloxía clínica. Pareceunos desde o principio que había que investigar aqueles paradigmas que máis éxito están a ter na actualidade, como son a perspectiva psicanalítica e a perspectiva cognitivo-condutual. Por iso se estableceron dúas sesións con cada unha das tendencias, variando as compoñentes de cada grupo. Dentro das demais tendencias que se encontran na práctica decidimos incluír a perspectiva sistémica e a perspectiva psicodramática, por razóns de dispoñibilidade de suxeitos de ambas dispostos a participar na investigación. Realizamos tamén sobre esas tendencias dúas sesións con cada unha delas. En total, celebramos oito sesións de grupo de discusión con 52 participantes.

O protocolo que seguimos foi o seguinte: despois dunha introdución do moderador na que se aclaraba que as discusións teóricas e ideolóxicas non nos interesaban nesta investigación, centrábase a temática no que os diferentes grupos facían na práctica clínica, desde como chegaban á consulta os pacientes (a discusión sobre o uso da palabra “paciente” acostumaba abrir o intercambio entre os participantes), como se dirixían a eles, como establecían o diagnóstico, como desenvolvían as terapias e como acababan a relación terapéutica. Os tempos útiles das discusións tiveron unha duración á volta dos noventa minutos.

3.2 Metodoloxía

A adquisición do coñecemento científico no ámbito do social plantexa unhas dificultades de difícil resolución coas metodoloxías tradicionais. As técnicas experimentais de laboratorio ou as

pacientes observacións do naturalista non son moi adecuadas para revelar a complexidade das relacións sociais.

Na práctica, a riqueza de matices que se desdobra nos protocolos máis especializados constitúe unha barreira difícil de salvar con limpeza, aínda que unha forma de sortear esta dificultade consiste en recorrer ao concurso de expertos. Outra dificultade, que deriva da interferencia das expectativas do observador, aconsella a utilización de métodos cualitativos.

Unha aproximación sociocibernética consiste en realizar unha observación de segunda orde das observacións de primeira orde que realizan os expertos. Con iso resólvense as dúas dificultades anteriores.

A técnica de grupos de discusión é idónea porque reúne un grupo de expertos e propón unha conversación lixeiramente orientada ao tema do debate. Cada unha das persoas, especialistas na área en observación, desenvolve o seu discurso argumentando en competición-colaboración co resto dos membros do grupo. Así constrúese un discurso que, considerado como un emerxente grupal, é susceptible de análise polos observadores de segunda orde, que xa non precisan ser expertos na área en observación, senón na tarefa de observar e analizar observacións de primeira orde.

Entre os colectivos que interveñen no ámbito da saúde mental encóntranse aqueles psicólogos colexiados que se dedican á psicoterapia. Pero non é este un colectivo uniforme en estilo e maneiras, senón que se aprecian diferenzas que se poden interpretar como resultado da adscrición a unha determinada escola ou modelo clínico.

Isto é así na medida en que tal adscrición é considerada como identificativa polos elaboradores do discurso terapéutico. O obxectivo do estudo proposto é o de aprofundar nos diferentes estilos de intervención terapéutica, tal como se describen nos discursos que desenvolven os seus produtores.

Pódese argumentar que hai algo máis que discurso na interacción social e a relación terapéutica. É posíbel, pero tamén discutíbel. Non así a presenza vertebral do discurso, que é incontestábel. Xa desde as orixes, mediante o discurso, adquirense e demóstranse os coñecementos discentes. E de aí en diante seguen entrelazándose discursos e narracións.

Así pois, analizamos discursos. Primeiro codificámoslos, despois intentamos desentrañar a estrutura subxacente, e posteriormente observámoslos desde diferentes puntos de vista, algúns deles suxeridos polas análises previas desde puntos de vista diferentes. Como non perseguimos absolutos, interésannos máis que nada os datos relativos e os comparativos. Especialmente revelador é o código de relevancia/opacidade, que considera relevantes os datos que expresa só un grupo e opacos os que expresan todos os grupos menos un. E así, comparando as relevancias e opacidades, describimos as diferenzas entre discursos e campos semánticos.

Así, tras repasar e corrixir os textos das transcripcións procedeuse á súa codificación. No presente caso trátase de oito transcripcións correspondentes a oito grupos de discusión. Para o

procedemento de análises, as categorías lingüísticas coas que se traballa non teñen por que coincidir exactamente coas definidas pola morfosintaxe (palabra, oración, frase, etc.).

O primeiro proceso é o de segmentación: cada discusión divídese en emisións. E unha emisión é un segmento asignado a un emisor que trata sobre un certo tema. Pode ser desde un monosílabo até unha parrafada, pero caracterízase porque o emisor é único, o discurso que contén é continuo e versa sobre o mesmo tema. Se o emisor cambia de tema, ábrese unha nova emisión. Se outro emisor intercala unha emisión non se incrusta na emisión interrompéndoa, senón que se traslada a continuación.





Fig. 1

Cada texto comeza cunha marca para o título, seguido por unha serie de parágrafos correspondentes a cada unha das emisións, etiquetadas co código asignado ao seu emisor.

Unha vez codificados os textos sométense a procesamento co auxilio da nosa ferramenta de análise. Primeiramente, defínese o proxecto asignando, os textos que vamos someter a estudo.




Título	Fichero	Em.	Letr.	Pal.	Fr. Pár.
cognitivo_conduct	f:\discutr\psi\cc1.txt	9	29,619	6,584	247 111
cognitivo_conduct	f:\discutr\psi\cc2.txt	5	49,219	11,428	893 290
Psicoanálisis 1	f:\discutr\psi\pa1.txt	8	59,688	13,349	1,046 370
Psicoanálisis 2	f:\discutr\psi\pa2.txt	8	44,344	9,946	696 383
Psicodrama 1	f:\discutr\psi\pd1.txt	7	37,068	8,163	352 217
Psicodrama 2	f:\discutr\psi\pd2.txt	4	32,265	7,473	528 208
Totales del emisor del párrafo seleccionado		5,700	1,235	50	29

Emisor	Letr.	Pal.	Fr.
CC1MO	237	41	2
CC1V1	346	64	3
CC1H1	446	107	1
CC1V1	71	17	1
CC1H1	5	4	3
CC1H2	52	14	1
CC1V1	72	17	2
CC1H1	87	26	2
CC1H2	192	42	1
CC1H1	7	2	1
CC1H2	111	24	1
CC1V2	506	107	1
CC1V1	68	18	2
CC1V2	31	8	1
CC1V1	163	35	1
CC1H2	303	78	2
CC1H3	208	48	4

El paciente que pide ir al psicólogo tiene una visión clara de lo que espera en general.

Fig. 2

Nunha primeira fase considéranse todos os textos e todos os emisores (incluídos os moderadores) co obxecto de construír un corpus global da área en estudo. Sobre este corpus xérase o glosario.



Emisor	Grupo	Letras	L/P	Pal.	P/F	Fras.	F/P	Pár.
CC1H1	CC	3,587	4,35	824	23,54	35	3,18	11
CC1H2	CC	8,397	4,28	1,958	29,22	67	2,03	33
CC1H3	CC	2,770	4,30	644	37,88	17	2,42	7
CC1H4	CC	2,826	4,71	599	27,22	22	2,44	9
CC1Hx	CC	930	4,60	202	33,66	6	3,00	2
CC1MO	MO	1,993	4,98	400	14,81	27	2,45	11
CC1V1	CC	5,700	4,61	1,235	24,70	50	1,72	29
CC1V2	CC	2,638	4,69	562	25,54	22	2,75	8
CC1V4	CC	778	4,86	160	**, **	1	1,00	1
CC2H4	CC	6,538	4,36	1,499	14,14	106	2,16	49
CC2MO	MO	4,548	4,45	1,020	12,14	84	2,62	32
CC2V1	CC	13,635	4,38	3,109	18,28	170	3,26	52
CC2V2	CC	15,222	4,12	3,688	10,47	352	4,34	81
CC2V3	CC	9,276	4,39	2,112	11,66	181	2,38	76
PA1H1	PA	26,120	4,52	5,773	13,84	417	3,30	126
PA1H2	PA	3,171	4,26	744	10,19	73	2,60	28
PA1H3	PA	764	4,12	185	10,88	17	1,54	11
PA1H4	PA	2,141	4,45	481	8,15	59	2,18	27
PA1H5	PA	1,258	4,55	276	13,14	21	2,33	9
PA1H6	PA	712	4,56	156	10,40	15	1,50	10
PA1H7	PA	13,479	4,50	2,989	12,40	241	3,12	77
PA1MO	MO	12,043	4,38	2,745	13,52	203	2,47	82
PA2H1	PA	14,421	4,36	3,305	17,03	194	2,28	85
Total	54	Sumas		301,993	68,008	4,34		1,864
SeL	46	Medias		5,592	4,44	1,259	15,67	80
						2,32		34

Fig.3

Como se pode observar, os emisores finalmente considerados son 46 (44 en realidade), sumando 301.993 letras en 68.008 palabras e 1.864 emisións.

Obsérvese que dous emisores, en vez de se numerar, márcanse cunha incógnita. Isto é debido a que, durante o proceso de transcripción, non se puideron identificar, en cuxo caso se opta por asignar a emisión a un emisor ficticio.

Nesta primeira fase non é necesario asignar grupos aos emisores, aínda que é unha das opcións esenciais para flexibilizar a análise. No caso que nos ocupa, dun total de 54 emisores podemos seleccionar un subconxunto para a análise e distribuír os emisores en diferentes grupos de acordo con diferentes criterios. No presente estudo consideraremos unicamente a adscripción, pero os emisores poderíanse agrupar de moitas formas diferentes, considerando, por exemplo, o sexo ou a experiencia,



Fig. 4

Sobre o glosario xerado procésanse os termos significativos, separando os lexemas dos morfemas. Como en calquera proceso de minería de datos, débese separar a mena da ganga. Só interesa considerar o refinado valioso e por iso os morfemas, moi abundantes no discurso, son ignorados no procedemento.

Eliminados os morfemas, procésanse os lexemas restantes. O que son utilizados por un só emisor unha vez, ou por dous emisores, unha vez cada un, son ignorados, porque acostuman corresponder a "*ecos do debate*". Tamén hai que suprimir da análise todos os lexemas de uso común e significado xeral. Ademais, hai que identificar os lexemas compostos, como por exemplo "*relación terapéutica*".

Como se pode observar, o glosario global comprende 6.069 termos, pero considéranse finalmente 639 lexemas con posíbel valor de significado.

O seguinte paso consiste en abstraer os campos semánticos nos que se van categorizar os lexemas.

Trás minuciosas análises conclúese que se controlan oito campos semánticos relevantes no proceso terapéutico: catro axentes e catro ámbitos de actividade. Os axentes son: o **paciente**, o **terapeuta**, as **institucións** e o resto da **sociedade**. Os ámbitos son: **doenza**, as **técnicas** ou encadramentos que utilizan os terapeutas, o **tratamento** da doenza e chamaremos **motivos** ao resto das actividades e capacidades do paciente á marxe da súa doenza.

As posíbeis relacións entre estes campos esbózanse na seguinte figura:




Fig. 5

Unha vez categorizados os lexemas segundo os campos semánticos establecidos, obtemos os datos que se reflicten na seguinte táboa.

	<i>Extensión</i>	<i>Intensidade</i>	<i>Densidade</i>	<i>Comúns</i>	<i>Relevantes</i>	<i>Opacos</i>
<i>Sociedade</i>	41	758	18,49	16	1	13
<i>Paciente</i>	18	699	38,83	5	3	5
<i>Terapeuta</i>	23	382	16,61	8	3	8
<i>Institución</i>	12	152	12,67	3	1	6
<i>Motivos</i>	119	1.050	8,82	22	15	38
<i>Doenza</i>	62	977	15,76	16	6	15
<i>Tratamento</i>	149	2.170	14,56	52	18	39
<i>Técnicas</i>	215	2.290	10,65	37	48	65
Totais	639	8.478		159	95	189

Táboa 1

Esta táboa parece confirmar que os campos están ben deseñados e categorizados, porque as distribucións de densidades, relevancias e opacidades se axustan ás previsíbeis nunha mostra suficiente.

É evidente que se pode fiar máis fino. Por exemplo, o campo máis extenso, o das técnicas psicoterapéuticas, pódese desglosar máis pormenorizadamente pero, aínda que tal vez así se axustase con maior precisión aos campos semánticos realmente operativos nos observadores de primeira orde, isto non simplificaría nin facilitaría a análise de segunda orde. Logo dunha análise preliminar, se a cantidade e natureza dos datos recadados así o aconsellase, poderíanse reclasificar os campos necesarios para proceder a unha nova análise cun maior grao de detalle nalgún campo particular.




Fig. 6

Cada un dos lexemas clasifícase nun dos oito campos e con isto conclúe o procesamento previo á explotación dos datos obtidos. A partir de aquí, pódense realizar diferentes prospeccións e explotacións de datos mediante o expediente de repetir os procedementos de selección de textos, selección de emisores, agrupamento de emisores, xeneración de glosarios e procesamento de lexemas e sememas.

No caso que nos ocupa, prescindimos, como se ve na Fig. 3, dos moderadores e asignamos a cada un dos emisores a súa correspondente adscripción metodolóxica, co que se definen catro grupos de emisores.

Os primeiros resultados globais obtéñense como unhas estatísticas dos textos que se pode comprobar a continuación:

Estadísticas de textos I													
Emisores Cc1h1, cc1h2, cc1h3, cc1h4, cc1hx, cc1mo, cc1v1, cc1v2, cc1v4.													
Título	Emi.	Letr.	L/E	L/P	Palab.	P/E	P/F	Fras.	F/E	F/P	Párr.	P/E	L/P
cognitivo_conx	9	29.619	3.291	4,49	6.584	731	26,65	247	27,44	2.225	111	12,33	266,83
cognitivo_cont	5	49.219	9.843	4,30	11.428	2.285	12,79	893	178,60	3.079	290	58,00	169,72
Psicoanálisis 1	8	59.688	7.461	4,47	13.349	1.668	12,76	1.046	130,75	2.827	370	46,25	161,31
Psicoanálisis 2	8	44.344	5.543	4,45	9.946	1.243	14,29	696	87,00	1.817	383	47,87	115,78
Psicodrama 1	7	37.068	5.295	4,54	8.163	1.166	23,19	352	50,28	1.622	217	31,00	170,82
Psicodrama 2	4	32.265	8.066	4,31	7.473	1.868	14,15	528	132,00	2.538	208	52,00	155,12
Sistémica 1	6	45.727	7.621	4,53	10.077	1.679	18,09	557	92,83	3.688	151	25,16	302,82
Sistémica 2	7	43.028	6.146	4,46	9.638	1.376	13,92	692	98,85	1.562	443	63,28	97,12
Sumas	54	340.958	6.314	4,44	76.658	1.419	15,29	5.011	92,79	2.306	2.173	40,24	156,90
Título	Emi.	Letr.	L/E	L/P	Palab.	P/E	P/F	Fras.	F/E	F/P	Párr.	P/E	L/P
cognitivo_conx	16,66	8,68	52,12	101,14	8,58	51,53	174,24	4,92	29,57	96,49	5,10	30,64	170,06
cognitivo_cont	9,25	14,43	155,90	96,83	14,90	161,00	83,65	17,82	192,46	133,53	13,34	144,13	108,16
Psicoanálisis 1	14,81	17,50	118,16	100,52	17,41	117,54	83,42	20,87	140,90	122,59	17,02	114,93	102,81
Psicoanálisis 2	14,81	13,00	87,78	100,24	12,97	87,57	93,41	13,88	93,75	78,80	17,62	118,97	73,78
Psicodrama 1	12,96	10,87	83,86	102,09	10,64	82,14	151,59	7,02	54,18	70,34	9,88	77,03	108,86
Psicodrama 2	7,40	9,46	127,75	97,07	9,74	131,60	92,51	10,53	142,24	110,08	9,57	129,22	98,86
Sistémica 1	11,11	13,41	120,70	102,02	13,14	118,30	118,26	11,11	100,03	159,95	6,94	62,54	192,99
Sistémica 2	12,96	12,61	97,35	100,37	12,57	96,98	91,04	13,80	106,53	67,73	20,38	157,26	61,90

Fig. 7

Aquí pódense apreciar as diferenzas entre os grupos de discusión, considerando que os datos da táboa superior son absolutos e os da inferior son promedios. Apréciase unha anomalía no primeiro grupo cognitivo-condutual, pois co maior número de emisores dáse o menor número de emisións, aínda que cada unha cunha grande cantidade de palabras como promedio. Podería interpretarse esta peculiaridade de diferentes formas, pero non parece unha característica da adscrición, xa que o segundo grupo, con só a metade de membros, case duplica a cantidade de emisións. En calquera caso, esta anomalía establece un punto de desconfianza en relación á validez dos datos deste grupo.

No resto dos grupos apréciase unha variación razoábel nos estadígrafos simples que describen as súas transcripcións. O primeiro grupo de psicanálise é o máis locuaz e, como puidemos comprobar noutros casos, cando os observadores de primeira orde son especialistas, os grupos reducidos proporcionan maior cantidade de información relativa: as emisións son máis longas e explicativas.

Como nesta investigación, os datos dos emisores permanecen no anonimato, as peculiaridades dos emisores individuais omítense e acumúlanse e promedian nun “*observador colectivo abstracto*” que representaría a cada unha das escolas terapéuticas.

Estadísticas de grupos I														
Emisores CC1h1, CC1h2, CC1h3, CC1h4, CC1h5, CC1v1, CC1v2, CC1v4, CC2h4, CC2v1, CC2v2, CC2v3.														
Grupo	Emi.	Letras	L/E	L/P	Palab.	P/E	P/F	Frases	F/E	F/P	Párr.	P/E	L/P	
CC	12	72.297	6.024	4,35	16.592	1.382	16,12	1.029	85,75	2,874	358	29,83	201,94	
PA	14	86.647	6.189	4,47	19.358	1.382	13,38	1.446	103,28	2,324	622	44,42	139,30	
PD	9	60.032	6.670	4,41	13.608	1.512	18,56	733	81,44	2,168	338	37,55	177,60	
PS	11	83.017	7.547	4,49	18.450	1.677	16,29	1.132	102,90	2,073	546	49,63	152,04	
Sumas	46	301.993	6.565	4,44	68.008	1.478	15,67	4.340	94,34	2,328	1.864	40,52	152,01	
Grupo	Emi.	Letr.	L/E	L/P	Palab.	P/E	P/F	Fras.	F/E	F/P	Párr.	P/E	L/P	
CC	26,08	23,94	91,76	98,12	24,39	93,52	102,89	23,70	90,88	123,44	19,20	73,62	124,64	
PA	30,43	28,69	94,27	100,79	28,46	93,52	85,43	33,31	109,47	99,84	33,36	109,64	85,98	
PD	19,56	19,87	101,60	99,34	20,00	102,27	118,47	16,88	86,32	93,13	18,13	92,68	109,62	
PS	23,91	27,48	114,95	101,32	27,12	113,44	104,01	26,08	109,07	89,04	29,29	122,49	93,84	

Fig. 8

Isto é o que podemos apreciar no gráfico anterior. Coma antes, na táboa superior están os datos absolutos e na inferior os relativos ou ponderados. Podemos apreciar que os sistémicos utilizan as palabras máis longas e os cognitivo-condutuais as máis curtas, os sistémicos son os máis elocuentes e os psicodramatistas os máis concisos, os psicanalistas usan as frases máis curtas e os psicodramatistas as máis longas, etc.

Grupos - Frecuencias relativas											
Lexema	F	Párr.	Emi.	F/E	F/P	Fr	CC.	PA.	PD.	PS.	
paciente	315	218	43	7,32	1,44	3,70	6,01	3,38	3,59	2,12	
trabajo	157	130	38	4,13	1,20	1,84	1,42	2,30	1,98	1,61	
problema	150	101	32	4,68	1,48	1,76	3,15	0,19	1,36	2,50	
persona	146	105	36	4,05	1,39	1,71	1,33	0,75	3,40	1,91	
gente	122	95	28	4,35	1,28	1,43	1,33	1,03	1,73	1,74	
pacientes	121	94	32	3,78	1,28	1,42	2,71	1,07	0,92	1,01	
trabajar	112	90	31	3,61	1,24	1,31	1,37	0,63	2,10	1,44	
diagnóstico	110	64	29	3,79	1,71	1,29	2,11	0,47	1,36	1,40	
psicoanálisis	87	64	14	6,21	1,35	1,02	0,09	3,38			
cliente	86	57	18	4,77	1,50	1,01	0,54		0,37	2,93	
demanda	79	62	25	3,16	1,27	0,92	1,03	0,71	1,11	0,93	
sesión	76	60	20	3,80	1,26	0,89	0,34	1,03	0,18	1,69	
casos	75	62	26	2,88	1,20	0,88	0,83	0,55	0,55	1,48	
personas	74	62	24	3,08	1,19	0,86	0,78	0,43	0,99	1,31	
terapia	71	58	28	2,53	1,22	0,83	1,28	0,39	0,80	0,93	
consulta	68	53	23	2,95	1,28	0,79	1,28	0,71	0,49	0,67	
sujeto	67	46	15	4,46	1,45	0,78	0,44	2,10	0,06	0,16	
tratamiento	65	48	20	3,25	1,35	0,76	0,54	0,19	0,61	1,65	
objetivos	64	39	19	3,36	1,64	0,75	1,37	0,03	0,37	1,23	
síntoma	59	34	16	3,68	1,73	0,69	0,44	1,71	0,24	0,12	
final	59	43	22	2,68	1,37	0,69	0,24	1,31	0,30	0,67	
interpretación	58	41	11	5,27	1,41	0,68	0,09	2,22			
analista	57	40	11	5,18	1,42	0,67		2,26			
sentido	55	33	14	3,92	1,66	0,64	0,24	1,67	0,30	0,12	
privada	54	46	24	2,25	1,20	0,63	1,03	0,35	1,23	0,16	
análisis	54	45	17	3,17	1,20	0,63	0,34	1,83	0,06		
Total	648			8,508							

Fig. 9

Pasando a datos máis significativos, no gráfico anterior podemos apreciar como se distribúen entre os diferentes grupos as frecuencias relativas ponderadas dos lexemas máis utilizados. É moi chamativo o feito de que o termo máis utilizado con grande diferenza é o de “*paciente*” (315), máis do duplo que o seguinte, “*traballo*” (157). Claro que se agregamos “*traballar*” (112) a diferenza diminúe en dous terzos. Pero o seguinte gráfico comparativo proporciona información máis reveladora:

Grupos - Fre			Grupos - Fre			Grupos - Fre			Grupos - Fre		
Lexema	CC		Lexema	PA		Lexema	PD		Lexema	PS	
paciente	6,01		psicoanálisis	3,38		paciente	3,59		cliente	2,81	
problema	3,00		paciente	3,38		persona	3,40		problema	2,64	
pacientes	2,80		trabajo	2,30		trabajar	2,10		paciente	2,28	
diagnóstico	2,07		analista	2,26		trabajo	1,98		persona	1,91	
protocolo	1,60		interpretación	2,22		gente	1,73		gente	1,67	
trabajar	1,45		sujeto	2,10		grupo	1,54		trabajo	1,62	
trabajo	1,40		análisis	1,83		problema	1,36		sesión	1,62	
objetivos	1,40		síntoma	1,71		diagnóstico	1,36		tratamiento	1,58	
gente	1,40		sentido	1,67		privada	1,23		modelo	1,54	
persona	1,29		final	1,31		demanda	1,11		casos	1,54	
terapia	1,24		psicoanalista	1,23		psicodrama	1,05		diagnóstico	1,46	
objetivo	1,14		deseo	1,11		escena	1,05		trabajar	1,38	
consulta	1,08		vida	1,07		terapeuta	0,99		personas	1,26	
psiquiatra	0,98		pacientes	1,07		personas	0,99		objetivos	1,22	
privada	0,98		sesión	1,03		técnicas	0,92		cita	1,22	
demanda	0,98		gente	1,03		situación	0,92		familia	1,14	
forma	0,93		transferencia	0,99		pacientes	0,92		equipo	1,14	
médico	0,88		técnica	0,91		trabajamos	0,86		cambiar	1,05	
hora	0,88		queja	0,91		terapia	0,80		pacientes	1,01	
trastorno	0,83		clínica	0,83		terapéutico	0,80		terapia	0,97	
psicólogo	0,83		analizante	0,83		pública	0,80		demanda	0,97	
personas	0,83		social	0,79		técnica	0,74		problemas	0,85	
idea	0,77		freud	0,79		vida	0,68		consulta	0,85	
trabajamos	0,72		persona	0,75		psiquiatra	0,68		médico	0,81	
hombre	0,72		mal	0,75		psicólogo	0,68		soluciones	0,77	
casos	0,72		goce	0,75		problemas	0,68		programa	0,77	
Total	648	8.508	Total	648	8.508	Total	648	8.508	Total	648	8.508

Fig. 10


Aquí pódense apreciar as diferenzas entre os glosarios utilizados polos catro estilos terapéuticos e as prioridades que se establecen en cada un.

Calquera interpretación precipitada da comparativa anterior debería ser considerada con reservas. As diferenzas parecen ser significativas e prometedoras, pero esixen un rastreo de concordancias máis detallado para ser concluíntes. Entre tanto, pasaremos directamente á análise das relevancias e as opacidades nos campos semánticos.

A continuación, para cada campo semántico definido, ordénanse os lexemas pola súa frecuencia destacando os de uso común en verde, os relevantes (que só usa un grupo) en vermello e os opacos (que non usa só un grupo) en azul.

Amosamos seguidamente os resultados para cada un dos campos:


Lexemas comúns do campo “doenza”:



Lexema	Fr.	Párr.	Emi.	F/E	F/P	F.R.	CC.	PA.	PD.	PS.
problema	150	101	32	4,68	1,48	23,07	3,00	0,19	1,36	2,64
diagnóstico	110	64	29	3,79	1,71	16,92	2,07	0,47	1,36	1,46
casos	75	62	26	2,88	1,20	11,53	0,72	0,55	0,55	1,54
sintoma	59	34	16	3,68	1,73	9,07	0,46	1,71	0,24	0,12
problemas	45	32	18	2,50	1,40	6,92	0,62	0,03	0,68	0,85
mal	44	37	21	2,09	1,18	6,76	0,46	0,75	0,61	0,24
queja	38	26	13	2,92	1,46	5,84	0,05	0,91	0,12	0,48
depresión	24	16	10	2,40	1,50	3,69	0,41	0,03	0,43	0,32
trastorno	22	18	12	1,83	1,22	3,38	0,83	0,07	0,06	0,12
salud	21	19	14	1,50	1,10	3,23	0,36	0,19	0,12	0,28
sintomas	19	11	10	1,90	1,72	2,92	0,57	0,19	0,12	0,04
quejas	12	11	8	1,50	1,09	1,84	0,15	0,07	0,06	0,24
patología	12	11	10	1,20	1,09	1,84	0,31	0,11	0,12	0,04
fase	8	7	5	1,60	1,14	1,23	0,05	0,03	0,18	0,12
dsm	6	6	6	1,00	1,00	0,92	0,05	0,03	0,06	0,12
diagnósticos	5	5	5	1,00	1,00	0,76	0,10	0,03	0,06	0,04
Total	26	16	650							

Fig. 11

Lexemas relevantes do campo “doenza”:



Lexema	Fr.	Párr.	Emi.	F/E	F/P	F.R.	CC.	PA.	PD.	PS.
neurosis	9	8	4	2,25	1,50	31,03		0,35		
subjetiva	7	5	3	2,33	1,40	24,13		0,27		
fibromialgia	4	2	2	2,00	2,00	13,79		0,13		
duele	4	3	2	2,00	1,33	13,79			0,24	
subjetividad	3	3	3	1,00	1,00	10,34		0,11		
sintomático	2	2	1	2,00	1,00	6,89		0,07		
Total	26	6	29							

Fig. 12

Lexemas opacos do campo “doença”:

Semema		Reclasificar		Mostrar						
aceptación		enfermedad		Todos	Comunes	Relevantes	Opacos			
actividad										
colectivo										
cuidador										
diagnóstico										
enfermedad										
familia										
familiar										
formación										
importante										
indefinido										
individuo										
institución										
lugar										
medicación										
motivos										
paciente										
rol										
roles										
síntomas										
sociedad										
técnicas										
terapeuta										
tiempo										
trabajo										
tratamiento										
Total	26	Total	15	155						

Fig. 13

Lexemas do campo “*institución*”:

Sememas

Reclasificar **Mostrar**

Institución   ☒ Todos ☐ Comunes ☐ Relevantes ☐ Opacos

Semema	Lexema	Fr.	Párr.	Emi.	F/E	F/P	F.R.	CC.	PA.	PD.	PS.
aceptación	centro	29	23	11	2,63	1,26	19,07	0,15	0,31	0,18	0,61
actividad	unidad	23	19	12	1,91	1,21	15,13	0,15	0,15	0,49	0,32
colectivo	institución	22	17	8	2,75	1,29	14,47	0,10	0,63	0,24	
cuidador	servicio	19	14	11	1,72	1,35	12,50	0,10	0,19	0,06	0,44
diagnóstico	hospital	16	14	9	1,77	1,14	10,52		0,03	0,43	0,32
enfermedad	servicios	14	14	9	1,55	1,00	9,21	0,20	0,03		0,36
familia	instituciones	6	5	4	1,50	1,20	3,94		0,19	0,06	
familiar	asociación	6	6	4	1,50	1,00	3,94		0,07	0,13	0,04
formación	institucional	3	3	4	1,25	1,00	3,28		0,19		
importante	hospitalario	4	4	3	1,33	1,00	2,63		0,03	0,06	0,08
indefinido	colegio	4	4	4	1,00	1,00	2,63	0,05	0,03		0,08
individuo	centros	4	4	4	1,00	1,00	2,63		0,03		0,12
institución											
lugar											
medicación											
motivos											
paciente											
rol											
roles											
síntomas											
sociedad											
técnicas											
terapeuta											
tiempo											
trabajo											
tratamiento											
Total		26	12	152							

Fig. 14

Lexemas comúns do campo “motivos”:

Sememas										
Semema		Reclasificar		Mostrar						
motivos				Todos		Comunes				
Lexema	Fr.	Párr.	Emi.	F/E	F/P	F.R.	CC.	PA.	PD.	PS.
demanda	79	52	25	3,16	1,27	18,20	0,98	0,71	1,11	0,97
sentido	55	33	14	3,92	1,66	12,67	0,25	1,67	0,30	0,12
vida	51	47	22	2,31	1,08	11,75	0,31	1,07	0,68	0,28
situación	39	32	21	1,85	1,21	8,98	0,31	0,23	0,92	0,48
acuerdo	34	32	22	1,54	1,06	7,83	0,51	0,47	0,37	0,24
pregunta	27	25	18	1,50	1,08	6,22	0,20	0,67	0,06	0,20
mental	22	20	13	1,69	1,10	5,06	0,41	0,23	0,12	0,24
condencia	14	10	8	1,75	1,40	3,22	0,10	0,03	0,18	0,32
necesario	12	11	10	1,20	1,09	2,76	0,20	0,15	0,18	0,04
relaciones	11	11	10	1,10	1,00	2,53	0,10	0,07	0,18	0,16
necesita	9	9	9	1,00	1,00	2,07	0,05	0,07	0,12	0,08
vivir	8	7	6	1,33	1,14	1,84	0,05	0,15	0,12	0,04
preguntan	8	6	5	1,60	1,33	1,84	0,20	0,03	0,06	0,08
entiendo	8	8	8	1,00	1,00	1,84	0,05	0,07	0,18	0,08
crear	8	5	5	1,60	1,60	1,84	0,10	0,07	0,12	0,08
actuación	8	7	6	1,33	1,14	1,84	0,10	0,03	0,06	0,16
acaba	8	8	7	1,14	1,00	1,84	0,05	0,07	0,18	0,08
preguntar	7	7	7	1,00	1,00	1,61	0,05	0,11	0,06	0,08
esperar	7	7	5	1,40	1,00	1,61	0,05	0,07	0,12	0,08
decidir	7	6	6	1,16	1,16	1,61	0,05	0,07	0,12	0,08
acabar	7	7	6	1,16	1,00	1,61	0,10	0,03	0,18	0,04
preguntando	5	5	5	1,00	1,00	1,15	0,05	0,03	0,06	0,08
Total	26	22	434							

Fig. 15

Lexemas relevantes do campo “motivos”:

Sememas										
Semema		Reclasificar		Mostrar						
motivos				Todos		Relevantes				
Lexema	Fr.	Párr.	Emi.	F/E	F/P	F.R.	CC.	PA.	PD.	PS.
deseos	28	15	8	3,50	1,86	31,81		1,11		
goces	19	8	3	6,33	2,37	21,59		0,75		
humor	8	3	1	8,00	2,66	9,09		0,31		
amor	3	3	3	1,66	1,66	5,68		0,19		
religión	4	4	3	1,33	1,00	4,54		0,15		
preguntamos	4	4	4	1,00	1,00	4,54			0,16	
sexual	3	3	2	1,50	1,00	3,40			0,18	
motivacional	3	3	3	1,00	1,00	3,40	0,15			
gostar	3	3	3	1,00	1,00	3,40		0,11		
entendida	3	3	2	1,50	1,00	3,40		0,11		
éxitos	2	2	2	1,00	1,00	2,27			0,08	
creencias	2	2	2	1,00	1,00	2,27			0,08	
actividades	2	2	2	1,00	1,00	2,27			0,12	
cognitivo	1	1	1	1,00	1,00	1,13	0,05			
acabado	1	1	1	1,00	1,00	1,13				0,04
Total	26	15	88							

Fig. 16

Lexemas opacos do campo “motivos”:

Sememas										
Semema	Reclasificar			Mostrar						
	motivos			Todos			Comunes Relevantes Opacos			
Lexema	Fr.	Párr.	Emi.	F/E	F/P	F.R.	CC.	PA.	PD.	PS.
gusta	21	17	11	1,90	1,23	5,68		0,07	0,30	0,57
espera	16	15	9	1,77	1,06	5,09	0,57	0,03		0,16
pregunto	15	13	8	1,87	1,15	4,77	0,36		0,12	0,24
motivación	15	13	8	1,87	1,15	4,77	0,41		0,24	0,12
abandono	14	10	6	2,33	1,40	4,45	0,05	0,03		0,48
sensación	13	11	5	2,60	1,18	4,14	0,31		0,18	0,16
preguntas	13	11	8	1,62	1,18	4,14	0,10	0,27		0,16
decide	13	10	9	1,44	1,30	4,14	0,10	0,35		0,08
situaciones	11	11	10	1,10	1,00	3,50	0,05		0,30	0,20
necesitan	11	9	7	1,57	1,22	3,50	0,05		0,06	0,36
fracaso	11	9	7	1,57	1,22	3,50	0,05		0,06	0,36
éxito	11	9	6	1,83	1,22	3,50	0,05	0,07		0,32
entender	11	11	9	1,22	1,00	3,50	0,15	0,19		0,12
dios	10	7	4	2,50	1,42	3,18	0,05	0,31	0,06	
consumo	10	5	3	3,33	2,00	3,18		0,07	0,12	0,24
concepto	10	9	8	1,25	1,11	3,18	0,10	0,15		0,16
juego	9	8	7	1,28	1,12	2,86	0,10	0,15	0,18	
acabó	9	7	6	1,50	1,28	2,86	0,05		0,24	0,16
vivo	8	7	5	1,60	1,14	2,54	0,20	0,11	0,06	
necesito	8	7	5	1,60	1,14	2,54		0,03	0,18	0,16
crea	8	8	7	1,14	1,00	2,54	0,20	0,03		0,12
activo	8	7	5	1,60	1,14	2,54	0,15	0,03		0,16
gustaria	6	5	5	1,20	1,20	1,91	0,15	0,03		0,08
Total	26	38	314							

Fig. 17

Lexemas do campo “paciente”:

Sememas										
Semema	Reclasificar			Mostrar						
	paciente			Todos			Comunes Relevantes Opacos			
Lexema	Fr.	Párr.	Emi.	F/E	F/P	F.R.	CC.	PA.	PD.	PS.
paciente	315	218	43	7,32	1,44	45,06	6,01	3,38	3,99	2,28
pacientes	121	94	32	3,78	1,28	17,31	2,80	1,07	0,92	1,01
cliente	86	57	18	4,77	1,50	12,30	0,57		0,37	2,81
sujeto	67	46	15	4,46	1,45	9,58	0,46	2,10	0,06	0,16
dientes	31	27	17	1,82	1,14	4,43	0,25	0,15	0,18	0,77
usuarios	11	9	7	1,57	1,22	1,57	0,05	0,07	0,18	0,20
usuario	11	8	6	1,83	1,37	1,57	0,05		0,18	0,28
psicóticos	8	8	6	1,33	1,00	1,14	0,05	0,11	0,24	
psicótico	8	5	3	2,66	1,60	1,14		0,27	0,06	
sujetos	7	6	5	1,40	1,16	1,00		0,23		0,04
comprador	6	8	3	1,00	1,20	0,83				0,24
neurótica	5	5	3	1,66	1,00	0,71	0,05	0,11	0,06	
enfermos	5	4	3	1,66	1,25	0,71			0,06	0,16
neurótico	4	3	2	2,00	1,33	0,57		0,18		
esquizofrénico	4	2	2	2,00	2,00	0,57		0,11		0,04
consumir	4	4	3	1,33	1,00	0,57				0,36
enfermo	3	3	3	1,00	1,00	0,42	0,05		0,06	0,04
consumidores	3	3	2	1,50	1,00	0,42			0,12	0,04
Total	26	18	699							

Fig. 18

Lexemas comúns do campo “sociedade”:

Sememas										
Semema	Reclasificar			Mostrar						
	sociedad									
Lexema	Fr.	Párr.	Emi.	F/E	F/P	F.R.	CC.	PA.	PD.	PS.
persona	146	105	36	4,05	1,39	24,09	1,29	0,75	3,40	1,91
gente	122	95	28	4,35	1,28	20,13	1,40	1,03	1,73	1,67
personas	74	62	24	3,08	1,19	12,21	0,83	0,43	0,99	1,26
familia	47	34	17	2,76	1,38	7,75	0,46	0,11	0,43	1,14
hombre	30	28	14	2,14	1,07	4,95	0,72	0,15	0,43	0,20
sodal	27	25	14	1,92	1,08	4,45	0,10	0,79	0,12	0,12
madre	24	18	13	1,84	1,33	3,96	0,51	0,23	0,18	0,20
padres	22	17	11	2,00	1,29	3,63	0,31	0,03	0,06	0,57
pareja	19	18	13	1,46	1,05	3,13	0,25	0,19	0,30	0,16
niños	18	15	10	1,80	1,20	2,97	0,20	0,11	0,12	0,36
niño	17	14	9	1,88	1,21	2,80	0,51	0,03	0,12	0,16
mundo	17	17	12	1,41	1,00	2,80	0,15	0,31	0,06	0,20
hijo	16	14	9	1,77	1,14	2,64	0,20	0,03	0,12	0,36
familiar	15	15	12	1,25	1,00	2,47	0,36	0,03	0,12	0,20
parejas	6	6	6	1,00	1,00	0,99	0,05	0,03	0,12	0,08
entorno	6	5	4	1,50	1,20	0,99	0,05	0,03	0,12	0,08
Total	26	16	606							

Fig. 19

Lexemas opacos do campo “sociedade”:

Sememas										
Semema	Reclasificar			Mostrar						
	sociedad									
Lexema	Fr.	Párr.	Emi.	F/E	F/P	F.R.	CC.	PA.	PD.	PS.
adolescente	13	10	4	3,25	1,30	14,44	0,05		0,18	0,36
padre	12	11	9	1,33	1,09	13,33	0,15	0,27		0,08
sociales	11	11	8	1,37	1,00	12,22	0,05	0,03		0,36
mujer	10	8	8	1,25	1,25	11,11		0,15	0,24	0,08
tio	8	7	4	2,00	1,14	8,88	0,25	0,03	0,12	
familiares	7	7	6	1,16	1,00	7,77	0,10		0,12	0,12
socialmente	6	4	4	1,50	1,50	6,66	0,05	0,15	0,06	
ambiente	5	5	5	1,00	1,00	5,55	0,10	0,07	0,06	
juicio	4	4	4	1,00	1,00	4,44		0,03	0,12	0,04
hija	4	3	3	1,33	1,33	4,44	0,05		0,06	0,08
amigos	4	4	4	1,00	1,00	4,44		0,03	0,06	0,08
juez	3	3	3	1,00	1,00	3,33	0,05	0,03		0,04
judiciales	3	3	3	1,00	1,00	3,33	0,05	0,03	0,06	
Total	26	13	90							

Fig. 20

Lexemas do campo “terapeuta”:

Sememas											
Reclasificar   Mostrar ☒ Todos ☐ Comunes ☐ Relevantes ☐ Opacos											
Semema	terapeuta										
Lexema	Fr.	Párr.	Emi.	F/E	F/P	F.R.	CC.	PA.	PD.	PS.	
psicólogo	51	37	24	2,12	1,37	13,35	0,83	0,47	0,68	0,48	
médico	50	33	20	2,50	1,51	13,08	0,88	0,39	0,18	0,81	
terapeuta	39	36	20	1,95	1,08	10,20	0,36	0,23	0,99	0,40	
psiquiatra	38	25	13	2,92	1,52	9,94	0,93		0,68	0,32	
psicoanalista	33	27	11	3,00	1,22	8,63	0,05	1,23		0,04	
clínica	29	23	14	2,07	1,26	7,59	0,25	0,83	0,06	0,08	
médicos	22	17	9	2,44	1,29	5,75	0,51	0,07		0,40	
profesionales	21	18	14	1,50	1,16	5,49	0,31	0,03	0,49	0,24	
profesional	18	12	10	1,60	1,33	4,18	0,46	0,03	0,12	0,16	
psicólogos	15	11	11	1,36	1,36	3,92	0,15	0,19	0,24	0,12	
psiquiatras	11	9	6	1,83	1,22	2,87	0,20		0,37	0,04	
auxiliar	11	10	6	1,83	1,10	2,87			0,68		
especialistas	8	6	5	1,60	1,33	2,09	0,25	0,03		0,08	
terapeutas	7	7	7	1,00	1,00	1,83	0,05	0,03	0,12	0,12	
clínico	6	6	5	1,20	1,00	1,57		0,19		0,04	
colegas	5	4	4	1,25	1,25	1,30		0,07	0,12	0,04	
psicóloga	4	4	4	1,00	1,00	1,04	0,05	0,03	0,12		
psicodramatista	3	2	1	3,00	1,50	0,78			0,18		
psicoanalistas	3	3	3	1,00	1,00	0,78	0,05	0,07			
profesión	3	3	3	1,00	1,00	0,78	0,10		0,06		
especialista	3	3	3	1,00	1,00	0,78	0,10			0,04	
clínicos	3	3	3	1,00	1,00	0,78	0,05	0,03		0,04	
psicodramatistas	1	1	1	1,00	1,00	0,26			0,06		
Total	26	Total	23	382							

Fig. 21

Lexemas comúns do campo “tratamento”:

Sememas											
Reclasificar   Mostrar ☐ Todos ☒ Comunes ☐ Relevantes ☐ Opacos											
Semema	tratamiento										
Lexema	Fr.	Párr.	Emi.	F/E	F/P	F.R.	CC.	PA.	PD.	PS.	
trabajo	157	130	38	4,13	1,20	9,89	1,40	2,30	1,98	1,62	
trabajar	112	90	31	3,61	1,24	7,06	1,45	0,63	2,10	1,38	
sesión	76	60	20	3,80	1,26	4,79	0,36	1,03	0,18	1,62	
terapia	71	58	28	2,53	1,22	4,47	1,24	0,39	0,80	0,97	
consulta	68	53	23	2,95	1,28	4,28	1,08	0,71	0,49	0,85	
tratamiento	65	48	20	3,25	1,35	4,09	0,57	0,19	0,61	1,58	
objetivos	64	39	19	3,36	1,64	4,03	1,40	0,03	0,37	1,22	
final	59	43	22	2,68	1,37	3,72	0,25	1,31	0,30	0,65	
privada	54	45	24	2,25	1,20	3,40	0,98	0,35	1,23	0,24	
trabajamos	50	42	18	2,77	1,19	3,15	0,72	0,23	0,86	0,65	
intervención	45	40	22	2,04	1,12	2,83	0,62	0,23	0,55	0,73	
años	45	40	24	1,87	1,12	2,83	0,57	0,39	0,68	0,52	
objetivo	35	24	17	2,05	1,45	2,20	1,14	0,11	0,12	0,32	
cambiar	35	26	12	2,91	1,34	2,20	0,31	0,07	0,06	1,05	
depende	34	30	17	2,00	1,13	2,14	0,57	0,35	0,55	0,20	
trabajando	32	32	19	1,68	1,00	2,01	0,20	0,11	0,61	0,61	
terapéutico	32	24	14	2,28	1,33	2,01	0,15	0,51	0,80	0,12	
cambio	30	28	17	1,76	1,07	1,89	0,25	0,23	0,24	0,61	
pública	29	24	13	2,23	1,20	1,82	0,57	0,03	0,80	0,16	
ayuda	29	27	19	1,52	1,07	1,82	0,67	0,15	0,18	0,36	
sesiones	27	22	13	2,07	1,22	1,70	0,36	0,19	0,30	0,40	
hora	25	21	12	2,08	1,19	1,57	0,88	0,03	0,12	0,20	
soluciones	24	18	10	2,40	1,33	1,51	0,05	0,03	0,18	0,77	
Total	26	Total	52	1.586							

Fig. 22

Lexemas comúns do campo “técnicas”:

Sememas										
Semema		Reclasificar		Mostrar						
técnicas				Todos		Comunes				
						Relevantes				
						Opacos				
Lexema	Fr.	Párr.	Emi.	F/E	F/P	F.R.	CC.	PA.	PD.	PS.
forma	45	37	23	1,95	1,21	5,54	0,93	0,47	0,37	0,36
técnica	37	26	12	3,08	1,42	5,37	0,05	0,91	0,74	0,04
técnicas	36	31	19	1,89	1,16	5,23	0,25	0,43	0,92	0,20
diferencia	35	33	21	1,66	1,06	5,08	0,31	0,67	0,37	0,24
idea	34	31	18	1,88	1,09	4,94	0,77	0,27	0,24	0,32
lenguaje	33	25	15	2,20	1,32	4,79	0,20	0,67	0,49	0,16
diferente	30	28	21	1,42	1,07	4,36	0,20	0,39	0,24	0,48
proceso	29	24	14	2,07	1,20	4,21	0,10	0,35	0,61	0,32
historia	29	27	18	1,61	1,07	4,21	0,36	0,27	0,49	0,28
serie	27	24	18	1,50	1,12	3,92	0,15	0,23	0,61	0,32
formación	26	19	13	2,00	1,36	3,77	0,25	0,51	0,43	0,04
entrevista	26	21	13	2,00	1,23	3,77	0,20	0,07	0,49	0,48
escuela	22	11	7	3,14	2,00	3,19	0,10	0,63	0,18	0,04
diferentes	22	22	15	1,46	1,00	3,19	0,46	0,19	0,12	0,24
palabra	21	20	13	1,61	1,05	3,05	0,05	0,59	0,18	0,08
teléfono	19	17	11	1,72	1,11	2,76	0,05	0,03	0,24	0,52
datos	17	9	8	2,12	1,88	2,47	0,41	0,07	0,12	0,20
formas	16	15	11	1,45	1,06	2,32	0,05	0,07	0,61	0,12
teoría	14	13	10	1,40	1,07	2,03	0,15	0,23	0,24	0,04
explicar	13	13	11	1,18	1,00	1,88	0,20	0,15	0,12	0,12
espacio	13	12	10	1,30	1,08	1,88	0,05	0,23	0,30	0,04
realidad	12	11	9	1,33	1,09	1,74	0,05	0,27	0,12	0,08
personal	12	11	9	1,33	1,09	1,74	0,05	0,27	0,12	0,08
Total	26	37	688							


Fig. 25

Lexemas relevantes do campo “técnicas”:

Sememas										
Semema		Reclasificar		Mostrar						
técnicas				Todos		Comunes				
						Relevantes				
						Opacos				
Lexema	Fr.	Párr.	Emi.	F/E	F/P	F.R.	CC.	PA.	PD.	PS.
analista	57	40	11	3,18	1,42	16,52		2,28		
transferencia	25	17	7	3,57	1,47	7,24		0,99		
analizante	21	19	8	2,62	1,10	6,08		0,83		
freud	20	20	6	3,33	1,00	5,79		0,79		
recursos	17	12	4	4,25	1,41	4,92				0,69
psicodrama	17	13	5	3,40	1,30	4,92			1,05	
mi	11	11	4	2,75	1,00	3,18				0,44
universidad	10	10	7	1,42	1,00	2,89		0,39		
psicoanalítica	9	9	6	1,50	1,00	2,60		0,35		
coordinador	9	6	3	3,00	1,50	2,60				0,36
procedimientos	8	8	3	2,66	1,60	2,31				0,32
interpretar	8	8	6	1,33	1,00	2,31		0,31		
lacan	7	7	3	2,33	1,00	2,02		0,27		
objeto	6	6	3	2,00	1,00	1,73		0,23		
interpreta	6	6	3	2,00	1,00	1,73		0,23		
ideales	6	2	2	3,00	3,00	1,73		0,23		
freudiano	6	3	3	2,00	1,20	1,73		0,23		
figura	6	6	3	2,00	1,00	1,73		0,23		
analítico	6	3	4	1,50	1,20	1,73		0,23		
pulsión	5	4	2	2,50	1,25	1,44		0,19		
psicodramática	5	4	3	1,66	1,25	1,44			0,30	
identico	5	5	4	1,25	1,00	1,44		0,19		
conductual	5	4	3	1,66	1,25	1,44	0,23			
Total	26	48	345							

Fig. 26

Lexemas opacos do campo “técnicas”:



Lexema	Fr.	Párr.	Emi.	F/E	F/P	F.R.	CC.	PA.	PD.	PS.
análisis	54	45	17	3,17	1,20	8,00	0,36	1,83	0,06	
equipo	39	30	12	3,25	1,30	5,77	0,15	0,31		1,14
grupo	34	17	11	3,09	2,00	5,03	0,25	0,15	1,54	
información	33	27	17	1,94	1,22	4,88	0,67		0,53	0,44
psicología	22	18	12	1,83	1,22	3,25	0,25	0,59	0,12	
verdad	20	19	13	1,53	1,05	2,96	0,10	0,55	0,24	
efectivamente	20	19	11	1,81	1,05	2,96		0,47	0,24	0,16
marco	18	15	8	2,25	1,20	2,66	0,57	0,19		0,08
término	16	12	12	1,33	1,33	2,37	0,25	0,27		0,16
publicidad	15	13	9	1,66	1,15	2,22	0,51		0,24	0,04
enfoque	15	13	7	2,14	1,15	2,22	0,31		0,43	0,08
discurso	15	9	8	1,87	1,66	2,22	0,05	0,47	0,12	
práctica	14	13	11	1,27	1,07	2,07	0,15	0,27		0,16
medida	14	13	11	1,27	1,07	2,07	0,15	0,35		0,08
efecto	14	9	6	2,33	1,55	2,07	0,10	0,43	0,06	
marca	13	12	7	1,85	1,08	1,92	0,15		0,06	0,36
programas	12	9	6	2,00	1,33	1,77	0,20		0,06	0,28
plantes	11	9	6	1,83	1,22	1,62	0,15		0,24	0,16
ideal	11	11	8	1,37	1,00	1,62		0,07	0,30	0,16
explico	11	11	8	1,37	1,00	1,62	0,20		0,06	0,24
efectos	11	10	6	1,83	1,10	1,62	0,05	0,27		0,12
sistema	10	9	7	1,42	1,11	1,48	0,20	0,15	0,12	
seguimiento	10	6	5	2,00	1,66	1,48	0,05		0,18	0,24
Total	26	65	675							

Fig. 27

3.3 Resultados

Resumimos os que parecen ser os resultados máis significativos encontrados nesta agrupación cuaternaria:

- No campo semántico da **doenza** parece claro que as relevancias, sen ser especialmente significativas, son máis numerosas entre os **psicanalistas**. Probabelmente isto sinala unha categorización da doenza menos convencional que a do resto das terapias. Entre as opacidades, son destacábeis: entre os **cognitivo-condutuais**, a *psicose* e a *angustia*, entre os **psicanalistas**, a *ansiedade*, as *drogas*, a *esquizofrenia* e a *minusvalía*, entre os **psicodramatistas**, as *crises*, o *pánico* e a *culpa*, e entre os **sistémicos**, os *transtornos*, as *patoloxías* e o *obsesivo*.
- No campo semántico da **institución** encontramos novamente que os **psicanalistas** son os que máis termos utilizan e que ademais non amosan opacidades, mentres que os **cognitivo-condutuais** son os que máis opacidades presentan, sendo opacos ao *hospital*, o *hospitalario* e á *asociación*. Hai que ter aquí en consideración que este campo se estrutura de forma diferente segundo sexa a práctica pública, privada ou mixta.

- No campo dos **motivos**, as relevancias tamén destacan a riqueza da **psicanálise**. Son destacábeis, para os **cognitivo-condutuais**, o *motivacional* e o *cognitivo*, para os **psicodramatistas** o *sexual* (sorprendentemente, o sexo nin se menciona) e as *actividades*, e para os **sistémicos** os *éxitos* e as *crenzas*. As opacidades dos **cognitivo-condutuais** son o *consumo* e o que se *necesita*. Para a **psicanálise** é opaco o *fracaso*, a *motivación*, a *sensación* e a *situación*. Para os **psicodramatistas** hai bastantes opacidades que requiren o rastreo de concordancias. Os **sistémicos** son opacos a *Deus*, ao *xogo* e ao *vivo*. Coma antes, é aconsellábel un rastreo de concordancias.

- O campo relativo ao **paciente** ten poucas relevancias. Para os **psicanalistas** aínda continúan a existir os *neuróticos*, e os **sistémicos** usan *comprador* e *consumir*. Máis interesantes son as opacidades, porque só existen para os **psicanalistas** e os **sistémicos**, sendo complementarias: os **psicanalistas** non ven o *usuario* e o *doente*, nin sequera o *cliente*. Para os **sistémicos** non existen os *psicóticos* nin a *neurótica*. Neste campo, os máis sucintos son os psicanalistas.

- O campo **sociedade** non ten relevancias significativas. As opacidades para os **cognitivo-condutuais** son o *xuízo*, os *amigos* e a *muller*. Para os **psicanalistas**, o *adolescente*, a *filla* e os *familiares*. Para os **psicodramatistas**, o *xuíz*, o *pai* e os *sociais*. Para os **sistémicos**, o *tío*, o *ambiente*, os *xudiciais* e o *socialmente*.

- No campo **terapeuta** as únicas relevancias son as dos **psicodramatistas**, especialmente no que se refire ao *auxiliar*. Para os **cognitivo-condutuais**, os *colegas* son opacos. Para os **psicanalistas**, o *psiquiatra* e os *psiquiatras* (isto parece sinalar unha especial relación entre uns e outros). Os **psicodramatistas** non ven os *médicos*, os *clínicos* e os *especialistas*. Para os **sistémicos**, a *psicóloga* é opaca.

- No campo **tratamento** os **cognitivos-condutuais** amosan a maior parte das relevancias, destacando *protocolos* e *evolución*, así como a *pastilla* e as *pastillas*, que habería que rastrear nas súas concordancias. Para os **psicanalistas** son de relevancia *constrúe* e *curarse*. Nada especial para os **psicodramatistas** e *soluciona*, *colabora* e *axudalos* para os **sistémicos**. Para os **cognitivo-condutuais** son opacas: *pagar*, *trata*, *terapéuticos*, *solución*, *construción*, *coidado*, *derivan*... A opacidade á *medicación* confirma o uso alternativo das relevantes *pastillas*. Para os **psicanalistas** son opacidades: *cita*, *contacto*, *derivado*, *meses*, *relación terapéutica*, *trato*... Para os **psicodramatistas** son opacos os *protocolos*, a *tarefa*, a *dificultade*, os *criterios*, *construír*, o *apoio*.... Para **sistémicos**, son opacos a *deriva*, as *dificultades*, a *psicoterapia*, a *psiquiatría*, as *terapias*...

- Finalmente, o campo das **técnicas**, o máis extenso e probabelmente o máis revelador. Case todas as relevancias as presenta a **psicanálise**. Para **cognitivo-condutuais**, *condutual*, *explique* e *identifican*. Para **psicodramatistas**, a familia de termos autoalusivos e *personalidades*. Para os **sistémicos**, *recursos*, *MRI*, *coordinador*, *procedementos*, *gravamos* e *explican*. Como xa sinalamos, os **psicanalistas** constrúen un extenso repertorio de termos relevantes, onde se destacan *analista*, *transferencia*, *analizante*, *Freud*, *universidade*, *psicanalítica*, *interpretar*, *Lacan*... Parece destacábel a relevancia converxente das familias da *análise* e a *interpretación*. Con respecto ás opacidades, os **cognitivo-condutuais** non mencionan o *complicado*, as *diferenzas*, o *ideal*... Os **psicanalistas** non ven as *condutas*, os *enfoques*, as *historias*, as *imaxes*, os *plantexamentos*, os *programas*, a *psicoeducación*, a *publicidade*, o *seguimento*... Os **psicodramatistas** non falan do *control*, a *distinción*, os *efectos*, o *equipo*, o *marco*, a *medida*, o *plan*, a *práctica*, o *teoricamente*. Os **sistémicos** non ven a *análise*, o *grupo*, a *psicoloxía*, a *técnica*, o *sistema*, o *discurso*, o *efecto*, o *espazo*, a *estrutura*, o *método*, a *personalidade*, a *verdade*...

3.4 (A forma de) Conclusións

A primeira grande conclusión é que, como era de esperar, **existen diferenzas significativas entre as diferentes escolas psicoterapéuticas**, non só no campo semántico específico das **técnicas terapéuticas**, senón no resto dos campos asociados á actividade psicoterapéutica, especialmente o **tratamento**.

Non só son diferentes, como é obvio, as técnicas utilizadas, senón tamén a maneira de concibir a doenza, a valoración do diagnóstico e os síntomas, a natureza da relación terapéutica, a actitude respecto á medicación, etc.

Alén das indagacións suxeridas, podería ser interesante realizar comparacións binarias entre cada unha das adscricións teóricas e todas as demais agrupadas. Así tal vez se destacasen algunhas diferenzas non demasiado marcadas pero bastante prometedoras.

En resumo, comprobouse que cada unha das adscricións se expresa e comunica de maneira característica, cando menos con respecto á metodoloxía e o tratamento. Non é aventurado supor que, polo tanto, tamén perciben e procesan de maneira diferente as súas actividades.

Con isto daremos por acabada a análise preliminar das transcricións dos grupos de discusión de psicólogos. Para completalo serían necesarios varios días de investigación e algunhas horas de desenvolvemento específico da aplicación para facilitar algúns dos procesos de análise e explotación de datos, pendentes até mellor ocasión.

IV. Estilos de intervención. Comparacións co Inquérito de Avaliación do Estilo Persoal do Terapeuta (EPT-C) de Héctor Fernández Álvarez e Fernando García, 1998 (José Eduardo Rodríguez Otero)

4.1 Introducción

As particularidades técnicas, teóricas e epistemolóxicas que caracterizan as diferentes escolas de psicoterapia fan que, a priori, se poidan atribuír determinados estilos persoais aos terapeutas que se adscriben a estes modelos. Se ben, este a priori o contraargumentan investigacións que aseguran que estas diferenzas se dilúen cando os terapeutas se consideran expertos. Goldfried, Raue e Castonguay (1998) e Wiser e Goldfried (1998) conclúen nos seus estudos que aqueles terapeutas que son considerados polos seus pares como expertos son máis similares que diferentes aínda que partan de diferentes modelos. Desta maneira, a consideración de experto determina mellor o estilo terapéutico que a adscripción a unha escola ou un modelo determinado. Esta argumentación teórica afecta na práctica ás investigacións que estudan a eficacia das psicoterapias. Tales investigacións acostuman considerar como moi relevante as adscripcións teóricas dos terapeutas e como unha das posíbeis fontes de erro os anos de experiencia.

O obxectivo desta investigación é coñecer se existen e cales son as diferenzas no estilo persoal de facer psicoterapia entre os profesionais que traballan desde diferentes modelos de psicoterapia. Así mesmo, valorárase se os anos de experiencia son un factor modulador de diferenza no estilo de facer psicoterapia.

4.2 Método

Instrumentos

O estilo persoal do terapeuta avalíase mediante o envío dunha escala, EPT-C (Fernández Álvarez et al, 2003), que o terapeuta tivo que cubrir e devolverlle ao coordinador do seu grupo dentro do estudo de investigación sobre procesos e resultados en psicoterapias realizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia entre 2005 e 2009. A versión final do instrumento consta de 36 ítems en formato autoadministrado, que responden nunha escala tipo Likert (1-7), na que a puntuación 1 é “total desacordo” e a 7 “total acordo” e representan as seguintes funcións terapéuticas:

- Función instruccional - ou de establecemento do *setting* terapéutico -. Refírese ás condutas que realiza o profesional para delimitar o contexto en terapia. Explora a flexibilidade-rixidez coa que cada terapeuta tende a operar cos usuarios. Puntuacións altas reflicten rixidez.
- Función atencional – ou de focalización -. Puntuacións elevadas representan un estilo de atención focal en partes da mensaxe do usuario.
- Función expresiva - ou de comunicación emocional -. Explora a distancia do terapeuta na comunicación emocional co usuario. Puntuacións elevadas reflicten unha maior proximidade.

- Función de involucración – ou de grao de compromiso –. Valora a implicación do terapeuta coa súa tarefa e co usuario. Puntuacións máis altas correspóndense con maior compromiso.

- Función operativa - ou de implementación instrumental -. Avalía o grao de directividade con que o terapeuta traballa, ou a preferencia por utilizar procedementos pautados ou espontáneos. Os terapeutas con maiores puntuacións optan por plantexamentos máis pautados e/ou directivos.

A evidencia empírica amosa que o EPT-C é unha medida adecuada e sensíbel para avaliar as características do estilo persoal de terapeuta e a súa relación coas variábeis relevantes para o proceso e resultado da psicoterapia, como son: O terapeuta (orientación teoricotécnica, anos de experiencia); o usuario (condicións clínicas específicas, nivel de severidade); o tratamento (alianza terapéutica, resultados, extensión do tratamento, compatibilidade entre os estilos de paciente e terapeuta); e factores culturais e contextuais (o EPT en diferentes países).

Suxeitos

O EPT-C foi cuberto por 35 terapeutas de catro orientacións teóricas: psicanálise, psicodrama, terapia cognitivo-condutual e terapia sistémica. A distribución dos mesmos, as idades medias e os anos de experiencia dos terapeutas, tanto en termos totais como por escola, veñen reflectidos na táboa 1.

Táboa 1: Características da mostra segundo escola, idade e experiencia

	Sexo (Mulleres/Homes)	Media idade	Media anos de experiencia
Psicanálise	7/1	46,5	18,38
Psicodrama	5/2	48,29	15,57
Cognitivo- Condutual	4/1	45,8	18,4
Sistémica	8/7	42,47	15,93
Total	24/11	45,03	16,77

Para valorar se existen diferenzas en función dos anos de experiencia, dividiuse a mostra en dous grupos en función dos anos de experiencia, de tal forma que os grupos foran similares en número. Desta maneira, comparáronse os resultados dos 17 terapeutas con menor experiencia cos dos restantes 18 terapeutas. Así, aqueles terapeutas con menos de 18 anos de experiencia consideráronse noveles (mínimo de cinco anos e máximo de 17) e os de 18 o máis con experiencia (mínimo de 18 anos e máximo de 30). Como se pode observar na táboa 2, hai diferenzas significativas entre a media dos anos de experiencia dos dous grupos.

Táboa 2: Medias e comparación de anos de experiencia do grupo de terapeutas noveles e con experiencia

Noveles	Con experiencia	F	Sig.
10,65 (3,74)	22,56 (3,20)	102,717	,000

4.3 Resultados

A análise dos datos realizouse co paquete estatístico informático SPSS 15.0 para Windows.

Diferenzas en función do modelo teórico

As puntuacións medias dos terapeutas das catro escolas estudadas en cada unha das funcións avaliadas polo EPT-C pódense ver na táboa 2.

Táboa 3: Puntuacións medias (1-7) nas funcións avaliadas polo EPT-C

	Instruccional	Atencional	Expresiva	Involucración	Operativa
Psicanálise	3,953	2,271	2,167	3,021	1,923
Psicodrama	4,5	3,523	3,778	3,905	3,061
Cognitivo-Conductual	4,175	3,6	2,956	2,5	4,8
Sistémica	3,767	3,345	3,844	3,456	3,467

Na función instruccional non se encontraron diferenzas significativas entre as medias dos terapeutas das diferentes orientacións, sendo a media superior a pertencente ao grupo do psicodrama (4,5) e a inferior a dos sistémicos (3,767).

Na función atencional ou de focalización, os terapeutas cognitivos condutuais teñen a media máis alta (3,6) fronte á inferior dos terapeutas psicanalíticos (2,271). Existen diferenzas significativas entre os resultados destes últimos e os das outras tres escolas.

Os terapeutas sistémicos (3,844) diferéncianse dos cognitivo-condutuais (2,956) e os psicanalistas (2,167), acadando a significación estatística na función de expresión ou comunicación emocional. Así mesmo, os terapeutas psicodramáticos (3,778) diferéncianse estatisticamente dos psicanalistas nesta mesma función.

Respecto ao grao de compromiso ou involucración, non hai diferenzas estatisticamente significativas entre as diferentes escolas, sendo a media superior á dos psicodramáticos (3,905) e a inferior a dos terapeutas cognitivo-condutuais (2,5).

Finalmente, a función operativa ou de implementación instrumental lanza diferenzas estatisticamente significativas entre os cognitivo-condutuais (4,8) e as outras escolas, así como entre os resultados dos terapeutas sistémicos (3,467) e os psicanalíticos (1,923).

Diferenzas en función dos anos de experiencia

Non existen diferenzas significativas en ningunha das cinco variábeis estudadas polo EPT en función dos anos de experiencia do terapeuta, como reflicte a táboa 3. A variábel que máis se achega á significación estatística, sen acadala, é a función de involucración, na que obteñen puntuacións máis altas os terapeutas noveles.

Táboa 4: Puntuacións medias (1-7) no EPT-C en función dos anos de experiencia do terapeuta

	Noveles	Con experiencia	F	Sig.
Instrucional	3,75	4,26	3,392	,075
Atencional	3,27	3,07	0,404	,529
Expresiva	3,42	3,23	0,358	,554
Involucración	3,61	3,03	3,452	,072
Operativa	3,32	3,13	0,209	,650

4.4 Discusión

Os resultados deste estudo amosan que o establecemento do contexto terapéutico e o grao de involucración que amosa o terapeuta é independente do modelo ao que din adscribirse. Os *a priori* teóricos fan esperábel esta énfase similar no establecemento do contexto e a involucración do terapeuta. Se ben, tanto a delimitación do contexto como o compromiso co acto terapéutico maniféstase de forma diferente en cada escola.

A función atencional sinala diferenzas entre os psicanalistas e os terapeutas doutras orientacións. Estas diferenzas eran predicíbeis *a priori*, xa que nas orixes da conceptualización da psicanálise surxe a atención flotante, fronte á focalizada que respaldan outras orientacións.

Os resultados na comunicación emocional sinalan diferenzas entre os sistémicos fronte aos cognitivo-condutuais e os psicanalistas, de maneira que os sistémicos se caracterizan máis pola expresión emocional e a proximidade nas súas terapias. Tamén emerxen diferenzas entre os psicodramatistas e os psicanalíticos nesta mesma dirección. Estes resultados reflicten unha tendencia, xa iniciada por Ellis nos anos 50, polas intervencións cognitivo-condutuais, que consiste nunha consciencia da importancia do emocional na intervención, de tal maneira que estes resultados amosan que lle outorgan maior peso que os psicanalistas estudados.

Finalmente, a terapia cognitivo-condutual é a que aparece como a máis directiva e con maior preferencia polas intervencións pautadas. Os psicanalistas son os que optan polos plantexamentos menos directivos.

Así mesmo, non se encontran diferenzas significativas nos terapeutas en función dos seus anos de experiencia. Na mesma liña pronunciáronse Eells, Lombart, Kendjelic, Turner e Lucas (2005), ao asegurar que os expertos teñen diferente estilo terapéutico que os non expertos, pero que a consecución do rol de experto non se adquire necesariamente coa experiencia. Polo que os anos de experiencia non configuran necesariamente diferenzas no estilo.

4.5 Conclusións

Os presupostos teóricos polarizan posicións técnicas de partida. Concepcións epistemolóxicas ou filosóficas de base marcan as pautas de intervención das diferentes escolas. Tanto as preconcepcións como as investigacións experimentais que sustentan o éxito das prácticas delimitan o quefacer asociado a cada escola.

Investigacións que fan unha análise micro das prácticas diarias de diferentes psicoterapeutas aseguran que estas diferenzas se atenúan na consulta. Esta investigación lanza resultados nesta dirección. A práctica cognitivo-condutual xira cara o emocional e calquera terapeuta se implica co usuario no mesmo grao e establece o contexto terapéutico independentemente das súas preconcepcións teóricas.

Os anos de experiencia non modulan necesariamente un estilo terapéutico diferente. A diferenza entre terapeuta experto e con experiencia é nuclear nesta reflexión. Hayes (1985) asegura que os expertos en diferentes campos científicos e artísticos precisan ao menos 10 anos de experiencia para adquirir esa condición, pero que non só o tempo traballando é suficiente. Eells, Lombart, Kendjelic, Turner e Lucas (2005) aseguran que *“vinte anos de experiencia non é o mesmo que un ano de experiencia repetido vinte veces”*.

As conclusións relatadas están influenciadas polo escaso número total de suxeitos estudados. O incremento do número de suxeitos permitiríanos confirmar ou refutar as anteriores conclusións e analizar conxuntamente as variábeis aquí estudadas, modelo teórico de partida e anos de experiencia.

V. Estudo Descritivo de Resultados en Psicoterapia (José Eduardo Rodríguez Otero, José Luis Rodríguez-Arias Palomo e Marisol Filgueira Bouza)

5.1 Suxeitos

Equipo investigador (n = 8): formado por 5 Psicólogos Clínicos dos Servizos de Saúde Mental das Áreas da Coruña e Vigo que exercen a coordinación xeral do estudo e a de cada un dos 4 grupos adscritos aos modelos teóricos baixo estudo; 1 Psicólogo Interno Residente que coordina o grupo de Metodoloxía co asesoramento dunha profesora titular de Metodoloxía da

Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela; 1 Profesor Titular de Socioloxía de da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela e 1 Psicólogo Social, Programador Informático, que coordinan e realizan o estudo de Campos Semánticos. Algúns membros do equipo participan tamén como colaboradores nalgunha das fases do estudo. Todos eles son coautores do texto da Comunicación.

Colaboradores (n = 43): 8 psicoterapeutas no grupo de Psicanálise, 7 no de Psicodrama, 6 no de Terapia Cognitivo-Conductual, 15 no de Terapia Sistémica e 7 no grupo de Metodoloxía, que se ofrecen voluntariamente a participar no estudo. Son Psicólogos Clínicos con exercicio na rede sanitaria pública e privada da Comunidade Autónoma de Galicia, recrutados por medio dunha circular do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia a todos os colexiados da Sección de Psicoloxía Clínica. Estas cifras inclúen os suxeitos que participan nos grupos de discusión do estudo de Campos Semánticos, no estudo de Estilos de Intervención, no tratamento dos casos adxudicados ao estudo descritivo de procesos e resultados, e no procesamento dos datos. Non todos os suxeitos que participan nalgunha das dúas primeiras fases do estudo chegan a levar casos en tratamento na terceira fase (pois non todos eles recibiron casos que cumpriran o criterio de recrutamento no período estipulado para tal, e non todos os que reciben casos e facilitan os datos básicos chegan a rexistrar as fichas de sesións e resultados). O número exacto de participantes en cada fase e grupo facilítase nos apartados e táboas correspondentes.

Observadores/Supervisores das sesións de tratamento. A maioría dos colaboradores informan da presenza de observadores ou supervisores pero non se computaron.

Pacientes (n = 120): os psicoterapeutas participantes teñen a consigna de incluír no estudo entre 5 e 10 casos, sen limitación en función do diagnóstico. Deben seleccionar os 5-10 primeiros novos casos recibidos no período estipulado para o recrutamento que acepten participar na investigación, asinando o documento de consentimento unha vez informados das condicións de participación. Non todos os colaboradores reciben ao menos 5 novos casos no período acordado.

Recontos de pacientes por grupos:

- Psicanálise: 8 psicoterapeutas - 27 casos
- Psicodrama: 3 psicoterapeutas - 5 casos
- Cognitivo-Conductual: 5 psicoterapeutas - 18 casos
- Sistémicos: 13 psicoterapeutas - 70 casos

(nas cifras están incluídas as fichas dos pacientes que non admitiron investigación: 1 caso do grupo de Terapia Cognitivo-Conductual e 8 casos do grupo de Terapia Sistémica).

5.2 Definición de variábeis

- **Variábel Predictora:** pertenza a un modelo teórico. Avaliase mediante a adscrición persoal que declara o psicoterapeuta, o <<Inquérito de Avaliación do Estilo Persoal do Terapeuta EPT-C>> (Fernández Álvarez e García, 2005) e a <<Análise Cualitativa de Grupos de Discusión para a Delimitación de Campos Semánticos.- Código Sociocibernético de Relevancia/Opacidade>> (Rodríguez Marticorena, 2002).
- **Variábeis Descriptivas:**
 - datos persoais e profesionais dos psicoterapeutas segundo o EPT-C (idade, sexo, nacionalidade, anos de experiencia, país-cidade-centro onde exerce, orientación teórica, idade dos pacientes atendidos, modalidade terapéutica, duración dos tratamentos, patoloxías atendidas).
 - datos persoais e clínicos dos pacientes segundo o Protocolo de Control de Resultados e Seguimento (saúde xeral, idade, sexo, estado civil, nivel educativo, actividade laboral, formato de tratamento, diagnóstico, tempo de evolución, outros tratamentos e duración).
- **Variábeis Criterio:**
 - evolución segundo os rexistros das sesións (duración, control externo, asistentes, técnicas, contidos, resultados).
 - datos do control de resultados (consecución de obxectivos, percepción de melloría, saúde xeral).
 - datos do seguimento (éxito, fracaso, abandono, recaída, saúde xeral).

5.3 Instrumentos de medida (ver Anexos)

- Adscrición teórica dos psicoterapeutas.
- <<Análise Cualitativo de Grupos de Discusión para a Delimitación de Campos Semánticos.- Código Sociocibernético de Relevancia/Opacidade>> (aplicación de Juan Rodríguez Marticorena, 2002).
- <<Inquérito de Avaliación do Estilo Persoal do Terapeuta EPT-C>> (Héctor Fernández Álvarez e Fernando García. Fundación AIGLE. Buenos Aires, 2005).
- Protocolos de Consentimento Informado, de Control de Resultados e de Seguimento (José Luis Rodríguez-Arias Palomo, 2006).

5.4 Hipóteses

Pensamos que os tratamentos empregados no estudo deben producir mellora na sintomatoloxía motivo de consulta dos pacientes en relación aos seus axentes terapéuticos, isto é, as técnicas tal como se describiron para buscar os efectos desexados (apartado II). A consecución dos obxectivos dos estudos preliminares (Campos Semánticos e Estilos de

Intervención) sentará as bases que nos permitirán o desenvolvemento do estudo máis global (variábeis do proceso psicoterapéutico e control de resultados) á procura de apoio empírico nos resultados dos tratamentos e determinar se procede falar de especificidade en canto ás súas indicacións. Así formulamos as nosas hipóteses. Agardamos encontrar:

- diferenzas significativas entre os Campos Semánticos (constructos sobre a profesión) identificados para os psicoterapeutas que se adscriben aos diferentes modelos teóricos.
- diferenzas significativas entre os psicoterapeutas que se adscriben aos diferentes modelos teóricos en canto ás súas respostas ao EPT-C.
- diferenzas significativas pre-post tratamento nas variábeis descritivas do proceso: procedementos psicoterapéuticos e resultados dos tratamentos.

5.5 Deseño experimental

Trátase dun *estudo observacional*: recóllense datos da evolución dos pacientes en condicións naturais de tratamento psicoterapéutico. Os psicoterapeutas que participan neste estudo incluíndo casos ofrecéronse voluntariamente e os casos que inclúen non teñen ningunha restrición máis que a temporal (inclúense os 5-10 primeiros novos casos que se reciben no ano do estudo, desde o 1 de xaneiro até o 31 de marzo de 2007). Desta maneira, evítase que o psicoterapeuta seleccione con algún criterio persoal os pacientes que vai incluír e cales non. Só se exclúe un paciente candidato se se nega a participar no estudo ou se non ten o nivel cultural necesario para cumprimentar adecuadamente os inquéritos. O psicoterapeuta ten que informar dos casos excluídos e das súas características sociodemográficas.

Realízase unha comparación de resultados pre- post- tratamento na sintomatoloxía motivo de consulta. Aínda sendo un estudo observacional, realízanse unhas comparacións formais de características *cuase-experimentais* entre os casos incluídos por psicoterapeutas que declaran que o tratamento psicoterapéutico que ofrecen segue os plantexamentos teóricos e prácticos dun dos catro modelos (Psicanálise, Psicodrama, Terapia Cognitivo-Conductual e Terapia Sistémica). Faise unha observación ao comezo do tratamento psicoterapéutico, similar para todos os psicoterapeutas e todos os casos que estes inclúen na mostra (“*medida pre*”), aplícase a intervención psicoterapéutica segundo os criterios de cada psicoterapeuta (“*condicións naturais*”) e fanse dúas “*medidas post*”, unha no fin do tratamento, na última sesión (ou ao cabo dun ano do seu inicio se o tratamento continúa), e outra de seguimento un ano despois da finalización do tratamento (ou da medida post-tratamento). Trátase, polo tanto, dun *deseño antes-despois* con catro grupos, todos eles de tratamento, sen grupo de control que non recibe tratamento, e sen asignación aleatoria dos casos aos grupos.

Os psicoterapeutas que administran o tratamento coñecen obviamente o tratamento que aplican. Os casos poden coñecer o modelo teórico do profesional que os trata, pero non

necesariamente teñen que sabelo e pódese pensar que, para moitos deles, este sexa un aspecto irrelevante. Os avaliadores das variábeis de resultados descoñecen o grupo ao que pertence o caso que están avaliando, aínda que é posíbel que poidan deducilo do contido e as técnicas aplicadas cuxo resultado teñen que avaliar. Faise un esforzo para que estas avaliacións non estean influídas polas preferencias do avaliador, pero non pode haber absoluta seguridade. Por este motivo, todos os avaliadores contribúen da mesma maneira a cada un dos catro grupos de tratamento.

5.6 Procedemento

A Sección de Psicoloxía Clínica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia convoca o Iº Congreso Galego de Psicoloxía Clínica celebrándose en maio de 2009. Con este motivo, noméase Comité Organizador e Comité Científico, o cal se encarga de nomear responsábeis das Comunicacions, Simposia e Obradoiros. Para a Comunicación sobre Psicoterapias ponse en andamento o presente estudo.

Mediante unha circular a todos os membros da sección, informando dos obxectivos xerais do estudo (2005), solicítanse voluntarios para participar no mesmo, recrutándose profesionais dos dispositivos asistenciais socio-sanitarios (consultas, unidades de saúde mental, unidades de hospitalización de curta-media-longa estancia, centros de orientación e rehabilitación, comunidades terapéuticas...), do sector público e privado, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Aos candidatos pídeselles que informen do modelo teórico desde o que traballan e que definan o tipo de colaboración que poden realizar (coordinación de equipos de traballo, avaliación e tratamento de pacientes, procesamento de datos, elaboración e presentación de resultados). Os colaboradores recrutados distribúense en 4 grupos segundo a súa adscripción aos modelos teóricos (Psicanálise, Psicodrama, Terapia Cognitivo-Conductual e Terapia Sistémica) e un 5º grupo de Metodoloxía, contándose, ademais, con asesores do medio universitario. O equipo investigador constitúese con 8 profesionais que se encargan da coordinación xeral, a coordinación dos 5 grupos citados, a do estudo de Campos Semánticos e a programación informática.

Celébranse reunións de cada un dos 4 grupos teóricos (2006) para debater sobre tópicos en Psicoloxía Clínica, Psicodiagnóstico e Psicoterapia, que se rexistran e transcriben para someter os seus contidos a un estudo de Campos Semánticos que permitan identificar diferenzas nos constructos utilizados polos psicoterapeutas sobre a súa práctica profesional.

Selecciónanse os instrumentos de medida e deséñanse os protocolos de consentimento informado, control de resultados e seguimento.

Os psicoterapeutas cobren o inquérito EPT-C (2007) e remíteno aos seus respectivos coordinadores, que á súa vez o remiten ao grupo de Metodoloxía que procesa esta información.

Os pacientes recrútanse durante 3 meses (1 de xaneiro ao 31 de Marzo de 2007), incluíndose no estudo até os 10 primeiros novos casos recibidos por cada psicoterapeuta no período estipulado, sen ningún outro criterio de selección máis que a aceptación de ser incluído na investigación e a sinatura do documento de consentimento, logo de seren debidamente informados da finalidade e procedementos extraordinarios que se inclúen no seu tratamento polo feito de formar parte da investigación (a cumprimentación dalgúns inquéritos e a aceptación de avaliadores externos e dunha chamada telefónica para o seguimento).

Os colaboradores administran os tratamentos que se someterán a control (desde un mínimo de 2 sesións até un período máximo dun ano desde o inicio do tratamento, entre 2007 e 2008), podendo opcionalmente dispor de observadores ou supervisores das sesións de tratamento. Antes de iniciar o tratamento, adminístrase o protocolo de consentimento informado. Na primeira sesión, cóbreanse as fichas de datos, remitíndoas inmediatamente ao grupo de Metodoloxía para o seu procesamento. Adminístranse os tratamentos, rexistrándose cada sesión coa ficha correspondente, até a finalización do tratamento ou durante un período máximo dun ano (aínda que o tratamento continúe, neste momento realízase o control post). De novo, remítense as fichas de rexistro ao grupo de Metodoloxía, que vai elaborando os datos dos procesos psicoterapéuticos e de control de resultados.

Transcorrido un ano desde a finalización do tratamento (ou do control post-tratamento), os membros do grupo de Metodoloxía cobren telefonicamente a ficha de control de seguimento (1 de xaneiro a 28 de febreiro de 2009).

Os datos transcríbense nas correspondentes táboas e procésanse co programa estatístico SPSS 15.0.

Os resultados preséntanse na Comunicación do citado congreso.

5.7 Resultados (Táboas en Anexos)

Obtivéronse datos de 120 usuarios tratados por terapeutas de catro modelos diferentes: 27 con psicanálise, 5 con psicodrama, 18 con terapia cognitivo-condutual e 70 desde a perspectiva sistémica. Nos resultados que a continuación se expoñen faltan datos de suxeitos nalgunha das variábeis estudadas, xa que non foron facilitados nas fichas. De aí a variabilidade nas 'n'.

Estatística descritiva

Os terapeutas das diferentes orientacións recadaron, na primeira sesión, datos dos usuarios referentes á súa idade, etapa vital, sexo, estado civil, nivel educativo e actividade laboral. As táboas 1 a 6 amosan estes datos tanto para a mostra xeral como para cada un dos modelos.

A mostra estudada ten unha media de idade de 28,15 anos, sendo o usuario máis novo de dous anos e o máis vello de 80. O modelo que trata a usuarios con maior idade media é o

cognitivo-condutual con 37,11 anos. O resto dos modelos teñen unha media que se sitúa na faixa dos 25 aos 30 anos (Táboa 1).

Os adultos son os máis representados na mostra. En todos os modelos supoñen o grupo con maior presenza. O menos representado é o da terceira idade (Táboa 2).

Foron recollidos datos de máis mulleres (65) ca homes (53). En todos os modelos mantense esta diferenza, a excepción da escola sistémica, na que traballaron con máis homes (Táboa 3).

Predominan os solteiros na mostra (63,8%) e están pouco representados os viúvos (2,6%). Destaca que o 40% da submostra de usuarios atendidos desde a escola psicodramática sexan separados/divorciados e que predominen os casados fronte aos solteiros en terapia cognitivo-condutual (Táboa 4).

En relación ao nivel educativo, priman os suxeitos que completaron estudos primarios, supoñen o 32,5%. O segundo grupo máis representado son os universitarios cun 25,6%. A este grupo de universitarios aporta moitos suxeitos os tratados desde a perspectiva psicanalítica, un total de 14 usuarios de 30 (Táboa 5).

As tarefas estudantis son as máis representadas na actividade laboral desta mostra (32,5%). Dos 38 estudantes, a perspectiva sistémica aporta 27 (Táboa 6).

Estatística clínica

Nesta sección descríbense datos relativos ás características clínicas do usuario e á actuación clínica realizada con eles.

Na táboa 7 pódense observar os diferentes formatos terapéuticos empregados. Foron consideradas como opcións: terapia individual, familiar, de parella e en grupo. Prima o tratamento individual na mostra xeral e en cada modelo a excepción do sistémico, onde o formato familiar é o máis utilizado. En psicanálise, o formato individual é o único utilizado.

Estudouse o tempo de evolución que tiña a patoloxía antes de demandar intervención psicoterapéutica. Na táboa 8 pódese ver que o máis común é que transcorreran máis de dous anos antes de iniciar psicoterapia. Este dato varía segundo os modelos, así en psicanálise e psicodrama é máis común que o tempo de evolución sexa entre seis meses e dous anos, mentres que en terapia cognitivo-condutual e sistémica sexa de máis de dous anos.

A táboa 9 amosa que máis da metade dos usuarios recibiran algún tratamento anterior pola problemática pola que solicitan intervención psicoterapéutica. Dos 53 usuarios que recibiran tratamento anterior, dous non especificaron cal era. Entre os restantes, como se observa na táboa 10, un total de 19 fixeran psicoterapia, 16 tomaron psicofármacos e 13 foron tratadas cunha combinación de ambos. Un total de 42 usuarios facían un tratamento simultáneo para o mesmo problema. Na táboa 11 pódese ver que, nestes casos, o máis usual era a combinación con psicofármacos.

Entre as persoas que toman psicofármacos para a mesma problemática prevalecen aqueles que levan menos de seis meses tomándoos. Dos usuarios tratados con psicanálise ou terapia sistémica, o grupo máis numeroso é o que leva máis de dous anos con terapia psicofarmacolóxica. O resto dos datos están reflectidos na táboa 12.

Na táboa 13 están recollidos os diagnósticos realizados polos terapeutas respecto ás problemáticas presentadas polos usuarios. Un total de 78 usuarios recibiron un só diagnóstico, 30 teñen dous diagnósticos e tres usuarios recibiron tres diagnósticos. O cómputo global realízase sobre o total de diagnósticos (147) e non de usuarios diagnosticados (111).

Os diagnósticos máis realizados son os que se sitúan dentro do apartado “outros”. Séguenlle os referidos ao estado de ánimo, ansiedade e consumo de substancias.

Finalmente, recolléronse datos sobre o número de sesións que se realizou con cada persoa e o tempo transcorrido, en días, desde a primeira á última sesión. Tivéronse en conta unicamente os datos daqueles casos que se cualificaron como acabados ou en tratamento. Obviáronse os resultados dos abandonos e daqueles casos nos que non existía certeza de que o proceso psicoterapéutico finalizara.

Na táboa 14 pódese observar que a media total é de 9,51 sesións e 163,41 días (entre parénteses especificanse as sesións e os días mínimos e máximos rexistrados). Os terapeutas que traballan desde unha perspectiva psicanalítica son os que máis sesións empregan e os que máis tempo teñen en terapia aos usuarios.

Estatística de resultados

Os resultados obtidos despois recibir o tratamento psicoterapéutico valoráronse en función de se se cumpriron diversos indicadores: fala o suxeito en pasado, obxectivos do tratamento, mellora percibida polo paciente, o terapeuta e a familia, e as diferenzas obtidas entre o pase pre (na primeira sesión) e post (na última sesión) da Escala de Saúde Xeral (ESX).

Como se pode observar nas táboas que se expoñen no correspondente anexo, dispónse de datos de resultados de, aproximadamente, o 25% da mostra total estudada, unha cifra que non se reparte de maneira homoxénea polos diferentes grupos: no grupo de psicanálise, temos datos de resultados do 40% dos pacientes estudados; psicodrama, 66% (só 2 casos), terapia cognitivo-condutual, 16% e terapia sistémica, 19%. Estas cifras limitan seriamente a capacidade de interpretación e extrapolación dos datos, que só poden aportar algunha revelación nunha análise global do total da mostra sen diferenciar entre escolas.

Na táboa 15 recóllense os datos relativos á utilización do pasado para falar sobre a problemática que os levou á consulta. O 72,4% falan en pasado. En todas as escolas predomina este resultado.

A consecución dos obxectivos do tratamento foron valorados polos terapeutas segundo tres categorías: non conseguido, conseguido parcialmente e totalmente conseguido. Predominan

claramente estes dous últimos sen case diferenzas entre eles, como se observa na táboa 16. Os terapeutas psicodramatistas e cognitivo-condutuais cualificaron os obxectivos de todos os seus casos como totalmente conseguidos.

Así mesmo avaliáronse as melloras percibidas polo paciente, o terapeuta e a familia. Desta maneira, na última sesión debían informar se se produciran pequenas melloras, melloras, se houbo unha resolución total do problema, se todo se mantiña igual ou se estaba peor. Nas táboas 17 a 19 amósanse os resultados. Como se pode observar, nestes tres indicadores priman a valoración de mellora dos problemas tratados. En ningún caso informaron de empeoramento.

Como se comentou anteriormente, os usuarios tiveron que preencher unha Escala de Saúde Xeral (ESX) na primeira e última sesión. Nas táboas 20 a 29 amósanse os resultados no pase pre e post para cada un dos oito ítems da escala, así como para a puntuación total e para a pregunta final da escala (“Avalíe o estado actual da dificultade pola que está nesta consulta”). As oito preguntas do ESX refírense á problemática que leva á consulta o usuario e respóndense cunha escala Likert de 1 (“nada de acordo”) a 9 (“moi de acordo”), mentres que a pregunta final se responde cunha escala Likert de 1 (“nun dos peores momentos”) a 10 (“completamente resolta”). A puntuación total é a suma dos oito ítems. Ofrécese as puntuacións medias no pase pre e post, así como a comparación de medias. Unha significación (Dif) menor de 0,5 correspóndese con diferenzas estatisticamente significativas entre a media do pase pre e post.

En todos os ítems, no total e na pregunta final hai diferenzas estatisticamente significativas entre o pase pre e post na mostra total. O escaso número de suxeitos avaliado nalgunha das escolas fai que non se poidan facer comparacións entre algúns dos ítems. De todas elas, pódense considerar relevantes de novo os datos globais da mostra total referidos especialmente á puntuación total na escala (Táboa 28).

Os usuarios que recibiron tratamento desde a focaxe psicanalítica teñen diferenzas significativas en todos os ítems, excepto o seis (“penso que se trata dunha doenza grave”) e sete (“non me deixa durmir”).

Non existen diferenzas significativas en ningún dos ítems do ESX para os usuarios tratados con psicodrama. Non se poden obter datos dos ítems tres, seis e a pregunta final polo escaso número de suxeitos estudados.

Na mesma liña preséntanse os resultados das persoas tratadas con terapia cognitivo-condutual. Non existen diferenzas significativas entre o pase pre e post para ningún dos ítems, a puntuación total e a pregunta final.

A intervención sistémica produce cambios en cinco dos oito ítems do ESX. Non existen diferenzas entre a primeira e a última sesión nos ítems dous (“Non me permite realizar actividades normais”), tres (“Empeorou a miña relación con outras persoas”) e cinco (“Faime estar irritable”). Existen diferenzas na puntuación total e non se encontran na pregunta final (“Avalíe o estado actual da dificultade pola que está nesta consulta”).

Seguimentos

Dispuxemos do teléfono do 73,3% da mostra (88 suxeitos). Destes 88, 33 non puideron ser localizados nos teléfonos facilitados, dous números estaban errados e outro non existía. Polo tanto, 52 suxeitos responderon ao inquérito de seguimentos. Nas táboas 30 e 31 pódense consultar as cifras sobre os teléfonos dispoñíbeis e o resultado das chamadas tanto para a mostra xeral como para cada uns dos modelos terapéuticos.

Aínda que os seguimentos realizados supoñen unha porcentaxe baixa, localizáronse o 30% dos pacientes de psicanálise, 60% de psicodrama, 50% de terapia cognitivo-condutual e 45% de terapia sistémica. Con estas cifras, pódese intentar extraer algunhas conclusións con prudencia.

No inquérito de seguimento preguntábase ao usuario sobre o resultado da psicoterapia que realizara. O 66% considerouna un éxito, o 1,7% un fracaso, o 24% abandonara e o 6% segue en tratamento. Os datos poden verse na táboa 32. En todos os modelos, a excepción do psicodrama, os éxitos priman fronte ás restantes opcións.

Na táboa 33 obsérvanse os resultados que refire o usuario respecto ao estado da problemática pola que acudiu a psicoterapia, o que denominamos resultado do seguimento. O 78% informa que está mellor, o 19% di que está igual e o 4% peor. En todas as escolas a maioría dos usuarios informan de melloras.

Este último informe, o resultado do seguimento, tamén é estudado en función do resultado da psicoterapia. Isto vén reflectido nas táboas 34 a 37. As táboas 35 a 37, de novo, conteñen datos sobre un número de casos demasiado pequeno como para tentar análises concluíntes. Con esta reserva, observamos que calquera resultado na psicoterapia vén acompañado por unha maioría de melloras no seguimento, a excepción dos fracasos nos que se reparten por igual melloras e informes de non cambio. O usuario que considerou como fracaso a súa psicoterapia sistémica, despois informou de que a problemática se mantiña igual. Esta condición, fracaso en terapia sistémica, é a única na que as melloras non superan as outras opcións.

Preguntouse aos suxeitos até que punto consideraban cumpridos os obxectivos ou metas que se plantexaron ao iniciar o tratamento. A resposta fixérona nunha escala Likert de 1 (nada) a 10 (todo). Na táboa 38 amósase a media total e por modelo (entre parénteses as desviacións típicas). A puntuación media global foi de 6,9.

O 80% dos usuarios informaron no seguimento que non consultaran con outro especialista polo mesmo problema. A táboa 39 reflicte estes datos. No total e en todos os modelos, a maioría dos informantes responden nesta liña.

Da mesma maneira, a maioría dos usuarios, o 74%, non se plantexan iniciar un novo traballo psicoterapéutico por unha problemática diferente á anterior. En todos os modelos predomina esta resposta. Na táboa 40 obsérvanse estes datos.

O efecto irradiación consiste en transmitir as mellorías obtidas nun problema ou ámbito da vida a outros. Neste estudo tamén se dá este efecto, como o amosa a táboa 41. Preguntados os suxeitos se notaron algunha melloría noutras áreas da súa vida trala finalización do tratamento, un 66% responden afirmativamente. En todos os modelos, a excepción do cognitivo-condutual, a maioría dos usuarios informan de irradiación das mellorías.

Nos casos que o usuario cualificou como éxito, preguntóuselle se o tratado nas sesións o axudou a conseguir o seu propósito. A resposta fixérona nunha escala Likert de 1 (nada) a 10 (moito). Como se pode observar na táboa 42, a media total foi de 7,89. A media das escolas non é, en ningún caso, inferior a sete.

Se o usuario abandonou a psicoterapia, preguntóuselle o motivo para iso. Na táboa 43 amósanse as alternativas de resposta que se lle deron e as que elixiron. O 50% dos abandonos inquiridos escolleron a alternativa “outros” como a que mellor explica o motivo da finalización do seu tratamento. Nesta categoría inclúense, segundo refiren os pacientes e reflíctese nas correspondentes fichas: *“surxiron outros incidentes que deixaron nun segundo plano os problemas polos que acudía, produciuse unha solución diferente (p.ex., o rapaz marchou da casa), non tiña con quen deixar o neno, dificultade de horarios, prezo, ou a súa parella abandonou o tratamento”*. A segunda alternativa máis escollida foi a de non lle gustar a focaxe desde a que se traballaba.

No inquérito de seguimento, volveuse pasar a Escala de Saúde Xeral (ESX). Foi a terceira vez que se lle administrou a aqueles suxeitos que completaron o estudo. Anteriormente, pasóuselles antes e despois da psicoterapia. No seguimento modifícase a escala de resposta, fronte á Likert de un a nove nos pases pre-tratamento e pos-tratamento: agora a alternativa é dicotómica (si-non). Conserva a pregunta final “Avalíe o estado actual da dificultade pola cal estivo nesta consulta”, cunha resposta en escala Likert de 1 (nun dos peores momentos) a 10 (completamente resolta). As táboas 44 a 52 amosan os resultados. Unha vez máis, debemos considerar relevantes os datos da mostra global sobre a puntuación total na escala, non podendo considerarse concluíntes os resultados por grupos debido ao pequeno tamaño da mostra da que en cada caso se obteñen estes datos.

Na mostra global e para cada unha das escolas, máis do 50% dos usuarios responden a alternativa que se considera que indica unha boa resolución da problemática. Hai dúas excepcións, nos ítems catro (“Obrígame a pasar na casa máis tempo do que quixera”) e cinco (“Faime estar irritábel”), máis do 50% dos usuarios que recibiron tratamento psicodramático responden na liña que implica un menosprezo derivado da problemática tratada.

Respecto da pregunta final (“Avalíe o estado actual da dificultade pola que estivo nesta consulta”), a media global, nunha escala de un a dez, é de 7,12.

Finalmente, comparáronse as medias dos suxeitos que responderan á pregunta final nos diferentes pases da ESX. Realizada anteriormente a comparación entre o pase pre e post, a

continuación expóñense os resultados das comparacións entre o pre e o seguimento, e o post e o seguimento.

O número de suxeitos estudados varía entre as comparacións, xa que soamente se poden utilizar os datos de aqueles usuarios que responderon os dous pases da ESX que se comparan. Desta maneira, 45 suxeitos completaron o pase pre e o seguimento e 18 o pase post e o de seguimento.

Existen diferenzas significativas na mostra total entre os resultados da pregunta final da ESX pretratamento e a realizada durante o seguimento. Estas diferenzas tamén se dan no modelo cognitivo-condutual e sistémico, non así en psicanálise e psicodrama. Os resultados amósanse na táboa 53.

Non existen diferenzas significativas entre os resultados obtidos no pase postratamento e no de seguimento. Como reflicte a táboa 54, estes resultados mantéñense en todos os modelos.

VI. Valoración de resultados en cada grupo

6.1 Psicanálise (Fe Lacruz Pardo)

Os resultados do traballo confirman algo que os terapeutas de calquera orientación saben xa a partir da súa práctica: que na maioría dos casos os tratamentos conseguen efectos terapéuticos, inclusive a psicanálise, á que se lle discute aínda de forma relativamente frecuente o seu poder terapéutico, puido amosar que a súa eficacia neste terreo é un feito (con todas as limitacións deste estudo, por suposto). Son os poderes da palabra, que non é posíbel obviar.

Freud sempre plantexou que esa non era a súa finalidade primeira, senón que o efecto terapéutico se obtiña por engadidura. En efecto, a finalidade dunha psicanálise, levada até o fin desde a lóxica que a anima, non apunta aos efectos terapéuticos como meta última, xa que no campo do Inconsciente, curar non ten sentido. Pódese dicir que a psicanálise usada como psicoterapia é un uso restrinxido do método inventado por Freud, na medida en que a psicoterapia segue o ideal do bon funcionamento, e a súa finalidade é lograr identificacións con fins adaptativos, mentres que a psicanálise apunta a un máis alá, a outra maneira de saber facer coa pulsión, en definitiva, con ese goce, nunca o adecuado, que perturba o funcionamento do desexo.

Dado que a solución de cada paciente, ou analizante, é sempre orixinal, produto dunha invención, non cabe cuantificar os resultados dunha psicanálise, salvo nos seus efectos terapéuticos, que nada din da particularidade subxectiva.

Participar neste estudo tivo como finalidade pór de relevo que o método inventado hai máis de cen anos por Sigmund Freud conserva a súa vixencia, e as súas posibilidades de uso confirmanse tanto nas consultas privadas dos analistas, coma nos Centros de Psicanálise de Consultas e Tratamento, que reciben numerosos pacientes sen recursos económicos.

Aceptar nesta ocasión os códigos do discurso dominante na actualidade, cando a psicanálise se constitúe no seu reverso, aceptar polo tanto o paradigma da avaliación, que máis que unha ciencia é “*a arte do management*”, estivo ao servizo dunha transmisión fóra do ámbito analítico, unha verificación que na orientación de J. Lacan (a de todos os analistas que participaron no estudo) non pasa pola cuantificación, o cálculo ou a medida, senón por un procedemento doutra orde, un dispositivo chamado “*pase*”.

Para acabar, quería dicir que foi un pracer traballar estes anos cos colegas integrantes da Comisión. A cordialidade e o respecto, a pesar das nosas diferenzas teóricas, marcaron o noso traballo conxunto. O meu agradecemento a todos eles, e por suposto a todos os meus colegas analistas, o meu recoñecemento ao seu traballo, tan lonxe esta vez do desenvolvemento habitual para nós.

6.2 Psicodrama (Rosa Rey Pousada)

- O estudo Campos Semánticos pon en evidencia que a adscrición teórica supón formas de pensar e falar diferentes.

- Os resultados do estudo sobre os estilos de intervención amosan que o establecemento do contexto terapéutico (flexibilidade-rixidez con que cada terapeuta tende a operar cos usuarios) e o grao de involucración (implicación do terapeuta coa súa tarefa e co usuario) que amosa o terapeuta é independente do modelo ao que din adscribirse. Se ben, tanto a delimitación do contexto como o compromiso co acto terapéutico maniféstase de forma diferente en cada escola.

Desde o punto de vista psicodramático, este dato está en consonancia co concepto de rol social (neste caso, profesional). Todo rol conleva unha forma socialmente prestablecida onde se integran as características persoais de quen desempeña o rol. Polo tanto, o encadramento terapéutico (contexto-situación e compromiso-contrato) é particular de cada escola mais varía formalmente dunha a outra, e a flexibilidade e implicación son características persoais e independentes, polo tanto, do modelo.

En canto ás diferenzas en función dos anos de experiencia, neste estudo non existen diferenzas significativas en ningunha das cinco variábeis estudadas. Posibelmente neste resultado incida que os terapeutas incluídos no grupo de noveles non o eran tanto (entre 5 e 17 anos de experiencia). Pero aparece unha tendencia cara unha maior rixidez no contexto e unha menor involucración nos experimentados que suxire, na liña apuntada anteriormente, que a maior desenvolvemento do rol profesional, se opera de maneira máis automática e con menor implicación persoal.

- En canto ao estudo dos procedementos psicoterapéuticos e resultados dos tratamentos, a reducidísima mostra do grupo de psicodrama non permite extraer ningunha valoración ou conclusión fiábel nin significativa sobre o método e os seus resultados.

Conclusiones:

É evidente que nalgunhas cuestións psicoterapéuticas pensamos, falamos e actuamos de maneiras diferentes segundo a adscripción teórica.

Posibelmente nos asemellemos máis nos asuntos que corresponden ao rol de psicólogo e as súas funcións e nos que din respecto a aspectos propios das relacións humanas.

Non hai suficientes datos neste estudo para extraer conclusións sobre os resultados das diferentes psicoterapias nin sobre que factores inflúen nos mesmos.

Creo que para estudos posteriores conviría distinguir entre características formais propias do rol de psicólogo, características formais propias de cada escola, características persoais e características do instrumento terapéutico.

Estudos deste tipo, lonxe de fomentar a rivalidade, reforzan a idea de que así como as diversas características persoais enriquecen a especie humana, as diversas formas de entender e facer psicoterapia enriquecen a ciencia da Psicología.

6.3 Terapia Cognitivo-Conductual (Jorge García Fernández)

Calquera valoración dos resultados obtidos neste grupo debe realizarse con reservas tendo en conta a escasa mostra total dispoñíbel (n=18) xunto coas dificultades engadidas na obtención de algúns datos de post-tratamento e seguimento en moitos destes suxeitos.

Os datos suxiren que os suxeitos recibiron unha terapia breve (menos de 3 horas totais de tratamento) e, polo tanto, de baixo custe, pero non obstante con capacidade para responder ás demandas dos usuarios, os cales, logo dun ano da finalización do tratamento, informan de se ter beneficiado claramente da terapia recibida así como acadando significación estatística na análise das diferenzas obtidas en moitos dos ítems do inquérito aplicado ao efecto.

Se ben as características metodolóxicas do estudo non permiten establecer afirmacións sobre superioridade e nin sequer eficacia das intervencións, os datos son suxerentes dunha elevada calidade e satisfacción dos usuarios das actuacións terapéuticas realizadas.

6.4 Terapia Sistémica (José Luis Rodríguez-Arias Palomo)

En primeiro lugar, merece a pena resaltar que o valor principal deste estudo é o feito de pór de acordo un grupo heteroxéneo de psicoterapeutas para a presentación e análise dun conxunto de casos tratados desde perspectivas teóricas diferentes. E a primeira conclusión é que o campo da Psicología Clínica é máis heteroxéneo nas súas formas do que nos seus fins. Desde diferentes focaxes búscase contribuír ao benestar psicolóxico das persoas.

Cando os psicólogos clínicos falan do traballo que fan de forma aberta e libre exprésanse, e probabelmente pensan, de forma diferente acerca de aspectos cruciais e trascendentes do desempeño profesional. ¿Tradúcense estas diferenzas en prácticas profesionais dispares?.

Cando os psicólogos clínicos expresan as súas posicións terapéuticas nun inquérito de resposta pechada, dilúense a maior parte destas diferenzas. ¿É este resultado consecuencia de dous procedementos de medida diferentes -un que enfatiza as diferenzas e outro que as atenúa- ou as diferenzas na forma de expresión verbal non se ven reflectidas nas actitudes declaradas que se avalían no inquérito? ¿E como se ve afectada a práctica dos profesionais?.

O baixo 'n' do estudo e a perda de suxeitos experimentais non permite facer ningunha afirmación sólida respecto á comparación entre modelos. Porén, e coa prudencia que require un estudo de carácter exploratorio, pódese afirmar que os pacientes cos que se contactou no seguimento están satisfeitos do tratamento recibido ¿Tamén o están os que non puideron ser contactados?.

Este estudo suxire a necesidade de continuar a sumar esforzos para que a Psicología Clínica sexa cada vez máis unha alternativa sólida e diversa ao servizo da saúde mental da poboación.

VII. Conclusións Xerais (Marisol Filgueira Bouza)

Desde o comezo presentamos o estudo como unha tentativa descritiva da práctica psicoterapéutica dos Psicólogos Clínicos de Galicia. Con optimismo esforzámonos en buscar análises que nos puideran permitir algunhas conclusións máis ambiciosas, e con capacidade de extrapolación, en canto ás relacións entre teoría e práctica e entre as técnicas específicas e os resultados dos tratamentos. Non pretendemos un estudo de eficacia comparada entre modelos de psicoterapia tendo en conta os resultados máis relevantes da literatura consultada. Temos a satisfacción de ter logrado un auténtico traballo de equipo durante 4 anos ininterrompidos (2005 a 2009) entre un bo número de profesionais de diferentes perspectivas que aportaron todo o seu esforzo de maneira desinteresada (nin unha soa axuda de investigación nos foi concedida nas convocatorias ás que concorremos) e con absoluto respecto polos plantexamentos e ocupacións dos colegas das diferentes escolas. Os avatares do tempo e varias circunstancias coxunturais, algunhas inevitábeis e outras controlábeis, produciron unha notábel redución no tamaño da mostra de psicoterapeutas inicialmente recrutada así coma no número de casos susceptibles de completar o estudo (só hai datos de resultados do 25% dos casos recrutados, e datos de seguimento do 59,1%, dos cales o 24% abandonou e o 6% segue a tratamento). Como aconteceu no estudo de referencia que inspira a nosa investigación (Leff et al. 2000), onde houbo que prescindir de datos para a comparación entre diferentes tratamentos debido ao pequeno tamaño da mostra nalgúns grupos, no noso caso o grupo de Psicodrama e o de Terapia Cognitivo-Conductual ficaron tan reducidos que non permiten comparacións nin extraer conclusións específicas relevantes, sendo os grupos de Psicanálise e Terapia Sistémica os que sustentan o maior peso dos resultados. Cabe preguntarse polas razóns de que a perspectiva con máis tradición investigadora no método experimental, a cognitivo-conductual, tivera nesta oportunidade tan escasa participación (dos 15 terapeutas inicialmente recrutados, só 2

completaron o estudo). É sabido que os psicodramatistas (5 recrutados/2 completaron) contan con menor representación que outras escolas na poboación de psicoterapeutas e que o seu hábito investigador é peculiar (métodos sociométricos...) e máis recente. Esta mostra podería terse ampliado incluíndo no estudo psiquiatras desta orientación con exercicio no ámbito do estudo. Hai que valorar o esforzo anovador realizado polo grupo de Psicanálise (8 recrutados/6 completaron), pola súa particular postura fronte á investigación e á práctica clínica, seguindo as argumentacións da súa coordinadora nas correspondentes conclusións. E destacar a solidez do grupo de Terapia Sistémica (16 recrutados/11 completaron) en todo o proceso, demostrando unha vez máis o seu recoñecido prestixio entre os profesionais e usuarios dos nosos dispositivos, cunha tradición investigadora e clínica seria e consolidada. As dificultades para seleccionar e explotar suficientemente a metodoloxía axustada aos nosos obxectivos e hipóteses tamén influíu sobre a capacidade das análises, o rigor das interpretacións e a relevancia das conclusións. Con todas as salvedades mencionadas, cremos ter cumprido, ao menos parcialmente, algúns dos nosos obxectivos:

- Describir algunhas das prácticas psicoterapéuticas que se exercen en Galicia, os seus fundamentos teóricos, procesos, técnicas, obxectivos e unha aproximación de resultados.
- Fomentar a comunicación e o intercambio entre os Psicólogos Clínicos que exercen estas prácticas.
- Propoñer, desenvolver e seguir probando deseños metodolóxicos máis axustados ás peculiaridades da investigación con psicoterapias, de maneira particular, respectando as condicións naturais na administración dos tratamentos.
- Elaborar, desenvolver, probar e contribuír a validar instrumentos e protocolos consensuados entre modelos para o control das adscricións teóricas dos psicoterapeutas, dos estilos de intervención, das variábeis implicadas nos diferentes procesos psicoterapéuticos e dos resultados dos tratamentos, a fin de que estes sexan administrados en condicións suficientemente documentadas, consentidas, libres e seguras.
- Contribuír a identificar variábeis comúns e específicas nos procesos psicoterapéuticos co obxectivo, a longo prazo, de averiguar se existen correlacións entre os axentes específicos de cada modelo e os seus resultados, e se pode sustentarse a idea de propoñer indicacións específicas en psicoterapia. Un obxectivo aínda moi lonxe do alcance do noso estudo.
- Comprobar diferenzas significativas entre os modelos estudados: en canto aos constructos teóricos (plantexamentos) sobre a profesión, constátase que os psicoterapeutas dos diferentes modelos controlan conceptos/significados diferentes e priorizan ou ignoran determinadas variábeis (Código Sociocibernético de

Relevancia/Opacidade); nos estilos de intervención (avaliados co EPT-C), aparecen certas diferenzas na forma de abordar, comprometerse e implementar o proceso psicoterapéutico (focalización, expresión emocional, directividade); e nas comparacións pre/post tratamento e controis de seguimento, aparece melloría significativa nun bo número de variábeis (cumprimento de obxectivos, melloría percibida, saúde xeral), se ben esta afirmación debe limitarse é mostra total sen se poder extraer conclusións específicas relevantes para cada grupo por separado. Coas análises realizadas e resultados obtidos, non estamos en condicións de afirmar que existan diferenzas entre as prácticas psicoterapéuticas (o que fan os psicoterapeutas na práctica en correlación ou con independencia do modelo teórico utilizado).

- Probar a satisfacción dos usuarios cos servizos recibidos, e este dato significativamente favorécenos: o 78% dos usuarios inquiridos na fase de seguimento afirma estar mellor, manténdose os efectos referidos ao finalizar os tratamentos.
- Contribuír a mellorar os procedementos de control de calidade na formación e o exercicio da psicoterapia con criterios homologábeis ás acreditacións de ámbito europeo e internacional.
- Identificar os puntos débiles e dificultades a solventar neste ámbito da investigación, orientando ulteriores estudos.

VIII. Bibliografía

- Adshead, G. (2000). Psychological therapies for posttraumatic stress disorder. *British Journal of Psychiatry*, 177, 144-148.
- American Psychiatric Association (1982). *Psychotherapy research: Methodological and efficacy issues*. Washington DC.
- Asen, E. (2002). Outcome reserach in family therapy. *Advances in Psychiatric Treatment*, 8, 230-238.
- Barkham, M & Hardy, G. E. (2001). Counselling and interpersonal therapies for depression: towards securing and evidence base. *British Medical Bulletin*, 57, 115-132.
- Becoña Iglesias, E., Vázquez Domínguez, M.J., Míguez Varela, M.C., Casete Fernández, L., Lloves Moratinos, M., Nogueiras Fernández, L., González Valerio, N., Lage Muiño, M., Suárez Pita, S., Gutiérrez-Moyano Zimmerman, M.M., Lorenzo Vila, M.C. y Baamonde Rodríguez, M.G. (2004 Ene-Abr). Guías de tratamiento y guías para la práctica clínica psicológica: una visión desde la clínica. *Papeles del Colegio*, 25(87), 9-19.
- Benito, E. (2008). Las Psicoterapias. *Revista Psiencia*, 1(1). <http://www.psiencia.org/index.php/psiencia/article/view/3/22>
- Bernard, H., Burlingame, G., Flores, P., Greene, L., Joyce, A., Kobos, J.C., Lesczc, M., Macnair Semands, R.R., Piper, W.E., Slocum Mceneaney, A.M. & Feriman, D. (2008 Oct). Clinical Practice Guidelines for Group Psychotherapy. *International Journal of Group Psychotherapy*, 58, 4. *ProQuest Health and Medical Complete* p. 455.
- Bertalanffy, L.V. (1976). *Teoría General de los Sistemas*. México: Fondo de Cultura Económica.
- Braken, P. & Thomas, P. (2001). Postpsychiatry: a new direction for mental health. *BMJ*, 322, 724-727. <http://www.bmj.com>
- Callejo, J. (2001). *El grupo de discusión: introducción a una práctica de investigación*. Barcelona: Ariel.
- Canales Ceron, M. (Coord.) (2006). *Metodologías de investigación social. Introducción a los oficios*. Santiago de Chile: LOM ed.
- Canales Ceron, M. e Peinado, A. (1994). El grupo de discusión. En: J.M. Delgado e J. Gutiérrez (1994). *Métodos y técnicas cualitativas de investigación en Ciencias Sociales*. Madrid: Síntesis.
- Chandlers, A.F. (1984). *¿Qué es esa cosa llamada ciencia?*. Madrid: Siglo XXI.
- Chiesa, M., Drahorad, C. & Longo, S. (2000). Early termination of treatment in personality disorder treated in a psychotherapy hospital. Quantitative and qualitative study. *British Journal of Psychiatry*, 177, 107-111.
- Cogan, R. e Porcerelli, J.H. (2005 Jun). Manifestaciones clínicas de la psicopatología de la personalidad de los pacientes que inician y terminan un psicoanálisis. (Clinician reports of personality pathology of patients beginning and patients ending psychoanalysis). *Psychology and Psychotherapy: Theory, Research and Practice*, 78. <http://www.psiquiatria.com/articulos/psicologia/30772/>
- Cuijpers, P. (1997). Bibliotherapy in unipolar depression: a meta-analysis. *Journal of Behavioural Therapy and Experimental Psychiatry*, 28, 139-147.
- Department of Health (2001). *Treatment Choice in Psychological Therapies and Counselling: Evidence-Based Clinical Practice Guideline*. Londres: Stationery Office. <http://www.doh.gov.uk/mentalhealth/treatmentguideline>
- Eells, T.D., Lombart, K.G., Kendjelic, E.M., Turner, L.C. e Lucas, C.P. (2005). The quality of psychotherapy case formulations: a comparison of expert, experienced and novice cognitive-behavioral and psychdinamic therapist. *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 73, 579-589.
- Eysenck, H.J. (1952). The effects of psychotherapy: An evaluation. *Journal of Consulting Psychology*, 16, 319-324.
- Farré, J.M. e Fullana, M.A. (2005). *Recomendaciones terapéuticas en terapia cognitio-conductual*. Barcelona: Psiquiatría Editores
- Fernández-Álvarez, H. et al. (2003). Assessment Questionnaire on The Personal Style of the Therapist PST-Q. *Clinical Psychology and Psychotherapy*, 10, 116-125.

- Filgueira Bouza, M.S. (1991). Placebo y Psicoterapia. En: "Estado actual da terapéutica en saúde mental". Asociación Galega de Saúde Mental. Vigo. <http://www.agsm.es>
- Filgueira Bouza, M.S. (1993 2º trim). Ciencia y Psicoterapia. *Informaciones Psiquiátricas*, 132, 129-141.
- Gaffan, E. A., Tsaousis, I. e Kemp-Wheeler, S. M. (1995). Researcher allegiance and meta-analysis: the case of cognitive therapy for depression. *Journal of Consulting and Clinical Psychiatry*, 63, 966-980.
- García, L. (2008). Historia reciente de la investigación en psicoterapia. *Revista Psiencia*, 1(1). <http://www.psiencia.org/index.php/psiencia/article/view/13/32>
- García, F., Castañeiras, C., Rial, V. e Fernández Álvarez, H. (2005). Nuevos desarrollos en la evaluación del estilo personal del terapeuta: el programa AIGLÉ. Póster presentado no 30º Congreso Interamericano de Psicología, Buenos Aires, Argentina. <http://www.aigle.org.ar>
- Garfinkel, H. (1967). *Studies in Ethnomethodology*. Prentice Hall. Englewood Cliffs. (1984) Polity Press. Cambridge. Garrido, M. e García, J. (1994). *Psicoterapia: Modelos contemporáneos y aplicaciones*. Valencia: Promolibro.
- Gavino, A. (1997). *Guía de ayuda al terapeuta cognitivo-conductual*. Madrid: Pirámide.
- Goldfried, M.R. (1991). Research issues in psychotherapy integration. *Journal of Psychotherapy Integration*, 1, 5-27.
- Goldfried, M.R. (1996). *De la terapia cognitivo-conductual a la psicoterapia de integración*. Bilbao: Descleé de Brouwer.
- Goldfried, M. R., Raue P. J. e Castonguay, L. G. (1998). The therapeutic focus in significant sessions of master therapists: A comparison of cognitive-behavioral and psychodynamic interpersonal interventions. *Journal of Consulting and Clinical Psychology*, 66, 803-810.
- Gorey, K. M. & Cyrns, A. G. (1991). Group work as interventive modality with the older depressed client: a meta-analytic review. *Journal of Gerontological Social Work*, 16, 137-157.
- Hayes, J.R. (1985). *Three problems in teaching general skills*. En: J.W. Segal, S.F. Chipman y R. Glaser (Eds.). *Thinking and learning skills: Research and open questions* (Vol. 2, pp. 391-405). Erlbaum. Hillsdale, NJ.
- Holmes, J. (2000). Fitting the biopsychosocial jigsaw together. *British Journal of Psychiatry*, 177, 93-94.
- Holmes, J. (2002). All you need is cognitive-behaviour therapy?. *BMJ*, 324, 288-294. <http://www.bmj.com>
- Ibáñez, J. (1979). *Más allá de la sociología. El grupo de discusión: Teoría y crítica*. Madrid: Siglo XXI.
- Jaspers, K. (1988). *La práctica médica en la era tecnológica*. Barcelona: Gedisa.
- Jones, E. e Asen, E. (2000). *Terapia Sistémica de Pareja y Depresión*. Bilbao: Biblioteca de Psicología Descleé de Brouwer.
- Kellerman, P.F. (1987 Nov). Outcome research in classical psychodrama. *Small Group Behaviour*, 18(4), 459-469. <http://peterfelix.4t.com/OUTCOME.pdf>
- King, M., Sibbald, B., Ward, E. et al. (2000). Randomised controlled trial of non-directive counselling, cognitive-behavioural therapy and usual general practitioner care in the management of depression as well as mixed anxiety and depression in primary care. *The National Coordinating Centre for Health Technology Assessment (NCCHTA)*, 4(19), 83.
- Kipper, D.A., Ritchie, T.D. & Timothy, D. (2003 Mar). The effectiveness of psychodrama techniques: a meta-analysis. *Group Dynamics: Theory, Research, and Practice*. 7(1), 13-25.
- Kivlighan Jr., D.M. (2008 Oct). Comments on the Practice Guidelines for Group Psychotherapy: Evidence, Gaps in the Literature and Resistance. *International Journal of Group Psychotherapy*, 58, 4. *ProQuest Health and Medical Complete* p. 543.
- Klein, R.H. (2008 Oct). Toward the Establishment of Evidence-Based Practices in Group Psychotherapy. *International Journal of Group Psychotherapy*, 58, 4. *ProQuest Health and Medical Complete* p. 441.
- Labrador, F.J., Cruzado, J.A. e Muñoz, M. (Eds) (2007). *Manual de Técnicas de Modificación de Conducta*. Madrid: Pirámide.

- Lambert, M. J. (1992). *Psychotherapy outcome research: Implications for Integrative and Eclectic Therapists*. En: J.C. Norcross, J. C. & M.R. Goldfried (comps.). *Handbook of psychotherapy integration* (pp. 94-129). New York: Basic.
- Lambert, M. J. & Anderson, E. M. (1996). Assessment for the time-limited psychotherapies. *Annual Review of Psychiatry*, 15, 23-47.
- Lambert, M. J. & Bergin, A. E. (1992). Achievements and limitations of psychotherapy research. En: D.K. Freedheim (comp.). *History of psychotherapy: A century of change* (pp. 360-390). Washington DC: American Psychological Association.
- Laurent, E. (2002). *Las resonancias de la experiencia y su transmisión*. En: VV. AA. *Incidencias memorables en la cura analítica*. Buenos Aires: Paidós.
- Laurent, E. (2002). *La poética del "caso lacaniano"*. En: VV. AA. *Incidencias memorables en la cura analítica*. Buenos Aires: Paidós.
- Leff, J., Vearnals, S., Brewin, C. R., Wolff, G., Alexander, B., Asen, E., Dayson, D., Jones, E., Chisholm, D. & Everitt, B. (2000). The London Depression Intervention Trial. Randomised controlled trial of antidepressant v. couple therapy in the treatment and maintenance of people with depression living with a partner: clinical outcome and costs. *British Journal of Psychiatry*, 177, 95-100.
- Lewandowski, L. M., Gebing, T. A., Anthony, J. L. & O'Brien, W. H. (1997). Meta – analysis of cognitive-behavioral treatment studies for bulimia. *Clinical Psychology Review*, 17(7), 703-718.
- Margison, F.R., Barkham, M., Evans, C., McGrath, G., Clark, J.M., Audin, K. & Connell, J. (2000). Measurement and Psychotherapy. Evidence-based practice and practice-based evidence. *British Journal of Psychiatry*, 177, 123-130.
- Marks, I.M. (2002). The maturing of therapy. Some brief psychotherapies help anxiety/depressive disorders but mechanisms of action are unclear. *British Journal of Psychiatry* 180, 200-204.
- Maunder, R.G. & Hunter, J.J. (2001). Attachment and Psychosomatic Medicine: Developmental Contributions to Stress and Disease. *Psychosomatic Medicine*, 63, 556-567.
- McDermut, W., Miller, I. & Brown, R. A. (2001). The efficacy of group psychotherapy for depression: a meta-analysis and review of the empirical research. *Clinical Psychology: Science and Practice*, 8, 98-116.
- Menéndez Osorio, F. (1998). Interdisciplinariedad y Multidisciplinariedad en Salud Mental. *RevAEN*65. http://www.pulso.com/aen/presentacion_65.htm.
- Menéndez Osorio, F. (2005). Veinte años de la Reforma Psiquiátrica. Panorama del estado de la Psiquiatría en España de los años 1970 a los 2000: de un pensamiento único a otro. *RevAEN*95. <http://scielo.isciii.es/pdf/neuropsiq/n95/v25n3a05.pdf> <http://www.aen.es/web/docs/RevAEN95.pdf>.
- Miller, J.A. et al. (2001). *Del Edipo a la sexuación (Apartado II, Presentación de enfermos)*. Buenos Aires: Paidós.
- Morin, E. (1992). *El Método.- Las Ideas*. Cátedra. Madrid.
- Olabarriá, B. y Vázquez, P. (2007). Aspectos epistemológicos del cambio psicoterapéutico en la investigación clínica desde el modelo sistémico. *Revista da Asociación Española de Neuropsiquiatría*, XXVII(1), 99, 7-20. *RevAEN*99 <http://www.aen.es/web/docs/RevAEN99.pdf>.
- Pascual Llobell, J., Frías Navarro, M.D. e Monterde i Bort, H. (2004 Ene-Abr). Tratamientos psicológicos con apoyo empírico y práctica clínica basada en la evidencia. *Papeles del Psicólogo*, 25(87), 1-8.
- Paykel, E. (2001). Continuation and maintenance therapy in depression. *British Medical Bulletin*, 57, 145-159.
- Pérez Álvarez, M. (1996). *La psicoterapia desde el punto de vista conductista*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Pérez Álvarez, M. (1996). *Tratamientos psicológicos*. Madrid: Editorial Universitas.
- Pintos, J.L. (1995). *Los imaginarios sociales. La nueva construcción de la realidad social*. Santander: Sal Terrae. <http://web.usc.es/~jlpintos/> <http://www.gceis.org/>
- Pintos, J.L. (2004). Revisión y ampliación de los elementos básicos de la Teoría de los Imaginarios Sociales. *Semata. Ciencias sociales y humanidades*, 16, 17-52.

- Os Recursos humanos tamén melloraron sensibelmente, aumentou o persoal e a variedade deste (psicólogos clínicos, Terapeutas Ocupacionais, monitores de ocio e tempo libre, voluntarios e inclusive, nalgúns sitios, fisioterapeutas).
- Impulsáronse os dispositivos sociosanitarios (asociacións de familiares e usuarios). Este é quizá o aspecto máis sobresaliente. As asociacións de familiares tiveron que desenvolver unha serie de recursos (centros de día, pisos, residencias, obradoiros ocupacionais...), que lles facilitasen aos seus familiares con TMS o mellor dos coidados e calidade de vida posíbeis.

Se comparamos isto co que tiñamos, podemos estar contentos; se o comparamos con outros estándares (por exemplo, as recomendacións da OMS) seguro que aínda nos queda moito por conseguir.

Mudaron as estruturas, pero ¿mudaron as formas e actitudes? A diferenciación anterior que facíamos entre tratamento convencional e rehabilitación é de Anthony, Cohen e Farkas (1992) autores emblemáticos en rehabilitación. Estes mesmos autores continúan dicindo:

“Desafortunadamente, esta diferenciación conceptual non foi traducida á práctica. A rehabilitación psiquiátrica continuou a ser moi similar ao tratamento convencional. Os programas para formar técnicos en rehabilitación ou case non existen ou ensinan unhas poucas técnicas. A diferenciación conceptual entre tratamento convencional e rehabilitación unicamente afectou á práctica no sentido dos “lugares” onde se aplica”.

Quizá, a propia palabra, “re-habilitación” leva implícita xa unha énfase na perda de habilidades, a deficiencia, o deterioro; o paciente é visto como un depósito estático, pasivo ao que os profesionais preenchemos con neurolépticos, habilidades sociais, da vida diaria, cognitivas..., o que a nivel práctico limita a filosofía de centrarse nas potencialidades, recursos e posibilidades e polo tanto:

- Continuamos a ver a doenza e non vemos a persoa que a padece.
- Continuamos a centrarnos nos síntomas e non en desenvolver as potencialidades e os recursos, é dicir en facer medrar a parte sá que todos teñen.
- Relegamos determinadas técnicas e programas detrás dos de sempre; argumentando falta de tempo, de persoal ou de medios materiais; a prescripción

farmacolóxica segue a ser o “programa estrela” polo que todos os pacientes han de pasar de “por vida”. Hai un par de meses, nun congreso sobre esquizofrenia en Las Palmas, presentouse un estudo feito en Canarias con pacientes con esquizofrenia; houbo un dato que pasou case desapercibido, aproximadamente o 70% da mostra non recibira ningún tipo de axuda máis aló do tratamento psicofarmacolóxico.

- Seguimos decidindo o que é mellor para o paciente, o que precisa, sen escoitar o que quere el e o que precisa el.
- En definitiva, aínda carecemos dunha atitude cara este tipo de traballo, que implica flexibilidade, creatividade, confianza, motivación, mobilidade, creación de expectativas de futuro, esperanza...

E despois de toda esta situación bastante pesimista, agora qué?

A adopción do concepto de *recuperación* desenvolto por Anthony e Farkas (2001), implica un cambio de actitudes cara o tratamento da persoa con TMS, onde que se planea que a persoa recupere o seu proxecto de vida, de maneira que alcance o seu máximo nivel de autonomía persoal e participación social. “A recuperación suporía o desenvolvemento dun novo significado e novos obxectivos na vida persoal do suxeito máis lonxe do impacto da doenza mental” (Anthony, 1993). Este modelo supón apoiarse nas capacidades e fortalezas da persoa e do seu entorno, para conseguir que sexa el mesmo o que constrúa o seu proxecto de vida sen que este sexa predefinido polos profesionais ou o sistema sanitario. Faise énfase na capacidade de elección e na responsabilidade persoal. Estudos lonxitudinais e relatos de pacientes e os seus familiares, amosan como até un case 80% (dependendo dos estudos) das persoas queixadas de TMS dan un novo sentido á súa vida ás veces moitos anos despois do diagnóstico, ás veces con persistencia de sintomatoloxía, con ou sen tratamento farmacolóxico, e todo iso en moitas ocasións a través de actividades e relacións que pouco ou nada tiñan que ver cos servizos ou profesionais de saúde mental. É unha visión máis esperanzadora, non?

Sen negar a importancia e evidencia que ampara as técnicas clásicas de rehabilitación e os seus efectos específicos nos aspectos biolóxicos, condutuais, cognitivos ou socio-familiares da persoa, a filosofía da recuperación subliña máis os aspectos emocionais específicos das relacións humanas (confianza, esperanza, percepción de aceptación persoal e apoio social, crenza na persoa e as súas capacidades...) que son non específicos para as técnicas e programas, pero deberían ser inherentes ao seu uso. Precísase pois, ampliar a oferta de actividades clásicas de rehabilitación (Habilidades Sociais, Rehabilitación Cognitiva, Actividades da vida diaria...), con outras que permitan potenciar aspectos motivacionais, vocacionais, de expresión emocional e artística, etc. Neste sentido, de abrir camiños, no Hospital Psiquiátrico de Toen estanse a pór en marcha, non sen dificultades, outras actividades como: Obradoiro de teatro, Contacontos, Programa de terapia Asistida por Animais en

colaboración coa Fundación Affinity, Obradoiro de Grafittis... Algúns fracasaron, ao menos momentaneamente por motivos varios, mais como dicía Wiston Churchill, “*a chave do éxito é ir de fracaso en fracaso sen perder o entusiasmo*”.(AEN, 2003).

Por suposto alén destes cambios de atitude, as políticas organizativas e asistenciais dos servizos de rehabilitación precisan outro camiño de cara ao futuro:

- Faise necesario elaborar un parón, unha reflexión que defina cales van ser os obxectivos de rehabilitación en Galicia. Tales obxectivos non deberían ter como única orientación o obxectivo xerencial ou de xestión de reducir os reingresos ou que os pacientes “non dean a lata”.
- Débese mellorar a “metodoloxía” asistencial en rehabilitación: obxectivos, tempos de estancia, programas de intervención específicos, intentando que todo isto sexa común a todas as unidades de rehabilitación do noso territorio.
- Débese impulsar o traballo de rehabilitación en dispositivos de primeira liña como as Unidades de Saúde Mental, con programas específicos para persoas con TMS e as súas familias.
- En cada área asistencial deberíase traballar cunha orientación de área, de rede, non de “Reinos de Taifas”, nas cales “eu resolvo o meu problema aínda que llo cree a outro”.
- É indispensable mellorar a coordinación coa rede “non formal”, asociacións de familiares. Desde os dispositivos asistenciais débese dar resposta ás súas necesidades e traballar cun programa homoxéneo.
- Precísase unha maior formación, habilidades e capacidades específicas en todos os profesionais implicados: psiquiatras, psicólogos clínicos, e persoal de enfermería. Non hai unha atitude, nin unha comprensión acerca do traballo que se debe facer en rehabilitación.
- Precísase tamén ampliar os programas e técnicas e engadir aos xa habituais centrados sobre todo nos aspectos sintomatolóxicos, condutuais, cognitivos e sociofamiliares, outros de índole máis emocional, creativos, experienciais, que pensamos que facilitan ese proceso natural de autorecuperación de que fala Harding e cols. (1987) no estudo lonxitudinal Vermont.
- Precísanse, en definitiva, servizos asistenciais centrados na persona e na experiencia humana, na participación e non na obediencia, na elección e non na coerción e no compromiso coa esperanza e non coa desesperanza, na evolución a longo prazo e non na eficacia a curto prazo. (Farkas, 2007).

Pero, o verdadeiro reto do futuro da, xa non rehabilitación senón, normalización das persoas con TMS pasa, ou debería pasar, inevitabelmente pola busca dese cambio de actitudes que ofrezca posibilidades reais de integración a todos os niveis da vida dunha persoa. Acabar con actitudes deste tipo, co estigma, cos estereotipos, é por suposto un cambio máis profundo e máis lento:

“O estigma da doenza mental vén herdado de séculos de incompreensión, dunha mentalidade proclive a pechar ao louco e afastalo en lugar de axudalo desde unha perspectiva de saúde e integración. Hai xa máis de 20 anos que se iniciou a reforma psiquiátrica, se desmantelaron os psiquiátricos e o louco pasou a ser un cidadán. Pero desmantelar o estigma da consciencia colectiva parece unha tarefa moito máis difícil. As barreiras dos antigos manicomios deixaron paso a outros muros, invisíbeis, que manteñen o illamento e impiden a total recuperación dos pacientes, mediante prexuizos e tópicos que os pechan na súa doenza. (Domingo Díaz del Peral. El País 15/5/2007)”

Na Unidade “venres clínico” da Facultade de Psicoloxía onde traballamos como terapeutas de familia e supervisores de formación, e onde sempre nos esmeramos por tratar os pacientes e as súas familias con todo o respecto que merecen como persoas, temos agora mesmo este lema:

“If there is a will, there is a way” (se hai un desexo hai un camiño).

Bibliografía

- A.E.N (2003): Rehabilitación Psicosocial y Tratamiento Integral del Trastorno Mental Severo: servicios orientados a la recuperación. Conclusións e recomendacións do XX Congreso da Asociación Española de Neuropsiquiatría. AEN. Oviedo, 2003: *Norte de Salud Mental*, **17.2003**, 62-63
- Antony, W.; Cohen, M. e Farkas, M.(1994): *Psychiatric Rehabilitation (3ª ed)*. Center for Psychiatric Rehabilitation. Boston University.
- Anthony, W.A. (1993): Recovery from Mental Illness: The Guiding Vision of The Mental Health Service System in the 199s. *Psychosocial Rehabilitation Journal*, **16(4)**, 11-23.
- Farkas, M: (2007): La consideración actual de la recuperación: lo que es y lo que significa para los servicios de atención. *World Psychiatry (Ed Esp)*, **5:2**, 68-74.
- Harding, C.M. et al. (1987): The Vermont longitudinal study of persons with Sever Mental Illness: Methodology, Study Sample and overall status 32 years later. *American Journal of Psychiatry*, **144:6**.
- Rössler, W. (2006): Rehabilitación psiquiátrica hoy: una perspectiva general. *World Psychiatry (Ed Esp)*, **4:3**, **151-157**.
- Watts, F.N, e Bennett, D.H. (1990): *Rehabilitación Psiquiátrica: Teoría y práctica*. México: Limusa.

REHABILITACIÓN EN HOSPITAIS DE DÍA: PASADO, PRESENTE E FUTURO



M^a José Ramil Fraga

Psicóloga Clínica

Coordinadora del Hospital de Día de Psiquiatría del C.H

Aquitecto Marcide-Prof. Novoa Santos. Ferrol.

RESUMO

O obxectivo da presente Comunicación é realizar unha breve revisión histórica sobre os hospitais de día de Psiquiatría desde a súa creación até a actualidade, tratando de aproximarse aos factores que incidiron na súa estrutura e contidos, así como proporcionar unha visión de cara á súa orientación futura.

Palabras chave: *Hospitais de Día, evolución histórica, rehabilitación versus redución hospitalizacións completas. Regulación legal. Evidencias*

ABSTRACT:

The objective of present report is to make a short historical revision about Psychiatry Day Hospitals from its origin until the present, trying to get the approach to the agents which have influenced its structure and contents, as well as to provide a view in order to its future trend.

Key words: *Day Hospitals, historical development, rehabilitation versus full hospitalizations. Legal regulation. Evidences.*

O Pasado

O embrión dos Hospitaís de Día (HDD) xermina cando na segunda metade do século XX comezan a cuestionarse os manicomios e se inician os movementos para a Reforma Psiquiátrica de tipo Comunitario, que van en paralelo coa desinstitucionalización, e a aparición de alternativas asistenciais entre as que destacan as Comunidades Terapéuticas, fundamentalmente dirixidas á rehabilitación de pacientes crónicos, para os que os dispositivos existentes resultaran escasamente eficaces. Ao lado deste recurso, e de forma paulatina, vanse organizando os HDD como modalidades de asistencia para outro tipo de pacientes en situacións de crise aguda/subaguda que precisaban dunha atención máis intensa que a ambulatoria co fin, tanto de evitar unha hospitalización completa e/ou a redución do tempo da mesma, coma de axudalos na superación da crise.

As primeiras referencias históricas datan de 1933 en Moscú onde Dzhagarov crea o primeiro HDD, e na mesma época en Inglaterra e Boston relatan experiencias parecidas. De todos os xeitos, non é até 1946, trala segunda guerra mundial, que comezan a aparecer os HDD de forma máis sistematizada como alternativas á hospitalización completa de doentes mentais. A partir desta data comézanse a perfilar dúas tendencias: a representada por Cameron, que crea o primeiro HDD en Montreal que estaba adscrito a un Hospital Xeral e cuxos obxectivos eran fundamentalmente reducir ingresos en Unidades Psiquiátricas de tempo completo e facilitar a alta das mesmas; e a representada por Bierer, en Inglaterra, de corte analítico nos seus inicios aínda que no seu desenvolvemento foi incorporando paulatinamente outras orientacións clínicas (Cameron, 1947), e que consideraba o HDD como un recurso intermedio entre a hospitalización completa e o tratamento ambulatorio. Por outra parte, a Asociación Americana de Psiquiatría (Steven, 1989) define os HDD como un tratamento ambulatorio activo e de tempo limitado que proporciona servizos estruturados, coordinados e intensivos no marco dun ambiente terapéutico estábel e integral que se presenta como unha Unidade Organizada.

É a partir dos anos sesenta do pasado século que os HDD comezaron a estenderse por outros países, especialmente impulsados polas vantaxes que este tipo de dispositivos representaba tanto en relación coa economía de recursos, como en relación coa redución do estigma ao supor un menor desarraigo e segregación dos pacientes; ao tempo apúntase xa cara a necesidade de potenciar nos pacientes un maior nivel de compromiso e responsabilidade co seu tratamento, en liña co respecto á súa autonomía. Por outra parte, isto coincide co desenvolvemento e consolidación de técnicas psicolóxicas individuais, grupais e familiares que comezan a demostrar a súa eficacia nos tratamentos da doenza mental e que encontran neste tipo de alternativa asistencial un campo importante de implementación.

En España os modelos teóricos que serven de base e sustentan as experiencias de hospitalización parcial inspíranse na Psiquiatría de sector Francesa, nas Escolas de Psicanálise Arxentinas e nos Centros Terapéuticos Ingleses. Créanse en principio ligados aos Hospitaís Psiquiátricos co obxectivo de facilitar a desinstitucionalización e diminuír o número de estancias. Comezan a implantarse a partir dos planes de Reforma da Asistencia Psiquiátrica iniciada en 1985, recibindo un impulso importante coa aprobación da Lei Xeral de Sanidade de 1986 que supón tanto a integración da Asistencia Psiquiátrica e das Unidades de Saúde Mental (SM) no Sistema Nacional de Saúde, como un desllocamento da atención que se prestaba aos doentes mentais do Hospital á Comunidade.

Ao lado desta nova concepción da asistencia no ámbito da saúde mental, aparecen outros factores que inciden na consolidación dos HDD, entre eles cabe citar: a incorporación de novas profesións, o desenvolvemento da Bioética que ao introducir o principio de autonomía trae como consecuencia que os pacientes pasan de ser suxeitos pasivos de tratamento a

participar activamente na xestión da súa saúde, o modelo de traballo en equipo que de forma crecente introduce unha nova dimensión máis horizontal da atención e, en xeral, unha filosofía asistencial que considera aos doentes mentais capaces de participar nas decisións que lles competen sobre as súas vidas.

Neste escenario, os HDD foron adaptándose ás necesidades derivadas dos diferentes Sistemas de SM das Comunidades Autónomas de todo o Estado. Entre os documentos que favorecen a regulación dos mesmos, citar:

- A Lei Xeral de Sanidade (1986) que os sitúa como un recurso máis da rede comunitaria de SM pero que deixa aberta a posibilidade de adaptarse ás necesidades e demandas asistenciais concretas da poboación á que vai prestar servizo. Por iso fóronse creando sen un acordo xeral nin na definición, nin na nomenclatura, nin no plantexamento dos mesmos.
- En Galicia, as transferencias do INSALUD (1990), a creación do SERGAS (1991), a creación do Plan Autonómico sobre drogodependencias (1993), o Plan de saúde de Galicia 1993/1997 que establecía as liñas xerais de actuación sanitaria para a ordenación dos recursos sanitarios, nos que se incluía tamén os relativos á SM, constitúen as referencias legais que poñen as bases para a publicación do **decreto 389/94** que regula a atención á SM na nosa Comunidade, e cuxas directrices xerais contemplan, entre outras, a integración da asistencia psiquiátrica no conxunto das accións xerais de saúde, a continuidade terapéutica, a orientación comunitaria, un enfoque interdisciplinario, con criterios de accesibilidade e distribución territorial equitativa, e o funcionamento en Rede. Define os HDD como: **“centros de hospitalización parcial coa misión de desenvolver funcións intermedias entre as unidades de saúde mental e as unidades de hospitalización” (Art. 8), e “ofertarán tratamentos intensivos e continuados sen separar o paciente do seu medio social e familiar” (Art.9)**, diferenciándoos dos Centros de Día asignándolles a estes un carácter máis rehabilitador en comparación cos HDD aos que asigna unha función máis asistencial-terapéutica.
- A Guía de Xestión do HDD Psiquiátrico que edita o INSALUD en 1999 e que foi elaborada polo grupo de traballo composto por representantes da Asociación Española de Neuropsiquiatría (AEN), da Sociedade Española de Psiquiatría, e do propio INSALUD, constituíu o primeiro intento serio de homoxeneizar e consensuar os HDD en canto a: a súa definición, obxectivos terapéuticos, obxectivos de xestión, as súas indicacións, o perfil xeral dos pacientes, a súa organización e funcionamento, as súas actividades terapéuticas, a súa dotación material e de recursos, así como os criterios de avaliación. Queda fóra da finalidade desta Comunicación entrar a describir con detalle o contido desta Guía, pero nela defínense pormenorizadamente as características e obxectivos xerais que deben estar presentes nos HDD e que foron o punto de referencia para a creación da maioría dos HDD en todo o Estado. De todas as maneiras e a pesar da existencia deste marco de referencia, na práctica encontrámonos cun panorama heteroxéneo derivado en grande medida das dependencias da SM das Deputacións, da recente incorporación da mesma como unha prestación do servizo xeral de saúde, e das transferencias en materia de sanidade ás Comunidades Autónomas, todo o cal condicionou que o dispositivo máis anovado da rede de SM se vira exposto aos avatares tanto das políticas asistenciais de cada Comunidade autónoma como ás dificultades de definición do propio dispositivo. Na miña opinión a iso hai que engadir a coincidencia da posta en marcha dos HDD coa incorporación progresiva de novas categorías profesionais (Psicólogos Clínicos, Terapeutas ocupacionais, DUES con especialidade en Saúde Mental) que complican a delimitación de espazos e funcións profesionais, que xunto cos factores xa mencionados en relación ao cambio da filosofía asistencial e á maior horizontalidade da asistencia xeraron fantasmas e resistencias importantes que, sen dúbida, non contribuíron a que os HDD acadaran obxectivos, criterios e plantexamentos uniformes que a calidade do que facemos requiriría.

O Presente

Con estes antecedentes, baixo a denominación de HDD condénsanse identidades, contidos, estruturas, linguaxes que posúen lecturas diferentes en función de quen os defina. Neste sentido, pacientes, familias, profesionais, descoñecen e confúnden os seus obxectivos e funcións. Este feito determina que as demandas de atención que chegan a los HDD, van depender de factores que teñen que ver non só coa inherente adaptabilidade do HDD para a implementación de novos programas asistenciais que respondan a necesidades obxectivamente identificadas, senón doutros factores externos entre os que cabería destacar: o efecto da proximidade do HDD a determinados dispositivos da Rede de SM, que exerce unha influencia importante no perfil de pacientes atendidos; a factores dependentes da propia supervivencia do dispositivo, o que moitas veces determina que, para cubrir obxectivos de xestión, se acepten pacientes que non responden ao perfil idóneo de HDD; que o marco histórico do que partimos sexa moi diferente entre os HDD; o feito de ser un dispositivo intermedio que recibe demandas de todos os dispositivos da rede asistencial, e non todos están nas mesmas condicións de desenvolvemento; que as necesidades e características da poboación que atende sexan moi distintas; que os recursos sociais e laborais da área xeográfica á que presta servizo sexan moi variábeis dunha zona a outra; e en xeral que se trate dun dispositivo dúctil ás demandas asistenciais, son aspectos, todos eles, que condicionan as características dos mesmos e que, en ocasións, perverten as súas funcións e obxectivos básicos.

A realidade actual pon de relevo que estes se foron implantando en todo o Estado con enormes diferenzas en relación a: a variabilidade de programas de tratamento, a tipoloxía de pacientes a atender, a dotación de profesionais e de recursos materiais, o que dificulta tanto unha definición clara dos mesmos como unha avaliación sobre a súa eficacia e resultados. Recentemente, houbo tentativas de aproximación para tratar de identificar o estado dos HDD e unificar criterios. En liña con isto, no ano 2006 realizase unha Xomada de traballo en Ferrol organizada polo FEGAS, que se plantexou con obxectivos amplos entre os que se incluían: a definición do contexto asistencial dos HDD galegos, a delimitación dos diferentes modelos de funcionamento, o desenvolvemento de estratexias de unificación de criterios de xestión entre os HDD da nosa Comunidade, a potenciación e implementación de programas asistenciais, e a integración efectiva dos HDD dentro da Rede de SM da Área. Se ben supuxo un primeiro paso cara a consecución dos obxectivos sinalados e permitiu constatar o que xa se sabía en relación á variabilidade de modelos, dotacións, perfís de pacientes, estancias medias... etc., as conclusións perfiladas e as accións a desenvolver, na miña opinión de grande interese, foron ficando, cando menos de momento, no espazo de dita Xomada e todo máis serviron para compartir e descargar as nosas limitacións e problemas.

Outro intento dos profesionais dos HDD de achegarse á análise da situación represéntao o grupo de traballo sobre HDD que funciona na AEN desde novembro de 2007 e desde o cal se promove, a finais de 2008, unha Xomada de traballo en Madrid, dirixida aos profesionais adscritos aos HDD en todo o Estado. Na mesma preséntase o documento de traballo elaborado polo Grupo e entre cuxas conclusións cabe destacar:

- Unha aproximación á súa definición como un “recurso de atención continuada, de tratamento intensivo e estruturado, limitado no tempo e orientado á continuidade de coidados na comunidade”. Caracterizado polo “tratamento polo medio, definido como a utilización do tempo e o espazo de maneira terapéutica, mediante a integración de distintas actividades terapéuticas, traballo en equipo interdisciplinar, con diferentes recursos, co obxectivo de acompañar aos pacientes da heteronomía á autonomía. Considérase que un paciente está en tratamento en HDD cando acode, ao menos, 20 horas/semana...”.

- Entre as indicacións comúns dos HDD inclúen patoloxía grave coincidindo cos diagnósticos enumerados na Guía do INSALUD citada anteriormente; que maioritariamente a derivación se produce desde as Unidades de agudos e dos dispositivos de saúde mental ambulatorios; que na súa grande maioría non dispoñen dun límite no tempo de tratamento; que case todos desenvolven un plan individualizado de tratamento que se leva a cabo en equipo e se fai cargo do mesmo un facultativo; que na maioría se realizan psicoterapias grupais alén de terapias multifamiliares; que case todos subscriben contrato terapéutico co paciente e a familia; que á alta garátese en case todos a continuidade do tratamento con cita no dispositivo de SM de referencia e informe de alta.

- En canto á dotación de recursos evidénciase unha grande variabilidade tanto de materiais coma de recursos humanos, sen ser posíbel identificar unha dotación de profesionais fiábel dado que moitos deles comparten tarefas con outros dispositivos da Rede.

- Por outra parte, en moitas ocasións inclúense dentro de tratamentos de HDD pacientes que están noutro tipo de modalidade de tratamento e que acostuman englobarse nos chamados programas parciais nos que os tempos de asistencia non están delimitados.

- En xeral a análise realizada polo grupo da AEN, alén do xa sinalado, indica que en canto aos modelos preponderantes nos HDD se evidencian fundamentalmente dúas liñas: por un lado a que plantexa os HDD como alternativa á hospitalización completa e/ou co obxectivo de evitar e/ou reducir os tempos de estancia na mesma; e outra liña que defende os HDD como dispositivos de tratamento psicoterapéutico intensivo para paliar os efectos da crise nun tempo limitado. Por outra parte, existe acordo en que aqueles HDD cuxo perfil de pacientes é constituído por patoloxías crónicas nas que se plantexa como obxectivo, non o cambio senón o mantemento de logros e a custodia e supervisión sen límite temporal, máis que HDD deberían considerarse Centros de Día. Finalmente, o documento sinala que parece “complicado compaxinar tarefas de tratamento terapéutico intensivo con tarefas de rehabilitación, entendendo como tal programas destinados á recuperación de habilidades”, e engade que “estas dúas áreas de tratamento requiren técnicas e adestramentos moi complexos e diferenciados”.

- Finalmente, en dita Xomada unha conclusión xeral das diferentes Mesas de Traballo puxo de relevo que a cohesión do equipo terapéutico e o ambiente de traballo se valora como un factor preponderante de cara a posibilitar con maior nivel de eficacia o tratamento dos pacientes.

En relación aos estudos de eficacia e avaliación dos HDD como recursos asistenciais, a bibliografía é escasa, quizá derivado da grande variabilidade de modelos de atención e características dos HDD que fan difícil encontrar indicadores comúns e homoxéneos que garantan a fiabilidade dos datos á hora de avaliar resultados. Entre eles, destaca a revisión realizada por Guinea (2002) que recolle que a evidencia dispoñíbel indica que: os pacientes tratados en HDD mostraban maior nivel de satisfacción no tratamento e que o custe económico se reduce en dous terzos con respecto á hospitalización completa, a pesar de que o tempo de estancia foi o duplo. Sínálase tamén que o custe é menor que o da hospitalización completa; que os pacientes valoran con maior satisfacción o tratamento recibido; que se reduce a taxa de re-hospitalizacións; que se constata redución de sintomatoloxía; que o funcionamento social está máis preservado.

Os HDD melloran, en relación cos pacientes en tratamento ambulatorio e en Centros de Día, en canto á sintomatoloxía psiquiátrica e na adherencia ao tratamento; ademais constátase unha redución do estigma (Marshall et al., 2001).

En xeral os cambios nos HDD veñen derivados, máis que por estudos de eficacia, polos informes de situación que identifican as necesidades de atención en SM e que promoven a posta en marcha de programas que dean cobertura aos diferentes problemas que os pacientes con transtorno mental grave presentan, en especial nun tramo de poboación xoven, con primeiros episodios, onde a intervención intensiva e organizada prevén o agravamento dos síntomas e axuda á normalización e evitación da cronicidade.

O Futuro

Con este pano de fondo, das diferentes experiencias e modelos de atención que existen no noso país surxiron algunhas propostas y apuntes dirixidos a estruturar e homoxeneizar o contido dos HDD de cara ao futuro. Produto diso e en relación coa importancia cada vez maior de aplicar criterios de Xestión ás nosas actuacións clínicas, na nosa Comunidade Autónoma o Plan Estratéxico de Saúde Mental Galicia 2006-2011 outorga aos HDD un papel prioritario: “constituirán de maneira relevante no futuro próximo, a principal alternativa á hospitalización psiquiátrica”... “reforzarán o seu papel na Rede Asistencial e consecuentemente serán potenciados os seus programas e equipos”... “o aumento de prazas nos Centros de Rehabilitación Psicosocial para pacientes de longa estancia en HDD permitirán un incremento da actividade asistencial nun 25%”... “os CPRL desenvolverán Programas de Rehabilitación Psicosocial, Ocupacionais, de Integración Laboral, de Ocio e Tempo Libre”. Deixa dependendo dos HDD os equipos de Continuidade de Coidados que realizarán Programas de Rehabilitación para pacientes con Transtorno Mental Severo. Na práctica, todo parece indicar que as funcións de carácter máis rehabilitador que a maioría dos HDD da nosa Comunidade Autónoma tiñan até agora, se derivarán nun futuro próximo do Sistema Público ao ámbito de Entidades Privadas.

En liña coa política asistencial, de cara ao futuro os HDD vanse situando entre dous niveis de prevención: **secundario**, na medida que para algúns pacientes supoñen un medio de transición entre a crise e a adaptación ao seu medio, permitindo actuar sobre a sintomatoloxía activa, a adherencia ao tratamento, as circunstancias socio-familiares; **terciario**, para outros pacientes cun funcionamento máis cronificado, e aos que ofrece a posibilidade de actuar sobre as secuelas da doenza a través da promoción de novas maneiras de relación e interacción co medio. A forma en que isto se vai organizar, apunta a que baixo a epígrafe de HDD pivotarán programas dirixidos a procesos asistenciais concretos para determinadas situacións clínicas.

Por outra parte,imponse cada vez con máis forza que os HDD deben incluír non só obxectivos terapéuticos senón de xestión entendendo estes como subordinados, aínda que ambos obxectivos van dirixidos a conseguir que: se reduza o estigma derivado da hospitalización completa, que se manteña o paciente o máis próximo ao seu medio, e á redución dos custes persoais e económicos derivados da doenza.

Finalmente, non podemos obviar que os recursos asistenciais son limitados e que, por iso, a asistencia que prestamos debe demostrar a súa eficacia e eficiencia. Neste sentido a AEN incide na necesidade de realizar estudos de investigación dos HDD, buscando indicadores homoxéneos, que faciliten a avaliación dos mesmos.

Bibliografía

- Asociación Española de Neuropsiquiatría (AEN). (2008). *Documento del grupo de trabajo de la AEN sobre hospitales de día*. Recuperado de: http://www.aen.es/web/docs/GTHD_Nov08.pdf
- Decreto 389/1994, do 15 de decembro polo que se regula a Saúde Mental en Galicia. D.O.G. 1/1995
- Guinea, R. (2002, setembro) *El Hospital de Día Psiquiátrico como dispositivo terapéutico: Revisión Bibliográfica*. Recuperado o 19/02/2009 de http://www.hdmadrid.org/hospiweb_revision.htm
- Informe da Comisión Ministerial para a Reforma Psiquiátrica* (1985). Madrid: Ministerio de Sanidade e Consumo.
- Instituto Nacional de Salud. (1999) *Guía de Gestión del Hospital de Día Psiquiátrico*. Madrid: Ministerio de Sanidade e Consumo.
- Lei 14/1986, de 25 de abril, *General de Sanidad*. B.O.E. 101/1986.
- Marshall, M., Crowther, R., Almaraz-Serrano, A.M., Tyrer, P. (2002). *Day hospital versus out-patient care for psychiatric disorders*. Oxford: Cochrane Library. Recuperado o 09/02/2009 de <http://www.cochrane.org/reviews/es/ab004026.html>
- Real Decreto 1679/1990, de 28 de decembro de 1990 polo que se traspasa a Galicia as funcións e servizos do Instituto Nacional da Saúde. B.O.E. 313/1990.
- Servizo Galego de Saúde. (2007) *Plan Estratégico de Saúde Mental. Galicia 2006-2011*. Santiago: Xunta de Galicia.
- Steven, E. (1989). *Hospitalización Parcial y servicios comunitarios globales*. En Kaplan H.I. e Sadock B.J. (Eds.), *Tratado de psiquiatría*, (2ª ed.) (pp.1577). Barcelona: Masson-Salvat

AVALIACIÓN DUN PROGRAMA DE PSICOEDUCACIÓN EN PACIENTES PSICÓTICOS



Sabela Maceda y María Castro

Complejo Hospitalario Universitario de Vigo

RESUMO

A psicoeducación demostrou ser una valiosa ferramenta na redución de recaídas en pacientes diagnosticados de esquizofrenia. O obxectivo desta investigación é avaliar a eficacia dun programa psicoeducativo para incrementar os coñecementos sobre a esquizofrenia e o seu tratamento. A mostra está composta por 20 pacientes que asisten regularmente a Hospital de Día. Trátase dun deseño pre-post no que se avalían os coñecementos dos pacientes a través dun inquérito antes e despois da implementación do programa, que ten un formato grupal e consta de 10 sesións. Os resultados reflicten unha aprendizaxe significativa en cada un dos aspectos avaliados.

Palabras chave: Esquizofrenia, psicoeducación, prevención de recaídas, adherencia ao tratamento, antipsicóticos.

ABSTRACT

Psychoeducation has been proved as a valuable tool to reduce relapses in patients diagnosed with schizophrenia. The purpose of this research is to evaluate the effectiveness of a psychoeducational program to increase knowledge about schizophrenia and its treatment. The sample comprised 20 patients who regularly attend the Day Hospital. It is a pre-post design study assessing the knowledge of patients through a questionnaire before and after the implementation of the program. This program has a group format developed in 10 sessions. Results suggest a significant learning in every task tested.

Key words: Schizophrenia, psychoeducation, relapse prevention, medication adherence, neuroleptics.

Introdución

Partindo do modelo de vulnerabilidade-estrese (Zubing e Spring, 1977) como marco teórico de referencia, que pon de manifesto a interacción de estresores ambientais coa vulnerabilidade biolóxica para que se desencadee a esquizofrenia, plantexáronse diversos programas psicoterapéuticos co fin de desenvolver e fortalecer factores que permitan unha óptima protección da persoa.

Os fármacos antipsicóticos son a medicación máis efectiva para o tratamento da esquizofrenia; controlan os síntomas positivos do transtorno, pero non impiden que entre o 30 e o 50% dos pacientes sufran recaídas (Crow, Johnson et al., 1986). Á súa vez, unha porcentaxe moi elevada destas débese á falta de cumprimento terapéutico. Con independencia da situación clínica e psicosocial da que parta un paciente, un bo cumprimento terapéutico resulta a mellor garantía dun mellor curso evolutivo do seu cadro. Polo tanto, é importante levar a cabo intervencións que fomenten a consciencia de doenza e aínda máis o cumprimento terapéutico.

A psicoeducación surxe como unha resposta ás necesidades máis integrais de abordaxe na esquizofrenia. Foi definida como unha intervención psicoterapéutica sistemática e didáctica, deseñada para informar os pacientes sobre o seu transtorno e o tratamento e promover o afrontamento. A hipótese da que parte é que o coñecemento dos aspectos básicos referidos á natureza da esquizofrenia e ao seu tratamento contribúe ao cambio de crenzas, actitudes e estratexias de afrontamento para diminuír o estrese, conseguir unha maior adhesión ao tratamento e prever recaídas.

A psicoeducación demostrou a súa eficacia para reducir as recaídas e os reingresos de pacientes con esquizofrenia (Pekkala e Merinder, 2004). A intervención psicoeducativa pode reducir as recaídas e os ingresos, e aumentar a adherencia ao tratamento farmacolóxico, e isto mantense até 9 e 11 meses despois da súa aplicación. Calcúlase que 12 recaídas poden evitarse por cada 100 pacientes que reciben psicoeducación.

O contido do programa que implementamos neste estudo está adaptado de Rebolledo e Lobato (1995) e de Fallon, Boyd e McGuill (1984). Baséase nun formato grupal, de 10 sesións dunha hora a razón dunha por semana na que se tratan aspectos relacionados coas características da doenza e o seu tratamento.

O obxectivo xeral desta investigación é avaliar se existe ou non un incremento significativo no coñecemento de aqueles aspectos máis relevantes no tratamento da esquizofrenia e na prevención de recaídas trala aplicación do programa. Para iso utilizouse un deseño pre-post, tomando como variábel independente a aplicación do programa e como variábel dependente un inquérito que avalía o coñecemento da doenza e o seu tratamento. A hipótese de traballo é que existe unha diferenza significativa entre a avaliación previa e a posterior á implementación do programa, o que suporía que os pacientes terían un maior coñecemento sobre a doenza. Segundo

a literatura, este maior coñecemento implicaría unha mellor adhesión ao tratamento e unha maior prevención das recaídas.

Método

Suxeitos

A mostra está formada por un grupo de 20 pacientes que acoden diariamente ao Hospital de Día do Nicolás Peña (CHUVI). Todos eles están diagnosticados de esquizofrenia paranoide (14), desorganizada (2) ou residual (4) de ao menos un ano de evolución e seguindo os criterios do DSM-IV-TR. O 70% da mostra son homes e o 30% mulleres e as idades están comprendidas entre os 22 e os 63 anos.

Instrumentos

Para avaliar o coñecemento acerca da doenza, o tratamento e os factores de risco e protección utilizamos un inquérito de sete ítems de resposta aberta. Cada ítem fai referencia a un aspecto concreto relativo á esquizofrenia e ao seu tratamento e a resposta valórase posteriormente como verdadeira ou como falsa en función de se cumpre ou non os criterios establecidos e que se amosan na táboa 1.

TÁBOA 1. Criterios de valoración das respostas

VARIÁBEL	ASPECTOS QUE DEBEN INCLUÍR AS RESPONSTAS PARA SER CONSIDERADAS VÁLIDAS
SINTOMATOLOXÍA	Ao menos 3 síntomas positivos e tres negativos
FASES DA DOENZA	Pródromos, alarme e recuperación, cunha breve explicación de cada unha delas
FACTORES DE RISCO	Ao menos tres
FACTORES DE PROTECCIÓN	Ao menos tres
ETIOLOXÍA	Alusión á predisposición xenética e aos sucesos vitais como desencadeantes
FÁRMACOS QUE TOMAN	Referencia ao nome e dose de cada un dos fármacos que están tomando no momento actual
EFFECTOS SECUNDARIOS	Nomear ao menos tres

O inquérito aplicouse antes e despois da implementación do programa de psicoeducación.

Procedemento

Unha vez seleccionados os pacientes de Hospital de Día que cumprían criterios para o diagnóstico de esquizofrenia ofrecéuselles a posibilidade de participar no programa de maneira voluntaria, ofrecéndolles información acerca dos obxectivos e beneficios do mesmo. O programa ten un formato grupal e os obxectivos indícanse a continuación:

- Ampliar o coñecemento que os pacientes teñen sobre os síntomas e as fases da esquizofrenia e promover o recoñecemento da sintomatoloxía prodrómica.
- Favorecer a identificación de hábitos saudábeis e hábitos prexudiciais (factores de risco e protección).
- Ampliar o seu coñecemento acerca da orixe da súa doenza (factores predispoñentes e precipitantes), tratando de desestigmatizala.
- Favorecer a asistencia ao médico perante a presenza de síntomas de alarme ou cando existen dúbidas acerca da medicación.
- Favorecer o coñecemento dos fármacos e doses do seu tratamento.
- Ampliar o coñecemento acerca dos efectos beneficiosos e secundarios producidos pola medicación e tamén a maneira de neutralizar estes últimos.

O programa consta de 10 sesións dunha hora de duración, a razón dunha por semana e impartidas por dous residentes de psicoloxía clínica.

A metodoloxía empregada consiste en sesións didácticas, grupos de discusión con posta en común posterior, xogos por equipos e role-playing. Na táboa 2 amósanse os contidos de cada sesión.

TÁBOA 2. Contidos de cada sesión

SESIÓN	CONTIDOS
1	Aplicación do inquérito de avaliación. Grupos de discusión e posta en común de temas relacionados cos que se tratarán nas seguintes sesións
2	Grupos de discusión e posta en común sobre a sintomatoloxía presente na esquizofrenia. Relato da experiencia individual de cada paciente.
3	Explicación das fases de alarma, crises e recuperación. Por grupos, confección dun listado cos síntomas de alarma que experimentan máis frecuentemente. Role-playing sobre cando acudir ao médico e que dicirlle (habilidades de consulta urxente: saúdo e presentación, descrición do problema, dúbidas, repetición do consello obtido, despedida).
4	Xogo por equipos para traballar os factores de risco e protección.
5	Grupos de discusión e posta en común acerca da etioloxía da esquizofrenia.
6	Explicación da eficacia da medicación para o tratamento en crises e para a prevención de recaídas. Exposición de experiencias individuais coa medicación. Xogo por equipos á volta dos fármacos e doses que están a tomar na actualidade.
7	Confección entre todos dunha lista de efectos secundarios e role-playing sobre cando acudir ao médico e que dicirlle en caso de que aparezan (habilidades de control de efectos secundarios: saúdo e presentación, plantexamento do problema, atención á explicación e decisión do médico, repetición do seu consello, despedida).
8	Presentación dun vídeo didáctico que recolle todos os aspectos tratados anteriormente (parte I). Preguntas e comentarios.
9	Presentación dun vídeo didáctico que recolle todos os aspectos tratados anteriormente (parte II). Preguntas e comentarios.
10	Aplicación do cuestionario de avaliación e comentarios acerca da satisfacción co programa.

Resultados

Os datos foron analizados mediante o paquete estatístico SPSS V.15. Realizouse unha táboa de continxencia para cada variábel co fin de coñecer o número de suxeitos que acertaron na avaliación post e que erraran na pre e unha proba non paramétrica para dúas mostras

relacionadas (utilizando o estatístico McNemar) para coñecer a significación das diferenzas pre-post. Os resultados amósanse na táboa 3.


TÁBOA 3. Porcentaxe de suxeitos que acertaron no post tendo errado no pre e nivel de significación.

VARIÁBEL	PORCENTAXE DE SUXEITOS QUE ERRARON NO PRE E ACERTARON NO POST	SIGNIFICACIÓN
SÍNTOMAS	6 (30%)	0.031
FASES	8 (40%)	0.008
F.RISCO	8 (40%)	0.039
F.PROTECCIÓN	12 (60%)	0.000
ETIOLOXÍA	13 (65%)	0.000
FÁRMACOS	11 (55%)	0.001
E. SECUNDARIOS	9 (45%)	0.004

Como se aprecia na táboa, prodúcese un incremento significativo no coñecemento de todas as variábeis analizadas. Só hai un paciente que nunha das variábeis (f. de risco) acerta na avaliación pre e erra na post; no resto dos casos as diferenzas indican unha mellora no coñecemento dos pacientes acerca das características e o tratamento da súa doenza.

Na táboa 4 amósase o incremento nas respostas acertadas por cada paciente no segundo momento de avaliación.

TÁBOA 4. Número de respostas acertadas por cada paciente no pre e no post.



Discusión

Os resultados reflicten un incremento significativo no coñecemento de todos os aspectos da doenza avaliados. Onde se produce un maior incremento é no coñecemento da etioloxía da doenza (un 65% máis de acertos), os factores de protección (60%), e os fármacos que están tomando no momento actual (55%).

O coñecemento da etioloxía da esquizofrenia pode axudalos a pensar nela como unha doenza, en contraste coa estigmatización e os prexuízos sociais aos que están sometidos (Chinchilla, 2007).

A aprendizaxe dos factores de protección e de risco (40%) son aspectos implicados na prevención das recaídas xa que lles axuda a comprender a asociación entre o abandono da medicación, o consumo de tóxicos ou o estrese e o pioramento do seu estado.

Inicialmente, o coñecemento que os pacientes teñen sobre os síntomas máis característicos da esquizofrenia é moi pobre. Isto podería estar relacionado coa dificultade dos clínicos para informar o paciente e a súa familia sobre o transtorno e as súas manifestacións, así como a resistencia por parte dos pacientes para aceptalo. No módulo sobre sintomatoloxía detállanse tanto os síntomas positivos coma os negativos e trabállase para lograr unha mellor identificación dos mesmos. No noso estudo, o 30% dos pacientes aprenderon os síntomas característicos da esquizofrenia, entendendo que os pacientes que aprenden son aqueles que acertan no segundo momento de avaliación tendo errado no primeiro. Segundo estudos previos (Lacruz, M., Masanet, M.J., Bellver, F., Asencio, A., Ruiz I., Iborra, M. e Montero, I., 1999) esta aprendizaxe beneficia a comprensión do paciente acerca das súas condutas e unha detección temperá das recidivas. O incremento significativo que se produce no coñecemento das fases da doenza (40%) contribúe tamén á prevención das recaídas, pois os pacientes aprenden que perante os primeiros síntomas de alarma deben acudir ao seu centro de referencia para revisar o seu tratamento e así evitar, se for posíbel, a recaída.

Finalmente, tamén hai unha aprendizaxe significativa dos efectos secundarios que produce a medicación. Alén dunha mellor identificación dos mesmos, promóvese a súa aceptación como un mal menor comparado co efecto beneficioso da medicación.

Non podemos obviar as limitacións deste estudo. En primeiro lugar, a ausencia dun grupo control non permite demostrar que os cambios producidos trala administración do programa sexan debidos ao mesmo. O motivo polo que non o incluímos débese a que apenas 20 pacientes cumprían os criterios de inclusión para participar no estudo e, dado que non era posíbel realizar un novo programa posteriormente, non considerábase ético excluír a metade deles para conformalo. Por outra parte, a avaliación realizouse exclusivamente trala finalización do programa e sería necesario un seguimento para comprobar se a aprendizaxe se mantén no tempo.

Para concluír, cremos que o programa favoreceu a aprendizaxe de múltiples aspectos relativos á esquizofrenia, coñecementos que a literatura previa asociou a unha maior adherencia ao tratamento e prevención de recaídas, o que en definitiva contribúe a mellorar a calidade de vida destes pacientes.

Bibliografía

- Chinchilla, A. (2007) *Las esquizofrenias. Sus hechos y valores clínicos y terapéuticos*. Barcelona: Masson.
- Crow, T.S, MacMillan, J.F., Johnson, A.L., et al. (1986). The Northwick Park Study of First Episodes of schizophrenia, II: a randomized controlled study of prophylactic neuroleptic treatment. *Br. J. Psychiat.* 148, 115-120
- Falloon, I.R., Boyd, J.L. e MacGuill, C.W. (1984). *Family care of schizophrenics*. New York: Guilford.
- Lacruz, M., Masanet, M.J., Bellver, F., Asencio, A., Ruiz I., Iborra, M. e Montero, I. (1999). Modificaciones en los conocimientos del cuidador sobre la esquizofrenia tras un programa de intervención familiar. Madrid: *Neurobiol.* 62 (1), 49-64
- Pekkala, E. e Merinder, L. (2004). *Psychoeducation for schizophrenia (Cochrane Review)*. The Cochrane Library, Issue 1. John Wiley and sons, Ltd, Chiclester.
- Rebolledo, S. e Lobato, M.J. (1995). *Cómo afrontar la esquizofrenia. Una guía para familiares y afectados*. Colección Saúde Mental.
- Zubin, J. e Spring, R.J. (1977). Vulnerability –A new view of schizophrenia-. *Journal of abnormal psychology*, 86 (2), 103-26

REHABILITACION PSICOSOCIAL PARA PERSOAS CON TRANSTORNO MENTAL SEVERO. O CENTRO DE REHABILITACION PSICOSOCIAL



Alfonso Díaz Lage

Psicólogo. Director A.F.E.M. Morea. Ourense

RESUMO

O artigo versa sobre a rehabilitación psicosocial para transtornos mentais severos, centrándonos na psicose, con preferencia en esquizofrenia.

Comezamos coa definición e evolución da práctica rehabilitadora, en base aos máis de 10 anos de experiencia nos Centros de Rehabilitación Psicosocial da Asociación de Familiares e Doentes Mentais MOREA de Ourense. Revisamos os principios rehabilitadores, obxectivos, filosofía e conceptos errados en torno a este campo de traballo. Continuamos repasando os diferentes dispositivos de rehabilitación psicosocial e laboral, para centrarnos nas características, obxectivos e metodoloxía dos Centros de Rehabilitación nos que traballamos.

Finalizamos, expoñendo os diferentes módulos ou programas que se desenvolven no Centro.

Palabras chave: *Rehabilitación psicosocial, transtorno mental severo, esquizofrenia, dispositivos, centro rehabilitación.*

ABSTRACT

This article is about psychosocial rehabilitation for severe mental disorder (schizophrenia). Firstly, it talks about definition and evolution of the work in rehabilitation after 10 years of work in the psychosocial rehabilitation centers MOREA in Ourense. We check the objectives, philosophy, and false beliefs about rehabilitation. We name the different devices of psychosocial and work-related rehabilitation for talking about what we do in our center.

Key words: *Psychosocial rehabilitation, severe mental disorder, schizophrenia, devices, rehabilitation centers.*

Ao longo dos últimos anos, a rehabilitación veu configurándose como un campo de intervención de crecente importancia e interese na atención ás persoas con trastornos mentais graves e/ou crónicos.

A emerxencia e a necesidade da rehabilitación só se pode entender dentro do contexto propiciado polos procesos da reforma psiquiátrica. No modelo de atención comunitario faise necesaria a rehabilitación para axudar aos pacientes no tránsito de volta á sociedade, e necesítase aínda máis para apoialos no seu mantemento na mesma e posibilitar que se desenvolvan coa maior autonomía e calidade de vida posíbel.

Os **principios** sobre os que se basea, ou debería basearse, a práctica rehabilitadora son:

- A rehabilitación debe apoiarse nunha concepción ampla e globalizadora dos Dereitos Humanos.
- Debe promover a integración de cada persoa na súa comunidade.
- Baséase, ademais, no principio de autonomía e independencia.
- Tamén se orienta no principio de normalización.
- Por último, pero non menos importante, debemos destacar o principio de individualización. A rehabilitación baséase nunha avaliación individualizada de características e necesidades, que abarque dun xeito global todos os aspectos da persoa e o seu entorno.

Establecidos os principios, podemos **definir** a rehabilitación como *"... aquel proceso cuxa meta global é axudar ás persoas con discapacidades psiquiátricas a reintegrarse na comunidade e a mellorar a súa funcionalidade, de forma que lle permita manterse no seu entorno nunhas condicións o máis normalizadas e independentes que sexa posíbel"*. (Rodríguez González, 1999).

Desta definición podemos extraer algúns aspectos fundamentais para determinar **os obxectivos e a filosofía** da práctica rehabilitadora. Por exemplo:

- *A súa metodoloxía baséase na determinación de obxectivos.*
- *Debe considerarse un proceso de longa duración non linear.*
- *Hai que adaptar o proceso ao nivel que cada persoa poida alcanzar.*
- *Non só diminúe déficits, senón que tamén potencia e orienta as capacidades que xa posúe a persoa.*
- *Dá moita importancia ás eleccións que realiza a persoa e á implicación activa no proceso.*
- *A rehabilitación implica unha atitude positiva acerca das posibilidades e potencialidades de desenvolvemento.*

Por último, comentarei algunha das concepcións equivocadas sobre o traballo que realizamos.

- *Os síntomas correlaciónanse altamente coas habilidades dunha persoa.*
- *A capacidade para desenvolverse nun tipo de ambiente pode predecir a súa capacidade para funcionar noutro tipo de ambiente diferente.*
- *É mellor un equipo no que haxa grande diversidade de enfoques.*

A Rehabilitación Psicosocial. Recursos




GRÁFICO 1. Dispositivos utilizados na rehabilitación psicosocial e laboral e como se relacionan entre si.

En primeiro lugar aparecen os dispositivos de orixes máis comúns dos usuarios. A Unidade de Saúde Mental (USM) acostuma ser o dispositivo de referencia do que parten as primeiras derivacións. Tamén acostuman proceder dos Servizos Sociais (SS); das Unidades Hospitalarias de Rehabilitación (UHR); e outros.

Unha vez detectada a necesidade de iniciar o proceso desde a USM, o seguinte paso debe ser o Hospital de Día (HD), no que o usuario se establece completamente e comece a traballar a súa rehabilitación.

O seguinte paso será o Centro de Rehabilitación Psicosocial (CRP), onde se tratará de afianzar as metas logradas no Hospital de Día (HD).

A saída do CRP tratará de orientarse cara o terreo ocupacional e laboral, en caso contrario necesítase un recurso tipo Centro de Día (CD) que desenvólvese unha función de mantemento e supervisión.

No campo da rehabilitación laboral contamos cos Centros Ocupacionais (CO) como ferramentas de traballo adaptado e lixeiramente remunerado, que serán ampliadas e melloradas nos Centros Especiais de Emprego (CEE).

Por último, e quizá como meta máis desexábel, está o Traballo Normalizado (TN). Como servizo que xestiona emprego normalizado, dispoñemos do Observatorio para o Emprego de persoas con Enfermidade Mental (OEDEM).

O Centro de Rehabilitación Psicosocial

En Galicia este traballo vén desenvolvéndose desde hai máis de 20 anos polas distintas Asociacións de Familiares e Doentes Mentais integradas na Federación Galega de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais (FEAFES GALCIA).

En 1998 dáse o primeiro paso de cara á homoxeneidade e regularización do traballo desenvolto polas Asociacións mediante a aprobación por parte da C^a de Sanidade e SS.SS. da “Orde do 23 de outubro de 1.998 de regulación dos centros de rehabilitación psicosocial e laboral para doentes mentais crónicos como desenvolvemento dos dispositivos de apoio comunitario”. Esta Orde supón tamén o desenvolvemento lexislativo do Decreto 389/1994.

O CRPL é o dispositivo de rehabilitación que hoxe en día conta con maior implantación en Galicia, cun total de 22 Centros distribuídos por toda a xeografía.

Obxectivos Xerais

- facilitar que os usuarios fagan o maior uso da súa capacidade residual no mellor contexto social posíbel.
- Potenciar a autonomía do doente e a súa familia.
- Proporcionar estabilidade e ferramentas necesarias para previr as recaídas e intervir de forma activa no control da doenza.
- Potenciar a motivación do usuario e a súa familia, implicándoos como unha parte activa do proceso rehabilitador.

Obxectivos Específicos

- *resocializar*. Dotar a persoa das habilidades que lle permitan desempeñar o maior número de roles sociais posíbeis.

- *adestrar capacidades instrumentais*. Desde actividades diarias até ocupacionais, de interacción, etc.
- *educar para a saúde*. Potenciar un estilo de vida saudábel, atenuando os factores de risco.
- *crear soportes sociais e afectivos* que sirvan de referentes para o usuario.
- *reforzar as capacidades cognitivas* que o usuario posúe e dotalo das necesarias para desenvolver unha vida o máis autónoma posíbel.
- *apoiar aos coidadores*, proporcionándolles información e asesoramento e implicándoos no proceso rehabilitador.
- *proporcionar o acceso* a alternativas residenciais, prestacións, emprego, ocupación, etc.

Metodoloxía do C.R.P.

1) Recepción da demanda

Neste primeiro contacto vamos obter unha información básica sobre as necesidades e demandas dos usuarios para poder decidir se son ou non susceptibles de entrar no C.R.P.. Sobre este aspecto, dicir que son candidatas do mesmo aquelas persoas que padezan un transtorno mental persistente e/ou os seus familiares.

2) Estudo de valoración inicial

Unha vez admitido o usuario, pasa por un período de observación de 30 días, durante os cales todos os membros do equipo realizamos un estudo máis exhaustivo sobre a súa realidade e a das persoas coas que convive. Para iso programamos varias entrevistas co paciente e os seus familiares de referencia, recolleemos toda a información posíbel de informes psiquiátricos e sociais, e utilizamos a escala de valoración psicosocial N90, creada por nós a partir da SBAS.

3) Deseño do Programa de Xeral de Intervención (P.G.I.)

Despois de ter a información reúnese todo o equipo e decide cal é a liña de intervención máis apropiada para ese usuario en concreto. Neste sentido, é importante priorizar os obxectivos e comezar a implantación nos programas pouco a pouco para ir aumentando posteriormente até cumprir todos os obxectivos propostos.

Aceptados os criterios do P.G.I. por ambas partes, comezamos a valoración específica dos módulos nos que se incorpora o paciente.

4) Valoración e Deseño do Programa de Intervención Modular (P.I.M.)

Unha vez decidido/s o/os módulo/s no/nos que participará o usuario, pasamos a realizar unha valoración máis exhaustiva sobre o/os mesmo/s, co fin de establecer un Programa de

Intervención Modular máis preciso e axustado ás capacidades, expectativas e intereses do usuario. Cada módulo dispón das súas ferramentas específicas de valoración.

5) Asinatura do acordo co usuario

Elaborados o P.G.I. e o P.M.I. débátense co usuario e a súa familia e procédese a asinar un acordo de compromiso mutuo. O usuario acepta as normas do CRP e o plan negociado.

6) Avaliación do P.I.M.

Cada 6 meses o equipo realiza unha avaliación de obxectivos do P.I.M. e ratifícase ou modifícase a estratexia a seguir. En caso de modificación, ha de contar co acordo de ambas partes.

7) Avaliación do P.G.I.

Anualmente revísase o P.G.I. e, en función dos resultados obtidos no P.I.M., adáptase aos novos obxectivos ou prográmase a alta en caso de telos alcanzado.

8) Seguimento en alta

Cumpridos todos os obxectivos do P.G.I. dáse a alta do servizo e mantense un contacto regular co usuario para coñecer a súa evolución fóra do Centro.




FIGURA 2. Metodoloxía do CRP

As actividades do CRP desenvolveranse en distintos **MÓDULOS**, que son:

- 1) *Axuste Persoal*, intervencións referidas ao asesoramento persoal do usuario nos temas que demanda (doenza, familia, relacións, etc.).
- 2) *Terapia Ocupacional*, onde o traballo se centra na recuperación dos sentimentos de utilidade, procúrase que a persoa acuda e manteña unha actividade constante que lle proporcione a estabilidade suficiente.
- 3) *Psicoeducación*, cuxo obxectivo é educar ao usuario en canto á doenza. Perséguese que sexa el mesmo o que a controle, coñeza e aprenda a convivir con ela. Este é un dos módulos máis importantes, xa que será fundamental para o control do estrese e a prevención de recaídas.

4) *Habilidades sociais*, a través do que se busca a integración na sociedade; ensinar ao usuario a enfrontarse con éxito perante as esixencias sociais e participar activamente no seu núcleo social.

5) *Actividades da vida diaria*, destinado a mermar as dificultades que o enfermo e a súa familia encontran todos os días en varios aspectos: convivencia familiar, toma de decisións, organización da vida doméstica, etc. O obxectivo é que uns e outros aprendan a afrontar o día a día, tanto nas actividades colectivas como nas individuais.

6) *Rehabilitación Cognitiva* coa que se pretende axudar á persoa a mellorar os déficits cognitivos e potenciar as súas capacidades.

7) *Obradoiro Prelaboral*, é o primeiro achegamento ao mundo laboral. En xornada reducida e a cambio dunha gratificación, os usuarios comezan a tomar contacto co ritmo de traballo.

8) *Escola de Familias*, mediante a que se trata de proporcionar ás familias os coñecementos necesarios para afrontar a doenza: causas, síntomas, medicación, recursos socio-sanitarios, comunicación, crises, etc.

9) *Lecer e tempo libre*, que se basea na realización de actividades lúdicas e culturais que completen a formación e integración do usuario no seu entorno, así coma a aprendizaxe da utilización do tempo libre, un dos problemas que se presentan con maior frecuencia.

10) *Outros*, tales como *psicomotricidade* (co que se pretende mellorar a consciencia corporal e a organización psicomotriz, potenciar a expresividade emocional e corporal, mellorar o autocoidado,...), *expresión corporal* (para mellorar a expresión corporal e verbal, mellorar os roles sociais, etc.).

Unha vez alcanzados os obxectivos previstos prepárase a alta do CRP e coordínase a incorporación ao seguinte dispositivo.

O máis probábel é que nos encontremos con dous tipos de saída: por unha parte, haberá usuarios moi limitados pola súa patoloxía e/ou outros motivos polos que non poderán desenvolver unha actividade ocupacional nin, menos aínda, laboral. Para estas persoas sería necesario articular algún recurso do estilo do *Centro de Día* no que puidesen desenvolver diferentes actividades lúdicas e ocupacionais e contar cunha supervisión continua que lle axuden tamén a alcanzar todos os progresos dos que sexa capaz.

Por outra parte, existe un grande número de usuarios que van poder desenvolver actividades máis esixentes e enfocar a súa vida cara o mundo laboral con maior ou menor implicación. A importancia do traballo hai que entendela non só como elemento básico na realización persoal, senón como factor chave na integración social.

Bibliografía

- B.O.E. nº 101. Fecha 29/04/1986: *Ley 14/1986, de 25 de Abril, General de Sanidad.*
- D.O.G. nº 1. Fecha 02/01/1995: *Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia.*
- D.O.G. nº 212. Fecha 02/11/1998: *Orden do 23 de outubro de 1998 de regulación dos centro de rehabilitación psicosocial y laboral para enfermos mentais crónicos como desenvolvemento dos dispositivos de apoio comunitario.*
- Rodríguez González, Abelardo (1997): *Rehabilitación Psicosocial de Personas con Trastornos Mentales Crónicos.* Ediciones Pirámide, S.A.
- Rebolledo Moller, Sergio e Lobato Rodríguez, María José (2001): *Cómo afronta- la esquizofrenia. Unha guía para familiares e coidadores.* Xunta de Galicia. SERGAS.
- Rebolledo Moller, Sergio(1997): *Rehabilitación Psiquiátrica.* Servicio de Publicacións e Intercambio Científico.
- Desviat Muñoz, Manuel e outros(1997): *Psiquiatría Social y Comunitaria (I).* ICEPSS Editores, S.L.
- Díaz Lage, Alfonso (2004): *la atención al usuario sociosanitario. módulo ii.b. la atención sociosanitaria de las personas con trastornos mentales persistentes. los cuidados continuados desde la comunidad.* editado pola FEGAS

A REDUCCIÓN DO DANO EN PERSOAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL



Víctor J. Villanueva Blasco

RESUMO.

A exclusión e as toxicomanías, posúen un carácter multidimensional que afecta á autonomía das persoas e levándoas gradualmente a situacións de indefensión. A abordaxe integral debe contemplar unha segmentación dos dispositivos en función dos procesos de exclusión, facilitando nun mesmo espazo a atención das necesidades que a persoa manifesta segundo o estado en que se encontra.

Palabras chave: *Procesos, exclusión, toxicomanía, falta de fogar, riscos*

ABSTRACT

Exclusion and drug addiction, have a multidimensional character that affecting the autonomy of individuals and gradually leading to situations of helplessness. The approach should include a segmentation of the devices according to the processes of exclusion, in the same space to facilitate the needs that the person indicates in the stage where it is.

Key words: *Processes, exclusion, drugs, homeless, risks*

Relación entre exclusión social e toxicomanías

Segundo Laespada (2008), “é certo que moitas persoas se encontran sen fogar por haber iniciado o camiño cara a exclusión partindo do consumo de substancias, mais non é menos certo que tamén hai moitas persoas sen fogar que elaboran o camiño contrario”.

Na actualidade, hai moitas persoas que son susceptibles de experimentar acontecementos vitais que os sitúen en posicións de vulnerabilidade para o desenvolvemento de exclusión social. O actual sistema de mercado crea situacións de desprotección a través da desregularización, a precariedade dos contratos e das prestacións, así como a mercantilización progresiva dunha parte dos servizos públicos, limitando a súa accesibilidade. A isto hai que engadir dificultades de conciliación laboral e familiar que levan a unha progresiva mingua das redes informais de apoio. Cando o apoio informal falla, as persoas encóntranse con situacións extremas como a falta de fogar, condición que implica repercusións a nivel social, psicolóxico e biolóxico máis aló da perda do fogar. Deste xeito, a exclusión adquire un carácter multidimensional que afecta no persoal, o social e o laboral e, por ende, no emocional, o psíquico, o físico e o económico, afectando á autonomía das persoas e levándoas gradualmente a unha situación de indefensión. Segundo Pradini (2008), algunhas das problemáticas que podemos encontrar son “penuria económica, baixo nivel educativo, desarraigo social, deterioro da saúde, problemas psíquicos, inseguridade e inestabilidade persoal e emocional, baixa autoestima, desestruturación familiar, dependencia institucional ou ausencia de oportunidades suficientes”. A presenza, e suma, de varias delas é habitual nas persoas en exclusión e, polo tanto, obxecto de intervención.

Ao falar das políticas de resposta á exclusión, Subirats (2008) refire a importancia da (re)construción de redes sociais “de carácter comunitario, que constrúan autonomía(...) o factor esencial da loita contra a exclusión hoxe en día, pasa pola reconquista dos propios destinos vitais por parte de persoas ou colectivos afectados(...)”. Mais, como apunta Laespada (2008) “as persoas en situación de exclusión social non poden circular polos diferentes dispositivos de forma fragmentada, reclamando aquí axuda alimenticia, alí atención sanitaria e sen labor coordinada que impulse a visión integral das persoas”. Porén, nos modelos de intervención actuais, predomina un funcionamento fragmentario pola externalización dalgúns destes servizos sen unha estrutura de integración que determine obxectivos e criterios de actuación, intervencións coordinadas e avaliábeis, e o deseño de itinerarios integrais.

Programa SISIFO


O Programa de Intervención Precoce con Toxicómanos en Situación de Emerxencia Social (SISIFO), pertencente ao Plan de Galicia sobre Drogas e xestionado pola Fundación Érguete-Integración, estrutúrase en dous subprogramas coordinados e complementarios:

- **Captación Activa e Intervención en Medio Aberto:** recolle medidas de achegamento ao colectivo de usuarios de drogas, especialmente poboacións ocultas, a través da procura activa. Está orientado cara a redución do dano e cara a motivación para o cambio a través do asesoramento e o aumento da percepción dos riscos e problemas da conduta actual (etapa precontemplativa; Prochaska e DiClemente, 1982).
- **Centro de Encontro e Acolida ou Apoio Residencial:** pretende ser un recurso de acollemento e apoio socioeducativo que actúa como ponte cara a rede asistencial, desde onde se xestiona a derivación e acompañamento, se procuran recursos de apoio necesarios (albergue, comedor social, ingreso hospitalario), e desde onde se cobren necesidades básicas de hixiene e alimentación. Pretende facilitar a transición da etapa de precontemplación á de contemplación.

Na práctica, en ambos se desenvolven as estratexias motivacionais establecidas por Miller e Rollnick: ofrecer consello, eliminar obstáculos, ofrecer alternativas, diminuír a desexabilidade, practicar a empatía, ofrecer feedback, aclarar obxectivos e ofrecer axuda activa; todo iso co fin de diminuír os danos derivados do consumo e da exclusión, de forma que o impacto a nivel biopsicosocial sexa menor, e isto reverta positivamente na súa autonomía e se encontre en situación máis favorábel para decidirse polo cambio e levalo a termo, con reforzo, se for preciso, dun proceso de acompañamento.

O perfil das persoas atendidas corresponde a consumidores con problemas de toxicomanía que, na maior parte, presentan vulnerabilidade ou exclusión social asociada a un importante deterioro biopsicosocial, con presenza en circuíto de rúa en espazos apartados.

A porcentaxe de contatos con mulleres é do 13%, fronte ao 86% con homes, aínda que probabelmente este dato teña un envés nada desprezábel, xa que unha elevada porcentaxe de mulleres consumidoras de drogas con vulnerabilidade ou en situación de exclusión social, pode verse integrada no ámbito da prostitución, o cal as converte nunha “poboación oculta” de difícil acceso cando o exercicio se vincula a redes de explotación. Isto suxire a conveniencia de intervir no ámbito da prostitución.



Análise de riscos e danos potenciais en zonas de consumo asociadas ao ámbito da exclusión social

O Programa SISIFO levou a cabo unha análise da realidade na que se desenvolve o consumo de drogas vinculado á exclusión social, sobre a consideración de que se se poden establecer actuacións en relación á diminución dos riscos e danos asociados ao feito do consumo de substancias ilegais, tamén se pode realizar, e é conveniente facelo, respecto dos riscos asociados ás condicións nas que estes consumos se realizan.

A continuación expóñense os riscos evidentes achados nas zonas de consumo estudadas; e establécese a posíbel afectación ou dano consecuencia da concreción dos riscos descritos en accidentes manifestos.

En base ao tipo e condicións dos espazos onde se realizan os consumos (espazos abertos, casas semidemolidas, chabolas, etc), establécense 4 tipoloxías de risco:

1) Riscos asociados aos hábitos de consumo.

Presenza de material para preparación e/ou consumo da substancia en condicións non hixiénicas.

- Existencia de material de inxección (xiringas, tapóns, filtros) xa usados, de papel de aluminio, pipas de auga, botellas de amoníaco e botellas de auga mineral, en condicións non hixiénicas, que poden ser reutilizados pola mesma ou outra persoa.
- Existencia de limóns abertos, en mal estado, ou en contacto coa suxería do ambiente, que pode ser utilizado ou reutilizado.

2) Riscos asociados á inseguridade da zona

- a) Presenza de material para preparación e/ou consumo da substancia en condicións non hixiénicas.
- b) Infraestruturas inseguras.
- c) Dificultade de acceso-mobilidade.
- d) Presenza de restos de combustión/incendio.

- e) Presenza de escombros.
- f) Espazo aberto, chan de terra, maleza.

Estas condicións de inseguridade, por si mesmas ou asociadas ás condicións da persoa consumidora (dificultades de mobilidade, diminución do nivel de consciencia polos efectos da substancia, patoloxía mental, etc), expoñen aos riscos reflectidos na táboa 1, dadas as similitudes das zonas de consumo con ámbitos nos que a Avaliación de Riscos Laborais é aplicábel.

TÁBOA 1. Código de riscos asociados á inseguridade da zona de consumo. Fonte: Fundación Mutua Universal

CÓDIGO	RISCO DETECTADO
010	Caídas a diferente nivel
020	Caídas a mesmo nivel
030	Caída de obxectos por derrubamento
050	Caídas obxectos desprendidos
060	Pisadas sobre obxectos
070	Choques contra obxectos inmóbeis
090	Golpes / Cortes / Picaduras con obxectos (xiringas)
100	Proxección fragmentos ou partículas
161/162	Contactos eléctricos directos / indirectos
212	Incendios. Facilidade na propagación
214	Incendios. Problemas na evacuación

Por outro lado, ao se tratar dun medio aberto, as persoas consumidoras están expostas a factores climatolóxicos que se agudizan nalgúns épocas do ano.

3) *Riscos asociados á insalubridade da zona*

- a) Espazo aberto, chan de terra, maleza.
- b) Presenza de lixo (orgánico e inorgánico), suxeira, déficit de limpeza.
- c) Posíbel presenza de animais.

O contacto das mans do consumidor co medio que o rodea, así como a utilización de material de consumo en contacto con lixo ou falta de limpeza, pode vehiculizar microorganismos patóxenos. A presenza de feridas, previas ou ocasionadas por un accidente, pode actuar como vía de entrada para determinadas infeccións. Continuando coa asociación establecida anteriormente, véxase a táboa 2.

TÁBOA 2. Código de riscos asociados á insalubridade da zona de consumo. Fonte: Fundación Mutua Universal

CÓDIGO	RISCO DETECTADO
220	Acidentes causados por seres vivos
320	Exposición a contaminantes biolóxicos

4) *Riscos asociados á situación apartada da zona.*

As zonas non humanizadas (abandono de infraestruturas, sen equipamentos, sen luz, auga e outros acesos universais), son espazos apartados e factor de risco para a aparición de patróns de exclusión social. Así mesmo, a exclusión social é un factor de risco para o desenvolvemento e mantemento de transtornos mentais, polo que se pode establecer a hipótese de que os riscos anteriormente descritos van favorecer a aparición de: percepción social e autopercepción de exclusión; redución de relacións sociais normalizadas; diminución da autonomía persoal; dificultades de acceso e uso de recursos sociosanitarios; síntomas de estrese emocional, ansiedade e depresión asociados á interacción da persoa con espazos degradados, inseguros e insalubres.


Aceptando esta hipótese, os principais danos serían de carácter social (vulnerabilidade/situación de exclusión, autonomía limitada) e psicolóxicos (síntomas ou transtorno mental), mais coa probabilidade de que estes afectaran así mesmo a nivel físico (psicoinmunidade), aspecto especialmente relevante se atendemos á vulnerabilidade ou compromiso inmunitario que presentan estas persoas como consecuencia de doenzas de alta prevalencia en toxicómanos, e ao impacto das condicións deficitarias de hixiene, alimentación e descanso asociadas á situación de exclusión.

Proposta

Dadas as características multidimensionais e de complexidade das problemáticas de exclusión social e toxicomanías, suxírese a vertebración da abordaxe integral a través dunha segmentación dos dispositivos en función dos procesos de exclusión, propoñendo: unha área de prevención, unha área de captación e atención básica, unha área terapéutica-social, unha área formativa-laboral e unha área de apoio-seguimento; contemplándose en cada unha delas unha ampla carteira de servizos que integre obxectivos e criterios de actuación, facilitándose a coordinación e a avaliación das intervencións, unha racionalización dos recursos e, especialmente, a atención nun mesmo espazo das necesidades que a persoa manifesta segundo o estado en que se encontra.

Deste xeito, a proposta para a área de captación e atención básica, onde se encadrarían as actuacións do Programa SISIFO, suxírese a creación de espazos que faciliten a un mesmo tempo

a avaliación e control dos factores de risco e cronicidade, a identificación de problemas e os seus efectos sobre a persoa, de forma que os primeiros poidan ser previstos e os últimos atendidos.




Dado que a imaxe do recurso inflúe na psicoloxía do usuario e da sociedade, modelando a súa percepción e polo tanto a comprensión do problema e o seu posicionamento fronte a este, haberá que ter en conta que os recursos precarios dan unha imaxe marxinal, dando o status de marxinado aos seus beneficiarios. Porén, os recursos que se impulsan cunha imaxe integrada, conceden aos seus beneficiarios un status non diferenciado respecto de calquera beneficiario dun servizo convencional. E isto, en si mesmo, é unha estratexia de diminución da exclusión e un factor que mellora a problemática de drogas.

Bibliografía

- Códigos de riscos (s.f.). Recuperado 15 de Marzo de 2009, de <http://www.fundacion-universal.com/-12k>
- Laespada, M.T. (2008). Introducción. En Instituto Deusto de Drogodependencias, Intervención en exclusión social y drogodependencia. La confluencia entre políticas sociales y sanitarias (pp. 15-17). Bilbao: Deusto.
- Miller, W. e Rollnick, S. (Eds.)(1999). La entrevista motivacional. Barcelona: Paidós.
- Pradini, J. (2008). Las personas sin hogar: perfiles y recursos. En Instituto Deusto de Drogodependencias, Intervención en exclusión social y drogodependencia. La confluencia entre políticas sociales y sanitarias (pp. 19-24). Bilbao: Deusto.
- Subirats, J. (2008). La reestructuración del estado de bienestar en Europa. Exclusión social y políticas de respuesta. En Instituto Deusto de Drogodependencias, Intervención en exclusión social y drogodependencia. La confluencia entre políticas sociales y sanitarias (pp. 49-67). Bilbao: Deusto.
- Villanueva, V.J. (2006). Programa e manual de intervención con drogodependientes en situación de emergencia social (SISIFO). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade.

O PROCESO DE REHABILITACIÓN NEUROPSICOLÓXICA EN PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO



Sandra Rubial Álvarez.

Centro de Promoción de la Autonomía Personal de Bergondo (A Coruña)
(IMSERSO- Ministerio Educación, Política Social y Deporte)

RESUMO

A rehabilitación neuropsicolóxica refírese a calquera estratexia de intervención que pretende axudar aos suxeitos con Dano Cerebral (DC) e aos seus familiares a vivir e sobrelevar ou mellorar os déficits cognitivos e condutuais resultantes da lesión neurolóxica. Esta intervención débese iniciar desde o momento no que o suxeito sae do coma despois de sufrir un DC, debe seguir durante todo o proceso de recuperación e proseguir en fase crónica, cando as secuelas xa están establecidas; será un proceso de reaxuste continuo. Presentamos un modelo de intervención con persoas con DC en fase posthospitalaria dirixida á consecución dos obxectivos que son conseguir a máxima autonomía posíbel e/ou a posíbel integración laboral, naqueles casos nos que esta sexa posíbel. Para iso estableceuse un proceso de intervención secuencial dividido en tres fases nas que se integra o suxeito dependendo do seu perfil ao ingreso. Facemos un repaso das características desexábeis nun programa de rehabilitación neuropsicolóxica e das intervencións que se consideran pertinentes en cada fase do proceso.

Palabras Chave: Dano Cerebral, Rehabilitación Neuropsicolóxica, Rehabilitación vocacional, Integración laboral, Autonomía persoal.

ABSTRACT

Neuropsychological rehabilitation concerns to any intervention strategy which can help people suffering brain injury (BI) and their family members to live with them and to cope or improve cognitive and behavioral problems resulting from neurological disease. Neuropsychological rehabilitation must begin when the patient comes out of coma and must continue during recovery process, and along chronic stage, and for the rest of them lives; it will be a continuous adjustment process. We present an outpatient's intervention model addressed to achieve the maximum possible autonomy level and/or work integration, if it is possible. Therefore, we have established a sequential intervention process divided in three stages in which subject with brain injury are included depending of their income impairment profile. We reviewed suitable characteristics of neuropsychological rehabilitation and interventions considered as relevant in each stage.

Key words: Brain Injury, Neuropsychological Rehabilitation, Vocational Rehabilitation, Vocational Integration, Functional Autonomy.

O dano cerebral (DC) adquirido, xa sexa producido por un accidente cerebro-vascular, un tumor ou un traumatismo craneoencefálico, constitúe un importante problema de saúde na nosa sociedade actual que afecta non só ao suxeito con DC senón tamén ás súas familias, ao seu entorno social e laboral, tendo unha notábel repercusión na súa calidade de vida (Bernabeu & Roig, 1999).

O obxectivo principal da rehabilitación neuropsicolóxica é tratar de minorar os problemas cognitivos, as alteracións emocionais e os cambios de conduta e personalidade, de maneira que estas persoas poidan funcionar no máximo nivel de capacidade posíbel dentro das restricións dos déficits causados pola alteración cerebral (Fernández-Guinea & Delgado, 2006). Wilson (1997) suxire que o termo rehabilitación neuropsicolóxica pode aplicarse a calquera estratexia de intervención que pretende axudar aos pacientes e aos seus familiares a vivir e sobrelevar ou reducir os déficits cognitivos resultantes da lesión neurolóxica.

Os patróns de recuperación das persoas que sufriron un DC son moi variábeis, cada individuo sufriu unhas lesións particulares, cunha etiloxía, localización e extensión determinadas, nun cerebro específico, polo que resultan imposíbeis as comparacións individuais (Frank et al., 2007). Para unha revisión das variábeis influentes na recuperación das persoas con DC ver Sohlberg e Mateer (2001).

O programa de rehabilitación neuropsicolóxica

Segundo diferentes publicacións as características que favorecen a eficacia dun programa de rehabilitación neuropsicolóxica, ademais da súa instauración precoz, son as seguintes:

A) Ha de se basear en modelos teóricos de referencia xa sexa para a descrición dos déficits observados, (p.e. modelos clínicos de funcións executivas de Callahan; 2001) como para a intervención deses propios déficits (p.e. os modelos intervención das alteracións de atención de Sohlberg e Matter; 2001)

B) A avaliación orientada á rehabilitación: ha de incluír unha análise das diferentes modalidades e procesos de cada capacidade cognitiva así como das alteracións conductuais e emocionais e o nivel de independencia funcional derivado destas alteracións.

C) Desta avaliación ha de se derivar un plan de intervención secuencial establecendo as prioridades de intervención, os obxectivos a curto, medio e longo prazo e planificando valoracións de retest para monitorizar o proceso de intervención, valorar a evolución e replantear os obxectivos establecidos e as intervencións realizadas en caso necesario.

D) A rehabilitación ha de centrarse máis na discapacidade que nos déficits.

E) As alteracións condutuais e emocionais han de se establecer como obxectivos prioritarios de intervención, destacando a necesidade de intervención nos casos de escasa consciencia dos déficits.

F) Traballo en equipo: o plan de intervención neuropsicolóxica ha de contemplar as diferentes disciplinas que interveñen co usuario, plantexándose obxectivos comúns. O traballo en equipo tamén inclúe o papel fundamental da familia e o propio suxeito.

G) Ha de se incluír no programa de intervención tarefas encamiñadas a favorecer a xeneralización dos avances adquiridos (Matteer & Sira, 2008).

Un modelo de intervención secuencial para usuarios con dano cerebral adquirido

No ano 2006 púxose en funcionamento o Centro de Promoción da Autonomía Persoal de Bergondo (A Coruña), pertencente ao IMSERSO (Ministerio de Educación, Política Social e Deporte). Neste centro hai unha Unidade de Dano Cerebral na que se atende, cun enfoque holístico, a usuarios que sufriron un dano cerebral adquirido. A etioloxía máis frecuente é o TCE (66%), seguido de accidente cerebrovascular (18%) e encefalopatía anóxica (10%).

A misión da Unidade de Dano Cerebral (UDC) é o desenvolvemento da rehabilitación global das persoas, ben dirixida cara a súa recuperación profesional, se esta é factíbel, ben dirixida cara un adestramento en autonomía persoal que permita a maior integración posíbel. Para o deseño e posta en marcha da UDC do CPAP de Bergondo tomáronse como referencia diferentes modelos de intervención encamiñados á integración ou re-inserción profesional, como son New York University Head Trauma Program, London Brain Injury Vocational Centre, Core Brain Injury Rehabilitation.

O programa de intervención establécese en función da fase do proceso de recuperación tralo DC na que se encontre. No caso dos usuarios da nosa unidade, son suxeitos en fase subaguda ou crónica. O modelo de atención establecido comprende intervención secuencial en 3 fases, cada unha cuns obxectivos específicos que se derivan do perfil que presenta o usuario ao seu ingreso e que proporcionan unha estrutura de actuación ás diferentes disciplinas, o modelo expónse de forma gráfica na figura 1.

Abordaremos os obxectivos e diferentes tipos de intervención de cada fase desde a óptica da rehabilitación neuropsicolóxica.

1- Fase rehabilitación intensiva

Os obxectivos desde a área de neuropsicoloxía diríxense a promover a máxima recuperación dos déficits cognitivos baseándonos en diferentes estratexias:



Figura 1. Modelo secuencial de intervención

- Técnicas de restauración, especialmente eficaces nos déficits de atención e cálculo (Sohlberg et al, 2001).
- Técnicas de compensación, por exemplo, o adestramento en axudas externas. Ver O'Connell, Matter e Kerns, 2003, para revisión máis exhaustiva.
- Modificación do ambiente, recomendábel en persoas con alteración importante de memoria e/ou funcións executivas (Matter & Sira, 2008).
- Adestramento en rutinas específicas: ensinanza dos pasos que compoñen unha habilidade funcional mediante un enfoque condutual (Martelli, 1999).
- Técnicas de modificación de conduta, principalmente técnicas para o desenvolvemento e a redución de condutas e sistemas de organización de continxencias (Sohlberg e Mateer, 2001).
- Intervención familiar, principalmente orientada a labores de información e adestramento en pautas específicas para minimización dos déficits cognitivo-condutuais (Muñoz-Céspedes et al, 2001).

2- Iniciación proceso de capacitación profesional

Nesta fase de intervención os obxectivos diríxense a conseguir a máxima autonomía posíbel. As técnicas máis utilizadas nesta fase son:

- Adestramento en técnicas de optimización das funcións residuais e de compensación para os déficits de memoria, podendo utilizar nesta fase estratexias mnemotécnicas, de memoria prospectiva, metamemoria (ver Sohlberg & Mateer, 2001, para unha revisión exhaustiva)
- Estratexias para aumentar as consciencias dos déficits. Para revisión máis exhaustiva ver Sohlberg & Mateer (2001).
- Estratexias metacognitivas como o adestramento en autoinstrucións ou en xestión de metas (Levine et al, 2000) que son ferramentas útiles para suxeitos cun nivel cognitivo elevado pero con déficit executivo.
- Intervención familiar: enfoques centrados na colaboración coa formación de alianzas clínicas con persoas do entorno do suxeito favorecerán a selección de obxectivos terapéuticos (Wilson et al., 2003).
- Adestramento en habilidades sociais (Muñoz-Céspedes et al, 2001)
- Adestramento en tarefas específicas con técnicas de ensaio ampliado, instrución directa, e aprendizaxe sen erro (ver Sohlberg & Mateer, 2001).
- Diferentes técnicas de carácter cognitivo-condutual para intervención de alteracións como a apatía ou condutas disruptivas (Wilson et al., 2003).

Nesta fase tamén se han de facer intervencións encamiñadas a axustar as expectativas de recuperación da persoa con DC e tomar decisións respecto ao futuro laboral.

3- Fase de Capacitación e rehabilitación vocacional

Investigacións sobre os factores que inciden na reintegración no mundo laboral logo dun DC sinalaron a importancia da natureza da lesión, a gravidade inicial da mesma, a idade, a educación e a actividade profesional anterior (Greenspan, Wrigley et al, 1996). Porén, son as alteracións cognitivas, condutuais e emocionais as variábeis que máis determinan o éxito dos afectados en conseguir e manter un emprego (Muñoz-Céspedes, Fernández-Guinea e Pelegrín, 1999). Por compoñentes cognitivos, a alteración das funcións executivas é a máis determinante na reintegración na comunidade (Sohlberg & Mateer, 2001).

Os obxectivos de intervención nesta fase de capacitación profesional encamiñanse a optimizar a autonomía conseguida e iniciar o proceso de inserción laboral e social. Os obxectivos de intervención de neuropsicoloxía han de dirixirse a diferentes áreas:

- Monitorización do proceso de aprendizaxe: adestramento en técnicas de estudo e planificación do estudo

- Perfeccionamento en habilidades de autonomía persoal: a intervención diríxese fundamentalmente a compensar os déficits cognitivos e a fomentar un patrón familiar que potencie a autonomía do usuario.

- Mellora de síntomas condutuais, sendo o piar da intervención o aumento da consciencia destes síntomas e a súa posíbel influencia no desempeño e mantemento dun posto de traballo.


- Adquisición das habilidades necesarias para o desempeño do posto de traballo tendo que considerar os déficits específicos do suxeito e como poden impactar nas demandas específicas do posto de traballo (Levitt & Johnstone, 2001). Os posíbeis obxectivos a traballar nesta área serían:

- Estratexias específicas de compensación dos déficits cognitivos nas tarefas asignadas no posto de traballo
- Adestramento en habilidades laborais básicas: asistencia, puntualidade, cumprimento de normas.
- Capacidade de realizar as tarefas encomendadas de forma autónoma
- Habilidades sociais para mellorar a interacción social no posto de traballo e técnicas de control do estrese

Bibliografía

- Bernabeu, M., Roig, T.(1999). *La rehabilitación del traumatismo craneoencefálico: un enfoque interdisciplinar*. Barcelona: Fundación Institut Guttmann.
- Callahan, C.D. (2001). The assessment and rehabilitation of executive function disorders, En B. Jonnstone, HH. Stonington (Eds.) *Rehabilitation of neuropsychological disorders: a practical guide for rehabilitation professionals*. Philadelphia: Psychology Press.
- Frank, A., Fernández Guinea, S., AMER., G. (2007). Terapia de los trastornos neuropsicológicos: aspectos farmacológicos y no farmacológicos. En J. Peña-Casanova (Ed.) *Neurología de la conducta y neuropsicología*. Madrid: Editorial Panamericana.
- Fernández-Guinea,S., Delgado, M.L. (2006). La eficacia de los programas de rehabilitación neuropsicológica: situación actual y perspectivas futuras. En *Avances en Neuropsicología Clínica*. Madrid: Editorial MAPFRE.
- Greenspad, A.I., Wrigley, J.M., Kresnow, M., Branche-Dorsey, C.M.(1996). Factors influencing failure to return to work dur to traumatic brain injury. *Brain Injury*, 10, 207-218.
- Levine, B., Roberstson, I.A., Claire, L., Carter, G. et al. (2000). Rehabilitation of executive functioning. An experimental-clinical validation od goal management training. *Journal of International Neuropsychological Society*, 6 (3), 299-312.
- Levitt, T., Johnstone, B. (2001). The assessment and rehabilitation of attention disorders. En B. Johnstone, B. Stonnington (Eds.). *Rehabilitation of neuropsychological disorders: a practical guide for rehabilitation professionals*. Philadelphia: Psychology Press.
- Matter, C.A., Sira, CS.(2008). Practical rehabilitation strategies in the context of clinical neuropsychological feedback. En JE Morgan, JH Ricker (Eds.). *Textbook of clinical neuropsychology*. New York: Taylor & Francis.
- Muñoz Céspedes. J.M., Fernández Guinea, S., Pelegrín, C. (1999). La intervención neuropsicológica en las personas con daño cerebral traumático. Una perspectiva integradora. En *Psicología de la Rehabilitación*. Madrid: Fundación MAPFRE Medicina.
- Muñoz Céspedes, J.M., Tirapu, J. (2001). *Rehabilitación Neuropsicológica*. Madrid: Síntesis.
- O'Connell, M.E., Mateer, C.A., Kerns, K.A. (2003). Prosthetic systems for addressing problems with initiation:Guidelines for selection, training, and measuring efficacy. *NeuroRehabilitation*, 18 (1), 9-20.
- Sohlberg, M.M., Mateer, C.A. (2001). *Cognitive Rehabilitation: an integrative neuropsychological approach*. New York: Guilford Press.
- Wilson, B.A. (1997). Cognitive rehabilitation: how it is and how it might be. *Journal of International Neuropsychology Society*, 3, 487-496.
- Wilson, B.A., Herbert, C.M., Shiel, A. (2003). *Behavioral Approaches in Neuropsychological Rehabilitation: Optimising Rehabilitation Procedures*. New York: Psychology Press.

ALGÚNS TÓPICOS PSICOTERAPÉUTICOS NA ATENCIÓN A PROBLEMAS DE RELACIÓN FAMILIAR QUE IMPLICA AOS XÓVENS



Francisco Blanco Romero

Psicólogo. Gabinete de Orientación Familiar. Servizo de Igualdade.

Xunta de Galicia. A Coruña.

RESUMO

Realízase unha sucinta presentación da unidade na que presta servizos o autor como contexto no que cobra sentido unha intervención psicoterapéutica de carácter sistémico perante as dificultades de relación entre os membros da familia. Enfatízase nas demandas de intervención denominadas “conflitos de relación paterno-filial”, definíndoas e sinalando aquelas que se presentan como máis frecuentes en función da súa gravidade. Finalmente, reflexiónase sobre algunhas formulacións do problema e o seu control por parte dos clientes, ás que pola súa reiteración na práctica se lles outorgou a consideración de tópicos.

Palabras chave: Problemas de relación. Pais e fillos adolescentes.

ABSTRACT

This paper makes first a brief presentation of the unit where the author serves. This is offered like a work context that makes sense to a systemic psychotherapeutic approach in problems of relation between the members of the family. The text emphasizes in the demands of intervention named as “parental-filial relation conflicts”, defining them and indicating those of them that appear as more frequent based on their severity. Finally, they are presented reflections on some formulations of the problem situation and their handling by the clients which, by their reiteration, granted them the consideration of topics.

Key words: Relation problems. Parents and adolescent children.

Contexto e orientación

Resumidamente, podemos dicir que os Gabinetes de Orientación Familiar (GOF) son un recurso público, de carácter social e especializado na área de familia (Blanco, 2005). Desde os comezos do seu funcionamento no ano 1994, os GOF mantiveron unha actividade asistencial, preventiva e polivalente –a través da posibilidade de intervencións multidisciplinares- perante diferentes problemas, situacións de risco e crises familiares presentadas polos seus clientes. O propósito xeral do dispositivo é facer fronte a eventuais situacións con impacto na adaptación da familia como grupo ou individualmente dos membros que a compoñen.

Desde o punto de vista da súa actuación, as demandas de intervención que se atenden no GOF organizáronse a través dunha serie de categorías (Blanco, 2005). Aos efectos do interese recollido neste escrito, sinalar que unha destas categorías está formada polos denominados “conflitos paterno-filiais”, os cales fan referencia, fundamentalmente, ás dificultades experimentadas nas relacións entre pais e fillos, maioritariamente, adolescentes e que corresponden a conflitos producidos en torno ao binomio control–autonomía propio deste período do desenvolvemento.

Cualitativamente, os conflitos paterno-filiais veñen expresados a través de queixas de diferente natureza e consideración, comprendendo desde a desobediencia e indisciplina leve até a violencia física ou a destructividade. O cadro 1 presenta de modo sintético un repertorio de queixas xenéricas cunha atribución estimada da súa intensidade en termos de gravidade.

Queixas leves:

- Indisciplina e desobediencia
- Escasa - nula colaboración doméstica
- Rendemento académico

Queixas moderadas:

- Comportamiento problemático na aula
- Absentismo escolar
- Agresividade verbal
- Incumprimento de normas e horarios

Queixas graves:

- Violencia física e destructividade
- Fugas do fogar. Problemas xudiciais
- Toxicomanía, descontrol sexual e risco de accidentes
- Illamento social, comportamento perturbado e oposicionista

Outras “queixas”:

- Axendas ocultas nos pais que implican un desexo de separación (internamento) do seu fillo

Cadro 1. Queixas xenéricas contidas na categoría de demanda “conflicto paterno filial”

A expresión das queixas procede certamente das descrições dos proxenitores, quen polo xeral son os que solicitan a intervención do gabinete. Isto, aínda que pareza obvio, quere dicir que os adolescentes non acostuman presentar demandas que supoñan unha petición de intervención por parte do gabinete.

Como indicaron Rodríguez & Blanco (1997): “[Os GOF] *desde a mera concepción como programa -centrado na necesidade de atención ás disfuncións familiares- pasando polo seu deseño e até a súa execución, en todos os aspectos pretendeuse manter un punto de vista eminentemente sistémico*”. Así pois, o foco principal de intervención desde o punto de vista terapéutico sitúase sobre aquelas interaccións acesíbeis e de interese da mostra exhibida ou referida polos suxeitos presentes no momento terapéutico. Sinalada a orientación terapéutica como decididamente sistémica (Ochoa de Alda, 1995), debe subliñarse que o obxecto de intervención a este nivel persegue a consecución do cambio, concibido este desde unha perspectiva resoltamente pragmática (Watzlawick, Weakland & Fisch, 1989).

Algúns tópicos

Sen a pretensión de ser exhaustivos, mais coa esperanza de promover algunhas reflexións con implicacións prácticas que nos poidan axudar a ser terapeuticamente máis eficaces, a continuación expóñense algunhas situacións que pola forma de presentación observada en consulta acostuman repetirse cunha frecuencia significativa na atención deste tipo de problemas. Esta reiteración é a razón pola que se suxire outorgarlles a consideración de tópicos.

1. Privilexios non merecidos. Con frecuencia o xoven obxecto da queixa dispón e posúe un considerábel número de privilexios e beneficios, xeralmente de orde material: diñeiro, xogos, roupa, etc., que contrastan considerabelmente co escaso esforzo implicado na satisfacción das peticións realizadas polos proxenitores.

Dalgunha maneira constátase que non facer o correcto, o que os pais solicitan, ou o que esperan del, por exemplo estudar, chegar á hora á casa, recoller e ordenar as súas pertenzas, non ten ningunha consecuencia adversa para o rapaz (tampouco parece que o contrario teña consecuencias favorábeis para el). Máis ben ao contrario, acostuma observarse que, como un intento de estimular a motivación para a cooperación, os pais a miúdo caen no erro de pagar por adiantado, con novos e redobrados privilexios a conta de promesas (que non serán cumpridas) sobre o futuro bo comportamento do fillo. Os pais alentan así novos incumprimentos a través da recompensa non advertida que supón o enlazamento sucesivo de promesas que non se cumpren, seguidas de novos beneficios. O esquema corresponde, en esencia, a unha parte do proceso coñecido como *coerción educativa*. Este segmento do proceso acompáñase dunha reacción desproporcionada por parte dos pais caracterizada pola multiplicación de interaccións

disciplinarias (exceso de ordes, severos castigos, reaccións agresivas) e desatención aos comportamentos axustados dos fillos (Patterson, 1982; Kazdin, 1985).

2. Desmotivación e dereitos inalienábeis. A sorpresa perante a “resistencia” por parte dos fillos é sinalada a través da asombrosa ausencia de motivación para o cambio: Que pode perder o rapaz se o ten todo a cambio de nada? Para que vai cambiar? Por outra parte, os rapaces parecen ter xerado a convicción de que a dispoñibilidade practicamente ilimitada de privilexios concedidos polos pais é un dereito inembargábel que lles corresponde por natureza. Polo feito de ser fillos, os pais parecen estar obrigados pola Lei; por exemplo, a calzalos cuns deportivos de non menos de 150€.

3. Rivalidades fraternas. Unha das queixas que se reitera por parte dos pais versa sobre a elevada conflictividade entre irmáns. As disputas na fratría preséntanse nos casos máis severos como unha autentica preocupación pola seguridade das persoas e os bens que ocupan o fogar. A intervención “natural” por parte dos pais para controlar esta fonte de conflitos acostuma tomar a forma de algún tipo de arbitraje. Deste modo, os pais vense obrigados practicamente a tomar partido por un dos fillos en contenda, xeralmente a favor do menor en idade, o máis débil ou o irmán menos díscolo; creando así un efecto de parcialidade que mantén e aviva os desexos de vinganza e de resentimento perante ese favoritismo real ou imaxinario.

4. Unha cuestión persoal. Que as dificultades educativas entre pais e fillos se convertan nunha cuestión persoal é un dos peores resultados que se pode esperar neste tipo de problemas de relación. A frustración dos intentos de control dos proxenitores e dos desexos de liberdade dos fillos adolescentes pode facilmente ser atribuída de modo recíproco a causas malintencionadas. A pesar de tratarse de pais preocupados polo desenvolvemento e o futuro dos seus fillos, en ocasións, as interaccións que se producen revístense cunha roupaxe de crítica, hostilidade e rexeitamento tal que explican con facilidade o elevado grao de deterioro alcanzado na relación. Aínda que non é –non debería ser- unha cuestión persoal, ás veces paréceo, e pode parecelo moito.

5. As razóns da disciplina. Nun bo número de ocasións os pais esfórzanse por explicar as súas razóns aos fillos para exercer o control por medio do que reclaman a súa obediencia, o que comunmente se coñece como “o sermón”. Os pais poden necesitar explicar as súas razóns, o que probabelmente forme parte do oficio, o que se denominou *disciplina razoada* (López, 1995). Porén, os pais parecen pretender non só persuadir aos fillos, senón tamén convencelos de modo que asuman e interioricen que facer o correcto é o apropiado, o natural e o que ademais deberían desexar facer. Vencer e convencer, xeralmente non acostuma ser posíbel.

6. Infantilización da relación. Advírtese a miúdo que coa razón –ou a escusa- da escasa responsabilidade dos fillos, os pais chegan a tratalos coma se fosen de menor idade, capacidade ou entendemento. Basicamente os pais actúan intensificando a supervisión e asumindo

consecuencias que non lles corresponden. Á súa vez, os fillos parecen comportarse dunha forma que encaixa en tal suposto: actúan atolondradamente, sen demasiado respecto, etc. Considerando que ambas condutas se autoalimentan, obsérvase que canto máis desaxustado, ou infantil, é o comportamento do fillo, máis é tratado coma se fose un neno pequeno, e viceversa. A “rabieta” dun neno suscita reaccións ben diferentes á “rabieta” dun rapaz de, poñamos por caso, 15, 16 ou máis anos e, aínda que desde o punto de vista relacional posúa un significado equivalente de protesta, sen dúbida outórganselle connotacións certamente diferentes, como perturbación ou violencia.

7. Mellores pais. Os pais acostuman ser bastante conscientes dos problemas e dos perigos, presentes ou futuros, reais ou imaxinarios, que presentan ou afectan aos seus fillos pero, ¿danse conta os rapaces dos posíbeis problemas que poden ter os seus pais a causa dos conflitos de relación ou das súas supostas causas de referencia? ¿Que problemas son eses que poden ter os pais para mobilizar aos fillos en axuda deles? Aínda que seguramente poidan existir un grande número deles, basicamente queremos referirnos a un: a percepción de fracaso parental por parte das institucións. Esta circunstancia pode dar lugar a un xuízo negativo sobre a capacidade para exercer a custodia ou o coidado dos fillos, creando un *punto de esquismoxénese* (Bateson, 1977) no que, como consecuencia da actuación das institucións especializadas, o problema se desborde e os membros da familia perdan totalmente o control da situación.

8. Reacción ao rexeitamento. “*Tonto é aquel que fai tonterías*”. A máxima que a Sra. Gump impartiu ao seu fillo Forrest (ZemECKIS, 1994) ten un predicamento moito máis estendido do que podemos supor. Comunicativamente, mensaxes desta natureza descalifican ao interlocutor por medio de calificar negativamente un ou varios dos seus comportamentos. Nun nivel sintáctico, des-calificando ao obxecto (directo), descalifícase ao suxeito. Desde o punto de vista da relación, a intensa sensación de rexeitamento que este tipo de mensaxes pode producir provería aos fillos de excelentes motivos para xustificar a súa rebeldía, a súa desviación e aínda a súa autodestrución. A pesar de que todo o mundo fai estupideces nalgún momento (Salameh, 2004), cabe a posibilidade de que non todo o mundo sexa estúpido.

9. Individuación. Os pais, no seu urxente desxeo de procurar axuda, demandan intensamente aos fillos que fagan o correcto sinalándolles e ordenándolles que tomen o camiño –todos os camiños, calquera camiño– para facer o correcto. Con frecuencia encontramos que os xóvens parecen desexar tomar as súas propias e xenuínas decisións, seguramente por razóns evolutivas. Se por algunha razón alguén está indicando todos os posíbeis camiños correctos ¿como vai tomar ese xoven unha decisión que sexa autenticamente súa?, ¿como podería facer iso que se supón o correcto sen que se xulgue como o cumprimento dunha orde? Nunha situación coma esta, o xoven saberá que a súa decisión é autenticamente propia só se elixe facer o que ninguén lle ordene que faga, é dicir, o non correcto.

10. Exceso de preocupación. A preocupación dos pais polos fillos pode terse como un san e desexábel impulso natural. Polo tanto, non é difícil comprender que se os pais observan nos seus fillos un determinado nivel de desviación, incrementen o seu alarme. A intensificación das preocupacións, digamos ordinarias, teñen o seu correlato a nivel de relación nun incremento das condutas dirixidas a obter control e reducir o alarme. No patrón de interacción estas condutas combínanse coas respostas desviadas dos fillos que, pretendendo desactivar os intentos de control dos pais, conseguen ironicamente crear máis preocupación e alarme.

Miscelánea

□ Os pais acostuman reclamar responsabilidade aos fillos como unha forma de demandarlles que fagan o correcto; o que eles consideran correcto. Porén, conviría apuntar outra acepción do concepto “responsábel”: o de asumir ou facerse cargo das consecuencias dos propios actos. Despois de todo, chegado o momento, os pais xa non poderán responsabilizarse máis do que fan os fillos cando sexan maiores, por moito que nalgúns ocasións así o quixeran.

□ Nun bo número de ocasións non é difícil chegar á conclusión de que os fillos fan literalmente o que lles dá a gana, que os pais non poden impedilo e que canto máis intentan impedilo, peores resultados en termos de relación se obtén.

□ Parece notarse a presenza implícita dunha condicionalidade interdependente na relación entre pais e fillos. Unha especie de mensaxe non enunciado do estilo: “aceptareite e disporás do meu afecto e a miña consideración, só se ti fas o que eu quero”.

□ Que os pais non poidan impedir o que o fillo fai (ou non fai), non quere dicir que teñan que aprobalo. Non comprender, ou non aceptar o que o fillo fai, non debería supor non respectalo como individuo.

□ En bastantes ocasións, parece que o problema pode constituírse en torno aos intentos desesperados dos pais por axudar. Enfoques alternativos do tipo “Axudar non axudando” probabelmente sexan de difícil desenvolvemento cando o que está en xogo é a dor pola perda do ideal de fillo.

Epílogo: Enfoques directos e indirectos. Tomar ou ceder control

A maneira máis sensata que se nos ocorre para obter algo de alguén é pedirullo de forma clara, directa e respectuosa. Terapeuticamente, as peticións deste estilo xunto coa adscrición da intervención á queixa do cliente e a motivación deste para o cambio parecen ser a esencia das denominadas técnicas directas e a razón que as converte en recursos de primeira elección (Navarro, 1992). No contexto da atención a problemas de relación familiar como os que vimos, poderían considerarse enfoques directos aqueles que dalgún modo perseguen a “axuda e


mellora” dos fillos nos termos plantexados polos pais a través da queixa, asumindo pola súa parte directamente a acción, é dicir, tomando o control.

Porén, cabe a posibilidade de que os enfoques directos non ofrezan resultados satisfactorios. Esta perspectiva, non obstante, en ocasións pode ser reconvertida nun enfoque complementario no que dalgún modo se propón unha “mellora” dos pais. Trataríase, en definitiva, de traballar para alcanzar unha nova forma de ser pais, axustada ás particularidades (idiosincrásicas e evolutivas) dos fillos por medio dun enfoque diferente, esencialmente cedendo control. Neste contexto, ceder control non significa unha renuncia ou un abandono, ao estilo dunha forma pasiva de agresión, senón un intento radicalmente diferente de facer fronte ás dificultades de relación, incompatíbel cos esforzos –non exitosos- considerados baixo o prisma de alcanzar un control activo máis eficaz por parte dos pais.

Bibliografía

- Bateson, G. (1977): *Pasos hacia una ecología de la mente*. Buenos Aires: Lohlé (Orig. 1972).
- Blanco Romero, F. (2005): Intervención ante crisis y conflictos familiares. Los gabinetes de orientación familiar – G.O.F. En Suárez Sandomingo, J.M. (Ed.): *Mediar para remediar conflictos*. Lugo: Axac.
- Kazdin, A. (1985): *Tratamiento de la conducta antisocial en la infancia y adolescencia*. Barcelona: Martínez Roca.
- López Sánchez, F. (1995): *Necesidades de la infancia y protección infantil*. Madrid: Mº de Asuntos Sociales.
- Navarro Góngora, J. (1992): *Técnicas y programas en terapia familiar*. Barcelona: Paidós.
- Ochoa de Alda, I. (1995): *Enfoques en terapia familiar sistémica*. Barcelona. Herder.
- Patterson, G. (1982): *Coercitive family process*. Eugene- Oregon: Castalia Publishing.
- Rodríguez López, J. & Blanco Romero, F. (1997): Gabinetes de Orientación Familiar. Un modelo de intervención y prevención sistémica en un contexto público y no clínico. *Cuadernos de Terapia Familiar*, 35-36, pp. 131-144.
- Salameh, W. (2004): Un sistema de auto-mejoramiento en competencias emocionales para el crecimiento personal y su más fácil absorción mediante el humor. En Salameh, W. y Fry, W. *El humor y el bienestar en las intervenciones clínicas*. Bilbao: Desclée de Brouwer.
- Watzlawick, P.; Weakland, J. & Fisch, R. (1989): *Cambio. Formación y solución de los problemas humanos*. Barcelona: Herder (Orig. 1974).
- Zemeckis, R. (Director) (1994), *Forrest Gump* [DVD]. Paramount Pictures. 2001.

INTERVENCIÓN AFECTIVO-SEXUAL CON ADOLESCENTES



Lorena Casete y Maite Lage

Psicólogas Clínicas, ACLAD-UAD A Coruña

RESUMO

Os Obradoiros de “Sexo máis seguro” son unha estratexia baseada na educación para a saúde e encamiñanse a traballar os tres niveis básicos facilitadores de calquera hábito ou comportamento: información, actitudes e crenzas e comportamento. Os obxectivos básicos que se perseguen son: facilitar a toma de decisións na área afectivo-sexual dos adolescentes, previr embarazos non desexados e doenzas de transmisión sexual.

Funcionan mellor os planes globais, con alta implicación de profesores e alumnos e programados ao longo de varios cursos escolares.

Palabras chave: *Sexo seguro, educación para a saúde, embarazo, ETS, Obradoiros para adolescentes.*

ABSTRACT

Safer sex workshops are a strategy based upon education for health and they aim at work three basic levels to facilitate any habit or behaviour: information, attitudes and beliefs, and conduct. Basic objectives pursued are: facilitating the decision making, preventing unintended pregnancy, and preventing sexual transmitted diseases.

Global plans with high degree of implication from teachers and students, and with multiyear programs are widely accepted to be more effective.

Key words: *Safer sex; education for health; pregnancy; STD; teenager Workshops.*

Xustificación

A educación para a saúde é un proceso planificado e sistemático de comunicación e de ensino-aprendizaxe orientado a facilitar a adquisición, elección e manutención das prácticas saudábeis e a facer menos probábeis as prácticas de risco.

Entre os diferentes problemas de saúde asociados ás condutas sexuais de risco, a infección polos virus da hepatite B, C e a inmunodeficiencia humana –VIH- constitúen unha das fontes máis importantes de morbilidade na poboación adolescente.

Os últimos datos recollidos polo Plan Nacional sobre SIDA indican, da análise do ano 2003, que se diagnosticaron en España 2.126 novos casos de SIDA, o que xa supón un descenso do 5,5% respecto do ano anterior, e que desde hai dez anos en España se detectou un descenso de máis do 70%. Os datos da nosa Comunidade Autónoma indican (ano 2007) un rexistro de 3.667 casos de SIDA desde que, en 1984, se detectou o primeiro caso en Galicia e 87 deles foron diagnosticados en 2007.

Na Coruña temos, 783 (69.5%) casos de SIDA por UDVP (usuarios de drogas vía parenteral) e 175 (15.5%) de transmisión heterosexual, tomando como referencia os casos acumulados a 31 de decembro de 2000.

Ademais tamén se aprecia, desde hai varios anos, "un cambio de patrón epidemiolóxico", pasando a ser as relacións sexuais a vía máis frecuente de transmisión, en lugar do contaxio en usuarios de drogas por vía parenteral.

A partir de 1995, como froito das medidas de prevención que se poñen en marcha (redución de danos en condutas de inxección e sexuais non protexidas) comeza un descenso significativo nesta taxa. Nos últimos cinco anos o descenso total supón unha diminución do 64%.

A vía de transmisión máis frecuente de novos casos continúa a ser compartir material de inxección para a administración de drogas (56%). En segundo lugar estaría a transmisión por relacións heterosexuais non protexidas, cun 22%. Neste último grupo adquiren especial relevancia as mulleres, que representan o 39% dos casos. A análise da evolución de casos acumulados, por categorías de transmisión indica que a porcentaxe dos casos atribuídos a transmisión heterosexual aumenta e que é a única categoría na que non diminúen os casos novos. Ao igual que no resto do Estado Español, a vía de contaxio heterosexual aumenta, pero en Galicia é maior a transmisión sexual que o resto de vías de contaxio da infección.

Durante 2007 detectáronse na Coruña 28 novos casos, en Vigo 19 e en Pontevedra 12.

Os datos respecto ao VIH son alentadores, ademais a existencia de fármacos máis eficaces e mellor tolerados colabora en controlar o contaxio e a calidade de vida dos afectados. O maior risco actual é a falta de percepción de risco de persoas que realizan habitualmente comportamentos de risco (fundamentalmente as relacións sexuais consentidas). A Unidade de SIDA do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña alertou da elevada porcentaxe

(28,5% en 2007) de infectados por VIH que, a pesar de ter realizado algunha conduta de risco, nunca fixeran unha analítica. Unha cifra que ascende ao 40% no conxunto do país.

A estes datos sobre a infección por VIH hai que engadir o incremento entre a poboación adolescente de embarazos non desexados e interrupcións de embarazo. Segundo os datos de que dispón a Sociedade Galega de Contracepción (SOGAC), o 7% das interrupcións voluntarias do embarazo son reincidentes e o 80% dos xóvens admiten que na súa primeira relación coital non usaron ningún método anticonceptivo.

http://www.msc.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/embarazo/tablas_figuras.htm#Tabla%202

Os valores sociais e, por conseguinte, os hábitos sexuais mudaron moito nos últimos anos, porén, aínda que hai máis liberdade e desinhibición para manter relacións sexuais a información e as actitudes na esfera afectivo-sexual evolucionaron moi pouco.

Os “Obradoiros de Sexo máis Seguro” fundaméntanse no modelo teórico da Educación para a Saúde, que utiliza a promoción da saúde como estratexia básica para que os individuos, os grupos e a comunidade melloren o seu control sobre os determinantes persoais e ambientais da súa propia saúde. Os programas de prevención do VIH e de aprendizaxe-adestramento afectivo-sexual deben orientarse non só a transmitir información senón a modificar actitudes e comportamentos.

O obxectivo principal da Educación para a Saúde é facilitar nos individuos cambios de conduta de forma voluntaria, que sexan coherentes e reforzados polo seu entorno. Nos Obradoiros de Sexo máis Seguro infórmase e proporciónanse medios prácticos para o cambio de conduta, axudando a que os individuos desenvolvan destrezas e habilidades preventivas para funcionar nos seus contornos reais.

Obxectivos

Obxectivos xerais dos obradoiros

- A) Incrementar o nivel de saúde sexual da poboación adolescente para que teñan recursos propios para elaborar e controlar o seu impulso sexual conforme a unha ética persoal e social.
- B) Aumentar o control e a planificación das relacións íntimas.
- C) Diminuír o risco de ETS e SIDA.
- D) Previr embarazos non desexados e as súas consecuencias negativas.

Obxectivos básicos

- A) Información básica sobre sexualidade e prevención, confrontar mitos, falacias e tabús que favorecen a adopción de condutas de risco.
- B) Incrementar a percepción de risco con respecto á transmisión sexual do VIH e outras ETS, así como respecto a embarazos non desexados.

- C) Fomentar o desenvolvemento de actitudes sexuais positivas e saudábeis.
- D) Favorecer a anticipación e planificación das potenciais situacións sexuais de risco.
- E) Aumentar as habilidades de comunicación e negociación: para conseguir e utilizar medidas preventivas (uso) e para non se deixar inducir por propostas de condutas de risco (rexeitamento).

Actividades que se realizan para cada obxectivo.

- Contacto con Institutos e colexios da área de A Coruña.
- Planificación e cronograma dos Obradoiros. Coordinación con orientadores e/ou tutores.
- Coñecemento da poboación-obxectivo dos Obradoiros en relación á súa información, actitudes e comportamento en materia sexual e de prevención de doenzas a través da avaliación cun cuestionario previo ao grupo.
- Posta en marcha dos Obradoiros. O formato estándar descríbese a continuación:

Duración: 8 sesións de 50 minutos incluíndo a sesión de avaliación. A súa periodicidade será semanal.

Cada Obradoiro será levado por un monitor (psicólogo) e un colaborador/auxiliar para a dinamización do grupo.

O número de participantes por Obradoiro será dun máximo de 20 persoas, como número ideal, pero adáptase ao número de alumnos por clase. Non é recomendábel traballar con máis dunha clase á vez, polo ritmo e o número de alumnos.

Poboación destinataria: Alumnos dos cursos destinatarios dos Obradoiros, en xeral 3º de Eso e 4º de ESO. Neste sentido, destacamos o valor dunha actuación integral e globalizada no colexio-instituto, para comezar con sesións introductorias e de toma de contacto cos alumnos en 5º e 6º de primaria, de maneira que se traballa cos mesmos alumnos, a diferentes niveis, segundo avanza os cursos.

Metodoloxía dos Obradoiros: traballo sobre supostos prácticos, técnicas de implicación e cambio de actitudes, role-playing, traballo en grupos.

Contidos estándar

A. En educación primaria:

- Nocións básicas sobre sexualidade, anatomía e fisioloxía ligada a zonas de pracer e sexualidade.
- Especificidades no desenvolvemento sexual de rapaces e rapazas.

B. En educación secundaria e bacharelato:

- Métodos Anticonceptivos.

- Fisioloxía da Resposta Sexual Humana.
- VIH e outras doenzas de transmisión sexual.
- Preservativo: Utilización, custes e resistencias para o seu uso.
- Formas de relación sexual. Comportamentos sexuais de baixo e alto risco. Alternativas para reducir riscos. Petting.
- Percepción de risco e vulnerabilidade.
- Habilidades para negociar relacións sexuais de baixo risco. Habilidades de aceptación e rexeitamento de novas relacións.

Criterios e modelos deseñados para a avaliación dos resultados

Avaliación de Proceso

Teranse en conta:

- Se o Obradoiro se implementou como se planificara.
- A opinión dos usuarios participantes sobre o Obradoiro.

A través da observación, feedback e gravación de sesións, cuestionario de avaliación a participantes.

Avaliación de Resultados

Avaliación de coñecementos, actitudes e información nas dos poboacións e das súas diferenzas.

Avaliación de cambios en información, actitudes e comportamentos antes e despois da participación nos Obradoiros.

Realízanse a través de autoinformes e entrevistas, conforme a proposta de avaliación do Programa de Formación para a Prevención dos problemas de saúde asociados ao consumo de drogas

- Escala de custes/beneficios do preservativo.
- Escala de coñecementos.
- Escala de conduta sexual.
- Escala de avaliación de proceso dos Obradoiros.

Conclusiones

Intervencións integrais e globais ao longo da escolarización, con seguimento e apoio de profesorado e orientadores escolares.

Bibliografía

Insúa P. (1999). *Manual de educación sanitaria. Programa de formación de formadores para la prevención*. Madrid: Delegación del Gobierno para el PNSD.

INTERVENCIÓN FAMILIAR CON ADOLESCENTES EN SITUACIONES MULTIPROBLEMÁTICAS



Laura Ageitos Miragaya

Centro LOGPSIC. www.centrologpsic.com

RESUMO

Actualmente, a demanda terapéutica das familias con fillos adolescentes, en contextos públicos e privados, pretende mellorar a actitude, o comportamento e/ou a sintomatoloxía do adolescente. Aprofundando na situación que leva ao fillo a reaccionar dunha ou outra forma, podemos encontrar, unha dificultade relevante nos pais para manter o seu status no rol familiar.

Algunhas dificultades frecuentes na práctica clínica son: marcar límites de maneira adaptativa, manter o rol de proxenitores, cumprir as pautas que propoñen, controlar as súas propias emocións, mostrar unha actitude coherente que sirva de modelo, afrontar e solucionar problemas de forma efectiva. O anterior pode repercutir nos fillos destes pais, pois non saberán a que atermos e tenderán a sobrepasar límites, incumplir normas de convivencia e ter dificultades para tolerar a frustración e facer fronte aos problemas.

Nesta exposición exploraremos a necesidade de aprofundar e intervir na relación familiar mediante distintos casos clínicos.

Palabras-chave: intervención- familia- adolescencia -pautas casos

ABSTRACT

At present, the therapeutical demand of families with adolescents childs, in public and private contexts, tries to improve adolescents attitudes, behaviors and/or symptoms. Profounding in the situation that makes the child react on different way, we can find usually, an outstanding difficulty in parents to keep their function in the familiar status.

Some common difficulties in the clinical practice are: establishing limits on an adequate way, keeping parents function, fulfilling the rules proposed, managing their own emotions, showing a coherent attitude wich operates as model to confront and to solve problems on an effective way. Previous can rebounds in this parent's childs because they won't know where one stands and they will use to exceed the limits, they will try to break coexistence rules, they will have difficulties to tolerate the frustration and facing up problems.

In this exposition will be explored the neccesity to profound and to operate on the familiar relationship by means of different clinical patients.

Key words: intervention- family- adolescence- rules- patients

Introdución

Segundo a OMS a etapa puberal ten o seu inicio entre os 12 ou 13 anos. Nesta etapa danse multitude de cambios hormonais(www.who.int/child_adolescent_health).

O seguinte período, a adolescencia, esténdese entre os 11 e 19 anos, podendo variar en función das diferenzas individuais e do xénero, considerándose como idade de inicio en mulleres entre os 11 e 14 anos e en homes entre os 12 e 13 anos (es.wikipedia.org).

Nesta etapa, prodúcese cambios que van afectar ao adolescente en todos os ámbitos da súa vida e que xerarán unha crise a nivel de desenvolvemento. (es.wikipedia.org)

En función de diversos factores, como as figuras de referencia e os recursos propios, por exemplo, o adolescente superará esta etapa de maneira máis ou menos efectiva. Pero o relevante é que esta fase determinará en grande medida a súa calidade de vida e a consecución de obxectivos e expectativas que estableza para si mesmo.

Alteracións sufridas no adolescente.

As variacións que vai presentar o adolescente nesta etapa van requirir solventar unha serie de tarefas evolutivas, entre as que destacan:

- Aceptar cambios da puberdade
- Desenvolver o pensamento abstracto e formal
- Identificarse co seu grupo de iguais, establecendo e consolidando amizades con vínculos afectivos
- Establecer a identidade nos ámbitos psicolóxicos afectivos e sexuais (preocupación polo atractivo físico).
- Acadar unha autonomía mediante a autoafirmación
- Conseguir obxectivos cognitivos e vocacionais centrados no presente inmediato (poucas expectativas de futuro).
- Controlar os períodos inestábeis (depresivos, impulsivos, por exemplo).
- Expresar necesidades persoais e grupais

Características e factores de risco na adolescencia: Repercusións na relación familiar

Este período de cambios pode vir acompañado dunha serie de elementos que poden variar segundo diferenciais individuais e en función do contexto no que viva o menor. Neste

sentido, a familia vai ter un papel fundamental á hora de modelar e modular o funcionamento do adolescente.

Algúñas actitudes e comportamentos que pode presentar o adolescente nesta etapa son:
(es.wikipedia.org)

- Rexeitamento ás normas de convivencia
- Dificultade para respectar límites
- Fugas
- Absentismo escolar e/ou baixo rendemento
- Reafirmación de independencia
- Reaccións impulsivas e/ou violentas
- Condutas delictivas e/ou agresivas
- Comportamentos autodestrutivos
- Baixa ou nula tolerancia á frustración coa conseguinte
- conduta reactiva e en ocasións desproporcionada.

Algúns factores de risco son (www.gobiernodecanarias.org/sanidad/scs/su_salud):

- Consumo de drogas: tabaco, alcol,..
- Sexuais: Embarazo, VIH
- Condución imprudente
- Transtornos da conduta alimentar
- Malnutrición
- Diabetes
- Hipertensión
- Outras doenzas (cancro, tuberculose...)
- Busca de sensacións
- Illamento
- Depresión
- Ideación e tentativas suicidas
- Condutas agresivas
- Busca dunha identidade.
- Reafirmación da independencia. Rexeitamento dos límites que
- intentan establecer as figuras de autoridade
- Humor variábel
- Inestabilidade emocional

- Déficit de recursos para afrontar a realidade: posibilidade de involucrarse en comunas, seitas, ...
- Suicidio

Os factores mencionados anteriormente poden xerar alteracións no funcionamento e equilibrio familiar alén de resultar difíciles de entender e controlar por parte dos pais.

Así, por exemplo, os intentos de comportamento autónomo do adolescente e a necesidade de forxar a súa propia identidade poden interferir coas expectativas paternas, o que pode derivar nos primeiros conflitos pais-fillos.

É relativamente frecuente que os límites propostos sexan transgredidos xa que desde o punto de vista do adolescente poden carecer de lóxica algunha.

Se ao comentado neste punto, engadimos as características que definen a adolescencia así como os factores de risco propios desta etapa, a sensación de alerta dos pais pode magnificarse significativamente xerando unha tensión no fogar que pode potenciar a aparición de novas discusións na familia.

Por exemplo, a intolerancia á demora da gratificación, a inestabilidade emocional e a case inexistente perspectiva dun futuro que non sexa a curto prazo farán que o adolescente non prevea consecuencias e até farán que sexa xulgado como irresponsábel aos ollos dos adultos.

Dificultades de pais con fillos adolescentes

Os pais, á hora de controlar e abordar moitas das situacións que van xurdir na relación co seu fillo poden asaltarlles moitas dúbidas, verse desbordados e necesitar axuda.

Algunhas das dificultades que nos transmiten os pais en consulta son:

- Déficit de recursos para adaptarse a necesidades específicas dos seus fillos
- Falta de información sobre o período evolutivo en cuestión
- Tendencia a personalizar as actitudes e comportamentos dos fillos. Ex. “Tómame o pelo”, “crese que o sabe todo”
- Dificultades para controlar a relación. Aumento de conflitos e discusións.
- Dificultade para establecer e transmitir límites claros na familia. “sobre control” ausencia de control,..
- “Relacións” emocionais: Contaxio, evitación, sobreimplicación,...
- Incoherencia no cumprimento de normas.

- Tendencia a establecer ultimátums a partir dun conflito e a sensación de impotencia para lograr a consecución das expectativas con respecto aos seus fillo
- Permitir e tolerar a independencia do fillo.

En definitiva, dificultades para asumir o rol de proxenitores

Dificultades propias dos adultos

Nalgúns casos as dificultades van máis alá e teñen que ver cos propios pais. Expoñemos algunhas destas a continuación:

- Pouca maturidade emocional.
- Expresión emocional pobre ou desadaptativa
- Déficit de recursos para afrontar problemas puntuais e/ou cotiáns
- Inestabilidade emocional
- Dificultade para modular as emocións
- Comunicar con claridade e serenidade

Casos clínicos: familias cun fillo adolescente

Introdución

Normalmente acode a familia derivada por un organismo público ou a nivel privado. O adolescente tamén acode, xeralmente obrigado.

As demandas nun principio acostuman centrarse en comportamentos, actitudes ou síntomas do adolescente. Pero a medida que aprofundamos acostumamos encontrar aspectos susceptíbeis de intervención noutros membros da familia.

Caso: “O adolescente que vomita”

Familia formada por tres membros: nai e pai de acolida e fillo de 16 anos. A demanda principal dos pais é conseguir que o seu fillo deixe de vomitar case a diario e temen que estea afectado dun trastorno de alimentación.

A nai comenta ademais, dificultades para que o fillo cumpra as expectativas que ela lle transmite (que o fillo obteña resultados académicos que lle permitan acceder a unha formación superior e que colabore nas tarefas do fogar).

O pai reconece un nivel alto de esixencia da súa muller cara o fillo pero cando presencia a atitude imperativa e excesiva desta, deféndea e intenta que o fillo lle faga caso á súa nai. A soas co seu fillo intenta xustificar á nai aínda que reconece que as demandas son excesivas.

O fillo sente un alto nivel de tensión no fogar pola actitude esixente da súa nai. Comenta que a súa nai lle pide uns niveis de perfeccionismo extremos e que os enfados da nai son impredecíbeis e os castigos en ocasións, desproporcionados. Unha das formas nas que reacciona súa nai cando se enfada é non falando a ninguén da casa durante días aínda que lle pregunte que é o que lle pasa, xa que moitas veces non sabe o motivo.

O anterior, faille sentirse castigado e non saber a que se ater. Ao preguntarlle ao fillo polos vómitos di que non pode evitalo, que non sabe identificar o motivo, que o único que nota antes é unha dor abdominal.

Cando o fillo vomita, a nai enfádase porque personaliza os vómitos centrándose en que o fillo non valora o esforzo que ela fai para cociñar e habitualmente transmítelle que cando sexa maior de idade “pode irse se quere”, que ela o entendería porque non é súa nai.

O seu fillo desgástase en explicarlle que el quere estar con eles pero ela insiste no mesmo. Este é un aspecto que manifesta reiteradamente a nai en distintas situacións pero sen amosar ese temor, senón afirmacións e respostas á defensiva do tipo: “Cando sexas maior podes marchar en canto queiras!”

Intervención familiar. Problemas

- -Dificultades do fillo para sobrelevar a tensión familiar e as situacións que lle xeran ansiedade.
- -Dificultades da nai para transmitir e controlar emocións e entender actitudes e comportamentos do fillo.
- -Excesiva rixidez nas normas de convivencia por parte da nai e dificultades para establecer límites adaptativos co fillo.
- -Expectativas pouco realistas na consecución de obxectivos do seu fillo e nas que se sente constantemente decepcionada porque este non as consegue por ser inviábeis.
- -Dificultades de asertividade do pai.
- -Inseguridade da nai. Ante a situación de acollida, teme que o seu fillo ao cumprir a maioría de idade, decida independizarse e marchar da casa.
- -Dificultades da nai para asumir a parte de responsabilidade no tratamento (deixa de acudir á sesión no momento que remiten os vómitos do seu fillo).

Obxectivos terapéuticos

- Conseguir extinguir os vómitos do fillo (descartando previamente doenzas orgánicas).
- Reducir a tensión no fogar.
- Facilitar a expresión de sentimentos da familia.
- Facilitar a todos os membros da familia pautas específicas e personalizadas para adaptarse á convivencia familiar.
- Revisar co fillo os obxectivos académicos e de futuro e motivalo para que colabore activamente no proceso de estudo.
- Dotar ao fillo de recursos para despersonalizar as actitudes da nai cara el.

Resultados

Á sexta sesión, a nai deixa de acudir por considerar o problema (vómitos) solucionado. O pai e o fillo seguen acudindo durante tres sesións máis e a comunicación entre ambos vólvese máis fluída.

O fillo relata que se deu conta das dificultades persoais que ten a súa nai, e aínda que ás veces lle afectan, toléraas mellor porque agora enténdelas e sabe que el non é o culpábel do seu malestar.

Consegue centrarse nos estudos e aproba o exame de acceso cunha nota que lle permite ser apto para os estudos que lle gustan.

Responde mellor ás demandas domésticas, á actitude na casa e é capaz de transmitir as súas emocións e o que lle afecta con maior fluidez, excepto coa súa nai.

A tensión que perciben na nai segue sendo alta pero mellora a comunicación entre pai e fillo significativamente.

Conclusións

A influencia do entorno familiar pode xogar un papel decisivo no desenvolvemento psicolóxico e emocional do adolescente.

A ausencia de responsabilidades compartidas pode xerar dificultades no adolescente que se poden prolongar á idade adulta interferindo na súa capacidade para establecer límites impersoais de maneira adecuada.

A necesidade de intervención familiar que facilite á familia recursos ante os adolescentes pode ser un factor protector determinante da saúde mental do adolescente.

A necesidade de atender a todo o contexto do adolescente, sen centrarse exclusivamente nos síntomas, permite ao profesional facer un tratamento máis completo e con maior probabilidade de efectividade.


Bibliografía

www.who.int/child_adolescent_health

es.wikipedia.org

www.gobiernodecanarias.org/sanidad/scs/su_salud

AVALIACIÓN E INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA CON MENORES INFRACTORES



Gracia Parguiña Fernández

Psicóloga del Equipo Técnico de Fiscalía y Juzgado de Menores de A Coruña

Correspondencia: correo electrónico: gparguina@correo.cop.es

RESUMO

O psicólogo forma parte do Equipo Técnico do Xulgado de Menores conxuntamente con Educador e Traballador Social. Depende funcionalmente do Fiscal e do Xuíz de Menores, aos que asesora. Intervén con xóvens presumibelmente infractores, avaliando cada caso, plantexando posíbeis medidas educativas-sancionadoras, realiza actos de conciliación e reparación como medidas extra-xudiciais e leva a cabo un seguimento do xóven.

Palabras chave: Xóvens infractores, medida educativa, mediación, conciliación, reparación.

ABSTRACT

The Psychologist is part of the Technical Team of the Juvenile Court in conjunction with Educators and social workers. Depends functionally to the Prosecutor and the Judge of Minors, which advises. Intervenes with young offenders, assessing each case, raising educational-punitive measures, performs acts of conciliation and repair extra-judicial actions and conducts the following of the young.

Key words: Young offenders, educational measure, mediation, conciliation, reparation.

A miña intervención estará centrada na actuación dentro dun Equipo Técnico do Xulgado de Menores, de A Coruña, onde existen dous equipos cunha mesma liña de funcionamento.

As funcións dos Equipos Técnicos dos Xulgados de Menores baséanse fundamentalmente en:

- 1) Lei 5/2000 de Responsabilidade Penal dos Menores
- 2) Real Decreto 1774/2004 de Regulamento da Lei Orgánica 5/2000
- 3) Lei Orgánica 8/2006 pola que se modifica a Lei Orgánica 5/2000

Esta Lei considera que no procedemento e medidas ha de primar o superior interese do menor , sen esquecer o interese da vítima, ou prexudicado. Outro principio que se vai ter en conta en toda intervención vai ser o de desxudicialización e intervención xudicial mínima . O xóven debe ser valorado con criterios técnicos e non formalistas por Equipos de Profesionais Especializados no ámbito das ciencias non xurídicas.

A poboación sobre a que actúan son os Menores Infractores ou sobre os que exista indicios fundados de que o sexan, entre 14 e 18 anos de idade.

Composición

Os Equipos Técnicos están formados por Psicólogo, Educador e Traballador Social.

Dependencia

- Orgánica da Comunidade Autónoma.
- Funcional: Da Fiscalía de Menores e do Xulgado de Menores.

Funcións

- A atención ao menor desde o momento en que é incoado o expediente polo Fiscal de Menores.
- A elaboración dun informe sobre as circunstancias persoais, familiares, educativas, psicolóxicas e sociais dos menores, e sobre outras circunstancias relevantes a efectos de adoptar algunha das medidas previstas na Lei.
- Poderá propor unha intervención socio-educativa sobre o menor.(Proposta de medida sancionadora-educativa)
- No establecemento de medidas cautelares en casos graves, con grande repercusión e alarme social, risco de eludir ou obstruír a acción da Xustiza, intervirá na comparecencia propoñendo medida, conxuntamente co Ministerio Fiscal, Entidade Pública, e letrados.
- Na asistencia á audiencia , ratificando ou modificando a medida solicitada, en caso de que existan novas circunstancias que así o aconsallaren.

- Informa sobre a posibilidade da realización dunha actividade reparadora ou de conciliación coa vítima, indicando expresamente o contido e a finalidade da mencionada actividade. (Mediación entre menor e vítima ou prexudicado,)

- Tamén poderá propor a non continuación da tramitación dun expediente, en interese do menor, por ter sido suficientemente reprobado a través dos trámites xa practicados ou por considerar inadecuado para o interese do menor calquera intervención dado o tempo transcorrido.

- En casos de quebrantamentos e de modificación de medidas é ouvido o Equipo Técnico, conxuntamente co Ministerio Fiscal, Entidade Pública, defensas, aconsellando deixar sen efecto, substituír, ou modificar a medida imposta inicialmente.

- Asesoramento e consultoría ao Xulgado de Menores e á Fiscalía.

En xeral, asesora e propón medida sancionadora a impor ao xóven, duración e tipo de sanción.

Pasos no expediente dun menor infractor

- Denuncia á policía
- Remisión á Fiscalía de Menores
- Abertura de expediente
- Entrevistas e recollida de datos relevantes para a realización do Informe do Equipo Técnico
- Escrito de alegacións do Fiscal de Menores
- Remisión a Xulgado de Menores de escrito de alegacións conxuntamente co Informe do Equipo Técnico
- Remisión ao avogado defensor
- Marcación e celebración da audiencia
- Sentenza
- Comunicación de sentenza á Comunidade Autónoma para a redación do programa de execución
- Aprobación do programa de execución polo Xuíz e liquidación
- Inicio da medida.
- Comunicación do fin da medida
- Auto de arquivo

Posibilidades de actuación do Equipo Técnico

Unha vez establecida polo Fiscal a presunción da comisión:

1. **Elaborar o informe**, con todas as circunstancias persoais, familiares, educativas, psicolóxicas e sociais que puideran explicar a conduta do xóven e **propor unha medida educativa-sancionadora** adecuada , informe que se eleva ao Ministerio Fiscal, e que se fai chegar ao Xuíz, para que poida emitir unha sentenza cunha medida sancionadora adaptada ás circunstancias. Este informe non é vinculante para o Fiscal, nin obriga ao Xuíz.

2. Establecer un **proceso extraxudicial de mediación** e proposición dun procedemento de **conciliación e/ou reparación** ao Ministerio Fiscal , que pode dar lugar á non incoación ou descumprimento do expediente.

3. Propor a **non continuación do expediente** por ter sido suficientemente sancionado o xóven, ou ben debido ao tempo transcorrido.

Elaboración do informe con obxecto de proposición de medida educativa-sancionadora

O Equipo Técnico realiza unha actuación interdisciplinar, interrelacionando contidos e métodos dos diferentes profesionais, Psicólogo, educador e Traballador Social.

A visión do xóven ha de ser global, abordando cada profesional a realidade do xóven desde o seu ángulo profesional, e integrándoa despois nunha visión de síntese, con obxecto de elaborar unha proposta de medida , planificándoa e realizando posteriormente un seguimento do seu cumprimento.

O prazo de entrega para o informe establece a Lei que debería ser de 10 días para os casos ordinarios e non superior a un mes para os casos de especial dificultade. Este prazo debido ao grande incremento de denuncias no noso Xulgado (máis de 500, e realización de máis de 800 informes en 2008) non é posíbel cumprilo.

A primeira actuación do Equipo consiste en ler o expediente do infractor, onde constan a denuncia, declaracións de prexudicados, partes médicos, valoración de danos, entre outros, e pasar a realizar unha primeira entrevista tanto co xóven coma coa súa familia. Hai que ter en conta que o xóven acode obrigado ás entrevistas, polo que hai que contar con reticencia inicial pola súa parte.

A maior parte deles acode unicamente cun familiar, debido á alta incidencia de familias monoparentais nos xóvens infractores, ou ben por non poder asistir ambos por razóns de traballo. Soamente nun baixo número asisten ambos.

Na/s entrevista/s recádanse datos sobre as circunstancias persoais, familiares, educativas, psicolóxicas e sociais que poidan axudar a explicar a conduta do xóven.

É habitual que sexa necesario solicitar datos de outros servizos, como do centro educativo, Servizos Sociais, Centros de Saúde Mental e outros .

O **psicólogo** céntrase nos aspectos psicolóxicos da conduta, valorando os aspectos como o desenvolvemento madurativo, personalidade, nivel intelectual, socialización, adaptación condutual, entre outros.

- Utiliza un tipo de entrevista semiestructurada, que permite unha maior flexibilidade.
- Realiza un exame do Estado mental do xoven, tendo en conta aspectos como a presentación, aspecto físico, conduta expresada, relación co entrevistador, sentimentos e emocións, estado de ánimo predominante, percepción, pensamento.
- Un historial persoal, con antecedentes persoais e familiares, curva vital, infancia, escolaridade, historial de delincuencia se procede (en menores reincidentes), historia de consumo de substancias, de existir, aspectos cognitivos como a visión do xoven sobre a súa propia situación, atribución causal, locus de control, expectativas, capacidade intelectual. Aspectos de personalidade, como conduta durante a entrevista, motivacións e actitudes. Psicopatoloxía se existen datos, tratamentos. Motivación: Motivación cara o cambio, simulación, coherencia no relato, coñecemento do xoven sobre a relevancia da súa situación no proceso legal.
- Se se considera necesario, aplicaranse algunhas probas psicolóxicas ou ben remitiranse a servizos, xeralmente unidades de Saúde Mental onde poidan ser avaliados e iniciar un tratamento, en casos de certa gravidade.

En base aos datos obtidos plantexará os obxectivos a conseguir na área psicolóxica, axustándoos á situación persoal do menor. Orientará tamén sobre as estratexias a seguir en aspectos psicosociais e liñas de intervención xa sexa en medidas de medio aberto coma institucionais.

Algunhas das probas que se utilizan na exploración de nivel de intelixencia e personalidade dos xóvens son o K-BIT, WISC-R, WAIS III, Factor G, HSPQ, MACI, MMPI-A, Escala Hare de cualificación da psicopatía, entre outras. Non existen instrumentos específicos para a nosa actuación nin protocolos estandarizados.

As **alteracións psíquicas principais** que podemos encontrar entre os xóvens son o Atraso Mental, Transtornos de conduta, o Transtorno por déficit de Atención con Hiperactividade, os Transtornos de Aprendizaxe, Transtornos por consumo de substancias, o Transtorno Negativista Desafiante, e o Transtorno Disocial. Certo número de casos de Transtornos da Inxestión Alimentaria. E, en moi escaso número, outros transtornos como os procesos esquizofrénicos.

A miúdo comprobamos casos de Transtorno por déficit de Atención con Hiperactividade na infancia e con posterior desenvolvemento dun Transtorno Disocial na adolescencia. A maior parte non acoden a ningún lugar de tratamento por non aceptalo.

Observamos que unha alta porcentaxe de xóvens non presenta alteracións relevantes de personalidade nin de intelixencia, e o perfil dos xóvens infractores vai variando, xa que na actualidade se incrementou enormemente o número con delitos relacionados coa seguridade vial, os casos de asedio escolar, lesións, ocasionados moi a miúdo por xóvens sen excesiva problemática na súa personalidade establecéndose outro tipo de causas para explicar a súa problemática.

Medidas previstas na Lei para xóvens infractores:

- Internamento en réxime pechado
- Internamento en réxime semiaberto
- Internamento en réxime aberto
- Internamento terapéutico en réxime pechado, semiaberto ou aberto
- Tratamento ambulatorio
- Asistencia a un centro de día.
- Permanencia de fin de semana
- Liberdade vixiada
- Prohibición de aproximarse ou comunicarse coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o Xuíz
- Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo
- Prestacións en beneficio da comunidade
- Realización de Tarefas socioeducativas
- Amoestación
- Privación do permiso de conducir ciclomotores e vehículos a motor ou do dereito a obtelo, ou das licenzas administrativas para caza ou para uso de calquera tipo de armas.
- Inhabilitación absoluta.

Procesos extraxudiciais. actividade mediadora: conciliación e reparación

Os procesos de **mediación** están previstos aplicando o principio de intervención mínima para casos de faltas e delitos de carácter menos grave.

Pódense aplicar nos seguintes feitos: todo tipo de Faltas e en Delitos de roubo, roubo con forza, furto, furto de uso, danos, ameazas, coaccións, lesións (de pouca gravidade), violencia familiar e agresión sexual.

Esta mediación lévaa a cabo o Equipo Técnico. O ofensor e o prexudicado chegan a un acordo e despois do cumprimento do menor, o conflito xurídico acaba.

Na **conciliación** o menor debe arrepentirse do dano causado e estar disposto a desculparse, recibindo a vítima unha satisfacción psicolóxica. Acaba o proceso cando o xóven expón a súa petición de desculpas e o prexudicado as acepta e o perdoo.

Na **reparación** ademais de pedir desculpas, o menor realiza algunha acción de reparación do dano causado, ben sexa en tarefas a favor da comunidade ou ben en accións cuxo beneficiario sexa o prexudicado.

O Equipo Técnico asume directamente e xestiona un acordo con entidades ás que acudirán os menores nos casos de reparación, o que permite unha grande axilidade temporal. A práctica totalidade destes casos resólvense no prazo dun mes, ou até nuns días.

En xeral acostuman ser conflitos que xeraron alarme social debido á difusión polos medios de comunicación, tales como asedio escolar, vandalismo, violencia familiar, danos ao mobiliario público, etc. Están sendo tratados con éxito un certo número de casos de violencia familiar. Outro grande grupo que se acaba de incorporar son os delitos de tráfico, desde a modificación da lexislación de seguridade vial.

Arredor dun **20%** dos expedientes incoados no ano 2007 e 2008 na Fiscalía de Menores de A Coruña foron abordados con **medidas extraxudiciais**. No ano 2008 unha porcentaxe semellante, levemente incrementada.

Destes casos, un 95% non voltaron reincidir e só fracasaron o 5% dos intentos.


As **vantaxes** destes procedementos extraxudiciais son, entre outras:

A axilidade dos trámites legais, permitindo unha intervención próxima no tempo entre a comisión do feito e a súa solución, reforzando a capacidade educativa da intervención, ao manter unha relación directa entre delicto e prestación, permitindo unha reflexión do menor, interiorización, adquisición da capacidade de empatía, poñéndose no lugar do afectado, e asumindo a responsabilidade dos actos.

Bibliografía

- DSM –IV-TR (2002). *Manual diagnóstico y estadístico de los Trastornos mentales. 1ª ed.* Barcelona: Masson.
- Equipo Técnico del Juzgado de Menores de A Coruña. (2002). Memoria año 2002.
- Fiscalía Superior en el Parlamento de Galicia. (2007). Memoria correspondiente al año 2007.
- Hernández Sánchez, J.A. (1996). *A peritaxe psicolóxica no dereito penal*. Santiago de Compostela : Colegio Oficial de Psicólogos de Galicia.
- Hernández Sánchez, J.A. (2009). *Evaluación psicológica Forense*. Master de Valoración de Discapacidades y Daño Corporal. 6ª Edición. A Coruña: Universidade da Coruña.
- Ley Orgánica 5/2000 de 12 de enero *Reguladora de la Responsabilidad Penal de los Menores* . B.O.E. de 13 enero de 2000.
- Ley Orgánica 8/2006 de 4 de diciembre . Modificación de la Ley orgánica 5/2000 del 12 de enero *Reguladora de la Responsabilidad Penal de los Menores*. B.O.E. 5 de diciembre de 2006
- Real Decreto 1774/2004 de 30 de julio. Reglamento de la Ley Orgánica 5/200 . BO.E. 30 de agosto de 2004.
- Rodríguez C, Avila A. (1999). Evaluación, psicopatología y tratamiento en Psicología Forense. Retos Jurídicos en las Ciencias Sociales núm.10. Madrid: Fundación Universidad-Empresa;
- Fariña y otros. (2005) *Psicología Jurídica del Menor y de la Familia*. Santiago de Compostela: Conselleria de Xustiza, Interior e Administración Local.
- Urra J, Clemente M. (1997) .*Psicología Jurídica del Menor*. Retos jurídicos en las Ciencias Sociales, núm. 1. Madrid: Fundación Universidad-Empresa.

EXPERIENCIA NA ABORDAXE GRUPAL DO TRANSTORNO DE PERSONALIDADE LÍMITE BASEADO NA TERAPIA DIALÉCTICO-CONDUTUAL



Eva Lago Blanco

Maria Acuña Gelabert

Andrea Vilavedra Vaamonde

Carmen Bermúdez de la Puente Andión,

Psicólogas Internas Residentes. Hospital Universitario Son Dureta.

Palma de Mallorca

Noelia Marín Sánchez

Psicóloga clínica. Hospital Universitario Son Dureta. Palma de

Mallorca.

Olga Ibarra Uría

Psiquiatra. Hospital Universitario Son Dureta. Palma de Mallorca.

RESUMO

O transtorno de personalidade Límite (TPL) é un patrón de funcionamento desadaptativo xeneralizado, que se define por inestabilidade na afectividade, o comportamento, as cognicións e as relacións interpersoais. Na actualidade, a Terapia Dialéctico-condutual de M.Lineham é a única que se mostrou como probablemente eficaz para o tratamento destes transtornos.

OBXECTIVO: describir a nosa experiencia no tratamento do TPL, avaliando os resultados obtidos nunha mostra de 5 pacientes diagnosticadas de TLP. A nosa hipótese inicial é que despois do tratamento, estas pacientes baixan as súas puntuacións en ansiedade, depresión e hostilidade, así como tamén diminuirán as súas visitas a urxencias e ingresos en psiquiatría.

MÉTODO: As pacientes con diagnóstico de TLP son derivadas ao Hospital de Día de Psiquiatría do H. Son Dureta, desde os distintos dispositivos de saúde mental da illa. Son avaliados inicialmente con fins clínicos e de investigación, e se se confirma o diagnóstico, son incorporados aos grupos de tratamento.

RESULTADOS: Hai indicios de melloría nas variábeis estipuladas, o que apunta á eficacia e eficiencia deste tipo de grupos de tratamento.

Palabras chave: *Transtorno límite da personalidade, terapia dialéctica-condutual, desregulación de emocións, teoría biosocial, dialéctica.*

ABSTRACT

Borderline Personality Disorder is a widespread pattern of maladjusted functioning, defined by instability in emotions, behavior, cognitions and interpersonal relationships. Nowadays, the Dialectic-behavioural Therapy of M. Linehan is the only one that has been shown to be probably effective for treating these disorders.

OBJECTIVE: To describe our experience in the treatment of the Borderline Personality Disorder, evaluating the results obtained in a sample of 5 diagnosed patients. Our initial hypothesis is that after the initial treatment, these patients lower their scores on anxiety, depression and hostility, as well as will diminish their visits to urgencies and income in psychiatry.

METHOD: Patients with TLP diagnosis are derived to Day Hospital of Psychiatry of the H. Son Dureta, from the different devices from mental health of the island. They are initially evaluated for clinical and research, and if the diagnosis is confirmed, they are incorporated into the treatment groups.

RESULTS: There are indications of improvement in the variables set, which points at the effectiveness and efficiency of this type of treatment groups.

Keys word: *Borderline Personality Disorder, Dialectic-behavioral Therapy, emotions's unregulation, biosocial theory, dialectic.*

Introdución

A día de hoxe non se coñece ningún tratamento psicolóxico que sexa eficaz para todos os transtornos da personalidade en xeral, nin para ningún dos seus tipos en particular. Porén, considérase un tratamento “probabelmente eficaz” a Terapia Dialéctica Condutual (TDC) de Marsha M. Linehan, deseñada especificamente para o tratamento do transtorno límite da personalidade (TLP) (Quiroga e Errasti, 2003).

Trátase dun tratamento cognitivo-condutual que combina a psicoterapia individual coa formación en habilidades psicosociais, que nestas pacientes se consideran deficitarias. As bases teóricas deste modelo son a teoría dialéctica e a teoría biosocial do TLP.

A teoría biosocial postula que o principal problema no TLP é a desregulación das emocións, que se debe á interacción de dous factores: certa disposición biolóxica e un ambiente invalidante.

As persoas con TLP teñen dificultades para regular moitas das súas emocións, debido a unha vulnerabilidade emocional (resposta moi intensa aos estímulos emocionais e retorno lento á calma) e ao uso de estratexias de modulación de emocións desadaptativas.

O ambiente invalidante caracterízase por unha tendencia a responder de forma inapropiada á experiencia privada da persoa.

Este ambiente invalidante, en interacción coa vulnerabilidade emocional, contribúe á desregulación das emocións.

A TDC consta de catro módulos de habilidades, que se corresponden cos síntomas que caracterizan ao TLP:

- Módulo de Habilidades básicas de consciencia: relaciónanse coa capacidade de experimentar e observarse conscientemente a un mesmo e ao mundo. Pretenden abordar os problemas de identidade do Eu e as alteracións cognitivas que adoitan aparecer en situacións estresantes (despersonalización, disociación).
- Módulo de habilidades de tolerancia ao malestar: ensínanse estratexias para sobrevivir aos momentos de crises, alternativas ás condutas impulsivas e parasuicidas.
- Módulo de habilidades de efectividade interpersoal: as relacións interpersoais no TLP son normalmente intensas e caóticas, e desde este módulo inténtanse ensinar habilidades interpersoais máis efectivas.
- Módulo de habilidades de regulación das emocións: abórdase o problema da labilidade emocional, ensinándose estratexias para un control emocional máis adaptativo.

O propósito do formato grupal é que ao finalizar o tratamento as pacientes adquiriran habilidades que lles permitan unha maior integración e adaptación persoal e social.

Obxectivos

A posta en marcha dun grupo de tratamento baseado na TDC obedece principalmente criterios asistenciais.

O noso propósito é puramente descritivo, dirixido a validar a eficacia da intervención grupal baseada na TDC para o tratamento dos transtornos límite de personalidade.

O obxectivo do presente estudo será comprobar a redución sintomatolóxica en variábeis de ansiedade, depresión e hostilidade, así como a diminución do nº de visitas a urxencias e de ingresos na planta de psiquiatría.

Metodoloxía

Participantes

Os pacientes que conforman a mostra inicial fan un total de 27 (26 mulleres e un home), cunha idade media de 31 anos. Todos os pacientes son derivados desde diversos dispositivos de saúde mental de Mallorca (Unidade de Transtornos da Conduta Alimentar, Unidades de saúde mental, Unidade de Hospitalización breve e Centros de atención a drogodependentes). Logo dunha avaliación inicial, compróbase que cumpren criterios de TLP segundo o DSM-IV-TR, están no momento de iniciar o tratamento abstinentes de calquera substancia, ou en tratamento polo consumo destas, e contan cun terapeuta de referencia nalgún dispositivo público ou privado co que realizan psicoterapia individual.

Destes 27, só 5 pacientes (todas mulleres) finalizaron a intervención, o que limita os resultados deste estudo a estas 5 pacientes, co obxectivo de ir ampliando os resultados no futuro.

Procedemento

Antes de iniciar o programa, realízase unha avaliación previa onde se abre a historia clínica e se constata a presenza dunha serie de variábeis, entre as que destacamos:

- Ansiedade estado/ rasgo: medido polas puntuacións no State Trait Anxiety Inventory (STAI) de Spielberger. Este inventario autoavalía a ansiedade como estado transitorio (Ansiedade/estado), e como rasgo latente (Ansiedade/rasgo) que sinala unha propensión ansiosa, relativamente estábel, que caracteriza aos individuos con tendencia a percibir as situacións como ameazadoras.
- – Depresión: medido polas puntuacións obtidas na escala de depresión de Beck (BDI). Esta escala clasifica as puntuacións en depresión leve, moderada e severa.
- – Hostilidade: medido polas puntuacións obtidas no Inventario de Hostilidade de Buss-Durkee (BDHI). Esta proba está formada por 8 subescalas: Violencia, Hostilidade, Irritabilidade, Negativismo, Resentimento, Recelos, Hostilidade Verbal e Culpabilidade.

Alén destas variábeis clínicas, rexístranse o nº de visitas a urxencias e de ingresos en psiquiatría durante o último ano, baseándonos nos programas informáticos do IB-Salut.

Trala avaliación inicial, as pacientes son informadas das normas de funcionamento do grupo, que deberán asinar, xunto co consentimento informado para a utilización dos seus datos persoais para fins de investigación.

O programa é estruturado e consta dos catro módulos propostos por M.Linehan. Cada módulo consta de 8 sesións semanais de 2 horas e media de duración, constituídas por un máximo de 8 pacientes, un terapeuta e un coterapeuta. Considérase finalizado o tratamento cando o paciente pasou por cada módulo dúas veces.

Os obxectivos do tratamento serán os seguintes:

- Adquisición de habilidades co fin de regular o sistema emocional.
- Diminución das condutas disfuncionais (intentos autolíticos, condutas autolesivas, condutas agresivas, impulsivas,...)
- Diminución do número de ingresos e consultas ao servizo de urxencias.

Unha vez finalizado o grupo de tratamento, vólvese realizar a avaliación para cuantificar a redución sintomática nas variábeis analizadas.

Resultados

Resultados STAI

En relación ás puntuacións obtidas no STAI, as puntuacións obtidas son moi altas en ambas escalas, en especial en ansiedade-rasgo, que avalía a ansiedade como rasgo disposicional, estábel no tempo. É precisamente nesta escala onde partimos de puntuacións máis homoxéneas, cunha desviación típica de 6,95.


Nas medidas post-tratamento constátase unha diminución nas puntuacións, tanto en ansiedade-estado coma en ansiedade-rasgo. Esta diminución é especialmente evidente na ansiedade-rasgo, sendo nada representativa en ansiedade-estado. Chama a atención, non obstante, o aumento da variabilidade nas puntuacións post-tratamento en ambas escalas, o que indica que esta aparente melloría non é homoxénea en todas as pacientes, e varían entre puntuacións de 45 e 99 en ansiedade-rasgo, escala na que case non se apreciaba variabilidade antes do tratamento (85-99).

Na escala de ansiedade-estado, a tendencia é a mesma, pero moito menos marcada que na escala anterior. Aínda que hai pacientes que continúan puntuando o máximo despois do tratamento, as puntuacións mínimas diminúen (de 60 a 50).

Estes resultados apuntan a unha redución da predisposición á ansiedade, moito máis estábel e menos dependente do contexto.

Estatísticos descritivos

	N	Mínimo	Máximo	Media	Desv. típ.
STAI Ansiedade Estado	5	60	99	85,75	18,392
STAI Ansiedade Rasgo	5	85	99	93,25	6,946
Avaliación Post STAI-estado	5	50	99	85,25	23,557
Avaliación post STAI-rasgo	5	45	99	80,75	25,461
N válido (segundo lista)	5				




Resultados BDI

As puntuacións nesta escala reflicten niveis de depresión variábeis previos á intervención, que fluctúan entre a ausencia e a depresión severa, predominando as pacientes con depresión moderada (0=sen depresión/1=leve/2=moderada/3=grave).

Trala intervención, o rango de puntuacións non variou (0-3), pero obsérvase unha tendencia media á diminución das puntuacións, clasificándose a maioría máis próximas á categoría de depresión leve.

Estadísticos descriptivos

	N	Mínimo	Máximo	Media	Desv. típ.
Ev pre BDI	5	0	3	2,20	1,304
Ev post BDI	5	0	3	1,60	1,342
N válido (segundo lista)	5				



Resultados BDHI

Os resultados observados nas diferentes subescalas do BDHI indican de maneira previa ao tratamento unha maior puntuación nas escalas Irritabilidade e Hostilidade Verbal en relación ás demais subescalas.


Despois do tratamento, as puntuacións obtidas son similares, observándose unha diminución máis marcada precisamente nestas subescalas que inicialmente estaban máis altas (Irritabilidade e Hostilidade Verbal), así como na escala de Culpabilidade, na que tamén se aprecia unha pauta de descenso.

Estes datos parecen indicar un patrón de impulsividade/hostilidade inicial nas nosas pacientes con Transtorno de Personalidade Límite, sobre o cal incide o tratamento, o que explicaría esta diminución diferencial nas subescalas.

Ademais, tamén se observa un descenso nas puntuacións globais (de 43 na avaliación pre-tratamento a 36,809 trala intervención)

Estatísticos descriptivos

	N	Mínimo	Máximo	Media	Desv. típ.
BDHI Violencia	5	2	10	4,80	3,271
BDHI Hostilidade	5	4	6	4,80	,837
BDHI Irritabilidade	5	4	10	8,00	2,345
BDHI Negativismo	5	0	5	3,20	1,924
BDHI Resentimento	5	3	6	3,80	1,304
BDHI Recelos	5	2	8	5,40	2,302
BDHI Hostilidade Verbal	5	6	9	8,00	1,225
BDHI Culpabilidade	5	3	8	5,00	2,121
BDHI Total PRE	5	25	60	43,00	12,728
post BDHI Violencia	5	1	10	4,20	3,493
post BDHI Hostilidade	5	1	6	4,40	1,949
post BDHI Irritabilidade	5	5	8	7,20	1,304
post BDHI Negativismo	5	0	5	3,20	1,924
post BDHI Resentimento	5	2	6	3,40	1,673
post BDHI Recelos	5	2	9	5,40	2,702
post BDHI Hostilidade Verbal	5	4	7	5,60	1,517
post BDHI Culpabilidade	5	2	4	3,40	,894
BDHI Total Post	5	23	54	36,80	11,345
N válido (segundo lista)	5				




Resultados a nivel asistencial

Tanto o nº de visitas a urxencias coma o nº de ingresos na planta de psiquiatría diminuíron co tratamento. Tomamos como referencia en ambas variábeis o ano previo a iniciar o tratamento e o último ano xa iniciado o mesmo.

A maior variabilidade nos resultados obsérvase no nº de visitas a urxencias, que oscila entre 1 e 8 nas medidas pre-tratamento. Esta variabilidade séguese observando na medida post-tratamento, cunha tendencia á diminución destas condutas.

Estatísticos descriptivos

	N	Mínimo	Máximo	Media	Desv. típ.
Nº ingresos pre	5	0	2	1,00	,816
Nº visitas a urx. pre	5	1	8	4,00	2,944
Nº ingresos post	5	0	1	,40	,548
Nº visitas a urx. post	5	2	6	3,40	1,673
N válido (segundo lista)	5				

**Discusión**

Os resultados expostos anteriormente lanzan unha primeira aproximación á eficacia do tratamento grupal dialéctico-condutual en pacientes con TPL. A nosa experiencia é aínda moi curta, o que nos impide aportar unha mostra o suficientemente representativa para valorar a eficacia da nosa intervención. Contamos ademais con todas as dificultades e limitacións prácticas

propias do contexto público no que traballamos, das características das pacientes obxecto de estudo, e as metodolóxicas derivadas da falta de recursos para a investigación e tratamento dos datos.

En primeiro lugar, comentar o elevado número de morte experimental, moi relacionada coas características do transtorno de personalidade límite. Das 27 pacientes avaliadas para iniciar o tratamento grupal, só 5 o concluíron na súa totalidade (2 anos de duración); 17 abandonárono ou interrompérono nalgún momento do proceso. Debido ao reducido tamaño da mostra, os resultados só indican unha experiencia terapéutica, e non poden ser extrapolados á poboación xeral.

Cabe sinalar que o noso propósito con este traballo é limitarnos a describir a nosa experiencia con este tipo de grupos terapéuticos. O ensaio non foi aleatorizado, e nós actuamos como grupo terapéutico e na análise dos resultados, polo que non se empregaron métodos de dobre cego, que aumentarían o valor metodolóxico do estudo.

As variábeis seleccionadas non son nin con moito exhaustivas, e só supoñen unha parte moi pequena das dificultades asociadas a este transtorno, de moi difícil definición e control clínico.

Como indicábamos, o noso propósito con este estudo non era senón unha primeira aproximación de cara a continuar analizando os resultados nunha mostra maior de pacientes, así como ir ampliando o número de variábeis obxecto de estudo.

A modo de conclusión e á luz dos resultados, a nosa experiencia indica que o tratamento grupal dialéctico-condutual pode ser un complemento eficaz e eficiente da terapia individual para os transtornos de personalidade límite.


Nunha análise cualitativa da súa satisfacción co tratamento, as pacientes refírense encontrarse mellor con elas mesmas e nas súas relacións interpersoais. Son máis capaces de superar momentos de crises ou de estrese sen recorrer a condutas autolesivas ou parasuicidas, e polo tanto, son tamén menos impulsivas. Percíbense a si mesmas como máis adaptadas, con máis recursos, e con mellor estado de saúde e benestar xeral, polo que consideran que a súa calidade de vida mellorou.

É evidente que se necesitan máis estudos controlados sobre os beneficios destas intervencións, pero os resultados obtidos até o momento parecen abrir unha nova vía terapéutica eficiente tendo en conta o balance custes/beneficios, e adaptada ás demandas actuais do sistema público sanitario.

Bibliografía

- American Psychiatric Association (2005). *DSM-IV-TR: manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales*. Barcelona: Masson.
- Linehan, M. M. (2003). *Manual de tratamiento de los trastornos de personalidad límite*. Barcelona: Ed. Paidós.
- Quiroga Romero, E. e Errasti Pérez, J. M. (2003). *Guía de tratamientos psicológicos eficaces para los trastornos de la personalidad*. En Marino Pérez Álvarez, José Ramón Fernández Hermida, Concepción Fernández Rodríguez e Isaac Amigo Vázquez (Coords.), *Guía de tratamientos psicológicos eficaces I: adultos* (pp. 405-428). Madrid: Ed. Pirámide.

TRATAMENTOS PSICOLÓXICOS BASEADOS NA EVIDENCIA EN TRANSTORNOS ADITIVOS



Lorena Casete Fernández

Psicóloga Clínica, UAD – ACLAD A Coruña

RESUMO

Nos últimos anos as ciencias sociais e sanitarias esforzanse por ofrecer intervencións de calidade e eficacia. Como reflexo da necesidade de evidencias sobre os tratamentos para persoas con problemas aditivos publícase en 2008, auspiciado polo Plan Nacional sobre Drogas e editado pola sociedade profesional Socidrogalcohol o libro titulado: Guía clínica de intervención psicolóxica en adicións (Becoña e cols, 2008), nel ofrécense niveis de evidencia e graos de recomendación para as terapias psicolóxicas que contan con estudos de avaliación e seguimento neste ámbito. Describense os fundamentos psicolóxicos do tratamento dos trastornos por abuso de substancias, os estadios de cambio, a entrevista e terapia motivacional, as terapias cognitivo-condutuais, as terapias centradas na familia, as terapias analíticas e psicodinámicas, os tratamentos integrados para a comorbilidade e as comunidades terapéuticas.

Conclúese que as terapias cognitivo-condutuais nas súas diversas vertentes teñen un alto nivel de evidencia, así coma as motivacionais ao inicio do tratamento e con pacientes pouco motivados e as terapias centradas na familia tanto condutuais como de corte sistémico.

Palabras chave: “Tratamento psicolóxico”, “transtornos aditivos”, “guías clínicas”, evidencia.

ABSTRACT

Recent years have seen efforts in health sciences to offer efficiency and quality within their therapeutic interventions. Due to this need for evidences in the treatments for people with drug abuse problems, and under the National Plan for Drugs, SOCIDROGALCOHOL -Scientific Society for Drugs and Alcohol- published in 2008 the manual “Clinical Guide for Psychological Treatments in Addictions” (Becoña et al, 2008). The guide offers the ranking of evidence and recommendation for the different psychological therapies which have evaluation and tracking studies in this ambit. Psychological fundamentals on the drug abuse treatments are described, the Stages of Change, motivational interviewing and therapy, cognitive behavioural therapy, family centred therapy, analytic and psychodynamic therapies, integrated therapy for comorbidity and the therapeutic communities.

The conclusion that can be drawn for the study is that the BCT in its different versions have a high level of evidence, as well as the motivational therapies -at the beginning of the treatment with low motivated patients- and the family centred therapies, both systemic and behavioural.

Key words: “Psychological treatment”, “addictive disorders”, “clinical guide”, evidence.

Introdución

Hai máis de 25 anos que comezaron no noso país os tratamentos profesionais para persoas con trastornos aditivos. Nos seus inicios a prioridade era responder á problemática social que ocasionaban os consumidores, tanto pola ilegalidade da substancia, polo tráfico de drogas como polos delitos contra a propiedade.

Desde 1990 diversas axencias internacionais ocúpanse de avaliar os tratamentos e seleccionar os elementos máis críticos na deshabitación de drogas.

En 1999, o *Nacional Institute on Drug Abuse* (NIDA) publica Principios de tratamento para a drogadicción (NIDA, 1999). Recolle trece principios derivados da investigación realizada nos últimos trinta anos, considerados relevantes para o tratamento efectivo dos trastornos aditivos, a maioría ligados ás intervencións psicolóxicas.

Outra fonte que avala a necesidade de intervencións psicolóxicas son os sistemas de clasificación diagnóstica; en particular, dos sete criterios para o diagnóstico da dependencia do DSM IV, só dous teñen que ver con aspectos fisiolóxicos (tolerancia e abstinencia), os restantes refírense ao patrón condutual, ao “craving” e aos efectos adversos (a perda de reforzadores) provocados polo consumo de drogas (aspectos psicolóxicos).

As décadas de tratamento e a súa avaliación por clínicos e investigadores axudaron a mellorar a validación dos tratamentos, de maneira que, na actualidade, contamos con guías de referencia para varios trastornos con evidencias e recomendacións para cada unha das terapias. O exemplo máis recente é a Guía clínica de intervención psicolóxica en adicións (Becoña e cols, 2008).

Criterios utilizados

Niveis de evidencia

- 1) Ensaio clínico controlado, aleatorizado, ben deseñado, ou metaanálises.
- 2) Ensaio clínico con pequenas limitacións metodolóxicas.
- 3) Estudos descritivos, comparativos e de casos controis.
- 4) Consenso de comités de expertos, informes técnicos das autoridades sanitarias e series de casos.

Grao de recomendación

Grao de recomendación	Nivel de evidencia
A (máxima)	1
B (alta)	2 e 3
C (media)	4

Evidencias e recomendacións no tratamento de persoas con trastornos aditivos

Modelo transteórico (MT) e entrevista motivacional (EM)

Este modelo, formulado por Prochaska e DiClemente nos anos oitenta (Prochaska e DiClemente, 1982), permite identificar os niveis de predisposición cando unha persoa se plantexa modificar a súa conduta aditiva: *estadios de cambio*. O nivel inferior é o estadio de *precontemplación*: non hai consciencia do problema nin intención de cambio, despois pásase aos estadios de *contemplación*, *preparación* ou *determinación*, *actuación* ou *acción* e *mantemento do cambio*.

O Modelo Transteórico tamén describe os *procesos de cambio*. Os procesos de cambio cognitivos asóciase cos estadios de precontemplación, contemplación e preparación (*aumento da concienciación*, *relevo dramático*, *reavaliación ambiental*, *auto-reavaliación*, *autoliberación*) e nos estadios de acción e mantemento predominan os de carácter condutual (*control de continxencias*, *relación de axuda*, *contracondicionamento*).

Miller e Rollnick (1999 en castelán) desenvolveron a Entrevista Motivacional (EM), para persoas con problemas co alcol. Posteriormente, aplícase a consumidores de outras substancias, cambio de hábitos (dietas, uso de preservativos, etc.), doenzas crónicas (diabetes, hipercolesterolemia) e ao fomento de novos estilos de vida.

Nivel de evidencia 1: Os principios do Modelo Transteórico son aplicábeis a unha ampla variedade de condutas relacionadas coa saúde.

Nivel de evidencia 1: A EM permite unha elevada taxa de cumprimento terapéutico e está máis indicada canto menor sexa a motivación para o cambio inicial.

Nivel de evidencia 2: Unha das principais utilidades da EM é incrementar participación, adherencia e retención durante a fase inicial do tratamento en modalidades máis estruturadas e duradeiras no tempo.

Terapias Cognitivo-Conductuais (TCC)

As características básicas destas terapias son centrarse no “aquí e agora”; establecer metas realistas e consensuadas co paciente; buscar resultados rápidos para os problemas máis urxentes e utilizar técnicas empiricamente contrastadas.

Nivel de evidencia 1: A TCC é eficaz no tratamento das condutas aditivas; ademais é xeralmente máis efectiva que outras modalidades psicoterapéuticas e farmacolóxicas por separado, con maior eficacia en programas multicomponentes.

- Adestramento en habilidades de afrontamento

Baséase na aprendizaxe social e busca aumentar e reforzar as habilidades do paciente para enfrontar situacións de alto risco -ambientais e persoais- relacionadas con posíbeis consumos. As máis utilizadas son: adestramento en habilidades sociais e de afrontamento (Coping Social Skills Training CSST), Prevención de Recaídas (PR), Aproximación de Reforzo Comunitario (CRA), Terapia Cognitivo-Conductual de habilidades de afrontamento (CBT baseada nos programas de PR), adestramento en control de estados de ánimo e control do craving, Terapia de Exposición a Sinais (Cue Exposure Treatment, CET) e adestramento en solución de problemas.

Nivel de evidencia 1: O Adestramento en Habilidades de Afrontamento (adición ao alcol e/ou cocaína), é unha estratexia eficaz, sobre todo cando forma parte de programas multimodais máis amplos.

- Prevención de recaídas

Marlatt e Gordon (1985) iniciaron este modelo, peza chave para entender os consumos das persoas con trastornos aditivos, despois dun período de abstinencia. Diferencian un erro ocasional (lapse) dunha recaída (relapse) xa que do control dun primeiro consumo derivan decisións automatizadas cara un ou outro lado da balanza. Neste modelo é fundamental que o paciente analice as súas cadeas de consumo para encontrar formas diferentes de afrontamento, que se adestrarán nas sesións. Tamén abordan o cambio no estilo de vida. O Programa de TCC de K. Carroll (1996) avalado polo NIDA baséase neste modelo, con máis fincapé nos adestramentos en sesión e prácticas na vida real.

Nivel de evidencia 1: A PR é efectiva no tratamento de condutas aditivas.

- Control de continxencias (MC)

Baséase na aplicación de reforzadores ou castigos continxentes á ocorrencia da conduta obxectivo ou á súa ausencia. Os programas de MC úsanse para reforzar a abstinencia, pero tamén con outros obxectivos: retención, asistencia, adherencia á medicación, etc.

Entre os reforzadores máis utilizados destacan os privilexios clínicos, o aceso a emprego ou aloxamento, o diñeiro en metálico ou os vales e descontos permutábeis por bens ou servizos na comunidade (Petty, 2000).

Este método foi inicialmente desenvolto para o tratamento de adictos á cocaína en contextos ambulatorios (Higgins et al., 1991) e no noso entorno estase a validar polo equipo da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Oviedo (Secades R. e cols. 2007; García e cols. 2007), en centros de Proxecto Home.

Nivel de evidencia 2: O MC con vales mellora a adhesión e reduce a taxa de recaída (adición alcol).

Nivel de evidencia 1: As terapias baseadas en MC son eficaces para a adición a opiáceos cando se combinan con fármacos agonistas ou antagonistas.

Nivel de evidencia 1: O Programa de Reforzamento Comunitario máis terapia de incentivo, incrementa as taxas de retención en programas ambulatorios e reduce o consumo de cocaína.

Terapias centradas na familia

Nas súas orixes, o concepto de Terapia Familiar foi sinónimo de Terapia Sistémica. Co tempo, as intervencións terapéuticas que contaron con familiares diversificaron a súa metodoloxía e incorporaron estratexias cognitivo-condutuais ou doutras procedencias, conducindo a un cambio terminolóxico: “Tratamentos Baseados na Familia”. (Liddle e Dakof, 1995).

Grao Recomendación B: Os tratamentos baseados na familia son eficaces con adolescentes consumidores de drogas.

Nivel de evidencia 1: A terapia baseada na familia, en programas de dispensación de metadona, mellora a retención, especialmente en pacientes con peor pronóstico inicial.

- Terapia Familiar Multidimensional (MDFT, Multidimensional Family Therapy)

Os sistemas sociais de referencia poden, potencialmente, ter impacto sobre o uso de drogas dos adolescentes e tamén sobre outras condutas problemáticas relacionadas e, polo tanto, ben guiados, poden converterse en factores protectores. O tratamento inclúe sesións individuais e de toda a familia na clínica, na casa, na escola e noutros lugares comunitarios.

Nivel de evidencia 2: A MDFT amosa maior eficacia que a terapia de grupo de iguais na diminución de riscos e promoción de procesos de protección nas áreas individual, familiar, escolar e grupo de iguais, ademais reduce o consumo de drogas durante o tratamento.

- Terapia Familiar Breve Estratéxica (BSFT)

É unha intervención breve para adolescentes que consomen drogas e que presentan outros problemas de conduta. A terapia céntrase na función que ten o uso de drogas, que se interpreta como sinal do malestar do funcionamento familiar. Tamén aborda a conduta agresiva e o comportamento violento, a percepción de risco e o risco real en relación á sexualidade, o achegamento a pares antisociais e a delincuencia. O tratamento dura 8-24 sesións, dependendo da severidade do problema.

Grao de recomendación A: A BSFT favorece o compromiso das familias para participar activamente no proceso de tratamento das condutas aditivas en adolescentes.

Grao de recomendación B: A BSFT está especialmente indicada para as familias de adolescentes abusadores de drogas con maior nivel de desestruturación. Ademais mellora a dinámica de funcionamento familiar e os efectos persisten no tempo.

- Terapia condutual familiar e de parella

Son técnicas orientadas a mellorar as relacións familiares dos pacientes, con adestramento en habilidades de comunicación e para o incremento de reforzos positivos.

Nivel de evidencia 1: A terapia condutual de parella, dirixida a mellorar as relacións familiares, axuda a incrementar as taxas de abstinencia.

Terapias Analíticas e Psicodinámicas

Dentro das terapias de base dinámica ou analítica existen varias modalidades, pero con poucos estudos que avalíen a súa eficacia con transtornos aditivos.

Nivel de evidencia 4: As terapias de corte psicodinámico son efectivas para o tratamento dos transtornos por abuso de substancias.

- Terapia de soporte expresivo (TSE).

Utilizouse en pacientes en mantemento con metadona, con consumo de cocaína e con dependentes de cocaína en réxime ambulatorio (Woody, e cols. 1987).

Nivel de evidencia 4: A TSE aporta melloras clínicas en pacientes de longa evolución.

- Terapia interpersoal (TIP)

A Asociación Americana de Psiquiatría recomenda a TIP en trastornos aditivos cun grao de recomendación C, igual que o resto de terapias psicodinámicas.


Conclusións

As terapias cognitivo-condutuais nas súas diversas vertentes teñen un alto nivel de evidencia, así como as motivacionais ao inicio do tratamento e con pacientes pouco motivados, e as terapias centradas na familia tanto condutuais coma de corte sistémico. O resto de terapias non posúen, neste momento, suficientes probas e estudos para a súa validación como efectivas.

Bibliografía

- Carroll, K. M. (1996). Relapse prevention as a psychosocial treatment: a review of controlled clinical trials. *Experimental and Clinical Psychopharmacology*, 4, 46-54.
- García-Rodríguez, O., Secades, R., Álvarez Rodríguez, H., Río, A., Fernández-Hermida, J. R. Carballo, J. L. et al. (2007). Efecto de los incentivos sobre la retención en un tratamiento ambulatorio para adictos a la cocaína. *Psicothema*, 19, 134-139.
- Higgins, S. T., Delaney, D. D., Budney, A. J., Bickel, W. K., Hughes, J. R., Foerg, F. e Fenwick, J. W. (1991). A behavioral approach to achieving initial cocaine abstinence. *American Journal of Psychiatry*, 148, 1218-1224.
- Liddle, H. A. e Dakof, G. A. (1995). Family-based treatment for adolescent drug use: state of the science. en: adolescent drug abuse: clinical assesment and therapeutic interventions. *NIDA Research Monograph*, 156, 218-254.
- Marlatt, G. A. e Gordon, J. R. (1985) *Relapse prevention: Maintenance strategies in the treatment of addictive behaviors*. New York: Guilford Press.
- Miller, W. R. e Rollnick, S. (1999). *La entrevista motivacional. Preparar para el cambio en conductas adictivas*. Barcelona: Paidós.
- National Institute on Drug Abuse (2001). Principios de Tratamientos para La Drogadicción: Una Guía Basada en Investigaciones. <http://www.nida.nih.gov/PODAT/Spanish/PODATIndex.html>.
- Petry, N. M. (2000). A comprehensive guide to the application of contingency management procedures in clinical settings. *Drug and Alcohol Dependence*, 58, 9-25.
- Prochaska, J. O. e DiClemente, C. C. (1982). Transtheoretical therapy: Toward a more integrative model of change. *Psychotherapy: Theory Research and Practice*, 19, 276-288.
- Secades, R., García, O., Álvarez, H., Río, A., Fernández, J. R. e Carballo, J. L. (2007). El Programa de Reforzamiento Comunitario más Terapia de Incentivo para el Tratamiento de la Adicción a la Cocaína. *Adicciones*, 29, 51-57.

REHABILITACION COGNITIVA NUNHA UNIDADE DE DÍA PARA DROGODEPENDENTES



Jorge Cabrera Riande

Psicólogo Clínico. U.A.D. Concello de Vigo CEDRO

RESUMO

O consumo prolongado e a adición a diversas drogas viñéronse asociando consistentemente ao deterioro de diferentes funcións neuropsicolóxicas, entre as que destacan, pola súa crucial relevancia clínica, as funcións executivas e, entre elas, a toma de Decisións, asociada ao mal pronóstico de evolución.

Xustifícase a necesidade de normalizar a Avaliación e a Rehabilitación Neurocognitiva dentro das Unidades de Día do Plan de Galicia sobre Drogas sobre a base da integración da Rede Galega de drogas en Saúde Mental) pasando dun modelo Psicosocial a un modelo Sociosanitario que debe partir da rehabilitación de funcións cognitivas básicas para conseguir a mellora de habilidades sociais e comportamentais.

Descríbense as funcións máis importantes a avaliar e os diferentes instrumentos que se utilizan para iso.

Finalmente faise unha descrición dos programas habituais dunha Unidade de Día do Plan galego sobre Drogas, os diferentes obradoiros, os seus obxectivos, procedementos e técnicas e a súa relación coa rehabilitación ecolóxica das diferentes funcións neurocognitivas nomeadas.

Palabras Chave: Drogodependencia, Rehabilitación, neuropsicología, Funcións Executivas, Unidade de Día.

ABSTRACT

The long term use and diverse drug addictions have been consistently associated with the deterioration of distinct neuropsychological functions, among which, due to clinical importance, stand out, the executive and decision-making functions, associated with a bad prognosis.

Thus justifying the need to standardise the cognitive assessment and rehabilitation in the day-time units of the Galician Drugs Plan on the basis of the integration of the Galician Network of Drugs in mental health, from a psychosocial model to a public health model, which should stem from the rehabilitation of the basic cognitive functions in order to achieve improvement in social and behavioural skills.

Finally, a detailed description is made of the usual programmes in Day-time Units of the Galician Drugs Plan; the different workshops, aims, procedures, techniques and relationship with the ecological rehabilitation of the distinct neurocognitive functions mentioned.

Key words: Drug addict, Rehabilitation, Neurosichology, Executive funcionts, Daytime Unit.

Dificultades no traballo con drogodependentes

O traballo na clínica cos drogodependentes caracterízase por unha pobre resposta á maioría das intervencións psicoterapéuticas e que é produto de:

- Unha escasa consciencia do transtorno.
- Un proceso atribucional externo tanto nos éxitos coma nos fracasos.
- Unha grande dificultade para a aprendizaxe social.
- Unha reiterada incapacidade para inhibir condutas.
- Unha falta de implicación no tratamento.
- Déficits importantes en funcións básicas coma a atención e a memoria.
- Unha escasa flexibilidade cognitiva.
- A presenza frecuente de transtornos duais.

Drogas e funcións executivas

O consumo prolongado e a adición a diversas drogas viñéronse asociando consistentemente ao deterioro de diferentes funcións neuropsicolóxicas, atención, percepción, memoria, motivación, destacando pola súa crucial relevancia clínica, as funcións executivas (FE (J.Tirapu, Verdejo, López, Orozco e Pérez-García, 2004).

Desde o ano 1992, numerosos autores e traballos en todo o mundo veñen demostrando este feito (Grant 1987, Barron 1992, Ardila e Roselli 1996, Bechara e Damasio 1994, 2000, 2001 e 2002, Verdejo, Lopez, Aguilar 2005) etc.

As alteracións da función executiva están relacionadas co estilo atribucional pouco adaptativo dos drogodependentes.

Especialmente funcións relacionadas coa inhibición de resposta.

Presentan alteracións nunha das compoñentes fundamentais da función executiva: A toma de decisións.

As alteracións sobre toma de decisións foron relacionadas con “miopía” sobre as consecuencias futuras (Bechara, Dolan e Hindes, 2002)

A primeira persoa que acuñou o termo “Funcións Executivas” (FE) foi Lezack.

F.E. Que son realmente?.

As FE constitúen un conxunto de habilidades superiores de organización e integración da conduta que se asociaron neuroanatomicamente a diferentes circuitos neurais que converxen nos lóbulos prefrontais do córtex.

Circuíto Prefrontal Dorsolateral


Funcións:

Memoria de traballo

Atención selectiva

Formación de conceptos

Flexibilidade cognitiva



Circuíto Prefrontal Orbital/Ventromedial

Funcións:

Toma de decisións: Procesamento de sinais somáticos-emocionais que actúan como marcadores ou guías.

Segundo esta teoría de Damasio, o marcador somático, forzaría a atención cara as consecuencias ás que pode conducir unha acción determinada e funciona como un sinal de alarma automático perante o inadecuado dalgunhas decisións. Este sinal, que é basicamente emocional, pode levarnos a rexeitar inmediatamente certas decisións, conducíndonos cara outras alternativas.

Nos adictos, supostamente, a hipótese é que eses sinais emocionais non funcionarían adecuadamente, poden razoar adecuadamente, porén as súas emocións non acompañan o razoamento.

Procesos mentais afectados

Procesos Motivacionais:

- Abulia, pasividade, falta de iniciativa e ambicións
- Indiferenza, ausencia de imaxinación

Planificación:

- Incapacidade para prever as consecuencias dun feito
- Tendencia a pasar rapidamente á acción sen unha fase de reflexión previa (impulsividade)

Execución e regulación da actividade:

- Comportamento non-persistente, descontinuo, sen finalizar a tarefa nun tempo previsto, e até sen acabala.
- Comportamento ríxido, inflexíbel, estereotipado, perseverante
- Disociación entre o pensamento e a acción.

Análise dos resultados das accións:

- Incapacidade para valorar os erros cometidos e autocrítica
- Dificultade para comparar o resultado dunha acción coa intención orixinal

Cando un adicto persiste na súa conduta de consumo ou se producen recaídas frecuentes a pesar de estar sometido a tratamento e verbalizar a súa intención de manterse abstinente, temos a tendencia a pensar que esa persoa carece de motivación ou lle falta forza de vontade, cando por definición calquera adición vén caracterizada por esa incapacidade de inhibir esa conduta.

Porén, o que deberíamos plantexarnos é o que acontece no cerebro dunha persoa para que persista nunha conduta que implica para el importantes consecuencias negativas.

Intervención neurocognitiva na unidade de día para drogodependentes

- * Incorporar a avaliación neuropsicolóxica a todos os usuarios da U.D.
- * Elaboración dunha batería de probas discriminatoria para traballar con drogodependentes.
- * Que nos sirva para tomar decisións sobre que rehabilitar e como.
- * Protocolizar os procesos de avaliación, diagnóstico e tratamento dos déficits neurocognitivos.
- * Mellorar a capacitación específica dos profesionais da U.D. para a correcta abordaxe dos déficits neurocognitivos

Avaliación neurocognitiva

Segundo Lezak (2003), as dimensións a avaliar son as seguintes:

1) Dimensión cognitiva, atención, percepción e memoria:

- Sistemas de entrada (sensorial e perceptivo).
- Sistemas de almacenamento (diferentes memorias).
- Elaboración e control da información (Razoamento abstracto, verbal, resolución de problemas, etc).
- Sistemas de saída (fala, escrita, xestos, expresións faciais, movementos.

2) Dimensión emocional/personalidade:

- Desinhibición, euforia.
- Falta de control social.
- Hipersensibilidade interpersonal.
- Tolerancia á frustración.
- Agresividade.
- Ansiedade.
- Depresión.
- Labilidade emocional.
- Aplanamento emocional, etc.

3) Dimensión executiva: (como levar a cabo)

- Capacidade para propor metas.
- Planificar a súa secuencia.
- Controlar a súa execución.
- Avaliar a súa eficacia.

Lezak (1995) propón que se avalíen outras variábeis que poden afectar ao funcionamento do sistema cognitivo como son:

- O nivel de consciencia.
- O sistema atencional.
- A velocidade de procesamento.

Avaliación neuropsicolóxica na Unidade de Día

A avaliación neuropsicolóxica nunha Unidade de Día aínda resultando unha tarefa un tanto tediosa tanto para o avaliador coma para o avaliado, ao ser un dispositivo semiresidencial no que o paciente pasa un importante número de horas ao día, permite realizar esta avaliación de forma sucesiva.

En xeral a actitude dos pacientes é de colaboración e demostran interese nos resultados da avaliación, estando máis dispostos a aceptar a existencia dun déficit do que a simple falta de motivación para a súa rehabilitación.

Funcións e instrumentos

Atención:

- Test do Trazo (TMT).
- STROOP.
- Subtest de Díxitos do WAIS.
- Subtest de Letras e números.

Memoria:

- Subtest de Información (WAIS)
- Subtest de Díxitos (WAIS).
- Subtest de Letras e Números. (WAIS)
- TAVEC
- Retención Visual BENTON.
- Figura complexa de Rey.

Linguaxe:

- Subtest de Vocabulario. (WAIS)
- Fluidez fonémica.

- Fluidez semántica.

Visuopercepción:

- Figuras incompletas (WAIS).
- Quebracabezas (WAIS).
- Historietas (WAIS).
- Cubos (WAIS).
- Figura complexa de Rey.

Velocidade de procesamento:

- Chaves de números (WAIS).
- Procura de símbolos (WAIS).

Velocidade motora:

- Trail Making Test.

Funcións Frontais:

- Semellanzas (WAIS).
- Comprensión (WAIS).
- Historietas (WAIS).
- Letras e números (WAIS).
- Matrices (WAIS).
- T.M.T.
- STROOP.
- Fluidez fonémica.
- Tarxetas de Wisconsin

Rehabilitación cognitiva

Obxectivos xerais

- * Desenvolver un concepto positivo de si mesmos.
- * Dotalos dun repertorio verbal apto para a comunicación matizada de feitos, ideas e sentimentos.
- * Mellorar a calidade dos seus procesos de percepción e a análise da realidade percibida.
- * Mellorar a calidade dos seus procesos atencionais e mnésicos.
- * Desenvolver nos usuarios o pensamento lóxico.
- * Aumentar os seus repertorios de respostas adaptativas no ámbito persoal e social.
- * Xeneralizar os efectos do programa a outras situacións. (ecolóxicos)

Unidade de Día como dispositivo reeducativo e rehabilitador

Entendemos a Unidade de Día como un dispositivo reeducativo e rehabilitador.

Reeducativo no sentido de promotor de hábitos normativos, facilitadores da integración e a incorporación social. Hábitos básicos de saúde, no seu sentido máis amplo, autocoidados de saúde, forma física, sono, hixiene, alimentación, sexualidade, etc.

Hábitos sociais sobre convivencia, ocio, disciplina social, traballo, estudos, formación, etc.

Rehabilitador nun duplo sentido,: primeiro, recuperación ou aprendizaxe de habilidades sociais ou habilidades para a comunicación óptima, asertividade, toma de decisións, resolución de problemas, resolución de conflitos, etc. e o segundo, a rehabilitación de funcións cognitivas básicas necesarias para poder asentir os anteriores hábitos e habilidades.

Unidade de Día: dispositivo rehabilitador en Saúde Mental

“Estado do benestar emocional e psicolóxico no cal un individuo poida utilizar as súas capacidades **cognitivas e emocionais**, funcionar en sociedade, e resolver as demandas ordinarias da vida diaria”.

Así movémonos dentro dos dispositivos de drogas desde un modelo máis psicosocial e reeducativo cara un modelo sociosanitario e rehabilitador cuxa culminación é a integración en Saúde Mental.

Rehabilitación neurocognitiva e Unidade de Día

Na Unidade de Día pretendemos traballar a rehabilitación cognitiva de forma ecolóxica.

As funcións básicas, atención, memoria, percepción, etc.

Funcións executivas, que inclúen a toma de decisións, a planificación condutual, a inhibición condutual e a autorregulación da conduta.

Todas estas funcións traballámolas ecoloxicamente a través das diferentes actividades que se programan diariamente:

Obradoiro de prensa

Funcións implicadas:

Atención Selectiva: Localización de noticias sobre algúns temas específicos.

Atención Mantida: lectura comprensiva, evitar a distracción, concentración no que se está a ler.

Memoria a curto prazo: memoria de proceso ou automática. As tarefas de procesos que implica o obradoiro de lectura de prensa.

Memoria longo prazo:

Semántica: recoñecer o significado dalgunhas palabras.

Episódica, posta en común e descrición da noticia.

Obradoiro de traballos manuais

Funcións implicadas:

- Atención Mantida.
- Memoria procedemental ou memoria de traballo.
- Memoria declarativa: lembrar instrucións.
- Percepción visual.
- Coordinación visomotora.
- Orientación espacial.
- Funcións executivas: toma de decisións , planificación, inhibición condutual e autorregulación condutual.

Obradoiro de relaxamento

Funcións implicadas:

- Atención Mantida.
- Atención focal.
- Sensopercepción.

Saídas culturais e medioambientais

Funcións implicadas:

- Funcións executivas: planificación, toma de decisións , inhibición de conduta, autorregulación da conduta.
- Orientación espacial.

Videoforum

Funcións implicadas:

- Atención Mantida.
- Rapidez perceptiva.
- Comprensión verbal.
- Fluidez verbal.
- Razoamento abstracto.

Obradoiro de informática

Funcións implicadas:

- Todas as básicas: atención, memoria, percepción coordinación visomanual, funcións executivas, etc.

Psicoterapia de grupo

Funcións implicadas:

- Atención Mantida.
- Comprensión verbal.
- Expresión verbal.
- Inhibición condutual.
- Habilidades sociais.
- Resolución de problemas.
- Toma de decisións.

Prevención de recaídas e obradoiro de sexo seguro


Funcións implicadas:

Executivas: toma de decisións, planificación, inhibición de conduta e autorregulación.

Bibliografía

- Aguilar de Arcos; F, Pérez García. M. (2003) *Evaluación neuropsicológica . Emoción y drogodependencias*. Edt: Dirección general para las Drogodependencias y otras adicciones. Junta de Andalucía.
- Bechara, A., Dolan, S., and Hindes, A. (2002). *Decision-making and addiction. Part II: Myopia for the future or hypersensitivity to reward?* Neuropsychologia, 40, 1690–1705.
- Catherine A. Mateer.(2003) *Introducción a la rehabilitación cognitiva*. Avances en Psicología Clínica latinoamericana. , Vol 21, páx: 11 a 20
- Damasio AR. (2006) *El error de Descartes*. Edit: Crítica.
- Lezak, M.D. (1995). *Neuropsychological assessment*. London: Oxford University Press.
- Muñoz Céspedes. J.M. , Tirapu Ustárriz.(2001) *J. Rehabilitación neuropsicológica*. Psicología Clínica. Guías de intervención. Edt: Síntesis .
- Navarro, M., Rodríguez de Fonseca, F.,(2000). *Drogas de abuso y emoción. El cerebro sintiente*. Ariel neurociencia (Eds.),
- Rojo Mota.G. (2008) *Terapia Ocupacional en el tratamiento de las adicciones*. Trastornos Adictivos. 10(2):88-979.
- Tirapu Ustárriz.J, Landa González.N , Lorea Conde.I, *Cerebro y adicción . Una Guía comprensiva* Gobierno de Navarra. Departamento de Salud.
- Tirapu-Ustárriz J a, M. Muñoz-Céspedes J.M. , Pelegrín-Valero C. (2002) Funciones ejecutivas: necesidad de una integración conceptual. REV NEUROL 34 (7): 673-685
- Tirapu J, Landa N, Lorea I. (2002) *Sobre las recaídas, la mentira y la falta de voluntad de los adictos*. Adicciones 15: 10-6.
- Verdejo. A, Orozco-Giménez. C, Meersmans Sánchez-Jofré. M, Aguilar de Arcos. F, Pérez-García. M. (2004) *Impacto de la gravedad del consumo de drogas sobre distintos componentes de la función ejecutiva*. REV NEUROL; 38 (12): 1109-1116 1109
- Verdejo, A., Aguilar, F. e Pérez-García, M. (2004). *Alteraciones de los procesos de toma de decisiones vinculados al córtex prefrontal ventromedial en pacientes drogodependientes*. Revista de Neurología, 38, 601-606.
- Verdejo, A., López, F., Aguilar, F. e Pérez-García (2005). *Differential effects of DMA, cocaine, and cannabis use severity on distinctive components of the executive functions in polysubstance users: A multiple regression analysis*. Addictive Behaviors, 30, 89-101.
- Verdejo, A., López, F., Aguilar, F. e Pérez-García (2005). *Effects of executive impairments on maladaptive explanatory styles in substance abusers: clinical implications*. Archives of Clinical Neuropsychology, 20, 67-80.

TRATAMENTOS PSICOLÓXICOS EN PROBLEMAS RELACIONADOS CO CONSUMO DE ALCOL



Luís Nogueiras Fernández

Psicólogo clínico

Unidade de Condutas Aditivas. Complexo Hospitalario de Ourense

RESUMO

Nesta comunicación tratamos de reflexionar sobre a importancia da implicación do Colexio de Psicólogos na clínica das adicións; tamén na consideración do tratamento psicológico como elemento nuclear da intervención. Facemos fincapé nalgúnhas funcións que ten que asumir o psicólogo e centrámonos nalgúns tratamentos psicológicos. Por último facemos referencia ás guías de tratamentos psicológicos para as adicións e en concreto para problemas relacionados co consumo de alcol.

Palabras chave: Alcolismo, tratamento psicológico, guía clínica, prevención de recaídas, o control nas adicións.

ABSTRACT

In this work we think about the importance of the psychological board on the addiction field. We also consider psychological treatment as the main treatment for addiction problems. We insit in some issues that psychologists must assume while on treatment. Finally we make a point on psychological treatment clinical guidelines for addictions in general and more specifically for alcohol.

Key words: Alcoholism, psychological treatment, clinical guide, relapse prevention, addictions control.

A necesidade de abordar o tratamento das adicións desde a Psicoloxía Clínica

Quero comezar felicitando aos organizadores pola escolla deste tema para o primeiro congreso de Psicoloxía Clínica. Profesionais que levamos moito tempo traballando nas adicións e eu en concreto nos problemas relacionados co consumo de alcol, botamos de menos que o Colexio de Psicólogos e a sección de Clínica en particular non se implicaran máis neste campo, de feito a maioría dos psicólogos formámonos en cursos e congresos organizados esencialmente por médicos.

Penso que a patoloxía das adicións ten que ser tema central para a Clínica porque é o motivo polo que a poboación demanda mais tratamento, pode haber outras problemáticas moi importantes mais os doentes non demandan atención. Por outro lado neste campo é onde máis psicólogos estamos traballando.

O feito de haber moitos psicólogos débese a que cando comezaron as intervencións clínicas, os médicos non querían atender este tipo de doenzas, na actualidade aínda seguimos a estar aí porque os que estamos seguimos aguantando e porque non hai moitos psiquiatras en paro.

Os psicólogos clínicos que traballamos coas toxicomanías, tanto pola nosa perda clásica de autoestima, como por facer toda a nosa formación no terreo médico, moitas veces cedemos o papel de profesional de referencia, é dicir o que ten que facer a intervención psicolóxica que é o núcleo central do tratamento en adicións. A miúdo estamos convencidos que o profesional determinante é o médico e chegámonos a acomodar a esa situación. Penso que perdemos un pouco o norte, así podemos pensar que o fundamental é a desintoxicación por exemplo, cando o importante é que a persoa queira mudar a conduta problemática e o especialista deste proceso é o psicólogo. Seguindo co exemplo da desintoxicación no caso do alcolismo, é un proceso relativamente fácil de superar, de feito moitos doentes conséguenlo superar sen acudir aos profesionais, pola contra o auténtico problema é a prevención de recaídas, e este é traballo do psicólogo clínico.

Quero facer tamén unha reflexión en relación á palabra “terapia”, palabra que emprega moita xente de moitas profesións para múltiples cousas, creo que debiamos utilizar o termo “tratamento psicolóxico”.

Sesións de seguimento

Moitas das consultas cos doentes son de seguimento; non se está a facer ningunha intervención terapéutica porque se atopan estábeis ou están dados de alta e se fai unha revisión. Estas sesións son para revisar como se atopa a persoa e se mantén o cambio en relación coa conduta problemática, se segue motivado, se hai algunha situación onde a opción fácil sexa a recaída, se o seu proxecto vital ten “crises” ou que teña que afrontar situacións complicadas que cheguen a desestabilizar á persoa. Todo isto é labor do psicólogo clínico pero case sempre son

os médicos quen fan esta función. Evidentemente isto non quita que en caso de haber medicación teña que revisalo o profesional da medicina.

O psicólogo como asesor

Sería importante que o psicólogo asumira o traballo de “asesor do proxecto vital”, non sei se o nome é o adecuado, pero moitas veces facemos este traballo. Entendemos que o problema das persoas é conducir ben o “cochiño” que lles tocou conducir, con dúas dificultades como son a complexidade do propio “cochiño” e as estradas ou corredoiras polas que ten que circular; estas non sempre son boas e as características do vehículo non sempre se adecúan a tales vías (un coche bo non ten porque ser o adecuado para transitar por un camiño rural).

Saíndonos da metáfora e voltando á problemática vital ante as distintas dificultades non sempre dispomos dos mellores recursos para afrontalas e a personalidade pode que non axude na resolución eficaz. Cantas persoas teatreiras, aínda sen ser histriónicas, non afrontan de forma adecuada certas situacións?; cantas persoas con trazos obsesivos en situacións difíciles quedan bloqueadas?. A demanda do “asesor” é importante no traballo en adicións, xa que o consumo de alcol é algo que está moi integrado no estilo de vida dos individuos e ao mudar a conduta pode que tarden en atopar o equilibrio necesario. Este traballo é parte esencial nos transtornos da personalidade, moi abundantes nas nosas consultas e é asunto dos psicólogos esta intervención. Por certo, que tamén neste campo facemos deixación das nosas funcións, xa que, perante as dificultades, pensamos na solución máxica dos fármacos, aínda que ningún demostrara a súa eficacia; tamén dicir que a maioría dos congresos e cursos de formación en personalidade os organizan desde a psiquiatría.

A intervención motivacional

O espírito motivacional ten que estar presente en tódalas intervencións e en tódolos profesionais cando se traballa en adicións, aínda que por diversas razóns con algúns doentes teñamos que ser confrontativos, porque ten que ver coa ética e co feito de entender que é o paciente e que é o axente da mudanza.

Por outro lado está a intervención motivacional específica necesaria en doentes moi ambivalentes ou para intervir nas recaídas; pensamos que o técnico na motivación é o psicólogo e polo tanto é o que ten que intervir especialmente nestes casos.

Isto que parece moi obvio na realidade non é así. Podemos ollar quen fai as acollidas ou as primeiras consultas, claro que pensamos que o primeiro é coller os datos ou dar unha medicación. Algúns temos a sorte de ter compañeiros doutras profesións moi formados en técnicas motivacionais e isto non plantexa un problema asistencial. De todas as formas sería necesario reclamar esta intervención tan determinante para o psicólogo clínico.

Adestramento en habilidades de afrontamento

Estas técnicas baseadas na teoría da aprendizaxe social teñen por obxectivo o aumento e o reforzo das habilidades do doente para afrontar situacións de alto risco, ambientais e individuais, que inician ou mantén a conduta de consumo. As máis estendidas son o adestramento en prevención de recaídas, da que falaremos máis adiante, o adestramento en habilidades sociais, adestramento no control do craving e o adestramento no control dos estados de ánimo.

Falando da primeira etapa da deshabitución no caso do alcolismo e entre as habilidades sociais en xeral é importante facer fincapé no módulo de “habilidades de rexeitamento da bebida” e non de “recepción de críticas acerca do uso da bebida”.

A prevención de recaídas

Esta é a parte nuclear do tratamento dos problemas relacionados co consumo de alcol. Xa dixemos que é relativamente fácil mudar a conduta de consumo problemático, mais hai moitas circunstancias como o fácil aceso do alcol, a presión social, o feito de ser un axente socializador, conceptos sociais moi asumidos como o de que hai que “estar ben” e se non é así temos substancias, ou o de que hai que “divertirse” sendo isto sinónimo de consumir; estas entre outras fan que a inxestión de bebidas alcólicas sexa unha resposta eficaz e fácil de emitir en moitas situacións.

O modelo teórico de prevención de recaídas foi proposto por Marlatt (Marlatt e Gordon 1985). A recaída prodúcese cando o suxeito se expón a unha situación de risco e non é capaz de responder con estratexias de afrontamento adecuadas para garantir o mantemento da abstinencia; se puidese emitir unha resposta adecuada, a probabilidade da recaída decaería significativamente, xa que o afrontamento satisfactorio é percibido polo suxeito como unha sensación de control que aumenta a eficacia autopercebida.

As claves a ter en conta na prevención de recaídas son:

- Aprender a identificar que situacións, pensamentos e/ou estados emocionais poden supor un risco.
- Aprender a identificar as claves e sinais que anuncian a posibilidade dunha recaída.
- Aprender a afrontar unha recaída antes e despois de que se produza o consumo.

Na prevención de recaídas combínase o adestramento de habilidades de afrontamento cognitivas e condutuais, a reestruturación cognitiva e o reequilibrio do estilo de vida.

O equilibrio do estilo de vida ten moito que ver coa personalidade do individuo e o importante papel de asesor do psicólogo que falamos antes. Neste traballo o primeiro é que a persoa coñeza as características da súa personalidade e identifique que situacións van representar unha especial dificultade para el. Por exemplo, unha persoa audaz ou buscadora de sensacións cando consumía alcol tiña colmada esta faceta, cando deixe de consumir vai ter que buscar actividades que lle aporten sensacións e que o equilibren, e isto non sempre é doado.

A cognición de control

Quería facer unha reflexión arredor da idea do control como axente favorecedor da recaída.

Cando dicimos que controlamos é como se estiveramos observando o que estamos a facer. Este mecanismo é eficaz cando emitimos unha resposta anovada ou inesperada (por exemplo cando imos conducindo e aparece un xabaril na estrada), pero ante situacións cotiás non é eficaz. Isto ocorre porque ao ser frecuentes os estímulos e polo tanto as respostas, estas automatízanse (na conducción normal dicimos que controlamos cando en realidade imos a falar co acompañante, aquí confundimos sensación de control co feito de controlar). Por outra banda o mecanismo de control actúa sobre a conduta illada, no momento que ocorre, así moitas persoas que abusan do alcol están controlando na maioría das ocasións (cantas persoas conscientes de que se están pasando coa bebida, pensan que “un día é un día” por exemplo), isto incluso puidera ser pouco problemático se non volvese acontecer, pero noutra situación volven abusar e volven pensar o mesmo. As persoas que fan consumos de pouco risco non están controlando, como se pode pensar, senón que automatizaron un consumo de pouco risco só nunhas situacións determinadas.

As guías clínicas

Por riba de todo temos que ter claro o carácter central do tratamento psicolóxico no tratamento das adicións e en concreto nos problemas relacionados co consumo de alcol, tamén no carácter crítico e necesario do tratamento psicolóxico para abordar a motivación do doente, a conexión fundamental existente entre a variabilidade psicolóxica e o tratamento e a importancia esencial do tratamento psicolóxico na prevención de recaídas.

Moitas guías aínda que recoñecen a importancia do tratamento psicolóxico ao estar feitas por médicos, sitúan os fármacos como o elemento nuclear da intervención.

Aquí dispomos dunha Guía para o uso ambulatorio dos problemas relacionados co consumo de alcol, da que é autor o Doutor Flórez e que foi publicada pola Consellaría de Sanidade no ano dous mil oito.

Os tratamentos psicolóxicos con mais altos niveis e evidencia empírica e graos de recomendación son os seguintes:


- Entrevista e tratamento motivacional.
- Reforzamento comunitario.
- Control de continxencias.
- Terapia de exposición a pistas.
- Adestramento en habilidades sociais de afrontamento.
- Prevención de recaídas.
- Terapia condutual familiar.

Para maior concreción recomendo ollar as guías que aparecen na bibliografía.

Bibliografía

- Becona Iglesias, E. e Cortés Tomás, M. (2008). Guía clínica de intervención psicológica en adicciones. Valencia: Socidrogalcohol.
- Flórez Menéndez, G. (2008). Guía para o manexo ambulatorio dos problemas relacionados co consumo de alcol. Compostela: Consellaría de Sanidade, Xunta de Galicia.
- Pérez Álvarez, M., Fernández Hermida, J.R., Fernández Rodríguez, C. e Amigo Vázquez, I. (2003). Guía de tratamientos psicológicos eficaces I. Madrid: Pirámide.

EFICACIA DIFERENCIAL DO ADESTRAMENTO EN RELAXAMENTO EN PACIENTES DE COLITE ULCEROSA E DOENZA DE CROHN



Juan Carlos Fernández Méndez.

Universidad de A Coruña. Departamento de Psicología. Grupo de
Investigación en Psicología Clínica y de la Salud

E-mail: jcfernandez@udc.es

Berta Fernández Méndez y José Andrés Pérez Vidal

Centro de Psicología Cambio

RESUMO

Este estudo ten como propósito, en primeiro lugar, valorar a eficacia do adestramento en relaxamento en pacientes con doenzas inflamatorias intestinais para controlar o estrese e reducir a sintomatoloxía gastrointestinal e, en segundo lugar, determinar se existen diferenzas en canto á eficacia entre pacientes de colite ulcerosa e doenza de Crohn. Unha mostra formada por 29 pacientes en fase de actividade clínica sometidos a tratamento farmacolóxico para controlar a doenza dixestiva, foron asignados aleatoriamente a un grupo control ou a un grupo de tratamento. Os participantes do grupo tratamento recibiron adestramento en relaxación muscular progresiva ao longo de 10 sesións individuais. Encontráronse diferenzas significativas para o grupo experimental nas diversas fases do programa nos síntomas avaliados, pero non foi así no grupo control. Ademais, a relaxación resultou máis eficaz en pacientes con doenza de Crohn que de colite ulcerosa.

Palabras chave: Doenzas inflamatorias intestinais, Colite ulcerosa, Doenza de Crohn, Relaxamento e Estrese diario.

ABSTRACT

This study has like purpose, firstly, value the efficiency of the training in relaxation in patient with inflammatory bowel disease to handle the stress and reduce the sintomatología gastrointestinal and, second, determine himself exist differences regarding the efficiency between patient of ulcerative colitis and Crohn's disease. A sample formed by 29 patiens in phase of clinical activity submitted to treatment farmacológico to handle the digestive illness, were assigned aleatoriamente to a group control or to a group of treatment. The participants of the group treatment received training in progressive muscular relaxation along 10 individual sessions. They found significant differences for the experimental group in the diverse phases of the program in the symptoms evaluated, but was not like this in the group control. Besides, the relaxation resulted more effective in patient with Crohn's disease that of ulcerative colitis.

Key words: Inflammatory bowel disease, Ulcerative colitis, Crohn's disease, Relaxation and Daily stress.

Introdución

O termo “doenzas inflamatorias intestinais” (DII) emprégase para describir dúas patoloxías dixestivas de curso crónico, a “colite ulcerosa” (CU) e a “doenza de Crohn” (DC), doenzas debilitantes que se caracterizan pola inflamación do tubo dixestivo. Ambas patoloxías poden aparecer en calquera etapa do ciclo vital e presentan unha distribución similar en ambos sexos (Farrokhyar, Swarbrick e Irving, 2001). Aínda que a etioloxía permanece aínda descoñecida asúmese que os factores inmunolóxicos xogan un papel importante na orixe destas doenzas, sendo especialmente atractivo o concepto de patoxenia autoinmune coa descrición de autoanticorpos circulantes dirixidos contra as células epiteliais do intestino dos pacientes (Rodríguez, Sánchez e Rubio, 1995); patoxenia que parece gardar unha estreita relación coas infeccións, as hormonas femininas e o estrese (Steinman, 1993).

O estrese xoga unha baza importante no curso das DII. Tradicionalmente encontrouse relación entre eventos vitais estresantes e DII (Schwartz e Schwartz, 1982; Steinhausen e Kies, 1982), e máis recentemente o estudo lonxitudinal do estrese diario permitiu verificar a súa repercusión sobre a sintomatoloxía gastrointestinal (Duffi et al., 2001).

Este plantexamento levou aos investigadores a valorar a utilidade da intervención psicolóxica nestas patoloxías dixestivas. Unha boa parte dos estudos realizados analizan a eficacia dos programas multicomponentes de control do estrese na diminución da actividade clínica ao facilitar un afrontamento efectivo do mesmo (García Vega, 2003). Entre os componentes destes paquetes de tratamento encóntranse o psicoeducacional, as estratexias cognitivas de afrontamento, as habilidades sociais e as técnicas de relaxamento (Milne, Joachim e Niedhart, 1986; Schwarz e Blanchard, 1991; García Vega, 1995; Mussell, Böcker, Nagel, Olbrich e Singer, 2003; Díaz, Comeche e Mas, 2007), resultando deste xeito difícil dilucidar se todos os componentes contribúen igualmente á melloría ou, polo contrario, uns componentes teñen maior peso do que outros, resultando eficaces por si sós. Ademais, é importante concretar se o tratamento psicolóxico é igualmente eficaz en pacientes de CU e con DC. Neste sentido Schwarz e Blanchard no ano 1991 encontraron diferenzas en canto á resposta ao tratamento psicolóxico entre pacientes con DC e CU. Os pacientes con diagnóstico de DC responderon mellor a un programa multicomponente de control de estrese que os de CU, se ben é certo que ambos grupos informaron de reducións na dor abdominal despois do tratamento.

En base á nosa revisión, os obxectivos do presente estudo son, por unha parte, valorar a eficacia do adestramento en relaxamento entre pacientes con DII para controlar o estrese e reducir a sintomatoloxía gastrointestinal e, por outra, determinar se a relaxación é igualmente eficaz entre pacientes de CU e DC. Partimos do suposto de que niveis elevados de estrese poderían inducir a exacerbación da sintomatoloxía gastrointestinal, tal e como se documentou

máis arriba; polo tanto, unha maior habilidade para relaxarse podería tamén favorecer a redución dos niveis de estrese diario incidindo, á súa vez, na diminución da actividade clínica.

Método

Participantes

Un total de 29 pacientes (19 mulleres) diagnosticadas de DC ou CU que contaban cunha idade media de 37 anos ($DT = 7.5$), foron recrutadas a través da “Asociación de Doentes de Crohn e Colite Ulcerosa da Provincia de A Coruña”.

Instrumentos

Cuestionario específico sobre as DII.

Daily Stress Inventory (Brantley, Waggoner e Jones, 1988; Brantley e Jones, 1989).

Autorrexistros de síntomas das DII (intensidade e frecuencia da dor e deposicións).

Procedemento

As participantes foron asignadas de forma aleatoria ao grupo de tratamento ou ao grupo control, quedando formado o primeiro por 15 pacientes e o segundo por 14.

As pacientes do grupo experimental debían cumprimentar diariamente o DSI e os autorrexistros de síntomas ao longo das fases liña base, postratamento e seguimento. Logo dun período de 30 días de rexistro durante a fase pretratamento, pasouse á fase de tratamento.

Ao longo do período de tratamento os suxeitos foron adestrados de forma individual en relaxamento muscular progresivo (Smith, 1999 e 2001) ao longo de 10 sesións semanais de aproximadamente unha hora de duración. As pacientes debían seguir practicando diariamente o procedemento na súa casa valéndose dunha gravación. Ao concluír o tratamento rexistráronse tamén durante 10 días o estrese diario e os síntomas, facendo o mesmo aos 3 meses de seguimento.

Resultados

Encontráronse correlacións estatisticamente significativas entre estrese e as variábeis frecuencia de dor ($r_{xy} = 0.40$; $p < 0.01$), intensidade de dor ($r_{xy} = 0.38$; $p < 0.01$) e frecuencia diaria de deposicións ($r_{xy} = 0.04$; $p < 0.05$).

Realizáronse sucesivos contrastes non paramétricos utilizando para iso a proba F de Friedman para mostras relacionadas, verificándose que non existían diferenzas significativas entre os pacientes do grupo control e experimental ao inicio da investigación. Polo que respecta ao grupo tratado, aprécianse diferenzas significativas para as variábeis dependentes frecuencia de dor ($F = 10.53$; $p < 0.01$), intensidade de dor ($F = 12.84$; $p < 0.01$) e número de deposicións

($F = 5.73$; $p < 0.05$). Na Táboa 1 poden apreciarse os resultados en rangos promediados para o grupo experimental nas diversas fases do programa. Tal como pode observarse na Táboa 2 hai unha melloría na sintomatoloxía nas pacientes do grupo control, aínda que esa melloría non resultou estatisticamente significativa entre os diversos momentos de rexistro para ningunha das variábeis consideradas.

Tabla 1.- Rangos promedios do grupo tratado nas diversas fases do programa

FASES	VARIÁBEIS		
	Frecuencia de dor	Intensidad de dor	Número de deposicións
Pretratamento	2,67	2,73	2,47
Tratamento	1,80	1,77	1,60
Seguimento	1,53	1,50	1,93

Tabla 2.- Rangos promedios do grupo control nos diversos momentos do rexistro

MOMENTOS DE REXISTRO	VARIABLEIS		
	Frecuencia de dor	Intensidad de dor	Número de deposicións
Primeiro	2,36	2,36	1,93
Segundo	1,86	1,68	2,43
Terceiro	1,79	1,96	1,64

Cando as participantes que pertencían ao grupo tratamento foron divididas segundo o tipo de patoloxía gastrointestinal que padecían (DC ou CU), unicamente se encontraron mellorías estatisticamente significativas para o grupo de pacientes con DC nas diversas fases do programa

na variábel intensidade da dor abdominal ($F = 5.36$; $p < 0.01$), como pode apreciarse na Figura 1.




Figura 1. Variacións na intensidade de dor no grupo tratado

Conclusións e discusión

Destes resultados despréndese que os suxeitos con maiores niveis de estrese presentan maior actividade clínica da sintomatoloxía, máis concretamente, un número máis elevado de deposicións diarias así como maior frecuencia e intensidade da dor abdominal. O estrese psicosocial pode agravar as doenzas autoinmunes ao afectar a dúas glándulas cerebrais, o hipotálamo e a hipófise, que liberan á súa vez hormonas que favorecen a inflamación.

Tamén se verificou que o adestramento en relaxamento é eficaz para reducir as deposicións diarias, a frecuencia e a intensidade da dor abdominal en pacientes con DII; ademais, comprobouse que o tratamento resulta máis eficaz nas pacientes con DC que nas de CU. Os nosos resultados coinciden cos de dous estudos anteriores, onde fora valorada a eficacia da relaxación en pacientes diagnosticados de CU. No ano 1978 Susen publica un breve artigo onde se describe como a dor abdominal dunha paciente de CU diminuíu notabelmente despois de someterse a 12 sesións de adestramento autóxico, dor que desapareceu completamente ao cabo dun ano de seguimento. Pola súa parte, Shaw e Erlich (1987) tamén verificaron reducións estatisticamente significativas na dor abdominal de 20 pacientes de CU adestrados durante 6 sesións en relaxamento muscular progresivo, e que foron comparados cun grupo control formado tamén por outros 20 pacientes de CU, esta melloría mantívose ás seis semanas de seguimento.

No noso caso, porén, encontrouse que a relaxación alén de ser eficaz para reducir a dor abdominal, tamén o é para reducir o número diario de deposicións nunha mostra mixta composta por pacientes de CU e DC. Dos resultados da nosa investigación tamén se desprende que os pacientes diagnosticados de DC son os que máis se benefician da relaxación, mostrando


maior redución na intensidade da dor abdominal. Isto débese, probabelmente, á maior gravidade que acostuma revestir a DC.

Abrimos, pois, unha nova vía de investigación que require aínda ser replicada coa finalidade de responder novas preguntas acerca da eficacia da relaxación como único método de tratamento psicolóxico para o control do estrese e dos síntomas das DII, valorando se eses resultados poden variar dependendo do subtipo de patoloxía, DC ou CU, e se é igualmente eficaz para todos os síntomas das DII, tanto intestinais coma extradixestivas.

Bibliografía

- Brantley, P.J. y Jones, G.N. (1989). *The Daily Stress Inventory: Professional Manual*. Odessa: Psychological Assessment Resources, FL.
- Brantley, P.J., Waggoner, y Jones, G.N. (1988). A daily stress inventory: development, reliability and validity. *Journal of Behavioural Medicine*, 10, 61-74.
- Díaz, M.A., Comeche, M.I. y Mas, B. (2007). Tratamiento cognitivo-conductual protocolizado en grupo de las enfermedades inflamatorias intestinales. *Revista Española de Enfermedades Digestivas*, 99 (10), 593-598.
- Duffy, L.C., Zielezny, M. A., Marshall, J. R., Weiser, M. M., Phillips, J. F., Byers, T. E., Ogra, P. L. y Saxon, G. (2001). Comparison of stress indices in gauging clinical activity in patients with inflammatory bowel disease. *Journal o Traumatic Stress*, 5(4), 601-613.
- Farrokhyar, F.; Swarbrick, E. e Irvine, E. (2001). A critical review of epidemiological studies in inflammatory bowel disease. *Scandinavian Journal of Gastroenterology*, 36, 2-15.
- García Vega, E. (2003). Guía de tratamientos psicológicos eficaces en la enfermedad inflamatoria intestinal. En M. Pérez, J.R. Fernández, C. Fernández, I. Amigo (coord.), *Guía de tratamientos psicológicos eficaces II*. Madrid: Pirámide.
- García, E. (1995). Intervención psicológica en la enfermedad de Crohn. *Análisis y Modificación de Conducta*, 21, 99-121.
- Milne, B.; Joachim, G. y Niedhardt, J. (1986). A stress managemet programme for inflammatory bowel disease patients. *Journal of Advanced Nursing*, 11, 561-567.
- Mussell, M., Böcker, U., Nagel, N., Olbrich, R. y Singer, M.V. (2003). Reducing psychological distress in patients with inflammatory bowel disease by cognitive-behaviorural treatment: exploratory study of effectiveness. *Scandinaviam Journal of Gastroenterology*, 38, 755-762.
- Rodríguez, M.M., Sánchez, S.E. y Rubio, B.M. (1995). El sistema inmune en la enfermedad inflamatoria intestinal. En V.González Lara (Ed.), *Enfermedad Inflamatoria Intestinal*(pp. 29-49). Madrid: Ergon.
- Schwartz, R.A. y Schwartz, I.K. (1982). Psychiatric disorders associated with Crohn's disease. *International Journal of Psychiatry in Medicine*. 12 (1), 67-73.
- Schwarz, S.P. y Blanchard, E.B. (1991). Evaluation of a psychological treatment for inflammatory bowel disease. *Behavioural Research and Therapy*, 29(2), 167-177.
- Shaw, L. y Ehrlich, A. (1987). Relaxation training as a treatment for chronic pain caused by ulcerative colitis. *Pain*, 29, 287-293.
- Smith, J. (2001). *Entrenamiento ABC en relajación*. Bilbao: Desclée de Brouwer.
- Smith, J.C. (1999). *ABC relaxation training. A practical guide for health professionals*. New York: Springer Publising Company.
- Steinhausen, H. y Kies, H. (1982). Comparative studies of ulcerative colitis and Crohn's disease in children and adolescents. *Journal Children Psychology and Psychiatry*, 23 (1), 33-42.
- Steinman, L. (1993). Autoinmunidad. *Scientific American (edic. española)*. 206, 68-78.
- Susen, G.R. (1978). Conditioned relaxation in a case of ulcerative colitis. *Journal Behavior Therapy and Experimental Psychiatry*, 9 (3), 283.

TRATAMENTO COGNITIVO-CONDUTUAL EN FORMATO GRUPAL DO TRANSTORNO OBSESIVO-COMPULSIVO: PRIMEIRO ACHEGAMENTO



María Rosa Pizà

Psicóloga Clínica USM Son Pisà-C.S. Calvià

Profesora asociada de la Universidad de les I. Balears

Carmen Bermúdez de la Puente Andión

Psicóloga Interna Residente Hospital Son Dureta

RESUMO

Obxectivos: Abordar o tratamento do transtorno obsesivo-compulsivo (TOC) desde un formato grupal.

Obxectivos específicos: Comprobar: diminución de niveis de ansiedade, dos rituais, un mellor control de obsesións, redución de estratexias de afrontamento, escape-evitación, asociadas aos rituais compulsivos.

Deseño e método: Mostra formada por 4 pacientes con criterios de TOC, que reciben ademais tratamento individual e farmacolóxico complementario. Grupo heteroxéneo en cronicidade, comorbilidade con outros transtornos, subtipo clínico, idade e sexo. A cada suxeito sonlle realizadas dúas avaliacións: unha pre e outra post-tratamento. O programa grupal ten unha duración de dous anos, aberto a novas incorporacións.

Resultados: Diminución de síntomas específicos do transtorno e dos niveis de ansiedade basal.

Conclusións: O formato grupal de intervención para o TOC mostrouse eficaz para a redución sintomatolóxica, para unha maior comprensión do transtorno e o seu funcionamento. O tamaño da mostra non permite establecer conclusións significativas, pero a análise preliminar dos datos amosa resultados prometedores.

Palabras chave: *Transtorno Obsesivo-Compulsivo, Tratamento Cognitivo-condutual, Tratamento Grupal, exposición, prevención de resposta.*

ABSTRACT

Objectives: To test the effectiveness of group cognitive-behavioural therapy for obsessive-compulsive disorder (OCD).

Specific objectives: To prove the reduction of anxiety levels and compulsions, as well as to improve the capacity of coping with obsessive thoughts.

Design and method: The sample was formed by 4 patients, all of them affected by OCD. All of them also follow individual and pharmacology therapy. Taking into account parameters such as chronicity, comorbidity with other disorders, age and sex, this is a heterogeneous group. Each participant was evaluated pre- to post-treatment. It is a two years therapy and additional patients can access treatment at anytime.

Results : The OCD specific symptoms, as well as anxiety levels, were reduced.

Conclusion: The group cognitive-behavioural therapy for OCD has proved to be effective, as a significant symptomatology reduction could be observed. The patients are able to understand more about their disorder. The small size of the sample doesn't allow us to establish final conclusions, but the preliminary data analysis shows good results.

Key words: Obsessive-compulsive disorder; Cognitive-behavioural treatment; Group treatment, exposition, response prevention.

Xustificación teórica

O transtorno obsesivo compulsivo (TOC) é un dos problemas de ansiedade máis sobresaíntes. Caracterízase pola presenza de obsesións e de compulsións recorrentes, que producen malestar no individuo e marcada interferencia na súa vida cotiá.

A abordaxe terapéutica do transtorno obsesivo compulsivo presentou numerosas dificultades desde os seus inicios, debido á complexidade do propio transtorno e á falta de teorías explicativas do mesmo. As aproximacións de corte psicodinámico non producían cambios significativos e duradeiros, así como tampouco as primeiras tentativas desde o modelo condutual, baseadas no control de continxencias.

O tratamento do TOC tivo un impulso significativo mediada a década dos 60 coa aplicación dos procedementos de exposición con prevención de resposta. Ao traballo pioneiro de Meyer en 1966 seguiríanlle moitos outros que acabarían por caracterizar este tratamento como o tratamento de elección no TOC, incluso con seguimentos de 3 anos. Porén, a pesar dos seus beneficios e da súa eficacia, entre o 20 e o 25% dos pacientes con TOC que se presentan inicialmente para terapia condutual rexétana, e entre os que comezan o tratamento, entre o 20 e 30% non completan o programa ou non responden ao mesmo. Os programas máis intensivos poden reducir a taxa de resposta negativa, pero non a de rexeitamento. Polo tanto, moitos pacientes continúan experimentando síntomas crónicos que interfíren no seu funcionamento socio-familiar.

A aparición de TOC a unha idade precoz en moitos varóns contribúe a un maior illamento social durante a adolescencia, etapa na que se aprenden as habilidades sociais.

É por iso que unha intervención en formato grupal, como unha rede social de fácil acceso, pode ser especialmente apropiada para os pacientes con TOC. Un grupo de apoio pode aumentar a motivación ao cambio por comparación entre os distintos membros do grupo, á vez que facilita condutas de modelado. Yalom identificou “factores curativos” comúns en todo grupo de terapia: a) infundir esperanza, b) comportamento imitativo, c) transmisión de información, d) universalidade, e) desenvolvemento de técnicas de socialización, f) cohesión do grupo, g) catarse, e h) altruísmo. Algúns destes factores son potentes forzas nos grupos de tratamento condutual para os pacientes con TOC.

Por outro lado, nos últimos anos obsérvase unha crecente preocupación polos gastos sanitarios, que fai que os tratamentos grupais de tempo limitado teñan un considerábel potencial para reducir os custos sen sacrificar os beneficios.

A utilidade dos tratamentos condutuais en grupo estudouse para outros transtornos de ansiedade, pero aínda son escasas as referencias que o relacionan co TOC, e a maior parte destes estudos non son controlados.

Os resultados encontrados até o momento van na liña da eficacia da intervención grupal para o TOC, con resultados similares á individual; polo tanto, preséntase como unha alternativa con éxito clínico e rentabilidade/eficacia de custo, ao tratamento individual estándar.

Como sinalaron Kobac, Rock e Greist, alén do menor custo, algúns aspectos da terapia condutual en grupo poden mellorar os resultados obtidos en formato individual: a) a oportunidade para axudar a outros membros do grupo, coa conseguinte mellora da autoestima e redución da desmoralización e o illamento b) Aprendizaxe vicario doutros membros, c) comprobación consensuada da realidade con respecto a obsesións e a compulsións, d) flexibilidade de roles, e) cohesión grupal, que aumenta a motivación para completar as tarefas para a casa e alcanzar os obxectivos ligados a estas.

É evidente que se precisan máis estudos controlados sobre os beneficios das intervencións condutuais en grupo, especificadas claramente, pero os resultados obtidos até o momento parecen abrir unha nova vía terapéutica eficiente e adaptada ás demandas actuais do sistema público sanitario.

Obxectivos e hipóteses

O obxectivo principal da intervención grupal sería demostrar a súa eficacia diferencial fronte á intervención individual. A consecución deste obxectivo implicaría unha optimización do tempo de traballo do profesional psicólogo, o que aumentaría a eficiencia deste tipo de intervencións fronte ás individuais, e como complemento destas.

Consideraremos que a intervención resultou eficaz, se con ela conseguimos reducir a sintomatoloxía asociada ao TOC (obsesións e compulsións) e os niveis de ansiedade.

Metodoloxía

Participantes

Poboación de entre 18 e 75 anos da zona de saúde mental de Son Pisà, especialmente dos municipios de Calvià e Andratx por proximidade xeográfica, derivados polo seu médico de familia ou polo seu psiquiatra.

Os participantes debían ter como diagnóstico principal, segundo criterios do DSM-IV-TR o de Transtorno Obsesivo Compulsivo. O rango de idade dos participantes é de 25 a 58 anos cunha media de 39 anos, e está formado por tres homes e tres mulleres. Todos eles presentan unha evolución de anos.

Medidas

Realizáronse as seguintes medidas pre e post tratamento:

- State Trait Anxiety Inventory (STAI) de Spielberger: Este inventario autoavalía a ansiedade como estado emocional transitorio, caracterizado por sentimentos subxectivos, conscientemente percibidos de aprensión e por hiperactividade do sistema nervioso autónomo (Ansiedade/estado); e como trazo latente (Ansiedade/trazo), propensión ansiosa, relativamente estábel, que caracteriza aos individuos con tendencia a percibir as situacións como ameazadoras.
- Yale-Brown Obsessive Compulsive Scale (Y-BOCS): Esta escala foi creada para valorar a severidade das obsesións e compulsións nos pacientes previamente diagnosticados de TOC.

Procedemento

Inicialmente realízase unha entrevista individual con cada un dos pacientes para determinar a súa historia clínica e realizar a avaliación pre tratamento.

Realizáronse dez sesións semanais dunha hora de duración, en formato grupal nas que se abordan aspectos de psicoeducación e motivación. Unha vez desenvolvidas as dez sesións pásase a unha fase de seguimento cunha sesión mensual dunha hora e media de duración. Paralelamente, con cada un dos integrantes do grupo realízase unha sesión mensual de 30 minutos para abordar aspectos particulares do tratamento en función de cada caso e das dificultades que presente.

Todas as sesións grupais se inician coa revisión de obxectivos terapéuticos establecidos na sesión anterior e a revisión das tarefas establecidas, a continuación desenvólvese o contido propio de cada sesión (que se detalla a continuación) e finalízase a sesión establecendo obxectivos terapéuticos semanais e tarefas a cumprimentar inter-sesións.

Sesión 1. (presentación do grupo e de cada un dos compoñentes do mesmo).

- Características das obsesións
- Obsesións versus preocupacións

Sesión 2:

- Características das compulsións mentais
- Relación entre obsesións e compulsións

Sesión 3

- Relación con outros transtornos psicolóxicos
- Crenzas disfuncionais
- Mantemento do transtorno

Sesión 4

- Tratamento das obsesións con ritual motor
- Tratamento das obsesións sen ritual motor

Sesión 5

- Ver o filme “Mellor imposible” co obxectivo de identificar conxuntamente os conceptos psicoeducativos abordados nas sesións anteriores.

Sesión 6

- Adestramento en exposición e prevención de resposta en vivo e en imaxinación.
- Especial incidencia en evitar os rituais de reaseguración.

Sesión 7

- Técnicas cognitivas específicas:
 - -fusión pensamento-acción probabilística
 - -fusión pensamento-acción moral
 - -identificar o pensamento máxico ou supersticioso.

Sesión 8

- Responsabilidade
 - -Técnica pé de atribución de responsabilidade dun suceso.
 - -Técnica de duplo estándar a único estándar

Sesión 9

- Perfeccionismo
 - -“Permítete cometer erros ou deixar unha tarefa inacabada coma se fose un experimento”

Sesión 10



- Control de emocións dispraceiteiras e tolerancia ao malestar (ansiedade, culpa e vergoña de ter o transtorno)

Resultados


Resultados STAI:

A hipótese establecida é que exista alta correlación de ansiedade no TOC (compoñente estrutural do transtorno) e alta comorbilidade con outros Transtornos de ansiedade.


As puntuacións obtidas en todos os casos clínicos, tanto na fase pre coma post, son moi altas en ambas escalas, con lixeiro predominio da escala trazo (predisposición á ansiedade) sobre a de estado (ansiedade transitoria).



A alteración de puntuacións na escala de trazo indicaría un cambio no control de ansiedade máis a longo prazo, co que sería unha medida máis fiábel para a valoración da eficacia da intervención psicolóxica.




Establécese a hipótese que a medida que diminúan as obsesións e compulsións a ansiedade estado descenderá. No seguinte gráfico obsérvase que a ansiedade estado diminúe lixeiramente na situación de post tratamento.



Resultados y-BOCS

A hipótese que se establece é que a severidade dos síntomas, tanto en obsesións coma en compulsións, diminuírá na fase de post tratamento, demostrando a eficacia do tratamento.

No seguinte gráfico pode observarse como as puntuacións do Y-BOCS post tratamento son significativamente máis baixas que o pre-tratamento.



Conclusiones

Nos resultados expostos pode apreciarse melloría clínica tanto en niveis de ansiedade estado/trazo coma na severidade de sintomatoloxía obsesivo-compulsiva. Non obstante, debido ao reducido número de casos que conforman a mostra, estes resultados non poden extrapolarse á poboación xeral, polo que non podemos falar de significación estatística.

Respecto ás hipóteses establecidas, obsérvase que a ansiedade estado se reduciu en todos os casos clínicos, cunhas diferenzas que oscilan entre 10 e 45 puntos (nunha escala de 0 a 100). Loxicamente ao reducir os pensamentos obsesivos a ansiedade producida por eles e que se ve reflectida na medida de ansiedade /estado deberá reducirse igualmente.

Obsérvase, así mesmo, unha redución dos niveis basais de ansiedade en todos os casos clínicos, con niveis que oscilan entre 1 e 34 puntos.

Todos os casos clínicos diminuíron a severidade dos síntomas do TOC. Inicialmente, todos eles presentaban índices de severidade de TOC moi grave; no post tratamento un caso clínico presenta TOC moderado e tres deles TOC leve. Constátase marcada melloría.

Tendo en conta as limitacións do estudo, ao non contar cunha mostra de poboación estatisticamente significativa, consideramos prematuro extrapolar estes datos á poboación xeral. Non obstante, os obxectivos que nos plantexamos para valorar a eficacia do grupo cumpríronse satisfactoriamente. Isto levaríanos a aceptar a hipótese de que a intervención grupal de corte cognitivo-condutual é eficaz para a abordaxe do transtorno Obsesivo-Compulsivo.

Como todos os casos clínicos estaban en tratamento individual ao iniciar o grupo (valores iniciais 2006) mantendo a severidade do TOC moi grave, podemos concluír que a melloría sintomatolóxica se debe á eficacia diferencial da terapia grupal de corte cognitivo condutual. Algúns aspectos da terapia condutual en grupo poden mellorar os resultados obtidos en formato individual: a) a oportunidade para axudar a outros membros do grupo, coa conseguinte mellora da autoestima e redución da desmoralización e o illamento b) aprendizaxe vicario de outros membros, c) comprobación consensuada da realidade con respecto a obsesións e a compulsións, d) flexibilidade de roles, e) cohesión grupal, que aumenta a motivación para completar as tarefas para a casa e alcanzar os obxectivos ligados a estas.

En resumo, o tratamento cognitivo-condutual pode aplicarse eficazmente utilizando a modalidade grupal. Polo tanto, a terapia condutual en grupo preséntase como unha alternativa con éxito clínico e rentabilidade/eficacia de custo ao tratamento individual estándar.

É evidente que se necesitan máis estudos controlados sobre os beneficios das intervencións cognitivo-condutuais en grupo, especificadas claramente, pero os resultados obtidos até o momento parecen abrir unha nova vía terapéutica eficiente e adaptada ás demandas actuais do sistema público sanitario.

Bibliografia

Kobak, K.A., Rock, A.L., Greist, J.H. (1995) *Group behaviour therapy for obsessive-compulsive disorder*. J Special Group Work, 20(1),26-32.

Yalom, I.D. (1985) *The theory and practice of group psychotherapy*. Basic Books: New York.

Da psicopatoloxía e do psicodiagnóstico



O TRANSTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDADE NA GALICIA DE HOXE

O TRANSTORNO DE DÉFICIT DE ATENCIÓN SEN HIPERACTIVIDADE COMO UN TRANSTORNO NEUROBIOLÓXICO E CONDUTUAL DIFERENTE DO DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDADE

TRANSTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDADE E TRANSTORNOS COMÓRBIDOS: ESPECIFICIDADE DOS DÉFICITS DE ATENCIÓN SOSTIDA E INHIBICIÓN DE RESPOSTAS

PERFÍS DE ATENCIÓN E INHIBICIÓN DE RESPOSTAS NOS SUBTIPOS DE TRANSTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDADE

APLICACIÓNS CLÍNICAS DA INVESTIGACIÓN NEUROPSICOLÓXICA

EFICACIA DA AVALIACIÓN NEUROPSICOLÓXICA PRECIRÚRXICA NO PROGRAMA DE CIRURXÍA DA EPILEPSIA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO (CHUS): CONVERXENCIA CON OUTROS ÍNDICES NA HIPÓTESE DE LATERALIZACIÓN

CONTRIBUCIÓN DA NEUROPSICOLOXÍA AO ESTUDO DO ICTUS

CIRURXÍA DA EPILEPSIA: CONSECUCENCIAS NAS FUNCIÓNS COGNITIVAS

INFLUENCIA DA VELOCIDADE DE PROCESAMENTO NOS PROCESOS MNÉSICOS DESPOIS DUN DANO CEREBRAL

DIFICULTADES NA RESPOSTA SEXUAL DAS PERSOAS MAIORES

SCREENING AFECTIVO-CONDUTUAL DE PERSOAS MAIORES DE 60 ANOS DA CIDADE DA CORUÑA

ADOLESCENTES NO LÍMITE: ENTRE A PSICOPATOLOXÍA E A DELINCUENCIA. RELACIÓN ENTRE PSICOPATOLOXÍA ADOLESCENTE, DELINCUENCIA E CONTEXTO SOCIO-FAMILIAR

ESTUDO EPIDEMIOLÓXICO DE PSICOPATOLOXÍA INFANTO-XUVENIL

TRANSTORNOS DA PERSONALIDADE NA ADOLESCENCIA

PERFIL DA FAMILIA E AFECTADOS/AS NA ASOCIACIÓN GALEGA DE TRANSTORNOS DA PERSONALIDADE (TP-GALICIA)

A AVALIACIÓN PSICOPATOLÓXICA NO CAMPO DAS ADICIÓNS

A AUTOESTIMA PERANTE A PRESENZA DE OBESIDADE INFANTIL: UN ESTUDO COMPARATIVO

TRANSTORNOS DO COMPORTAMENTO ALIMENTARIO EN SUXEITOS XÓVENS CON DM TIPO I

AMIGOS IMAXINARIOS, PSICOSES E IDENTIDADE MÚLTIPLE

RELACIÓN ENTRE PERFECCIONISMO, RUMINACIÓN E SINTOMATOLOXÍA DEPRESIVA NUNHA MOSTRA DE ESTUDANTES UNIVERSITARIOS

PAPEL DO PERFECCIONISMO, OS MECANISMOS DE DEFENSA DO EU E A SINTOMATOLOXÍA DEPRESIVA

PERCEPCIÓN DE EXPRESIÓN DE EMOCIÓNS, SINTOMATOLOXÍA E ESTILOS DE AFRONTAMENTO NUNHA MOSTRA DE PACIENTES CON TRANSTORNOS ANSIOSO-DEPRESIVOS

RELACIÓN ENTRE ESTILOS DE AFRONTAMENTO E INTENSIDADE SINTOMATOLÓXICA EN PACIENTES CON TRANSTORNOS ANSIOSO-DEPRESIVOS

UNHA DOR DESAUTORIZADA

A RESPONSA DE SEPARACIÓN MATERNA: A RATA OU O DIVÁN

CRENZAS METACOGNITIVAS COMO PREDICTORES DE PROPENSIÓN A DELIRIOS

UN CASO DE DELIRIO QUERULANTE: “O TEMA”

PROPENSIÓN A ALUCINACIÓNS NUNHA MOSTRA DE ESTUDANTES UNIVERSITARIOS



O TRANSTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDADE NA GALICIA DE HOXE



**Jacinto Casas Araújo; Mabel Roca; Rosa Marnotes Fernández;
Laura Montero Castro; Raquel E. San José; Teba Gúrpide Laspalas**

Psicólogos/as clínicos/as

Isabel Figueroa Matallín; Daniel Latorre Rodríguez; Patricia M^a

Tamara Rego Ribeiro

Residentes de Psicología Clínica

RESUMO

Co fin de comparar as indicacións sinaladas pola literatura científica coa realidade actual en Galiza respecto do Transtorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH), este traballo tenta mostrar os resultados dunha revisión bibliográfica sobre este transtorno e dun estudo de campo nas distintas áreas vinculadas ao mesmo (sanitaria, educativa e familiar).

Palabras chave: TDAH, revisión, sanidade, educación, familia.

ABSTRACT

To compare the information marked by the scientific literature with the current reality in Galicia in respect of the Attention Deficit Hyperactivity Disorder (ADHD), this paper attempts to show the results of a review of this disorder and a field study in various areas linked to ADHD (health, educational and family).

Key words: ADHD, review, health, education, family.

Introdución

O Transtorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) é un dos diagnósticos máis controvertidos na poboación infanto-xuvenil.

A laxitude nos criterios para a súa detección derivan nun importante desacordo entre os/as distintos/as profesionais á hora de facer o diagnóstico, o que se reflicte na disparidade de prevalencias neste transtorno.

Son diferentes as formas de actuar perante o TDAH: intervencións psicoeducativas, farmacolóxicas, psicoterapia... Dentro desta última, son notábeis tamén as diverxencias en canto ao tipo de abordaxe proposto.

Todo iso fai que o TDAH sexa unha entidade difusa, existindo unha importante heteroxeneidade na súa conceptualización, desde aqueles/as que dubidan da propia existencia do transtorno até os que reclaman a necesidade de unidades de tratamento específicas para o mesmo.

Obxectivos

A finalidade deste traballo é facer unha revisión crítica da literatura científica sobre o TDAH e unha valoración da realidade na nosa Comunidade baseándonos en dita revisión.

Metodoloxía

Para acadar o obxectivo plantexado dividimos a investigación en distintos subapartados:

- Revisión bibliográfica: guía NICE, revisións e metaanálises publicadas desde a realización desta guía (xaneiro 2008) até xaneiro de 2009.
- Atención Primaria: estudo exploratorio a través dun inquérito de elaboración propia a unha mostra representativa e aleatorizada extraída do total de pediatras de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde.
- Saúde Mental: estudo exploratorio a través dun inquérito de elaboración propia ao total de facultativos/as das Unidades de Saúde Mental que atenden a poboación infanto-xuvenil.
- Orientadores/as escolares: estudo exploratorio a través dun inquérito de elaboración propia a unha mostra representativa e aleatorizada extraída do total dos centros de ensino públicos de Primaria e Secundaria de Galiza.
- Familia: estudo exploratorio a través dun inquérito de elaboración propia a pais/nais de nenos/as diagnosticados de TDAH que acudiron a consulta nas USM Infanto-Xuvenís de Ourense e Pontevedra durante o mes de febreiro de 2009.

Resultados

Revisión bibliográfica

Diagnóstico: o diagnóstico do TDAH segue sendo, na actualidade, obxecto de considerábeis debates, chegando incluso a cuestionarse a validez do transtorno. Existen numerosas áreas de controversia, que son expostas no presente traballo, desde as altas e variábeis taxas de prevalencia, a non aclarada etioloxía, e a abundante comorbilidade, até os criterios diagnósticos do transtorno, tal e como se definen nas actuais clasificacións diagnósticas (DSM-IV-TR y CIE-10).

A súa prevalencia varía segundo os estudos entre o 1,4% e o 17%, o cal fai pensar que se estean incluíndo nas mostras suxeitos con outras patoloxías e/ou suxeitos dentro do espectro da normalidade.

Existen dificultades técnicas para chegar ao diagnóstico, posto que este só se acada mediante a entrevista clínica; xa que non existe ningunha proba de laboratorio (marcador biolóxico específico) ou test psicolóxico que nos permita confirmar o transtorno. Aínda que os criterios diagnósticos esixen a presenza dos síntomas (hiperactividade, impulsividade e falta de atención) en diferentes contextos e un deterioro significativo na vida do neno, o certo é que non existe ningún instrumento para valorar a súa presenza e o seu grao. Ademais, constátase que a concordancia entre os/as diferentes avaliadores/as dos síntomas (familia, profesorado e clínicos/as) é baixa.

Non hai unanimidade na comunidade científica sobre a existencia desta categoría diagnóstica. Así, e fronte ás clasificacións oficiais (DSM e CIE), outras correntes de pensamento cuestiónanse a existencia do TDAH como entidade clínica, entendendo que estaríamos perante un grupo de síntomas que poden pertencer a moi diferentes condicións médicas, emocionais e psicosociais do/a neno/a.

Tratamento: parece existir acordo respecto á efectividade da farmacoloxía na redución de síntomas do TDAH. Actualmente, considérase que os estimulantes e a atomoxetina son os tratamentos máis consolidados para o transtorno. A pesar disto, unha alta porcentaxe de nenas/os non se beneficia deste tipo de intervención ou resístese ao seu emprego. Maior problema presentan as intervencións psicolóxicas, xa que os estudos que analizan a súa eficacia inclúen, en moitas ocasións, a nenos/as que reciben distintas doses e diferentes tipos de medicación, non describen de forma clara en que consisten estas intervencións, empregando ademais mostras reducidas.

As intervencións psicolóxicas que máis atención están a recibir na investigación e das que a súa eficacia parece estar máis demostrada son as baseadas nos principios condutuais; en concreto, o adestramento a pais/nais e o adestramento do profesorado para o manexo na clase. A

evidencia actual parece apoiar o emprego de tratamentos multimodais máis que intervencións farmacolóxicas ou condutuais por si soas.

Atención Primaria

Detección: O 26,5% dos/as pediatras que responderon ao inquérito consideran que a detección do TDAH debe facerse desde Atención Primaria, fronte o 23,5% que consideran que esta debe facerse desde Atención Especializada (USM). O 11,16% cre esencial a coordinación entre os dous niveis mencionados.

Derivación: o 48,5% fai a derivación á Especializada para confirmar o diagnóstico; fronte ao 27,3% que diagnostica e posteriormente deriva para o tratamento. O 23,2% asume o diagnóstico e tratamento, derivando só en casos moi específicos.

Diagnóstico: O 45,7% considera que o TDAH está infradiagnosticado, o 22,9% cre que hai falsos positivos, e o 28,5% sinala un mal diagnóstico do mesmo.

Tratamento: O 60% considera como intervención de primeira liña a farmacoloxía. O 28,6% consideran fundamental o tratamento combinado.

O 77,1% prescribe medicación e un 45,7% complementaa con psicoeducación.

Valoracións: o 61,8% considera que a prevalencia do diagnóstico de TDAH aumentou nos últimos anos, fundamentalmente polo maior coñecemento respecto ao mesmo.

Saúde Mental

– O 92,86% dos/as facultativos/as observan que a principal demanda prodúcese desde o ámbito escolar. Un 85,71% considera que a maior frecuencia do diagnóstico faise entre os 8 e 12 anos.

– O diagnóstico de TDAH é empregado polo 64,28%, tendo o 57,14% como referencia o DSM. O 85,71% é da opinión de que existe un sobrediagnóstico e o 78,57% de que o diagnóstico aumentou nos últimos 5 anos.

– Os transtornos comórbidos máis frecuentes que se atopan son os da aprendizaxe, segundo o 92,86% dos/as profesionais; os disociais (na acepción ampla da categoría F91 da CIE-10), segundo o 92,86%; e os afectivos, segundo o 42,85%.

– Os transtornos que presentan maior dificultade para o diagnóstico diferencial son os disociais, segundo o 64,28% dos/as profesionais; os da aprendizaxe, segundo o 57,14%; e os afectivos, segundo o 57,14%.

– O 71,42% consideran que a primeira consulta pode facerse indistintamente polo psicóloga/o clínico/a ou psiquiatra.

– O 50% cre que a intervención máis axeitada é a combinación de farmacoterapia, psicoterapia e psicoeducación. Dentro das intervencións non farmacolóxicas, o 71,42% considera como máis importante a psicoeducación.

Orientadores/as escolares

- Detección: O 42,3%, perante a sospeita de TDAH, informa á familia e deriva a Unidades de Atención Especializada para posterior tratamento. O 21,4% fai o diagnóstico.
- Diagnóstico: O 64,3% cre que existe un sobrediagnóstico de TDAH, englobando neste transtorno outras manifestacións que deberían formar parte doutros transtornos.
- Intervención: O 51,04% intervén sobre as dificultades na aula. O 53,8% inclúe a intervención familiar como primeira opción á hora de abordar este transtorno por parte de todos/as os/as profesionais implicados/as. Só un 10,7% consideran o tratamento farmacolóxico como a intervención prioritaria. Do resto de orientadores/as só contemplan a intervención farmacolóxica un 18%, e sempre que se trate de casos dunha intensidade grave.
- O 48% considera como barreira máis importante na abordaxe do transtorno a falta de coordinación cos equipos especializados que fan a intervención clínica.
- Por último, o 46,2% cre que o diagnóstico aumentou nos 5 ou 10 últimos anos.

Familias

- O 82,36% das familias consideran que as/os nenas/os presentan nalgún grao, consciencia do transtorno.
- O 52,94% consideran positiva, pero mellorábel a preocupación dos dispositivos polo impacto do TDAH na familia.
- O 58,82% móstranse satisfeitos coa información recibida nos dispositivos asistenciais.
- O 88,23% cren que son poucos ou moi insuficientes, os recursos da comunidade.

Conclusiones

A través dos inquéritos obtivéronse uns resultados preliminares que se poden relacionar coas conclusións descritas pola revisión bibliográfica. Tendo en conta as limitacións desta investigación, cos datos obtidos até o momento podemos concluír que:

- existe desacordo entre profesionais da Saúde Mental á hora de recoñecer o TDAH como unha entidade diagnóstica.
- os/as profesionais da Saúde Mental consideran que a escola é o principal foco de demanda, moi por riba da propia familia; o que apunta á falta de concordancia atopada entre os diferentes avaliadores/as dos síntomas do/a neno/a (familia, profesorado, clínicos/as).
- diferenzas na estimación da prevalencia segundo os/as diferentes profesionais, xa que tanto orientadores/as e clínicos/as cren que hai un sobrediagnóstico (posibelmente pola dificultade no diagnóstico diferencial) e os/as pediatras un infradiagnóstico do TDAH.

Á vista dos resultados, semella que as controversias que rodean o diagnóstico e o control do TDAH non están, no momento actual, nin moito menos resoltas. A nosa realidade reflicte a falta

de acordo acerca de que profesionais deben realizar o diagnóstico, ou que criterios se deben seguir á hora de facelo; así como tamén existen discrepancias acerca de quen deben ser os/as responsábeis do tratamento, e de cales son as liñas de actuación a seguir. Pensamos que estas distintas formas de entender o transtorno e o seu control están dificultando a colaboración entre os/as distintos/as profesionais implicados, o que repercute no/a neno/a con TDAH e nas súas familias.

Somos conscientes do ambicioso das pretensións iniciais deste estudo e das nosas limitacións á hora da súa posta en marcha. Esperamos que estes datos preliminares sirvan como unha primeira aproximación á realidade actual do TDAH en Galiza e para promover futuras investigacións ao respecto.

Agradecemos ao Complexo Hospitalario de Ourense o seu apoio loxístico e ás familias e profesionais a súa colaboración nos distintos estudos de campo deste traballo.

Bibliografía

- Antshel K.M., Barkley R.(2008).Psychosocial interventions in attention deficit hyperactivity disorder.*Child and Adolescent Psychiatric Clinics of North America*. 17(2):421-37.
- Barbesi, W.J., Katusic, S.K., Colligan, R.C., Pankratz, S., Weaver, A.L., Weber, K.J., et al. (2002). How common is attention-deficit/hyperactivity disorder?. *Archives Pediatric Adolescent Medicine*; 156: 217-24.
- Barbesi, W., Katusic, S., Colligan, R., Weaber, A., Pankratz, V., Mrazek, D., et al. (2004). How common is attention-deficit/hyperactivity disorder? Towards resolution of dee controversy: results from a population-based study. *Acta Pediatrics Supplementary*. 93:55-9.
- Barkley, R.A.(2008).Global issues related to the impact of untreated attention-deficit/hyperactivity disorder from childhood to young adulthood. *Postgraduated Medicine*.120(3):48-59
- Biederman, J., Spencer, T.J.(2008).Psychopharmacological interventions.*Child and Adolescent Psychiatric Clinics of North America*. 17(2):439-58
- Brown, R.T., Freeman, W.S., Perrin, M.T., Amler, R.W., Feldman, H. Et al. (2001). Prevalence and assessment of attention-deficit/hyperactivity disorder in primary care settings. *Pediatrics*; 107-43.
- Cardo E., Servera, M.(2008).Attention deficit hyperactivity disorder: the state of the matter and further research approaches.*Rev Neurol*. 16-31;46(6):365-72
- Cardo, E. e Servera-Barceló, M. (2005). Prevalencia del trastorno de déficit de atención e hiperactividad. *Revista de Neurología*; 40 (supl 1) S11- S15.
- Connor, D.F. (2002). Preschool attention deficit hyperactivity disorder: a review of prevalence, daignosis, neurobiology and stimulant treatment. *Journal of Developmental and Behavioural Pediatric*. 23: 1-9.
- Cormier E.(2008). Attention deficit/hyperactivity disorder: a review and update. *Journal of Pediatric Nursing*. 23(5):345-57. Review.
- Escobar Fernández E, Martín Lunar M, Alcainar Prosper T. (2004). TDHA en el niño. 5º Congreso Virtual de Psiquiatría. *Interpsiquis*. Ref Type: Electronic Citation.
- Evans, S.W., Schultz, B.K., Sadler, J.M.(2008).Psychosocial interventions used to treat children with ADHD: safety and efficacy.*Journal of Psychosocial Nursing and Mental Health Services*, Vol. 46 No. 8
- Findling, R.L.(2008) Evolution of the treatment of attention-deficit/hyperactivity disorder in children: a review.*Clinical Therapeutics*, 30(5):942-57.
- Foy, J.M. and Earls, M.F. (2005). A process for developing community consensus regarding the diagnosis and management of attention-deficit/hyperactivity disorder. *Pediatrics*; 115: 97-104.
- Furman LM.(2008).Attention-deficit hyperactivity disorder (ADHD): does new research support old concepts?
Journal Child Neurology.23(7):775-84
- Goffman, E. (1989). *Estigma. La identidad deteriorada*. Buenos Aires: Amorrortu.
- Kaiser,N.M., Hoza,B., Hurt, E.(2008).Multimodal treatment for childhood attention-deficit/hyperactivity disorder.*Expert Review of Neurotherapeutics*Vol. 8, No. 10, 1573-1583
- Kalinger, F. (1997). *Investigación del comportamiento*. México D.F.: McGraw Hill.
- Knight,L.A.;Rooney,M.;Chronis-Tuscano,A.(2008)Psychosocial treatments for attention-deficit/hyperactivity disorder
Current Psychiatry Reports. 10:412-418
- Levy F, Hay DA, McStephen M. (1997). Attention-deficit hyperactivity disorder: A category or a continuum? Genetic analysis of a large-scale twin study. *Journal American Academic Child Adolescence Psychiatry*; 36:737.

- Morán, I., de Concepción, A., de la Cruz, M.M., Moreno, P. e Robles, F.(2006). TDAH: Un trastorno de moda. *Interpsiquis*.
- Narbona, J. (2001). Alta prevalencia del TDAH: ¿niños trastornados o sociedad maltrecha? *Revista de Neurología*, 32: 229-31.
- National Collaborating Centre for Mental Health por encargo del National Institute for Health and Clinical Excellence (2009). *Attention deficit hyperactivity disorder. Diagnosis and management of ADHD in children, young people and adults. National Clinical Practice Guideline Number 72*. The British Psychological Society and The Royal College of Psychiatrists, Gran Bretaña, Alden Press.
- Langberg,J.M.; Froehlich,T.E.; Loren,R.; Martin,J.E;
- Epstein,J.N.(2008). Assessing children with ADHD in primary care settings.*Expert Review of Neurotherapeutics*, Vol. 8, No. 4, 627-641
- Langberg J.M., Epstein J.N., Graham A.J.(2008) Organizational-skills interventions in the treatment of ADHD. *Expert Review of Neurotherapeutics*, vol. 8, Nº.10, 1549-61.
- Pelham. W.E., Fabiano, G.A. (2008). Evidence-based psychosocial treatments for attention-deficit/hyperactivity disorder. *Journal Clinical Child Adolescent Psychology*, 37(1):184-214.
- Peña, J.A., Montiel-Nava, C. (2003). Trastorno por déficit de atención/hiperactividad: ¿mito o realidad?. *Revista de Neurología*; 36: 173-9.
- Rappley, M.D., Gardiner, J.C., Jetton, J.R., Houang, H.T. (1995). The use of metilphenidate in Michigan. *Archives Pediatrics Adolescent Medicine*. 149: 675-679.
- Rodhe, L.A. (2008). Is there a need to reformulate attention deficit hyperactivity disorder criteria in future nosologic classifications?. *Child and Adolescent Psychiatric Clinics of North America*, 17(2):405-20.
- Romanos, M., Schwenck, C., Walitza, S., (2008). Diagnosis of attention-deficit hyperactivity disorder in childhood and adolescence.-*Nervenarzt*, 79(7):782-90.
- Safer, D.J., Zito, J.M., Fine, E.M. (1996). Increased methylphenidate usage for attention deficit disorder in the 1990s.*American Academic Pediatrics*. 98: 1084-1088.
- Singh, I. (2007). Capacity and competence in children as research participants. *10 EMBO Reports*, 8, 35-39.
- Taylor, E., Sandeberg, S., Thorley, G. and Giles, S. (1991). The epidemiology of childhood hyperactivity. *Institute of Psychiatry Maudsley Monograph*. London: Oxford University Press.
- Toplak, M.E., Connors, L., Shuster, J., Knezevic, B., Parks, S. (2008). Review of cognitive, cognitive-behavioral, and neural-based interventions for Attention-Deficit/Hyperactivity Disorder (ADHD). *Clinical Psychology Review*, 28(5):801-23.
- Van der Oord, S., Prins, P.J., Oosterlaan, J., Emmelkamp, P.M.(2008). Efficacy of methylphenidate, psychosocial treatments and their combination in school-aged children with ADHD: a meta-analysis. *Clinical Psychology Review*.,28(5):783-800.
- Vaughan, B.S., Wetzel, M.W., Kratochvil, C.J (2008). Beyond the 'typical' patient: treating attention-deficit/hyperactivity disorder in preschoolers and adults.*International Review of Psychiatry*, 20(2):143-9.
- Wolraich, M.L., Lindgren, S., Stromquist, A., et al. (1990). Stimulant medication use by primary care physicians in the treatment of attention deficit hyperactivity disorder. *Pediatrics*. 86: 95-101.

O TRANSTORNO DE DÉFICIT DE ATENCIÓN SEN HIPERACTIVIDADE COMO UN TRANSTORNO NEUROBIOLÓXICO E CONDUTUAL DIFERENTE DO DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDADE



César Castro Fraguela

Psicólogo. Grupo Clínicas Coruña

Praza Alfonso XIII, Nº 1- Baixo. A Coruña. C.P. 15008

castrofraguela@hotmail.com

RESUMO

A maioría dos estudos que se centraron no Trastorno de Déficit de Atención e hiperactividade (en adiante, TDAH) tipo combinado, acentúan que o principal problema se daba nos seus problemas de inhibición de respostas. Mais aquí propónse que no tipo inatento (en diante, DA) é na memoria de traballo, demostrado en diversas probas de atención practicadas nestes suxeitos tales como as probas TEP e IRMF. Condutualmente, máis que estar distraídos, encóntranse aborrecidos, o seu problema está máis na motivación debido a un baixo arousal, do que nun problema de control inhibitorio. En canto a factores neurobiolóxicos, os nenos con TDAH tipo combinado, evidencian problemas no lóbulo frontal, área do estriado. Pola contra no tipo inatento, o problema áchase no lóbulo fronto-parietal, do córtex prefrontal. Polo tanto, trátase de dous trastornos con diferentes bases neurobiolóxicas, cognitivas e condutuais.

Palabras chave: TDAH, D.A., control inhibitorio, memoria de traballo.

ABSTRACT

Most studies of attention-deficit with hyperactivity disorder (ADHD) have focused and emphasized on the combined type a core in response inhibition. In this work, it is proposed that the core problem in the inattentive type of ADHD, is in working memory. It's corroborated in laboratory trails as in PET and IMRF trails. Behaviory, children's with inattentive type of ADHD, rather than being distractible they are bored, their behavior problems being more in a biological under arousal, than in inhibitory control. For this and other studies be proved that in the combined type of ADHD the primary disturbance be evidenced in the frontal strial loop, but it is not right for the inattentive type of ADHD (ADD) it is in the cortex frontal parietal loop. Finally, be proposse that these are not two different types of ADHD, they are two different disorders with differnet cognitive and behavioral profiles, and different underlying neurobiologies.

Key words: ADHD, ADD, inhibitory control, work memory.

Método

Participantes

Levou a cabo un estudo con 76 rapaces de diferentes colexios públicos na Coruña e Comarca (48), e en Carballo e Comarca (28); entre o 14 de novembro de 2006 e o 6 de marzo de 2009; de entre oito e trece anos de idade.

Destes, 13 presentaban problemas de ansiedade (oito) e de depresión (cinco). Oito presentaban TDAH e seis DA; seis, outros problemas de conduta e dous de aprendizaxe (lecto-escrita) 41 non presentaban problemas obxecto deste estudo.

Deseño e Procedemento

Foron comparados os resultados das probas entre dous rapaces de idades comprendidas entre os 8-9, 10-11 e 12-13 anos, escollidos aleatoriamente.

Utilizando un deseño experimental factorial con dous grupos diferentes aleatorios.

Os seis rapaces inatentos na mesma faixa etaria e seis rapaces con TDAH, tipo combinado.

Elixíronse como criterios para o diagnóstico dos tipos inatento e combinado os recollidos no DSM-IV-TR.

Os rapaces que presentan TDAH tipo inatento (como D.A.).

Os rapaces que presentan TDAH, tipo combinado, estiveran tratados farmacoloxicamente con Rubifén, durante tres anos, con mellorías apreciábeis, en canto a redución de condutas disruptivas ou molestas.

Un rapaz con TDAH, tipo inatento (DA), recibe tratamento tamén con Rubifén, durante dous anos, con efectos apreciábeis só o primeiro ano en canto a condutas disruptivas. En ningún caso se observou melloría en canto aos problemas de atención.

Ningún deles recibiu antes psicoterapia, con técnicas encamiñadas a mellorar a atención e problemas derivados do transtorno se ben, acudiron a aulas de apoio.

Seis dos oito rapaces con TDAH, tipo combinado, son repetidores de curso. Dous son no tipo inatento (DA), e outro (DA), superou 6º de primaria coa materia de matemáticas pendente, e dous con lingua, ciencias sociais ou ciencias naturais. A todos lles quedaban entre catro e seis materias pendentes por curso para a convocatoria de setembro.

Valoráronse a través de criterios diagnósticos DSM-IV-TR.

Para o tipo inatento ao menos seis ítems de desatención e que non puntuaran en máis de dous síntomas de hiperactividade e ningunha de impulsividade. Para o tipo combinado, ao menos seis ítems de desatención, tres ítems de hiperactividade e un de impulsividade. Desta forma tamén se adecuaba aos criterios diagnósticos do Sistema CIE-10, que require seis síntomas para a desatención, tres de hiperactividade e ao menos un de impulsividade.

Foi excluído o tipo hiperactivo-impulsivo, xa que non se deu en ningún caso deste estudo, alén de ser moi raro encontralo en idades posteriores a seis-sete anos, así como o Trastorno Hiperactivo asociado ao Trastorno Disocial do Sistema CIE-10, e os Trastornos de Aprendizaxe, e Trastorno Negativista Desafiante. O diagnóstico, require a presenza de síntomas ao menos en dúas situacións (Familiar, escolar e social).

Materiais

A todos os rapaces obxecto de estudo fóronlles administradas as seguintes probas:

- Escalas Conners para pais e profesores, Inquérito CBCL para nenos e pais, entrevista DICA-R para nenos e pais.

- Inquérito de Personalidade EPQ-J. Test (TAMAI). Escala de Afrontamento para Adolescentes. Probas Neuropsicolóxicas, para a valoración das funcións executivas, memoria de traballo e atención. Test de intelixencia. Test de lectura e escrita (TALE).

TDAH, tipo combinado

Hiperactividade sempre acompañada de impulsividade.

Déficit principal nas respostas de inhibición e en tarefas visuais. Respostas máis rápidas. Dificultades en esforzo mantido con nivel alto de concentración, sobre todo en probas cunha ampla clase de respostas alternativas, na análise detida da tarefa á procura da solución lóxica e exacta. Manteñen a ollada e esta é máis expresiva. Problemas sociais por ser excesivamente asertivos e impulsivos. Tenden a coller cousas dos demais sen o seu consentimento e non as devolven. Tenden a ser desconsiderados cos demais, sen ter en conta os seus sentimentos e pórse no lugar do outro.

Caracterízanse por agresividade verbal ou física, en todos os ámbitos (familiar, escolar e social). Condutas disruptivas, así como a súa comorbilidade co trastorno oposicional ou negativista-desafiante (trastornos externalizantes). Tendencia á Extraversión. Son máis propensos ao consumo de drogas, incluíndo tabaco e alcol. Na práctica de deportes violentos destacan en deportes individuais, non acostuman destacar en deportes de equipo; queren destacar entre os demais, con condutas desvinculadas da práctica deportiva.

Problemas de laboriosidade e de distraibilidade.

Problemas de control da inhibición (impulsividade) e ineficiencia, e nas Tarefas Go-No GO. Na proba de Sternberg, observouse que, cometen máis erros de comisión.

Problemas en Memoria Lóxica (en menor medida) e numérica (MAI) e na comprensión relacional dun texto (comentario de textos) ou problemas matemáticos. Dificultades na lectura por ser esta demasiado rápida, acostuman saltar liñas. Escrita demasiado rápida, e case ilexíbel, acostuman omitir as últimas letras de palabras.

Caracterízanse pola hipolaboriosidade en tarefas escolares.

Peores resultados na proba de intelixencia. C.I. mínimo: 98; máximo: 105.

Este resultado pode ser máis plausíbel, por problemas de impulsividade e ineficiencia na contestación aos ítems, que na intelixencia especificamente falando.

Son afeccionados aos video-xogos, sobre todo aos máis violentos e a programas televisivos como o Presing Catch.

Boa resposta ao Metilfenidato, en doses medias ou altas, este actúa sobre a recaptación das catecolaminas (Dopamina e noradrenalina) en canto a condutas inadecuadas, eficacia máxima tres anos.

O principal circuío neuronal afectado quizá sexa a zona anterior do corpo estriado, onde a acción das catecolaminas, desempeñan un papel esencial.

Nalgúns estudos descubríronse polimorfismos no xene DAT-1, consecuente co problema localizado na zona do estriado, e consecuente tamén co resultado positivo do metilfenidato, xa que o DAT, é o primeiro punto de acción deste fármaco (Cook. 2000; Krause2003).

Transtorno por Déficit de Atención (D.A.).

Son significativamente hipoactivos, lentos, preguizosos ou inactivos e a súa velocidade de resposta máis lenta. O seu déficit principal encóntrase na memoria de traballo, especialmente no proceso auditivo (memoria auditiva inmediata) déficit en tarefas auditivas.

Tenden á introversión; a ser cohibidos, tímidos e con certo retraemento. Normalmente con olleiras, coa ollada perdida ou distraída e non acostuman manter o contacto ocular.

Os seus problemas sociais veñen dados por ser demasiado pasivos ou retraídos socialmente, non quere dicir que non teñan amigos, mais son menos que os que poida ter un extravertido puro; e gústalles pasar máis tempo sós. Teñen problemas para solicitar axuda aos demais, e grandes dificultades na vida diaria (problemas de inmaduridade), adquisición de hábitos; inclusive en dous dos casos estudados detectáronse problemas de enurese. (Idades 9 e 11 anos).

Tenden a unha elevada actividade cognitiva de tipo emocional (Escala N do EPQ-J), polo que as súas condutas en ocasións se poden confundir coas de rapaces hiperactivos.

Os rapaces con predominio en déficit de atención séntense máis aborrecidos e con problemas de motivación, máis que de distraibilidade ou problemas de inhibición.

Son máis común os transtornos internalizantes, como a ansiedade ou a depresión.

Problemas coa lectura e comprensión de textos, así coma co cálculo matemático mental. Memoria lóxica, e en menor medida na numérica e asociativa, de ineficiencia (refíren peores resultados nas probas de letras e números) mantemento e manipulación, de localización espacial e na Proba de Sternberg, neste caso danse máis fallos de omisión. Dificultade para os idiomas.

Mellores resultados na proba de intelixencia: C.I. mínimo: 100; máximo: 110 (neste último caso permitíronse once minutos adicionais a maiores do que indica o manual para acabar a proba).

Na maioría dos casos, o metilfenidato non ten efectos significativos na mellora do transtorno, nin a curto prazo, aínda que algúns melloran con baixas doses, mais só os tendentes a condutas disruptivas, no caso de que teñan asociada unha ansiedade elevada, por outra parte, bastante frecuente. En cambio, si poden ter mellores efectos os derivados da anfetamina que afecta tanto á descarga coma á recaptación das catecolaminas (Dopamina e Noradrenalina). Pode que unha descarga inadecuada de adrenalina, sexa a chave que explique os seus problemas atencionais e poidan polo tanto sacar unhas respostas óptimas.

O principal problema localízase no cortex prefrontal dorsolateral, e o principal circuito neural implicado localízase no lóbulo fronto-parietal.

O poliformismo no alelo 7 do xene DRD4, está máis ligado ao déficit de atención que ao TDAH. Foi descuberto que o receptor D4 da dopamina, en humanos, está presente no cortex prefrontal, mais non no estriado (Auerbach J.G, Benjamín J., Faroy M., Geller V. e Ebstein R.; 2001).

O título, artigo e traballo presentado está baseado no orixinal realizado por Adele Diamond. Pódese encontrar na revista: *Development and psychopathology* (2005). 17, 807-825.

Resultados

Táboa I. Táboas EPQ-J

IDADE	TDAH		D.A.	
8-9				
NEUR.	Zx = -0.88	Pc = 18.9	Zx = 1.16	Pc = 87.7
EXTR.	Zx = 0.90	Pc = 81.6	Zx = -0.88	Pc = 18.9
PSIC.	Zx = 0.13	Pc = 55.1	Zx = -1.30	Pc = 9.7
C.A.	Zx = 0.67	Pc = 74.8	Zx = -1.14	Pc = 44.4
10-11				
NEUR.	Zx = -0.73	Pc = 23.2	Zx = 0.74	Pc = 77
EXTR.	Zx = 1.02	Pc = 84.6	Zx = -0.78	Pc = 21.7
PSIC.	Zx = 0.45	Pc = 67.3	Zx = -1.15	Pc = 12.5
C.A.	Zx = 0.86	Pc = 80.5	Zx = -0.13	Pc = 44.8
12-13				
NEUR.	Zx = -0.85	Pc = 19.7	Zx = 0.35	Pc = 63.7
EXTR.	Zx = 1.29	Pc = 96.3	Zx = -1.23	Pc = 41
PSIC.	Zx = -0.28	Pc = 39.	Zx = -1.30	Pc = 9.7
C.A.	Zx = 1.18	Pc = 88.1	Zx = -0.22	Pc = 41

NOTA: As puntuacións Z e percentiles (Pc), obtivéronse polo método diferenza de medias.

Calculado a partir dos datos normativos de cada proba (grupo control) e os obtidos polos suxeitos (grupos experimentais). $P < 0.05$. Detállanse no traballo.

Táboa II. Táboas TAMAI

	IDADE	TDAH		D.A.	
	8-10				
INAD. PERSOAL	Zx = 0.56	Pc = 71.2	Zx = 2.05	Pc = 97.9	
FAC. DEPRESIÓN	Zx = 0.23	Pc = 59	Zx = 1.43	Pc = 92.3	
FAC. SOMATIZ.	Zx = 0.56	Pc = 71.2	Zx = 1.5	Pc = 93.3	
INAD. ESCOLAR	Zx = 1.62	Pc = 94.7	Zx = 1.62	Pc = 94.7	
FAC. AV. APREN.	Zx = 1.33	Pc = 90.8	Zx = 1.63	Pc = 94.8	
INAD. SOCIAL	Zx = 2.69	Pc = 99.6	Zx = 2.14	Pc = 98.4	
FAC. R. SOCIAL	Zx = 1.41	Pc = 92	Zx = 1.75	Pc = 96	
FAC. INTROV.	Zx = -0.31	Pc = 37.8	Zx = 1.87	Pc = 96.9	
	11-12				
INAD. PERSOAL	Zx = 0.8	Pc = 78.8	Zx = 1	Pc = 84.1	
FAC. DEPRESIÓN	Zx = 0.62	Pc = 73.2	Zx = 1.04	Pc = 85.1	
FAC. SOMATIZ.	Zx = 0.22	Pc = 58.5	Zx = 1.08	Pc = 86.2	
INAD. ESCOLAR	Zx = 1.58	Pc = 94.3	Zx = 0.79	Pc = 78.5	
FAC. HIPOLABOR.	Zx = 1.5	Pc = 93.3	Zx = 0.25	Pc = 59.8	
FAC. HIPOMOT.	Zx = 0.21	Pc = 58.3	Zx = 1.72	Pc = 95.7	
FAC. INDISCIP.	Zx = 1.47	Pc = 92.9	Zx = 0.88	Pc = 81	
INAD. SOCIAL	Zx = 1.37	Pc = 91.4	Zx = 1.37	Pc = 91.4	
FAC. R. SOCIAL	Zx = 0.53	Pc = 70.2	Zx = 1.07	Pc = 85.7	
	13-14				
INAD. PERSOAL	Zx = 0.13	Pc = 55.2	Zx = 0.85	Pc = 80.2	
FAC. DEPRESIÓN	Zx = -0.20	Pc = 42	Zx = 0.8	Pc = 78.8	
FAC. TIMIDEZ	Zx = 0.18	Pc = 57	Zx = 0.64	Pc = 73.8	
INAD. ESCOLAR	Zx = 1.10	Pc = 86.4	Zx = 0.8	Pc = 78.8	
FAC. HIPOLABOR.	Zx = 1.42	Pc = 92.2	Zx = 0.46	Pc = 67.7	
FAC. HIPOMOT.	Zx = 0.57	Pc = 71.5	Zx = 0.93	Pc = 82.3	
FAC. INDISCIP.	Zx = 0.93	Pc = 82.4	Zx = 0.21	Pc = 58.3	
INAD. SOCIAL	Zx = 0.42	Pc = 66.3	Zx = 0.88	Pc = 81	
FAC. INT. HIPOA.	Zx = -1.42	Pc = 7.8	Zx = 1.43	Pc = 92.3	

Táboa III. Táboas MAI

	IDADE	TDAH		D.A.	
	8-9				
MEM. LÓXICA	Zx = 0.09	Pc = 53.6	Zx = -0.96	Pc = 16.8	
MEM. NUM.	Zx = -1.12	Pc = 13.1	Zx = -0.42	Pc = 33.6	
MEM. ASOC.	Zx = -0.23	Pc = 40.9	Zx = 0.32	Pc = 62.5	
	10-11				
MEM. LÓXICA	Zx = 0.19	Pc = 57.5	Zx = -0.7	Pc = 24.2	
MEM. NUM.	Zx = -0.93	Pc = 17.6	Zx = 0.38	Pc = 64.8	
MEM. ASOC.	Zx = -0.14	Pc = 44.4	Zx = 0.35	Pc = 63.6	
	12-13				
MEM. LÓXICA	Zx = 0.25	Pc = 59.8	Zx = -0.58	Pc = 28.5	
MEM. NUM.	Zx = -0.63	Pc = 26.4	Zx = 0.12	Pc = 54.8	
MEM. ASOC.	Zx = -0.17	Pc = 43.2	Zx = 0.21	Pc = 58.3	

Táboa IV. Táboas proba Sternberg (5 items)

TDAH	D.A.	IDADE
5 Erros de comisión	3 erros de omisión, 1 de comisión	8
3 de comisión, 1 de omisión	3 de omisión	9
3 de comisión, 2 de omisión	3 de omisión, 1 de comisión	10
3 de comisión, 1 de omisión	3 de omisión, 2 de comisión	11
3 de comisión	4 de omisión, 1 de comisión*	12
2 de comisión, 1 de omisión	4 de omisión, 2 de comisión*	13

Nos suxeitos (D.A.) a proba realizouse con 6 items. Os suxeitos TDAH, realizaron a proba con 5 items.*

Táboa V. Táboas proba Sternberg (5 items)

PROBA GO - NO GO	TDAH	IDADE
SUBPROBA (SI -NO)	4 erros de comisión, 1 omisión	8
	3 de comisión, 1 de omisión	9
	3 de comisión, 1 de omisión	10
	3 de comisión, 1 de omisión	11
	2 de comisión, 1 de omisión	12
	2 de comisión, 1 de omisión	13
SUBPROBA (COLOR)	5 erros de comisión	8
	4 de comisión	9
	4 de comisión	10
	3 de comisión, 1 de omisión	11
	3 de comisión, 2 de omisión	12
	3 de comisión	13

As probas Go- no Go (Control de inhibición), foron realizadas con corrección polos suxeitos do grupo D.A

Discusión

Os resultados a día seis de Marzo de 2009 son:

TDAH = Oito; 10.52%.D.A.= Seis: 7.89%. Mostra = 76 En conxunto supoñen o 18.41%.

Tratei de demostrar a posibilidade de nenos con problemas de atención que non son hiperactivos (Lahey e Carlson,1991). Existen nenos e adolescentes que presentan problemas de atención mais que nunca foron hiperactivos, e outro grupo que foron tanto hiperactivos como inatentos, que na adolescencia só persistía a inatención.

Isto queda patente na persistencia da inatención, trala diminución da hiperactividade na adolescencia, e que significa que a falta de atención e a hiperactividade non están forzosamente vinculadas.

Si existe déficit de atención en ambos grupos, mais por procesos diferentes, con manifestacións condutuais, cognitivas, de personalidade e neurobiolóxicas diferentes.

De acordo con Douglas 1972, propónse o termo TDA + H cando a hiperactividade é o transtorno primario, e TDA – H cando o transtorno primario é o déficit de atención.

Bibliografía

- Auerbach, J.G., Benjamin, J., Faroy, M., Geller, V. e Ebstein, R. (2001). DRD4 related to infant attention and information procesing: a devolpmental link to ADHD? *Psychiatric genetics*, 11, 31-35.
- Diamond, A. (2005). Attention-deficit disorder (attention-deficit/hyperactivity disorder without hyperactivity): A neurobiologically and behaviorally distinct disoder from attention-deficit/hyperactivity disorder (with hyperactivity). *Development and Psychopathology*, 17, 8007-825.
- Freides, D. (2002). Trastornos del desarrollo: un enfoque neuropsicológico (1ª ed.) Barcelona: Ariel Neurociencia.
- Tirapu Ustárrroz, J., Ríos Lago, M. e Maestú Unturbe, F. (2008). Manual de neuropsicología. Barcelona: Viguera ed.

TRANSTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDADE E TRANSTORNOS COMÓRBIDOS: ESPECIFICIDADE DOS DÉFICITS DE ATENCIÓN SOSTIDA E INHIBICIÓN DE RESPPOSTAS



Blanca Castro Valdivia

Calle Arzobispo Lago, 8-1º.15002 A Coruña

blancacastrovaldivia@gmail.com

RESUMO

Foron administradas varias tarefas de atención sostida e inhibición de respostas a catro grupos de nenos: un grupo control sen psicopatoloxía e nenos diagnosticados de Transtorno por Déficit de Atención con Hiperactividade, Transtornos de Conduta (disocial e negativista desafiante) e Dificultades de Aprendizaxe. As tarefas aplicadas foron o paradigma do Sinal de Stop e dúas versións do Test de Execución Continua. Os resultados indican que os nenos con TDAH teñen máis dificultades para manter a atención e inhibir respostas do que os nenos con outras psicopatoloxías.

Palabras chave: Déficit atención hiperactividade, comorbilidade, inhibición respostas, atención

ABSTRACT

Several tasks of sustained attention and response inhibition were administered to four groups of children: a Control Group and children diagnosed as Attention Deficit Hyperactivity Disorder, Conduct Disorders (Disocial and Oppositional Defiant) and Learning Disabilities. The tasks used were the Stop-signal paradigm and two versions of the Continuous Performance Test. The children from the Attention Deficit Disorder group showed more difficulties in sustaining attention and inhibiting responses than the children with another psychopathologies.

Key words: Attention Deficit Hyperactivity Disorder, comorbidity, responses inhibition, attention

Introducción

Os nenos afectados por Transtorno por Déficit de Atención con Hiperactividade (TDAH) constitúen un grupo heteroxéneo (Barkley, 2006) con diferentes perfís neuropsicolóxicos, trazos asociados, transtornos comórbidos e curso evolutivo. A comorbilidade con outras alteracións psicopatolóxicas é moi frecuente, especialmente con outros transtornos de conduta (disocial e negativista desafiante) e coas dificultades de aprendizaxe (Biederman, Faraone, Kendrick, Klein e Monteaux, 2005; Biederman, Newcorn e Spich, 1991; Connor et al., 2003). As investigacións sobre procesos cognitivos en nenos con TDAH deberán ter en conta a comorbilidade con estes transtornos para poder concluír acerca da especificidade dos déficits detectados (Groisser, Pennington e Welsh, 1993; Robins, 1992; Schachar e Tannock, 1995). O obxectivo deste estudo é determinar se un grupo de nenos e nenas con TDAH presentan déficits de atención sostida e inhibición de respostas, e se eses déficits son específicos do TDAH ou están relacionados coa presenza de transtornos comórbidos. Utilizáronse diferentes medidas de atención sostida e inhibición de resposta para comprobar a súa capacidade discriminatoria e realizar unha exploración máis exhaustiva das diferenzas entre os grupos.

Método

Participantes.

A mostra estivo composta por 123 nenos e nenas de sete a dez anos de idade seleccionados en centros educativos. Deles, 52 nenos foron asignados ao grupo “Transtorno por Déficit de Atención con Hiperactividade” (TDAH), 23 ao grupo “Dificultades de Aprendizaxe” (TA), 23 ao grupo “Transtornos de Conduta” (TC) integrado por nenos e nenas que cumpren criterios para transtorno disocial ou transtorno negativista desafiante, e 25 ao grupo de Control (CN).

Procedemento.

Os nenos foron asignados aos grupos coa información aportada por pais e profesor-titor en cuestionarios estandarizados con baremos por idade e sexo, as Escalas de Achenbach (1991a, 1991b) para pais (CBCL) e profesores (TRF), que permiten explorar a comorbilidade psiquiátrica (Biederman, 2008; Biederman et al., 2005) e os subtest de lectura e escrita da Batería Neuropsicolóxica Luria-DNI, estandarizada en España por Manga e Ramos (1991). Os nenos do grupo TDAH podían recibir diagnósticos adicionais de Transtorno de Conduta ou Dificultades de Aprendizaxe. Os nenos do grupo “Transtornos de Conduta” poden ter o diagnóstico adicional de Dificultades de Aprendizaxe. Os nenos do grupo TA non poden recibir diagnósticos adicionais.

Foron eliminados da mostra os nenos que recibían medicación, tiñan alteracións neurolóxicas, un cociente intelectual inferior a 85, estimado a partir dos subtests de vocabulario

e cubos do WISC-R (Sattler, 1988), ou obtíñan puntuacións clinicamente significativas nas escalas de Illamento, Queixas Somáticas, Ansiedade/Depresión, Problemas Sociais ou Problemas de Pensamento do CBCL de Achenbach.

Tarefas experimentais.

Utilizáronse dúas versións do Test de Execución Continua (Beck, Bransome, Mirsky, Rosvold e Saranson, 1956), a versión A-X e a versión de inhibición. Os Test de Execución Continua (CPT) parten do concepto de vixilancia entendida como o mantemento da atención durante un período prolongado de tempo, no que aparece con escasa frecuencia un estímulo que se debe detectar.

Na versión A-X do Test de Execución continua requírese que o neno emita unha resposta cando se presenta un X precedido dun A (secuencia A-X). A duración total desta versión do Test de Execución Continua é de aproximadamente 15 minutos. Mediante esta versión do Test de Execución Continua rexistráronse os habituais erros de omisión (non responder ao estímulo obxectivo) e comisión (resposta emitida perante un estímulo non obxectivo). Rexistráronse tamén as medidas de inatención e impulsividade obtidas seguindo os criterios de Halperin et al. (1988). Segundo estes autores a medida de inatención está formada pola suma do número total de erros de omisión máis o número de erros de comisión X-só con tempos de reacción longos (é dicir, cando o neno emite unha resposta perante un X que non foi precedido dun A, pois segundo Halperin reflicte inatención á letra anterior ao X). A medida de impulsividade proposta por Halperin e os seus colaboradores obtense sumando o número de erros A-non X con tempo de reacción curtos (que reflectiría incapacidade para inhibir unha resposta que se comezou a preparar coa aparición do estímulo A, pero que un estímulo non-X indica que non se debe emitir) e o número de erros A-só con tempos de reacción longos (que indicaría incapacidade para inhibir a resposta até a aparición da seguinte letra). O programa informático calcula o cuartil primeiro e o terceiro dos tempos de reacción aos acertos. Os tempos de reacción dos erros de comisión maiores que o cuartil terceiro considéranse tempos de reacción longos, e os menores que o segundo cuartil tempos de reacción curtos.

Na versión de inhibición do Test de Execución Continua que se programou para este estudo utilizáronse como estímulos debuxos de cores. Os nenos debían emitir unha resposta cada vez que aparecía un debuxo no ecrán excepto cando aparecía o debuxo dunha casa. A duración total da tarefa foi de doce minutos. As medidas rexistradas foron o número de erros de omisión (reflecten inatención) e de comisión (reflecten dificultade para inhibir respostas). O paradigma do Sinal de Stop baséase no modelo de carreira de control inhibitorio da acción (Cowan e Logan, 1984). Neste paradigma a tarefa primaria é unha tarefa de Tempo de Reacción de

Elección. Os estímulos son as letras maiúsculas O e X que se presentan unha por unha no ecrán do ordenador. O neno ten que emitir unha resposta premendo a tecla correspondente a cada letra. O número total de presentacións de estímulos é de 432 que se dividen en nove bloques e tres grupos de tres bloques cada un. A duración total da tarefa é de 20 minutos. O sinal de Stop é un ton (beep) que xera e emite o ordenador aleatoriamente e que se presenta no 25% das presentacións de estímulos. O sinal de Stop indica que nesa letra non se debe responder.

O sinal de Stop colócase a diferentes intervalos de demora con respecto ao tempo de reacción medio do suxeito nos ensaios sen sinal de Stop do bloque anterior. O programa vai así actualizando a colocación da sinal de Stop en función dos cambios no tempo de reacción ao longo da tarefa. A finalidade desta actualización é evitar que os nenos máis lentos en responder teñan máis probabilidades de inhibir e impedir que adopten a estratexia de agardar un tempo, antes de responder ao estímulo de tarefa primaria, para aumentar a probabilidade de inhibir se se presenta o sinal de Stop (Logan e Schachar, 1990; Schachar, Tannock e Logan, 1993).

Co paradigma do sinal de Stop rexistrouse o Tempo de Reacción medio ao Sinal de Stop (SSRT). Presuponse que o grupo de nenos con TDAH teñen máis dificultades para inhibir respostas porque o seu tempo de reacción ao sinal de Stop é máis longo. A variábel dependente Tempo de Reacción medio ao Sinal de Stop calcúlase o programa de ordenador seguindo o traballo de Logan e Cowan (1984) e só se rexistra para o segundo e terceiro grupo de bloques.

Resultados

Para analizar os datos empregouse a proba “Análise de Varianza dun factor” (ANOVA) para detectar a presenza de diferenzas entre os grupos. Nos casos en que o F foi significativo realizouse a proba post hoc de Bonferroni (Pardo e Ruiz, 2002) para detectar os grupos con diferenzas significativas entre as súas medias.

Na Táboa 1 recóllense as medias de cada grupo e os resultados dos ANOVA nas medidas de atención sostida. Nas tres medidas de mantemento da atención, a análise de varianza amosou efectos significativos: omisións na versión A-X do CPT [$F(3,119)=35,136$; $p=.000$], inatención na versión A-X do CPT [$F(3,119)=55,586$; $p=.000$] e omisións na versión de inhibición do CPT [$F(3,119)=36,031$; $p=.000$]. En todos os casos a análise post hoc revelou diferenzas significativas entre o grupo TDAH e os demais grupos. Os nenos con TDAH teñen máis dificultades para manter a atención. Os grupos TC, TA e CN non difiren entre si.

	OMISIÓNES CPT: A-X	INATENCIÓN CPT: A-X	OMISIÓNES CPT-INHIBICIÓN
TDAH	10.48	12.79	14.85
TA	3.43	4.83	3.83
TC	2.61	3.30	3.13
CN	3	3.80	5.84
F (3,119)	35.136	55.586	36.031
P	.000	.000	.000
BONFERRONI	TDAH>TA, TC, CN	TDAH>TA, TC, CN	TDAH> TA, TC, CN

TÁBOA 1. Medias de cada grupo, resultados dos ANOVA e probas de Bonferroni nas variábeis dependentes que avalían *atención mantida*. TDAH: Transtorno por Déficit de Atención con Hiperactividade; TA: Dificultades de Aprendizaxe; TC: Transtorno Disocial e Transtorno Negativista Desafiante; CN: Controis sen psicopatoloxía.

Na táboa 2 preséntanse as medias de cada grupo diagnóstico e os resultados dos ANOVA nas medidas de inhibición de respostas. Nas dúas medidas obtidas coa versión A-X do CPT a análise de varianza amosou efectos significativos: comisións [$F(3,119)=22,823$; $p=.000$] e impulsividade [$F(3,119)=6,561$; $p=.000$]. En ambos casos a análise post hoc revelou diferenzas significativas entre o grupo TDAH e os demais grupos da mostra, cuxas medias non difiren entre si. Na variábel Comisións, da versión de inhibición do CPT, a análise de varianza amosou efectos significativos [$F(3,119)=6,774$; $p=.000$]. Mediante a análise post hoc detectáronse diferenzas significativas entre os grupos TDAH e TC; o grupo TDAH cometeu máis erros de comisión na versión de inhibición do CPT do que o grupo TC. O grupo TDAH non difire dos TA e CN. A media do número de erros de comisión na versión de inhibición do CPT máis elevada é a do grupo TA, que non difire significativamente do grupo hiperactivo, e si difire dos grupos TC e CN.

Na variábel Tempo de reacción medio ao sinal de stop do grupo de bloques 3 (G3.SSRT) do paradigma do Sinal de Stop, a análise de varianza amosou efectos significativos [$F(3,119)=6,037$; $p=.001$]. Mediante a análise post hoc detectáronse diferenzas significativas entre os grupos TDAH e TC. O grupo TDAH ten un tempo de reacción ao sinal de Stop medio máis elevado do que o grupo TC. O grupo TC ten un tempo de reacción medio ao sinal de Stop significativamente máis baixo do que os grupos TA e TDAH. O grupo CN non difire significativamente de ningún grupo. Na variábel Tempo de reacción medio ao sinal de stop do grupo de bloques 2 (G2.SSRT) do paradigma do sinal de Stop, a análise de varianza amosou efectos significativos [$F(3,119)=2.863$; $p=.040$]. A media do grupo TA é a máis elevada, e a do

grupo TC a máis baixa. Porén, a análise post hoc non detecta diferenzas significativas entre os grupos ($p=0.52$ para o caso máis próximo, entre TA e TC).

	<i>Comisións</i> <i>CPT: A-X</i>	<i>Impulsividade</i> <i>CPT: A-X</i>	<i>Comisións</i> <i>CPT-Inhib.</i>	<i>B2.SSRT</i>	<i>B3.SSRT</i>
TDAH	15.79	4.15	9.87	.264	.291
TA	5.65	1.91	10.65	.287	.302
TC	4.13	1.57	7.09	.191	.173
CN	5.32	1.80	8.16	.234	.225
F (3,119)	22.823	6.561	6.774	2.863	6.037
P	.000	.000	.000	.040	.001
BONFERRONI	- TDAH>TA,TC,CN	- TDAH>TA, TC, CN	- TDAH>TC - TA>TC,CN	Non detecta diferenzas	- TDAH>TC - TA>TC

TÁBOA 2. Medias de cada grupo, resultados dos ANOVA e probas de Bonferroni nas variábeis dependentes que avalían *inhibición de respostas*. TDAH: Transtorno por Déficit de Atención con Hiperactividade; TA: Dificultades de Aprendizaxe; TC: Transtorno Disocial e Transtorno Negativista Desafiante; CN: Controis sen psicopatoloxía.

Discusión

Os resultados obtidos confirman a hipótese de que os nenos diagnosticados de TDAH coa información aportada por pais e profesores teñen déficits en mantemento da atención e inhibición de respostas. Estes déficits non se detectan en nenos cos transtornos psicolóxicos que máis frecuentemente se asocian ao TDAH: os transtornos disocial e negativista desafiante e as dificultades de aprendizaxe.

O grupo TDAH difería significativamente dos outros tres nas tres medidas de atención utilizadas. Con respecto ás medidas de inhibición de respostas, só os erros de comisión e o factor de impulsividade da versión A-X do CPT discriminan entre o TDAH e os outros tres grupos.

Bibliografía

- Achenbach, T.M. (1991a). *Manual for the Child Behavior Checklist/4-18 and 1991 Profile*. Burlington, V.T.: University of Vermont, Department of Psychiatry.
- Achenbach, T. M. (1991b). *Manual for the Teacher's Report Form and 1991 Profile*. Burlington: University of Vermont. Department of Psychiatry.
- American Psychiatric Association (2000). *DSM-IV-R. Manual Diagnóstico y Estadístico de los Trastornos Mentales*. Edición Española, 2002. Barcelona: Masson.
- Barkley, R. A. (2006). *Attention-deficit hyperactivity disorder: A handbook for diagnosis and treatment* (3ª ed.). New York: Guilford Press.
- Biederman, J., Newcorn, J. e Sprich, S. (1991). Comorbidity of Attention Deficit Hyperactivity Disorder with Conduct, Depressive, Anxiety, and Other Disorders. *American Journal Psychiatry*, 148, 5, 564-577.
- Biederman, J., Monteaux, M.C., Kendrick, E., Klein, K.L., Faraone, S.V. (2005). The CBCL as a Screen for Psychiatric Comorbidity in Paediatric Patients with ADHD. *Archives of Disease in Childhood*, 90, 1010-1015.
- Biederman, J. (2008). CBCL Clinical Scales Discriminate ADHD Youth with Structured-Interview Derived Diagnosis of Oppositional Defiant Disorder. *Journal of Attention Disorders*, 12, 1, 76-82.
- Connor, D.F., Edwards, G., Fletcher, K.E., Baird, J., Barkley, R.A., Steingard, R.J. (2003). Correlates of Comorbid Psychopathology in Children with ADHD. *Acad. Child and Adolescent Psychiatry*, 42, 193-200.
- Halperin, J.M., Wolf, L.E., Pascualvaca, D.M., Newcorn, J.H., Healey, J.M., O'Brien, J.D., Morganstein, A., Young, J.G. (1988). Differential Assessment of Attention and Impulsivity in Children. *Journal of American Academy of Child and Adolescent Psychiatry*, 27, 3, 326-329.
- Logan, G.D. e Cowan, W.B. (1984). On the Ability to Inhibit Thought and Action: A Theory of an Act of Control. *Psychological Review*, 91, 3, 295-327.
- Manga, D. e Ramos, F. (1991). *Neuropsicología de la edad escolar. Aplicaciones de la teoría de A.R. Luria a través de la Batería Luria-DNI*. "Colección Aprendizaje". Madrid: Visor.
- Pardo, A. e Ruiz, M. A. (2002). *SPSS 11. Guía para el análisis de datos*. Madrid: Mc Graw Hill.
- Pennington, B. F., Groisser, D. e Welsh M. C. (1993). Contrasting Cognitive Deficits in Attention Deficit Hyperactivity Disorder versus Reading Disability. *Developmental Psychology*, 29, 3, 511-523.
- Robins, P. M. (1992). A Comparison of Behavioral and Attentional Functioning in Children Diagnosed as Hyperactive or Learning-Disabled. *Journal of Abnormal Child Psychology*, 20, 1, 65-82.
- Rosvold, H.E., Saranson, I., Bransome, E., e Beck, L. H. (1956). A Continuous Performance Test of Brain Damage. *Journal of Consulting Psychology*, 20, 343-350.
- Sattler, J.M. (1988). *Assessment of Children*. San Diego: Jerome M. Sattler
- Schachar, R. e Logan, G.D. (1990). Impulsivity and Inhibitory Control in Normal Development and Childhood Psychopathology. *Developmental Psychology*, 26, 710-720.
- Schachar, R., Tannock, R. e Logan, G. D. (1993). Inhibitory control, impulsiveness, and attention deficit hyperactivity disorder. *Clinical Psychology Review*, 13, 721-739.
- Schachar, R. e Tannock, R. (1995). Test of Four Hypotheses for the Comorbidity of Attention-Deficit Hyperactivity Disorder and Conduct Disorder. *Journal of the American Academy of Child and Adolescent Psychiatry*, 34, 5, 639-648.

PERFÍS DE ATENCIÓN E INHIBICIÓN DE RESPONSTAS NOS SUBTIPOS DE TRANSTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDADE



Blanca Castro Valdivia

Calle Arzobispo Lago, 8, 1º. 15002 A Coruña

blancacastrovaldivia@gmail.com

RESUMO

Unha mostra de nenos con Transtorno por Déficit de Atención con Hiperactividade (TDAH) foi dividida en grupos seguindo os criterios do DSM-IV-R: combinado, con predominio de déficit de atención e con predominio de hiperactividade-impulsividade. Fóronlles administradas varias tarefas de atención sostida e inhibición de respostas: o paradigma do Sinal de Stop e dúas versións do Test de Execución Continua (a versión A-X e a versión de inhibición). Os resultados apoian a hipótese plantexada a partir do modelo de Barkley (1997) sobre TDAH. Os nenos dos subtipos combinado e hiperactivo-impulsivo tiveron máis dificultades para manter a atención e inhibir respostas do que os nenos do grupo con predominio de déficit de atención.

Palabras chave: Atención, inhibición respostas, subtipos, Transtorno Déficit Atención Hiperactividade

ABSTRACT

A sample of children diagnosed as Attention Deficit Disorder was divided in groups according to de DSM-IV-R criteria: combined, predominantly inattentive and predominantly hyperactive-impulsive. Several tasks of sustained attention and inhibition responses were administered: the Stop-Signal paradigm and two versions of the Continuous Performance Test (A-X and inhibition versions). The results supports the hypotheses derived from Barkley's model (1997) for the ADHD. The children from the combined and hyperactive-impulsive groups showed more difficulties in sustaining attention and inhibiting responses than the group with predominance of attention deficit.

Key words: Attention, responses inhibition, subtypes, Attention Deficit Hiperactivity Disorder

Introdución

O Transtorno por Déficit de Atención con Hiperactividade (TDAH) é un dos transtornos psiquiátricos máis comúns na infancia, cunha prevalencia estimada entre o 3 e o 7% (American Psychiatric Association, 2000). O TDAH ten tres síntomas primarios: o déficit de atención, a hiperactividade e a impulsividade. Estes síntomas agrúpanse en dúas dimensións: inatención e hiperactividade-impulsividade. O DSM-IV propuxo por primeira vez unha definición do TDAH baseado nestas dúas dimensións e distingue entre subtipos de TDAH en función do predominio duns síntomas sobre outros: con predominio de inatención (TDAH-A), con predominio de hiperactividade-impulsividade (TDAH-H) e combinado (TDAH-C). Os subtipos de TDAH difiren en variábeis psicosociais, rendemento escolar, comorbilidade con outros transtornos psiquiátricos, perfís neuropsicolóxicos e curso evolutivo (Eiraldi, Power e Magruth Nezu, 1997; Faraone, Biederman, Weber e Russell, 1998).

En 1997 Barkley propón un modelo sobre funcións executivas que aplica ao TDAH, nunha tentativa de integrar as alteracións cognitivas que se foran detectando nestes nenos. Afirmar que o seu modelo só se pode aplicar aos subtipos combinado e hiperactivo-impulsivo. Suxire que o problema primario dos nenos afectados por estes subtipos de TDAH é un déficit en inhibición condutual, que impide que se establezan as condicións óptimas para que as funcións executivas poidan regular a conduta de acordo con representacións internas da información. O comportamento destes nenos está determinado por continxencias externas, mentres que nos nenos sen esta patoloxía a conduta está gobernada por representacións internas de información. No seu modelo, Barkley asigna ao déficit de atención un papel secundario, derivado do déficit en inhibición condutual e da influencia que esta ten sobre a auto-regulación da conduta. Segundo Barkley os nenos con TDAH-C e TDAH-H (subtipos combinado e hiperactivo-impulsivo, respectivamente) teñen dificultades en tarefas de atención mantida sen continxencias externas, onde a execución ten que estar guiada por representacións internas de información.

O modelo de Barkley serviu de marco teórico para o presente estudo, cuxo primeiro obxectivo foi pór a proba a hipótese de que os déficits en mantemento da atención reflicten dificultades de inhibición condutual. Seguindo o modelo de Barkley cabe esperar que os subtipos que a priori poden ter máis dificultades para inhibir respostas, os TDAH-C e TDAH-H, son os que presentan máis dificultades no mantemento da atención. Este perfil de resultados é diferente do que cabería esperar seguindo os criterios do DSM-IV-R. Se nos atemos a esta descrición dos subtipos baseada no predominio duns síntomas sobre outros esperaríase que os grupos con máis dificultades para manter a atención fosen o TDAH-C e o TDAH-A, mentres que os subtipos con máis dificultades para inhibir respostas serían o TDAH-C e TDAH-H.

Con respecto ao subtipo con predominio de déficit de atención, Barkley (1997, 2001) afirma que difire cualitativamente dos outros dous, non teñen problemas de inhibición condutual ou auto-regulación e, porén, teñen unha velocidade de procesamento máis lenta. Como segundo obxectivo deste estudo plantexouse explorar o perfil do subtipo TDAH-A en tarefas de atención mantida e inhibición de respostas e comparalo cos outros dous subtipos e con grupos control.

Método

Participantes

A mostra estivo composta por 123 nenos e nenas de sete a dez anos de idade seleccionados en centros educativos. Dezanove nenos cumpriron criterios para o subtipo TDAH-C, 20 para o subtipo TDAH-A e 12 para o subtipo TDAH-H. Os grupos control estiveron formados por 23 nenos con Dificultades de Aprendizaxe (TA), 23 con Transtornos de Conduta (TC; composto por nenos que cumpren criterios para transtorno disocial ou transtorno negativista desafiante) e 25 nenos sen psicopatoloxías (CN).

Procedemento

Os nenos foron asignados aos grupos coa información aportada por pais e profesor-titor en cuestionarios estandarizados con baremos por idade e sexo: as Escalas CBCL e TRF de Achenbach (1991a, 1991b), a Escala de Comportamento Infantil para profesores (ECI; Garrido, Sanz, Melcón e Pérez, 1992) e os subtest de lectura e escrita da Batería Neuropsicolóxica Luria-DNI.

Foron eliminados da mostra os nenos que recibían medicación, tiñan alteracións neurolóxicas, un cociente intelectual inferior a 85, ou obtiñan puntuacións clinicamente significativas nas escalas de Illamento, Queixas Somáticas, Ansiedade/Depresión, Problemas Sociais ou Problemas de Pensamento do CBCL de Achenbach.

Tarefas experimentais

Foron utilizadas dúas versións do Test de Execución Continua (CPT; Rosvold, Saranson, Bransome e Beck, 1956), a versión A-X e a versión de inhibición. En ambas versións rexistráronse os habituais erros de omisión (reflicten inatención) e comisión (reflicten impulsividade ou incapacidade para inhibir respostas). Na versión A-X rexistráronse tamén as medidas de inatención e impulsividade obtidas seguindo os criterios de Halperin et al. (1988). Segundo estes autores a medida de inatención está formada pola suma do número total de erros

de omisión máis o número de erros de comisión X-só con tempos de reacción longos. A medida de impulsividade proposta por Halperin e os seus colaboradores obtense sumando o número de erros A-non X con tempo de reacción curtos e o número de erros A-só con tempos de reacción longos.

A terceira tarefa utilizada foi o paradigma do Sinal de Stop, que se basea no modelo de carreira de control inhibitorio da acción (Logan e Cowan, 1984). Foi utilizado por Schachar e Logan (1990) e Schachar Tannock e Logan (1993) para explorar a inhibición de respostas en nenos con TDAH. Co paradigma do sinal de Stop rexistrouse o Tempo de Reacción medio ao Sinal de Stop (SSRT). Presuponse que os subtipos TDAH-C e TDAH-H son máis impulsivos e teñen máis dificultades para inhibir respostas porque o seu tempo de reacción ao sinal de stop é máis longo. A variábel dependente Tempo de Reacción medio ao Sinal de Stop calcúlase o programa de ordenador seguindo o traballo de Logan e Cowan (1984) e só se rexistra para o segundo e terceiro grupo de bloques de ensaios.

Resultados

Para analizar os datos utilizouse a proba Análise de Varianza dun factor (ANOVA), para detectar a presenza de diferenzas entre os grupos. Nos casos en que o F foi significativo realizouse a proba post hoc de Bonferroni para detectar os grupos con diferenzas significativas entre as súas medias.

Na Táboa 1 recóllense as medias de cada grupo e os resultados dos ANOVA nas medidas de atención mantida. Na variábel Omisións e Inatención da versión A-X do CPT a análise de varianza amosou efectos significativos [$F(5,117)=20,826$; $p=.000$] e [$F(5,117)=34,946$; $p=.000$], respectivamente. En ambos casos a proba post hoc de Bonferroni detectou diferenzas significativas entre cada un dos grupos do TDAH e os grupos de control TA, TC e CN. Os subtipos de TDAH non difiren significativamente entre si nestas medidas, e tampouco difiren entre si os grupos control TA, TC e CN. Na variábel Omisións do CPT versión Inhibición, os grupos que cometen máis erros de omisión son o TDAH-C e o TDAH-H. A análise de varianza mostrou efectos significativos [$F(5,117)=35,917$; $p=.000$]. A análise post hoc revelou que os subtipos TDAH-C e TDAH-H non difiren entre si, pero cada un deles difire significativamente do grupo TDAH-A e dos grupos control TA, TC e CN.

TÁBOA 1

	<i>Omisións</i> <i>CPT:A-X</i>	<i>Inatención</i> <i>CPT: A-X</i>	<i>Omisións</i> <i>CPT-Inhibición</i>
TDAH-C	10.42	11.53	15.63
TDAH-A	10.80	14.05	12.69
TDAH-H	10.08	12.69	20.92
TA	3.43	4.83	3.83
TC	2.61	3.30	3.13
CN	3	3.80	5.84
F (5,117)	20.826	34.946	35.917
P	.000	.000	.000
Bonferroni	-TDAH-C>TA, TC, CN -TDAH-A>TA, TC, CN -TDAH-H>TA,TC, CN	-TDAH-C>TA, TC, CN -TDAH-A>TA,TC, CN -TDAH-H>TA,TC, CN	-TDAH-C>TDAH-A, TA, TC, CN -TDAH-A> TA, TC -TDAH-H>TDAH-A, TA, TC, CN

Puntuacións medias de cada grupo, resultados dos análises de varianza e probas de Bonferroni das variábeis dependentes que avalían atención mantida. TDAH-C: Transtorno por Déficit de Atención, subtipo combinado; TDAH-H: Transtorno por Déficit de Atención con Hiperactividade con predominio de hiperactividade-impulsividade; TDAH-A: Transtorno por Déficit de Atención con Hiperactividade, predominio inatención; TA: Dificultades de Aprendizaxe; TC: Transtorno Disocial e Transtorno Negativista Desafiante; CN: grupo control sen psicopatoloxía.

Na Táboa 2 preséntanse as medias de cada grupo diagnóstico e os resultados dos ANOVA nas medidas de inhibición de respostas. Na variábel Comisións da versión A-X do CPT, a análise de varianza mostrou efectos significativos [$F(5,117)=36,335$; $p=.000$]. Mediante a proba post hoc de Bonferroni comprobouse que o grupo TDAH-H comete significativamente máis erros do que todos os demais grupos da mostra, incluídos os outros dous subtipos de TDAH. Os grupos TDAH-C e TDAH-A non difiren entre si, e cada un deles comete máis erros de comisión do que os grupos control TA, TC, CN. Na variábel impulsividade da versión A-X do CPT a análise de varianza mostrou efectos significativos [$F(5,117)=10,118$; $p=.000$]. Os grupos TDAH-H e TDAH-C non difiren entre si, pero difiren significativamente do resto dos grupos, incluído o grupo TDAH-A cuxos resultados son similares aos dos grupos control. Na variábel Comisións da versión de Inhibición do CPT, a análise de varianza amosou efectos significativos [$F(5,117)=6,422$; $p=.000$]. Mediante a proba post hoc de Bonferroni comprobouse que non hai diferenzas significativas entre os subtipos de TDAH nesta variábel. O grupo que comete menos erros de comisión nesta versión do CPT é o grupo control TC, que difire significativamente dos grupos TDAH-C, TDAH-H e TA.

Nas variábeis Tempo de reacción ao sinal de stop do grupo de bloques 2 (G2.SSRT) e do grupo de bloques 3 (G3.SSRT) do paradigma do Sinal de Stop, a análise de varianza amosou efectos significativos [$F(5,117)=3,203$; $p=.010$] e [$F(5,117)=3,768$; $p=.003$], respectivamente. En ambos casos o tempo medio de reacción ao sinal de stop é maior no grupo TDAH-C, pero na análise post hoc só se detectaron diferenzas significativas entre este grupo e o TC. No grupo de bloques 3 tamén se detectaron diferenzas significativas entre os grupos control TA e TC.

TÁBOA 2

	<i>Comisións</i> <i>CPT: A-X</i>	<i>Impulsividade</i> <i>CPT: A-X</i>	<i>Comisións</i> <i>CPT-Inhib.</i>	<i>B2.SSRT</i>	<i>B3.SSRT</i>
TDAH-C	11.11	5.05	10.89	.316	.313
TDAH-A	12.75	1.80	8.15	.254	.276
TDAH-H	27.31	6.46	11	.203	.280
TA	5.65	1.91	10.65	.287	.302
TC	4.13	1.57	7.09	.191	.173
CN	5.32	1.80	8.16	.234	.225
F (5,117)	36.335	10.118	6.422	3.203	3.768
P	.000	.000	.000	.010	.003
Bonferroni	- TDAH-C> TA,TC,CN - TDAH-A>TA, TC, CN - TDAH-H>TDAH-C, TDAH-A, TA, TC, CN	- TDAH-C>TDAH-A, TA, TC, CN -TDAH-H>TDAH-A ,TA, TC, CN	- TDAH-C>TC - TDAH-H>TC - TA>TC	-TDAH- C>TC	-TDAH- C>TC - TA>TC

Medias de cada grupo, resultados dos ANOVA e probas de Bonferroni nas variábeis dependentes que avalían *inhibición de respostas*. TDAH-C: Transtorno por Déficit de Atención, subtipo combinado; TDAH-H: Transtorno por Déficit de Atención con Hiperactividade con predominio de hiperactividade-impulsividade; TDAH-A: Transtorno por Déficit de Atención con Hiperactividade, predominio inatención; TA: Dificultades de Aprendizaxe; TC: Transtorno Disocial e Transtorno Negativista Desafiante; CN: grupo control sen psicopatoloxía.

Discusión

En medidas de atención mantida unicamente se obteñen diferenzas significativas entre os grupos de TDAH na variábel Omisións da versión de inhibición do CPT. Nesta variábel, os

grupos TDAH-C e TDAH-H cometen máis erros de omisión que o grupo TDAH-A. Este resultado non se axusta ao esperado atendendo aos criterios establecidos no DSM-IV-R para a diferenciación entre subtipos de TDAH, segundo os cales o déficit de atención sería máis típico nos grupos TDAH-C e TDAH-A.

Entre as medidas de inhibición de respostas a tarefa máis discriminatória foi a versión A-X do CPT, xa que a versión de inhibición do CPT e o paradigma do sinal de stop non discriminan entre os subtipos de TDAH. Na versión A-X do CPT o subtipo con menos dificultades para inhibir respostas foi o TDAH-A.

No presente estudo, ao comparar os subtipos de TDAH en tarefas de atención mantida e inhibición de respostas, confírmase o predito a partir do modelo de Barkley. Aínda que non todas as tarefas teñen a mesma capacidade para discriminar entre grupos, atendendo ás máis discriminatorias (omisións na versión de inhibición do CPT para avaliar inatención, e comisións e impulsividade na versión A-X de CPT para avaliar impulsividade), pódese afirmar que o patrón de resultados dos subtipos de TDAH en tarefas de inhibición de respostas e atención mantida é similar. O grupo con maior dificultade de inhibición de respostas é o TDAH-H, seguido do TDAH-C e do TDAH-A. E o grupo con maior dificultade para o mantemento da atención é o TDAH-H, seguido do TDAH-C e do TDAH-A.

Con respecto ao patrón de resultados do subtipo TDAH-A, seguindo a Barkley presupónse que os nenos do grupo TDAH-A non teñen dificultades de atención mantida e inhibición de respostas e, polo tanto, obterían perfís similares aos dos grupos control. Comparando os tres subtipos de TDAH, os nenos do grupo TDAH-A son os que teñen menos dificultades de atención mantida e inhibición de respostas. Pero, se comparamos os resultados do grupo TDAH-A cos grupos control TA, TC e CN, o patrón de resultados obtido en todas as medidas utilizadas para avaliar atención mantida e inhibición de respostas indica que, o grupo TDAH-A, ten máis dificultades de atención mantida do que os grupos de control, e difire destes grupos só nunha das medidas de inhibición de respostas.

Bibliografía

- Achenbach, T. M. (1991a). *Manual for the Child Behavior Checklist/4-18 and 1991 Profile*. Burlington, V.T.: University of Vermont, Department of Psychiatry.
- Achenbach, T. M. (1991b). *Manual for the Teacher's Report Form and 1991 Profile*. Burlington: University of Vermont. Department of Psychiatry.
- American Psychiatric Association (2000): *DSM-IV-R. Manual Diagnóstico y Estadístico de los Trastornos Mentales*. Edición Española, 2002. Barcelona: Masson.
- Barkley, R. A. (1997). Behavioral Inhibition, Sustained Attention and Executive Functions: Constructing a Unifying Theory of ADHD. *Psychological Bulletin*, vol.121, nº1, páxs.65-94.
- Barkley, R. A. (2001). The inattentive type of ADHD as a distinct disorder: What remains to be done. *Clinical Psychology: Science and Practice*, vol.8, 489-493.
- Eiraldi, R. B.; Power, T. J. e Maguth Nezu, C. (1997). Patterns of Comorbidity Associated with Subtypes of Attention-Deficit/Hyperactivity Disorder Among 6-to 12 Year-Old Children. *Journal of the American Academy of Child and Adolescent Psychiatry*, Vol.36, Nº4, páxs.503-514.
- Faraone, S. V., Biederman, J., Weber, W., Russell, R.L. (1998). Psychiatric, Neuropsychological, and Psychosocial Features of DSM-IV Subtypes of Attention-Deficit/Hyperactivity Disorder: Results From a Clinically Referred Sample. *Journal of the American Academy of Child and Adolescent Psychiatry*, Vol.37, Nº2, Páxs.185-193
- Garrido, I., Sanz, M., Melcón, M. A., Pérez, M. (1992). Datos normativos de escalas comportamentales: Complemento de la evaluación neuropsicológica escolar. Comunicación ao Congreso Iberoamericano de Psicología. Madrid, abril.
- Halperin, J.M.; Wolf, L.E.; Pascualvaca, D.M.; Newcorn, J.H.; Healey, J.M.; O'Brien, J.D.; Morganstein, A.; Young, J.G. (1988). Differential Assessment of Attention and Impulsivity in Children. *Journal of American Academy of Child and Adolescent Psychiatry*, vol.27, nº3, páxs. 326-329.
- Hinshaw, S. P. (2001). Is the inattentive type of ADHD a separate disorder? *Clinical Psychology: Science and Practice*, Vol.8, 498-501
- Logan, G.D.; Cowan, W.B.; (1984). On the Ability to Inhibit Thought and Action: A Theory of an Act of Control. *Psychological Review*, Vol. 91, nº3, páxs.295-327.
- Rosvold, H. E., Saranson, I., Bransome, E., e Beck, L. H. (1956). A Continuous Performance Test of Brain Damage. *Journal of Consulting Psychology*, vol. 20, 710-720.
- Schachar, R. e Logan, G.D. (1990). Impulsivity and Inhibitory Control in Normal Development and Childhood Psychopathology. *Developmental Psychology*, Vol.26, nº5, páxs. 710-720.
- Schachar, R.; Tannock, R.; Logan, G. D. (1993). Inhibitory control, impulsiveness, and attention deficit hyperactivity disorder. *Clinical Psychology Review*, Vol.13, Páxs. 721-739.

APLICACIÓNS CLÍNICAS DA INVESTIGACIÓN NEUROPSICOLÓXICA



Marina Rodríguez Álvarez

Profesora Titular de Neuropsicología

Facultade de Psicoloxía. Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

Un dos obxectivos centrais da neuropsicoloxía, como disciplina científica, é dotar os profesionais dunha base teórica, baseada en evidencias científicas, de como teñen lugar os procesos cognitivos, as súas posíbeis alteracións, e cando é posíbel, a intervención sobre os mesmos para rehabilitalos ou compensar os déficits.

Tendo en conta que o estudo das relacións cerebro-conduta e a aplicación clínica deste coñecemento aos problemas son inseparábeis, na Facultade de Psicoloxía da USC, vense traballando na descrición de perfís neuropsicolóxicos de pacientes con distintas patoloxías que afectan ao SNC como o Alcolismo, Toxicomanías, Infección por VIH/SIDA, Demencias e doenzas neurodexenerativas, patoloxía cerebro-vascular, así como tamén o estudo do envellecemento normal. Esta liña de traballo contribúe a comprender mellor as implicacións neuropsicolóxicas asociadas a unha determinada patoloxía, e permite ofrecer datos de interese que poden e deben ser tidos en conta á hora de deseñar programas de intervención e de prevención, tanto no ámbito persoal, como sanitario e social.

Palabras chave: Investigación neuropsicolóxica. Avaliación neuropsicolóxica. Neurociencia. Psicofisioloxía. Patoloxía cerebral.

ABSTRACT

One of the central aims of neuropsychology, as scientific discipline, is to endow the professionals of a theoretical base, based on scientific evidences, of how cognitive processes take place, their possible alterations, and when it is possible, intervention to rehabilitate or to compensate deficits.

Bearing in mind that the study of brain-behaviour relations and the clinical application of this knowledge to the problems are inseparable, in the USC Faculty of Psychology, we have been working in the description of neuropsychological functioning of patients with different illness that concern the SNC as Alcoholism, Drug use, AIDS, Dementia and neurodegenerative diseases, cerebro-vascular disease, as well as in the study of normal aging. This line of work helps to better understand the neuropsychological implications associated with a certain neurological pathologies, and allows to offer information of interest that can and must be born in mind at the moment of designing intervention and prevention programs, in the personal, sanitarily and socially areas.

Key words: Neuropsychological research. Neuropsychological assessment. Neuroscience. Psychophysiology. Brain diseases.

A neuropsicoloxía é unha disciplina do ámbito da neurociencia, que foi evolucionando nas últimas décadas tanto nos seus plantexamentos teóricos coma no enfoque metodolóxico que emprega para alcanzar o seu obxecto de estudo. As neurociencias comparten o seu interese polas relacións cerebro-conduta, se ben cada unha delas ten un enfoque diferente así como unha metodoloxía e ferramentas de traballo diferenciais.

A Neuropsicoloxía, entendida como o estudo das relacións entre o cerebro e a conduta, introduce a perspectiva da neurociencia na Psicoloxía desempeñando un importante papel tanto no ámbito clínico coma no investigador para dar resposta aos problemas que presentan as persoas con dano cerebral.

Para clarificar o papel da Neuropsicoloxía, dentro da Psicoloxía Clínica e en relación a outras neurociencias, é preciso definila e delimitar os seus ámbitos de intervención, tendo en conta que a súa finalidade última é explicar de que forma determinadas operacións cognitivas e as súas compoñentes se relacionan cos sistemas neurais e as súas compoñentes (Damasio, 1996).

Un dos obxectivos centrais da neuropsicoloxía, como disciplina científica, é dotar aos profesionais dunha base teórica, baseada en evidencias científicas, de como teñen lugar os procesos cognitivos, as súas posíbeis alteracións, e cando é posíbel, a intervención sobre os mesmos para rehabilitalos ou compensar os déficit (Bombin González e Caracuel Romero, 2008).

Con estas premisas, o que caracteriza ao profesional da Neuropsicoloxía non é o emprego dunha instrumentación específica, senón o coñecemento das relacións cerebro-conduta tanto normais coma patolóxicas.

Tal e como o define a División 40 da APA dedicada á Neuropsicoloxía clínica, un neuropsicólogo clínico é un profesional da Psicoloxía que aplica os principios de avaliación e intervención baseados no estudo científico da conduta humana e as súas relacións co funcionamento normal ou patolóxico do sistema nervioso central. Para iso utiliza técnicas e test neuropsicolóxicos que permiten avaliar os aspectos afectados e intactos nas áreas condutual e emocional e os pon en relación co funcionamento normal ou afectado do SNC, que coñece a través das técnicas de neuroimaxe.

O principal ámbito de actuación do neuropsicólogo clínico, aínda que non o único, é o sanitario, onde traballa con poboación neurolóxica e neurocirúrxica, psiquiátrica (Esquizofrenia, TOC, Pseudodemencia...), xeriátrica, pediátrica, pero tamén ten un papel que desempeñar con poboación xeral médica e cirúrxica (Medicina interna, Cardiología, Urología.....) sempre que exista compromiso do SNC.

Tendo en conta que o estudo das relacións cerebro-conduta e a aplicación clínica deste coñecemento aos problemas son inseparábeis, a investigación en neuropsicoloxía clínica está interesada na avaliación condutual e a intervención terapéutica fundamentalmente. Na

avaliación condutual céntrase en delimitar e cuantificar as funcións alteradas e preservadas como consecuencia de lesión cerebral, e determinar a implicación destas alteracións nas actividades da vida diaria así coma no funcionamento social e ocupacional. E polo que se refire ao ámbito da intervención, céntrase na formulación de estratexias de rehabilitación e na avaliación da eficacia das intervencións terapéuticas.

Na Universidade de Santiago de Compostela, desde a Unidade de Neuropsicoloxía e Psicofisioloxía do Servizo de Psicoloxía da Facultade de Psicoloxía, vense traballando nas últimas décadas no ámbito da avaliación condutual e máis concretamente na descrición de perfís neuropsicolóxicos de pacientes con distintas patoloxías que afectan ao SNC como o Alcolismo, Toxicomanías, Infección por VIH/SIDA, Demencias e doenzas neurodexenerativas (Alzheimer, Parkinson, Esclerose Múltiple), patoloxía cerebro-vascular, así como tamén no estudo do envellecemento normal. Tamén se están realizando investigacións para determinar as consecuencias neuropsicolóxicas e psicofisiolóxicas do patrón de consumo de alcol e as súas repercusións sobre o rendemento académico de xóvens universitarios. Estes estudos, baseados na comprensión das relacións cerebro-conduta, apoiáronse fundamentalmente no rexistro de patróns condutuais e tamén no da actividade eléctrica cerebral mediante a realización de avaliacións neuropsicolóxicas e rexistros de Potenciais Evocados.

En liñas xerais, e como parte dos achádegos obtidos nalgunhas das investigacións, aportáronse datos relevantes acerca das consecuencias neurocognitivas do consumo de alcol en xóvens e de distintas patoloxías que afectan ao SNC. Tamén se determinaron, nalgunhas poboacións, taxas de afectación neuropsicolóxica, describindo as características de aqueles que a presentan.

Esta liña de traballo levounos a describir factores, asociados ao paciente ou á patoloxía, que poden ser corresponsábeis da presenza de afectación cognitiva e condutual que finalmente nos permitiron describir un perfil de vulnerabilidade neuropsicolóxica. O feito de dispor destes datos contribúe a comprender mellor as implicacións neuropsicolóxicas asociadas a unha determinada patoloxía, o que en última instancia redunda en que o profesional poida controlar información sobre factores de risco ou de protección fronte ás alteracións neuropsicolóxicas asociadas a unha determinada patoloxía, facilitando unha detección precoz do problema a efectos de previr ou paliar as súas consecuencias e ofrecer unha intervención máis adecuada. Finalmente, a investigación neste ámbito tamén permite ofrecer datos de interese que poden e deben ser tidos en conta á hora de deseñar programas de intervención e de prevención, tanto no ámbito persoal, coma no sanitario e social.

Os avances científicos requiren adiantos nas teorías e as metodoloxías, pero tamén dependen dos avances tecnolóxicos, e hoxe en día os métodos para a obtención de imaxes constitúen unha nova e poderosa ferramenta para investigar a forma en que o cerebro posibilita a conduta e cambia coa experiencia. Do mesmo xeito, o desenvolvemento e perfeccionamento

das probas neuropsicológicas, así como tamén a súa adaptación e validación para a poboación do noso entorno sociocultural, debe formar parte das nosas prioridades ao plantexarnos novos retos investigadores pola súa aplicabilidade na práctica clínica cotiá no proceso diagnóstico ao facilitar ao clínico baremos adecuados e medidas cada vez máis sensíbeis aos cambios cognitivos. Na USC tamén traballamos actualmente nesta dirección.

Bibliografía

- Bonbín González, I. e Caracuel Romero, A. (2009). La especialización en neuropsicología: desde la necesidad clínica hasta la conveniencia estratégica. *Papeles del Psicólogo*, 29, 291-300.
- Caamaño, F., Corral, M., Parada, M., Cadaveira, F. (2008). Factors associated with risky alcohol and heavy episodic drinking among Spanish university students. *Journal of Studies on Alcohol and Drugs*, 69, 308-312.
- Corral, M., Rodríguez-Holguín, S. e Cadaveira, F. (2002). Perfil neuropsicológico de alcohólicos con alta densidad familiar de alcoholismo tras abstinencia prolongada: hallazgos preliminares. *Revista Española de Drogodependencias*, 27, 148-158.
- Corral, M., Rodríguez-Holguín, S. e Cadaveira, F. F. (2003). Neuropsychological characteristics of young children from high-density alcoholism families: a three-year follow-up. *Journal of Studies on Alcohol*, 64, 195-199.
- Corral, M., Rodríguez, M., Sánchez, J.L., Amenedo, E. e Díaz, F. (2006). Cognitive Reserve, Age and Neuropsychological Performance in Healthy Subjects. *Developmental Neuropsychology* 29 (3), 479-491.
- Damasio, A.R. (1996). El error de Descartes: La emoción, la razón y el cerebro humano. Barcelona: Grijalbo.
- Faílde Garrido, J.M., Rodríguez Álvarez, M. e Simón López, M.A. (2008). Neuropsychological impairment and Gender differences in HIV-1 Infection. *Psychiatry and Clinical Neurosciences*, 65, 494-502.
- Rodríguez Álvarez, M e Sánchez Rodríguez, J.L. (2004) *Reserva cognitiva y Demencia. Anales de Psicología*, 20 (2), 175-186.
- Rodríguez Salgado, D., Rodríguez Álvarez, M. e Seoane Pesqueira, G. (2006). Neuropsychological impairment among asymptomatic HIV-Positive former intravenous drug users. *Cognitive and Behavioral Neurology*, 19 (2), 95-104.
- Sánchez, J.L., Rodríguez, M. e Carro, J. (2002). Influence of Cognitive Reserve on Neuropsychologic Functioning in Alzheimer's Disease Type Sporadic in Subjects of Spanish Nationality. *Neuropsychiatry, Neuropsychology and Behavioral Neurology*, 15 (2), 113-122.
- Sánchez, J.L., Rodríguez, M. e Carro, J. (2002). Neuropsychological variables in sporadic late onset Alzheimer's Disease in subjects of Spanish nationality: A fast and efficient assessment procedure. *Neuropsychiatry, Neuropsychology and Behavioral Neurology*, 15 (3), 207-215.
- Sánchez, J.L., e Rodríguez, M.. (2004). Rendimiento neuropsicológico y sintomatología depresiva en la demencia tipo Alzheimer de inicio tardío esporádica. *Revista de Neurología*, 38 (7), 625-630.
- Vázquez-Justo, E., Rodríguez Álvarez, M. & Carro Ramos, J. (2003). Neuropsychological performance in HIV/AIDS intravenous drug users. *Journal of Clinical and Experimental Neuropsychology*, 25, 852-865.

EFICACIA DA AVALIACIÓN NEUROPSICOLÓXICA PRECIRÚRXICA NO PROGRAMA DE CIRURXÍA DA EPILEPSIA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO (CHUS): CONVERXENCIA CON OUTROS ÍNDICES NA HIPÓTESE DE LATERALIZACIÓN



Rosa Cerqueiro Landín

Psicóloga clínica

RESUMO

A cirurxía da epilepsia supón unha opción terapéutica importante para tratar pacientes con epilepsia farmacorresistente e con crises dunha frecuencia e gravidade, permitindo mellorar a súa calidade de vida.

Mais a eficacia da cirurxía está relacionada principalmente coa coidadosa selección dos pacientes que se poderían beneficiar dela. A avaliación neuropsicolóxica ten un papel destacado neste obxectivo, colaborando na localización do foco epileptógeno, ademais de describir o estado cognitivo do paciente antes da intervención cirúrxica e determinar as funcións cognitivas que están preservadas e as que están alteradas, podendo así diminuír a posibilidade de danos logo da intervención.

Preséntanse os resultados achados en relación ao grao de converxencia entre a avaliación neuropsicolóxica e o lugar da cirurxía, naqueles casos nos que xa foran intervidos (n=27), e a converxencia na hipótese de lateralización entre a avaliación neuropsicolóxica e outras probas (Resonancia Magnética Cerebral e Vídeo-EEG) na mostra total (n=70).

Palabras chave: Cirurxía da epilepsia, avaliación neuropsicolóxica, lateralización, epilepsia farmacorresistente, déficits cognitivos.

ABSTRACT

The surgery of the epilepsy supposes a therapeutic option important to deal with to patients with pharmacoresistent epilepsy and crisis a frequency and gravity, allowing to improve his quality of life.

But the effectiveness of the surgery is related mainly to the careful selection of the patients who could benefit from this one. The neuropsychologic evaluation has an outstanding paper in this objective, collaborating in the location of the epileptogenic center, besides to describe the cognitive state of patient before the operation and to determine what cognitive functions are preserved and altered which, being able thus to diminish the damage possibility after the intervention.

The results found in relation to the degree of convergence between the neuropsychologic evaluation and the place of the surgery, in those cases in that already they had been taken part (n=27), and the convergence in the hypothesis of lateralización between the neuropsychologic evaluation and other tests (Cerebral Magnetic Resonance and Video) in the total sample appear (n=70).

Key words: epilepsy surgery, neuropsychological test, lateralization, pharmacoresistent epilepsy, cognitive deficits.

Procedemento de avaliación neuropsicolóxica precirúrxica do Programa de Cirurxía da Epilepsia

Pódense diferenciar dous momentos na avaliación neuropsicolóxica precirúrxica: unha entrevista clínica inicial, co paciente e un familiar, e un segundo momento de administración de tests neuropsicolóxicos.

Previamente, comunicouse de forma explícita ao neurólogo o noso interese de non saber cal é a hipótese de lateralización operante, e tamén se lle indica ao paciente.

Na entrevista perséguese os seguintes obxectivos: información sobre datos sociodemográficos e características das crises epilépticas; impacto da doenza na súa vida: dificultades de escolarización, en relacións sociais e desenvolvemento profesional; rastrease a posibilidade de ter sufrido accidentes de consideración con secuelas a nivel cognitivo; queixas subxectivas sobre o seu estado cognitivo e exploración psicopatolóxica.

Unha segunda fase é a administración de tests neuropsicolóxicos, explorando diferentes funcións cognitivas: dominancia manual, mediante o Inventario de Edimburgo; atención; linguaxe; memoria verbal e non verbal; funcións executivas; capacidade intelectual. De forma xeral, utilízanse os seguintes tests neuropsicolóxicos:

- Escala de intelixencia de Wechsler-Revisado (WAIS-R) (Wechsler, 1955)
- Selección de subtests do Programa Integrado de Investigación Neuropsicolóxica (PIEN) (Peña-Casanova, 1990)
- Test de Retención Visual de Benton (TRVB)(Benton, 1945)
- Test da Figura Complexa de Rey (TCFC) (Rey, 1942)
- Test de Aprendizaxe Auditivo-Verbal (TAAV)de Rey

Acabada a avaliación, realizarase o informe psicolóxico, que recollerá: alteracións cognitivas observadas, nivel intelectual do paciente, observacións sobre o estado afectivo-emocional e consecuencias da doenza na calidade de vida, e efectuarase unha hipótese de lateralización.

Determinación da hipótese de lateralización

Os criterios utilizados para emitir unha hipótese de lateralización son cualitativos e cuantitativos. Aténdese aos baremos normativos de cada proba, pero a decisión final sobre lateralización dos déficits dependerá do patrón global de execución do paciente, máis que do resultado dos tests individuais. Atenderase ao peso relativo dos déficits lateralizados.

Chegarase á conclusión de lateralización no hemisferio esquerdo cando existen alteracións neuropsicolóxicas relacionadas con material estimular presentado verbalmente. Pola contra,

realízase unha hipótese de lateralización dereita cando o peso da evidencia se decanta cara alteracións cognitivas perante material estimular visual.

Nalgunhas ocasións, ademais, a hipótese de lateralización será bilateral, cando existen alteracións que implican tanto os aspectos verbais coma non verbais. Por último, cabe a posibilidade de que no informe neuropsicolóxico non se reflexe unha hipótese de lateralización, é dicir, que os datos non permitan concluír de forma fidedigna, alteracións neuropsicolóxicas, ou que estas non se puideron lateralizar.

Mostra de estudo

A mostra do estudo é constituída por 70 pacientes que acoden á consulta de psicoloxía clínica entre 1998 e 2002, incluídos no Programa de Cirurxía da Epilepsia como posíbeis candidatos a tratamento cirúrxico, e remitidos polo neurólogo para realizar a avaliación neuropsicolóxica precirúrxica.

No momento da recolla de datos para a investigación en curso, unha porcentaxe dos pacientes xa foron intervídos cirurxicamente, mentres que os restantes continúan en proceso de avaliación, rexeitaron a cirurxía ou plantéxanse outras alternativas terapéuticas.

Dado que só un 38% dos pacientes da mostra foron intervídos, consideramos importante realizar as diversas análises tanto na mostra xeral ($n=70$), e neste caso utilizar como criterio de comparación as outras dúas probas utilizadas para achar a lateralización do foco epileptóxico, é dicir, a resonancia Magnética e o Vídeo-EEG, coma na mostra, para os que temos os datos da cirurxía ($n=27$).

Resultados

Características sociodemográficas e de doenza

Non existen diferenzas estatisticamente significativas entre os pacientes que foron intervídos e os que aínda non, nas principais variábeis sociodemográficas e de doenza (idade, duración da doenza, idade de inicio das crises, nivel intelectual...).

Un total de 27 pacientes foron intervídos no momento da recolla dos datos, en todos os casos a nivel de lóbulo temporal.

No resto de pacientes (60%) os motivos da non intervención son múltiples: estar á espera de novas probas, sobre todo do Vídeo-EEG con electrodos implantados, opción que algúns rexeitan; negativas a realizar a cirurxía, e con dous pacientes chégase á decisión de non cirurxía por non se observar focalidade, e por control das crises con medicación.

TÁBOA 1: Características da mostra en estudo

	N (%)
Número de pacientes	70
Idade media	34.74 10.82) ^a
Sexo	
<i>Varóns</i>	41 (58.6)
<i>Mulleres</i>	29 (41.4)
Dominancia manual	
<i>Destro</i>	64 (91.4)
<i>Zurdo</i>	3 (4.3)
<i>Ambidestro</i>	2 (2.9)
Tipos de crises	
<i>Crises parciais simples</i>	5 (7.1)
<i>Crises parciais complexas</i>	35 (50.0)
<i>Crises parciais complexas con xeneralización secundaria</i>	17 (24.3)
<i>Crises xeneralizadas</i>	2 (2.9)
Cirurxía da epilepsia	27 (40.0)
<i>Dereita</i>	20 (74.1)
<i>Esquerda</i>	7 (25.9)
Idade de inicio das crises	10.75 (9.0) ^a
Anos de duración da doenza	22.48 (11.1) ^a

^a. Medias e desviacións típicas

Relación entre neuropsicoloxía, resonancia magnética e vídeo-EEG co lugar de cirurxía (n=27)

Existe unha relación significativa, do 59.7%, entre a hipótese de lateralización emitida pola avaliación neuropsicolóxica e o resultado final do lugar de cirurxía (χ^2 (14.98), $p=.002$).

Entre os pacientes intervídos no hemisferio dereito, (n=20), nun 40% dos casos observaban déficits neuropsicolóxicos na dirección predita; mentres que nun 50% non se podía emitir unha hipótese de lateralización. En 2 pacientes, os resultados da avaliación indicaban déficits tanto para material auditivo-verbal coma visual, establecendo unha hipótese bilateral.

Entre os pacientes intervídos no hemisferio esquerdo (n=7), a porcentaxe de acordo entre a hipótese emitida na avaliación neuropsicolóxica e o lugar da epilepsia é maior (57.1%); nun

42.9% dos casos, a avaliación non permitía extraer unha hipótese de lateralización. Non había, por último, ningún resultado indicando bilateralidade do déficit, nin lateralizacións incorrectas (unha hipótese de lateralización dereita cando o lugar de cirurxía fora o esquerdo).

Relación entre a avaliación neuropsicolóxica co VÍDEO-EEG e a Resonancia Magnética

Polo que respecta á concordancia dos achádegos obtidos entre a Avaliación Neuropsicolóxica e o Vídeo EEG, as hipóteses de lateralización derivadas da primeira non logran un grao de concordancia significativa cos datos EEG ($\chi^2(16.81)$, $p=.052$). Neste caso, as posibilidades son maiores, posto que non existe a restrición para a hipótese bilateral coma no caso do lugar de cirurxía.

No caso dos pacientes nos que o Vídeo-EEG conclúe como lugar de inicio das crises o hemisferio dereito, dáse unha porcentaxe similar de lateralización correcta que de lateralización non concluínte (44.8%), con 13 casos cada un, mentres que a porcentaxe de lateralizacións incorrectas (esquerdas ou bilaterais) é do 10.4% ($n=3$).

Para aqueles pacientes con inicio das crises no hemisferio esquerdo segundo vídeo-EEG, a avaliación neuropsicolóxica concorda con esta hipótese de lateralización en 6 casos (31.6%), mentres que realiza unha hipótese contraria, de lateralización dereita en 7 casos (36.8%); nun paciente encontrou disfunción bilateral (5.3%) e 5 en casos non logrou emitir unha hipótese de lateralización (26.3%).

No subgrupo de pacientes ($n=11$), con lateralización bilateral segundo o Vídeo-EEG, as posibilidades de converxencia coa avaliación neuropsicolóxica son mínimas: nun só paciente coincidiron en encontrar, por un lado o inicio do foco a nivel bilateral, segundo Vídeo-EEG, e por outro, déficits cognitivos bilaterais, segundo a nosa Avaliación Neuropsicolóxica.

No 54.5% dos casos en que se deu con focalidade bilateral segundo Vídeo-EEG, a avaliación neuropsicolóxica encontraba déficits cognitivos en consonancia con lateralización dereita, mentres que nun 27.3% dos casos as deficiencias encontradas parecían lateralizar cara o hemisferio esquerdo.

Polo que respecta á posíbel relación de continxencia entre neuropsicoloxía e RM, neste caso si se mostra unha relación significativa entre ambos ($\chi^2(24.1)$, $p=.04$), do 50.6%.

No grupo de pacientes con patoloxía estrutural dereita segundo a RM ($n=30$), a avaliación neuropsicolóxica lanza unha hipótese de lateralización correcta en 15 pacientes (50%), mentres que nun 40%, con 12 pacientes, non puido establecer lateralización do déficit. En 3 pacientes (10%), a avaliación neuropsicolóxica emite unha hipótese contraria á da Resonancia Magnética.

Para o grupo de pacientes con lateralización esquerda segundo a Resonancia Magnética, a avaliación neuropsicolóxica emite unha hipótese de lateralización esquerda e dereita na mesma proporción (37.5%, respectivamente), non parecendo significativa a súa capacidade para discriminar os pacientes con anomalías estruturais no lado esquerdo.

No caso dos pacientes con afectación bilateral segundo RM, a porcentaxe de lateralizacións correctas é elevada con respecto ao Vídeo-EEG; neste caso, coinciden nun 40%. Unha porcentaxe similar, porén, dáse en lateralizacións incorrectas, ficando o 20% restante de casos nos que a avaliación neuropsicolóxica non conclúe lateralización en ningún sentido.

Conclusións

Entre os pacientes intervídos cirurxicamente (n=27), a avaliación neuropsicolóxica amosa unha concordancia significativa co lugar da cirurxía (χ^2 (14.98), $p=.002$). O grao de converxencia é do 59.7%.

A principal dificultade coa que se encontra a avaliación neuropsicolóxica é a de concluír unha hipótese de lateralización, xa que no 50% dos pacientes con lugar de cirurxía dereito, e o 42.9% dos pacientes con lugar de cirurxía esquerdo non foran lateralizados pola avaliación neuropsicolóxica.

Porén, cando a avaliación neuropsicolóxica aporta unha hipótese de lateralización, esta sempre amosa unha predición correcta con respecto ao lugar de cirurxía.

Existe unha maior concordancia entre os datos neuropsicolóxicos e o lugar da cirurxía nas lateralizacións esquerdas, tal e como aparece na literatura (Brieier e cols, 1997; Herman e cols, 1987); Kneebone, 2001).

O grao de concordancia da avaliación neuropsicolóxica con Vídeo-EEG e a RM, para a mostra total de pacientes (N=70), é dispar.

Non hai unha relación estatisticamente significativa entre os datos neuropsicolóxicos e os do vídeo-EEG, aínda que roza a significatividade ($p=0.052$). A porcentaxe de concordancia é do 44.8% para lateralizacións dereitas segundo Vídeo-EEG, 31.6% para lateralizacións esquerdas, e de 9.1% para as bilaterais.

Poderíase concluír que non hai unha tradución perfecta entre a existencia de actividade bioeléctrica cerebral anómala e as posíbeis consecuencias a nivel cognitivo.

Por outro lado, si que se dá unha relación significativa entre os datos aportados pola Resonancia Magnética e a avaliación neuropsicolóxica (χ^2 (124.1), $p=0.04$), do 50.6%.

Estes resultados son coincidentes cos apuntados noutros estudos, que relacionan as anomalías estruturais cos déficits cognitivos ou “funcionais” (Trenerry, 2001).

Bibliografía

- Breier, J.I., Brookshire, B.L., Fletcher, J. e cols (1997). Identification of side of seizure onset in temporal lobe epilepsy using memory test in the context of reading deficits. *Journal of Clinical and Experimental Neuropsychology*, 19, 161-171.
- Hermann, B.P., Wyler, A. R., Rychey, E.T. e cols (1987). Memory function and verbal learning ability in patients with complex partial seizures of temporal lobe origin. *Epilepsia*, 28, 547-554.
- Kneebone, A.C., Chelune, G.J e Lüders, H.O. (1997). Individual prediction of seizure lateralization in temporal lobe epilepsy: a comparison between neuropsychological memory measures and the intracarotid amobarbital procedure. *Journal of International Neuropsychological Society*, 3, 159-168.
- Trenerry, M.R. (2001). Neuropsychological correlates of neuroimaging in epilepsy surgery. En H.O. Lüders e Y.G. Comair (Ed.). *Epilepsy surgery*. Philadelphia: Ed. Lippincott, Williams e Wilkins.

CONTRIBUCIÓN DA NEUROPSICOLOXÍA AO ESTUDO DO ICTUS



María Sabucedo Seoane

RESUMO

Os ictus son unha das principais causas de morte e discapacidade no noso país e comunidade. A investigación sobre as características neuropsicolóxicas desta poboación viuse dificultada por problemas conceptuais e metodolóxicos. Neste traballo repasaremos estes aspectos e presentaremos algunhas propostas de cara a mellorar a abordaxe dos pacientes.

Palabras chave: *Ictus, neuropsicoloxía, demencia vascular, accidente cerebrovascular, deterioro cognitivo vascular.*

ABSTRACT

Stroke is one of the main causes of death and disability in our country and autonomous region. Neuropsychological investigation has been encumbered by terminological and methodological problems. Our aim is to discuss about this topic and to put forward some proposals to improve the treatment of patients who have suffered a stroke.

Key words: *Stroke, neuropsychology, vascular dementia, vascular cognitive impairment, vascular cognitive impairment-no dementia.*

Introdución

Os accidentes cerebrovasculares ou ictus constitúen en España unha das primeiras causas de morte, obtendo Galicia a taxa máis elevada do país e provocando o maior número de defuncións na nosa comunidade (web INE; INE 2005; INE 2007). Pero, ademais, non son só unha das principais causas de morte senón tamén de deficiencia e incapacidade.

O accidente cerebrovascular defínese, segundo a OMS, como unha focalidade neurolóxica con perda da función cerebral cuxos síntomas duran máis de 24 horas ou producen o falecemento do paciente, sendo este cadro provocado por unha causa vascular. En función da natureza do ictus, podemos clasificalos en isquémicos, se hai obstrucción do fluxo sanguíneo (80-85% dos casos), ou hemorráxicos, cando existe sangrado pola rotura espontánea dun vaso (10-15%). As manifestacións clínicas que se presenten dependerán da localización da lesión, sendo as principais a perda ou diminución da sensibilidade, da forza e as alteracións cognitivas.

O progreso no estudo das manifestacións neuropsicolóxicas despois dun ictus viuse dificultado non só pola falta de consenso terminolóxico e de criterios diagnósticos senón tamén por déficits de tipo metodolóxico (O'Brian et al. 2003; Sachdev et al. 2004; Stephens et al. 2004; Selnes & Vinters, 2006; Erkinjuntti, 2007; Bowler, 2007). Neste traballo aprofundaremos nestes aspectos e sinalaremos algunhas contribucións que se poderían facer desde o ámbito neuropsicolóxico que permitirían avanzar no estudo dos déficits do paciente cerebrovascular de cara a mellorar o seu tratamento.

Por que é importante o estudo neuropsicolóxico do paciente con ictus?

As alteracións cognitivas e condutuais son síntomas frecuentes despois dun ictus. Estes déficits poden resultar tremendamente disruptivos para o paciente e o seu entorno e segundo a evidencia acumulada, parecen ser predictivos do nivel funcional e de calidade de vida a longo prazo (Hochterbach, Anderson, van Limbeek & Mulder, 2001; Patel, Coshall, Rudd & Wolfe, 2002; Boyle, Cohen, Paul, Moser & Gordon, 2002; Nys et al. 2005; Jönsson, Lindgren, Hallström, Norving & Lindgren 2005; Stephens et al. 2005; Baker-Collo & Feigin, 2006; Jefferson et al. 2006; Feigin, Barker-Collo, McNaughton, Brown & Kerse, 2008).

O coñecemento das características e evolución destes déficits permitiríanos informar sobre as expectativas de progreso do paciente e sobre as súas necesidades específicas o que, á súa vez, repercutiría no adecuado deseño de plans de actuación sociosanitarios.

Situación da investigación neuropsicolóxica.

En 1991 o National Institute of Neurological Disorders and Stroke (NINDS) propón a iniciativa de sistematizar a investigación no ámbito cerebrovascular ao promover un estudo para entrar en consenso na definición de Demencia Vascular (DV) e establecer os criterios

diagnósticos. Desde esta institución surxe unha das primeiras propostas conceptuais da DV na que se enfatizaba a perda de memoria e o carácter irreversible dos seus síntomas (Román et al., 1993). Axiña se observou que esta definición estaba enviesada polo predominio da investigación en Alzheimer e que o uso do concepto de demencia non permitía o estudo dos déficits lixeiros e en consecuencia a súa detección. Por estes motivos Hachinski (Hachinski, 1994) plantexa a necesidade de redefinir o termo e substituílo por “Vascular Cognitive Impairment” (Deterioro Cognitivo Vascular) que abarcaría desde o cerebro en risco sen alteración, pasando pola alteración cognitiva sen demencia até a demencia vascular.

Desde esta nova perspectiva comezan a surxir diferentes propostas para definir e caracterizar as alteracións secundarias aos ictus.

A nivel terminolóxico se ben existe acordo na denominación do estadio máis grave de afectación, non parece existir tal consenso cando nos referimos ao estadio leve, propoñéndose termos como “vascular cognitive impairment-no dementia” (deterioro cognitivo vascular-non demencia, DCV-ND, termo que usaremos neste traballo), “vascular mild cognitive impairment” (deterioro cognitivo vascular leve) ou incluso “vascular cognitive impairment” (deterioro cognitivo vascular).

En canto ás características diagnósticas, presentáronse diferentes criterios tanto para a DV como para o DCV-ND. Respecto á DV, durante anos a investigación estivo influenciada polos criterios de Román et al. (1993) e os de Chui et al. (1992) que a día de hoxe case non son empregados. Propostas máis actuais procedentes de Román et al. (2004) entenden que, a nivel cognitivo, o diagnóstico de demencia, sexa cal for a súa causa, requiriría a presenza de disfunción executiva. Por outra parte Sachdev et al. (2004) consideran a DV como unha alteración nun ou máis dominios sen especificar cales. En canto ao DCV-ND, Bowler (2003) entende que dúas ou máis áreas deben estar implicadas, con especial referencia á non necesidade de enfatizar a memoria, mentres que Sachdev et al. (2006) conciben o deterioro leve como a alteración nun dominio ($pc < 5$), ou en dous (pc 5-10) ou se existisen máis áreas afectadas estas tampouco provocarían declive funcional.

Dada a falta de consenso nos criterios e que os presentados non foron validados considérase que o estudo prospectivo sería o método máis adecuado para o establecemento das características diagnósticas (Pohjasvaara, Mäntylä, Ylikoski, Kaste & Erkinjunnti, 2000; Bowler, 2007). Desde a sección de Neuropsicoloxía do National Institute of Neurological Disorders and Stroke-Canadian Stroke Network (NINDS-CSN) (Hachinski et al. 2006) propónse un protocolo de avaliación dunha hora de duración para o estudo detallado do deterioro cognitivo vascular co obxectivo de obter a suficiente información para o establecemento dos criterios de deterioro. Propoñen, ademais, outros dous protocolos para uso na práctica clínica e atención primaria de 30 e 5 minutos respectivamente (ver táboa). Se ben esta proposta podería ser un interesante punto de partida, consideramos que hai outros aspectos

metodolóxicos importantes aos que deberíamos prestar atención para poder chegar a unha adecuada descrición das características diagnósticas.

Un dos problemas metodolóxicos máis frecuentes en investigación é a inclusión de pacientes sen atender ás características do ictus (tipo e localización do mesmo) (Erkinjuntti, 2007; Stephens et al. 2004; Selnes & Vinters 2006).

Tabla: Protocolos neuropsicológicos NINDS-CSN

PRUEBA	60'	30'	5'
Fluencia fonética	✓	✓	
Fluencia semántica	✓	✓	
Clave de números WAIS-III	✓	✓	
Test del trazo	✓	○	
Figura Compleja de Rey	✓		
Test de denominación de Boston (abreviado)	✓		
Test audioverbal Hopkins -Revisado	✓	✓	
Inventario Neuropsiquiátrico-Questionario (NPI-Q)	✓	✓	
Centro de Estudios Epidemiológicos-Escala de depresión (CES-D)	✓	✓	
16-items Cuestionario del Informador para el declive cognitivo en mayores (IQCODE)	✓		
MiniExamen Cognoscitivo Minimental	○	○	
Recuerdo inmediato y demorado de 5 palabras del MoCA			✓
Orientación en 6 ítems del MoCA			✓
Fluencia fonética del MoCA			✓

○: opcional

A doenza cerebrovascular pode producir un amplo abano de alteracións cognitivas que diferirán fundamentalmente en función da localización da lesión. Por este motivo, incluír nunha mesma mostra pacientes con lesión en diferentes localizacións pode levarnos a establecer un perfil de deterioro erróneo. Ademais, as diferenzas fisiopatolóxicas existentes entre un ictus isquémico e un hemorráxico poderían dar lugar a diferentes patróns de alteración neuropsicolóxica. Outro problema metodolóxico que observamos é que frecuentemente se usan test de cribado como único instrumento de valoración e este tipo de probas non permiten detectar todos os déficits que se puideran presentar.

Como podemos observar, a maioría das investigacións realizadas centráronse principalmente na descrición e, en ocasións, o seguimento das variábeis neuropsicolóxicas, sen prestar demasiada atención ao valor predictivo destas, á súa relación coa actividade funcional, cos resultados trala rehabilitación e coa calidade de vida do paciente e coidadores (Hochstenbach et al., 2001; Barker -Collo & Feigin, 2006; Feigin et al. 2008).

Dada a heteroxeneidade clínica do ictus hai distintas variábeis que potencialmente poderían influír no desempeño das actividades da vida diaria (Boyle & Cahn-Weiner, 2004). As funcións executivas son as que máis frecuentemente se asociaron á correcta execución das actividades da vida diaria (Boyle et al., 2002; Nys et al., 2005; Stephens et al., 2005; Jefferson et al., 2006). Neste contexto suxeríuse ademais que pode existir unha disociación entre as áreas cognitivas que median o correcto exercicio das actividades básicas da vida diaria e as que inflúen nas instrumentais (Bennet et al., 2002; Boyle et al., 2002).

Que pode aportar a neuropsicoloxía ao estudo do ictus?

As principais contribucións que se poderían facer desde o ámbito neuropsicolóxico estarían encamiñadas a cubrir as deficiencias descritas anteriormente co fin último de mellorar a calidade asistencial do paciente con ictus.

Neste sentido propoñemos as seguintes consideracións para o establecemento dos criterios diagnósticos e metodoloxía de estudo: a) ao igual que outros autores (O'Brian et al., 2003; Bowler & Hachinski 2003; Stephens et al., 2004) propoñemos realizar estudos prospectivos lonxitudinais, b) seleccionar a mostra atendendo ás características do ictus, c) valorar as diferentes funcións cognitivas sen utilizar unicamente probas de cribado, d) aprofundar no estudo de suxeitos hemorráxicos e afásicos. Actualmente existen moi poucos estudos que inclúan unicamente pacientes hemorráxicos, e os que hai centráronse maioritariamente en lesións en ganglios basais e tálamo, utilizando mostras de pequeno tamaño e sen realizar avaliacións de seguimento. Respecto aos pacientes afásicos, a dificultade da súa avaliación fai que, en numerosas ocasións, sexan excluídos da investigación polo que sería necesario elaborar protocolos que permitan aprofundar no seu estudo, e) recoller, alén de datos clínicos, información sobre variábeis sociodemográficas que inflúen no rendemento cognitivo como son a idade, nivel educativo ou reserva cognitiva. (Rodríguez-Álvarez & Sánchez Rodríguez, 2004).

Por último cremos que sería importante promover estudos que analizaran a relación de variábeis cognitivas e condutuais con variábeis funcionais e de calidade de vida. A investigación nesta liña é, até a data, escasa e presenta ademais déficits metodolóxicos do tipo dos descritos anteriormente.

Consideramos polo tanto que a identificación de predictores a curto e longo prazo permitiría, por un lado, identificar aqueles pacientes en risco de incapacidade e máximos beneficiarios da rehabilitación neuropsicolóxica e, por outro, mellorar a planificación dos servizos sociosanitarios e a información que se ofrece aos pacientes e familiares sobre o pronóstico e control dos déficits.

Bibliografía

- Barker-Collo, S. e Feigin, V. (2006). The impact of neuropsychological deficits on functional stroke outcomes. *Neuropsychological Review*, 16, 53-64.
- Bennet, H.P., Corbett, A.J., Gaden S., Grayson, D.A., Krill J.J., e Broe G.A. Subcortical vascular disease and functional decline: a 6-year predictor study. *Journal of American Geriatrics Society*, 50(12), 1969-1977.
- Bowler, J. (2003). Epidemiology: Identifying vascular cognitive impairment. *International Psychogeriatrics*, 15, suppl. 1, 115-122.
- Bowler, J.V. (2007). Modern concept of vascular cognitive impairment. *British Medical Bulletin*, 83, 291-305.
- Boyle, P.A., Cohen, R.A., Paul, R., Moser, D. e Gordon, N. (2002). Cognitive and motor impairment predict functional declines in patients with vascular dementia. *International Journal of Geriatric Psychiatry*, 17, 164-169.
- Chui, H.C., Victoroff, J.I., Margolin, D., Jagust, W., Shankle, R. e Katzman, R. (1992). Criteria for the diagnosis of ischemic vascular dementia proposed by the State of California Alzheimer's Disease Diagnostic and Treatment Centers. *Neurology*, 42, 473-480.
- Erkinjuntti, T. (2007). Vascular Cognitive Deterioration and Stroke. *Cerebrovascular Disease*, 27(supl. 1), 189-194.
- Defunciones según la causa de muerte*. Instituto Nacional de Estadística.
(<http://www.ine.es/jaxi/menu.do?type=pcaxis&path=/t15/p417&file=inebase&L=0>)
- Hachinski, V. Vascular dementia: a radical redefinition. (1994). *Dementia*, 5, 130-132
- Hachinski, V., Iadecola, C., Petersen, R.C., Breteler, M.M., Nyenhuis, D.L., Black, S.E. e cols. (2006). National Institute of Neurological Disorders and Stroke- Canadian Stroke Network Vascular Cognitive Impairment Harmonization Standars. *Stroke*, 37, 2220-2241.
- Hochstenbach, J.B., Anderson, P.G, van Limbeek, J. e Mulder, T.T. (2001). Is there a relation between neuropsychologic variables and quality of life after stroke?. *Archives of Physical Medicine and Rehabilitation*, 82, 1360-1366.
- INE. Notas de prensa. 24 de novembro de 2005. *Defunciones según causa de muerte 2003*.
- INE. Notas de prensa. 29 de xaneiro de 2007. *Defunciones según causa de muerte 2005. Datos provisionais*.
- Jefferson, A.L., Cahn-Weiner, D., Boyle, P., Paul, R.H., Moser, D.J., Gordon, N. e cols. (2006). Cognitive predictors of functional decline in vascular dementia. *International Journal of Geriatric Psychiatry*, 21, 752-754.
- Jönsson, A.C., Lindgren, I., Hallström, B., Norving, B., e Lindgren, A. (2005). Determinants of quality of life in stroke survivors and their informal caregivers. *Stroke*, 36, 803-808.
- Nys, G.M.S., van Zandvoort, M.J.E., Kort, P.L.M., van der Worp, H.B, Jansen, B.P.W., Algra, A. e cols. (2005). The prognostic value of domain-specific cognitive abilities in acute first-ever stroke. *Neurology*, 65, 821-827.
- O'Brian, J.T, Erkinjuntti, T., Reisberg, B., Román, G., Sawada, T., Pantoni, L., e cols. (2003). Vascular Cognitive Impairment. *Lancet Neurology*, 2, 89-98.
- Patel, M.D., Coshall, C., rudd, A.G. e Wolfe, C.D.A. (2002). Cognitive Impairment after stroke: Clinical Determinants and Its association with long-term stroke outcomes. *Journal of the American Geriatrics Society*, 50, 700-706.
- Pohjasvaara, T., Mäntylä, r., Ylikoski, R., Kaste, M. e Erkinjuntti, T. (2000). Comparison of different clinical criteria (DSM-III, ADDTC, ICD-10, NINDS-AIREN, DSM-IV) for the diagnosis of vascular dementia. *Stroke*, 31, 2952-2957.
- Rodríguez-Álvarez, M. e Sánchez Rodríguez, J.L. (2004). Reserva cognitiva y demencia. *Anales de psicología*, vol.20, n.2, 175-186.

- Román, G.C., Tatemichi, T.K., Erkinjuntti, T., Cummings, J.L., Masdeu, J.C., Garcia, J.H e cols. (1993). Vascular dementia: diagnostic criteria for research studies. Report of the NINDS-AIREN international workshop. *Neurology*, 43, 250-260.
- Román, G.C., Sachdev, P., Royall, D.R., Bullock, R.A., Orgogozo, J.M., López-Pousa, S. e cols (2004)- Vascular cognitive disorder: a new diagnostic category updating vascular cognitive impairment and vascular dementia. *Journal of the Neurological Sciences*, 226, 81-87.
- Sachdev, P.S., Brodaty, H., Valenzuela, M.J., Lorentz, L., Looi, J.C.L., Wen, W., e cols. (2004). The neuropsychological profile of vascular cognitive impairment in stroke and TIA patients. *Neurology*, 62, 912-919.
- Sachdev, P.S., Brodaty, H., Valenzuela, M.J., Lorentz, L., Looi, J.C.L., Berman, K. e cols. (2006). Clinical determinants of dementia and mild impairment following ischaemic stroke: The Sydney Stroke Study. *Dementia and Geriatric Cognitive Disorders*, 21, 275-283.
- Selnes, O.A. e Vinters, H.V. (2006). Vascular cognitive impairment. *Nature clinical Practice Neurology*, 2(10), 538-547
- Stephens, S., Kenny, R.A., Rowan, E., Allan, L., Kalaria, R.N., Bradbury, M. e cols. (2004). Neuropsychological characteristics of mild vascular cognitive impairment and dementia after stroke. *International Journal of Geriatric Psychiatry*, 19, 1053-1057.
- Stephens, S., Kenny, R.A., Rowan, E., Kalaria, R.N., Path, F.R.C, Bradbury, M. e cols. (2005). Association between mild vascular cognitive impairment and impaired activities of daily living in older stroke survivors without dementia. *Journal of the American Geriatrics Society*, 53, 103-107.

CIRURXÍA DA EPILEPSIA: CONSECUCENCIAS NAS FUNCIÓNS COGNITIVAS



Marisa Cortizo Pérez

Hospital Clínico de Santiago de Compostela

Tania López Gómez

C.H. Arquitecto Marcide-Prof. Nóvoa Santos

RESUMO

Neste estudo plantexámonos un duplo obxectivo: primeiro, avaliar as funcións cognitivas superiores en pacientes con epilepsia (Estudo I); e segundo, valorar as consecuencias da cirurxía sobre as mesmas, comparando os resultados na avaliación neuropsicolóxica pre e pos cirúrxica valoráranse as consecuencias da cirurxía sobre a orientación, atención, e a memoria auditivo-verbal e visual (Estudo II). Os resultados mostran que os pacientes epilépticos presentan un déficit en fluidez verbal, comprensión de material verbal complexo, aprendizaxe auditivo-verbal, memoria auditivo-verbal inmediata e diferida, e memoria visual recente e diferida. Na avaliación poscirúrxica non se apreciou deterioro estatisticamente significativo en orientación, atención, memoria auditivo-verbal e memoria visual diferida. Discútese a congruencia destes resultados cos recollidos na literatura científica.

Palabras chave: Epilepsia, cirurxía de epilepsia, neuropsicoloxía, funcións cognitivas, lóbulo temporal.

ABSTRACT

This study pretends a doble goal: first, evaluate cognitive functions in patients with epilepsy, and second, evaluate the effects of surgery on cognitive functions like orientation, attention, and verbal and visual memory, by comparing the results obtained in the neuropsychological preoperative and postoperative studies. The results indicate that patients with epilepsy present cognitive impairment in verbal fluency, verbal comprehension, and verbal and visual memory. Cognitive outcomes after surgery show no additional impairment in orientation, attention, verbal and visual memory. The consistancy of these results with other investigations is argued.

Key words: Epilepsy, Surgery of epilepsy, Neuropsychology, Cognitive functions, Temporal lobe.

Introdución

A epilepsia é unha doenza crónica do SNC cunha prevalencia do 3-9 por 1000 habitantes. Estímase que entre un 10 e un 30% dos suxeitos afectados son farmacorresistentes, dos cales só o 15% son candidatos para avaliación precirúrxica e destes só o 50% ten indicación cirúrxica trala valoración. Na actualidade uns 1.500 pacientes epilépticos poderían beneficiarse en España da indicación cirúrxica (Wieser, H., Burcet, J., & Russi, A., 2000).

Son escasos os estudos que valoren as consecuencias que ten a cirurxía da epilepsia sobre as funcións cognitivas. A medición dos resultados baseouse fundamentalmente en coñecer se a intervención diminúe a frecuencia das crises, existindo pouca evidencia dos efectos a medio e longo prazo noutros aspectos como as funcións cognitivas ou a calidade de vida.

As variábeis que máis se asocian coa afectación das funcións cognitivas superiores son a idade de inicio, a duración da doenza (número de anos con crises), e a frecuencia e tipo de crises. As alteracións neuropsicolóxicas máis frecuentes da epilepsia son os déficits de memoria, podendo estar alteradas outras funcións como a atención, a linguaxe ou as funcións executivas dependendo das áreas cerebrais afectadas (Maestú, F., Martín, P., Sola, R. G., Ortiz, T., 1999).

Maestú e colaboradores (1999) destacan a melloría na cognición despois da cirurxía naqueles casos nos que trala intervención se consegue unha redución significativa das crises e o deterioro previo de memoria é moderado. Os resultados poscirúrxicos amosan un incremento xeral no CI (con maiores melloras no CI verbal nun prazo de 2 a 6 anos despois da cirurxía) (Alpherts, W., et al., 2004), mellora na fluidez verbal (Lee, T., Mackenzie, R., Walker, A., et al., 1997) e mellora na habilidade para resolver problemas (Hermann, B., & Wyler, A., 1988). Os resultados obtidos para a memoria son máis controvertidos e os diferentes estudos non sempre encontran cambios estatisticamente significativos (Martín, P., Maestú, F., Sola, R., 2002).

O perfil de paciente epiléptico con máis probabilidades de presentar deterioro despois da cirurxía sería o paciente adulto, coas funcións cognitivas previas intactas e unha resección cirúrxica maior (Maestú e col., 1999).

Posíbeis riscos da resección do lóbulo temporal (o tipo de intervención máis utilizado na cirurxía da epilepsia) segundo o informe de González, J., & García, L. (1998), serían: déficit de memoria incapacitante entre o 1 e 4% dos casos, alteración da función cognitiva en non máis do 75% e mellora no 12% dos casos, e aparición frecuente de afasia transitoria (permanente en menos do 3% dos casos).

No presente estudo plantéxase un duplo obxectivo. Primeiro, preténdese estudar se a epilepsia produce alteracións nas funcións cognitivas superiores (orientación, atención, fluidez verbal,

comprensión verbal, razoamento abstracto verbal, memoria auditivo-verbal, memoria visual e intelixencia) (Estudo I). Segundo, comparando os resultados obtidos na avaliación neuropsicolóxica pre e poscirúrxica valoráranse as consecuencias da cirurxía sobre a orientación, atención, e a memoria auditivo-verbal e visual (Estudo II).

Cremos que o coñecemento dos beneficios potenciais da cirurxía da epilepsia entre os profesionais de atención primaria e especializada podería facilitar a derivación de pacientes e a utilización desta opción terapéutica dado que, o déficit dos recursos dedicados a esta alternativa de tratamento conduciu a unha infrautilización da mesma.

Metodoloxía

Suxeitos

A mostra está conformada polos pacientes que foron sometidos á cirurxía da epilepsia do lóbulo temporal entre os anos 1999 e 2007, no Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela. A mostra do estudo precirúrxico (Estudo I) está conformada por 31 suxeitos (18 mulleres e 13 homes) cunha idade media de 32,55 anos (faixa etaria 19-53 anos); dos cales, 20 suxeitos presentaban esclerose mesial temporal dereita (EMTD_r) e 11 esclerose mesial temporal esquerda (EMT_l). Os suxeitos presentaban unha media de 8,5 crises ao mes (D.T.=10,48) e unha duración media da doenza de 24,12 anos. 29 suxeitos eran destros, 1 zurdo e 1 ambidestro. Destes suxeitos, só 23 (12 mulleres e 11 homes, 15 con EMTD_r e 8 con EMT_l, e idade media de $33,43 \pm 6,11$) puideron ser incluídos na mostra do Estudo II debido ao abandono do seguimento poscirúrxico por parte dos pacientes.

Procedemento

Os datos foron recollidos da revisión das Historias Clínicas dos pacientes que acudiron á avaliación neuropsicolóxica previa á cirurxía da epilepsia do lóbulo temporal e dos que acudiron ao seguimento poscirúrxico.

A todos os pacientes administráraselles unha serie de test neuropsicolóxicos antes (Táboa I) e despois (Táboa II) da cirurxía, incidindo no estudo da memoria auditivo-verbal e visual. As avaliacións poscirúrxicas foron realizadas unha media de 12,6 meses (D.T.= 7,71) despois da intervención.

TÁBOA I. Material empregado na avaliación precirúrxica do funcionamento neuropsicolóxico

Funcións Avaliadas		Probas
Orientación		Subtest Orientación (PIEN) ¹
Atención		Subtest Díxitos Directos (PIEN)
		Subtest Díxitos Inversos (PIEN)
		Subtest Series Inversas (PIEN)
Fluidez Verbal		Subtest Evocación categorial en asociacións semántica (PIEN)
		Subtest Evocación categorial en asociacións fonética (PIEN)
Comprensión Verbal		Subtest Comprensión de ordes (PIEN)
		Subtest Material verbal complexo (PIEN)
		Subtest Comprensión (WAIS) ²
Razoamento Verbal	Abstracto	Subtest Semellanzas (WAIS)
Memoria Auditivo-Verbal		Subtest Memoria textos inmediata (PIEN)
		Subtest Memoria textos diferida (PIEN)
		RAVLT ³
Memoria Visual		TRVB ⁴
		Subtest Memoria visual inmediata (PIEN)
		Subtest Memoria visual reprodución diferida (PIEN)
		RCFT ⁵
Intelixencia		WAIS

1 PIEN: Programa Integrado de exploración neuropsicológica, Test Barcelona, (Peña Casanova, 1990); 2-WAIS: Wechsler Adult Intelligence Scale; 3-RAVLT: Test de aprendizaxe auditiva verbal de Rey; 4-TRVB: Test de retención Visual de Benton (Benton, 2002); 5-RCFT: Rey, test de copia e de reprodución de memoria de figuras xeométricas complexas (Rey, A., 2003)

TÁBOA II. Material empregado na avaliación poscirúrxica do funcionamento neuropsicolóxico

Funcións Avaliadas		Probas
Orientación		Subtest Orientación (PIEN)
Atención		Subtest Díxitos Directos (PIEN)
		Subtest Díxitos Inversos (PIEN)
Fluidez Verbal		Subtest Evocación categorial en asociacións semántica (PIEN)
Comprensión Verbal		Subtest Comprensión de ordes (PIEN)
		Subtest Material verbal complexo (PIEN)
		Subtest Comprensión (WAIS)
Memoria Auditivo-Verbal		RAVLT
Memoria Visual		TRVB
		Subtest Memoria visual inmediata (PIEN)
		Subtest Memoria visual reprodución diferida (PIEN)
		RCFT

Análise Estatística

Para o tratamento estatístico dos datos utilizouse o paquete estatístico SPSS para Windows (versión 15.0). Co obxecto de coñecer se existían diferenzas significativas no funcionamento cognitivo precirúrxico dos pacientes con EMTIz respecto aos pacientes con EMTDr realizouse unha análise para mostras independentes baseado na proba U de Mann Whitney. Realizouse a proba dos signos de Wilcoxon para analizar as diferenzas entre o funcionamento precirúrxico e o poscirúrxico. De todas as variábeis calculáronse os estatísticos descritivos de tendencia central e dispersión.

Resultados

Estudo I


Na Figura I aparecen descritos os resultados obtidos para cada proba. As funcións máis afectadas nos pacientes epilépticos para os subtest do PIEN foron a fluidez verbal (evocación semántica: Pc $20,34 \pm 15,92$, evocación fonética: Pc $17,14 \pm 17,65$); a comprensión de material verbal complexo (Pc $21,18 \pm 28,20$); a memoria verbal (inmediata: Pc $16,00 \pm 8,83$, diferida: Pc $18,50 \pm 13,87$) e a memoria visual diferida (Pc $24,50 \pm 24,38$). Os resultados obtidos no RAVLT (V: $10 \pm 3,1$, VIII: $6,00 \pm 3,71$) indican un déficit significativo da aprendizaxe auditivoverbal e a memoria auditivoverbal diferida. No RCFT Memoria (Pc $12,87 \pm 19,05$) e TRVB (TRVB erros: $2,37 + 3,98$, TVRB acertos: $-1,48 \pm 1,95$) obtivéronse resultados indicativos dun déficit de memoria visual recente. Non se encontraron déficits significativos en memoria visual inmediata (Pc $60,38 \pm 25,52$); comprensión verbal (comprensión de ordes: Pc $60,17 \pm 37,31$, comprensión verbal: Pc $8,74 \pm 3,77$); atención (series inversas: Pc $72,71 \pm 36,39$, díxitos directos: Pc $38,79 \pm 24,7$, díxitos inversos: Pc $31,59 + 22,40$) nin en razoamento abstracto (Pc: $10,33 \pm 2,67$). Tampouco mostraron déficit en orientación temporal (Pc $90,81 \pm 16,23$), espacial (Pc $92,26 + 15, 26$) nin de persoa (Pc $92,26 + 15, 26$). Os pacientes tiñan un CI total medio (Media: 92,47, D.T.: 15,67, Mínimo: 67, Máximo: 120), ao igual que o CI verbal (Media: 94,71, D.T.: 16,24) e o CI manipulador (Media: 91,52, D.T.: 11,64).

Os suxeitos con EMTDr e os suxeitos con EMTIz non mostraron diferenzas significativas ($\alpha = 0,05$) en memoria auditivoverbal inmediata (PIEN), memoria visual inmediata e diferida (PIEN, TRB, RCFT), nin en intelixencia (CIT, CIV y CIM). Os suxeitos con EMTIz obtiveron un rendemento significativamente máis baixo en memoria verbal diferida (PIEN) e en aprendizaxe auditivoverbal (RAVLT).

TÁBOA III. Resultados da comparación entre os resultados precirúrxicos de pacientes con EMTDr e EMTIz.

Función Cognitiva	Proba U de Mann-Whitney (Sig. asintót. bilateral)^a
Memoria Verbal Inmediata	28,50 (,110)
Memoria Verbal diferida	22,50 (,043)*
Memoria Visual Inmediata	31,50 (,179)
Memoria Visual Diferida	42,00 (,744)
RAVLT V	29,00 (,003)*
RAVLT VIII	67,00 (,268)
TRVB erros	79,50 (,93)
RFCT memoria	94,50 (,465)
CIT	29,00 (,096)

a. $\alpha = 0.05$



Estudo II

Só 2 dos 23 pacientes que conformaron a mostra non obtiveron unha redución da frecuencia das crises epilépticas trala cirurxía. Ao comparar os resultados neuropsicolóxicos precirúrxicos e poscirúrxicos (Táboa IV) non se obtiveron diferenzas estatisticamente significativas ($\alpha = 0.05$) nas

seguintes funcións cognitivas: orientación temporal, espacial e persoal; atención (díxitos directos e inversos); memoria auditivoverbal (RAVLT) e memoria visual diferida (RCFT e TRVB).

TÁBOA IV. Resultados da comparación entre os resultados pre e pos cirúrxicos.

Función Cognitiva	Z (Sig. asintót. bilateral)*
Orientación temporal	-1,414 (.157)
Orientación persoal	-1,000 (.317)
Orientación espacial	-1,000 (.317)
Díxitos Directos	-,307 (.759)
Díxitos Inversos	-1,294 (.196)
RAVLT V	-,737(.461)
RAVLT VIII	-,063(.509)
RFCT memoria	-,767 (.443)
TRVB acertos	-,660(.509)
TRVB erros	-,634(.526)

* $\alpha = 0.05$

Conclusións

Os resultados obtidos amosan que a orientación, atención e razoamento abstracto son funcións que permanecen preservadas nos suxeitos con epilepsia do lóbulo temporal. Tampouco se aprecia un CI inferior á media normal.

As lesións das áreas mesiais do lóbulo temporal relacionáronse con déficit de memoria para material verbal, relacionada co lóbulo temporal dominante para a linguaxe; e para material visuoespacial para o lóbulo temporal non dominante (Maestú e col.,1999).

Os resultados do estudo amosan que os pacientes epilépticos presentan un déficit en fluidez verbal, comprensión de material verbal complexo, aprendizaxe auditivoverbal, memoria auditivoverbal inmediata e diferida, e memoria visual recente e diferida. Os suxeitos con EMTIz obtiveron rendementos en memoria verbal diferida (PIEN) e aprendizaxe auditivoverbal (RAVLT) máis baixos que os suxeitos con EMTDr.

A literatura refire que trala cirurxía esquerda asociada a unha dominancia esquerda para a linguaxe é frecuente encontrar caídas psicométricamente significativas nas medidas de memoria verbal (Orozco e col., 2002). Estas caídas non foron achadas no noso estudo (memoria medida utilizando o RAVLT); aínda que tampouco se produciron melloras e o rendemento seguiría sendo inferior ao dun suxeito san.

Non se obtiveron cambios poscirúrxicos en funcións que estaban previamente preservadas como a atención e a orientación. Tampouco se observou un cambio no rendemento na memoria visual diferida (medida co RCFT).

En base aos resultados obtidos podemos considerar que a cirurxía da epilepsia pode ter beneficios potenciais para o paciente en canto á mellora da calidade de vida que pode supor a

redución da frecuencia das crises epilépticas. Non obstante, serían necesarios máis estudos acerca das consecuencias poscirúrxicas a longo prazo.

Bibliografía

- González, J., & García, L. (1998). Cirugía de la Epilepsia. Agencia de Evaluación de Tecnologías Sanitarias. Instituto de Salud Carlos III - Ministerio de Sanidad y Consumo, Madrid, Abril de 1998.
- Alpherts, W., Vermeulen, J., Hendriks, M., Franken, M., Van Rijen, P., et al. (2004). Long-term effects of temporal lobectomy on intelligence. *Neurology*, Feb 24;62(4):607-11.
- Hermann, B., & Wyler, A. (1988). Neuropsychological outcome of anterior temporal lobectomy. *Journal of Epilepsy*.
- Lee, T., Mackenzie, R., Walker, A., et al. (1997) Effects of left temporal lobectomy and amygdalohippocampectomy on memory. *Journal of Clinical Neuroscience*, 4(3): 314-319.
- Maestú, F., Martín, P., Sola, R. G., Ortiz, T. (1999). *Neuropsychology and cognitive deterioration in epilepsy*. Revista de Neurología. April 16-30;28(8):793-8.
- Martín, P., Maestú, F., & Sola, R. (2002). Effects of surgical treatment on intellectual performance and memory in a Spanish sample of drug-resistant partial onset-temporal lobe epilepsy patients. *Seizure-European Journal of Epilepsy*, 11: 151-156.
- Orozco-Giménez, C., Verdejo-García, A., Cuberos-Urbano, G., Pastor-Pons, E., Sánchez-Álvarez, J. C., Altuzarra-Corral, A., et al. (2002). Changes in episodic and semantic memory associated to temporal lobectomy. *Revista De Neurología*, 35(8), 720-726.
- Wieser, H., Burcet, J., & Russi, A. (2000). Indicaciones del tratamiento quirúrgico de la epilepsia. *Revista de Neurología*, 30 (12):1190-1196.

INFLUENCIA DA VELOCIDADE DE PROCESAMENTO NOS PROCESOS MNÉSICOS DESPOIS DUN DANO CEREBRAL



Bajo Lema, Jorge; Dopico González, Ignacio; Sardiña Agra, Xavier

C.H.U. A Coruña

RESUMO

As alteracións máis frecuentes despois dun traumatismo craneoencefálico (TCE) son déficits na lembranza de material verbal, diminución da capacidade de memoria de traballo e unha significativa ralentización no procesamento da información. O obxectivo deste estudo é analizar a relación entre estas alteracións así como entre as diferentes probas de memoria entre si e analizar até que punto son independentes. Mostra: Trinta suxeitos adultos con TCE derivados para Avaliación Neuropsicolóxica. Material: Tarefas seleccionadas de memoria verbal e traballo da Escala de Memoria Wechsler (WMS-III) e a proba “Chave de Números” da Escala de Intelixencia Weschler (WAIS-III). Resultados: Existe unha correlación significativa e directa entre case todas as tarefas, correlacionando entre si a memoria de traballo, memoria inmediata e velocidade de procesamento. Unha vez controlada a influencia da variábel velocidade de procesamento, a relación entre os rendementos entre tarefas que implican memoria de traballo amósanse independentes dos rendementos en probas de memoria verbal.

Palabras chave: Traumatismo craneoencefálico, neuropsicología, memoria de traballo, memoria verbal, velocidade de procesamento.

ABSTRACT

The most common impairments after traumatic brain injury (TBI) are verbal memory impairments, working memory diminished ability and significative processing speed slowness. The object of this study is to analyze the relationship between this alterations and between the different memory tests and to analyze to what extent they are independent. Sample : Thirty adults with TBI Neuropsychological Evaluation. Material: Selected tasks of verbal and working memory of Wechsler Memory Scale(WMS-III) and the task “Digit-Symbol” of Weschler Intelligence Scale (WAIS-III). Resultados: There is a significative direct correlation among almost all the tasks, relating work memory , immediate memory and processing speed . Once controlled the influence of the variable processing speed , the relation between the performance in tasks that imply work memory is independent to the performance of the verbal memory tasks.

Keywords: Traumatic brain injury, neuropsychology, working memory, verbal memory, processing speed.

Introdución

A investigación neuropsicolóxica realizada en persoas que sufriron dano cerebral, e principalmente a levada a cabo despois de traumatismos craneoencefálicos (TCE), é bastante consistente, sinalando como alteracións máis frecuentes os déficits na capacidade de memoria de traballo, diminución da lembranza de material verbal tanto inmediato coma demorado e unha significativa ralentización no procesamento da información (Junqué, 1999; Ladera, 2002; Perea-Bartolomé et al., 2002).

Un dos índices máis sensíbeis aos efectos producidos por un TCE foi a velocidade de procesamento (Chirivella et al., 2004). Esta ralentización obsérvase en todas as tarefas; parece ser xeneralizada e non localizada nunha fase específica do procesamento (Ríos, 2006). De feito, existe evidencia de que a velocidade de procesamento pode mediar de forma importante no rendemento logo dun TCE. Por exemplo, esta maior lentitude foi capaz de explicar as alteracións nas diversas compoñentes da atención: dividida, focalizada e sostida (Felmington et al., 2004; Ríos, 2006). Timmerman e Brouwer (1999) suxiren que esta ralentización do procesamento de información pode ser resultado dunha reducida activación dos nodos ou redes de memoria semántica. No seu estudo observan que a manipulación da dificultade de acceso á memoria semántica produce unha desvantaxe desproporcionada en pacientes con dano cerebral, efecto que non se observa cando se manipula o acceso á memoria procedemental. Pódese supor que esta menor activación que se reflicte nunha maior lentitude do procesamento de información xeraría maiores dificultades na memoria verbal.

Aínda que tradicionalmente as alteracións na velocidade de procesamento da información e os déficits de memoria foron asociados a danos de estruturas diferentes, a alteración na velocidade de procesamento asociada a cambios na substancia branca, e os déficits de memoria asociados a atrofia hipocampal (Junqué, 1999), as correlacións encontradas son modestas, tanto respecto á relación “velocidade de procesamento-lesións substancia branca” (Ríos, 2004) como “déficits en memoria verbal-atrofia hipocampal” (Verger, 2001).

A posíbel relación entre ambas funcións plantexa a necesidade de tratar de diferenciar na avaliación, que fracción dos déficits da lembranza demorada se poderían deber exclusivamente a este procesamento máis lento da información e que parte se pode considerar que se debe unha alteración específica da memoria, co fin de poder axustar e optimizar os obxectivos e tarefas de rehabilitación.

Tamén é necesario diferenciar que parte do rendemento nas diferentes probas de memoria verbal se debe a esta ralentización, co fin de aumentar o poder discriminativo destas probas e diferenciar mellor as compoñentes funcionais danadas e susceptíbeis polo tanto de rehabilitación.

O obxectivo deste traballo é analizar a correlación que existe entre o rendemento nas diferentes tarefas de memoria inmediata e demorada e de traballo co rendemento na velocidade de procesamento, así como a correlación que existe entre as diferentes tarefas de memoria unha vez eliminada a influencia da maior ou menor velocidade de procesamento.

Mostra e métodos

Trátase dun estudo transversal de pacientes que sufriron TCE e solicítase avaliación neuropsicolóxica durante o ingreso no Servizo de Rehabilitación.

A mostra consiste en 30 suxeitos adultos, 20 homes e 10 mulleres que sufriran un TCE. A idade media era de 36,7 anos e unha desviación estándar(DE) de 15,2 anos. A xerarquía estaba entre 18 e 70 anos.

A avaliación neuropsicolóxica administrouse nun intervalo medio despois do TCE de 7,25 meses, con DE de 5,5 meses, entre xuño de 2006 e outubro de 2008.

Foron valoradas as seguintes probas, incluídas no protocolo de avaliación neuropsicolóxica:

- Memoria de traballo: Díxitos e Localización Espacial, da Escala de Memoria Wechsler (WMS-III; Wechsler, 2004) co obxectivo de obter valoración tanto con material auditivo coma visual.
- Memoria verbal: Lista de Palabras e Textos da WMS-III.
- Velocidade de Procesamento: Chave de Números da Escala de Intelixencia Wechsler (WAIS-III; Wechsler, 1999).

Resultados

Os resultados tipificados en cada unha das probas aparecen indicados na Táboa 1. As medias de todas as puntuacións están por baixo da media poboacional, oscilando entre as puntuacións tipificadas de 5 e 8.

	<i>Media</i>	<i>Desv Est</i>	<i>Máximo</i>	<i>Mínimo</i>
Memoria de traballo				
DÍXITOS	6,51	2,74	12	2
LOC ESPACIAL	8,00	3,14	14	3
Velocidade de procesamento				
CHAVE DE NÚMEROS	5,86	3,19	14	1
Memoria inmediata				
TEXTOS I	5,95	3,35	15	2
LISTA PALABRAS I	5,09	2,73	13	1
Memoria demorada				
TEXTOS II	5,10	3,42	16	1
LISTA PALABRAS II	6,07	5,52	11	2

Táboa 1: Estatísticas de puntuacións en probas neuropsicolóxicas

Correlacións

Calculouse a correlación entre o resultado na proba de Chave de Números e as demais (Táboa 2). Correlacionou significativamente co rendemento en probas que miden Memoria de Traballo: Díxitos ($r=0,378$; $p=0,008$), Localización Espacial ($r=0,460$; $p=0,036$). Con respecto ás probas de memoria verbal, existiron diferenzas segundo se tratase de material verbal estruturado, co que correlacionou significativamente, tanto na avaliación inmediata (Textos I: $r=0,451$; $p=0,01$) coma demorada (Textos II: $r=0,461$; $p=0,001$) ou de material non estruturado, con correlacións non significativas.

Memoria de traballo		
	<i>r</i>	<i>α</i>
DÍXITOS	0,378	0,008
LOC ESPACIAL	0,460	0,036
Memoria inmediata		
	<i>r</i>	<i>α</i>
TEXTOS I	0,451	0,001
LISTA PALABRAS I	0,199	0,157
Memoria demorada		
	<i>r</i>	<i>α</i>
TEXTOS II	0,491	0,001
LISTA PALABRAS II	0,228	0,112

Táboa 2: Correlación puntuación Chave de Números e probas de memoria

Calculouse tamén a correlación entre as diferentes probas de memoria de traballo e memoria verbal (Táboa 3). Existe unha correlación significativa e de grande magnitude entre as dúas probas que miden memoria de traballo ($r=0,533$; $p<0,01$). Tamén as diferentes probas de memoria verbal correlacionaron fortemente entre elas: Textos I e Listas de Palabras I ($r=0,496$; $p<0,01$), Textos II e Listas de Palabras II ($r=0,612$; $p<0,01$).

A correlación entre probas que miden memoria de traballo e verbal foi de menor magnitude, aínda que significativa entre:

- Díxitos: Textos I ($r=0,276$; $p<0,05$), Listas de Palabras I ($r=0,247$; $p<0,06$) e Textos II ($r=0,353$; $p<0,05$).
- Localización Espacial: Textos I ($r=0,382$; $p<0,05$).

Táboa 3: Correlacións entre diferentes probas de memoria

	DÍXITOS	LOC ESPACIAL	TEXTOS I	TEXTOS II
Memoria de traballo				
DÍXITOS				
LOC ESPACIAL	0,53 ^a			
Memoria inmediata				
TEXTOS I	0,28 ^b	0,38 ^b		
LISTA PALABRAS I	0,25 ^b	0,23	0,50 ^a	
Memoria de morada				
TEXTOS II	0,35 ^b	0,21		
LISTA PALABRAS II	0,18	0,26		0,61 ^a

Nota: O índice a indica valor de significación $\alpha<0,01$ e o índice b un valor de significación $\alpha<0,05$

Correlacións unha vez controlada a velocidade de procesamento

A correlación entre o rendemento en diferentes probas de memoria, unha vez controlado o efecto da velocidade de procesamento aparece indicado na Táboa 4, desaparece a significación das correlacións entre as probas que miden memoria de traballo e as de memoria verbal, así

como tamén a significación entre as diferentes tarefas de medida de memoria de traballo.

Só se mantén a correlación entre las diferentes probas de memoria verbal (Textos e Listas de Palabras) tanto en memoria inmediata ($r=0,425$; $p<0,05$) coma demorada ($r=0,623$; $p<0,01$).


Táboa 4: Correlacións unha vez controlada velocidade de procesamento

	DÍXITOS	LOC ESPACIAL	TEXTOS I	TEXTOS II
Memoria de traballo				
DÍXITOS				
LOC ESPACIAL	0,29			
Memoria inmediata				
TEXTOS I	0,06	-0,13		
LISTA PALABRAS I	0,13	0,04	0,42 ^b	
Memoria demorada				
TEXTOS II	0,07	-0,23		
LISTA PALABRAS II	-0,05	0,16		0,62 ^a

Nota: O índice a indica valor de significación $\alpha<0,01$ e o índice b un valor de significación $\alpha<0,05$


No gráfico seguinte (Ilustración 1) aprécianse mellor as diferentes correlacións antes de axustar entre probas. a liña negra grosa indica correlación significativa $\alpha<0,01$ e a liña gris continua unha significación $\alpha<0,05$.

Ilustración 1: Correlacións entre as diferentes probas de memoria



No gráfico seguinte (Ilustración 2), exprésanse as correlacións despois de controlar a velocidade de procesamento.

Ilustración 2: Correlacións entre as diferentes probas de memoria



Conclusiones

Como era de esperar, existe unha correlación significativa e directa entre o rendemento na medida de velocidade de procesamento e en tarefas de memoria de traballo, dada a maior vinculación desta memoria a procesos de atención, que anteriores estudos mostraron moi dependente da maior ou menor velocidade de procesamento (Felmingham et al, 2004; Ríos, 2006).

No caso de memoria verbal, existe correlación significativa coa proba de Textos, tanto cando se examina inmediatamente como demorada, e desaparece esta relación significativa cando se compara coa proba de Lista de Palabras, igualmente sen depender do intervalo para a avaliación. A diferenza entre ambos tipos de tarefa residen na maior ou menor estrutura do material, dado que na proba de Textos a execución se pode beneficiar de ser capaz de acceder a un esquema ou roteiro no que inserir os detalles da narración, mentres que en Lista de Palabras o rendemento non se beneficia de darlle un contexto á información. Con respecto ao que indicaban Timmerman e Brouwer (1999), sobre a menor activación dos nodos semánticos en pacientes cunha menor velocidade de procesamento, o noso estudo parece indicar que é necesario desenvolver este modelo para dar conta destes resultados. Se ben unha menor activación non parece afectar á execución en Lista de Palabras, onde se supón as diferentes palabras están semanticamente pouco relacionadas, si se nota o efecto na proba de Textos, onde poderíamos supor que unha maior propagación da activación axudaría á activación de esquemas que deran conta do contexto. Esta é só unha hipótese que, desde logo, necesitaría dunha maior investigación e unha metodoloxía rigorosa que se focase directamente nesta relación, dado o carácter máis descritivo deste estudo.

Hai que sinalar tamén unha correlación significativa entre probas de memoria de traballo, principalmente Díxitos, con probas de memoria de verbal. Esta relación mostrouse no noso estudo moi mediatizada pola velocidade de procesamento, xa que unha vez controlada a

influencia desta variábel, o rendemento en ambos tipos de tarefas móstrase independente. Sería interesante, dada esta poderosa influencia da velocidade de procesamento, tratar de establecer índices que maticen o rendemento en tarefas de memoria en función da velocidade de procesamento, e que permita diferenciar mellor dunha tarefa para outra.

Todas estas conclusións hai que matizalas e consideralas preliminares dadas algunhas limitacións metodolóxicas importantes. Principalmente, a ausencia dunha mostra control, aínda a pesar do uso na valoración dos baremos estandarizados con poboación española, xera dúbidas acerca da presenza de variábeis non controladas que diferencien ambas mostras, así como deixa sen controlar o rumbo do avaliador. O tamaño da mostra, pequeno dada a heteroxeneidade dos pacientes, tamén limita de maneira importante a xeneralización dos resultados. O uso de puntuacións tipificadas, se ben permite controlar o efecto da variábel Idade, introduce un procedemento que pode xerar efectos non controlados relativos á menor dispersión dos valores e efectos base que nalgúns casos poden deformar os resultados. Sería interesante un estudo con maior número de pacientes, e a posibilidade de diferenciarlos en grupos que permitan controlar a maior ou menor gravidade do TCE e o tipo de lesión segundo neuroimaxe. Sería interesante tamén a posibilidade de realizar un estudo lonxitudinal para estudar a evolución dos diferentes déficits, así como a evolución da relación entre eles, aspectos que precisan dunha maior investigación para entender mellor os efectos de dano cerebral.

Bibliografía

- Chirivella, J; Caballero, M.C.; Noé, E.; Ferri, J. y Ramírez, R.M. (2004). Pronóstico e intelixencia en los traumatismos craneoencefálicos graves: Estudio Neuropsicológico mediante la Escala de Inteligencia de Wechsler para Adultos-III. *Neurología* 19 (6), 285-291
- Felmingham, K.L.; Baguley, I.J. and Green, A.M. (2004). Effects of diffuse axonal injury on speed of information processing following sever traumatic brain injury. *Neuropsychology* 18 (3), 564-571.
- Junqué, C. (1999): Secuelas neuropsicológicas de los traumatismos craneoencefálicos. *Rev Neurol* 28 (4): 423-429.
- Ladera, V., Perea Bartolomé, V. y Morales Ramos, F. (2002): Rendimientos mnésicos en traumatismos craneoencefálico moderado al año. *Psicothema* 14 (1): 71-78.
- Perea Bartolomé, V., Ladera, V. y Morales Ramos, F. (2002): Rendimientos mnésicos en traumatismo craneoencefálico leve. *Rev Neurol* 35 (7): 607-612.
- Ríos Lago, M. (2006). Consideraciones sobre la investigación en el contexto clínico: atención y velocidad de procesamento. En *Avances en Neuropsicología Clínica*. Madrid: Mapfre.
- Timmerman, M.E. and Brouwer, W.H. (1999). Slow information processing after very severe closed head injury: Impaired access to declarative knowledge and intact application and acquisition of procedural knowledge. *Neuropsychologia*, 37, 467-478.
- Verger, K.; Serra-Grabulosa, J.M.; Junqué, C.; Álvarez, A.; Bartrés-Faz, D. y Mercader, J.M. (2001). Estudio de las secuelas a largo plazo de los traumatismos craneoencefálicos: evaluación de la memoria declarativa y procedimental y de su sustrato neuroanatómico. *Rev Neurol* 33 (1), 30-34
- Wechsler, D. (1999). *Escala de Inteligencia Wechsler para Adultos-III*. Madrid: TEA Ediciones, S.A.
- Wechsler, D. (2004). *Escala de Memoria Wechsler-III*. Madrid: TEA Ediciones, S.A.

DIFICULTADES NA RESPOSTA SEXUAL DAS PERSOAS MAIORES



Encarnación Sueiro Domínguez

C.O.F. "Nóvoa Santos". SERGAS (Ourense-España)

Facultade de Ciencias da Educación. Universidade de Vigo

sueiro@uvigo.es

RESUMO

Para adentrarnos na vida sexual das persoas de máis idade, comezamos realizando un breve recorrido pola Resposta Sexual Humana, de mulleres e homes, á par que enumeramos os posíbeis problemas e solucións que naquela se poden presentar para, finalmente, sinalar as características xerais da vida sexual nesta etapa evolutiva.

Palabras chave: *Problemas, sexualidade, maiores, homes, mulleres*

ABSTRACT

To go deep into the sex life of the elderly, we start by doing a brief review of the Human Sexual Response among these women and men, as well as a list of the potential problems and solutions with such response, in order to finally point the general features of the sex life in this developmental stage.

Key words: *Difficulty, sexuality, elderly, men, women*

"Se mire como se mire, la relación sexual no puede reducirse a una mera función fisiológica como la digestión: ni siquiera agota su sentido la consideración de constituir una fase del proceso reproductivo. Se trata, ante todo, de una relación, fundamentalmente entre dos personas, nada menos que la más íntima y verdadera que se conoce. Por eso trasciende con mucho la fisiología e interesa a todo el mundo."

Miguel (1998, p. 209).

Resposta sexual humana

Fai referencia aos cambios que ocorren na muller e no home cando se produce calquera tipo de activación sexual, como resposta fisiolóxica ante a estimulación sexual -imaxes, fantasías, roces, caricias, autoestimulación,... É o que se coñece como a Resposta Sexual Humana (RSH), que ten varias fases:

FASES	MULLER	HOME
DESEXO	Apetito que leva a buscar unha experiencia sexual ou a ser receptiva da mesma Ningún cambio físico concreto	Apetito que leva a buscar unha experiencia sexual ou a ser receptivo da mesma Ningún cambio físico concreto
EXCITACIÓN	Lubricación e expansión da vaxina Aumento de tamaño e sensibilidade do clítoris Elevación do útero Expansión dos labios menores Separación e aplanamento dos labios maiores Aumento das mamas e erección do mamilo	Erección do pene Aumento e elevación do escroto Lixeira elevación testicular Posíbel erección do mamilo
MESETA	Conxestión venosa Estreitamento vaxinal Retracción do clítoris Maior elevación do útero Maior vasodilatación de labios maiores Cambio de coloración de labios menores Maior aumento de mamas e areola	Aumento testicular e maior elevación Aumento do diámetro da glande Secreción das Glándulas de Cowper e emisión Contracción da próstata Peches do esfínter interno da vexiga Contracción de vesículas seminais Posíbel erección dos mamilos
ORGASMO	Contraccións rítmicas de vaxina e útero Contracción do esfínter rectal	Contracción do pene, uretra e esfínter Exaculación
RESOLUCIÓN	Retracción do útero Normalidade vaxinal	Perda de erección e descenso testicular Escroto que volve ao seu tamaño normal

Adaptado de: MASTERS W, JOHNSON V e KOLODNY R (1996) *EROS Los mundos de la sexualidad*.
Barcelona: Grijalbo.

Ademais destes, hai outros cambios, a saber, aumento do ritmo respiratorio, cardíaco, da presión cardíaca, sudoración, avermellamento da pel e unha reacción muscular xeral.

Tomando como punto de partida a clasificación que antecede describimos cada disfunción sexual segundo sexa a fase na que se sitúa. Desta maneira, pódense presentar problemas na fase do desexo, na fase de excitación e na fase orgásmica. Ademais, tamén están aquelas disfuncións que, sen estar relacionadas coas fases da Resposta Sexual, impiden ou dificultan o desempeño sexual porque provocan dor.

O tratamento dos problemas sexuais é un feito relativamente recente, xa que cobra importancia a partir dos anos sesenta, grazas ás aportacións das investigacións desenvoltas por Masters e Jonson (1981).

Segundo acabamos de sinalar, a Resposta Sexual Humana ten diferentes fases: Desexo, Excitación, Orgasmo e Resolución. Como xa sabemos na vellez redúcese o nivel de estróxenos e testosterona, alén de incrementarse os problemas cardiovasculares, entón, cales é/son a/s fase/s máis afectada/s polo proceso de envellecemento nas mulleres e nos homes? Para responder a isto, pasamos ao seguinte apartado.

Cambios na resposta sexual das mulleres maiores

Os estudos biofisiolóxicos realizados e analizados (Fuentes e López, 1997; López e Olazábal, 1998; Masters, Johnson e Kolodny, 1995; Olazábal et al., 1990), sobre esta poboación, indican que:

- * prodúcese unha redución dos estróxenos;
- * as mamas diminúen de tamaño e perden turxencia;
- * o desexo soe ser menor, por razóns psicosociais ou hormonais;
- * a lubricación vaxinal diminúe en cantidade e é máis lenta, consecuencia isto da baixada de estróxenos que orixina a menopausa e o cese das menstruacións.
- * redúcese o tamaño da vaxina, estreitase e perde elasticidade. Se a isto unimos o anterior, pode ocorrer que o coito resulte doloroso e até imposíbel.
- * a resposta do clítoris, é dicir, o orgasmo, non sofre cambios importantes. Mantense a capacidade multiorgásmica.
- * os cambios fisiolóxicos que acompañan á resposta sexual diminúen de maneira importante. Así, como xa sinalamos, as mamas case non aumentan de tamaño aínda que non perden o seu carácter de zona eróxena privilexiada, prodúcese unha menor vasoconxestión dos órganos xenitais, diminúe a intensidade e frecuencia das contraccións,...
- * e, ademais, a distribución da graxa deixa de ser "tipicamente feminina", producíndose cambios importantes na figura e imaxe corporal.

Cambios na resposta sexual dos homes maiores

Os autores e autoras antes mencionados sinalan que, no caso dos varóns:

- * dáse unha diminución progresiva da produción de testosterona que comeza a partir dos 55 anos. Isto pode provocar nunha pequena porcentaxe o que algúns autores denominan o “climaterio masculino”: diminución do desexo sexual, cansazo, perda da potencia sexual, irritabilidade, falta de apetito, limitacións na capacidade de concentración,...
- * desta maneira, o desexo pode ser menor, por razóns psicosociais ou hormonais;
- * a erección é máis lenta e menos firme e precisa dunha estimulación máis directa e intensa;
- * os testículos elévanse menos e máis lentamente;
- * redúcese a tensión muscular durante a actividade sexual;
- * ocorre unha diminución da produción de esperma, que pode comezar en torno aos 40 anos, aínda que non chega a desaparecer. Diminúe a cantidade de semen emitido, percibíndose unha menor necesidade de exacular e as sensacións orgásmicas menos intensas;
- * no orgasmo, hai menos contraccións e menor vigor nas mesmas;
- * e, o período refractario alóngase, é dicir, o tempo entre unha exaculación e a seguinte prolóngase.

En xeral, poderíamos dicir que se produce unha perda de vigor fisiolóxico na actividade sexual.

A pesar de todos estes cambios biofisiolóxicos sinalados para as mulleres e os homes, o desexo sexual permanece e as posibilidades da sexualidade poden ser vividas de múltiples formas, incluso facendo uso da coitalidade.

Alén do indicado, existen determinados problemas de saúde que limitan e/ou modifican a sexualidade nesta etapa da vida, tales como diferentes procesos reumáticos e articulares, a diabetes, os problemas cardiovasculares, insuficiencias respiratorias, neoplasias,... e os estados anímicos: a depresión.

Dificultades máis frecuentes e posíbeis solucións

Como sinalamos no apartado anterior, os problemas sexuais máis frecuentes nesta etapa da vida son os referidos ao desexo e á excitación sexual. Así nolo sinalan refráns como os que din “*Arriba canas; y abajo, ganas*”, ou ben, “*Cando o vello mexa nas botas, non é bo para as mozas*” (Doval, 1998).

TÁBOA 1. Problemas sexuais máis frecuentes e posíbeis solucións

PROBLEMAS	SOLUCIÓN
DIMINUCCIÓN DO APETITO	* NON CAER NA RUTINA * UTILIZAR ELEMENTOS NOVEDOSOS E EXCITANTES (MÚSICA, FILMES, LECTURAS,...) * DEDICAR O TEMPO NECESARIO * COMEZAR POR AQUILO QUE MÁIS NOS AGRADA * VALORAR A INTERFERENCIA DOS MEDICAMENTOS * BUSCAR CONSELLO
SEQUEDADE E ATROFIA VAXINAL	* UTILIZAR LUBRICANTES * INCREMENTAR O XOGO PREVIO * EXERCITAR A MUSCULATURA DA ENTRADA DA VAXINA * EMPREGAR ESTRÓXENOS LOCAIS * MANTER A ACTIVIDADE SEXUAL * SOLICITAR CONSELLO
ERECCIÓN INSUFICIENTE	* BUSCAR UNHA POSICIÓN MÁIS APROPIADA * INCREMENTAR O NIVEL DE ESTIMULACIÓN-EXCITACIÓN * BUSCAR ALTERNATIVAS SEXUAIS DIFERENTES DO COITO * ACEPTALO COMO UNHA LIMITACIÓN DA IDADE * CONSULTALO
PERDA RÁPIDA DA ERECCIÓN E LONGO PERÍODO DE RECUPERACIÓN	* PRIORIZAR A CALIDADE FRONTE Á CANTIDADE * DIMINUÍR O NÚMERO DE COITOS * BUSCAR ALTERNATIVAS SEXUAIS DIFERENTES DO COITO * ACEPTALO COMO PROPIO DA IDADE * BUSCAR AXUDA

Despois de todo o dito, habemos de engadir que a sexualidade é máis que un acto físico e, polo tanto, vese afectada por algo máis que por estes cambios que se producen segundo envellecemos.

No envellecemento non se elimina a actividade sexual, aínda que si se modifica anatómica, funcional e psicolóxicamente. E isto vai depender de variábeis como:

- o estado de saúde,
- a rutina,
- o estado civil,
- o temor ao fracaso,
- as falsas crenzas e a falta dunha adecuada educación sexual e
- a interacción coa propia familia e coas e os profesionais da saúde

(Bachman, 1989).

Tamén as persoas e o medio que nos rodea introducen elementos que repercuten na vida sexual e afectiva das persoas de máis idade.

Concluindo

Para finalizar, poderíamos sinalar que:

1. A sexualidade na vellez é moi variábel dunhas persoas para outras. A medida que se avanza en idade as diferenzas son maiores. Parece que os mellores predictores de que haxa actividade sexual na vellez son a existencia de actividade sexual previa e o feito de ter parella (Newman, 1970; Cruz e Mercé, 1992).

2. Os cambios fisiolóxicos sexuais asociados á vellez tamén son moi variábeis dunhas persoas a outras. Os que máis afectan á actividade sexual coital son os vaxinais na muller e a capacidade eréctil no home.

3. O grao de satisfacción sexual non diminúe necesariamente ao longo dos anos. En moitos casos pode incluso mellorar. Así o confirma a investigación realizada por Starr e Weiner (1981), con persoas de idades comprendidas entre 60 e 91 anos, onde encontraron que o 36% afirmaron desfrutar máis do sexo que cando eran xóvens.

4. Factores fisiolóxicos e psicosociais favorecen a diminución da actividade sexual coital e a actividade sexual en xeral. É máis, a actividade sexual dunha parella decrece cando pasan varios anos xuntos, independentemente da idade.

5. Tamén, dependendo de factores fisiolóxicos e psicosociais, a actividade sexual da muller é menor que a do home ao longo de todo o ciclo vital e decrece máis segundo pasan os anos. A súa actividade acostuma depender dos desexos e capacidades do varón.

Porén, estudos recentes amosan que as diferenzas entre mulleres e homes diminuíron.

6. A actividade sexual das persoas maiores ten múltiples manifestacións diferentes do coito. Isto vai depender de que as actitudes cara estas diferentes manifestacións sexan positivas.

7. Hai outros aspectos da sexualidade que non involucionan, tales como interese sexual, a identidade sexual e o rol de xénero, capacidade de namoramento, comunicación e afecto, o valor concedido ás caricias corporais,...

8. As persoas maiores teñen moito interese por aquelas actividades que lles permiten entrar en contacto coas demais persoas, tales como o baile, as viaxes,...

9. Os posíbeis problemas fisiolóxicos da sexualidade na vellez teñen solucións relativamente sinxelas. Nalgúns casos o uso de fármacos axuda, sobre todo a unha poboación onde o 41% ven positivo o seu uso (Bote 2006).

Despois de todo o dito deberíamos ser capaces de realizar un listado coas Vantaxes sexuais que deparan á Vellez, tanto para as mulleres como para os homes, así como para ambos conxuntamente. Enumeremos, a ver cantas nos saen.

Bibliografía

- Bachmann, G.A. (1989). Brief sexual inquiry in gynecologic practice. *Obstet. Gynecol.*, 73, 421-427.
- Bote, M. (2006). La sexualidad de las personas mayores: ciencia, mitos y autopercepción. *Sexología Integral*, 3 (3), 148-152.
- Cruz, JC., e Mercé, J.(1992). La función sexual. En JM. Ribera e JC. Cruz. *Geriatría* (pp. 170-177). Madrid: Uriach.
- Doval, G. (1998). *Refranero temático español*. Barcelona: Ediciones del Prado, S.A., 58-60.
- Fuertes, A. e López, F.(1997). *Aproximaciones al estudio de la sexualidad*. Salamanca: Amarú Ediciones, 143-144.
- López, F. e Olazábal, JC. (1998). *Sexualidad en la Vejez*. Madrid: Pirámide.
- Masters, W. e Johnson, V. (1981). *Incompatibilidad Sexual Humana*. Buenos Aires: Intermédica.
- Masters, W., Johnson, V. e Kolodny, R. (1996). *EROS. Los mundos de la sexualidad*. Barcelona: Grijalbo, 497-517.
- Miguel, A. de. (1998). *El sexo de nuestros abuelos*. Madrid: Espasa Hoy.
- Newman, H.F. (1970). Vibratory sensitivity of the penis. *Fertil. Steril.* 21, 791-793.
- Olazábal, JC.; Marcos, C.; López, F. e Fuertes, A. (1990). *Manual de sexualidad en atención primaria*. Salamanca: Amarú.
- Starr, B.D. e Weiner, M.B. (1981). *The Starr-Weiner Report on Sex and Sexuality in the Mature Years*. New York: Stein and Day.

SCREENING AFECTIVO-CONDUTUAL DE PERSOAS MAIORES DE 60 ANOS DA CIDADE DE A CORUÑA



Suárez P.; Agrafojo M.H.; Millán J.C.

Grupo de Investigación Gerontología.UDC

e-mail: pilars.terapia@centrolamilagrosa.org

RESUMO

O avellentamento poboacional é unha realidade en Galicia. A ansiedade e a depresión son patoloxías afectivas moi comúns dentro deste grupo poboacional que mingúan a percepción subxectiva da calidade de vida, polo tanto, son factores a ter en conta á hora de realizar intervencións psicoterapéuticas.

O obxectivo deste estudo é realizar un screening afectivo-condutual de persoas maiores de 60 anos de A Coruña e relacionar o estado de deterioro global co grao de ansiedade e depresión e os posibles trastornos de conduta.

Nos resultados encontramos unha clara relación entre as puntuacións do NPI e o GDS e entre a subescala de ansiedade e depresión de Goldberg e o deterioro global. Esta relación linear non a podemos observar entre a subescala de depresión de Goldberg e o deterioro global.

O deterioro global está moi relacionado coa ansiedade e os trastornos de conduta dos nosos maiores, mais debemos realizar máis investigacións para poder entender por que canto maior deterioro global, menor sintomatoloxía depresiva.

Palabras chave: *Maiores, afecto, conduta, cognición e deterioro.*

ABSTRACT

The aging of the Galician population is a reality. Anxiety and depression are a very common affective disorders in this population group and decrease the perceived quality of life. Therefore, they are important factors to consider when we make psychotherapeutic interventions.

The aim of this study is to screen the behavioral-emotional state of people over 60 years in La Coruña, and relate the global deterioration with the anxiety and depression and the possible behavioral disorders.

In the results we find a clear relationship between the scores of the NPI and the GDS and between the Goldberg anxiety subscale with the GDS. These relationships did not appear between the Goldberg depression subscale and the global deterioration scale.

We can see that the global deterioration is closely linked with anxiety and disruptive behavior in aged people, but we need more research to understand why there are less depressive symptoms when the subject has more global deterioration.

Key words: *Elderly, affectivity, behaviour and impairment.*

Introdución

Actualmente as sociedades avanzadas están experimentando un progresivo avellentamento da poboación, debido por unha parte ao incremento da esperanza de vida e por outro debido á caída da natalidade; o cal leva parello o estudo das patoloxías do ancián (IPA, 2000). O avellentamento poboacional é unha realidade tanto en España coma na Comunidade Autónoma de Galicia (INE, 2008).

A principios do século XX o 5,2% representaba aos anciáns de España, do total da poboación, cifra que aumentou até un 16% no ano 2008. A situación que vive Galicia é moi similar, xa que o 20% da poboación son persoas maiores de 65 anos (INE, 2008).

Ao falar de deterioro cognitivo cabe mencionar que os mecanismos básicos subxacentes aos cambios deste funcionamento cognitivo, incrementou os estudos e o interese por estes cambios, en concreto, nos cambios no funcionamento do día a día das persoas maiores (Park et al, 2000).

O deterioro cognitivo defínese como “a diminución do funcionamento intelectual respecto a un nivel previo de execución”.

A memoria é unha das funcións que máis se afecta coa idade; a perda de memoria asociada á idade (PMAI) asóciase a perdas subxectivas de memoria en persoas maiores de 50 anos, un rendemento en probas de memoria por baixo dunha desviación típica da media de idade do suxeito, as funcións intelectuais están preservadas, e ausencia de patoloxía neurolóxica ou psiquiátrica que sexa a orixe dos fallos de memoria.

Criterios diagnósticos de PMAI

Criterios de inclusión	Criterios de exclusión
- Idade superior a 50 anos - Queixas subxectivas de perdas de memoria que afecten á vida cotidiana coma lembrar nomes, números de teléfono, códigos ou dificultades en lembrar cousas que deben facerse ou comprar ou onde se deixaron os obxectos - Rendemento en probas de memoria por baixo de 1, desviación típica da media de idade do suxeito nun dos seguintes test estándar: Test de retención visual de Benton, Subtest de memoria Lóxica e Aprendizaxe Asociativo da forma A da Escala de Memoria Wechsler - Funcións intelectuais xeralmente normais obtidas mediante unha puntuación típica igual ou superior a 9 no subtest de Vocabulario de Wais	- Diagnóstico de criterios de doenzas psiquiátricas que poidan interferir nas funcións cognitivas - Puntuación na escala de Hachinski de 4 ou máis puntos ou por exames radiolóxicos. - Historia de doenzas infecciosas ou inflamatorias do SNC ou doenzas neurolóxicas que poidan producir deterioro cognitivo por medio de exame clínico e historia clínica. - Historia de abuso de alcol ou historia de TCE único ou repetido que supoña máis dunha hora de perda de consciencia - Evidencia de depresión (puntuacións na escala Hamilton de igual ou superior de 13 puntos) - Transtornos hematolóxicos, metabólicos ou endocrinolóxicos clinicamente significativos, Diabetes Mellitus (excepto se está ben controlada pola dieta) Hipotiroidismo

- Ausencia de demencia de acordo a unha puntuación de 27 no MMSE	(excepto situacións estables sen terapia desde os últimos 6 meses)
	- Doenzas cardiovasculares clinicamente significativas: infarto de miocardio (6 meses antes), doenza arterial coronaria que requira medicación antianxinal (menos de 6 meses), fallada conxestiva do corazón que requira “digitalis” (6 meses), trastornos da condución ou hipertensión (3 meses antes de que se iniciara o tratamento)
	- Estar baixo os efectos dunha droga que poida afectar á memoria

Para dar unha definición do deterioro cognitivo leve (DCL) ou Mild Cognitive Impairment (MCI) encontrámonos cunha grande controversia, sobre todo no referente aos criterios existentes sobre a mesma (Agüera et al, 2000). O DCL defínese como “Decremento intelectual de aparencia clínica, aínda que non conleva incapacidade funcional aparente”; se houber dita incapacidade, poderíamos falar de demencia (Bermejo et al, 1998). O DCL caracterízase por un déficit da memoria, nun contexto de normalidade do resto das funcións cognitivas, e por un gradual proceso cara unha demencia (Petersen, 2001).

Propuxéronse unha serie de criterios diagnósticos para o DCL (Petersen, 1997):

Criterios para o diagnóstico de MCI
-Queixas de memoria subxectivas comunicadas polo propio paciente ou a súa familia ou médico, ou ben detectadas por entrevista ou por probas de estado mental básicas por parte deste
-Normalidade nas actividades da vida diaria (AVD)
-Función cognitiva global normal
-Alteración obxectiva da memoria ou outra área de función cognitiva evidenciadas por puntuacións > 1,5 desviacións típicas por baixo da media de idade
-Clinical Dementia Rating de 0,5 puntos
-Non evidencia de demencia

Os trastornos de ansiedade son, no seu conxunto, un dos problemas psicolóxicos máis frecuentes en todos os grupos de idade. Nas persoas de idade avanzada parece existir esta mesma tendencia, aínda que son limitados os estudos epidemiolóxicos que inclúen persoas deste colectivo (Fisher & Noll, 1996). En recentes investigacións faise constar que entre as persoas

maiores existe unha notábel variabilidade entre os diferentes estudos, porén é un problema significativo na idade (Montorio et al. 2001).

A depresión pódese definir como “unha síndrome, un conxunto de signos e síntomas, afectando a capacidade cognitiva, afectiva e física da persoa maior” (Blazer, 1984). A persoa maior con depresión presenta unha serie de alteracións a nivel de pensamento (pesimismo, sentimentos de inutilidade, culpabilidade, tentativas de suicidio...), emocional (disforia, anhedonia pranto...), somático (apetito alterado, trastornos do sono, trastornos gastrointestinais...) e comportamental (concentración alterada, pensamento máis lento, diminución da capacidade de aprender...)(Yanguas & Urriate, 2001; Muñoz, 2002).

A ansiedade defínese como un estado emocional que presenta reaccións de medo anticipado cara un perigo ou ameaza inespecífica e seguida dunha activación do sistema nervioso autónomo. Pasa a ser de carácter patolóxico cando este estado interfere na vida do individuo que a padece, causándolle malestar e deterioro a nivel funcional (Belsky, 2001).

A pesar de que as alteracións máis estudadas son as referidas ao deterioro cognitivo, os trastornos da conduta son os que máis sobrecarga provocan nos coidadores, alén do custo económico e causa principal de institucionalización (Grossberg & Desai, 2003).

Obxectivo

Realizar un screening afectivo-condutual das persoas maiores de 60 anos, usuarias de centros cívicos do concello de A Coruña e relacionar o estado de deterioro global, o grao de ansiedade e depresión e os posíbeis trastornos de conduta.

Metodoloxía

Realizamos un estudo descritivo transversal sobre unha mostra de 77 usuarios que acoden aos Centros Cívicos pertencente ao Concello de A Coruña.

Os instrumentos de valoración utilizados son os seguintes:

-Escala de Deterioro Global(GDS) (Reisberg, Ferris, de Leon & Crook, 1982) baséase nun esquema de progresión do deterioro xeneralizado e xerárquico. Esta escala describe sete estados globais de demencia, desde a normalidade ao deterioro grave. Asume un deterioro progresivo a través de todas as funcións cognitivas, un feito que ás veces fai que sexa difícil de aplicar a pacientes con demencias atípicas. As puntuacións van desde a normalidade (estado 1) até a demencia severa (estado 7).

O GDS 1 correspóndese con ausencia de alteración cognitiva, o GDS 2: diminución cognitiva moi leve, GDS 3: defecto cognitivo leve, GDS 4: defecto cognitivo moderado, GDS 5: defecto cognitivo moderado-grave, GDS 6: defecto cognitivo grave e GDS 7: defecto cognitivo moi grave.

-Índice de Goldberg (Goldberg et al, 1988): esta escala desenvolveuse para realizar un screening de depresión e ansiedade. Cada subescala consta de dez ítems.

-Inventario Neuropsiquiátrico de Cummings(Cummings et al, 1994). Á hora de facer a valoración dos mesmos, unha das escalas máis usadas é a Neuropsychiatric Inventory (NPI) que tamén se encontra validada para castelán (Boada et al, 2002); esta escala permítenos de maneira breve valorar, sempre coa axuda dun informante, a frecuencia e a gravidade dunha clase de condutas frecuentes nos pacientes con demencia (Robert et al, 2005). É un instrumento válido e fiable desenvolto, na súa orixe, para valorar 10 transtornos neuropsiquiátricos observados con frecuencia en persoas con demencia: delirios, irritabilidade, conduta motriz anómala, disforia, alucinacións, apatía, agresividade, euforia, ansiedade e deshibición (Cummings et al, 1994). Posteriormente foi modificado para poder avaliar 12 transtornos, engadindo os transtornos da conduta alimentaria e do sono. A súa principal contribución deriva de que é unha escala que avalía a frecuencia de aparición e a intensidade coa que aparecen os transtornos do comportamento. Inclúe ademais unha escala para rexistrar o impacto dos síntomas de destrese no coidador, que vai desde “non provoca destrese” (0) até “moi grave” ou “extremo” (5) (Taragano & Lyketsos, 1997).

Os criterios de inclusión da mostra son:

- Idade ≥ 60 anos.
- Usuario dun Centro Cívico pertencente ao Concello de A Coruña.
- Non estar diagnosticado de demencia ($GDS \leq 3$); poden estar diagnosticados de DCL ou de PMAI.

Resultados

Dos 77 usuarios valorados, o 60% presentan un $GDS = 1$ (grupo 1), ausencia de deterioro; un 30% un $GDS = 2$ (grupo 2), diminución cognitiva moi leve e un 10% un $GDS = 3$ (grupo 3), diminución cognitiva leve.

Na subescala de ansiedade do IG (Gráfico 1), as puntuacións aumentan a medida que aumenta o GDS , sendo a media de puntuación para a ansiedade do grupo 1, dun 1, o grupo 2, un 1,2 e o grupo 3 de 1,4 puntos.




GRÁFICO 1: GDS-ANSIEDADE

Na subescala de depresión (Gráfico 2), os valores non correlacionan co aumento de deterioro, xa que no grupo 1 a puntuación media é de 0,68, no grupo 2 é de 0,95 e no grupo 3 é de 0,55.




GRÁFICO 2: GDS-DEPRESIÓN

Hai unha clara relación entre as puntuacións do NPI (Gráfico 3) e o GDS, obtendo o grupo 1 no NPI, unha media de 1,6, o grupo 2 un 2 e o grupo 3, unha media de 7,3.




GRÁFICO 3: GDS-NPI

Conclusiones

Aínda que os usuarios avaliados non presentan patoloxías afectivo-condutuais importantes, podemos observar, que canto maior deterioro xeral, menos é o número de síntomas depresivos, o contrario á ansiedade e os trastornos de conduta que aumentan co deterioro. Debemos incidir na realización de novos estudos que nos permitan coñecer a causa da diminución da depresión nos grupos con GDS = 3, posibelmente en relación coa anosognosia habitual do deterioro cognitivo.

Bibliografía

- Agüera, LF. Calcedo, AI. Martín, M. (2000). Consenso español sobre demencias. Madrid: Drug Farma.
- Alexopoulos, GS. Abrams RC. In depression in alzheimer's disease (p.327-240). Psychiatric Clinics of North America.
- Ahmed S, Arnold R, Thompson S, Graham K and Hodges J. Naming of objects, faces and buildings in mild cognitive impairment. Cortex, In Press, Corrected Proof, Available online 23 December 2007 .
- Asociación Xeriátrica Internacional, IPA (2000). Síntomas conductuales y psicológicos en las demencias (SCPD). Serie educativa, asociación geriátrica internacional.
- Belsky, J. (2001) Psicología del envejecimiento. Ed. Masson, Madrid
- Bermejo, R. Vega, S. Olazarán, J. Fernández, C. Gabriel, R. (1998) Alteración cognitiva en el anciano. Revista Clínica Española, 198 (3), 159-165.
- Blazer, DG. (1984) Síndromes depresivos en geriatría. Ed. Doyma, Barcelona.
- Boada, M. Cejudo, JC. Tárraga, L. López, OL. Kaufer, D. (2002) Neuropsychiatric Inventory Questionnaire (NPI-Q): validación española de una forma abreviada del Neuropsychiatric Inventory (NPI). Neurología, 17(6), 317-323.
- Bozoki A, Giordani B, Heidebrink JL, Berent S, Foster NL. Mild cognitive impairments predict dementia in nondemented elderly patients with memory loss. Arch Neurol. 2001; 58: 411-416.
- Cummings, JL. Mega, M. Gray, K. et al. (1994). The neuropsychiatric inventory: comprehensive assessment of psychopathology in dementia. Neurology, 44, 2308-2314
- Fisher, J. Noll, P. (1996) Anxiety in older adults. En: Carstensen L. Edelstein B. Dornbraud P (Ed) Handbook of clinical gerontology. Oaks: Sage,304-323.
- Goldberg G et al. Detecting anxiety and depression in general medical settings. BMJ. 1988; 297(6653): 897-899.
- Grossberg, GT, Desai, AK. (2003). Management of Alzheimer's disease. J Gerontol: Medical Sciences, 58A (4), 331-353.
- IneBase. Instituto Nacional de Estadística. Disponible en <http://www.ine.es/>
- Montorio, I. Nuevo-Benitez, R. Losada, A. Márquez, M. (2001). Prevalencia de trastornos de ansiedad y depresión en una muestra de personas mayores residentes en la comunidad. Mafre Medicina, 12 (1), 19-26.
- Muñoz, J. (2002). Psicología del envejecimiento. Ed. Pirámide, Madrid.
- Park, D. Schwarz, N. (2003). Envejecimiento cognitivo. Madrid. Panamericana.
- Petersen, RC. (2001) Marcadores neuropsicológicos del deterioro cognitivo ligero en la fase inicial de la enfermedad de Alzheimer. En Martínez JM. Khachaturian ZS. Alzheimer (XXI): ciencia y sociedad. Barcelona: Masson.
- Petersen RC, Doody R, Kurz A, et al. Current concepts in mild cognitive impairment. Arch Neurol. 2001; 58: 1985-1992
- Petersen, R. Smith, GE. Waring, SC. Ivnik, RJ. Kokmen, E. Tangalos, EG (1997). Aging, memory and mild cognitive impairment. International Psychogeriatrics, 9 (1), 65-69.
- Reisberg, B. Ferris, SH. De Leon, MJ. Crook, T. (1982) The global deterioration scale for assessment of primary degenerative dementia. Am J Psychiatry, 139, 1136-1139.
- Richards M, Touchon J, Ledesert B, Richie K. Cognitive decline in ageing: are AAMI and AACD distinct entities? Int J Geriatr Psychiatry. 1999 ;14(7): 534-540.
- Robert, PH. Verhey, FR. Byrne, EJ. Hurt, C. De Deyn, PP. Nobili, F. et al. (2005). Grouping for behavioural and psychological symptoms in dementia: clinical and biological aspects. Consensus paper of the European Alzheimer disease consortium. Eur Psychiatry, 20 (7), 409-416.

- Taragano, F. Lyketsos, C. (1997). En: Demencia: aproximación multidisciplinaria. Mangone C.A, Allegri R.L. and Ollari JA., Editors, Sagitario: Buenos Aires.
- Winblad B, Palmer K, Kivipelto M, Jelic, V., Fratiglioni, L., Wahlund, L.O., Nordberg, A., Backman, L., Albert, M., Almkvist, O., Arai, H., Basun, H., Blennow, K., de Leon, M., DeCarli, C., Erkinjuntti, T., Giacobini, E., Graff, C., Hardy, J., Jack, C., Jorm, A., Ritchie, K., van Duijn, C., Visser, P., Petersen, R.C. Mild cognitive impairment: beyond controversies, towards a consensus—report of the International Working Group on Mild Cognitive Impairment. J Intern Med. 2004; 256: 240–246.
- Yanguas, JJ. Urriate, A. (2001) La valoración de las personas mayores. Caritas, Madrid.

ADOLESCENTES NO LÍMITE: ENTRE A PSICOPATOLOXÍA E A DELINCUENCIA. RELACIÓN ENTRE PSICOPATOLOXÍA ADOLESCENTE, PSICOPATOLOXÍA ADOLESCENTE, DELINCUENCIA E CONTEXTO SOCIO- FAMILIAR



Ricardo Fandiño Pascual

Psicólogo.rifanpa@institutowilhelmreich.com

Raquel Gude Saíñas

Psicóloga.raquelgude@gmail.com

RESUMO

Durante os anos 2007 e 2008 desenvolveuse un traballo de investigación acerca da relación entre psicopatoloxía da adolescencia, delito, e medio familiar, tomando como mostra os usuarios do C.A.E. Montefiz, único Centro Terapéutico para menores de Reforma existente en Galicia. A gravidade dos cadros psicopatolóxicos atendidos, a transversalidade das problemáticas a todos os niveis socio-económicos, e a alta prevalencia dos conflitos familiares son algunhas das conclusións derivadas deste estudo.

Palabras chave: *Psicopatoloxía, adolescencia, familia, delito, institución*

ABSTRACT

An investigation work regarding the relationship between psychopathology of adolescence, crime and familiar environment has been developed during 2007 and 2008. For this investigation, the inmates of C.A.E. Montefiz, the unique Therapeutic Juvenile Correctional Centre that there exist in Galicia, were taken as samples. The seriousness of the psychopathologic frames observed, the problems at every socio-economic level, and the length of the familiar conflicts are some of the conclusions derived from this investigation.

Key words: *Psychopathology, adolescence, family, offence, institution.*

Investigación


O traballo de investigación foi realizado co apoio económico da Bolsa Siota concedida polo Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia. Para a súa realización baseámonos no traballo que realiza todo o equipo do Centro de Atención Específica Montefiz, pertencente á rede de Centros da Dirección Xeral de Benestar Social da Xunta de Galicia, e xestionado pola Fundación Internacional O'Belén. Contamos tamén co soporte teórico e clínico do Seminario de Formación do Instituto Wilhelm Reich – Galicia, con sede en Ourense.

No estudo, utilizáronse dúas mostras diferentes. A Mostra 1 composta por todos aqueles menores internados no C.A.E. Montefiz desde o ano 2001 até decembro de 2008, e a Mostra 2 con aqueles menores internados desde xaneiro de 2007 até decembro de 2008. As dúas mostras comparten as mesmas características en relación á tipoloxía de menores, é dicir, trátase de rapaces residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, con idade comprendida entre os 14 e 18 anos, tanto homes coma mulleres, que foron derivados ao C.A.E. Montefiz a través de medidas xudiciais, desde os diferentes xulgados da Comunidade Autónoma de Galicia, baixo a L.O.R.P.M 5/2000.


<i>Instrumentos de avaliación Utilizados</i>	
Valoración Cognitiva	- WISC-R: - WAIS III - Figura de Rey - Stroop - WSCT
Valoración Personalidade	- MMPI-A
Outros Instrumentos	- Informes previos ao ingreso no Centro. - Entrevistas clínicas ao menor. - Entrevista Familiar Diagnóstica. - Coordinación e Supervisión Equipo Clínico/Educadores. - Reunións Clínicas
Nivel Socioeconómico	“Escala simplificada de Barratt (BSMSS)”

Algúns resultados relevantes


Diagnóstico




Nivel socio – económico




Tipo de familia




Tipo delito



Delito / Familia



Delito / Diagnóstico



Na comparativa da tipoloxía de delito segundo o tipo de familia destacamos como dato máis significativo, cómo nos casos de adopción ingresados no centro é claramente a violencia familiar o delito que desencadea a medida xudicial.

A comparativa de delito motivo do ingreso, con diagnóstico do menor, permite ver que: as persoas con trastornos de personalidade tenden a cometer máis delitos relacionados co descontrol de impulsos (violencia familiar e agresións), aqueles con trastornos do comportamento cometen máis delitos que teñen que ver coa disocialidade (roubos), e os trastornos psicóticos céntranse de xeito moi significativo na problemática intrafamiliar.

Discusión: “Adolescentes no límite: entre a psicopatoloxía e a delincuencia”

O adolescente con psicopatoloxía caracterízase, nunha primeira ollada, por unha maior tendencia á problemática comportamental, respecto do “adolescente normal”. Porén, dos datos derivados do noso estudo, pódese concluír que a problemática da psicopatoloxía nos adolescentes cos que traballamos está centrada no desenvolvemento da identidade. Este cambio de perspectiva terá fortes implicacións á hora de definir cal é o tratamento e con que obxectivo formulamos o mesmo. Se centramos a nosa ollada unicamente na problemática do comportamento, trataríase entón dunha aprendizaxe das estratexias de control das condutas axeitadas ao contexto. Se temos unha visión máis ampla do problema, na que o desenvolvemento da personalidade está en xogo, o tratamento de menores con estas características deberá incluír a abordaxe da problemática evolutiva, afectiva, vincular ademais da comportamental do suxeito en cuestión.

Nas orientacións psicodinámicas defínese o complexo de Edipo como o conxunto organizado de desexos amorosos e hostís que o neno experimenta respecto dos seus pais, que é vivido no seu período de acmé entre os tres e cinco anos de idade. Segundo a teorización freudiana o Edipo desempeña un papel fundamental na estruturación da personalidade e na orientación do desexo humano, e na súa resolución positiva o neno non só comeza a facer unha diferenciación dos pais que o levará finalmente á autonomía, senón que tamén asume a lei do social na que “non todo é posíbel”.

Ese momento do acmé edípico ten coincidido durante moito tempo co paso do menor ao sistema escolar, deixando de estar baixo a única protección e norma parental, para pasar a estar tamén baixo a protección e norma social, co cal dalgún xeito o desenvolvemento do Edipo se vexa favorecido contextualmente.

Actualmente, acompañando os cambios sociais que se veñen dando na configuración e funcionalidade das familias, as figuras parentais están máis difusas e a crise edípica dilúese, quedando pendente para a adolescencia na que, en lugar de darse unha reactualización do conflito edípico, prodúcese unha auténtica explosión edípica que se sintomatiza na sistemática e aguda problematización da relación entre o rapaz e a norma, a familia e a sociedade en xeral.

Á vista dos datos recollidos durante o noso traballo, aparecen como especialmente relevantes nos menores usuarios do Centro Terapéutico para Menores de Reforma, problemáticas psicopatolóxicas de gravidade, sendo as máis prevalentes as dificultades cognitivas, o trauma psíquico, as problemáticas de paso ao acto, os estados límite e os estados psicóticos.

A familia exerce unha influencia de primeira orde ao longo de todo o curso vital do individuo, por formar parte do microsistema en que este está inmerso, se ben a natureza desa influencia varía en cada etapa evolutiva.

En relación aos rapaces usuarios do centro, evidéncianse disfuncións no seo familiar, tanto no tipo de relación entre os membros como pola existencia de conflitos no interior do núcleo familiar. Un número importante deles careceron a meirande parte da vida dun contorno familiar xerador da seguridade e o afecto, necesarios para que se dea unha evolución saudábel. As ditas condicións de crianza exercen un efecto tan firme e duradeiro nos rapaces, que o seu influxo persiste inclusive máis aló dos logros que cada un deles pode acadar no seu desenvolvemento vital.

Estariamos falando, en todo caso, como se ve nos datos recollidos, non de familias marxinais, senón de familias disfuncionais.

Na actualidade, o comportamento violento no interior da dinámica familiar estase a converter nun problema cada vez máis serio. A violencia intrafamiliar ten graves repercusións na saúde mental do neno e adolescente. Unha alta porcentaxe dos menores, usuarios do centro, teñen sufrido conflitos no interior da familia, entre eles, abuso físico, psicolóxico e sexual, de inicio na primeira infancia.

A conflitividade familiar á que están expostos a meirande parte dos usuarios do centro, ten moita influencia sobre o feito de que os actos delituosos cometidos polos adolescentes, cada vez con maior frecuencia, se encadren ao interior do núcleo familiar (comisión dun delito de violencia familiar) xerado, desde un punto de vista clínico, por unha tendencia ao *acting out*, como mecanismo de defensa que ten que ver coa patoloxía do adolescente, e como o síntoma desencadeante da dinámica patolóxica familiar. Desde o punto de vista da familia, o que desde unha visión psicodinámica sería o síntoma, para eles ten a función de designar de forma patolóxica ao adolescente e enquistar nel a loucura das transaccións familiares.

Polo tanto, nunha visión clínica, consideramos que a problemática que se debería atender desde o centro, non sería unicamente a psicopatoloxía propia do rapaz, senón integrar a todas aquelas figuras que forman a dinámica familiar (figuras parentais, de apoio...) dándolle a importancia que lle corresponde, a través da implicación na mellora da psicopatoloxía que presenta o rapaz. Trátase dunha cuestión de difícil abordaxe se temos en conta que se trata dun centro de reforma onde os rapaces veñen etiquetados como responsábeis dun delito.

Pódese observar nos rapaces usuarios dun Centro Terapéutico de Menores de Reforma, unha conxunción de síntomas nos que a conduta delituosa se combina con outros; abuso de substancias, trastornos alimentarios, condutas autolíticas, inestabilidade emocional, delirios, etc, dependendo da configuración psicopatolóxica.

Observamos con atención como a conduta delituosa dos adolescentes con psicopatoloxía é, con frecuencia, un xeito de tomar conciencia da presenza de límites externos ao propio suxeito,

como forma de compensar un self borroso que perante a ausencia dos ditos límites ten unha reacción agorafóbica que remite á propia loucura. O delito podería ser entendido entón como un paso ao acto na resolución da propia problemática utilizando o ambiente como regulador da tensión interna.

Para o adolescente cunha personalidade patolóxica o delito pon a proba a súa omnipotencia. Así, é habitual detectar neles o sentimento de que nunca van ser descubertos na súa transgresión. A irracionalidade coa que estes rapaces defenden en ocasións as súas ideas, ten unha inmutabilidade que fai lembrar un sistema delirante, aínda que aparentemente non exista unha distorsión da realidade derivada dunha psicose. Poderíase afirmar que existe un fracaso do pensamento co resultado dunha tendencia á expresión do conflito a través de actuacións comportamentais. O comportamento sen ese efecto catalizador do pensamento tenderá ao extremo e á violencia.

A través do acto delituoso, o adolescente con personalidade patolóxica, pon de manifesto a quebra existente entre o mundo interno e o mundo externo, que dá paso a unha confusión que o adolescente espera que o mundo solucione por el. Estes adolescentes poñen en xogo intereses do “yoico” no comportamento inadaptado, indo máis alá da procura dunha satisfacción pulsional.

Os casos de delitos de violencia intra-familiar (menores que agreden os seus pais), teñen especiais dificultades xa que deberemos de ter en conta que se trata de menores que maioritariamente volverán ao domicilio familiar cando finaliza a medida xudicial, lugar onde se reeditará o escenario e personaxes da quebra que derivou no seu internamento.

Cando os rapaces chegan á maioría de idade, a situación é tamén moi complexa. Trátase de rapaces legalmente emancipados das súas familias pero emocionalmente moi dependentes. As institucións de menores non teñen xa competencias sobre eles, e as de saúde mental interveñen, no mellor dos casos, sobre a problemática psicopatolóxica, sen poder dar solucións a cuestións básicas como o sustento e a vivenda. Estes rapaces quedan frecuentemente en mans dunha familia desbordada pola problemática, obrigados a unha convivencia sempre en ameaza de ruptura. En ocasións a familia négase a facerse cargo destes rapaces, maiores de idade, quedando, a pesar de seren evidentemente inmaturos, ao cargo da súa propia vida, con apoios dos servizos sociais que resultan insuficientes de forma manifesta. Con frecuencia están abocados de xeito temperán á delincuencia, ao vagabundeo e á loucura. Para eles a verdadeira condena comeza co paradoxo, cando a medida xudicial remata.

Existe nestas tipoloxías de menores unha importante tendencia á presenza de problemáticas relacionadas cos límites; a súa existencia, as consecuencias da transgresión, as dificultades para a súa integración, a evolución da heteronomía á autonomía, etc. Esta problemática trae consigo na práctica a necesidade de que a estrutura do Centro Terapéutico para Menores de Reforma dispoña dos medios necesarios, non só para tolerar a externalización na conduta do conflito do menor, senón tamén para unha resolución do mesmo que teña que ver coa asunción do límite.

Desde unha perspectiva moderna da función terapéutica institucional, o desenvolvemento do suxeito non se dá unicamente de dentro cara fóra, nun espazo intrasubxectivo, senón que “o outro”, e o espazo intersubxectivo que se desenvolve entre ambos os dous, resultan determinantes para que se abran posibilidades dunha evolución persoal en positivo.

Conclusións

1) Os menores que son internados no Centro Terapéutico para Menores de Reforma presentan, maioritariamente, crises do desenvolvemento da identidade durante a infancia e a adolescencia que desembocan, a meirande parte delas, en organizacións límite. Tamén é salientábel a cada vez maior presenza de organizacións psicóticas.

Dentro dos cadros psicopatolóxicos tamén é salientábel a importancia dos déficits a nivel cognitivo dos menores ingresados no Centro Terapéutico.

2) A problemática familiar está presente de xeito significativo nos internamentos. Pode observarse na alta porcentaxe de menores provenientes de familias nas que existe unha historia de disfuncionalidade, e tamén na percepción que os menores teñen da súa problemática familiar. Non se trata de familias dun extracto social marxinal, existindo unha tendencia á transversalidade social da problemática.

3) O delito máis habitual, motivo de internamento en Centro terapéutico de Reforma, é o de violencia familiar, sendo o predominante en todas as patoloxías a excepción dos trastornos do comportamento disocial que tenden a correlacionar con delitos relacionados co roubo. A violencia familiar correlaciona de xeito especialmente alto nos casos de diagnósticos relacionados coa psicose, ou nos casos de menores provenientes de familias adoptivas.

Tres eixos para a reflexión:

1. O Centro Terapéutico para Menores de Reforma acolle adolescentes con cadros psicopatolóxicos graves. Deberán ser traballados os aspectos comportamentais, particularmente aqueles referidos ás condutas delituosas motivo do ingreso. Tamén consideramos esencial atender á problemática do menor desde unha perspectiva intrapsíquica e vincular, que definirá a problemática patolóxica. Polo que o programa de intervención debe de ser desenvolto por profesionais con alto grao de cualificación e formación, que deberán ter en conta a coordinación de elementos psicoterapéuticos, farmacolóxicos, educativos, familiares e sociais, con atención aos procesos transferenciais e contratransferencias que se desenvolven na relación cos menores internos.

2. Pola súa gravidade, as problemáticas psicopatolóxicas dos adolescentes usuarios do Centro trascenderán máis aló do tempo de internamento como medida xudicial. Por isto é importante a coordinación cos profesionais que traballaron previamente cos menores internados, e cos que traballarán posteriormente ao internamento.

3. O traballo coa familia do menor internado é chave na meirande parte dos casos para poder establecer un mellor pronóstico. Esta atención familiar debe de ser favorecida polas institucións públicas. No caso de adolescentes que rematan o seu internamento sen contar cun apoio familiar suficiente, deben existir dispositivos nas redes de servizos sociais e saúde mental que permitan a transición a unha vida adulta, proceso que en moitos casos será lento e dificultoso.

Bibliografía

- Bergeret, J. (1980). Las a-estructuraciones. *La personalidad normal y patológica*. Barcelona: Ed. Gedisa
- Blos, P. (2003): *La Transición Adolescente*. Buenos Aires: Ed. Amorrortu.
- Freud, S.(1980): “La dinámica de la transferencia” (1912) e “Recuerdo, repetición y elaboración” (1914), *Obras Completas, Buenos Aires: Amorrortu, Vol XII*.
- Kernberg, P. e outros. (2002): *Trastornos de Personalidad en niños y adolescentes*. México: Ed. Manual Moderno.
- Luzuriaga, I. (1998): *La inteligencia contra sí misma*. Madrid: Ed. Biblioteca Nueva and Madrid Psychoanalytical Association.
- Millon, T. (2000): *Más allá del DSM-IV: Trastornos de la Personalidad*. Barcelona: Ed. Masson.
- Reich, W. (1973): “*Análisis del Carácter*”. Barcelona: Ed. Anagrama.
- Utrilla, M. (1998): *¿Son posibles las terapias en las instituciones?. Estudio situacional*. Madrid: Ed. Biblioteca Nueva.
- Winnicott, D.H. (2005): *Deprivación y delincuencia*. Buenos Aires: Ed: Paidós.

ESTUDO EPIDEMIOLÓXICO DE PSICOPATOLOXÍA INFANTO-XUVENIL



Tania López Gómez; Patricia M^a Tamara Rego Ribeiro

C.H. Arquitecto Marcide-Prof. Novoa Santos

RESUMO

Neste traballo ofrécese os datos encontrados ao estudar a 2.553 suxeitos que solicitaron tratamento nunha Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil entre os anos 2000 e 2007. Analízase a evolución da demanda asistencial e a variación da proporción de determinados diagnósticos nos anos estudados e a súa relación coa variábel sexo. Préstase especial atención ao Transtorno Hiperactivo, estudando a correspondencia entre o motivo de consulta inicial onde a queixa é a hiperactividade e o diagnóstico final recibido. Os datos foron recollidos do Centro "AS.PA.NE.PS" de Ferrol a través da revisión de Historias Clínicas.

Resultados: os nenos solicitan máis consultas que as nenas. Os trastornos de conduta son máis frecuentes neles e os trastornos emocionais teñen unha proporción similar en ambos sexos. As peticións de consulta por hiperactividade supoñen un 43,25% de todos os motivos de consulta. Entre un 20 e un 50% recibirán diagnóstico final de Transtorno Hiperactivo.

Palabras chave: *trastornos psicopatolóxicos, nenos e adolescentes, sexo, transtorno hiperactivo, epidemioloxía.*

ABSTRACT

This paper provides the data found in the 2553 study subjects who sought treatment at a Center for Child and Youth Mental Health from 2000 to 2007. We analyze the evolution of the demand for assistance and changes in the proportion of specific diagnoses in the years studied and its relation to the sex variable. Special attention is given to hyperkinetic disorder, considering the correspondence between the subject of initial consultation where the complaint is hyperactivity and received the final diagnosis. Data were collected from the Center "AS.PA.NE.PS" from Ferrol through review of medical records.

Results: The children asked for more consultations than girls. The behavioral disorders are more common in them and emotional disorders have a similar proportion in both sexes. The consultation request by hyperactivity represent a 43,25% of all reasons for consultation. Between 20 and 50% receive a diagnosis of hyperkinetic disorder.

Knowing the distribution of mental health problems can help to make better planning of resources.

Key words: *mental disorders, children and adolescents, sex, hyperkinetic disorder, epidemiology.*

Os estudos epidemiolóxicos permiten coñecer cales son os trastornos máis frecuentes, que variacións se observan nas taxas de prevalencia en función da idade ou o sexo, se os trastornos identificados nun momento dado son transitorios ou persisten no curso do desenvolvemento ou que factores poden predicir o risco a padecer un trastorno concreto (Rutter,1988). A prevalencia dos trastornos psicolóxicos nas mostras clínicas é un dos indicadores para a planificación de servizos en Saúde Mental, xa que nos dan información sobre a demanda real que se produce nos servizos nun período determinado de tempo.

Os estudos revisados encontran diferentes taxas de prevalencia para os diferentes trastornos. Se ben todos atopan que os trastornos máis prevalentes na infancia son os trastornos de conduta, os de ansiedade, os de eliminación, do desenvolvemento e os depresivos (Bragado, Carrasco, Sánchez, Bersabé, Loriga e Monsalve,1995; Aláez, Martínez-Arias e Rodríguez-Sutil,2000).

De entre os trastornos de conduta o trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) cobrou grande relevancia nos últimos anos, xa que se trata dun problema con amplas repercusións no desenvolvemento, capacidade de aprendizaxe e axuste social do neno. Estímase unha prevalencia que vai entre un 3-7% dos nenos en idade escolar (DSM-IV-TR). Os varóns están máis afectados que as mulleres, con proporcións que varían entre o 2:1 e 9:1 en función do tipo (o tipo con predominio de déficit de atención aparece menos ligado ao sexo) e as circunstancias (os nenos derivados á clínica son máis frecuentemente do sexo masculino (DSM-IV-TR); aínda que esta diferenza se vai acurtando cun incremento cada vez maior na identificación de nenas (Cardo e Servera-Barceló, 2005).

A maioría dos trastornos concretos están asociados coa idade e, de forma máis matizada, co xénero (Goñi e Cortaire,1991; Bragado et al., 1995; Aláez et al., 2000; Costello,2003). Os estudos coinciden en sinalar que existe un patrón evolutivo que indica que durante a infancia e a puberdade os trastornos de conduta predominan entre os varóns e os de ansiedade entre as mulleres.

A nosa impresión clínica é que nos últimos anos obsérvase un aumento de consultas por trastornos de conduta, en especial, polos trastornos hipercinéticos.

O obxectivo deste traballo é realizar unha análise da demanda dun centro de saúde mental infanto-xuvenil. Analizarase a evolución da demanda do 2000-2007 e o número de peticións de consulta segundo sexo. Estudarase a variación da proporción de determinados diagnósticos ao longo do tempo e a súa distribución segundo o sexo. Dada a relevancia que foi adquirindo ultimamente o TDAH nos ámbitos científicos prestarase especial atención a este trastorno, analizando a correspondencia entre o motivo de consulta por hiperactividade e o diagnóstico final recibido, co obxecto de coñecer se se incrementou o número de consultas onde a queixa principal é a hiperactividade.

Estimamos a priori que, aínda que a demanda plantexada nas USM-IJ non é máis ca un reflexo parcial e indirecto da morbilidade total presente na poboación, si pode utilizarse como indicador útil da realidade epidemiolóxica e das necesidades asistenciais en saúde mental deste grupo de idade.

Metodoloxía

Suxeitos

A mostra está formada polos suxeitos de entre 1-16 anos que consultaron por primeira vez na USM-IJ da Área Sanitaria de Ferrol, “AS.PA.NE.PS” (Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais), entre os anos 2000 e 2007. A mostra quedou conformada por un total de 2.553 suxeitos, 1.494 varóns (58,52%) e 1.059 mulleres (41,48%). Os suxeitos foron derivados para tratamento desde os centros de Atención Primaria, desde Servizos Sociais ou ben por petición das propias familias.

Procedemento

Os datos foron obtidos a través da revisión de Historias Clínicas e rexistros levados a cabo polo propio centro para codificación da súa actividade asistencial.


Todos os suxeitos da mostra foron diagnosticados polos Psicólogos Clínicos e o Médico Psiquiatra da unidade. Os diagnósticos realizáronse seguindo os criterios CIE-10. Para a realización do diagnóstico seguiu o procedemento habitual de diagnóstico clínico, que integra a información de diferentes fontes (pais, profesores, neno...) e procedementos (rexistros, entrevistas, autoinformes...).

Os diagnósticos foron agrupados en dúas grandes categorías xerais para evitar a dispersión dos suxeitos: trastornos do comportamento e trastornos das emocións. Ditas categorías concrétanse nas seguintes: trastornos da conduta (F90 Trastornos hiper cinéticos, F91 Trastornos Disociais) e trastornos das emocións (F93 Trastornos das emocións de comezo específico na infancia, F30 Trastornos do humor (afectivos), F40 Trastornos neuróticos).

Resultados


Evolución da demanda asistencial

A evolución da demanda asistencial durante os anos 2000-2007 aparece descrita na figura 1.

**FIGURA 1**

O número de peticións de consulta non variou de maneira significativa nos anos estudados. O número de varóns que solicitaron consulta foi superior ao de mulleres (1,4:1).

A maioría dos suxeitos acoden a consulta derivados desde Atención Primaria (entre un 65 e un 69%) seguidos pola petición da propia familia (entre un 8 e un 15%) e Servizos Sociais (entre un 4 e un 7%). Se ben este dato podería estar cruzado xa que no momento da chamada telefónica para solicitar consulta indícaselles que acudan á súa pediatra e soliciten unha requisición de derivación (figura 2).

**FIGURA 2. Procedencia dos pacientes**

Sexo e tipo de trastorno

Os trastornos de conduta son máis frecuentes nos varóns que nas nenas cunha proporción 2,97:1. Os trastornos das emocións, aínda que son máis frecuentes nas mulleres, gardan una proporción similar en ambos sexos (0,99:1).

TÁBOA 1. Tipo de transtorno segundo sexo*

	TR. COMPORTAMENTO		TR. EMOCIÓN	
	Nenas	Nenos	Nenas	Nenos
2000	1,97%	6,89%	18,69%	16,72%
2001	3,93%	9,06%	12,04%	17,82%
2002	2,29%	6,02%	11,75%	14,32%
2003	1,85%	6,17%	12,35%	10,49%
2004	0,66%	6,98%	12,96%	13,62%
2005	3,09%	5,88%	13,88%	7,12%
2006	2,23%	5,09%	9,55%	10,82%
2007 ⁽¹⁾	0,33%	2,61%	6,54%	4,58%


*Porcentaxes calculadas sobre o total de nenos que acoden á consulta.

(1) Hai 60 nenos que non recibiron ningún diagnóstico.

Transtorno Hiperactivo

As peticións de consulta onde a queixa principal son problemas relacionados coa hiperactividade supoñen un 43,25% de todas as peticións de consulta nos sete anos estudados (Táboa 2).

De todas estas peticións de consulta por problemas de hiperactividade unha cuarta parte dos suxeitos acaban recibindo outro diagnóstico diferente ao TDAH (até un 40% en 2005) e noutra maioría o problema da hiperactividade aparece no contexto doutro transtorno, é dicir, como síntoma (Figura 3).

**FIGURA 3. Porcentaxe de casos que reciben diagnóstico final de TDAH**

*"Tr. do desenvolvemento psicolóxico, "retraso mental", "síndromes do comportamento asociados con alteracións fisiolóxicas e factores físicos" e "transtornos neuróticos relacionados co estrés e transtornos somatomorfos"

TÁBOA 2

Motivo consulta principal: hiperactividade	
2000	2,95%
2001	4,53%
2002	4,01%
2003	3,70%
2004	4,65%
2005	7,74%
2006	4,34%
2007	11,33%

Conclusións

Encontrouse unha diferenza no número de consultas por sexos. O número de nenos que solicitou consulta foi superior ao de nenas. A evolución da demanda asistencial (número peticións consulta) mantívose constante ao longo dos últimos sete anos para ambos sexos.

Respecto á iniciativa de consulta parécenos importante destacar que entre un 8-15% de casos é a familia ou os pais quen fan a demanda directamente.

Sábese que a concepción paterna do problema, así como o seu estado psicolóxico, inflúen sobre a súa tolerancia e habilidade para tratar a conduta do neno e teñen un peso específico na decisión final de solicitar axuda (Ollendick e Hersen, 1993).

Os trastornos de conduta son máis prevalentes nos nenos que nas nenas, o cal coincide cos resultados encontrados noutros estudos (Aláez,2000; Bragado,1995). Se ben nos últimos anos non se produciu un incremento de diagnóstico dos mesmos, si se produciu un incremento na petición de consulta onde a queixa principal son os problemas de hiperactividade no ano 2007 (2,95% de casos no 2002 fronte a un 11,33% no 2007). Os trastornos das emocións teñen unha prevalencia similar en nenos e nenas. Hai que ter en conta que a proporción dun sexo ou outro pode variar en función da fonte de información que se tome como referencia e os rangos de idade da mostra (variábel que non se tivo en conta neste estudo).

É de destacar que entre todas as peticións de consulta por hiperactividade entre un 18 e un 40% dos suxeitos acaban recibindo un diagnóstico Z da CIE-10 (“Factores que inflúen no estado de saúde e no contacto cos servizos de saúde”)o que na nosa opinión podería reflectir a baixa habilidade paterna para tratar a conduta do neno en circunstancias adversas ou desfavorecidas.

Bibliografía

- Aláez, M., Martínez-Arias, R., & Rodríguez, C. (2000). Prevalencia de trastornos psicológicos en niños y adolescentes, su relación con la edad y el género. *Psicothema*, 12(4), 525-535.
- American Psychiatric Association (2000). *DSM-IV-TR: Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales (4ª edición revisada)* Barcelona: Masson.
- Bragado, C., Carrasco, I., Sánchez-Bernardos, M., Bersabé, R., Loriga, A., & Monsalve, T. (1995). Prevalencia de los trastornos psicopatológicos en niños y adolescentes: Resultados preliminares. *Clinica y Salud*, 6(1), 67-82.
- Cardo, E., & Servera, M. (2005). Prevalencia del trastorno de déficit de atención e hiperactividad. *Revista De Neurología*, 40(supl. 1), S11-S15.
- Costello, J., Mustillo, S., Erkanli, A., Keeler, G., & Angold, A. (2003). Prevalence and development of psychiatric disorders in childhood and adolescence. *Archives General of Psychiatry*, 60, 837-844.
- Goñi, A., & Cortaire, R. (1991). Evaluación de la asistencia de la salud mental infanto juvenil en Navarra. *Psiquis*, 12, 45-54.
- Ollendick, T. y Hersen, M. (1993). *Psicopatología infantil*. Barcelona: Martínez Roca.
- Organización Mundial da Saúde (1992). *CIE-10: trastornos mentales y del comportamiento. Descripciones clínicas y pautas para el diagnóstico*. Madrid: Meditor.
- Polanczyk, G., de Lima, M. S., Horta, B. L., Biederman, J., & Rohde, L. A. (2007). The worldwide prevalence of ADHD: A systematic review and metaregression analysis. *American Journal of Psychiatry*, 164(6), 942-948.
- Rutter, M. (1988). Epidemiological approaches to developmental psychopathology. *Archives of General Psychiatry*, 45, 486-495.
- Tick, N., van der Ende, J., & Verhulst, F. (2007). Twenty-year trends in emotional and behavioral problems in dutch children in a changing society. *Acta Psychiatrica Scandinavica*, 116, 473-482.
- Tick, N., van der Ende, J., & Verhulst, F. (2008). Ten-year increase in service use in the Dutch population. *European Child & Adolescent Psychiatry*, 17(6), 373-380.

TRANSTORNOS DA PERSONALIDADE NA ADOLESCENCIA



Dolores Mosquera

Centro LOGPSIC. www.centrologpsic.com

RESUMO

Os transtornos da personalidade afectan de maneira profunda ás persoas que os padecen, ás súas familias e á sociedade. Conceptualmente, hai unha resistencia a crer que un neno en desenvolvemento pode ter un transtorno de tal magnitude aínda que moitos adolescentes presentan trazos inflexíbeis e problemas que se remontan á infancia e persisten no adulto.

Palabras chave: transtornos da personalidade / adolescentes / transtornos da personalidade no adolescente / intervención preventiva / rasgos de personalidade

ABSTRACT

Personality disorders have a profound and prolonged impact on the individual, the family and on society. Conceptually, there persists an understandable reluctance to believe that a developing child can have a disorder of such magnitude although, many adolescents present inflexible traits and enduring problems that begin at early ages and persist at adult ages.

Key words: personality disorders / adolescents / personality disorders in adolescents / early interventions / personality traits

Introdución

A adolescencia é unha etapa complicada, chea de cambios, de experiencias e de sentimentos que en certo modo, axudan a forxar a personalidade. É frecuente que os adolescentes experimenten “crises existenciais”, que teñan comportamentos desproporcionados e variábeis, que “poñan a proba aos pais” e que busquen a súa identidade de diferentes formas. Todo o anterior é esperábel e forma parte dunha adolescencia “normal”. Pero, ¿que pasa cando estas “crises existenciais” e estes comportamentos desproporcionados son recorrentes e interfíren de maneira moi significativa e preocupante na calidade de vida destes adolescentes e na súa capacidade para funcionar como se espera deles a unha determinada idade?, ¿que ocorre cando esa procura de identidade se manifesta de maneira desesperada e os leva a realizar condutas que conlevan un risco para eles e en ocasións, para os demais?

Qué é a **PERSONALIDADE**?

O obxecto desta sección non é facer unha profunda revisión nin unha análise exhaustiva do termo personalidade senón introducir o concepto para posteriormente enlazalo cos transtornos ou afectacións da personalidade.

Para definir *personalidade*, recorro a Theodore Millon, quen sinala que a personalidade non é só o que fai que cada persoa sexa esa persoa, senón o que fai a cada persoa **distinta** dos demais. Alén disto, destaca que a **individualidade** é o resultado dunha historia **única** de transaccións entre factores biolóxicos e contextuais e que cada personalidade é un produto **singular**; que por iso non pode entenderse mediante a aplicación de leis universais. Para este autor, a personalidade é un patrón complexo de características psicolóxicas que surxen de unha complicada matriz de determinantes biolóxicos e aprendizaxes e, comprenden o patrón de percibir, sentir, pensar, afrontar e comportarse dun individuo (5).

John M. Oldham, sinala que cada persoa ten un tipo de personalidade que é único e irrepetíbel, *case como unha marca dactilar*. Segundo este autor, o temperamento herdado determina, en diferentes graos, o comportamento dos recém nados. A este factor engádense as influencias do modelado provenientes das persoas que os coidan, da familia e do ambiente. Este proceso é bidireccional; o comportamento “innato” do lactante pode provocar unha serie de condutas nos pais e noutras persoas que coidan ao neno, condutas que, á súa vez, reforzan o comportamento do pequeno. Os lactantes tranquilos e felices poden provocar nos adultos comportamentos de tenrura, protección e coidado; polo contrario, os lactantes irritábeis poden provocar nos pais condutas caracterizadas pola negligencia e a impaciencia (5).

¿Cándo podemos pensar nun "transtorno" da personalidade?

Os *rasgos de personalidade* son patróns persistentes de formas de percibir, relacionarse e pensar sobre o entorno e sobre un mesmo, que se poñen de manifesto nunha ampla gama de contextos sociais e persoais. Segundo o DMS-IV-TR, estes *rasgos* só constitúen transtornos da personalidade (TP) cando son inflexíbeis e desadaptativos e causan un deterioro funcional significativo ou un malestar subxectivo.

Un problema psicolóxico “simple”, acostuma desencadearse por un conflito concreto (unha experiencia dolorosa, unha situación inesperada, unha ruptura sentimental, etc.) e pódese manifestar con diversos síntomas pero, unha vez averiguado o desencadeante e/ou resolto o problema, a persoa afectada, recupera a totalidade do seu carácter e funcionalidade. É dicir, acostuman ser desencadeados por situacións ou eventos puntuais e polo xeral, caracterízanse por ser transitorios. Os problemas de personalidade, son moito máis complexos e aínda que poden ser similares na manifestación dos “síntomas” difiren dos problemas puntuais en varios aspectos, entre eles: a cantidade, intensidade e perpetuidade.

A diferenza das dificultades puntuais, os TP afectan a todo o carácter do individuo, á súa forma de funcionar no mundo e non lle permiten facer fronte ás dificultades dunha maneira adaptada e/ou efectiva, ao menos non a longo prazo. É dicir, nos TP as dificultades non se limitan a períodos de estrese; están presentes case todo o tempo. Por isto, pódese considerar a presenza dun TP cando a forma de percibirse dun mesmo, de relacionarse cos demais e de pensar acerca das diferentes situacións que surxen na súa vida causan un deterioro relevante.

Se temos en conta que o DSM-IV-TR suxire unha avaliación dos patróns de actividade da persoa a *longo prazo*, podemos afirmar que en moitos dos adolescentes que cumpren estes criterios, os patróns de actividade remóntanse a idades precoces. Se alén do anterior temos presente que os rasgos de personalidade que definen os TP se teñen que diferenciar das características que surxen como resposta a estresantes situacionais específicos ou a estados mentais máis transitorios, poderemos ter en conta que as historias biográficas dos adolescentes máis problemáticos, están repletas de condutas problema que se manifestan de maneira intensa, recorrente e inflexíbel, sen que estean asociadas a feitos puntuais ou transitorios. É dicir, existe unha continuidade e persistencia das condutas problema.

Segundo o DSM-IV-TR as categorías dos TP **poden ser aplicábeis a nenos ou adolescentes** nos casos relativamente raros nos que os rasgos de personalidade desadaptativos particulares parezan ser tendentes a estenderse, a persistir e a non limitarse a unha etapa particular do desenvolvemento. Para diagnosticar un TP nun suxeito de menos de 18 anos, as características deben ter estado presentes durante ao menos 1 ano, aínda que hai excepcións (por exemplo o Transtorno Antisocial da Personalidade, que non pode ser diagnosticado até os 18 anos).

Un neno ou adolescente “normal”, segundo Kernberg, Weiner e Bardenstein, pode ser descrito como aquel que funciona de acordo coas normas de desenvolvemento con respecto ás

expectativas de xénero, que estableceu un sentido de identidade apropiado á súa idade, e que ten acceso a niveles altos de defensa aceptados normativamente para dita idade.

De acordo coa investigación e os achádegos clínicos, espérase que un transtorno de personalidade teña **un impacto serio na maior parte das esferas da vida dunha persoa**, incluíndo: o comportamento no traballo, na escola, a interacción con compañeiros e familia e o funcionamento cognitivo e emocional, que se reflicte no sentido de si mesmo e doutros e na súa relación coa realidade en xeral (3).

Segundo Beck, Freeman, Davis e outros, a presenza dos seguintes ítems (entre outros) pódenos facer pensar na presenza dun TP:

Un coñecido do paciente informa: “Sempre fixo iso, desde que era neno”, ou ben o paciente di “Sempre fun así”

Os pacientes non parecen ter a menor consciencia do efecto da súa conduta provocativa ou disfuncional.

Os problemas de personalidade do paciente parécenlle aceptábeis e naturais. Ve os problemas como aspectos fundamentais do seu “eu” e fala diso nos seguintes termos: “Así é como son; isto é o que son. Non me vexo doutra forma”

Selecionei estes ítems porque considero que reflicten a realidade que os clínicos encontramos na consulta cando nos encontramos cun adolescente con “problemas de comportamento”. É habitual que as dificultades que refire a familia (e en raras ocasións o propio afectado) estean presentes desde hai tempo, que o paciente non “pareza” ter consciencia do efecto da súa conduta e que incluso considere que el non ten ningún problema “porque sempre foi así” ou “é así”. Aínda que isto podería describir algunhas das etapas polas que pasan a maioría dos adolescentes no seu camiño á adultez, a diferenza cos adolescentes cun posíbel TP radica na intensidade e frecuencia das condutas problema, a duración ao longo dos anos e as graves interferencias que estas supoñen para a súa calidade de vida e a súa capacidade de adaptación ao entorno.

Se ben é certo que a maioría dos adolescentes poden ter dificultades para entender o efecto que a súa conduta produce neles (e nos que o rodean), tamén é certo que só unha minoría destes adolescentes, necesitará unha atención especializada ou acabará ingresando en unidades de agudos por condutas desproporcionadas que en moitas ocasións requiren unha atención inmediata e de contención, especialmente cando estas condutas poñen en perigo a súa vida e/ou a das persoas que os rodean.

¿Pódese falar de transtorno da personalidade nos adolescentes?

Os adolescentes con problemas de identidade, poden presentar dilemas existenciais, inseguridade e conflitos diversos, especialmente cando existe un abuso de substancias. Estes aspectos maniféstanse con comportamentos que poden dar a impresión errónea dun TP, pero se

se explora a historia biográfica, comprobarase que estes comportamentos son transitorios e aínda que se poden manifestar moi intensamente, nunca chegarán a alcanzar a intensidade dos comportamentos asociados aos TP (non de maneira duradeira, persistente e inflexíbel). Estes adolescentes acostuman ser máis receptivos a intervencións breves e responder ben aos tratamentos. En certo modo os problemas son puntuais e habitualmente teñen un desencadeante concreto. Os adolescentes cun TP, porén, presentarán grandes dificultades en moitas áreas da súa vida e farase evidente a necesidade de intervencións máis intensivas a medio-longo prazo.

Son varios os autores que observaron que os trazos temperamentais específicos da infancia son precursores de diversos transtornos da personalidade (Paris 2003; Rettew et al 2003; Wolff et al, 1991), ademais de selo para as diferenzas no funcionamento interpersonal na idade adulta (Newman et al, 1997). Por exemplo, os estudos detectaron patróns precoces estraños e de retraemento para o transtorno esquizotípico da personalidade nos adultos (Wolff et al, 1991) e de timidez para o transtorno de personalidade por evitación (Rettew et al, 2003). Aínda que o grao de estabilidade para os trazos de personalidade é maior durante a idade adulta que durante a infancia e a adolescencia (Roberts e DelVecchio, 2000), análises lonxitudinais revelaron que a transición da adolescencia á idade adulta se caracteriza máis pola continuidade da personalidade que polo cambio (Roberts et al, 2001), (5).

Para Widiger, os transtornos da personalidade necesitan ser conceptualizados con maior claridade e caracterizados con maior coidado cando teñen un inicio máis precoz. Porén, a validez dos TP na adolescencia segue a ser controvertida (Drueger e Carlson, 2001). De maneira conceptual, persiste unha resistencia a crer que o neno en desenvolvemento poida ter un transtorno de tal magnitude que interfira na súa relación co medio e con el mesmo, aínda que a realidade é que o impacto dun TP pode ser tan intenso para unha persoa xoven como para unha adulta (3). Sen ir máis lonxe, algúns estudos reflicten que o 15% de adolescentes con tentativas autolíticas presentan un TP (1), (2), (4).

Unha recente revisión crítica da literatura lonxitudinal acerca dos trazos de personalidade ao longo de toda a vida, revelou que estes eran menos estábeis durante a infancia e a adolescencia que durante a idade adulta (Roberts e DelVecchio, 2000). Non obstante, os achádegos clínicos e de investigación acerca dos Transtornos da Personalidade enfatizan os seus precursores no desenvolvemento precoz, e cada vez é máis frecuente que se describan patróns de personalidade duradeiros que fan a súa aparición ao final da idade preescolar. Estes inclúen patróns de agresividade, estratexias de afrontamento inflexíbeis e apego inseguro que levan a condutas persistentes na infancia e características relacionadas con transtornos subsecuentes tales como depresión, abuso de substancias e comportamento antisocial e criminal (National Advisory Mental Health Council, 1995), (3).

No apartado 3 deste artigo, transcribía a descrición dun neno ou adolescente “normal”, segundo Kernberg, Weiner e Bardenstein. Estes autores consideran que un neno ou adolescente

con esa descrición, pode establecer relacións con outros e anticipar sucesos, executar e completar tarefas non académicas e utilizar o sentido do humor e a sublimación. Tamén comentan que as relacións sociais reflectirían unha capacidade de empatía e mutualidade, unha consideración polos demais e a habilidade de ter “amigos de verdade” e non simples amizades casuais. Alén do anterior, o adolescente pode retardar as reaccións impulsivas, mostrar a capacidade de introspección e un sentido de realidade desenvolvido. Resulta evidente que todas estas “capacidades” condutuais e relacionais son as que *brillan pola súa ausencia* nos adolescentes con TP. A diferenza dos adolescentes “normais”, aqueles cun TP terán múltiples dificultades para integrar os aspectos anteriores pois estas “capacidades” ou características “esperadas” non se terán definido nin establecido en neles.

Conclusiones

As dificultades que experimentan as persoas con TP acostuman terse iniciado a idades precoces e polo xeral convertéronse nunha “parte deles”, manifestándose ao longo do tempo e en numerosas ocasións.

É fundamental ter en conta a **individualidade**, a **complexidade** e a **singularidade** de cada persoa. Se temos isto presente resultará evidente que nalgúns casos, facer un “pre-diagnóstico” pode ter un carácter preventivo; facilitando identificacións precoces e intervencións que se adapten mellor á problemática e necesidades do paciente (algo máis útil que esperar a que faga os 18 anos para “tomar en serio” as dificultades do menor). Neste sentido coincide con Kernberg, Weiner e Bardenstein, pois aínda que convén ser cautelosos á hora de realizar un diagnóstico de TP a idades precoces, o feito de non diagnosticar un TP nun adolescente (cando existe), pode pór en perigo o seu futuro, facendo difícil ou imposible que obteña o tratamento apropiado.

Bbliografía

- Cervera, G., Haro, G., Martínez-Raga J. e outros. (2005) *Trastorno Límite de la Personalidad. Paradigma de la comorbilidad psiquiátrica*. Madrid: Editorial Médica Panamericana.
- Gunderson, J. (2002) *Trastorno Límite de la Personalidad. Guía Clínica*. Barcelona: Ars Médica
- Kernberg, P, Weiner, A, e Bardenstein, K. (2002) *Trastornos de Personalidad en niños y adolescentes*. México: Manual Moderno.
- Rubio, V, Perez, A e outros. (2003). *Trastornos de la Personalidad*. Madrid: Elsevier (ed).
- Oldham John, M, Skodol, Andrew E, Bender Donna, S e outros. (2007). *Tratado de los Trastornos de la Personalidad*. Madrid: Elsevier Masson.

PERFIL DA FAMILIA E AFECTADOS/AS NA ASOCIACIÓN GALEGA DE TRANSTORNOS DA PERSONALIDADE



Muñíz, S. e Guerra, B

Psicólogos. TP-Galicia

RESUMO

Nesta comunicación queremos dar a coñecer o perfil socio-demográfico e psicolóxico da familia e afectados das persoas que se achegan á asociación. Referímonos a aspectos como o nivel socio-económico, a unidade familiar, o tipo de diagnóstico, a comorbilidade, o número de profesionais que atenderon ao paciente, a existencia de ingresos hospitalarios, os tratamentos seguidos, os antecedentes traumáticos, a existencia de denuncias ou os ingresos penais, as autolesións e os intentos de suicidio. As conclusións do estudo dos perfís das familias mostran unha visión xeral e actualizada da situación persoal e familiar dos/das usuarios/as da asociación.

Palabras Chave: *Transtorno da personalidade, familia, perfil socio-demográfico e psicolóxico.*

ABSTRACT

In this meeting we will explain the demographic and psychologic profile of the family and patients that visit the association. In principle we refer to aspects such as social-economic level, family unity, comorbidity, diagnostic, number of professionals to diagnose the patient, existence of hospital admissions, treatments, traumatic background, existence of complaints or penitentiary income and attempted suicide. The conclusions of this research gives a global and updated view of the personal and family situation of the users of the association.

Key Words: *borderline disorder, family, socio-demographic and psychological.*

Introdución

Os transtornos da personalidade son patoloxías que están comezando a cobrar especial relevancia no campo da clínica debido á forte demanda destes transtornos, tanto na área de urxencias coma nas unidades de saúde mental. Este transtorno demanda atención sanitaria debido á gravidade (intentos de suicidio, autolesións, impulsividade) e variedade (consumo de drogas, problemas alimentarios) dos síntomas. (Rubio Larrosa, V.2003; Fernández Guerrero, 2007)

Segundo o DSM-IV-TR os transtornos da personalidade son trazos persistentes na forma de percibir, relacionarse e pensar sobre o contorno e sobre un mesmo, que se pon de manifesto nunha ampla gama de contextos sociais e persoais. Estes trazos constitúen transtornos de personalidade cando son inflexíbeis, desadaptativos e cando causan un deterioro funcional significativo ou un malestar subxectivo. Estímase que a prevalencia de transtorno límite é de aproximadamente o 2% da poboación xeral, do 10% dos pacientes vistos en centros ambulatorios, e á volta do 20% entre os pacientes psiquiátricos ingresados. En poboacións clínicas con transtornos da personalidade sitúase entre o 30 e o 60%. Entre as persoas diagnosticadas desde a adolescencia até a mediana idade, un 70% cometerá algún intento de suicidio e un 50% repetirao, inclusive diversas veces ao longo da súa vida. Entre un 8 por cento e un 10% consumarao (American Psychiatric Association, APA 1994).

Os transtornos da personalidade, nalgúns ocasións, afectanlle gravemente á convivencia familiar. A familia xeralmente non é capaz de controlar debidamente a situación por falta de coñecemento sobre estes transtornos mentais, falta de habilidades de comunicación e como tratar adecuadamente as situacións de crise. Estas situacións de crise poden levar á persoa a recorrer a comportamentos autodestrutivos, como poden ser autolesións, ameazas ou intentos de suicidio, agresións a persoas próximas ou illamento extremo. (Consellería de Sanidade e Consumo da Comunidade de Madrid, 2005). Na literatura aconséllase incluír no tratamento do TLP unha abordaxe familiar, xa que existen claras necesidades de intervención polas razóns anteriormente mencionadas (Gunderson, 2002; Mosquera, 2004 a; 2004 b, 2005; Martín Cabrero, 2009;) e, así mesmo, os transtornos da personalidade considéranse transtornos graves, de longa duración, de mal pronóstico, crónicos, de difícil intervención e de difícil adherencia ao tratamento.

O diagnóstico máis frecuente é o transtorno límite da personalidade (TLP), entre un 1,1% e 4,6% (APA, 1994), é dicir, a persistencia dobra á da esquizofrenia. Diagnostícase frecuentemente en mulleres, nunha ratio de 1:3. Como consecuencia da variada sintomatoloxía, sumada á inestabilidade afectiva e á diminución do control de impulsos, é moi probábel que este transtorno manifeste unha grande comorbilidade con transtornos afectivos nun 93%, con transtorno de ansiedade nun 88%, con transtorno por uso de substancias nun 65% de homes e 41% de mulleres, e

o 53% un transtorno de alimentación co 30% mulleres e co 10% homes. (Grupo de traballo sobre o transtorno límite da personalidade, 2006). Neste grupo, tamén se fala da frecuente coexistencia, até un 25%, de características inherentes ao transtorno antisocial da personalidade, que supón que estes pacientes adopten patróns de conduta que implican problemas coa lei.


Metodoloxía

Utilizouse unha metodoloxía cualitativa e cuantitativa para a recollida de datos socio-demográficos e psicolóxicos. Esta recollida de información sobre os diferentes perfís fíxose mediante entrevistas individuais aos familiares. A mostra total é de cincuenta e dúas familias, que foron atendidas periodicamente entre os anos 2006-2008 na Asociación TP-GALICIA .


Resultados

A continuación, presentamos as táboas coas seguintes porcentaxes.


TÁBOA 1. FAMILIAS




TÁBOA 2. DATOS DEMOGRÁFICOS




TÁBOA 3. NIVEL SOCIO-ECONÓMICO




TÁBOA 4. TIPO DE PARENTESCO




TÁBOA 5. UNIDADE FAMILIAR




TÁBOA 6. CONVIVENCIA PERSOA CON DIAGNÓSTICO(HOME)




TÁBOA 7.CONVIVENCIA CON DIAGNÓSTICO(MULLER)




TÁBOA 8. MEDIA IDADE PACIENTES




TÁBOA 9. TIPO DE DIAGNÓSTICO




TÁBOA 10. COMORBILIDADE




TÁBOA 11. NÚMERO DE PROFESIONAIS QUE O ATENDERON




TÁBOA 12. EXISTENCIA DE INGRESOS HOSPITALARIOS




TÁBOA 13. TRATAMENTOS




TÁBOA 14. ANTECEDENTES TRAUMÁTICOS



TÁBOA 15.DENUNCIAS-CÁRCERE



TÁBOA 16. AUTOLESIÓNS-INTENTOS DE SUICIDIO



Conclusións

O perfil das familias que acode a TP-GALICIA é unha familia da área de Santiago, de nivel socio-económico medio, normalmente cun/cunha fillo/a, no 84% dos casos cunha idade media de 28 anos, que no 60% dos casos mantén unha convivencia na casa dos familiares e cun informe psiquiátrico de transtorno da personalidade, no 88% dos casos de homes e no 69% dos casos de mulleres. Así mesmo, existe unha alta comorbilidade, no 77% dos casos de homes existe o consumo de substancias e nas mulleres un transtorno de alimentación no 32%. O diagnóstico máis frecuente en homes e mulleres é o transtorno límite de personalidade (TLP), e as persoas co transtorno de personalidade tiveron de media tres ou catro profesionais (psiquiatras e psicólogos), coa existencia de ingresos hospitalarios nun 69% dos casos, que se deben a intentos de suicidio e autolesiós. Na

actualidade, máis do 60% dos/das pacientes acode a algún tipo de tratamento farmacolóxico ou psicolóxico.

As familias acoden despois dunha longa peregrinación por varios centros, moi poucos dispoñen dalgunha información sobre o transtorno da personalidade e a maior parte non leron nada sobre o tema ou teñen información incorrecta. En xeral, séntense excluídos, desinformados, desesperanzados, culpabilizados, non tomados en serio e con información negativa sobre o transtorno (non hai nada que facer, son manipuladores, é para toda a vida etc.). Demandan sobre todo que se lles ensine a tratar o TP na convivencia diaria e como afrontar as situacións de crise (extraído de www.alai-tp.com).

Por este motivo, a asociación pretende darlles resposta a estas demandas realizando diferentes actividades coas familias para proporcionarlles información sobre o transtorno da personalidade e ferramentas para poder controlar situacións de crise, como os grupos de psicoeducación e conferencias informativas con profesionais en saúde mental. Así mesmo, tamén intentamos traballar aspectos máis emocionais e de respiro familiar para diminuír o estrese e a ansiedade que presentan as familias, como a realización de grupos de autoaxuda e obradoiros de relaxación e autocoidado.

O feito de ter información ampla e axeitada sobre o transtorno de personalidade posibilita que a familia entenda mellor as condutas do seu familiar, e así é capaz de modificar patróns de relación e comunicación con el, ademais de poder establecer límites nas súas relacións, darlle un apoio correcto sen sobreimplicación, aprender a controlar as crises de maneira axeitada, que diminúa a demanda de recursos etc. E como consecuencia, diminúe a busca de recursos sanitarios asistenciais.

Bibliografía

- APA (1995). *Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales*. Barcelona: Masson.
- Consejería de Sanidad y Consumo de la Comunidad de Madrid (2005). *Recorriendo los límites. Guía práctica para familiares y pacientes con trastorno límite de la personalidad*.
- Grupo de Treball sobre el Trastorn Limit de la Personalitat (2006) *Quaderns de salut mental*; 8.
- Gunderson, J.G. (2002). *El trastorno límite de la personalidad. Guía clínica*. Barcelona: Ars Medica.
- Martin Cabrero, B. (2009). *Grupo de familiares de personas con trastorno límite de personalidad*. Interpsiquis, 1.
- Mosquera, D. (2004). *Diamantes en Bruto I. Un acercamiento al trastorno límite de la personalidad. Manual informativo para profesionales, pacientes y familiares*. Madrid: Ediciones Pleyades.
- Mosquera, D. (2004). *Diamantes en Bruto II. Manual psicoeducativo y de tratamiento*. Madrid: Ediciones Pleyades.
- Mosquera, D. e Ageitos, L. (2006). *Más allá de lo aparente*. Un acercamiento a los comportamientos, pensamientos y actitudes de los familiares de personas con Trastorno Límite de la Personalidad . Madrid: Ediciones Pleyades.
- Rubio Larrosa, V. (2003). *Trastornos de la personalidad*. Barcelona: Editorial Elsevier.

A AVALIACIÓN PSICOPATOLÓXICA NO CAMPO DAS ADICIÓN



Ana López Durán

Máster en Drogodependencias

Dpto. de Psicología Clínica e Psicobiología

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO

A avaliación psicopatolóxica é un aspecto fundamental en calquera área da Psicología, e polo tanto tamén o é no ámbito das drogodependencias. No presente texto, o obxectivo é facer unha revisión da prevalencia de problemas psicopatolóxicos entre os consumidores de substancias psicoactivas, e das posibles explicacións de dita asociación.

Palabras chave: *Avaliación, tratamento, adicións, psicopatoloxía, prevalencia.*

ABSTRACT

Psychopathological assessment is an important appearance in any area of the Psychology, and therefore also is it in the field of substance abuse. In the present text, the aim is to do a review of the prevalence of psychopathology between substance abuse misuse, and possible explanations of said association.

Key words: *Assessment, treatment, addiction, psychopathology, prevalence.*

Nos últimos anos falar da presenza de psicopatoloxía entre os consumidores de substancias psicoactivas, cobrou unha grande relevancia. Estanse a utilizar cada vez máis os termos de comorbilidade ou diagnóstico dual, que aínda que ambos conceptos son utilizados indiferentemente en moitas ocasións autores como First e Gladis (1996) establecen unha clara diferenciación entre ambos: a comorbilidade indica a presenza de ao menos dous trastornos concorrentes nun mesmo individuo, e a patoloxía dual é un tipo específico de comorbilidade que indica a presenza de trastorno por uso de substancias xunto con outro trastorno psiquiátrico. Aínda que este concepto de patoloxía dual, parece un fenómeno recente debido á notoriedade que está tendo nos últimos anos, sempre existiron outros problemas psicopatolóxicos entre os consumidores de substancias psicoactivas. Quizá, unha das razóns máis importantes que levaron a un auxe deste tema, é que no tratamento dos problemas co consumo de substancias, concretamente no caso da cocaína, os tratamentos farmacolóxicos comercializados son unicamente eficaces cando existe un problema psicopatolóxico (ex. depresión, ansiedade...) que interfere no tratamento, nese caso é preciso actuar sobre o trastorno psicopatolóxico para poder solucionar os problemas co consumo (Terán, Casete e Climent, 2008). Mais non sempre é preciso administrar un tratamento farmacolóxico, a intervención psicolóxica pode ser suficiente. A avaliación previa e a valoración do profesional xogan un papel importante neste punto.

No estudo *Epidemiological Catchment Area* do *National Institute of Mental Health* (ECA), realizado con 20.291 suxeitos maiores de 18 anos e residentes en cinco cidades dos Estados Unidos (poboación xeral, poboación psiquiátrica e presidiaria), analizouse a prevalencia de trastornos psiquiátricos e por consumo de substancias, e por conseguinte a presenza de ambos simultaneamente. Como instrumento de avaliación utilizouse a *Diagnostic Interview Scale*, entrevista diagnóstica baseada nos criterios DSM-III. Os datos sinalan unha porcentaxe de presenza de consumo de substancias entre a poboación con trastorno mental dun 29% (razón de probabilidade de 2.7 respecto á poboación sen trastorno mental); e un 53% dos pacientes con trastorno por consumo de substancias presentan un trastorno mental (razón de probabilidade de 4.5 respecto á poboación normal) (Regier et al., 1990) (ver táboa 1). Entre os estudos realizados con poboación que se encontra en tratamento por consumo de substancias, destaca o *National Treatment Outcome Research Study* (NTORS) (Gossop et al., 1998) realizado con 1.075 suxeitos a tratamento en 54 recursos asistenciais de Inglaterra. Un 20% destes pacientes recibira tratamento psiquiátrico nos dous anos previos, por outro trastorno diferente ao consumo de substancias.

TÁBOA 1. Asociación entre transtorno mental e consumo de drogas segundo o estudo ECA

	Cocaína	Heroína	Alcol	Cannabis
Algún transtorno mental	76.1%	65.2%	36.6%	50.1%
Esquizofrenia	16.7%	11.4%	3.8%	6%
Transtornos afectivos	34.7%	30.8%	13.4%	23.7%
Transtornos de ansiedade	33.3%	31.6%	19.4%	27.5%
Transtorno de personalidade antisocial	42.7%	36.7%	14.3%	14.7%
Abuso ou dependencia do alcol	84.8%	65.9%	-	45.2%

Fonte: Regier *et al.* (1990)

Mais é preciso, ao falar de prevalencias, reseñar varios aspectos: hai que ter en conta que instrumentos se están a utilizar para establecer as prevalencias, é dicir, se fan diagnóstico ou avalían só a presenza de síntomas; que se respecta o tempo necesario para a resolución da síndrome de abstinencia, no caso contrario os síntomas da abstinencia á substancia pódense confundir coa presenza de psicopatoloxía; o tipo de deseño de investigación que se está a utilizar; e sobre todo que poboación está a ser avaliada, se é poboación xeral, psiquiátrica ou a tratamento por consumo de drogas. Cervera, Haro, Martínez-Raga, Bolinches, de Vicente e Valderrama (2001) recollen a importancia do denominado “sesgo de Berson”, ao analizar as taxas de prevalencia do diagnóstico dual: a maior presenza de transtornos, máis probabilidade de que o suxeito demande tratamento xa que o malestar que ten é maior. Polo tanto nos estudos realizados en poboación que demanda tratamento as porcentaxes poden ser superiores ás que encontraríamos en poboación normal.

First e Gladis (1996), Ochoa (2000) San (2004) e Swendsen e Merikangas (2000) apuntan diferentes razóns para estudar a presenza de psicopatoloxía en consumidores de substancias: en primeiro lugar porque aproximadamente a metade da poboación sufrirá nalgún momento da súa vida un transtorno psiquiátrico, e a maioría deles cumprirá os criterios para dous ou máis transtornos. E en segundo lugar, porque a comorbilidade implica condicións máis crónicas, maior resistencia ao tratamento e experimentan un deterioro psicosocial máis severo. Ademais, desde o punto de vista do tratamento, procuran axuda profesional con máis frecuencia; hai implicacións etiolóxicas, xa que da aparición simultánea de ambos transtornos poden derivar diferentes explicacións; consecuencias a nivel diagnóstico e clínico, pode ser máis adecuado agrupar os consumidores en función da patoloxía que presentan porque requiren tratamentos diferentes dos tradicionais; e a resposta ao tratamento tamén pode variar, xa que presentan un

maior deterioro a todos os niveis, polo que o seu pronóstico é máis pobre. Os tratamentos habituais da dependencia de substancias e dos trastornos psiquiátricos, son ineficaces, xa que as súas necesidades non son atendidas de forma completa nin nos centros asistenciais de drogodependencias, nin nos servizos de saúde mental. Concretamente no caso dos consumidores de cocaína, Gawin e Kleber (1986) apuntan que os suxeitos con trastorno psiquiátrico aínda que consumen menos cantidade de cocaína amosan un deterioro similar que os que consumen máis cantidade e non teñen ningún trastorno, ademais solicitan antes o inicio do tratamento.

Zimberg (1996) apunta tres posíbeis asociacións entre ambos trastornos: 1) trastorno psiquiátrico primario e trastorno por uso de substancias secundario, 2) trastorno por uso de substancias primario con signos e síntomas psiquiátricos secundarios, e 3) coexistencia do trastorno psiquiátrico e do trastorno por uso de substancias, mais ambos teñen unha orixe independente (é o que se denomina propiamente diagnóstico dual). First e Gladis (1996) recollen un estudo realizado entre pacientes psiquiátricos en réxime ambulatorio e con abuso de substancias, en función desta clasificación, e encontraron as seguintes taxas de prevalencia: un 22% presentaba un trastorno psiquiátrico primario, un 24% un diagnóstico por uso de substancias primario, e un 47% presentaba o que denominan diagnóstico dual.

Rosenthal e Westreich (1999) sinalan que se poden establecer seis relacións diferentes entre ambos: o trastorno psiquiátrico é un factor de risco para sufrir un problema de dependencia de substancias (o paciente deprimido que trata a súa disforia consumindo cocaína, o consumo de substancias provoca trastornos psiquiátricos que persisten trala síndrome de abstinencia (os ataques de pánico que persisten en consumidores de cocaína aínda que deixaran de consumir), o trastorno psiquiátrico aparece no curso de intoxicacións crónicas (paranoias causadas polo consumo dunha substancia pero que desaparecen cando cesan os efectos do consumo), o trastorno psiquiátrico modifica o curso da dependencia de substancias, ambos trastornos relaciónanse significativamente, e os trastornos son independentes, é dicir, non hai unha relación entre ambos (o paciente con depresión e dependencia do alcol, cuxos síntomas de depresión no remiten aínda que se manteña a abstinencia).

Ochoa (2000) recolle cinco hipóteses explicativas da relación entre dependencia da cocaína e trastornos psiquiátricos: a primeira é que a coincidencia de ambos trastornos se debe á alta prevalencia de ambos na sociedade, aínda que a alta prevalencia de consumo de drogas entre pacientes psiquiátricos pon en dúbida esta hipótese. A segunda é que tanto a intoxicación como a abstinencia, van producir alteracións psiquiátricas temporais. A terceira, que os trastornos psiquiátricos están causados pola dependencia da cocaína. A cuarta, que existe un trastorno psiquiátrico e a cocaína utilízase como “medicación” para o mesmo (hipótese da automedicación), e a quinta, que existen unha serie de factores de risco comúns (tanto neurobiolóxicos como psicosociais) ou que se deben á existencia dun terceiro trastorno. Mueser et al. (1999) poñen o exemplo da existencia dun trastorno de conduta previo que

determine a aparición do consumo de substancias e doutro transtorno psiquiátrico como pode ser un transtorno do estado de ánimo.

Polo tanto, é necesario prestar unha especial atención á presenza de máis dun transtorno no individuo. Non debemos centrar a avaliación e o tratamento unicamente nun deles, xa que a avaliación do mesmo se pode ver afectada pola presenza do outro transtorno.

Entón, ao falar da existencia de dous transtornos podemos plantexar se o transtorno psiquiátrico é un factor de vulnerabilidade para a aparición dun transtorno por consumo de substancias, ou se é o consumo de substancias a través de fenómenos como a síndrome de abstinencia, a intoxicación ou as complicacións físicas ou sociais derivadas do seu consumo o que facilita a aparición dun transtorno psiquiátrico. Ao centrarnos, por exemplo, na relación do consumo de cocaína con outros transtornos psiquiátricos, a clasificación que nós establecemos é a recollida na táboa 2.

A explicación máis frecuente, é que o transtorno psiquiátrico (ex., depresión ou ansiedade) apareza nun contexto de consumo de cocaína derivado das consecuencias que ten dito consumo na vida do individuo (perda de traballo, problemas familiares...), así o abandono do mesmo implicará melloras nestas áreas aínda que pode ser necesario algún tipo de intervención para a normalización das mesmas. Polo tanto converterase nun transtorno psiquiátrico independente. Nalgúns casos serán só síntomas psicopatolóxicos, sen chegar a cumprir todos os criterios necesarios para constituír un transtorno psiquiátrico, pero o malestar que xeran estes síntomas no paciente esixe en muchas ocasións intervir sobre eles, ademais pódese evitar que co tempo constitúan un problema maior.

TÁBOA 2. Transtornos primarios e secundarios

Dependencia de cocaína primario e transtorno psiquiátrico secundario	Transtornos inducidos pola cocaína que desaparecen logo de finalizar a intoxicación ou a abstinencia
	Alteracións permanentes polo deterioro do sistema nervoso central
Transtorno psiquiátrico primario e dependencia da cocaína secundario	Automedicación: o consumo de cocaína é unha “medicación” dos síntomas do transtorno psiquiátrico.
	Afrontamento: a cocaína utilízase para afrontar determinados problemas asociados ao transtorno psiquiátrico. Ex. mellorar as relacións interpersoais nunha fobia social
	Factor de risco: ter un transtorno psiquiátrico é un factor de risco para consumir cocaína.
Transtornos independentes	O transtorno psiquiátrico aparece polas consecuencias negativas derivadas do consumo de cocaína pero que persiste logo de finalizar a intoxicación ou a abstinencia.
	A aparición de ambos transtornos non ten relación

Por outro lado, unha das dificultades que podemos encontrar no momento de realizar a avaliación é diferenciar entre trastornos independentes e inducidos. No DSM-IV-TR, probas de que se trata dun trastorno independente e non inducido por unha substancia serían: que os síntomas psiquiátricos preceden ao inicio do consumo de substancias, os síntomas continúan un período de tempo (arredor de catro semanas) despois do fin da abstinencia aguda ou a intoxicación grave, os síntomas son excesivos para o que se esperaría dada a cantidade de substancia utilizada ou o tempo que se estivo consumindo, ou a presenza destes síntomas psiquiátricos é recidivante. Outro aspecto a ter en conta é a existencia de antecedentes familiares, de consumo de substancias ou de trastorno psiquiátrico.

Rosenblum, Fallon, Magura, Handelsman, Foote e Bernstein (1999), Santo-Domingo e Rubio (2000), e San (2004) recollen de forma esquemática, cales son os pasos a seguir para diferenciar entre un trastorno inducido polo consumo de substancias e un trastorno independente. Seleccionamos a proposta de San (2004) por ser unha das máis sinxelas (ver figura 1).

Para finalizar recalcamos, como afirman Rosenthal e Westreich (1999) e Sánchez (2001), a necesidade de avaliar a presenza de síntomas psicopatolóxicos e trazos de personalidade en todos os consumidores de substancias que acoden a tratamento, porque alén de facilitar a definición do plan de intervención no problema co consumo de drogas, a avaliación facilítanos ter unha visión global do paciente, máis aló do consumo de drogas.

Debemos subliñar que o ámbito das drogodependencias é unha área moi importante que non se pode ignorar desde a Psicología. Os profesionais que traballan no tratamento das adicións, non só abordan o abandono do consumo de substancias psicoactivas, senón que con moita frecuencia teñen que intervir sobre outro tipo de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos. Existe unha ampla presenza doutros problemas psicopatolóxicos entre os consumidores de drogas, polo que o traballo do psicólogo no ámbito das adicións é, en moitas ocasións, moito máis completo do que noutros ámbitos da saúde mental.

Estes profesionais teñen que aprender a controlar a presenza dun problema psicopatolóxico determinado, como por exemplo un trastorno de personalidade ou do estado de ánimo, xunto cun problema co consumo de substancias psicoactivas, que é polo que o suxeito demanda tratamento. Este último punto é un aspecto chave, xa que en moitas ocasións o suxeito reconece que ten un problema co consumo de drogas, mais non é consciente da presenza doutro problema psicopatolóxico polo que o labor do psicólogo é duplamente importante. Ademais, é necesario abordar conxuntamente todos os problemas que presenta o suxeito porque doutra maneira non se acadará o obxectivo final de abandono do consumo de substancias.




FIGURA 1. Pasos para diferenciar entre transtornos independentes e inducidos

Bibliografía

- Cervera, G., Haro, G., Martínez-Raga, J., Bolinches, F., de Vicente, P. y Valderrama, J.C. (2001). Los trastornos relacionados con el uso de sustancias desde la perspectiva de la psicopatología y las neurociencias. *Trastornos Adictivos*, 3, 164-171.
- First, M.B. y Gladis, M. M. (1996). Diagnóstico diferencial de los trastornos psiquiátricos y por uso de sustancias. En: J. Solomon, S. Zimberg y E. Shollar (Eds.), *Diagnóstico Dual* (pp.41-56). Barcelona: Ediciones Neurociencias.
- Gawin, F. H. y Kleber H. D. (1986). Abstinence symptomatology and psychiatric diagnosis in cocaine abusers. *Archives of General Psychiatry*, 43, 107-113.
- Gossop, M., Marsden J., Stewart, D. Lehmann, P., Edwards, C., Wilson, A., y Segar, G.(1998). Substance use, health and social problems of services users at 54 drug treatment agencies. Intake data from de National Treatment Outcome Research Study. *British Journal of Psychiatry*, 173, 166-171.
- Mueser, K.T., Rosenberg, S.D., Drake, R.E., Miles, K.M., Wolford, G., Vidaver, R. y Carrieri, K. (1999). Conduct disorder, antisocial personality disorder and substance use disorders in schizophrenia and major affective disorders. *Journal of Studies on Alcohol*, 60, 278-284.
- Ochoa, E. (2000). Cocaína y comorbilidad psiquiátrica. *Actas Españolas de Psiquiatría*, 28, 40-52.
- Regier, D. A., Farmer, M.E., Rae, D. S., Locke, B. Z., Keith, S. J. Judd, L.L. y Goodwin, F.K. (1990). Comorbidity of mental disorders with alcohol and other drug abuse. *JAMA*, 264, 2511-2518.
- Rosenblum, A., Fallon, B., Magura, S., Handelsman, L., Foote, J. y Bernstein, D. (1999).The autonomy of mood disorders among cocaine-using methadone patients. *American Journal of Drug and Alcohol Abuse*, 25, 67-80.
- Rosenthal, R.N. y Westreich, L. (1999). Treatment of persons with diagnoses of substance use disorders and other psychological problems. En : B.S. McCrady y E.E. Epstein (Eds.), *Addictions. A comprehensive guidebook* (pp.105-120). New York: Oxford University Press.
- Ross, H.E., Glaser, F.B., y Germason, T. (1988). The prevalence of psychiatric disorders in patients with alcohol and other drugs problems. *Archives of General Psychiatry*, 45, 1023-1031.
- San, L. (2004). *Consenso de la SEP sobre patología dual*. Barcelona: Psiquiatría Editores.
- Sánchez, E. (2001). Trastornos adictivos y otros trastornos mentales. *Psiquiatría Biológica*, 8, 64-73.
- Santo-Domingo, J. y Rubio G. (2000). Trastornos psiquiátricos y alcoholismo. En: G. Rubio y J. Santo-Domingo (Eds.), *Guía práctica de intervención en el alcoholismo*. Madrid: Agencia Antidroga. Conserjería de Sanidad. Comunidad de Madrid.
- Swendsen, J.y Merikangas, K. (2000), The comorbidity of depression and substance usedisorders. *Clinical Psychology Review*, 20, 173-189.
- Terán, A., Casete, L. y Climent, B. (2008). *Guías clínicas Soci drog alcohol basadas en la evidencia científica: Cocaína*. Recogido el 30 de julio de 2008 en http://soci drog alcohol.psiquiatria.com/documentos/guia_cocaina_08.pdf
- Zimberg, S. (1996). Introducción y conceptos generales del diagnóstico dual. En: J.Solomon, S. Zimberg y E. Shollar (Eds.), *Diagnóstico Dual* (pp.21-40). Barcelona: Ediciones Neurociencias.

A AUTOESTIMA PERANTE A PRESENZA DE OBESIDADE INFANTIL: UN ESTUDO COMPARATIVO



María del Carmen Manzo Chávez

Profesora-investigadora de la Facultad de Psicología de la Universidad Michoacana de San Nicolás de Hidalgo, Morelia, Michoacán, México.

Contacto: melym_2000@yahoo.com.mx

Edaena Susana Espino Torres

RESUMO

Na presente investigación de tipo cuantitativo, realizouse un estudo non experimental e correlacional; mediuse a obesidade infantil e a autoestima, en 30 nenos obesos e 30 non obesos. O deseño da investigación foi transeccional descritivo, cunha mostraxe non probabilística, con suxeitos voluntarios aos que lles foi aplicada unha Ficha de identificación, o Inventario de Autoestima de Coopersmith – N, unha Entrevista e medidas antropométricas para determinar o IMC. Encontrouse que estatisticamente existe unha relación lineal entre a obesidade e a autoestima de forma significativa. Os datos amosan que a obesidade explica un 30.9% da autoestima e polo tanto, que un 69.1% da autoestima se encontra explicada por outros factores (situacións e sentimentos derivados da obesidade), así mesmo os nenos obesos teñen menor nivel de autoestima que os nenos non obesos. Conclúese que a obesidade infantil ten repercusións psicolóxicas no neno obeso afectando á súa autoestima, á súa saúde mental e por suposto, á súa saúde física. Ademais a autoestima vese afectada polo tipo de obesidade.

Palabras chave: Autoestima, obesidade infantil, repercusións psicolóxicas

ABSTRACT

Childhood obesity may have detrimental consequences for childhood self-esteem, the prevalence and magnitude of this problem is controversial. In addition, the social and emotional effects of decreased self-esteem in obese children haven't been very well understood. In the present research of self-esteem and obesity a descriptively, transactional and correlational study was realized. The childhood obesity and self-esteem were measured by the Card of identification, the Inventory of Coopersmith's Self-esteem- N, an interview and corporal measures to determine the MCI. The observation was made on a group of 30 voluntary children whom suffer of overweight and 30 healthy children. It was found that there is a significant linear statistical relation between obesity and self-esteem. On quantitative analysis data was displayed that obesity variable explained a 30.9% of self-esteem variable. Although, 69.1% of self-esteem variable was explained for another variables such as feelings and contextual situations which coming from obesity. It was realized that children suffering obesity have lower levels of self-esteem than those in control group of healthy children. Conclusion: childhood obesity has psychological repercussions affecting self-esteem, mental and, certainly, physical health. It is important to keep up studies in this matter on Mexican children population.

Key words: *self-esteem, childhood obesity, psychological repercussions.*

Autoestima

Moitos son os autores que falan da autoestima; neste estudo consideráronse as definicións de Coopersmith (citado por Verduzco e cols., 1994), que a define como aquela avaliación máis ou menos estábel que o individuo fai de si mesmo, a cal expresa unha atitude de aprobación ou desaprobación, e indica o grao en que o individuo cre en si mesmo para ser capaz, productivo, significativo, exitoso e valioso. Segundo Triujeque (citado por Alanis, 2005), é a autoavaliación positiva ou autoimaxe da persoa. Refírese a como nos sentimos con nós mesmos, é a incapacidade de sentirse ben, gustarse, ser gustado e tratado ben, sentirse exitoso, capaz e confortábel ao influír nos demais. Segundo Harter (citado por Papalia e cols., 2001), os nenos non poden articular un concepto de valor propio até aproximadamente a idade de 8 anos.

A formación da autoestima está estreitamente ligada ao trato que recibe o neno no núcleo familiar, segundo Coopersmith (citado por Verduzco e cols., 1994). Corkille (citado por Salceda, 2006), sinala que nos primeiros meses de vida o neno constrúe a súa propia imaxe de si mesmo, mediante os sentidos, a linguaxe, a forma en que o tratan.

Durante los primeiros 5 ou 6 anos a autoestima quedará conformada case exclusivamente pola súa familia (Satir, 2002).

Coopersmith (citado por Verduzco e cols, 1994), sinala que a autoestima se observa en diversas áreas: A Autoestima persoa, a autoestima académica, a autoestima familiar e a autoestima social. Ademais, caracterizou a autoestima en tres niveis: Alta, media e baixa.

A obesidade infantil

A obesidade é o incremento de peso ocasionado por un aumento no almacenamento de enerxía como tecido adiposo. É unha doenza metabólica, determinada pola interacción de numerosos factores, principalmente xenéticos e do medio ambiente (desbalance inxestión gasto/enerxético, consumo de calorías sumado a unha vida sedentaria (Guido, 2006).

En México, 1 de cada 4 nenos entre 5 e 11 anos de idade ten exceso de peso ou obesidade, segundo o Inquérito Nacional de Coberturas do Instituto Mexicano do Seguro Social (IMSS) (2008). Desta maneira, México sitúase en primeiro lugar a nivel mundial de infantes con obesidade. A rexión norte do país é a máis afectada cun 35.31% da poboación infantil con obesidade, na rexión central a prevalencia é de 24.1%, na rexión sur de 23.7% e na zona metropolitana de 21.9% (Castro e Godínez, 2003). Pola súa parte, o INEGI (2005) e o Hospital Infantil “Eva Sámano de López Mateos”(2005), sitúan a obesidade infantil no 7º lugar como causa de mortalidade en nenos de 5 a 11 anos.

Polo que respecta á incidencia familiar da obesidade, Mayer (citado por De Ajuriaguerra, 2001), encontrou que o 10% dos nenos cuxos pais teñen un peso normal presentaron exceso ponderal, contra o 40% de aqueles onde un dos pais é obeso e o 80% de aqueles cuxos pai e nai padecen esta doenza.

Tipos de obesidade

Existen varias clasificacións da obesidade, neste caso considerouse a clasificación de acordo co índice de masa corporal (IMC) segundo Casanueva, Kaufer, Pérez e Arroyo (2001):

- Obesidade Tipo I. Exceso de graxa corporal en todo o corpo, ou chamada tipo Ovoide.
- Obesidade Tipo II. Exceso de graxa localizada en tronco e abdomen chamada Androide ou tipo Mazá.
- Obesidade Tipo III. Exceso de graxa en abdomen.
- Obesidade Tipo IV. Exceso de graxa en glúteos e cadeiras, chamada Xinecoide ou tipo Pera.

Para a poboación mexicana, de acordo co Censo Nacional de Obesidade (Castro e Godínez, 2003), débense considerar os seguintes criterios:

- Exceso de peso, $IMC = 25-26 \text{ kgs/mts}^2$.
- Obesidade, $IMC = 27-30 \text{ kgs/mts}^2$.
- Obesidade grave, $IMC = 31-34 \text{ kgs/mts}^2$.
- Obesidade mórbida, $IMC = (=/+)45 \text{ kgs/mts}^2$.

Causas e consecuencias da obesidade infantil

A obesidade é o resultado do consumo dunha cantidade de calorías maior das que o corpo utiliza e non é un transtorno de etiloxía simple, senón un conxunto de condicións heteroxéneas de causas múltiples, entre as que se encontran os seguintes factores xenéticos, ambientais, físicos, psicolóxicos, nutricios e sociais. (Arroyo, Casanueva, Kaufer- Horwitz e Perez-Lizaur, 2001):

Respecto aos factores psicolóxicos algunhas perturbacións emocionais relacionadas coa obesidade son: a ansiedade, culpa, frustración, depresión, sentimento de rexeitamento, vulnerabilidade, etc.

Un aspecto importante, é a subestimación do corpo, relacionada coa autoestima da persoa. A estrutura obesa brinda seguridade, protección, sensación e imaxe de fortaleza, por esta razón o suxeito fai todo o posíbel por conservala (Casanueva, Fernández e Rozado, 2005).

Por outro lado, o apetito é un fenómeno psicolóxico que asigna preferencias por certos alimentos; está determinado por aspectos como a cultura, as costumes e as vivencias previas. Deste xeito, o ser humano non escolle os seus alimentos con base á súa composición e valor nutricional, senón polo pracer que lle confire comer, polo que os alimentos actúan como satisfactores dunha necesidade hedonista (Esquivel e Martínez, 2005).

As consecuencias físicas que ten a obesidade durante a infancia teñen semellanza coas que se presentan na poboación adulta, entre elas problemas ortopédicos, cardiovasculares, arteriosclerose, diabetes, mellitus tipo II, alteracións metabólicas, etc. Os nenos con obesidade posúen unha pobre imaxe de si mesmos e expresan sensacións de inferioridade e rexeitamento.

Método

O método a seguir foi o seguinte:

O problema de investigación foi, ¿cal é a relación entre o nivel de autoestima e a obesidade no neno?

As Hipóteses nulas e alternas foron as seguintes:

H01: A autoestima e obesidade non están relacionadas linealmente.

HA1: A autoestima e obesidade están relacionadas linealmente.

H02: O nivel de autoestima do G1 é maior ou igual ao nivel de autoestima do G2.

HA2: O nivel de autoestima do G1 é menor ao nivel de autoestima do G2.

A variábel independente foi a obesidade infantil e a variábel dependente foi a autoestima.

O tipo de investigación foi cuantitativa; o tipo de estudo foi non experimental, correlacional e explicativo. O seu deseño de investigación foi transeccional descritivo.

A mostraxe foi non probabilística con suxeitos voluntarios de 2 escolas primarias públicas e un consultorio médico privado. Os suxeitos foron 30 nenas e nenos obesos (G1) e 30 non obesos (G2), entre os 8 e 12 anos de idade, de Morelia, Michoacán, México, dun nivel socioeconómico medio. Aos suxeitos fóronlles aplicados os instrumentos de medición: Ficha de identificación, Inventario de autoestima de Coopersmith-N para nenos, entrevista e IMC.

Resultados

O G1, estivo conformado por un 47% de nenas e un 53% de nenos, porén, o G2, estivo conformado por un 60% de nenas e un 40% de nenos.

No G1, o 3% ten obesidade mórbida, o 51% ten obesidade grave, o 23% ten obesidade e o 23% presentou exceso de peso, no entanto, do G2, o 67% estaba no seu peso ideal e o 33% presentou baixo peso.

Considerouse importante ademais das variábeis do estudo indagar sobre os seguintes aspectos: Do G1, o 37% estiveron a dieta e o 63% non. Do G2, o 17% estiveron a dieta e o 83% non.

Do G1, no 20% os pais son obesos, no 23% as nais son obesas, no 50% ambos pais son obesos (todos) e no 7% dos casos só eles (os rapaces) son obesos, así mesmo, do G2, no 20% a familia paterna son obesos, o 13% só o pai, o 23% a familia da nai, o 7% a nai é obesa, o 7% os irmáns son obesos, o 7% todos son obesos menos el e 23% ninguén na súa familia é obeso.

Con respecto ao nivel de autoestima dos grupos preséntanse na figura 1:




FIGURA 1. Nivel de autoestima por grupos.

Por outro lado, ao aplicar a Proba de Análise de Regresión Linear Simple, os resultados producen unha relación linear entre a obesidade e a autoestima de forma significativa. Os datos estatísticos amosan que o 30.9% da variación da autoestima é explicada pola variación do grao de obesidade. É dicir, que a obesidade explica un 30.9% e polo tanto, un 69.1% de autoestima encóntrase explicada por outros factores (presenza de síntomas de depresión, rexeitamento social, inhibición, entre outros).

De acordo coa ecuación de regresión obtense un -0.527 que indica, por un lado, que a relación entre as dúas variábeis é negativa, é dicir, por cada punto máis de obesidade diminúe medio punto a autoestima, polo tanto rexéitase a Ho1.

Segundo a proba de suma de rangos de Wilcoxon, o nivel de autoestima do G1 é menor ao nivel de autoestima do G2, polo tanto rexéitase a Ho2.

Así, nos suxeitos estudados existe unha relación entre a obesidade infantil e a autoestima xa que na medida en que se encontra presente a obesidade, a autoestima vai diminuindo considerabelmente.

Conclusiones

En México, como noutros países, a obesidade estase a converter nun problema de saúde pública, non só polas consecuencias físicas que ten senón polo impacto psicolóxico que ocasiona. No caso dos nenos as consecuencias psicolóxicas da obesidade inclúen dificultades psicosociais (discriminación, imaxe de si mesmo negativa, menos socialización, rexeitamento), problemas familiares, pobre desempeño en actividades deportivas e baixa autoestima, (Landa, 2004). O rexeitamento desencadea en actitudes antisociais, depresión, illamento e inactividade.

As consecuencias a curto prazo derivadas da obesidade serán as mofas e a marxinación, pero a repercusión psicolóxica que terá dependerá das características de personalidade previas do menor.

Os varóns sofren unha discriminación engadida porque acostuman ser torpes nos deportes, son os últimos elixidos nos xogos, creándolles inseguridade; no caso das nenas o exceso de peso incrementa o risco de sufrir transtornos da alimentación como anorexia ou bulimia.

Por isto, vense sometidos ou autosometidos a dietas estrictas e inapropiadas e, a maioría, sen ningunha supervisión médica, que supoñen riscos para a súa saúde. Tal como se encontrou nos suxeitos estudados o 37% dos nenos obesos estiveron a dieta pero sen a supervisión dun especialista. Do G2, a pesar de ser nenos delgados o 17% estivo a dieta xa que consideran que son obesos e da mesma maneira que no G1 a dieta é sen supervisión.

Os resultados amosaron que o 30.9% da variación da autoestima é explicada pola variación do tipo de obesidade e o 69.1% por situacións derivadas da obesidade coma o rexeitamento social e a inhibición, e situacións alleas á obesidade como a violencia familiar, abandono do pai, separación ou divorcio dos pais, pobreza, pais con baixa autoestima, migración do pai e sobreprotección da nai, situacións que coinciden co que menciona Salceda (2006).

Segundo este estudo os nenos obesos teñen menor autoestima que os non obesos coincidindo coas informacións de Landa (2004).

Por outro lado, o papel da familia é esencial no control da obesidade, xa que non se debe esquecer que existe unha carga xenética que a ocasiona. No caso dos suxeitos do G1 (obesos) só no 7% non había antecedentes familiares con este padecemento, a diferenza do 23% en que non había presenza de obesidade no G2 (non obesos). Isto implica ademais patróns de alimentación e sociais que fomentan a obesidade no neno. En canto á tarefa dos pais no control da autoestima, estes deben resaltar e recoñecer os logros dos seus fillos, proporcionar un trato adecuado e aceptar ao neno coas súas cualidades e defectos (Coopersmith, citado por Verduzco e cols. 1994).

Bibliografía

- Alanis, K. J. (2005). *La influencia de los estereotipos de belleza que presentan los medios de comunicación en la formación de la imagen corporal en las adolescentes*. Tese de licenciatura. Faculdade de psicologia. México: UVAQ.
- Casanueva, E., Kaufer, M., Pérez, A.B., Arroyo, P. (2001). *Nutriología médica*. México: Panamericana.
- Casanueva, E., Rozado, G., Fernández, D. (2005). Obesidad y pobreza. *Cuadernos de nutrición*. México: *Fomento de nutrición y salud*, 2, 69-76.
- Castro, G., Godínez, S.A. (2003). Obesidad. *Revista de la Asociación de Medicina Interna de México*, 1, 2-20.
- De Ajuriaguerra, J. (2001). *Manual de psiquiatría infantil*. Barcelona: Masson.
- Esquivel, R., Martínez, S. (2005). *Nutrición y salud*. México: Manual Moderno.
- Guido, V. (2006). Obesidad. México. Recollido o 15 de novembro de 2007. <http://www.invianela.com>
- Landa, M. (2004). Obesidad infantil. Aumenta de forma alarmante en los países occidentales en los últimos 15 años. España: Recollido o 10 de novembro de 2007
http://www.consumer.es/web/es/salud/problemas_de_salud/2004/10/05/109880.php
- Ocupa México primer lugar en niños con sobrepeso: IMSS. (2008). El Nacional. México. Recollido o 26 de febreiro de 2009. <http://www.sipse.com/nota.php?id011158>
- Principales causas de morbilidad y mortalidad. (2005). México: Hospital Infantil Eva Sámano de López Mateos. Recollido o 15 de outubro de 2007. <http://www.ssa.org.mx>
- Papalia, D., Wendkos, S., Duskin, R. (2001). *Psicología del desarrollo*. Colombia: Mc Graw Hill.
- Salceda, M. E. (2006). *El impacto de la autoestima en el desempeño escolar en niños preescolares*. Tese de licenciatura. Faculdade de psicologia. México: UVAQ.
- Satir, V. (2002). nuevas relaciones humanas en el núcleo familiar. México: Pax México.
- Verduzco, M. A., Lara, M. A., Acevedo, M., Cortés, J. (1994). Validación del inventario de Autoestima de Coopersmith para niños Mexicanos. *Revista Intercontinental de psicología y educación*, 2, 55-63.

TRANSTORNOS DO COMPORTAMENTO ALIMENTARIO EN SUXEITOS XÓVENS CON DM TIPO I: Avaliación psicolóxica da violación da dieta como condición que mantén a non adherencia terapéutica



Miramontes Fandiño, Minia M^a; López Viéitez, Amil;

Vaamonde Liste, Antonio

Departamento de Biología Funcional y Ciencias de la Salud. Programa

Endocrinología

Universidad de Vigo

RESUMO

Este artigo presenta unha aproximación multiaxial ao comportamento de Violación da Dieta en xóvens diabéticos tipo I. Os obxectivos do noso traballo son: (1) Determinar se pacientes con DM I con Transtorno Alimentario (TA) por control de peso presentan maior elevación na Hemoglobina glicosilada (Hb 1Ac) que aqueles que incumpren a dieta por outros factores. (2) Observar se suxeitos con Educación Diabetolóxica (ED) seguen mellor a dieta que os informados. (3) Analizar se a ED mellora a Autoeficacia. Despois dunha análise de 20 individuos encontramos que: (1) O incumprimento da dieta por calquera motivo eleva a Hb 1Ac. (2) Os suxeitos con ED non seguen mellor a dieta que os Informados. (3) Non detectamos relación significativa entre ED e Autoeficacia, aínda que si mellor coñecemento da doenza.

Palabras chave: Autoeficacia, Diabetes Mellitus, Bio-psico-social, Violación Dieta, Transtorno Alimentario, Educación Diabetolóxica.

ABSTRACT

This article illustrates a brief summary about the behaviour of breach of the Diet in type I Diabetic young people. The objectives of our research were: (1) To determine if patients with DM I with Eating disorders for control of weight present major elevation in the Hb 1Ac that those that break the diet for other factors. (2). To observe if subjects with Trained in Diabetes follow better the diet than those only informed. (3). To analyze if trained in Diabetes improves the self efficacy. The breach of the diet for any motive raises the Hb 1Ac. The subjects with training in diabetes do not follow better the diet than the informed ones. A significant relation is not demonstrated among trained in diabetes and self efficacy, though if better knowledge of the disease.

Key words: Self Efficacy, Diabetes Mellitus, Biopsychosocial Model, Breach in Diet, eating Disorder, trained in diabetes

Introdución

A *Diabetes Mellitus tipo I* (DM 1) é unha doenza endócrina, de inicio habitualmente na infancia ou adolescencia, que esixe do paciente un control crónico dos niveis de glicosa en sangue, o control de insulina, exercicio moderado e o seguimento dunha dieta coherente.

Estímase que a terceira parte dos adolescentes con DM 1 sofren transtornos adaptativos á doenza e *Non Adherencia Terapéutica*. Ademais, é a faixa etária onde están instauradas as condutas propias do Transtorno Alimentario (TA) (Salvador Ortiz, M. 2004).

O TA provoca incumprimento da dieta, o que se traduce nunha elevación da hemoglobina glicosilada (Hb 1Ac).

Clasicamente, a Psicología Clínica, centrou a súa atención en criterios psicodiagnósticos de Transtorno do Comportamento Alimentario (TCA), sen atender ao contexto global (modelo bio-psico-social) desde onde se observa o TA como unha Conduta de Violación da Dieta de orixe diversa; e que como conduta desadaptativa terá repercusións na hemoglobina glicosilada.

Por iso, perante a falta de Adherencia ao Tratamento por un TA en individuos con DM 1, actúase psicoterapeuticamente en base a criterios do DSM-IV para un TCA.

O Modelo Bio-psico-social que propoñemos trata de abarcar a heteroxeneidade do suxeito con TA.

Esta abordaxe da doenza permite valorar en contexto os aspectos biolóxicos, psicolóxicos, sociais e culturais das doenzas.

TÁBOA 1: Variábeis que contemplamos para o modelo bio-psico-social

Variábeis Biolóxicas	Xenética
	Funcionamento fisiolóxico
	Estrutura
	Afectacións externas/internas
Variábeis Psicolóxicas	Repertorios verbais
	Crenzas
	Conceptos de saúde/doenza
	Hábitos de vida
	Repertorio emocional
Variábeis Sociais	Interaccións persoais
	Interaccións grupais/familiares
	Contexto comunitario
	Contexto Cultural
	Contexto macrosocial

A Doenza Crónica ha de ser observada funcionalmente (Modelo Contextual ou Teoría Funcional: Contexto, Conduta, Consecuencia,) como unha conduta ligada a contextos e susceptible de mudanzas de natureza contextual e dinámica.

Despois dunha óptima adquisición de Autoeficacia (*Bandura, 1977*) no control da doenza, ao inicio na afección endócrina, esta pode variar segundo contexto, condutas e continxencias internas ou externas (*Van Der Ven, N. et al, 2003*)

Dado que desde o Modelo de Bandura (*Bandura, 1978*) en Crenzas sobre a saúde, se lle outorga un valor intrínseco ao Constructo Autoeficacia como paradigma da adquisición da Adherencia Terapéutica. Tomando a Autoeficacia como unha Variábel Dependente (VD) das condutas que a conforman.

TÁBOA 2: Proposta multiaxial avaliación Autoeficacia en DM I.

MEDIA DE Hb 1Ac	Media dos 4 últimos valores	
VIOLACIÓN DIETA	NON	FACTORES: Sociais. Recomendación outros. Persoais
	SI	FACTORES: Situacionais. Fame. TCA. Ánimo +/- Tentación. Sociais. Provocación de outros. Sociais.
	Autoinculpación	Si/non
	Reacción compensatoria	Nula. comer menos. Insulina. Exercicio.
Complicación. medicas	SI/NON	
ACTITUDE PERANTE DOENZA	Veces de Medición glicosa semanal. Veces medición glicosa por día. Cren coñecer a doenza. Cren ser Eficaces. Cren levar ben a dieta. Realizan exercicio.	
ESTABILIDADE EMOCIONAL	Condutas TCA. Control/Omisión Insulina. Ruminacións. Comprobacións. Rituais. Depresión/ansiedade síntomas.	
PREDICCIÓN DO NGS	Predicción real/estimada. Nivel real de Glicosa. Diferenza.	
EFICACIA	Impresión Clínica Entrevistador	Si/non

A novidade no noso plantexamento estriba nun deseño da VD que permite observar a conduta xeral do paciente perante a terapéutica global, condutas que nos permiten entroncar co Modelo Contextual (posterior a Bandura) e considerar estas condutas terapéuticas como sinais externos. O coñecemento e control por parte do paciente destes aspectos deberíalle permitir a estimación do seu nivel de glicosa en sangue (NGS) cando ningún tipo de análise clínico esta dispoñíbel como fin último (*Gil Roales-Nieto, J. 1990*).

Obxectivos

- 1) Determinar se os pacientes con DM 1 con TA por control de peso presentan maior elevación na Hb 1Ac que aqueles que incumpren a dieta por outros factores.
- 2) Observar se os suxeitos con Educación Diabetolóxica (ED) seguen mellor a dieta que aqueles que só son informados.
- 3) Analizar se a ED mellora a autoeficacia do paciente.
- 4) Demostrar que a abordaxe clínica perante a Violación da Dieta se debe realizar como unha conduta función dun contexto.

Variábeis de estudo

Alén dos datos sociodemográficos que caracterizan a nosa mostra, estúdase a Autoeficacia como unha variábel dependente (VD), para iso e desde O Modelo contextual (TÁBOA 2), recóllense datos sobre as condutas que afectan á adherencia terapéutica, co fin de que unha vez coñecidos se poida actuar sobre eles.

A Hb 1Ac é a outra VD aínda que no caso da Autoeficacia funcione como un dato máis que a define.

Instrumentos

EDI 1: Inventario de Transtornos da Inxestión.

EADG: Escala de depresión/Ansiedade de Goldberg.

Criterios diagnósticos do Manual Diagnóstico e Estatístico dos Transtornos Mentais (DSM-IV) e na Clasificación Internacional de Enfermidades (CIE-10): Anorexia nerviosa, F50.0 (307.1) e Bulimia nerviosa F50.2 (307.51).

Deseño do estudo. Mostra

Para realizar unha análise comparativa da actuación en Saúde Mental entre o Marco Contextual e o modelo utilizado na actualidade e ao no existiren estudos publicados sobre a

incidencia da Violación da Dieta desde o punto de vista condutual radical, tomáronse dúas mostras de 10 suxeitos cada unha:

GRUPO A: 10 suxeitos que acoden a un consultorio de Diabetes onde reciben educación e instrución diabetolóxica e son tratados multiaxialmente sen cambio de profesionais.

GRUPO B: 10 suxeitos que acoden un consultorio con rotación de profesionais onde simplemente reciben información sobre Diabetes.

Os pacientes do grupo B, perante unha sospeita de TCA, son remitidos ao departamento de Saúde Mental do centro onde son tratados como suxeitos con TCA como única actuación; mentres que no grupo A, perante calquera incumprimento da dieta, o paciente será tratado por un equipo multidisciplinar alén dos facultativos de saúde mental expertos en Diabetes, que intercambiará información e implicará á familia do suxeito.

Hipóteses

Presuponse ao grupo A, con educación diabetolóxica: (a) maior porcentaxe de suxeitos xóvens diabéticos autoeficaces, é dicir mellor adheridos á dieta; (b) en caso de que algún destes individuos Violan a Dieta, unha menor elevación da Hb 1Ac dado o maior coñecemento sobre a doenza, que o levará a realizar condutas compensatorias como exercicio e incremento de insulina.

Por outro lado, dada a repercusión que ten un TCA sobre a doenza, a presenza desta conduta repercutirá en Hb 1Ac máis elevadas.

Procedemento

Estudo descritivo transversal con análises de casos e controis.

Resultados

TÁBOA 3: Variábeis antropométricas


VARIÁBEIS ANTROPOMÉTRICAS	GRUPO A	GRUPO B
Homes	2	2
Mulleres	8	8
TCA	4	2
Media de idade	30	30
IGC promedio	23	32
Anos evolución promedio	16,1	16,4

TÁBOA 4: Resultados de Hb 1Ac, Suxeitos que violan a dieta, factores que inflúen e grao de Autoinculpación

	A	B		A	B
Hb 1Ac promedio	9,37	9,53			
Cantos: Violación da Dieta	8	7	Factores que inflúen		
Ás veces	1	0	Provocación de outros	0	0
Frecuente	2	3	Sociais	6	3
Cotidiano	5	4	Situacionais	8	6
			Fame	6	6
Cantos: violan dieta se TCA	4	5	Ánimo positivo	4	3
Autoinculpación entre 0-4	1,3	1,8	Ánimo negativo	6	6
Sen reacción compensatoria	0	2	Tentación polo alimento	6	6
Insulina	8	4	TCA	4	2
Comer menos	5	5			
Exercicio	2	3			

O incumprimento da dieta eleva a Hb 1Ac, de forma similar tanto se é por desexo de adelgazar ou provocado por factores contextuais ou bio-psico-sociais.


TÁBOA 5: Media de Hb 1Ac por grupo



TÁBOA 6: Actitude perante a doenza. Estabilidade Emocional

COMPLICACIÓNS MÉDICAS Si: 6/4 Non: 4/6 ACTITUDE FRONTE Á DOENZA promedio medición glicosa semanal 0-7 diario 0-3 Promedio exercicio entre 0-3					
	5,2	4,7	cren coñecer entre 0-3 pro.	2,1	2,2
	1,9	2,3	Nº crente Eficaces	7	6
	1,4	0,9	Nº cren levar ben a dieta	4	4
			Control/omisión insulina		
ESTABILIDADE EMOCIONAL condutas TCA AN BN TCNE Ruminacións					
	4	2	Nº controlou	5	1
	0	0	Nº omitiu	3	1
	1	0	Comproba./rituais promedio	0,6	0,7
	3	2	Nº suxeitos con síntomas:		
	7	7	Ansiedade	4	6
			Depresión	5	6
GRUPOS	A	B		A	B

Non se puido demostrar unha relación significativa entre a ED e a Autoeficacia, o cal reforza a Tª Funcional fronte ao proposto polo Modelo de Bandura: *As Crenzas en Saúde prognostican boa Adherencia*. Aínda que os individuos que presentan un mellor coñecemento da súa doenza e educación diabetolóxica obteñen niveis inferiores de Hb 1Ac, con respecto aos suxeitos que só recibiron información.

TÁBOA 7: Estimación de NGS, nivel real e Diferenza.


As teorías contextuais acertan á hora de atribuír á aprendizaxe sobre o control dos sinais externos (dieta, insulina, exercicio, medición de glicemia) un efecto precursor da NGS próximo ao real.

Conclusións

A abordaxe psicolóxica do xoven diabético cun Transtorno Alimentario debe realizarse desde un contexto global e heteroxéneo, non atendendo a criterios psicopatolóxicos, xa que a consecuencia do incumprimento dietético xa por adelgazar xa por factores bio-psico-sociais, incide de igual forma sobre a Hb 1Ac.

A Autoeficacia perante a doenza non parece ser consecuencia da Educación do paciente diabético. Aínda que perante a verbalización de maior coñecemento si parecen observarse condutas máis adherentes.

Bibliografía

- American Psychiatric Association (2000). Diagnostic and Statistical Manual of Mental Disorders (4th Edition). Washington, D.C.: American Psychiatric Association.
- Bandura, A. (1977). Self-efficacy: Toward a Unifying Theory of Behavioral Change. *Psychological Review*, 84, 191-215.
- Bandura, A. (1978). Reflections on Self-efficacy. *Advances in Behavior Research and Therapy*, 1, 237-269.
- Gil Roales-Nieto, J. (1990). Programas de Educación en Diabetes. En A. Polaina Lorente, *La Diabetes*. Barcelona: Ed. Martínez Roca. Pp.162-200.
- Salvador Ortiz, M. (2004). Factores Psicológicos y Sociales Asociados a la Adherencia al Tratamiento en Adolescentes Diabéticos tipo 1. *Psyke*, 13, 21-31.
- Van Der Ven, N. et als (2003). The Confidence in Diabetes Self-care Scale: Psychometric Properties of a New Measure of Diabetes-specific Self-efficacy in Dutch and U.S. Patients with type 1 Diabetes. *Diabetes Care*, 26, 713-9.

AMIGOS IMAXINARIOS, PSICOSES E IDENTIDADE MÚLTIPLE



Delia Guitián Rodríguez

Psicólogas Clínicas. Complexo Hospitalario Xeral-Calde, Lugo

Adalberto Iglesias Doval

Psicólogo Interno Residente. Complexo Hospitalario Xeral-Calde, Lugo

RESUMO

Realizamos unha revisión sobre os amigos imaxinarios para tratar de aclarar o seu papel en dous casos clínicos. Partimos das funcións dinámicas dos amigos imaxinarios que serían as que dan sentido á aparición deste. O estudo dos nenos con e sen amigos imaxinarios conclúe que o que diferenciaría a uns doutros sería a creatividade e non a capacidade de discriminar entre o real e o imaxinario. Se se perde esa capacidade de discriminación chegamos ao ámbito da psicopatoloxía: a voz dos amigos imaxinarios convértese en alucinacións auditivas, ou o amigo imaxinario adquire o seu propio espazo na identidade múltiple dando unha posibilidade de expresión a partes dun mesmo, da personalidade, que non son aceptábeis pola sociedade ou polo propio individuo. Presentaremos dous casos nos que o amigo imaxinario dá lugar a dous cadros psicopatolóxicos, un episodio psicótico e un transtorno de identidade disociativa.

Palabras chave: Amigo imaxinario, psicoses, identidade disociativa, creatividade.

ABSTRACT

We carried out a review on imaginary companions in order to clarify their role in two clinical cases. We started off from the dynamic functions of the imaginary companion because it is these functions which justify his/her appearance. The study about the children with and without imaginary companions concludes that the difference between the former and the latter would be their creativity rather than their capacity to discern between what is real and what is imaginary. If this capacity is lost we may be entering the range of psychopathology: either the imaginary companion's voice turns into auditory hallucinations, or the imaginary companion takes his/her own space within the multiple identity thus opening an outlet to parts of the self, of the own personality, which are neither acceptable to society nor to the individual himself. We will present two cases in which the imaginary companion is the cause of two psychopathological manifestations, a psychotic episode and a multiple identity disorder.

Key words: Imaginary companion, psychosis, multiple identity, creativity.

A aparición dun amigo imaxinario é unha experiencia frecuente e completamente normal na infancia. A definición máis utilizada na maioría de investigacións é a de Svendsen (1934): un amigo imaxinario é “un personaxe invisíbel, ao que se refire e se nomea na conversación con outras persoas, ou co que directamente se xoga durante un período de tempo, polo menos varios meses, tendo un aire de realidade para o neno, mais sen que se observe ningunha base obxectiva”. Exclúe aquel tipo de xogo imaxinativo no que un obxecto é personificado, ou no que o propio neno asume o rol de algunha persoa do seu entorno”. Estes AI son personalidades relativamente estábeis que son frecuentemente incluídos nas rutinas diarias do neno e toman diferentes formas, humana ou animal, personaxes de televisión, xoguete...

Os AI, do mesmo xeito que o xogo fantástico, pódense considerar como unha figura que axuda ao neno a assimilar e explorar novas experiencias, exercendo un papel mediador que o axuda a controlar a relación entre a vida mental e o mundo real, facilitando o desenvolvemento cognitivo e emocional.

Os AI deben cumprir algunha función dinámica para o neno en idade preescolar que explique a aparición dos mesmos (Nágera, 1969). Serían estas funcións as que dotarían de sentido ao fenómeno. Os nenos, xunto cos seus AI teñen un espazo e unha oportunidade para satisfacer os seus anhelos e desexos, en xeral, nesas instancias poden satisfacer algunhas necesidades presentes no seu entorno habitual. Así mesmo, poden imbuír a este personaxe coa función dun super-eu auxiliar que axude ao neno na contención de condutas non aceptadas ou impulsos desadaptativos, instruindo ao neno, recriminando e reprochando. Este amigo pode servir tamén como vehículo para a expresión de condutas “revoltosas” ou prohibidas que o neno interiorizou das prohibicións ou temores dos pais.

As situacións que son vivenciadas polo neno con sentimentos de soidade ou abandono poderían motivalo a crear estes AI. Neste sentido ten especial relevancia a posición que ocupa o neno na constelación familiar, xa que esta pode facilitar ou dificultar o feito de que estes sentimentos aparezan. Non parece casual que o surximento de AI se dea principalmente en primoxénitos e en nenos que non tiñan irmáns nese momento. Esta situación carencial ou de soidade non tería por que estar tan presente nun irmán menor, xa que os xogos serían compartidos co seu irmán maior, e estes últimos teñen maior facilidade para iniciar, suxerir e crear situacións de xogo.

Un dos compoñentes máis relevantes na socialización e o desenvolvemento da personalidade do neno é a interacción con iguais, cando esta está ausente ou é deficitaria a creación dun amigo imaxinario parece que trata de suprimir esa falta, tendo polo tanto oportunidade de practicar e desenvolver habilidades sociais e lingüísticas que doutro xeito serían difíciles de adquirir nun ambiente composto basicamente por adultos. (Manosevitz et al. 1973).

O feito de que a grande maioría de nenos con AI deixen de interactuar con el cando se encontra en contacto con outros nenos parece apoiar o anterior. Da mesma maneira, tamén é

lórico pensar que se esa necesidade non se ve cuberta, e persisten os sentimentos de abandono e soidade, tamén persista no tempo a presenza do amigo imaxinario máis do esperábel.

Os traballos realizados neste campo parecen indicar que os nenos con e sen AI non se diferencian en canto á súa capacidade de discernir entre creacións fantásticas e realidade. Porén, si habería diferenzas noutros aspectos, como unha maior facilidade por parte dos nenos con AI para iniciar xogos fantásticos, unha maior tendencia a involucrarse nas actividades familiares e posuír unha capacidade creativa máis exacerbada (Taylor, Cartwright e Carlson. 1993)

Se ben antes tratábase de explicar a necesidade ou función que exercería a presenza do amigo imaxinario e qué dotaría de sentido ao mesmo, tamén se precisa algo que o substance, que lle dea corporeidade. Isto parece estar a cargo da creatividade, serían as diferenzas en canto á creatividade as que, en última instancia, permiten a uns nenos a creación dun amigo imaxinario e a outros non.

O grao de creatividade determinará até que punto o amigo imaxinario adquire unha corporeidade que o vai diferenciando desa voz interior que cumpre as mesmas funcións de reproche ou super-eu, de expresión do prohibido, ou até de compañeiro e axuda. A creatividade tamén determinará a maior ou menor riqueza de matices que ese amigo ou mundo imaxinario vaian cobrando.

Como dicíamos, os nenos con AI non teñen problemas á hora de distinguir entre a realidade e a súa propia creación fantástica (é máis, hai estudos que os sinalan como máis hábiles á hora de controlar obxectos imaxinarios á hora de realizar xogos de simulación); é neste punto onde, en caso de que se perda ese xuízo de creación fantástica, ese xuízo de irrealidade do amigo imaxinario, así como do sentido de propiedade sobre o mesmo, é cando entramos de cheo no ámbito da psicopatoloxía: seguindo a clasificación clásica de Henry Ey estaríamos xa dentro das alucinacións verdadeiras, que se rexistrarían no espazo exterior do suxeito, terían unha existencia obxectiva e serían unha realidade evidente para el mesmo. A voz dos AI convértese en alucinacións auditivas, ou o amigo imaxinario adquire o seu propio espazo na identidade múltiple, dando unha posibilidade de expresión a partes dun mesmo, da personalidade, que non son aceptábeis pola sociedade ou polo propio individuo.

A pesar de que o surximento de AI se considera como un fenómeno normal no desenvolvemento dun infante, e en ningún caso predice a aparición de psicopatoloxía futura, están presentes con moita frecuencia en suxeitos que desenvolven trastornos de personalidade múltiple e a miúdo persisten ao longo da adolescencia tardía e a idade adulta. Tamén é característico o feito de que os AI se fagan máis presentes en situacións nas que hai un estrese social e emocional importante a diferentes niveis.

Seguindo a perspectiva da teoría dos catro factores no desenvolvemento da personalidade múltiple, un neno con tendencia á disociación e cun amigo imaxinario, que sofre malos tratos ou abusos por parte dun adulto, se ademais esa persoa é un familiar, ou ben o coidador do neno non

se dá conta do acontecido ou non responde dun xeito adecuado á situación; o neno podería desenvolver unha personalidade, baseada no amigo imaxinario, para encapsular a experiencia de abuso, desenvolvendo ben unha personalidade intropunitiva, baseada no abusador e utilizando para tal o mecanismo de identificación co agresor, ou ben unha personalidade protectora (coidador). Durante un período de tempo, os sentimentos desencadeados polo abuso e outras experiencias relacionadas con el, tamén poden organizarse en personalidades.

Unha vez establecido este patrón defensivo que se desfaría do material perturbador de forma rápida e eficaz, vaise empregar como vía de afrontamento doutras experiencias desagradábeis máis habituais. Co paso do tempo este patrón pode adquirir unha certa autonomía, volvéndose cada vez máis desadaptativo (Kluft, R.P.1987).

Caso 1

Manuel é un home de 46 anos, con retraso mental leve. Di que ten un amigo que está na súa cabeza, na súa imaxinación, leva con el desde os 15 anos. Este amigo chámase Marcos, ten 42 ou 43 anos, é un home moreno, con moita musculatura e ten os ollos azuis. Algunhas veces está dentro del e noutras ocasións veo como a calquera persoa real. Marcos fálalle polo cerebro e ás veces toma posesión do corpo de Manuel. Nestas situacións fai cousas por medio de Manuel, cousas que Manuel fai con dificultade Marcos fainas moi ben (ler, escribir, debuxar). Marcos tamén pode tocar a Manuel e algunhas veces dálle a man. Comparten actividades como lanzar frechas cun arco que fan con ramas, pescar, xogar polo monte e, por suposto, Marcos sempre lle gana e faino todo mellor que Manuel, é todo un modelo de competencia.

Mais non todo é bo na relación entre estes amigos. Cando Marcos se enfada non deixa tranquilo a Manuel, insúltalo e ameázalo ou ben marcha e deixa de falarlle. A peor cara de Marcos aparece con algunhas ordes que dá a Manuel, mandoulle aforcarse, díxolle que cortara as veas e inclusive que se autoinculpara dun asasinato que non cometera como castigo á nai de Manuel despois dunha discusión entre ambos. Outra forma máis sutil de facer dano a Manuel é a través dos retos e demostracións (a ver quen bebe máis whisky, “mira a min non me pasa nada”, dille desde a estrada entre os coches ou no medio do río...).

Marcos e Manuel mantiveron a relación en secreto durante moitos anos, até que de forma un tanto casual Manuel empeza a falar dela. O que transcendeu desta amizade aos coñecidos de Manuel é interpretado como que fala só e ouve voces desde neno.

Rapidamente pensamos nas alucinacións (visuais, auditivas e táctiles), así como nas ideas delirantes de control. Cando exploramos estes síntomas en profundidade, vemos que nunca se mantén o xuízo de realidade, sempre están contextualizadas nesa relación que mantén co “amigo que está na miña cabeza, na miña imaxinación” (sic.). Manuel sabe que os demais non podemos ver nin ouvir a Marcos coma el, porque non é real. Pero o que si fai é chamalo. Logo duns segundos de concentración, dobrado sobre si mesmo, chamando a Marcos, Manuel vólvese

incorporar; a súa expresión facial mudou, a postura, a motórica xeral e até o ton de voz son claramente diferentes: “eu non son Manuel, son Marcos”, dinos. Desgrazadamente non puidemos, ou non soubemos iniciar unha conversación con Marcos, con esta nova identidade de Manuel.

A historia de Manuel e a súa familia é unha historia triste, con dificultades económicas, sociais e familiares. Primos de Manuel que falecen de forma traumática durante a infancia, outros que van e veñen dunhas temporadas para outras, a emigración da súa nai como temporeira, o abandono do seu pai... A súa soidade era patente desde a infancia, e no contexto da súa adolescencia compréndese facilmente a conduta suicida. O único que nunca abandonou a Manuel foi Marcos, tamén é el quen o exime de responsabilidades cando entra en terreos prohibidos.

Caso 2

Desde pequena, Ana, foi creando un mundo imaxinario, con AI que van cambiando e medrando con ela. Relaciónase pouco cos outros nenos da súa idade, entretense e divírtese ela soa. A medida que se vai facendo maior faise consciente de que no plano real non está “vivindo” e aos 20 anos decide abandonar o seu mundo imaxinario. Inicialmente séntese ben, eufórica, describe a diferenza entre as percepcións imaxinarias e as reais que van gañando en intensidade, os seus sentidos agudízanse e finalmente acaba presentando ideas delirantes de prexuízo e alucinacións auditivas. Cada vez que intentou deixar o seu mundo imaxinario apareceron a euforia e a hiperestesia, polo que Ana decide retomalo.

Xa cumpriu 28 anos e pídenos axuda para poder deixar o mundo imaxinario. O seu mundo servíalle para resolver todos os problemas que tiña na vida real; non hai confusión entre o real e o imaxinario. Unha vez situada no real encóntrase con que non se coñece a si mesma. Utiliza os amigos reais como facía cos imaxinarios: falaban entre eles para tomar decisións. Os AI eran representacións do seu discurso interno, coherentes entre eles. Agora substitúe o discurso interno coas conversas reais, o que a deixa nunha situación de constante inseguridade.

Cada un dos seus AI representaba unhas características que pouco a pouco vai integrando prescindindo do personaxe. Un deles é infantil, fai bromas, séntese a gusto e non lle dá vergoña aínda que os demais se rin del. Unha das rapazas é guapísima pero valora á persoa máis aló da aparencia. Hai outro rapaz que é capaz de decidir sen darlle voltas ás cousas, deixando a un lado as preocupacións. Outra das rapazas é a que fai as análises racionais de cada situación, e unha máis que lle vai facendo mofas á anterior para desdramatizar...

O máis difícil desta tarefa é a nostalxia. Ten saudades dos seus amigos, hai tempo que non os ve.

Bibliografia

- Ames, L.B. (1946). Imaginary companions and related phenomenon. *Journal of Genetic Psychology*, 69, 147-167.
- Bach, S. (1971). Notes on some imaginary companions. *Psychoanalytic Study of the Child*, 159-171.
- Bonne, M., Canetti, L., Bachar, E., De Nour, A., & Shalev, A. (1999). Childhood imaginary companionship and mental health in adolescence. *Child Psychiatry and Human Development*, 29, 277-286.
- Bouldin, P. (1999). Characteristics of Preeschool and School-Age Children with Imaginary Companions. *Journal of Genetic Psychology*.
- Dierker, L. C., Davies, C. F., & Sanders, B. (1995). The imaginary companion phenomenon: an analysis of personality correlates and developmental antecedents. *Dissociation: Progress in the Dissociative Disorder*, 8, 220-228.
- Fahy, T. A. (1988). The diagnosis of multiple personality disorder: a critical review. *British Journal of Psychiatry*, 153, 597-606.
- Fotheringham, M. D. (1994). Case Report of a Person with Down's Syndrome and Multiple Personality Disorder. *Can. Journal of Psychiatry*, 39.
- Klein, B. (1985). A child's imaginary companion: a transitional self. *Clinical Social Work Journal*, 13, 272-282.
- Kluft, R. P. (1987). An update on multiple personality disorder. *Hospital and Community Psychiatry*, 38, 363-373.
- Manosevitz, M., Prentice, N.M., & Wilson, F. (1973). Individual and Family Correlates of Imaginary Companions in Preschool Children. *Developmental Psychology*, 8, 72-79.
- Myers, W. (1979). Imaginary companions in childhood and adult creativity. *Psychoanalytic Quarterly*, 48, 292-307.
- Nagera, H. (1969). The imaginary companion: its significance for ego development and conflict solution. *The Psychoanalytic Study of the child*, 24, 165-196.
- Sanders, B. (1992). The imaginary companion experience in multiple personality disorder. *Dissociation: Progress in the Dissociative Disorder*, 5, 159-162.
- Taylor, M., Cartwright, B. S., & Carlson, S. M. (1993) A Developmental Investigation of Children's Imaginary Companions. *Developmental Psychology*, 29, 276-285.
- Taylor, M., & Carlson, S. M. (1997). The Relation between Individual Differences in Fantasy and Theory of Mind. *Child Development* 3, 436-455.

RELACIÓN ENTRE PERFECCIONISMO, RUMINACIÓN E SINTOMATOLOXÍA DEPRESIVA NUNHA MOSTRA DE ESTUDANTES UNIVERSITARIOS



Bouzas Lameiro, Marta

Psicóloga Interna Residente

Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

RESUMO

O presente estudo examina o papel da rumiación na relación existente entre as diferentes dimensións do perfeccionismo e a sintomatoloxía depresiva. Un total de 165 estudantes universitarios cumprimentaron a Escala Multidimensional de Perfeccionismo, a Escala de Respostas Ruminativas e o Inventario de Depresión de Beck. Os resultados amosan que as persoas con puntuacións elevadas en rumiación manifestan maior disforia e maiores puntuacións nas dimensións de perfeccionismo prescrito socialmente e auto-orientado.

Palabras chave: Rumiación; Depresión; Perfeccionismo; Dimensións do perfeccionismo.

ABSTRACT

The present study examine the role of rumination between dimensions of perfectionism and depressive symptoms. 165 university students completed the Multidimensional Perfectionism Scale, Response Styles Questionnaire and Beck Depression Inventory. Results show that persons con high rumination had more disphoria and more score in socially prescribed perfectionism and self-oriented perfectionism.

Key words: Rumination; Depression; Perfectionism; Dimensions of perfectionism

Introdución

Nas dúas últimas décadas desenvolvéronse novos modelos teóricos de corte cognitivo que, implicando aos estilos de resposta intentan explicar o inicio e a manutención da depresión. Este é o caso da Teoría dos Estilos de Resposta de Nolen-Hoeksema (1991). Esta teoría propón que a maneira en que as persoas controlan os seus pensamentos e sentimentos en momentos de tristeza e ansiedade, inflúe na severidade e manutención desta sintomatoloxía. Segundo esta aproximación, existen dous estilos xerais de resposta, antagónicos, que servirían para responder perante o humor deprimido. O primeiro estilo de resposta é a distracción e refírese a pensamentos e comportamentos que evaden á persoa da autofocalización na que está inmersa e facilitan que deixe de concentrarse no seu baixo estado de ánimo, para implicarse en actividades neutras ou, até, prazenteiras. Este estilo de resposta prevén a sintomatoloxía depresiva. Por outro lado, o segundo estilo de resposta proposto por esta autora é a rumiación. A resposta ruminativa pode ser definida como comportamentos e pensamentos que levan a que a persoa focalice a atención nos seus síntomas depresivos, á causa e ás posibles implicacións ou consecuencias dos mesmos. A rumiación neste contexto refírese, polo tanto, a unha resposta pasiva perante o humor deprimido; a persoa dirixe toda a atención cara os síntomas depresivos, de maneira que acaba potenciándose a disforia. Varios autores amosaron que a rumiación ten un efecto prexudicial tanto na manutención coma na severidade do estado de ánimo depresivo (por exemplo, Nolen-Hoeksema, Morrow e Fredrickson, 1993; Nolen-Hoeksema, Parker e Larson, 1994; Nolen-Hoeksema, 2000).

Por outra parte, un número crecente de investigacións destacaron a relación existente entre certas dimensións de perfeccionismo e os síntomas depresivos (por exemplo, Enns e Cox, 1999; Flett, Hewitt, Blankstein e O'Brien, 1991; Hewitt, Flett e Ediger, 1996). Á súa vez, estudos máis recentes puxeron de manifesto que o perfeccionismo pode ter algúns trazos desadaptativos (Bieling, Israeli e Antony., 2004). É dicir, o perfeccionismo contribuíría a que algunhas persoas se amosen motivadas a alcanzar certas metas que supoñan unha mellora persoal, mais tamén pode menoscabar a aqueles suxeitos que nunca están satisfeitos co que fan e son abertamente autocríticos.

Neste traballo examinamos a relación entre as dimensións do perfeccionismo segundo a conceptualización de Hewitt e Flett, (1991) e a rumiación, xa que a presenza ou ausencia desta variábel pode ser determinante na distinción entre perfeccionismo adaptativo e desadaptativo que, á súa vez, conduciría á exacerbación do estado de ánimo depresivo.

Método

Participantes

O estudo levouse a cabo con 165 estudantes universitarios, con unha media de idade de 24.53 anos ($SD = 3.55$). O 83% da mostra estaba formada por mulleres.

Instrumentos

Os participantes cubriron o seguinte protocolo de avaliación:

– Perfeccionismo Multidimensional (*Multidimensional Perfectionism Scale*, MPS, Hewitt e Flett, 1991). Trátase dun autoinforme de 45 ítems que mide tres dimensións de perfeccionismo: auto-orientado, orientado a outros e prescrito socialmente. O suxeito ten que indicar nunha escala tipo Likert de 7 puntos o seu “grao de acordo” ou “desacordo” con cada un dos ítems. Para este estudo utilizouse unha versión adaptada ao español polo equipo de investigación.

– Respostas Ruminativas (*Rumination Response Scale*, RRS Nolen-Hoeksema e Morrow, 1991). Esta escala examina o estilo ruminativo a través dun autoinforme de 22 ítems, mediante unha escala tipo Likert de 4 puntos. Usouse a versión adaptada e validada ao castelán por Hervás (2008).

– Sintomatoloxía depresiva (*Beck Depression Inventory*, BDI-II, Beck, Rush, Shaw e Emery, 1996). Avalía sintomatoloxía depresiva actual. Consta de 21 ítems e cada un deles conta con catro afirmacións relativas a contido depresivo. O suxeito debe elixir aquela/s coas que se sente máis identificado. Para este estudo empregouse a adaptación ao español de Sanz, Navarro e Vázquez (2003).

Procedemento

Os inquéritos foron cubertos nas salas habituais de docencia. En todas elas déronse as mesmas instrucións sobre o preenchemento dos inquéritos.

Resultados

Para a análise dos datos utilizouse o paquete estatístico SPSS para Windows (versión 15.0.1).

En primeiro lugar, para coñecer a relación entre as diferentes variábeis estudadas leváronse a cabo correlacións bivariadas de Pearson (ver Táboa 1). Tal como se pode comprobar existen relacións positivas e estatisticamente significativas entre a puntuación total da escala de rumiación (RRS) e as dimensións de perfeccionismo auto-orientado e prescrito-socialmente, así como coa puntuación total do BDI-II. Á súa vez o BDI-II, correlaciona de maneira significativa coas dimensións auto-orientado e prescrito socialmente do MPS.

TÁBOA 1: Correlacións de Pearson entre as variábeis estudadas

VARIÁBEIS	1	2	3	4	5
1					
RRS	-				
2					
BDI-II	.512**	-			
3					
MPS-orientado a outros	n.s.	n.s.	-		
4					
MPS-auto-orientado	.225**	.264**	.513**	-	
5					
MPS-prescrito	.323**	.306**	.503**	.516**	-

** $P \leq .001$

Nota: 1: RRS (rumiación); 2: BDI (sintomatoloxía depresiva); 3: MPS-orientado a outros; 4: MPS-auto-orientado; 5: MPS-prescrito socialmente.

Co obxectivo de averiguar o papel da rumiación nas puntuacións do BDI-II e no MPS seleccionáronse os suxeitos con puntuacións extremas nesta variábel; isto é, os que ocupaban o decil inferior obtiveron puntuacións de rumiación iguais ou menores a 37, mentres que os suxeitos que se situaban no decil superior, tiñan puntuacións iguais ou superiores a 65. A continuación realizouse unha proba *t* de Student para mostras independentes entre estes dous grupos, tanto no BDI-II, como para as dimensións do MPS. Os resultados amósanse na Táboa 2. Como se pode comprobar existen diferenzas significativas entre os suxeitos con puntuacións baixas e altas en rumiación, en todas as variábeis analizadas, excepto na dimensión de perfeccionismo orientado a outros do MPS.

TÁBOA 2: Estatísticos descritivos e proba *t* de Student entre suxeitos con puntuacións altas e baixas en rumiación no BDI-II e as dimensións de perfeccionismo do MPS.

	Rumiación	<i>M</i>	<i>SD</i>	<i>t</i>	<i>p</i>
BDI-II	Baixa	3.31	3.33	-4.41	.001
	Alta	21.38	14.39		
MPS-auto-orientado	Baixa	60.38	10.65	-2.91	.008
	Alta	75.15	14.88		
MPS-orientado a outros	Baixa	51.46	10.09	-1.69	.104
	Alta	58.62	11.46		
MPS-prescrito	Baixa	41.15	12.56	-2.67	.013
	Alta	55.00	13.84		

Discusión

Existen moitas investigacións que indican que o perfeccionismo non é en si mesmo desadaptativo, polo que é necesario esclarecer que variábeis inflúen para que o perfeccionismo se converta en desadaptativo e conduza á sintomatoloxía depresiva.

Os resultados encontrados neste estudo, sinalan que a dimensión de perfeccionismo prescrito socialmente, considerada pola literatura como o tipo de perfeccionismo con maiores asociacións con psicopatoloxía, é a que amosa unha correlación máis elevada coa Escala de Respostas Ruminativas e coa sintomatoloxía depresiva. É dicir, as persoas que se senten presionadas polos demais para ser perfectas entran nun circuíto de rumiación, que provoca un aumento da súa disforia.

Neste traballo, o perfeccionismo auto-orientado, tamén se asocia de forma positiva coa sintomatoloxía depresiva. Na literatura, non sempre se confirmou a relación entre esta dimensión e o estado de ánimo depresivo (Chang e Sanna, 2001; Enns e Cox, 1999; Flett, Russo e Hewitt, 1994). É posíbel que parte desta inconsistencia obedeza ao tipo de mostra utilizada: o perfeccionismo auto-orientado está asociado a depresión nas mostras clínicas, mais non en poboación estudiantil. Os nosos resultados son consistentes cos de Flett, Madorsky, Hewitt, e Heisal (2002) e Blankstein e Lumley (2008), ao encontrar relación positiva e significativa entre as dimensións de perfeccionismo auto-orientado e prescrito socialmente e a Escala de Respostas Ruminativas. Porén, e, como cabería esperar á luz de investigacións previas, nin a medida de sintomatoloxía depresiva (BDI-II) nin a de rumiación (RRS) amosaron relación co perfeccionismo orientado a outros (O'Connor, O'Connor e Marshall, 2007).

Estes resultados indican que a rumiación pode ser un factor de vulnerabilidade á depresión en persoas que se esixen altos estándares a si mesmas e naquelas outras que se senten presionadas polos demais para ser perfectos. Polo tanto, unha das vías que explicaría por que o perfeccionismo conduce á sintomatoloxía depresiva, sería a rumiación.

As limitacións deste estudo están relacionadas co tipo de mostra utilizada, xa que está formada por estudantes universitarios, o que fai difícil a capacidade de xeneralización dos resultados. Sería un obxectivo para próximas investigacións replicar estes resultados utilizando mostras clínicas.

Estes datos teñen importantes implicacións para a práctica clínica, xa que aportan información sobre novas variábeis cognitivas que poden influír na depresión e sobre posíbeis métodos de intervención cuxos obxectivos se centren en potenciar as técnicas distractoras en momentos de disforia.

Bibliografía

- Beck, A.T., Rush, A.J., Shaw, B.F. e Emery, G. (1996). Beck Depression Inventory manual (2nd ed.). San Antonio, TX: Psychological Corporation.
- Bieling, P. J., Israeli, A. L., e Antony, M. M. (2004). Is perfectionism good, bad, or both? Examining models of the perfectionism construct. *Personality and Individual Differences*, 36, 1373–1385.
- Blankstein, K.R. e Lumley, C.H. (2008). Multidimensional Perfectionism and Ruminative Brooding in Current Dysphoria, Anxiety, Worry, and Anger. *Journal of Rational-Emotive and Cognitive-Behavior Therapy* 26, 168–193.
- Chang, E.C., e Sanna, L.J. (2001). Negative attributional style as a moderador of the link between perfectionism and depressive symptoms: Preliminary evidence for an integrative model. *Journal of Counseling Psychology*, 48, 490-495.
- Enns, M. W., e Cox, B. J. (1999). Perfectionism and depression symptom severity in major depressive disorder. *Behaviour Research and Therapy*, 37, 783–794.
- Flett, G. L., Hewitt, P. L., Blankstein, K. R., e O'Brien, S. (1991). Perfectionism and learned resourcefulness in depression and self-esteem. *Personality and Individual Differences*, 12, 61–68.
- Flett, G.L., Russo, F.A. e Hewitt, P.L. (1994). Dimensions of perfectionism and constructive thinking as a coping response. *Journal of Rational-Emotive and Cognitive-Behavior Therapy*, 12, 163-179.
- Flett, G. L., Madorsky, D., Hewitt, P. L., e Heisal, M. J. (2002). Perfectionism cognitions, rumination, and psychological distress. *Journal of Rational-Emotive and Cognitive-Behavior Therapy*, 20, 33–47.
- Flett, G. L., Besser, A. e Hewitt, P. L. (2005). Perfectionism, Ego Defense Styles, and Depression: A comparison of Self-Reports Versus Informant ratings. *Journal of Personality*, 73: 5, 1355-1396.
- Hervás, G. (2008). Adaptación al castellano de un instrumento para evaluar el estilo rumiativo: la Escala de Respuestas Rumiativas. *Revista de Psicopatología y Psicología Clínica*, 13, 2, 111-121.
- Hewitt, P. L., e Flett, G. L. (1991). Perfectionism in the self and social contexts: Conceptualization, assessment, and association with psychopathology. *Journal of Personality and Social Psychology*, 60, 456–470.
- Hewitt, P. L., Flett, G. L., e Ediger, E. (1996). Perfectionism and depression: longitudinal assessment of a specific vulnerability hypothesis. *Journal of Abnormal Psychology*, 105, 276-280.
- Nolen-Hoeksema, S. (1991). Responses to depression and their effects on the duration of depressive episodes. *Journal of Abnormal Psychology*, 100, 569-582.
- Nolen-Hoeksema, S. and Morrow, J. (1991). A prospective study of depression and posttraumatic stress symptoms after a natural disaster: The 1989 Loma Preita earthquake, *Journal of Personality and Social Psychology* 61 pp. 115–121.
- Nolen-Hoeksema, S., Morrow, J., e Fredrickson, B. L. (1993). Response styles and the duration of episodes of depressed mood. *Journal of Abnormal Psychology*, 102, 20-28.
- Nolen-Hoeksema, S., Parker, L. E., e Larson, J. (1994). Ruminative coping with depressed mood following loss. *Journal of Personality and Social Psychology*, 67, 92-104.
- Nolen-Hoeksema, S. (2000). The role of rumination in depressive disorders and mixed anxiety/depressive symptoms. *Journal of Abnormal Psychology*, 109, 504-511.
- O'Connor, D.B., O'Connor, R.C. e Marshall, R. (2007). Perfectionism and Psychological Distress: evidence for the mediating effects of rumination. *European Journal of Personality*, 21, 429-452.
- Sanz, J., Navarro, M.E. e Vázquez, C. (2003). Adaptación española del inventario para la depresión de Beck-II (BDI-II): 1. Propiedades psicométricas en estudiantes universitarios. *Análisis y notificación de conducta*, 29, 239-288.

PAPEL DO PERFECCIONISMO, OS MECANISMOS DE DEFENSA DO EU E A SINTOMATOLOXÍA DEPRESIVA



Bouzas Lameiro, Marta

Psicóloga Interna Residente

Complejo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

RESUMO

O obxectivo deste estudo é analizar o papel do perfeccionismo e dos mecanismos de defensa na sintomatoloxía depresiva. Un total de 165 estudantes universitarios cumprimentaron a Escala Multidimensional do Perfeccionismo, o Inquérito de Estilos de Defensa e o Inventario de Depresión de Beck. Os resultados amosan que o uso de defensas desadaptativas se relaciona con todas as dimensións de perfeccionismo que conforman o constructo, segundo Hewitt e Flett (1991) e que as variábeis que mellor predicen a sintomatoloxía depresiva son as defensas inmaturas, o perfeccionismo prescrito socialmente e as defensas maduras.

Palabras chave: Perfeccionismo, dimensións de perfeccionismo, síntomas depresivos, mecanismos de defensa.

ABSTRACT

The purpose of the present study is examine the rol of the perfectionism and defense style in depressive symptoms. Hundred sixty five university students completed the Multidimensional Perfectionism Scale, Response Styles Questionnaire and Beck Depression Inventory. Results show use of maladaptative defense is associated with all dimensions of perfectionism; immature defense, socially prescribed perfectionism and mature defense explain symptoms depressive.

Key Words: Perfectionism, Dimensions of perfectionism, Depressive symptoms, Rumination.

Introdución

A relación entre perfeccionismo e depresión está tan claramente establecida, que o primeiro chegou a considerarse un factor de vulnerabilidade á depresión (Blatt, 1995; Hill, McIntire e Bacharach, 1997; Lynd-Stevenson e Hearne, 1999). Porén, existen poucos traballos que estudaran o vínculo entre as dimensións do perfeccionismo e os mecanismos de defensa do Eu, así como a importancia que esta relación pode ter na configuración da sintomatoloxía depresiva. A relevancia deste tema estriba en que os suxeitos cunha personalidade perfeccionista acostuman presentar unha ansiedade elevada e, consecuentemente, analizar o papel dos estilos de defensa do Eu pode ser de enorme interese para comprender aspectos de personalidade e fenómenos clínicos como a depresión.

A presente investigación segue o modelo xerárquico de Vaillant (1971), que sinala que os mecanismos de defensa varían no seu nivel de adaptación, caracterizándose os adaptativos pola evitación eficaz da ameaza sen que mude a percepción da realidade, mentres que os mecanismos de defensa desadaptativos supoñen unha manifesta distorsión da mesma. Vaillant identificou e xerarquizou 18 mecanismos de defensa, establecendo a existencia de catro niveis:

- Defensas psicóticas. Supoñen unha alteración da realidade.
- Defensas inmaturas. Caracterízanse por alterar o malestar xerado tanto por ameazas á intimidade interpersoal, como pola súa posíbel perda.
- Defensas neuróticas. Consisten na modificación dos sentimentos privados ou na súa expresión instintiva.
- Defensas maduras. As persoas que utilizan estes mecanismos integran a realidade, as relacións interpersoais e os sentimentos privados.
-

Desde a década dos noventa, tiveron un grande impacto na investigación as focaxes multidimensionais na conceptualización do perfeccionismo. Dentro desta corrente Hewitt e Flett (1991a) propoñen tres dimensións deste constructo que difiren na fonte e no obxecto das motivacións perfeccionistas.

- Perfeccionismo auto-orientado. Caracterízase polo establecemento de estándares esixentes para un mesmo. A motivación de base parece ser a evitación do fracaso.
- Perfeccionismo orientado cara outros. Supón ter expectativas elevadas do comportamento dos outros significativos.
- Perfeccionismo prescrito socialmente, referido ás crenzas de que os demais teñen metas excesivamente elevadas para un.

Tendo en conta todo o anterior, o obxectivo deste traballo é analizar a asociación entre as diferentes dimensións de perfeccionismo, os mecanismos de defensa e a sintomatoloxía depresiva nunha mostra de estudantes universitarios.

Método

Mostra

A mostra estaba formada por 165 estudantes universitarios (137 mulleres e 28 homes), cunha media de idade de 24.53 anos (SD= 3.55).

Instrumentos

Os participantes cubriron o seguinte protocolo de avaliación:

- Perfeccionismo Multidimensional (*Multidimensional Perfectionism Scale*, MPS, Hewitt e Flett, 1991a). Trátase dun autoinforme de 45 ítems que mide tres tipos de perfeccionismo: auto-orientado, orientado a outros e prescrito socialmente. O suxeito ten que indicar nunha escala tipo Likert de 7 puntos o seu grao de acordo ou desacordo con cada un dos ítems. Para esta investigación utilizouse unha versión adaptada ao español polo equipo de investigación.
- Mecanismos de defensa (*Defense Style Questionnaire*, DSQ, Andrews e cols., 1993). Está composto por 40 afirmacións que recollen un total de 20 mecanismos de defensa. Nunha escala tipo Likert de 9 puntos o suxeito debe indicar o seu grao de acordo ou desacordo con cada un dos ítems. Utilizouse unha versión adaptada ao español polo equipo de investigación.
- Sintomatoloxía depresiva (*Beck Depresión Inventory*, BDI-II, Beck, Rush, Shaw e Emery, 1996). Avalía sintomatoloxía depresiva actual. Consta de 21 ítems e cada un deles conta con catro afirmacións relativas a contido depresivo. O suxeito debe elixir aquela/s coas que se sente máis identificado. Para este estudo empregouse a adaptación ao español de Sanz, Navarro e Vázquez (2003).

Procedemento

O protocolo de avaliación levouse a cabo nas salas habituais de docencia. En todas elas déronse as mesmas instrucións sobre o preenchemento dos cuestionarios.

Resultados

Para a análise dos datos utilizouse o paquete estatístico SPSS para Windows (versión 15.0.1).

Para coñecer a relación entre as diferentes variábeis estudadas leváronse a cabo correlacións bivariadas de Pearson (ver Táboa 1). Como se pode apreciar, as puntuacións do BDI-II correlacionan, en xeral, de forma significativa e positiva con todas as variábeis, excepto coa dimensión de perfeccionismo orientado a outros do MPS. Así mesmo, a relación do BDI-II coa variábel defensas maduras, aínda que significativa, é negativa. A mesma Táboa sinala que as tres dimensións de perfeccionismo do MPS se asocian significativa e positivamente con todos os mecanismos de defensa, excepto coas defensas maduras.

TÁBOA 1: Correlacións de Pearson entre as variábeis estudadas

Variábeis	1	2	3	4	5	6	7
1 MPS- auto-orientado	-						
2 MPS- orientado a outros	.513**	-					
3 MPS prescrito	.516**	.503**	-				
4 Defensas maduras	n.s	n.s	n.s	-			
5 Defensas neuróticas	.297**	.227**	.316**	.231**	-		
6 Defensas inmaturas	.292**	.356**	.397**	n.s	.461**	-	
7 BDI-II	.264**	n.s	.306**	-.231**	.267**	.422**	-

** $.p \leq .001$.

Por outra parte, co obxectivo de determinar qué variábeis predican mellor a sintomatoloxía depresiva realizouse unha análise de regresión lineal por pasos. Tomouse como VD (variábel dependente) a puntuación da sintomatoloxía depresiva, segundo o BDI-II e como variábeis predictoras as puntuacións totais no resto das medidas; é dicir, nos mecanismos de defensa e nas dimensións de perfeccionismo. Segundo se amosa na Táboa 2, as variábeis que mellor predican o estado de ánimo depresivo son, por esta orde, as defensas inmaturas, o perfeccionismo

prescrito socialmente do MPS e as defensas maduras. A porcentaxe de varianza explicada é do 27%.

TÁBOA 2: Resumo do modelo de análise de regresión por pasos

Pasos	R	R ²	R ² Corrixida	Estatísticos de cambio	
				ΔR^2	Sig. do cambio en <i>F</i>
1	.422	.178	.173	.178	.000
2	.448	.201	.191	.023	.033
3	.526	.276	.263	.076	.000

Discusión

El obxectivo deste estudo era coñecer a relación entre diferentes mecanismos de defensa, perfeccionismo e sintomatoloxía depresiva.

En liña cos resultados informados por outros autores (Flett, Besser e Hewitt, 2005), encontramos que todas as dimensións de perfeccionismo se asocian coa sintomatoloxía depresiva, a excepción do perfeccionismo orientado a outros. Porén, é conveniente destacar que na nosa investigación o perfeccionismo auto-orientado correlaciona coa sintomatoloxía depresiva. A maioría dos estudos non encontraron relación entre estas dúas variábeis en mostras de estudantes (Wyatt e Gilbert, 1998), mais si en mostras clínicas (Hewitt e Flett, 1991b; Hewitt, Flett e Ediger, 1996). Respecto á asociación da sintomatoloxía depresiva cos estilos de defensa, observouse que ten unha relación positiva coas defensas inmaturas (tales como proxección, negación ou desprazamento) e coas defensas neuróticas (idealización, formación reactiva ou anulación); mentres que garda unha relación negativa coas defensas maduras (sublimación, humor ou anticipación).

Por outro lado, mentres que as dimensións de perfeccionismo están asociadas coas defensas de tipo neurótico e inmature, non teñen relación significativa coas defensas maduras. En liña cos resultados informados por Flett e cols. (2005), os nosos datos apuntan a que o perfeccionismo prescrito socialmente, está asociado con defensas maduras e neuróticas. É dicir, as persoas con niveis elevados neste tipo de perfeccionismo teñen tendencia a responder antes ás ameazas ao Eu deformando a realidade. Un dato a destacar, consistente con outros autores (Flett e cols., 2005), é que o perfeccionismo auto-orientado non garda relación coas defensas maduras. Así pois, estamos de acordo con outros investigadores cando plantexan que esta ausencia de relación non é congruente coa clásica equiparación establecida entre perfeccionismo auto-orientado e perfeccionismo adaptativo.

A análise de regresión lineal amosa que os mecanismos de defensa contribúen en maior medida do que as dimensións de perfeccionismo á predición da sintomatoloxía depresiva. Neste sentido, respecto dos primeiros, destacan as estratexias inmaturas, tales como proxección,

negación ou desprazamento e as defensas maduras como sublimación, humor ou anticipación. En canto ás dimensións de perfeccionismo, unicamente, a que se refire aos estándares prescritos socialmente participa na predición do estado de ánimo depresivo.

As limitacións deste estudo están relacionadas co tipo de mostra utilizada, xa que está formada por estudantes universitarios, o que fai difícil a capacidade de xeneralización dos resultados. Sería un obxectivo para próximas investigacións replicar estes resultados utilizando mostras clínicas.

Deste estudo pódense derivar algunhas implicacións clínicas, xa que os pacientes perfeccionistas se poderían beneficiar de intervencións terapéuticas que diminúisen os estilos de defensa desadaptativos.

Bibliografía

- Andrews, G., Singh, M., e Bond, M. (1993). The Defense Style Questionnaire. *Journal of Nervous and Mental Disease*, 181, 246-256.
- Beck, A.T., Rush, A.J., Shaw, B.F. e Emery, G. (1996). *Beck Depression Inventory manual* (2nd ed.). San Antonio, TX: Psychological Corporation.
- Blatt, S.J. (1995). The destructiveness of perfectionism: implications for the treatment of depression. *American Psychologist*, 50, 1003-1020.
- Flett, G. L., Besser, A. e Hewitt, P. L. (2005). Perfectionism, Ego Defense Styles, and Depression: A comparison of Self-Reports Versus Informant ratings. *Journal of Personality*, 73: 5, 1355-1396.
- Hewitt, P. L., e Flett, G. L. (1991a). Perfectionism in the self and social contexts: Conceptualization, assessment, and association with psychopathology. *Journal of Personality and Social Psychology*, 60, 456-470.
- Hewitt, P. L., e Flett, G. L. (1991b). Dimensions of perfectionism in unipolar depression. *Journal of Abnormal Psychology*, 100, 98-101.
- Hewitt, P. L., Flett, G. L., e Ediger, E. (1996). Perfectionism and depression: longitudinal assessment of a specific vulnerability hypothesis. *Journal of Abnormal Psychology*, 105, 276-280.
- Hill, R.W., McIntire, K., e Bacharach, V.R. (1997). Perfectionism and the big-five factors. *Journal of Social Behaviour and Personality*, 12, 257-270.
- Lynd-Stevenson, R. M., e Hearne, C. M. (1999). Perfectionism and depressive affect: The pros and cons of being a perfectionist. *Personality and Individual Differences*, 26, 549- 562.
- Sanz, J., Navarro, M.E. e Vázquez, C. (2003). Adaptación española del inventario para la depresión de Beck-II (BDI-II): 1. Propiedades psicométricas en estudiantes universitarios. *Análisis y notificación de conducta*, 29, 239-288.
- Vaillant, G. E. (1971). Theoretical hierarchy of adaptive ego mechanisms. *Arch Gen Psychiatry*, 24, 107-118.
- Wyatt, R., e Gilbert, P. (1998). Dimensions of perfectionism: A study exploring their relationship with perceived social rank and status. *Personality and Individual Differences*, 24, 71- 79.

**PERCEPCIÓN DE EXPRESIÓN DE EMOCIÓN,
SINTOMATOLOXÍA E ESTILOS DE AFRONTAMENTO
NUNHA MOSTRA DE PACIENTES CON TRANSTORNOS
ANSIOSO-DEPRESIVOS**



Álvarez, C. *; Pita, N.

USM IV (Complejo Hospitalario de Santiago de Compostela)

Carrera, O.; Lorenzo, C.

USM I (Complejo Hospitalario de Santiago de Compostela)

*caralvg@hotmail.com

RESUMO

O constructo de Expresión de Emocións (EE) amosou un alto valor predictivo do curso de diferentes transtornos. A propia evolución do modelo trouxo consigo o desenvolvemento de novas aproximacións para medir as actitudes que os familiares amosan acerca dun paciente. Un deses métodos é a Percepción do Nivel de EE (EE). Neste estudo tratamos de ver a relación entre esta percepción, o nivel de sintomatoloxía e os estilos de afrontamento nunha mostra de 75 pacientes con sintomatoloxía mixta ansioso-depresiva. Os resultados amosan unha clara relación entre percibir un familiar como crítico, con falta de apoio, irritable e intrusivo e o nivel de sintomatoloxía, o uso de determinadas estratexias de afrontamento, e o tipo de familiar do que se trate, fundamentalmente nais. Os resultados son acordes con estudos previos realizados.

Palabras chave: *Percepción expresión de emocións, ansiedade, depresión, estilos de afrontamento.*

ABSTRACT

Expressed Emotion has proven to be a valuable predictor of the course of various psychiatric disorders. The development of the model brought new ways for measuring family attitudes. One of them is "Level of Expressed Emotion", designed to measure the perception of EE. In this study we examined the relationship among LEE, symptomatology and coping strategies, in a sample of 75 clinically patients with anxiety and depressive symptomatology. Results showed a clear correlation between perceiving a relative as critical, intrusive, lack of emotional support and irritate and intensity of symptomatology, as well as with the use of specific use of coping strategies. When we examined the type of relative, mothers showed significant difference as being more intrusive than other kind of relative. Results are according with previous research.

Key words: *Level of expressed emotion, anxiety, depression and coping styles.*

Introdución

No estudo das relacións entre variábeis familiares, sintomatoloxía e recaídas en diferentes transtornos, destaca o constructo de Expresión de Emocións (EE) (Vaughn e Leff, 1976). Comentarios críticos, Hostilidade e Sobreimplicación Emocional mostraron un amplo poder predictivo no curso da doenza e outras variábeis do tratamento en pacientes diagnosticados de esquizofrenia (Vaughn e Leff, J. 1976), depresión (Hooley e Teasdale, 1989; Kronmüller et al. 2008), transtornos de alimentación (Szmukler, et al., 1985; Flanagan e Wagner, 1991), transtorno bipolar (Miklowitz et al., 1988) adherencia terapéutica (Calam, et al. 2002), etc. Aínda que aínda existen algunhas dúbidas acerca dos factores que explican a relación entre Alta EE e o curso de ditos transtornos, todo parece indicar que tales actitudes contribúen a crear un ambiente estresante; o cal, á súa vez, aumenta o risco dunha recaída (Tarrier, et al. 1988) en pacientes vulnerábeis e sensíbeis ao estrese. Non obstante, esta relación non pode ser tan directa, unha experiencia estresante está mediada por diferentes variábeis cognitivas que aumentan ou mitigan o efecto estresante da experiencia (Lazarus, 1993;Cutting, et al. 2006).

Neste sentido, un dos modelos propostos é o “modelo interactivo de Kavanagh” (Kavanagh, 1992). Kavanagh propón un modelo circular para explicar a relación entre EE e as recaídas. Suxire que a conduta sintomática do paciente está retroalimentada polos intentos disfuncionais (criticismo e sobreimplicación emocional) que o familiar utiliza para facer fronte á situación estresante. Este círculo vicioso estaría moderado pola interpretación que cada membro da familia fai da conduta do outro (percepción de EE) e polos estilos de afrontamento que cada un utiliza.

O concepto de “Percepción de Expresión de Emocións” non é novo, Hooley e Teasdale (1989) xa informaron que a “percepción do criticismo” era un predictor máis potente en pacientes con depresión que a cantidade de criticismo expresado polos familiares mediante o método convencional da CFI.

Ao igual que Hooley, Cole e Kazarian (1998) utilizan outra medida baseada na información que o paciente ofrece acerca da conduta dos seus familiares; é dicir, a súa propia percepción acerca de como os seus familiares se comportan con el. Medida denominada LEE (Level of Expressed Emotion).

Gerlsma, et al (1997) Realizaron un estudo con pacientes diagnosticados de depresión. Os resultados mostraron como LEE era unha medida adecuada para o curso da depresión. Os pacientes que percibían niveis altos de EE mostraban menos mellora que os que percibían a súa parella como Baixa en EE. Á súa vez, os pacientes con puntuacións altas en depresión percibían menos criticismo pero maior intrusividade por parte do seu familiar. Con respecto aos estilos de afrontamento, a relación foi máis débil. A percepción de EE unicamente estaba relacionada co

estilo de afrontamento “procura de apoio”: pacientes con puntuacións altas nese estilo percibían menos falta de apoio, menos irritabilidade, menos criticismo e menos puntuación total de EE.

O traballo que presentamos a continuación pretende ser un achegamento á utilidade da variábel LEE nunha mostra clínica de pacientes con sintomatoloxía ansioso-depresiva. Intentamos analizar, mediante un estudo transversal, a relación entre a Percepción de Expresión de Emocións, sintomatoloxía, estratexias e estilos de afrontamento, duración do transtorno e tipo de familia.

Método

Mostra

A mostra obtívose a partir de pacientes en consulta en dúas Unidades de Saúde Mental (USM I e USM IV), seleccionados entre os meses de outubro de 2008 e febreiro de 2009, que cumprían os seguintes criterios de inclusión: posuír un diagnóstico na “esfera” ansioso-depresiva, non ter sintomatoloxía psicótica nin ningún transtorno orgánico, convivir con ao menos un familiar, e non presentar problemas específicos de parella.

Na **Táboa 1** pódense ver as características finais da mostra.

TÁBOA 1

Nº de pacientes	75 Varóns 12% - Mulleres 88%
Idade	Media = 34,18; D. T. = 11,24
Status Marital	• Casado: 41,3 % • Solteiro: 49,3% • Separado: 9,3%
Núcleo de convivencia	• Familia: 41,3% • Pais: 37,3% • Parella 12%

Procedemento

Todos os pacientes que reuniron os criterios indicados cumprimentaron os cuestionarios: Nivel de Expresión de Emocións (LEE) (Gerlsma, e Hale III,(1997), escalas de ansiedade Estado-Rasgo (STAI) (Spielberger, Gorsuch, e Lushene, 2002), Inventario de Depresión de Beck (BDI) (Beck, et al. 1961) e Cuestionario de Estilos de Afrontamento (Fernández Abascal, 1997).

Material

Percepción de Expresión de Emocións foi avaliado mediante a escala Nivel de Expresión de Emocións (LEE). Esta escala foi orixinariamente deseñada por Cole e Kazarian (1988) e ampliada por Gerlsma (1997) que introduciu tamén cinco ítems para medir Criticismo. Nós utilizamos esta última versión, traducida do orixinal con permiso dos autores, polo primeiro

autor deste traballo. O cuestionario está formado por 38 ítems, que avalían nunha escala tipo Likert de 4 puntos, catro subescalas: falta de apoio emocional, intrusividade, irritabilidade, e criticismo.

Na Táboa 2 móstranse as porcentaxes do tipo de familiar sobre o que os pacientes realizaban as súas percepcións.

TÁBOA 2

Marido	Muller	Nai	Parella	Irmán/a	Outros
41,2%	1,5 %	29,4%	16,2%	5,9%	2,9%

O nivel de *sintomatoloxía* foi medido mediante a escala de ansiedade STAI Estado-Rasgo (Spielberger, Gorsuch, e Lushene, 2002) e o inventario de depresión de Beck (Beck, et al. 1961).

Estilos de afrontamento foi avaliado mediante o Inventario de “Estilos e Estratexias de Afrontamento” (Fernández – Abascal, 1997). Está composto por 72 ítems, os cales, mediante unha escala de 4 puntos tipo Likert, lanzan 18 estratexias e 8 estilos de afrontamento.

Resultados

Antes de analizar os resultados, convén destacar unha limitación importante do noso traballo. Como se puido observar na Táboa 1, a mostra estaba composta fundamentalmente por mulleres, cunha porcentaxe moi por cima que a dos varóns. O feito de traballar cunha mostra clínica obtida dunha Unidade asistencial explica este corte: as mulleres son as principais demandantes de axuda para transtornos da “esfera ansioso-depresiva”. Por este motivo, é evidente un corte nos resultados e nas conclusións.

Percepción de nivel de Expresión de Emocións e Intensidade dos síntomas

Analizamos en primeiro lugar a relación entre intensidade da ansiedade e depresión e a percepción que realizaban os pacientes do nivel de EE do seu familiar.

TÁBOA 3

	Falta de Apoio Emocional	Intrusividade	Irritabilidade	Criticismo	Total LEE
Ansiedade Estado	0,324**	--	0,242*	0,278*	0,329**
Ansiedade Rasgo	0,275*	0,276*	0,318**	0,364**	0,357**
Depresión	--	--	0,287*	--	--

** p < 0.001

*p < 0,05

Os datos amosan unha clara relación entre as puntuacións do nivel de ansiedade, tanto rasgo coma estado, e a percepción de EE. Os pacientes que percibían os seus familiares como con máis “falta de apoio”, máis “irritabilidade”, e máis “criticismo”, mostraban maiores niveis de ansiedade; esta correlación observábase tamén coa puntuación global da escala.

En canto á sintomatoloxía depresiva, unicamente encontramos relación entre percibir ao seu familiar irritábel e maiores puntuacións de depresión, non correlacionando esa percepción con ningunha outra das variábeis da escala, nin coa puntuación global.

Percepción do Nivel de Expresión de Emocións e Estratexias e Estilos de Afrontamento

En canto á relación entre estilos e estratexias de afrontamento, como se pode ver na Táboa 4, encontramos relacións con varias estratexias de afrontamento. Os pacientes que perciben aos seus familiares como críticos tendían a utilizar menos a reavaliación positiva. A intrusividade estaba relacionada co uso de estratexias de “reacción depresiva”, é dicir, sentirse desbordados pola situación e ser pesimistas co resultado das súas accións; mentres que os pacientes que percibían que o seu familiar non os apoiaba coa súa problema tendían a evitar enfrontarse ao problema ou levar a cabo intentos de solución activos. Quizá o resultado máis sobresaliente que encontramos neste apartado é a relación de todas as variábeis de LEE coa estratexia “negación”, segundo os autores do inventario de estilos de afrontamento, a negación significa “*unha ausencia de aceptación do problema e a súa evitación por distorsión ou desfiguración do mesmo no momento da súa valoración*”, desta forma, canto peor era a percepción do seu familiar máis estratexias de negación utilizaban os pacientes.

TÁBOA 4

	Falta de Apoio Emocional	Intrusividade	Irritabilidade	Criticismo
Reavaliación Positiva				-0,258*
Reacción Depresiva		0,277*		
Negación	0,283*	0,482**	0,335**	0,416**
Desconexión Comportamental	0,245*			

** $p < 0.001$

* $p < 0,05$

Porén, non encontramos ningunha correlación entre LEE e estilos de afrontamento, ou sexa, non había un patrón específico de afrontamento ao problema que estivera relacionado con como percibían a conduta da súa parella.

Percepción do Nivel de Expresión de Emocións e tempo de evolución do transtorno

Outra variábel que quixemos estudar é se había algunha relación entre os anos de duración do problema/transtorno e a influencia do apoio. A nosa hipótese era que esta influencia cobraría relevancia a medida que pasaba o tempo de evolución.

Contrariamente ao que pensábamos non encontramos ningunha relación neste sentido. Na nosa mostra a percepción das actitudes familiares non estaba relacionada co tempo de evolución do transtorno.

Percepción do Nivel de Expresión de Emocións e tipo de familiar

Quixemos tamén observar se había algunha relación entre o LEE e tipo de familiar e de convivencia.

Encontramos diferenzas significativas entre o estado marital e dúas das variábeis de LEE. Os pacientes solteiros percibían máis intrusividade e irritabilidade do seu familiar, que os pacientes que estaban casados. Se o familiar sobre o que se realizaba a percepción era a nai, as diferenzas eran claramente significativas, estas eran valoradas como máis intrusivas ($p = 0.008$).

Conclusiones

Tal como supúñamos, existe unha forte relación entre o nivel de sintomatoloxía e a forma como perciben os pacientes o comportamento do seu familiar. Esta relación é máis ampla no caso da sintomatoloxía de ansiedade que no caso da depresión onde unicamente a “Irritabilidade” mostraba diferenzas significativas. Temos que ter en conta que na nosa mostra os pacientes amosaban ambos tipos de sintomatoloxía. Polos nosos datos parece, polo tanto, que a sintomatoloxía ansiosa é máis sensíbel ao comportamento do familiar, ou este a dita sintomatoloxía.

As estratexias de afrontamento, estaban relacionadas coa percepción do familiar. Polos datos obsérvase que hai unha “inhibición” no uso de estratexias activas centradas nas solucións cando os pacientes perciben o seu familiar como crítico, con falta de apoio, e no caso da estratexia de “Negación”, tamén coa intrusividade e irritabilidade. Evidentemente, un estudo correlacional como é este, non permite levar a cabo relacións causais. Non obstante, se atendemos a outros traballos da liña de EE, nos que mediante unha intervención modificaron as actitudes familiares (Lam, 1991), podemos pensar que o criticismo dos familiares pode estar “disparado” polo comportamento dos pacientes (e as estratexias de afrontamento sono), pero a intrusividade e a falta de apoio emocional, pode ser máis unha característica dos familiares que “alimente” a inhibición de determinadas estratexias.

Por iso, non nos resultan estrañas as diferenzas encontradas co tipo de familiar percibido, nais, e a “Intrusividade”. No constructo de EE, a intrusividade é unha característica da

“Sobreimplicación Emocional”, a cal se observou nos traballos mencionados, que se dá fundamentalmente en nais, e que pode responder a determinadas características e estilos de personalidade e independentes, polo tanto, da conduta do paciente.

Cando os pacientes viven coas súas parellas, é posíbel que o criticismo e a irritabilidade funcionen máis como unha forma de presión e que obrigue aos pacientes a utilizar estratexias activas.

Sorprendeunos non encontrar ningunha relación entre a percepción de actitudes familiares e a evolución e duración do transtorno. Inclínámonos máis a pensar que quizá con este tipo de pacientes con sintomatoloxía ansioso–depresiva, as actitudes familiares non requiran de demasiado tempo para exercer a súa influencia. Pode que os familiares sexan menos “tolerantes” e non perciban o transtorno como lexítimo; esta característica relacionouse cos familiares que presentan Alta Expresión de Emocións (Vaughn, 1976).

Podemos concluír que, a pesar dos inconvenientes dun estudo correlacional, os nosos datos apoian os encontrados noutros traballos. Existe unha clara relación entre como un paciente percibe ao seu familiar e a súa sintomatoloxía e formas de abordar o problema. Unha vez máis, os datos reforzan que unha estratexia terapéutica na que se contemple, non só ao paciente, senón aos demais membros da familia coa que convive pode ser útil para a súa melloría.

Bibliografía

- Beck, A. T., Ward, C. H., Mendelson, M. et al (1961). An inventory for measuring depression. *Archives of General Psychiatry*, 4, 53-63.
- Calam R., Bolton C., Roberts J. (2002). Maternal expressed emotion, attributions and depression and entry into therapy for children with behaviour problems. *British Journal of Clinical Psychology*, 41(2), 213-216.
- Cole, J. D. e Kazarian, S. S. (1988). The Level of Expressed Emotion scale: a new measure of expressed emotion. *Journal of Clinical Psychology*, 44, 392-397.
- Fernández-Abascal, E.G. (1997). Estilos y Estrategias de Afrontamiento. En *Cuaderno de Prácticas de Motivación y Emoción*. Pirámide.
- Gerlsma, C. e Hale III, W. W. (1997). Predictive Power and Construct Validity of the level of Expressed Emotion (LEE) Scale: Depressed out- patients and couples from the general community. *British Journal of Psychiatry*, 170, 520-525.
- Lam, D.H. (1991). Psychosocial Family Intervention in Schizophrenia: a review of Empirical Studies. *Psychological Medicine*, 21, 423-441.
- Lazarus, R.S. e Folkman, S. (1984). Stress, Appraisal, and Coping. New York: Springer Publishing Co.
- Lazarus, R.S. (1993). From psychological stress to the emotions: a history of changing outlooks. *Annual Rev. Psychology*, 44, 1-21.
- Miklowitz D.J., Goldstein M.J., Nuechterlein K.H., Snyder K.S., Mintz J.(1988): Family factors and the course of bipolar affective disorder. *Arch Gen Psychiatry*, 45, 225-231.
- Spielberger, Ch. D., Gorsuch, R. L. e Lushene, R. E. (2002) Cuestionario de Ansiedad Estado-Rasgo (STAI). Madrid: TEA.
- Szmukler GI, Eisler I, Russell GFM, Dare C. (1985) Anorexia nervosa, parental “expressed emotion,” and dropping out of treatment. *British Journal of Psychiatry*, 147, 265-271.
- Tarrier, N., Barrowclough, C. et al. (1988): The assessment of psychophysiological reactivity to the Expressed Emotion of the relatives of schizophrenic patients. *British Journal of Psychiatry*, 152, 618-624.
- Vaughn C. e Leff J. (1976). The influence of family and social factors in the course of psychiatric illness: a comparison of schizophrenic and depressed neurotic patients. *British Journal of Psychiatry*, 129, 125-137.

RELACIÓN ENTRE ESTILOS DE AFRONTAMIENTO E INTENSIDADE SINTOMATOLÓXICA EN PACIENTES CON TRANSTORNOS ANSIOSO-DEPRESIVOS



Pita, N.* y Carrera, O.

Psicólogas Internas Residentes
Complejo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela
(*) noeliapitaf@yahoo.es

Álvarez, C. y, Lorenzo, C.

Psicólogos Clínicos
Complejo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

RESUMO

Tradicionalmente, relacionouse a severidade sintomatolóxica dos transtornos depresivos co uso de estratexias de afrontamento centradas no ánimo. De igual maneira, un afrontamento evitativo encontrouse vinculado aos transtornos de ansiedade. O obxectivo deste traballo é analizar as diferentes estratexias de afrontamento e a súa relación coa intensidade da sintomatoloxía mixta ansioso-depresiva. Os resultados amosaron que os pacientes con sintomatoloxía leve presentaban un estilo de afrontamento activo e facían un maior uso das estratexias de: Reavaliación positiva, Conformismo, Desenvolvemento persoal e Distanciamiento. Porén, os pacientes con sintomatoloxía de maior intensidade fixeron un maior uso de: Reacción depresiva, Supresión de actividades distractoras, Negación, Desconexión comportamental e Resposta paliativa.

Palabras chave: estilos e estratexias de afrontamento, ansiedade, depresión, mostra clínica.

ABSTRACT

Traditionally, dispositional coping styles have been related to symptom severity in mental disorders. Thus, avoidance coping has been found to be related most consistently to anxiety disorders, whereas coping strategies focused on emotions have been related to depressive symptoms. The main aim in the present study is to analyze the relationship between coping strategies and symptomatology severity for anxiety and depression related disorders. Results shown that patients with low score in anxiety and depression tests shown an Active coping style and employed Positive revaluation, Conformity, Personal development and Distancing coping strategies to a great extent than patients with high score in symptomatology. By contrast, patients with more severe anxiety and depression symptoms employed Depressive reaction, Suppression of distraction, Denial, Behavioural suppression and Palliative response coping strategies to a great extent than their counterparts.

Key words: coping style, coping strategy, anxiety, depression, clinical sample.

Introdución

Desde os modelos cognitivos da emoción enténdese que non son as situacións en si mesmas as que provocan una reacción emocional, senón que a variábel desencadeante de tal reacción é a interpretación que o individuo fai de tales situacións. Neste contexto, Lazarus plantéxase que a aparición do estrese e outras reaccións emocionais están mediadas polo proceso de valoración cognitiva que a persoa realiza, primeiro sobre as consecuencias da situación (valoración primaria) e posteriormente, sobre os recursos de que dispón para evitar ou reducir as consecuencias negativas da situación (valoración secundaria) (Lazarus e Folkman, 1984). A valoración secundaria refírese á capacidade de afrontamento. Lazarus e Folkman (1984) definen o afrontamento como "aqueles esforzos cognitivos e condutuais constantemente cambiantes que se desenvolven para controlar as demandas específicas externas e/ou internas que son avaliadas como excedentes ou desbordantes dos recursos do individuo".

Dentro do concepto de afrontamento diferénciase entre estilos e estratexias (Fernández-Abascal, 1997). Os estilos fan referencia ás predisposicións persoais para facer fronte ás situacións, e son os responsábeis das preferencias individuais no uso duns ou outros tipos de estratexia de afrontamento, así coma da súa estabilidade temporal e situacional. Por outra parte, as estratexias son aqueles procesos concretos que se utilizan en cada contexto e poden ser altamente cambiantes dependendo das condicións desencadeantes.

As persoas tenden a utilizar aqueles estilos de afrontamento que dominan, e que adquiriron tanto por aprendizaxe como por achádego fortuíto. Considérase que as estratexias de afrontamento poden ser adaptativas ou desadaptativas, as adaptativas reducen o estrese e promoven a saúde a longo prazo, mentres que as desadaptativas reducen o estrese a curto prazo mais acaban por erosionar a saúde a longo prazo (Girdano e Everly, 1986). É amplamente coñecida a estreita relación que existe entre os acontecementos estresantes e o inicio, a manutención ou a exacerbación da patoloxía tanto física coma psíquica (Sapolsky, 1995). De aí o interese de profesionais da saúde e investigadores por coñecer o posíbel papel mitigador do estilo de afrontamento perante o estrese.

En psicopatoloxía, tradicionalmente veuse relacionando a severidade sintomatolóxica dos trastornos depresivos co uso de estratexias de afrontamento centradas no ánimo. De igual maneira, estilos de afrontamento evitativos encontráronse vinculados aos trastornos de ansiedade (Aldwin e Revenson, 1987; Vollrath, Alnaes, e Torgersen, 1996). Nesta mesma liña, encontrouse unha asociación entre un estilo de afrontamento activo e dirixido á resolución do problema e unha diminución da sintomatoloxía ansiosa, mentres que a procura de apoio social se viu vinculada a unha redución da sintomatoloxía depresiva (Vollrath et al., 1996). Dado que a maioría dos pacientes atendidos polo psicólogo clínico nas unidades de saúde mental acoden por presentar sintomatoloxía mixta de tipo ansioso-depresivo, o obxectivo deste traballo é analizar

as diferentes estratexias de afrontamento utilizadas por estes pacientes e a súa posíbel relación coa intensidade da sintomatoloxía referida.

Método

Mostra e procedemento

A mostra inicial (ver Táboa 1) compúxose de 75 pacientes a tratamento en dúas Unidades de Saúde Mental da Área Sanitaria de Santiago (USM-I e USM-IV) cuxo diagnóstico estivese comprendido dentro do espectro ansioso-depresivo e que ademais estivesen convivindo no momento da avaliación con algún familiar. Descartáronse aqueles diagnósticos que presentaban algunha patoloxía orgánica ou sintomatoloxía psicótica. Os pacientes responderon de forma individual e nunha única sesión aos seguintes inquéritos: o BDI, o STAI E-R, e unha Escala de Estilos e Estratexias de Afrontamento.

Táboa 1. Descrición da mostra.

	Muestra total	Sintomatoloxía severa	Sintomatoloxía leve	Valor p
Pacientes	n=45	n=30	n=15	
Edad (años)	34.2 ($\pm$ 11.2)	32 ($\pm$ 12.6)	35 ($\pm$ 8.3)	NS
Sexo	M 4 (9%) F 41 (91%)	M 2 (6%) F 28 (94%)	M 2 (13%) F 13 (86%)	
Estado civil	Casado 18 (40%) Soltero 23 (53%) Separado 4 (9%)	Casado 11 (37%) Soltero 16 (53%) Separado 3 (10%)	Casado 7 (47%) Soltero 7 (47%) Separado 1 (6%)	
BDI	23.1 ($\pm$ 11)	29.6 ($\pm$ 6)	9.8 ($\pm$ 5)	0.00**
STAI-E	75.6 ($\pm$ 27.1)	90.5 ($\pm$ 8.3)	46.27 ($\pm$ 27.7)	0.00**
STAI-R	97.7 ($\pm$ 26)	96.1 ($\pm$ 4.5)	47 ($\pm$ 19.3)	0.00**

Sintomatoloxía leve: BDI $\leq$ 18; STAI percentil $\leq$ 79. **Sintomatoloxía severa:** BDI $\geq$ 19; STAI percentil $\geq$ 80. Proba t; valor p < 0.05* e < 0.01**. NS: non significativo.

Desta mostra inicial seleccionáronse aqueles pacientes que amosaban ou ben, unha sintomatoloxía intensa tanto en ansiedade coma en depresión, ou ben, unha sintomatoloxía leve tanto en ansiedade coma en depresión, ficando así unha mostra final de 45 pacientes. As análises estatísticas correspondentes realizáronse co paquete estatístico SPSS 15.0, e incluíron a proba t.

Material

Inventario de Depresión de Beck (BDI; Beck, Rush, Shaw e Emery, 1979). Trátase dun inquérito de 21 ítems que mide a severidade dos síntomas cognitivos, afectivos, motivacionais e fisiolóxicos da depresión.

Escala de Estilos e Estratexias de Afrontamento (Fernández-Abascal, 1997). Consta de 72 ítems que avalían 18 estratexias diferentes. Os suxeitos responden a cada ítem utilizando unha escala tipo Likert que oscila de "0" (nunca) a "3" (sempre). Os estilos de afrontamento son estimados a partir das puntuacións obtidas nas estratexias de afrontamento. Diferéncianse oito estilos de afrontamento dentro das tres dimensións seguintes:

Segundo o método empregado, o estilo de afrontamento pode ser Activo (mobiliza esforzos cara a diferentes tipos de solución), Pasivo (baséase en non facer nada directamente sobre a situación, e esperar a que muden as condicións) ou Evitativo (baséase en evitar ou fuxir da situación e/ou consecuencias).

Segundo o tipo de focalización, o estilo de afrontamento pode ser Dirixido ao problema (alterando as condicións responsábeis da ameaza), Dirixido á resposta emocional (reducindo ou eliminando a resposta emocional xerada pola situación) ou Dirixido á reavaliación do problema (modificando a avaliación inicial da situación).

Segundo o tipo de actividade mobilizada o estilo de afrontamento pode ser Cognitivo ou Condutual.

Fernández-Abascal (1997) identificou como tales 18 estratexias diferentes: *reavaliación positiva* (estratexia activa focada a crear un novo significado), *reacción depresiva* (sentirse desbordado e ser pesimista), *negación* (ausencia de aceptación do problema e evitación), *planificación* (aproximación analítica ao problema), *conformismo* (pasividade, percepción de falta de control sobre as consecuencias e aceptación das mesmas), *desconexión mental* (pensamentos distractores para evitar pensar na situación), *desenvolvemento persoal* (consideración do problema como estímulo cara a aprendizaxe), *control emocional* (mobilización de recursos focados a regular e ocultar sentimentos), *distanciamiento* (supresión cognitiva dos efectos emocionais que xera o problema), *supresión de actividades distractoras* (paralizar actividades para centrarse no problema), *refrear o afrontamento* (aprazamento do mesmo), *evitar o afrontamento* (non facer nada en previsión de que calquera actuación pode empeorar a situación), *resolver o problema* (decidir unha acción directa e racional para solucionar o problema), *apoio social ao problema* (buscar nos demais información sobre como resolver o problema), *desconexión comportamental* (evitación de calquera resposta ou solución do problema), *expresión emocional* (manifestacións expresivas da reacción emocional causada polo problema), *apoio social emocional* (procura nos demais de apoio e comprensión), e *resposta paliativa* (utilización de elementos para evitar a situación, como fumar, beber ou comer).

Inquérito de Ansiedade Estado-Trazo (STAI; Spielberger, Gorsuch, e Lushene, 2002). Instrumento cuxa finalidade é investigar a ansiedade mediante unha autoavaliación de dous conceptos independentes da mesma: Estado (como se sente nun momento particular) e Trazo (como se sente xeralmente).

Resultados

En relación aos estilos de afrontamento utilizados, as análises estatísticas amosaron que, en comparación cos pacientes que presentaban unha sintomatoloxía máis intensa, os pacientes con sintomatoloxía ansioso-depresiva leve foron os que utilizaron con máis frecuencia o *Método activo* de afrontamento, $t(43) = 2.215$, $p = 0.03$. Para o resto dos estilos de afrontamento as significacións foron todas superiores 0.05. Véxase Figura 1.




FIGURA 1. Nesta figura amósase a utilización media de cada estilo de afrontamento para os pacientes con maior intensidade sintomatolóxica en comparación cos pacientes con sintomatoloxía de intensidade leve. * $p < 0.05$.

En relación ás estratexias de afrontamento utilizadas (ver Figura 2), as análises amosaron que os pacientes con síntomas de menor intensidade fixeron un uso maior da *Reavaliación positiva* ($t(43) = 4.310$, $p = 0.00$), o *Conformismo* ($t(43) = 2.897$, $p = 0.01$), o *Desenvolvemento persoal* ($t(43) = 2.955$, $p = 0.01$), e o *Distanciamiento* ($t(43) = 2.469$, $p = 0.02$) en comparación con aqueles pacientes que presentaban maior intensidade de síntomas ansioso-depresivos no momento da avaliación. Pola súa vez, estes últimos fixeron un maior uso da *Reacción depresiva* ($t(43) = 2.729$, $p = 0.01$), a *Supresión de actividades distractoras* ($t(43) = 1.978$, $p = 0.05$), a *Negación* ($t(43) = 3.785$, $p = 0.00$), *Desconexión comportamental* ($t(43) = 2.795$, $p = 0.01$), e da *Resposta paliativa* ($t(43) = 3.063$, $p = 0.00$).




FIGURA 2. Utilización media de cada estrategia de afrontamento para os pacientes con maior intensidade sintomatolóxica en comparación cos pacientes con sintomatoloxía de intensidade leve. * $p < 0.05$.

Discusión

O principal resultado obtido fai referencia á relación existente entre unha intensidade da sintomatoloxía ansioso-depresiva leve e a utilización dun estilo de afrontamento *Activo*. Este resultado coincide cos resultados obtidos por outros autores que encontraron que o estilo de afrontamento activo ten efectos beneficiosos nos transtornos de ansiedade (Vollrath et al., 1996) e en transtornos depresivos (Aldwin e Revenson, 1987). Ademais, estudos de tipo prospectivo conclúen que o tipo de afrontamento pode até predecir o curso destes transtornos mentais (Vollrath et al., 1996). Alén do estilo de afrontamento *Activo*, neste estudo detectáronse unhas estratexias máis concretas, que son utilizadas con maior frecuencia polos pacientes con sintomatoloxía leve: a *Reevaluación positiva*, o *Conformismo*, o *Desenvolvemento persoal*, e o *Distanciamiento afectivo*; e outras estratexias que son máis utilizadas por pacientes con sintomatoloxía máis intensa: *Reacción depresiva*, a *Supresión de actividades distractoras*, a *Negación*, a *Desconexión comportamental*, e a *Resposta paliativa*.

Porén, á hora de interpretar os resultados, deben terse en conta algunhas limitacións do estudo realizado. Por unha parte, a mostra estaba composta fundamentalmente por mulleres, que son as principais demandantes de axuda psicolóxica para transtornos da esfera ansioso-depresiva. Por outra parte, este tipo de estudo non permite determinar se as estratexias de afrontamento son causa ou consecuencia da sintomatoloxía presente no momento da avaliación.


A pesar desta limitación, os resultados obtidos neste estudo teñen implicacións interesantes para a práctica clínica, e validan a extensa utilización e eficacia de certas intervencións psicolóxicas que implican un método de afrontamento activo como poden ser a mobilización en pacientes depresivos ou a exposición en pacientes que presentan sintomatoloxía ansiosa. Os

resultados obtidos sinalan ademais a presenza de certas estratexias que se poderían denominar máis adaptativas, coma as detectadas en pacientes con sintomatoloxía ansioso-depresiva leve e que se mencionan no inicio desta discusión. Unha recomendación que se pode extraer destes resultados, é a orientación das intervencións psicolóxicas de cara a manter e maximizar estas estratexias que xa posúen os pacientes. No entanto, naqueles pacientes con sintomatoloxía máis intensa, e que fan un uso de estratexias que se poderían denominar máis disfuncionais, os resultados suxiren unha intervención orientada ao abandono de tales estratexias á adquisición de outras estratexias máis adaptativas, isto é, aquelas utilizadas con máis frecuencia por pacientes que presentan sintomatoloxía leve, e que polo tanto parecen ser máis eficaces á hora de enfrontarse ás situacións problemáticas.

Bibliografía

- Aldwin, C. M. e Revenson, T. A. (1987). Does coping help? A reexamination on teh relation between coping and mental health. *Journal of Personality and Social Psychology*, 53, 337-348.
- Beck, A.T., Rush, A.J., Shaw, B.F. e Emery, G. (1979). *Cognitive therapy of depression*. New York: Guilford Press
- Fernández-Abascal, E.G. (1997). Estilos y Estrategias de Afrontamiento. En E.G. Fernández-Abascal, F. Palmero, M. Chóliz e F. Martínez (Eds.), *Cuaderno de Prácticas de Motivación y Emoción*. Madrid: Pirámide.
- Lazarus, R.S. y Folkman, S. (1984). *Stress, Appraisal and Coping*. New York: Springer Publishing Company.
- Girdano, D. e Everly, G.S. (1986). *Controlling stress and tension*. 2ªEd. Englewood Cliffs, NJ: Prentice-Hall.
- Sapolsky, R. M. (1995). *¿Por qué las cebras no tienen úlceras?: la guía del estrés*. Madrid: Alianza.
- Spielberger, Ch. D., Gorsuch, R. L. e Lushene, R. E. *Cuestionario de Ansiedad Estado-Rasgo (STAI)*. Madrid: TEA, 2002.
- Vollrath, M., Alnaes, R., e Torgersen, S. (1996). Differential effects of coping in mental disorders: a prospective study in psychiatric outpatients. *Journal of Clinical Psychology*, 52(2):125-35.

UNHA DOR DESAUTORIZADA



Casilda Oujo Fernández y Adalberto Iglesias Doval

Residentes de Psicología Clínica. Complejo Hospitalario Xeral-Calde, Lugo

Verónica Ferro Iglesias y Ania Justo Alonso

Residentes de Psiquiatría. Complejo Hospitalario Xeral-Calde, Lugo

Isabel Diéguez Frasquet

Terapeuta Ocupacional. Complejo Hospitalario Xeral-Calde, Lugo

M^a Jesús Vázquez Somoza y Delia Guitián Rodríguez

Psicólogas Clínicas. Complejo Hospitalario Xeral-Calde, Lugo

Ramón Area Carracedo

Psiquiatra. Complejo Hospitalario Xeral-Calde, Lugo

RESUMO

Esta comunicación pretende revisar o tema da dor polos abortos espontáneos, a morte perinatal e neonatal. Desde un nivel biolóxico, durante o embarazo e o puerperio danse importantes cambios a nivel fisiolóxico, que acompañados doutros factores como os psicosociais e ambientais, poden alterar a estabilidade mental das nais. En contraposición a estas formas de organización social, dúas pinceladas: Chile e Xapón. Dentro do nivel psicolóxico, os pais describen diversos tipos de perdas. Axiña comeza a se desenvolver o vínculo afectivo dos pais. A dor pola morte do fillo no embarazo non é só polo que foi senón tamén polo que podería ter sido. Entre as reaccións emocionais máis frecuentes: sentimentos de soidade, tristeza, culpabilidade, vergoña, ira, ciúmes, medo. Estes eventos poden afectar á relación coa parella, os outros fillos, os avós ou cos profesionais da saúde. Finalmente, algunhas recomendacións de cara á asistencia.

Palabras chave: Dor, perda, perinatal, neonatal, mortinato.

ABSTRACT

This paper intends to review the grief in spontaneous abortion, perinatal and neonatal death. From a biological level during pregnancy and puerperium important changes happen in the physiological level. They appear together with other factors like psychosocial and environmental factors and they can alter the mother's mental stability. From a social level we find the unauthorized grief concept. Opposing these kind of social organization, we point to examples: Chile and Japan. In the psychological level the fathers in this situation describe different kind of losses. In spite the short lifetime the fathers' affective link has appeared. We can usually find these emotional reactions: loneliness feelings, sadness, guilt, shame, anger, jealousy, fear. These events can affect the sentimental relationship, the relation with the other child, the grandfathers or with health-care professionals. Finally we point some recommendations on the assistance.

Key words: Grief, loss, perinatal, neonatal, unborn.

Introdución

Durante o embarazo e o puerperio danse importantes cambios a nivel fisiolóxico, que acompañados doutros factores como os psicosociais e ambientais, poden alterar a estabilidade mental das nais. En concreto, o puerperio considerouse como un dos períodos de maior risco para desenvolver psicopatoloxía.

Dor desautorizada

Cando un fillo morre no ventre ou saíndo deste, a xente nega esa realidade e non din: “morreu o bebé” senón “perdeu” o bebé. O discurso social evita, nega e minimiza a importancia destes eventos. “Eres xoven, volverás quedar embarazada”. Non existe un recoñecemento social.

Encontrámonos coa ambigüidade da perda no sentido de que non existe a constatación da comunidade, en ocasións non hai certificado de defunción, nin loito, nin funeral, nin corpo que enterrar. Son privados dos ritos que acostuman dar soporte a unha perda clara.

A ausencia de funerais impide rexistrar a perda mediante un rito de paso cara outro mundo, que o defunto se traslade desde o mundo dos vivos até o simbólico mundo dos mortos dificultando a transición desde unha posición e un papel social previos, que xa non son apropiados despois da perda, cara un novo papel e posición social. Por último, definen un período permisíbel de loito (v.g. os aniversarios).

Para a nai non é un embrión nin un feto, é o seu fillo. Esta pasaxe imaxinaria da célula ao fillo é extraordinariamente precoz na nai, non corresponde coa tardía consideración do bebé como suxeito, cidadán, ou fillo para o mundo civil, ou social, ou relixioso, despois do nacemento. En referencia a isto hai autores que utilizan o termo de dor desautorizada. Estes nenos non nacidos ou nacidos mortos non existen, non teñen un status nin para o discurso social, nin para o mundo ritual, nin para a lei. Ademais, no mundo médico é rexistrado na historia clínica da nai como outra doenza. En ocasións é incinerado como resto cirúrxico ao igual que fragmentos do corpo que se extirpan para recobrar a saúde. Nas consultas de saúde mental é infrecuente tomar nota das perdas reproductivas o cal reflicte a desconsideración ou influencia etiolóxica en alteracións psicopatolóxicas presentes ou futuras.

En contraposición a estas formas de organización social...

En Chile, algunhas igrexas teñen nas súas fachadas inscricións gravadas nunha pedra en memoria das almas dos nenos mortos antes de nacer.

En Xapón, si existe un lugar a onde van os “nenos da auga” ou “Mizukos”. Certos templos budistas fixeron lugar á memoria dos fetos, os “cemiterios de fetos”, aínda que ningún fora enterrado alí. Trátase en realidade de campos de estatuas. Despois dun aborto, morte en útero,

parto frustrado ou neno nacido morto, a parella que atravesou ese evento pode comprar un boneco (Mizuko) e colocalo nese cemiterio. É un espazo físico real onde compartir con outros a posibilidade de levarlle roupa, biberóns, flores e brinquedos para que o Mizuko non se aburra. É un lugar para a memoria sen-memoria. É dicir, aí onde se produciu un evento case sen marcas de memoria, o cemiterio ofrécese como posibilidade dun escenario para construír o que tería sido vestilo, alimentalo, xogar con el e producir postmortem ese lazo imaxinario que faltou.

A nivel psicolóxico

Falamos de perda cando algo ou alguén valioso para unha persoa lle é negado ou retirado despois da súa adquisición. Algunhas das perdas descritas polos pais son:

- Perda dunha persoa ou relación querida e valiosa: o fillo.
- Perda dalgún aspecto propio: a perda da autovaloración, dunha cualidade ou posición especial na sociedade, de atractivo, de imaxe corporal, de sentimento especial, ou dunha parte corporal visíbel ou invisíbel.
- Perda do desenvolvemento: perda do estado parental, da interacción social con outros pais e de compartir os primeiros momentos.
- Perda de obxectos materiais ou externos: elementos de puericultura, cestiñas, brinquedos, lembranzas como fotografías, libro do lactante, marcas das mans e pés, e outras evidencias tanxíbeis da existencia do fillo.

Particularidades deste tipo de perdas

A morte raramente é predecíbel noutro momento que non sexa na etapa final do ciclo vital. Durante a xestación e pouco despois do parto, a morte parece unha posibilidade remota. Ademais constitúe un desafío á orde natural das cousas. Morrer antes de vivir.

A pesar do curto tempo de vida, xa comezou o vínculo afectivo dos pais. O vínculo pais-fillo acostuma comezar no momento en que se planifica o embarazo ou durante este. Para a nai o vínculo co feto vese reforzado cando comeza a sentir que este se move, o seu corpo comeza a mudar de forma e o útero medra.

A diferenza doutros tipos de perdas, non existe unha “relación” no sentido extrafísico pola que haxa que chorar. A dor pola morte do fillo no embarazo non é só polo que foi senón tamén polo que podería ter sido. Mentres o fillo se desenvolve no ventre materno posúe unha realidade física propia. Pero durante a incubación a súa personalidade permanece descoñecida. Entón, o vínculo cos pais baséase no sentido ou significado que eles atribuíron ao fillo e á futura vida familiar.

Reaccións emocionais

A desautorización da dor pode levar facilmente a sentimentos de soidade, de estigmatización. Con frecuencia obsérvase un período de illamento.

Alén da pena, tristeza, decaemento, impotencia, desesperanza ou síntomas característicos dun episodio depresivo. A nivel cognitivo, a percepción dun mesmo como un fracaso, ou o fracaso dos pais como proxenitores eficaces e coidadores.

Culpa. Os pais tratan de encontrar no pasado algunha posíbel causa no seu propio comportamento anterior ao aborto ¿O aborto foi causado por ir bailar/ correr/ viaxar/ ter aquelas relacións sexuais/ por aquela actividade concreta/ por traballar? Séntense culpábeis por ter “malos xenes”. Temen que calquera sentimento de ambivalencia respecto ao embarazo contribuíra ao fracaso deste.

Vergoña. Causada pola percepción paterna da súa incapacidade de cumprir coas expectativas e funcións que a nosa cultura asigna á paternidade.

Ira, cando tratan de encontrar alguén a quen lle botar a culpa. A ira pode dirixirse contra os médicos, contra outros pais que tiveron fillos sans, contra a parella, contra outros fillos, contra un mesmo, ou contra Deus, ou contra o propio fillo morto.

Ciúmes, doutros pais cuxos fillos poden sobrevivir.

Medo, aos embarazos e perdas futuras.

A vida de parella al térase perante as diferentes manifestacións, intensidade e falta de sincronía no proceso de dor que viven ambos, e a súa falta de comunicación co fin de non aumentar o sufrimento do outro. Por iso é necesario contemplar a posibilidade de contemplar o suxeito de atención á parella mesma.

Se existen fillos previos, estes poden sufrir unha dupla perda, por un lado, a do irmán/irmá e por outro lado, a dos pais cando, moitas veces, están sumidos en estados de depresión. Non ver o irmán morto fai a perda menos real, máis suxeita a fantasías, ás veces sumamente terroríficas ou culposas. O neno pode superalo en 3-6 meses, presentando un patrón de recuperación á perda diferente da dos pais, o cal pode, á súa vez, resultar doloroso para estes. É importante considerar suxeitos de atención aos nenos. Algúns autores dan unha serie de recomendacións, como que os pais poidan contar con outros membros da familia ou con amigos de confianza para ocuparse dos nenos, especialmente ao principio. Tamén debe considerarse que os irmáns do bebé falecido poden incluírse en conversacións adecuadas para a súa idade e en expresións de dor e tristeza.

Os avós teñen a dor pola morte do seu neto e, á vez, sofren a dolor que o seu propio fillo debe experimentar. En ocasións poden presentarse conflitos polas diferenzas xeracionais e/ou culturais acerca do afrontamento dunha dor deste tipo, sobre todo en canto á negación ou a ritualización.

Os profesionais da saúde: a falta de coñecementos sobre como comportarse e a tendencia inconsciente a evitar situacións negativas fan que adopten unha actitude defensiva perante estas situacións de perda, impregnándose dunha sensación de frustración e impotencia, inclusive de culpabilidade. Pode tenderse a evitar determinadas situacións, reaxir de maneira hostil, minimizar a gravidade da perda ou insistir en impedir o contacto dos pais, especialmente da nai co corpo do fillo morto. As actitudes profesionais poden contribuír a diminuír a morbilidade posterior.

Que recomendar?

Non está claro se ver o feto axuda na elaboración, aínda que si parece claro no caso da morte perinatal (sempre e cando o neno no quedara demasiado desfigurado).

En mortes perinatales ou de recém nacidos, tras 8 ou 9 de esforzos... Non convén minimizar a perda, nin facilitar o “tirar para adiante” rapidamente. Isto podería levar a por ex. un embarazo inmediato, que se converte nun embarazo de alto risco, non só biolóxico senón tamén psicopatolóxico: pola interferencia que significa a dor non elaborada polo neno morto, pero tamén a dor non elaborada polas dúbidas da propia capacidade.

Os estudos mostran que o apoio ou counselling, inclusive cando breve, pode reducir a morbilidade dos pais.

As medidas deben adaptarse a cada caso concreto e cada familia, pero en xeral podemos recomendar:

1. Na inducción do parto, non é conveniente a sedación intensa da nai, xa que aumenta a sensación de irrealidade e pode alterar o desenvolvemento dunha dor normal.
2. Cando a nai regresa á habitación, é conveniente separala doutras nais que desfrutan dos seus fillos. Aínda que tampouco convén deixala nunha habitaciónsoa, pois aumentarían os seus sentimentos de soidade.
3. Axudar aos pais a vincularse (para despois desvincularse), a que poidan ver o niño, sustentalo, encontrarlle parecidos coa familia, proporcionarlle as últimas caricias e contactos, pero sempre respectando as súas decisións, e desde logo entendendo a diferenza entre algo aconsellábel e algo obrigatorio.
4. Formar unha lembranza ou unha memoria mediante pulseiras, marcas dixitais, roupa, cabelo, fotografías...
5. Facilitar que os pais poidan asistir aos funerais, se así o desexaren, e demais rituais (esquela, recordatorio...).
6. É importante intentar aclarar as causas da morte mediante un estudo. Necesitan moita información e apoio, para conter as súas emocións (en particular as dúbidas e a culpa) e antes de embarcarse en novos embarazos.

7. Lembrar estas perdas non é malo. Vale a pena lembrar os aniversarios, e ofrecer compañía e apoio neses días.

8. De igual maneira, na consulta débese axudar aos pais a que expresen os seus sentimentos e fantasías con respecto ao fillo morto: que esperaban del; como os decepcionou, entristeceu, doe a perda; que pasou coa súa confianza e esperanza nos demais e o mundo desde entón.

9. Convén que reciban axuda con respecto aos seus sentimentos de culpa, medo, ira.

10. Axudar a que poidan darse un tempo para elaborar a perda e o loito.

11. Axudar aos pais a expresar sentimentos cara o bebé, refacer as fantasías sobre o lugar ocupado ou que ía ocupar, refacer as lembranzas acerca do embarazo e os días que viviu, cambiar o dormitorio infantil previamente preparado, dar a outros os obxectos máis perecedoiros, considerar a espera para ter outro fillo ou, se for preciso, repensar a posibilidade ou conveniencia de outro fillo ou traballar a imposibilidade de telo.

12. Poden ser útiles os grupos de apoio, que permiten normalizar a situación e diminuír o illamento. De igual maneira, algúns libros de autoaxuda ou determinadas páxinas de internet, no momento preciso, poden ser de axuda.

13. Convén que o persoal sanitario no campo da maternidade e a atención á familia recoñeza e se forme nos procesos de loito. O establecemento de protocolos de colaboración cos servizos de psiquiatría é outra das accións a considerar.


14. O terapeuta tamén está suxeito á súa propia subxectividade e biografía, polo que é necesaria unha certa consciencia da natureza das perdas persoais e diferenciar entre as propias e aquelas sufridas polos seus pacientes, para que non se proxecten no paciente xeneralizacións estereotipadas.

15. En canto aos protocolos, constitúen guías que orientan as intervencións, pero non normas estrictas. Cada pai e nai é distinto, e requiren dunha atención sensíbel ás súas necesidades emocionais do momento.

Bibliografía

- Boss, P. (2001). *La pérdida ambigua*. Barcelona: Gedisa.
- Capitulo, K.L. (2004). Perinatal grief online. *Am J Matern Child Nurs*, Sep-Oct; 29(5):305-11.
- Cordero, M.A.; Palacios, P.; Mena, P. e Medina, L. (2004). Perspectivas actuales del duelo en el fallecimiento de un recién nacido. *Revista chilena de pediatría*. 75(1); 67-74.
- Gilbert, E.S. e Harmon, J.S. (2003). *Manual de embarazo y parto de alto riesgo*. Madrid: Elsevier.
- Ilse, S. (2005). *Brazos vacíos*. Maple Plain: Wintergreen Press.
- Iribarne, C.; Mingote, C; Denia, F; Ruiz Balda, J.A. e De la Fuente Pérez, P. (2002). Estrés, estrategias de afrontamiento y duelo en mujeres infértiles. *C. Med. Psicosom*, nº 64, 7-14.
- Muniagurria, G.E. (2004). La muerte en el inicio de la vida. *Interpsiquis*.
- REPORTAXE: Duelo por el bebé que se fue al nacer.
http://www.elpais.com/articulo/salud/Duelo/bebe/fue/nacer/elpepusocsal/20070116elpepisal_3/Tes
- Savage, J.A. (1992). *Duelo por las vidas no vividas*. Barcelona: Luciérnaga.
- Tizón, J.L. (2004). *Pérdida, pena, duelo*. Barcelona: Paidós.

A RESPOSTA DE SEPARACIÓN MATERNA: A RATA OU O DIVÁN



Carrera, O.

Complejo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

Unidade Venres Clínicos (USC)

olaia.carrera@usc.es

RESUMO

O obxectivo desta comunicación é pór de relevo algunhas transformacións experimentadas na noción dun concepto chave da teoría do apego -a resposta de separación-, desde os contributos da investigación con modelos animais. A teoría do apego baseouse na etoloxía para introducir unha nova concepción do vínculo materno-filial, até ese momento explicado en termos de motivacións secundarias. Segundo Bowlby, a necesidade dunha vinculación primaria co proxenitor non deriva de ningunha outra función, e é esencial para a sobrevivencia dos humanos e outros mamíferos. Este vínculo faise particularmente evidente cando se interrompe, dando lugar á resposta de separación coas súas dúas fases de protesta e desesperanza. Esta resposta de separación non é un fenómeno especificamente humano, xa que tamén foi descrita en primates. Porén, foi a constatación de Hofer da existencia desta resposta en ratas de laboratorio a que supuxo un cambio máis radical na concepción do apego, cuestionando a necesidade de funcións cognitivas superiores para o establecemento do mesmo.

Palabras chave: teoría do apego, resposta de separación, modelos animais, reguladores ocultos.

ABSTRACT

The main aim is to highlight some transformations undergone by a key concept in the attachment theory -the separation response- from animal research contributions. Attachment theory was well grounded in ethology, modifying predominant infant attachment explanation that attributed the infant's attempts to stay near the familiar person to motivation learned through feeding experiences and gratification of libidinal drives. Within attachment theory, attachment is primarily a process of proximity seeking to an identified attachment figure for the purpose of survival. Bowlby described a biphasic protest-despair response following maternal separation in infants that has been described in non-human primates too. However, the deepest change in the attachment theory came from the discovery of the separation response in laboratory rats conducted by Hofer. This discovery provided us with an explanation for the separation response that does not depend on the complex mental and emotional processes we once thought were necessary to mediate the attachment bond.

Key words: attachment theory, separation response, animal models, hidden regulators.

“Bowlby? Give me Barrabas”

A teoría do apego foi orixinalmente formulada polo psicanalista británico John Bowlby. Até 1958, ano en que Bowlby introduce por vez primeira a teoría do apego, as teorías máis amplamente aceptadas para a explicación do vínculo nai-fillo eran de tipo motivacional secundario. Isto significa que desde diferentes perspectivas teóricas, coma a teoría psicanalítica ou a teoría da aprendizaxe social, propónse que o vínculo nai-fillo surxe porque a nai alimenta o fillo, asociándose así, de forma positiva, a satisfacción de necesidades primarias coma a fame coa presenza da nai (Cassidy, 1999).

Para Bowlby esta explicación tradicional do vínculo nai-fillo non encaixaba coas súas observacións realizadas durante a súa experiencia clínica con menores, nin coa información que intercambiaba frecuentemente con colegas etólogos. Bowlby sinala a necesidade dunha vinculación primaria co proxenitor, que non deriva de ningunha outra función, e cuxa función principal é a protección. Tres foron os piares sobre os que apoiou este plantexamento orixinal para desbotar as teorías motivacionais secundarias como posíbel explicación do establecemento do apego: 1) Os descubrimentos de Lorenz (1935) acerca de crías de ganso que se apegaban a pais que non os alimentaban; 2) As observacións de Harlow (1958) de crías de macacos que preferiron a “nai” cuberta cunha manta e que proporcionaba un contacto confortábel á “nai” de reixa metálica que proporcionaba alimento; e 3) As observacións de nenos que establecían o apego inclusive con nais maltratadoras (Bowlby, 1956).

Cando Bowlby comezou a desenvolver a teoría do apego encontrou na etoloxía o marco que estaba a buscar para redefinir a psicanálise desde unha linguaxe máis científica. Para o autor, a etoloxía examina comportamentos análogos a moitos dos que nos interesan clinicamente, e ofrece a posibilidade de contrastar hipóteses que serían incontrastábeis de ser abordadas desde o entramado psicanalítico. Os plantexamentos de Bowlby, baseados na observación directa, e a introdución de terminoloxía propia da etoloxía, suscitaron un aluvión de críticas no seo da *British Psychoanalytic Society*, por ter abandonado as cuestións máis simbólicas do vínculo materno-filial. O encabezamento desta sección -“Bowlby? Give me Barrabas”-, expresión empregada por un dos membros desa sociedade, dá idea do sismo que produciu a teoría do apego (Bretherton, 2000). Porén, a pesar das mofas dos seus compañeiros, a obstinación de Bowlby fixolle seguir aprofundando nos seus plantexamentos orixinais e, hoxe por hoxe, o impacto da teoría do apego é tal, que as principais propostas de Bowlby son aceptadas por un amplo abano de disciplinas, incluídas a propia psicanálise e a etoloxía.

Segundo Bowlby (1969) o vínculo tan estreito que se establece entre o bebé e o coidador principal é o resultado dun desexo, de base puramente biolóxica, de manter a proximidade co coidador. Trataríase pois, dun atributo biolóxico universal derivado da historia natural da humanidade. Desde esta perspectiva evolutiva, a selección xenética tería favorecido os

comportamentos de apego, como sorrir, chorar ou seguir á nai, porque aseguran a proximidade dun adulto protector, afastando así posíbeis depredadores, o que se traduce nunha maior probabilidade para a prole de sobrevivir e de chegar a idade fértil na cal reproducirse.

Resposta de separación materna

Unha das contribucións máis significativas de Bowlby foi a definición das fases da resposta de separación a partir dos comportamentos observados nos nenos cando son separados da súa nai. Robertson e Bowlby (1952) estudaron as reaccións de nenos que tiveron que ser ingresados no hospital onde permaneceron algúns días en ausencia de calquera tipo de contacto cos seus pais. Baixo estas condicións, os autores describiron tres fases polas que foron pasando os nenos de forma consecutiva: a fase de protesta, de desesperanza e de desapego.

As dúas primeiras fases corresponden concretamente ao período de separación, mentres que a terceira pertence ao momento de reunión coa nai. A fase de protesta comeza en canto a nai se afasta do neno e pode durar horas e até días. Durante esta fase inicial, o neno procura recuperar a súa nai exercitando plenamente os seus recursos, o que se caracteriza por un pranto forte, gritos e mostras de angustia e ansiedade perante calquera indicio que poida significar a volta da súa nai. Despois desta primeira fase de axitación, a conduta do neno suxire que está perdendo a esperanza de que a nai volte: os movementos físicos diminúen, o pranto tórnase intermitente ou desaparece e aumenta unha actitude de indefensión, de impotencia. O neno encóntrase na fase de desesperanza, caracterizada por unha grande pasividade por parte do suxeito.

Alén das manifestacións descritas a nivel comportamental, existen correlatos fisiolóxicos específicos desas fases con cambios en diferentes parámetros como a temperatura corporal, a frecuencia cardíaca, o ciclo sono-vixilia (Field e Reite, 1984), e alteracións endócrinas que afectan á secreción da hormona de crecemento (Powell et al., 1967). Curiosamente, estas mesmas alteracións fisiolóxicas encóntranse en xóvens primates non humanos durante a separación materna, o cal confirma a existencia de perfís de activación fisiolóxica diferenciados correspondentes ás fases de protesta e desesperanza (Amini et al., 1996; Field e Reite, 1984). Así pois, as observacións preliminares da conduta de nenos separados realizadas por Bowlby non son únicas e exclusivas do ser humano, senón que noutros mamíferos, a separación da figura materna tamén vai sistematicamente seguida dun paquete similar de respostas fisiolóxicas e comportamentais.

Non obstante, a auténtica revolución na comprensión da resposta de separación non se produciu pola descrición deses cambios comportamentais e fisiolóxicos en primates humanos e non humanos (o cal pode parecer bastante lóxico dada a proximidade na escala evolutiva), senón que eses mesmos procesos obsérvanse en ratas. A constatación da resposta de separación en animais aparentemente tan afastados do ser humano como as ratas supuxo un desafío á presunción da necesidade de capacidades cognitivas e emocionais superiores para o

establecemento do vínculo de apego. De aí a incredulidade do propio Hofer cando comprobou por primeira vez a existencia deste tipo de vínculo en roedores: “In 1968 I could not imagine that the kind of attachment Bowlby described might take place in a relatively ‘primitive’ species, such as the laboratory rat” (Hofer, 1994, p. 10).

O papel de Hofer e os reguladores ocultos

Hai 50 anos era absurdo pretender estudar a resposta de separación en ratas. Supúñase que para o desenvolvemento do vínculo de apego coa nai era imprescindible a participación de certas capacidades superiores (emocionais e cognitivo-simbólicas) que permitisen a concepción dun obxecto -a nai- como algo que existe independentemente do si mesmo. Segundo este plantexamento mentalista, a resposta de separación concíbíase como un todo coordinado, unha resposta que de algunha maneira esixía certo tipo de consciencia ou percatación de que a nai estaba ausente.

Myron Hofer, Profesor do Departamento de Psiquiatría do Columbia University College of Physicians and Surgeons de Nova Iorque, desenvolveu unha liña de traballo á volta das consecuencias que trae a separación dunha cría de rata da súa nai. Esta liña de investigación permitiu a identificación dos mecanismos biolóxicos que subxacen ás interaccións nai/cría e contribuíu ao desenvolvemento dunha perspectiva máis neurofisiolóxica do apego. Coma en tantas outras ocasións en investigación, o azar puxo a Hofer sobre a pista que seguiría durante o resto da súa vida como investigador, e que o converteu nunha figura de referencia no ámbito da separación materna. O interese de Hofer pola resposta das crías de rata á separación materna surxiu a raíz dunha observación accidental no laboratorio cando unha noite, unha rata escapou da caixa deixando as crías soas durante varias horas. Segundo manifesta Hofer (2000), ao chegar ao laboratorio no día seguinte observou uns cambios fisiolóxicos e comportamentais nas crías (movíanse de vagar, a súa temperatura corporal estaba 2 ou 3 graos por baixo do normal e a súa frecuencia cardíaca diminuíra) que lle lembraron moito á fase de desesperanza da resposta de separación descrita en humanos e en macacos. Pero, como pode saber unha cría de rata recién nacida que a súa nai non está?

Nun primeiro momento, Hofer pensou que a ausencia do calor materno provocara o descenso na temperatura corporal das crías, o que á súa vez provocara cambios na frecuencia cardíaca e no comportamento. Non obstante, ao indagar o efecto que tiña subministrar calor artificial ás crías, esta primeira hipótese demostrouse errónea. Hofer encontrou que as crías pasaban da depresión á hiperactividade pero que a frecuencia cardíaca non variaba. Polo tanto, cal era o aspecto da interacción nai-cría responsábel de manter a frecuencia cardíaca nas crías?

Traballos posteriores (Hofer, 1982, 1987, 1996) foron revelando, por unha parte, que a frecuencia cardíaca normal da cría se mantén mediante a alimentación, a través da interacción do leite con receptores gastrointestinais. Porén, é a ritmicidade dos patróns de alimentación, e

non a alimentación en si mesma, a responsábel da regulación do ciclo sono-vixilia. Por outra parte, os niveis de actividade motora encóntranse regulados a través da calor e a estimulación táctil. A estimulación táctil tamén parece ser responsábel da regulación da hormona e enzimas do crecemento. Durante a separación materna, todos os estímulos reguladores maternos pérdense á vez, dando lugar a un patrón complexo onde se incrementan os niveis de algunhas funcións e descenden outros, creando a típica forma de resposta de separación.

Porén, o feito de que os diferentes sistemas das crías respondan de forma simultánea non significa que a resposta de separación sexa resultado dun mecanismo común e único. As crías teñen unha serie de sistemas que responden de forma relativamente independente aos diversos estímulos reguladores da nai, e durante a separación cada un destes sistemas individuais da cría responde á ausencia dun ou outro elemento regulador previamente establecido na interacción coa nai, tal como se detalla na Táboa 1.

Así pois, ocultos dentro das interaccións nai-cría encóntranse múltiples eventos sensoriomotores, termal-metabólicos e nutritivos que teñen un inesperado efecto regulador nos sistemas condutuais e fisiolóxicos da cría. Coa palabra “regulador” Hofer quere expresar a idea de que sistemas individuais da cría son controlados no seu nivel, frecuencia ou ritmo por compoñentes particulares da interacción social coa nai (Hofer, 2000). E a perda, durante a separación materna, destes reguladores ocultos é o que dá lugar ao que coñecemos como fases de protesta e desesperación.

Táboa 1. Reguladores ocultos (en ratas)

Sistemas da cría	Dirección	Reguladores maternos
<i>Comportamentais</i>		
-Nivel de actividade	Incrementado Diminuído	Calor corporal Táctiles e olfatorios
-Mamar	Diminuído	Leite (distensión) Estimulación táctil
<i>Neuroquímicos</i>		
-NE, DA	Incrementado	Calor corporal
-OCD	Incrementado	Estimulación táctil
<i>Metabólicos</i>		
-Consumo osíxeno	Incrementado	Leite (azucro)
<i>Ciclos sono-vixilia</i>		
-Sono REM	Incrementado	Periodicidade, leite e estimulación táctil
-Activación	Diminuído	
<i>Cardiovasculares</i>		
-Frecuencia cardíaca	Incrementada	Leite, receptores gastrointestinais
-Resistencia	Diminuída	
<i>Endócrino</i>		
-Hormona crecemento	Incrementada	Estimulación táctil


Nota: NE = norepinefrina; DA = dopamina; OCD = ornitina decarboxilasa.

Nos mamíferos sociais, o sistema nervioso está formado por circuítos homeostáticos abertos que requiren a estimulación externa procedente doutro mamífero social para manter a homeostase interna (Hofer, 1984). Segundo esta nova perspectiva, a relación de apego é o elemento regulador fundamental da neurofisioloxía básica dos mamíferos sociais (Amini et al., 1996). Desta maneira, o traballo de Hofer contribuíu ao abandono da resposta de separación como unha resposta psicofisiolóxica unitaria e á transformación do concepto de apego orixinariamente proposto por Bowlby.

Bibliografía

- Amini, F., Lewis, T., Lannon, R., Louie, A., Baumbacher, G., McGuinness, T. e Schiff, E. (1996). Affect, attachment, memory: contributions toward psychobiologic integration. *Psychiatry*, 59 (3), 213-239.
- Bretherton, I. (2000). The origins of attachment theory: John Bowlby and Mary Ainsworth. En S. Goldberg, R. Muir e J. Kerr (Eds.), *Attachment theory: Social, developmental, and clinical perspectives* (pp. 45-84). New York: The Analytic Press.
- Bowlby, J. (1956). The growth of independence in the young child. *Royal Society of Health Journal*, 76, 587-591.
- Bowlby, J. (1958). The nature of the child's tie to his mother. *International Journal of Psycho-Analysis*, 39, 350-373.
- Bowlby, J. (1969). Attachment and loss, Vol. 1: *Attachment*. New York: Basic Books.
- Cassidy, J. (1999). The nature of the child's ties. En J. Cassidy e P. R. Shaver (Eds.), *Handbook of attachment: Theory, research, and clinical applications* (pp. 3-20). New York: The Guilford Press.
- Field, T. e Reite, M. (1984). Children's responses to separation mother during the birth of another child. *Child Development*, 55, 1308-1316.
- Harlow, H. F. (1958). The nature of love. *American Psychologist*, 13, 673.
- Hofer, M. A. (1987). Shaping forces within early social relationships. En N. A. Krasnegor, E. M. Blass, M. A. Hofer e W. P. Smotherman (Eds.), *Perinatal development: a psychobiological perspective* (pp. 251-274). New York: Academic Press.
- Hofer, M. A. (1994). Early social relationships as regulators of infant physiology and behaviour. *Acta Paediatrica*, 397, 9-18.
- Hofer, M. A. (1996). On the nature and consequence of early loss. *Psychosomatic Medicine*, 58 (6), 570-581.
- Hofer, M. A. (2000). Hidden regulators: implications for a new understanding of attachment, separation and loss. En S. Goldberg, R. Muir e J. Kerr (Eds.), *Attachment theory: Social, developmental, and clinical perspective* (pp. 203-232). New York: The Analytic Press.
- Lorenz, K. E. (1935). Der kumpan in der Umwelt des vogels. En C. Schiller (Ed.), *Instinctive behavior*. NY: International Universities Press.
- Robertson, J. e Bowlby, J. (1952). Responses of young children to separation from their mothers. *Courier of the International Children's Centre, Paris, II*, 131-140.
- Powell, G. F., Brasel, J. A. e Blizzard, R. M. (1967). Emotional deprivation and growth retardation simulating idiopathic hypopituitarism. I. Clinical evaluation of the syndrome. *New England Journal of Medicine*, 276, 1271-1278.

CRENZAS METACOGNITIVAS COMO PREDICTORES DE PROPENSIÓN A DELIRIOS



Beatriz Abad Villaverde

RESUMO

Os delirios en poboacións non clínicas son, segundo Strauss (1969), experiencias que ocorren ao longo dun continuum, que vai desde a propensión a ter ideas delirantes até o pólo oposto onde se situarían as formas patolóxicas. O posicionamento ao longo do continuum determínase a intensidade das crenzas, a preocupación que causan e o grao de certeza que conlevan. **Obxectivo:** Analizar o papel das crenzas metacognitivas no proceso de transición desde fenómenos delirantes “normais” a formas patolóxicas. **Método:** N= 387 estudantes universitarios con idades entre 18 e 43 anos (M= 20.99; SD= 2.46). Aplicouse a Escala de Propensión a Delirios (PDI-21; Peters et al., 2004) e o Metacognitions Questionnaire (MCQ-30; Wells & Cartwright-Hatton, 2004), para coñecer o patrón metacognitivo dos participantes. **Resultados:** A propensión a delirios, tanto de forma global coma analizando cada dimensión por separado: Malestar, Preocupación e Certeza, están asociadas coas crenzas metacognitivas. Discútese os resultados fronte aos achados actuais na literatura.

Palabras chave: Delirios, síntomas positivos, Metacognición, Hipóteses do continuum, Crenzas Metacognitivas.

ABSTRACT

The delusions in nonclinical populations are experiences that happen through out a continuum, from the proneness to have delusional ideas to the opposite, where the pathological forms are placed. The positioning along the continuum is determined by the beliefs, the worries it causes and the degree of certainty they imply. **Objective:** To analyse the role of the metacognitive beliefs in the transitional process from “normal” delirious phenomena to pathological forms. **Method:** N= 387 university students 18 to 43 of age (M= 20.99; SD= 2.46). The Peters Delusions Inventory (PDI-21; Peters et al., 2004) and the Metacognitions Questionnaire (MCQ-30; Wells & Cartwright-Hatton, 2004) were applied in order to know the participant's metacognitive pattern. **Results:** The proneness to delusion, both in a global form and analysing each of its dimensions by themselves – Discomfort, Worry and Certainty –, is linked to the metacognitive beliefs. The results are discussed with the current discoveries in publications.

Keywords: Delusions; Positive symptoms; Metacognition; Continuum hypothesis; Metacognitive beliefs.

Jaspers (1963) considerou que os delirios se mantiñan cunha extraordinaria convicción e certeza subxectiva. De seu, o DSM-IV-TR contribúe á idea de que a convicción excesiva é condición suficiente para considerar a existencia dun delirio. Porén, durante as últimas décadas documentouse, cada vez máis, que a convicción delirante non é tan absoluta como se asumira (APA, 2002). Unha persoa crerá plausíbel unha situación en función da súa personalidade, circunstancias e antecedentes. Algúns autores consideran, ademais, que non se deben ignorar outros elementos que participan no constructo de delirio. En particular, que son incomprensíbeis, ocorren nun contexto inapropiado ou están fóra dos antecedentes educativos, culturais ou sociais da persoa. Certamente, sería inxenuo, desde unha perspectiva clínica, supor que os informes acerca da convicción son independentes da personalidade, o humor e outras circunstancias (Freeman & Garety, 1999).

Por outra parte, existen estudos que amosan como os delirios, como tales ou nunha forma atenuada, son prevalentes entre a poboación sá (Peters, et al., 1999). Estes estudos suxiren que os delirios se moven nun continuum coas experiencias normais.

Atendendo á convicción e prevalencia en poboacións non clínicas, surxen os principais argumentos a favor de considerar os delirios como continuos coas crenzas normais, de tal forma que durante os últimos anos, medrou o interese polo estudo destes fenómenos en persoas sen psicopatoloxía algunha. Estes e outros datos levan a Strauss (1969) a plantexar a hipótese do continuum, segundo a cal as experiencias delirantes ocorren ao longo dun continuum que podería comezar coa propensión a delirios e, en certos casos, evolucionar até o pólo oposto, onde se situarían as formas patolóxicas. O posicionamento ao longo do continuum determínan a intensidade das crenzas, a preocupación que causan e o grao de certeza respecto a esas ideas.

Estudos lonxitudinais de fenómenos similares en poboacións non-clínicas amosan que hai poucos predictores de psicose clínica (Chapman et al. 1994). Non obstante, estes traballos teñen un papel moi importante na caracterización dos pródromos de doenza psicótica, así como para coñecer os factores implicados no proceso de transición cara formas patolóxicas, en tanto que facilitaría o desenvolvemento de estratexias para intervencións precoces. Por todo isto, unha vez revisada a literatura científica ao respecto (Morrison et al., 2001; 2002), plantexamos que determinado tipo de crenzas metacognitivas poderían estar implicadas no proceso de transición descrito. Así pois, o obxectivo fundamental desta investigación é coñecer se as distintas dimensións das crenzas metacognitivas poden predecir a propensión aos delirios.

Método

Participantes

Empregouse unha mostra de 387 universitarios, 337 mulleres (87.1%) e 50 homes (12.9%), con idades entre 18 e 43 anos ($M = 20.99$; $SD = 2.46$). Os participantes foron seleccionados aleatoriamente entre os estudantes de varias facultades da Universidade de Santiago de Compostela.

Instrumentos

Aplicouse a escala de propensión a delirios (Peters et al. Delusions Inventory: 21 ítems (PDI-21; Peters et al., 2004) e o Metacognitions Questionnaire: 30 ítems (MCQ-30; Wells & Cartwright-Hatton, 2004), para coñecer o patrón metacognitivo. O PDI-21 é un inventario para avaliar propensión a delirios en poboación normal. A propensión a delirios se avalíase a partir da puntuación total da escala, tendo en conta as dimensións de Malestar, Preocupación e Certeza. Aplicouse unha versión do PDI-21 adaptada ao español polo equipo de investigación. Para coñecer a adecuación e comprensión da nova versión, aplicouse a unha mostra de 20 universitarios, obtendo un resultado satisfactorio. Para avaliar as crenzas metacognitivas os participantes completaron unha versión francesa, traducida ao español, do MCQ-30. A tradución foi levada a cabo segundo o procedemento descrito para o PDI-21. A versión do MCQ empregada está composta por 30 ítems, puntuados nunha escala Likert. O perfil metacognitivo avalíase a partir das puntuacións en cada dimensión do inquérito, que son: Confianza cognitiva, Crenzas positivas sobre preocupación¹, Crenzas negativas en xeral², Crenzas negativas sobre a Necesidade de control do pensamento³ e Autoconsciencia.

Procedemento

Os participantes foron avaliados nas aulas onde habitualmente reciben docencia. Cada participante recibiu un caderno coas probas de avaliación. Todos os cadernos eran exactamente iguais, tanto en estrutura coma en contido. A orde seleccionada para a presentación dos inquéritos no caderno, fundaméntase no tempo estimado, a partir das probas piloto, para que estes sexan correctamente cubertos. Todos os participantes recibiron as mesmas instrucións, e cada proba estaba introducida polas instrucións necesarias para ser cuberta adecuadamente.

¹ En diante denominadas “Crenzas positivas”.

² En diante denominadas “Crenzas negativas”.

³ En diante denominadas “Necesidade de control”.

Análise de datos e resultados

Para a análise estatística dos datos utilizouse o SPSS (versión 14.0) para Windows.

Co propósito de estudar a propensión a delirios nos universitarios, creáronse dous grupos en función das súas puntuacións no PDI-21, tomando como punto de corte 7, que é o umbral establecido polos autores do inventario. Así, os participantes con puntuación total inferior a 7 foron considerados sen propensión a delirios (NPD) ($n= 264$) e aqueles con puntuacións por cima de 7, formaron o grupo con propensión a delirios (PD) ($n= 83$). Os participantes con puntuacións igual a 7 foron excluídos das análises ($n= 40$). Na Táboa 1, pode observarse como o 23.9% da mostra presenta propensión.

TÁBOA 1. Porcentaxe de homes e mulleres con NPD e PD

		Puntuación no PDI-21	
		NPD <7	PD>7
Sexo	Home	74.4%	25.6%
	Muller	76.3%	23.7%
Total		76.1%	23.9%

Nota: NPD: Non propensión a delirios;
PD: Propensión a delirios

Como se pode observar na Táboa 1, existen tanto para os homes como para as mulleres, aproximadamente, tres veces máis posibilidades de NPD que de PD.

Por outra parte, para coñecer se existían diferenzas estatisticamente significativas entre os grupos NPD e PD nas dimensións de: “Malestar”, “Preocupación” e “Certeza” realizouse a proba *t* de Student para mostras independentes.

TÁBOA 2. Dimensións do PDI-21: Estatísticos descritivos

Dimensións PDI-21	PDI-21	N	<i>M</i>	<i>SD</i>	<i>t</i>	<i>p</i>
Malestar	NPD	263	9.72	5.37	-16.03	.0001
	PD	82	26.58	9.04		
Preocupación	NPD	262	8.17	4.41	-17.15	.0001
	PD	83	25.54	8.90		
Certeza	NPD	262	9.90	4.71	-16.20	.0001
	PD	81	27.89	9.65		

$p<0.01$

Como se presenta na Táboa 2, existen diferenzas estatisticamente significativas entre o grupo con NPD e o grupo con PD para todas as dimensións da escala de propensión a delirios.

Para coñecer en que medida as crenzas metacognitivas predican a propensión a delirios, levouse a cabo unha análise de regresión linear múltiple. Para iso, tomouse o sumatorio de respostas afirmativas no inventario PDI-21 como variábel dependente (VD), e como predictores (VI) as puntuacións en cada dimensión do MCQ-30. Todas as variábeis explicativas se consideraron coa mesma forza teórica como predictores, e introducíronse simultaneamente no modelo de análise de regresión linear múltiple. A bondade de axuste do modelo é de $R^2=.21$, que indica que a porcentaxe de varianza explicada por estes predictores é moderada.

TÁBOA 3. Variábeis metacognitivas predictoras de propensión a delirios

	MALESTAR		PREOCUPACIÓN		CERTEZA	
	β	p	β	p	β	p
Confianza cognitiva	.04	n.s.	.06	n.s.	.05	n.s.
Crenzas positivas	.12	<.05	.16	<.01	.13	<.05
Crenzas negativas	.24	<.01	.22	<.01	.16	<.01
Necesidade de control	.33	<.01	.29	<.01	.28	<.01
Autoconsciencia	-.01	n.s.	.08	n.s.	.09	n.s.

n.s.= Non significativo

Na Táboa 3, os coeficientes β indican cales son as crenzas metacognitivas que mellor predican a propensión a delirios. Tres, das cinco variábeis explicativas, resultaron estatisticamente significativas. A Necesidade de control do pensamento ($\beta= .27$; $p\leq .01$), as Crenzas positivas ($\beta= .12$; $p\leq .05$), e as Crenzas negativas ($\beta= .14$ $p\leq .05$) son as dimensións metacognitivas que mellor predican a propensión a experimentar delirios, en tanto que a relación entre as variábeis é directa e significativa.

Por outra parte, mediante análises de regresión linear múltiple, examinouse como influían as crenzas metacognitivas no Malestar, a Preocupación e a Certeza do PDI-21 (Táboa 4).

TÁBOA 4. Predictores metacognitivos de Malestar, Preocupación e Certeza do PDI-21

PROPENSIÓN A DELIRIOS	β	p
Confianza cognitiva	n.s.	n.s.
Crenzas positivas	.12	<.05
Crenzas negativas	.14	<.05
Necesidade de control	.27	<.01
ⁿ Autoconciencia	n.s.	n.s.

n.s.= Non significativo

Os resultados indican que as Crenzas positivas ($\beta = .12$; $p \leq .05$), as Crenzas negativas ($\beta = .24$; $p \leq .01$), e a Necesidade de control ($\beta = .33$; $p \leq .01$), son os mellores predictores do Malestar, a Preocupación e a Certeza na tendencia a experimentar delirios

Discusión e conclusións

A avaliación da propensión a delirios mediante o PDI-21 revelou que un 23.9% dos participantes presentan esta tendencia. Outros traballos que informan de ideación delirante nas mostras non clínicas aportan resultados similares aos nosos (Peters et al., 1999; 2004; Lincoln, 2007), o que apoia a proposta de que estas experiencias son comúns nunha porcentaxe importante da poboación xeral.

A asociación entre a propensión a delirios, e as súas dimensións, coas crenzas metacognitivas é unha relación que foi pouco documentada. Os resultados da nosa investigación amosan que existe correlación entre a tendencia á ideación delirante e as crenzas metacognitivas particulares de cada individuo. Esta relación xa fora informada antes por estudos con pacientes clínicos (Freeman & Garety, 1999; Morrison & Wells, 2003), pero só Larøi et al. (2005b) examinaron esta asociación tendo en conta os factores específicos da ideación delirante en poboación xeral.


Os resultados indican que a propensión a delirios, tanto en termos xerais como analizando cada unha das súas dimensións por separado (Malestar, Preocupación e Certeza) están asociadas coas crenzas metacognitivas. En concreto, as Crenzas negativas, as Crenzas positivas e a Necesidade de control son as dimensións das crenzas metacognitivas que mellor predicen a propensión a delirios na mostra estudada. Estes datos son coherentes coa proposta de Garety et al. (2001) de que os síntomas positivos da psicose probabelmente comparten unha etiología común.

Para finalizar, cabe sinalar algunhas limitacións que presenta este traballo. Unha delas, refírese á mostra, composta unicamente por estudantes universitarios, mulleres na súa maioría e, polo tanto, deben ser interpretados con cautela.

Bibliografía

- American Psychiatric Association (2002). *Manual Diagnóstico y Estadístico de los Trastornos Mentales* (DSM-IV-TR). Editorial Mason (Madrid).
- Chapman, L.J. & Chapman, J.P. (1988). The genesis of delusions. Oltmanns, T.F. & Maher, B.A. (Eds), *Delusional beliefs*. 167-183. New York: Wiley.
- Freeman, D., & Garety, P. A. (1999). Worry, worry processes and dimensions of delusions: an exploratory investigation of a role for anxiety processes in the maintenance of delusional distress. *Behavioural and Cognitive Psychotherapy*, 27, 47-62.
- Garety, P. A., Kuipers, E., Fowler, D., Freeman, D., & Bebbington, P. E. (2001). A cognitive model of the positive symptoms of psychosis. *Psychological medicine*, 31, 189-195.
- Larøi, F., Marczewski, P., & Van der Linden, M. (2004b). The multi-dimensionality of hallucinatory predisposition: factor structure of a modified version of the Launay-Slade Hallucinations Scale in a normal sample. *European Psychiatry*, 19, 15-20.
- Lincoln, T.M. (2007). Relevant Dimensions of Delusions: Continuing the Continuum versus Category Debate. *Schizophrenia Research*, 93, (1-3), 211-220.
- Morrison, A. P. (2001). The interpretation of intrusions in psychosis: an integrative cognitive approach to hallucinations and delusions. *Behavioural and Cognitive Psychotherapy*, 29, 257-276.
- Morrison, A. P., & Wells, A. (2003). A comparison of metacognitions in patients with hallucinations, delusions, panic disorder, and non-patient controls. *Behaviour Research and Therapy*, 41, 251-256.
- Morrison, A. P., Wells, A., & Nothard, S. (2002). Cognitive and emotional predictors of predisposition to hallucinations in non-patients. *British Journal of Clinical Psychology*, 41, 259-270.
- Peters, E. R., Joseph, S., & Garety, P. (2004). Measuring delusional ideation: The 21-Item Peters et al. Delusions Inventory (PDI). *Schizophrenia Bulletin*, 30, 1005-1022.
- Peters, E. R., Joseph, S., Day, S. & Garety, P. (1999). Measurement of delusional ideation in the normal population: introducing the PDI (Peters et al. Delusions Inventory). *Schizophrenia Bulletin*, 25, 553-576.
- Strauss, J.S., (1969). Hallucinations and delusions as points on continua function. *Archive General of Psychiatry* 21, 581-586.
- Wells, A., Cartwright-Hatton, S. (2004). A short form of the metacognitions questionnaire: properties of the MCQ-30. *Behaviour Research and Therapy*, 42, 385-396.

UN CASO DE DELIRIO QUERULANTE: “O TEMA”



Ania Justo Alonso, Verónica Ferro Iglesias y Elena Fernández Rodríguez

Residentes de Psiquiatría. Complexo Hospitalario Xeral-Calde, Lugo

Casilda Oujo Fernández

Residente de Psicología Clínica. Complexo Hospitalario Xeral-Calde, Lugo

M^a José Rivas Seone

Psiquiatra. Complexo Hospitalario Xeral-Calde, Lugo

Raquel Lagares Rodríguez

Psicóloga Clínica. Complexo Hospitalario Xeral-Calde, Lugo

RESUMO

Como introdución realizamos un repaso a través do devir histórico da paranoia. Repasando os contributos de clínicos tan relevantes como: Esquirol, Kraepelin, Kretschmer, Jaspers e Freud, entre outros ; até chegar á situación da paranoia nas clasificacións actuais (CIE-10 e DSM-IV-TR). O delirio convértese no único sustento que lle queda ao suxeito para soportar unha realidade persoal insoportábel. En ocasións pode ser necesaria a hospitalización. A psicoterapia intenta axudar o paciente a reducir a preocupación por falsas crenzas, diminuír o retraemento social debido ás ideas delirantes e orientalo cara a realidade, sendo fundamental o establecemento dunha relación de confianza. Finalmente, exemplificámolo cun caso.

Palabras chave: Paranoia, Delirio, Querulante, Psicopatoloxía e Caso.

ABSTRACT

As introduction we do a review through paranoia's history. We review the contributions of relevant practitioners as: Esquirol, Kraepelin, Kretschmer, Jaspers, Freud, and others. We continue to the paranoia situation in the current classifications (CIE-10 y DSM-IV-TR). The delirium turns into the only support left to the subject to put up with an unbearable personal situation. Eventually the hospitalization could be necessary. The psychotherapy intend to help the patient to decrease his worries about false beliefs, decrease the social shyness due to the delirious beliefs and to orientate the patient to the reality. It's basic to do so to establish confidence. Finally we exemplify it all in a case.

Key words: Paranoia, delusion, querulant, psychopathology, case.

O Tema

A psicose delirante crónica ou paranoia percorreu un longo traxecto histórico parecido ao río Guadiana, con numerosas aparicións e desaparicións conforme o momento histórico concernido, considerados loucos, loucos razoadores e até cordos. Aínda a paranoia levanta nos nosos días bandos a favor e en contra.

Pretendemos con este caso, non dar un prototipo ad hoc senón un exemplo separado das grandes causas. Non é esta a historia famosa e descarnada de Hildegart, mais tivo parecidas consecuencias funestas, na vida do noso home que se foi convertendo pouco a pouco nun home unidimensional.

Repaso histórico

Esta entidade psicopatolóxica caracterízase por ser ou poder ser todo o que a describe e ao mesmo tempo non evolucionar coma se fose.

O termo paranoia encóntrase na literatura médica desde hai case 2.000 anos, anterior inclusive aos escritos de Hipócrates. Traducido do grego significa "pensar fóra de si" que nun pensamento psicanalítico da paranoia reflectiría como os conflitos e sentimentos reprimidos son reflectidos fóra do ámbito psíquico do paciente cara o exterior ameazante, conservándose así os obxectos bos dentro de si. A palabra desapareceu do léxico médico no século II e non se voltou instaurar até o século XVIII.

En 1863 Kahlbaum suxeriu o termo paranoia para designar exclusivamente aos estados delirantes. E en 1895 Kraepelin delimitou o significado do termo, centrándoo en ideas delirantes moi sistematizadas e definidas en pacientes que non mostraban signos de deterioro da personalidade. Foi posteriormente, cando se establece que o carácter premórbido dos individuos os predispunha a estados paranoides, tendo grande importancia a partir de entón as variábeis de personalidade.

Bleuler (1906) sinalaba que a característica patolóxica esencial era a "fixación" nos seus erros: resistentes ao cambio e ríxidos nas súas crenzas, van compoñendo co tempo o implacábel sistema delirante denominado paranoia.

G.G. de Clérambault define unhas características clínicas que describe como unha forma de alteración do pensamento, un delirio reivindicativo, estas son: 1. Exaltación tímica. 2. A idea prevalente, que subordina ao resto do psiquismo a un postulado fundamental: "a convicción delirante", inconvencional. 3. Desenvolvemento en sector: un sistema parcial que penetra como unha cuña na realidade. Este desenvolvemento en sector importará na evolución, se este consegue dominar todo o campo de consciencia psíquico do paciente, máis resistente será ao cambio.

Formulacións modernas

Schneider (1923-1950) consideraba que estes trazos constituían un tipo específico de personalidade con variábeis descritivas. Referíase a estes individuos como "psicópatas fanáticos", e aínda que non estaba de acordo coa denominación de personalidade paranoide, a descrición que fai do fanático correspóndese moito coa concepción contemporánea do suxeito paranoide. Segundo este autor, existirían 2 variantes de estes psicópatas fanáticos: a) "tipo combativo": caracterizábanse pola súa queixa constante da inxustiza recibida, como reacción normalmente arrastrada por envexas e persecucións. b) "os excéntricos": Comunmente, con pensamentos moi persoais e case pseudo-fantásticos e pseudo-científicos, ademais, acostumaban sentirse atraídos por crenzas secretas con certos contidos bizarros. A postura de Schneider é totalmente oposta ao argumento psicanalítico.

Freud, en principio, 1896, conceptualizou a paranoia como unha "neuropsicose de defensa", considerando que o síntoma paranoide significaba unha serie de transformacións intrapsíquicas. En primeiro lugar, a represión deixa de ser eficaz como defensa contra os impulsos inadmisíbeis e isto provoca o uso alternativo dos mecanismos da negación, a formación reactiva e a proxección. O produto destas manobras intrapsíquicas máis complexas adoptaría a forma consciente dunha idea delirante. Freud utilizou esta secuencia intrapsíquica concreta para explicar que a paranoia se desenvolve a partir de impulsos homosexuais reprimidos sen éxito. Porén, Freud non elaborou unha base totalmente explícita para outras posíbeis orixes ou outra estrutura do carácter paranoide, e foron S. Ferenczi (1919, 1952) e K. Abraham (1921/1927) quen suxeriu que a base desta personalidade se establecía en principio durante a etapa anal. Estas especulacións, foron seriamente criticadas por outras ramas psicanalíticas.

En 1918 Kretschmer referíase a unha síndrome que denominaba "paranoia sensitiva": estas personalidades eran extraordinariamente sensíbeis aos xuízos negativos dos demais, con percepcións somáticas, como correlato á angustia existencial e psíquica que poden cristalizar nun delirio, o que facía que acabaran restrinxindo os seus contactos sociais, sendo os trazos que lles atribuíra as características da formulada personalidade evitadora.

Propostas contemporáneas

N. Cameron (1943, 1963): afirma que *"a personalidade paranoide ten a súa orixe na falta de confianza básica. En moitos casos o paranoide recibiu un trato sádico durante a infancia e, en consecuencia, internalizou actitudes sádicas cara si mesmo e cara os demais..."*.

Kernberg (1975) inclúe as características da personalidade paranoide ao describir as variantes da organización da personalidade límite. Tamén sinala a frecuente comorbilidade entre a personalidade narcisista e a paranoide, predominando máis un tipo ou outro. Blum indica que os nenos con propensión a inclinacións paranoides experimentan unha incapacidade para internalizar unha nai confortadora estábel e como resultado mantéñense profundamente

ambivalentes en canto aos futuros obxectos de amor, sentindo que son desesperadamente necesarios e á vez persecutorios. Esta posición concorda coa posición esquizoparanoide de M.Klein, onde hai un fracaso na internalización do obxecto bo, traducíndose nun mundo interno caótico.

Beck e Freeman (1990) impulsaron o papel dos elementos cognitivos no paranoide, destacando entre outras as seguintes características: *"as personalidades paranoides considéranse xustas e maltratadas polos demais,... pensan que queren interferilos, humillalos, darlles un trato inferior, pero todo de forma oculta ou secreta.... Son hipervixiantes, sempre están alerta"*.

En 1975, Millon, escribiu o texto e os criterios para o subcomité da personalidade do Grupo de traballo do DSM-III, como primeiro borrador do síndrome da personalidade paranoide.

Castilla del Pino (1998), por outra parte trata de explicar o significado que ten o delirio, como o único recurso que ten para soportar a súa realidade, realidade persoal que é insoportábel, o delirio ten que manter un Eu fráxil e vencido. É pois un erro, mais un erro que se fai necesario para salvagardar a súa autoestima e non atentar á súa integridade psicolóxica. O delirio tapa as súas fallas vitais aportando o sentido que lle falta para vivir.

Así, a depresión que tipicamente sobrevén despois do tratamento farmacolóxico, sería lido como a psicopatoloxía que aflora cando a súa ortese se fai inviábel, o recurso hipertrofiado tórnase inútil, acabando coa súa anterior función.

Así pois o delirio debe ser interpretado tendo en conta dúas fontes: unha, que o delirio transgride toda serie de normas baseadas na lóxica, sendo distorsionado todo aquilo que quebrante a súa validez interna, o delirante así é incapaz de ver/aceptar outros puntos de vista diferentes ao seu, violando as regras básicas da comunicación, outra, o sistema delirante nítrese dunha serie de necesidades e desexos psicolóxicos non satisfeitos en cuxo lugar se instaura o delirio.

Procesos de autoperpetuación

Son os intentos de afrontamento a través dos cales intentan previr unha descompensación maior pero que só conseguen agravar os seus problemas:

1) Contrarrestar a vinculación: Os paranoides desconfían e temen a traizón e o comportamento sádico, ao que moitos foron expostos desde a infancia. Para contrarrestar estas fontes de ansiedade aprenderon a manterse a distancia dos demais, firmes e vixiantes.

Crense seguros ao mostrar un ar de invulnerabilidade e orgullo. Características dos paranoides é o seu convencemento de realizar grandes fazañas e posuír extraordinarias cualidades, ademais tórnanse fríos, encapsulando as súas emocións, inmunes ao sentimento.

2) Descarga da hostilidade : a hostilidade que manifestan é só unha couraza, que é defensiva e reestruturalizada dunha independencia sumamente fráxil. Esta hostilidade que despregan á menor ocasión, acostuma estar relacionada con traumáticas experiencias precoces.

3) Reconstrución da realidade: O paranoide transforma os acontecementos para que se axusten á súa autoimaxe e aspiracións: as ideas delirantes poden considerarse unha forma extrema dun proceso máis xeral de reconstrución da realidade. As dúas reconstrucións principais son o engrandecemento de si mesmo por múltiples cualidades e virtudes e a negación da súa debilidade e malevolencia que é proxectada cara os demais.

Caso clínico

Filiación: V. é un varón de 40 e tantos, casado e con 2 fillos. Natural e residente dunha vila da provincia.

Motivo de Ingreso: Prodúcese un ingreso involuntario por alteracións de conduta.

Doenza actual: despois do accidente e ser dado de alta médica, obsérvanse cambios de personalidade (...). Vólvese máis arisco e pechado en si mesmo.

Poucos anos despois, comeza a acudir a avogados e a facer reclamacións en varios xulgados de Mondoñedo e Lugo en relación con “darme a alta estando con muletas”.

O ano pasado desaparece do domicilio familiar, sen comunicalo á familia, e é localizado posteriormente en Madrid, onde estivo durante uns 4 meses “para presentar alí unhas denuncias; nin os meus avogados nin os meus médicos me querían dar informes por iso fun a Madrid”.

Decide regresar á casa dos pais despois de acordar con eles por teléfono que “tiñan que prepararme un cuarto na casa para pecharme alí”, demanda á que os seus pais aceden. Desde Maio de 2007 “está pechado nun cuarto” da casa paterna, a nai déixalle os alimentos nun cuarto do lado, que el recolle cando a nai se vai. Acepta recibir algunha visita da muller e dos fillos durante o “peche”. Catro días antes do ingreso deixa de alimentarse, di que vai facer unha “folga de fame” e a familia decide tomar medidas, avisa ao seu MAP, á Garda Civil e o paciente é traído ao servizo de urxencias.

Comenta como hai oito anos, sufriu unha inxustiza e como até agora estivo loitando para a súa compensación, o discurso é coherente cos feitos, pero tipicamente suspicaz con referencias constantes á Xustiza, o Maltrato e o Complot.

Evolución Intrahospitalaria

Durante o ingreso mantense fixo na situación de inxustiza que percibe se cometeu contra el, esperando que alguén repare o dano.

O comportamento é correcto, sen alteracións condutuais (aínda que, non acepta saír a pasear como parte da súa medida reivindicativa), participa nas terapias. Toma sen problemas a medicación antipsicótica e antidepressiva (observábase unha certa tonalidade depresiva, esta

catatimia coloreaba toda a súa visión vital), porén, non hubo cambios en relación ao seu delirio reivindicativo, que se mantén impermeábel a calquera argumentación lóxica. Plantéxaselle iniciar Hospital de Día, sendo aceptado polo paciente.

Intervencións Terapéuticas

A pesar de que non resulta moi prometedor o pronóstico e a evolución dos pacientes delirantes, tomáronse diversas medidas para o seu tratamento.

O obxectivo cardinal da terapia é afrouxar a inflexibilidade extrema que inunda todos os ámbitos clínicos, así como de alternativas condutuais.

Realizáronse conxuntamente, intervencións desde os enfoques: Interpersoal, técnicas cognitivas, terapias de grupo, terapia farmacolóxica, intervencións condutuais e enfoques psicodinámicos, por diversos terapeutas.

Para interromper o ciclo sen fin que perpetúa o pensamento paranoide, criticouse o delirio de maneira indirecta desde a periferia ao centro.

Ademais no Hospital de Día estimulouse a sensación de autoeficacia e de habilidades sociais coa intención de que o paciente puidese revelar outros repertorios condutuais, así como outros esquemas cognitivos máis flexíbeis onde se puidese realizar un cambio de paradigma desde os razoamentos categóricos a outros máis probabilísticos, tratando de instaurar un sentimento de dúbida. Nun primeiro momento da terapia, intentouse instaurar un setting onde, sen confirmar as crenzas delirantes, se mostrase respecto e unha actitude de abertura.

En contacto cos pacientes aprendeu a readestrar as súas habilidades sociais, reducindo a súa defensividade e potenciando os seus sentimentos de autocontrol. Intentouse realizar unha reestruturación cognitiva, que a día de hoxe, é soamente parcial.


Rapidamente foi introducido nas terapias grupais sen maiores problemas. A medida que foi avanzando a terapia, o paciente foi aceptando a súa realidade e tendo unha pequena dor das cousas que perdera, parte da súa xuventude, o seu traballo e a súa nova posición familiar.

Foi aflorando no transcurso destas intervencións un sentimento de vulnerabilidade e, en momentos, revelacións de intenso autodesprezo que en seguida se autocontrolaban. Na actualidade, voltou á casa familiar, abandonando a casa materna á que acode os fins de semana e está reiniciando as súas relacións sociais abandonadas con amigos e familiares.

Bibliografía

- Castilla del Pino, C. (1998). *El delirio, un error necesario*. Madrid: Gedisa.
- American Psychiatric Association. (2002). *DSM-IV-TR: Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales*. Barcelona: Masson.
- Mullen, P.E. & Lester, G. (2006). Vexatious litigants and unusually persistent complainants and petitioners: from querulous paranoia to querulous behaviour. *Behavioral Sciences and the Law*, 24: 33-349.
- Leal Cercós, C.; Balanza Martínez, V. e Lacruz Silvestre, M. (1995) Paranoia y otros trastornos delirantes crónicos. En: Vallejo Ruiloba, J. Leal Cercós, C. editores. *Tratado de psiquiatría*. Barcelona: Ars Medica. p. 1013-1039.
- Millon, T e Davis, R.D. (1998) *Trastornos personalidad. “Más allá del DSM-IV”*. Barcelona: Editorial Masson.
- Bulbena, A. Paranoia y psicosis delirante crónicas. (2002). En Vallejo J. editor. *Introducción a la psicopatología y la psiquiatría*. Barcelona: Masson.

PROPENSIÓN A ALUCINACIÓNS NUNHA MOSTRA DE ESTUDANTES UNIVERSITARIOS



Beatriz Abad Villaverde

RESUMO

As alucinacións son o síntoma máis común da esquizofrenia (APA, 2002), aínda que non son un signo invariábel doenza. Investigacións con mostras non clínicas amosan que entre o 37 e 39% dos participantes, sen historia clínica de psicopatoloxía, informa de experiencias alucinatorias similares ás descritas por pacientes clínicos (Larøi et al., 2005b). Isto indica que estas experiencias ocorren ao longo dun continuum coas normais. Subxace, pois, un marco de vulnerabilidade segundo o cal persoas sen historia de espectro psicótico poderían presentar propensión a alucinacións. **Obxectivo:** Comprobar se existe propensión a alucinacións nunha mostra, non clínica, de estudantes universitarios. **Método:** N= 387 universitarios entre 18 e 43 anos. Aplicouse a Escala de Propensión a alucinacións (LSHS; Larøi et al., 2005b), e o Symptom Checklist (SCL; Derogatis et al., 2002), para coñecer o perfil psicopatolóxico dos participantes. **Resultados:** O 5.6% dos participantes presenta propensión a alucinacións. Ideación paranoide e Ansiedade son as dimensións que mellor correlacionan con propensión a alucinacións. Discútese os resultados fronte aos achádegos actuais na literatura.

Palabras chave: Propensión a alucinacións; Síntomas positivos, Listado de síntomas, Hipóteses do continuum, Psicopatoloxía.

ABSTRACT

Hallucinations are the most common symptom of schizophrenia (APA, 2002), although they are not an invariable sign of the disease. Researches with nonclinical samples show that 37 to 39% of the participants, without psychopathological clinical history, had hallucination experiences similar to the ones described by clinical patients (Larøi et al., 2005b). This shows that this experiences happen along a continuum together with the normal ones. Thus, a vulnerability framework underlies appears where people without history of psychotic spectrum could show proneness towards hallucinations. **Objective:** To check if there is proneness towards hallucinations in a nonclinical sample of university students. **Method:** N= 387 university students 18 to 43 of age. The Launay-Slade Hallucinations Scale (LSHS; Larøi et al., 2005b), and the Symptom Checklist (SCL; Derogatis et al., 2002) were applied to know the participant's psychopathological profile. **Results:** 5.6% of the participants shows proneness to hallucinations. Paranoid ideation and Anxiety are the dimensions that correlates best with proneness towards hallucinations. The results are discussed with the current discoveries in publications.

Key words: Hallucination proneness; Positive symptoms; Symptom check list; Continuum hypothesis; Psychopathology.

A propensión a alucinacións defínese como un trazo de esquizotipia que se expresa en diferentes graos ao longo dun continuum que vai desde a normalidade até o desenvolvemento psicopatolóxico (Green et al., 2003). Durante os últimos anos, incrementouse o número de investigacións relacionadas coas alucinacións en poboacións non clínicas. Os resultados de tales traballos suxiren que estes síntomas son como puntos dunha función continua que varían constantemente ao longo de distintas dimensións.

As alucinacións auditivas son o síntoma máis común da esquizofrenia (APA, 2002). Porén, non son unha manifestación indefectíbel de doenza. Nos resultados de investigacións con mostras de poboación xeral, pódese observar que o 37 - 39% dos participantes, sen historia previa de psicopatoloxía, informan de experiencias alucinatorias similares ás descritas polos pacientes de mostras clínicas (Johns & van Os; 2002b; Larøi et al., 2005b). Estes datos indican que as experiencias alucinatorias non só ocorren ao longo dun continuum coas experiencias normais, senón que ademais son fenómenos máis comúns do que xeralmente se cre. A esta proposta subxace un marco de vulnerabilidade segundo o cal as persoas sen historia de espectro psicótico poderían presentar certa propensión a alucinacións.

A pesar de que na actualidade existen un importante número de investigacións acerca da propensión ás alucinacións, poucos traballos foron máis alá do rexistro das prevalencias ou da confirmación de se hai ou non presenza desta sintomatoloxía. Non obstante, con frecuencia ocorre que, ao explorar propensión a síntomas psicóticos, obsérvase unha comorbilidade entre distintas psicopatoloxías que poucas veces se analizou. Os resultados dalgúns traballos que exploran o estado de saúde mental en mostras non clínicas, encontraron que certos aspectos neuróticos acostuman estar asociados con propensión a experiencias psicóticas (Larøi et al., 2005a). Estes datos suxiren a necesidade de identificar os problemas psicolóxicos e síntomas psicopatolóxicos que poidan presentar os participantes, posto que podería existir algunha asociación entre puntuacións elevadas en propensión a alucinacións e dimensións concretas de transtornos mentais.

En resumo, a pretensión deste traballo é determinar se nunha mostra de estudantes universitarios, se confirma ou non a propensión a alucinacións. Alén de confirmarse esta propensión, interesa coñecer se esta se asocia con algún perfil psicopatolóxico particular ou con algunha dimensión psicopatolóxica concreta.

Método

Participantes

Empregouse unha mostra de 387 universitarios, 337 mulleres (87.1%) e 50 homes (12.9%), con idades entre 18 e 43 anos ($M= 20.99$; $SD= 2.46$). Os participantes foron seleccionados entre os estudantes de distintas facultades da Universidade de Santiago de Compostela.

Instrumentos

Aplicouse a escala de Launay-Slade Hallucinations Scale (LSHS; Launay & Slade, 1981; Larøi et al., 2005b), para avaliar a propensión a alucinacións e o Symptom Checklist (SCL; Derogatis et al., 1973), para coñecer o perfil psicopatolóxico dos participantes.

A LSHS avalía a propensión a alucinacións en poboación normal. Utilizouse unha escala adaptada ao español polo equipo de investigación. Avaliouse a adecuación e comprensión da nova versión aplicándoa a unha mostra de 20 universitarios e obtívose un resultado satisfactorio. A LSHS está composta por 16 ítems, puntuados nunha escala Likert de 0 a 3, cunha puntuación total que oscila entre 0 e 48. As dimensións que conforman esta escala son: Sensibilidade sensorial, Ensoñacións, Intrusións e Alucinacións auditivas.

O Symptom Check List é un método de screening que ofrece unha medida multidimensional psicopatolóxica. Os participantes deben indicar en que medida se sentiron molestos, durante os últimos sete días, por unha serie de problemas. Para esta investigación, os participantes completaron unha versión do SCL composta por 36 ítems, puntuados nunha escala tipo Likert de 0 a 4. O perfil psicopatolóxico avalíase a partir das puntuacións en cada dimensión do cuestionario: (1) Somatización (2) Psicoticismo (3) Ansiedade fóbica (4) Sensibilidade interpersonal (5) Ansiedade (6) Hostilidade (7) Depresión (8) Obsesión-Compulsión (9) Ideación paranoide.

Procedemento

Os participantes foron avaliados nas aulas onde habitualmente reciben docencia. Cada participante recibiu un caderniño coas probas de avaliación. A orde seleccionada para a presentación dos cuestionarios, fundaméntase no tempo estimado a partir das probas piloto para que estes sexan correctamente cubertos. Todos os participantes recibiron as mesmas instrucións.

Análise de datos e resultados

Para a análise estatística dos datos utilizouse o SPSS (versión 14.0) para Windows.

Co propósito de estudar a propensión a alucinacións en estudantes universitarios, creáronse dous grupos en función das súas puntuacións na LSHS tendo en conta o punto de corte de 24, que é o empregado por Morrison et al. e Larøi et al. que son algúns dos investigadores que máis

traballaron neste campo. Desta forma, os estudantes con ≤ 23 puntos son considerados como o grupo sen propensión a alucinacións (NPA) ($n= 356$); e os que puntúan ≥ 25 son considerados como grupo con propensión a alucinacións (PA) ($n= 21$). Aqueles con puntuacións igual a 24 foron eliminados da análise ($n= 10$). Aplicando este baremo, o 94.4% dos participantes non presentan propensión a alucinacións; porén, un 5.6% si presentan tendencia a experimentalas.

A distribución por sexos na tendencia a experimentar alucinacións foi a seguinte: 46 homes con NPA, e 310 mulleres con NPA; 3 homes con PA, e 18 mulleres con PA. Na Táboa 1, recóllense as porcentaxes de homes e mulleres con e sen propensión a alucinacións.

TÁBOA 1. Porcentaxe de homes e mulleres con NPA e PA (I)

		Puntuación na LSHS	
		NPA <24	PA >24
Sexo	Home	93.9%	6.1%
	Muller	94,5%	5.5%
Total		94.4%	5.6%

Nota: NPA: Non propensión a alucinacións; PA: Propensión a alucinacións

En particular, as mulleres presentan unha porcentaxe do 5.5 de PA, isto é, teñen 17 veces máis posibilidades de NPA que de PA. Igualmente, hai un 6.1% de homes con PA, é dicir, que teñen 15 veces máis posibilidades de NPA que de PA.

Para coñecer as características que diferencian entre os grupos con e sen propensión, realizamos unha *u* de *Mann-Whitney* entre os grupos NPA e PA para os 4 factores da LSHS. Na Táboa 2 aparecen os estatísticos descritivos e de contraste para estes factores.

TÁBOA 2. Estatísticos descritivos para as dimensións da LSHS

Dimensións LSHS	LSHS	N	M	SD	u	p
Sensibilidade sensorial	NPA	356	.35	.40	167	.0001
	PA	21	1.78	.59		
Ensoñacións	NPA	356	1.12	.73	873.5	.0001
	PA	21	2.19	.50		
Intrusións	NPA	356	1.07	.70	1042	.0001
	PA	21	2.13	.64		
Alucinacións auditivas	NPA	356	.13	.35	1627.5	.0001
	PA	21	.91	.83		

Nota: NPA: Non propensión a alucinacións (<23 na puntuación total da LSHS) PA: Propensión a alucinacións (>25 na puntuación total da LSHS)

Tal como se pode apreciar, existen diferenzas significativas entre as medias dos dous grupos para os catro factores.

Para saber se a propensión a experimentar alucinacións está asociada con algún perfil psicopatolóxico comparáronse as puntuacións totais na escala LSHS coas puntuacións obtidas en cada dimensión do SCL-36. Ademais, quíxose coñecer se as dimensións da LSHS, estaban relacionadas con algún perfil psicopatolóxico concreto. Para establecer estas comparacións aplicouse unha análise de correlación de Pearson, cuxos resultados se recollen na Táboa 3.

TÁBOA 3. Análise de correlacións entre as dimensións do SCL-36 e a puntuación total e a LSHS e as súas dimensións

	Somatización	Psicoticismo	Fobia	Sensibilidade Interpersoal	Ansiedade	Hostilidade	Depresión	Obsesión Compulsión	Ideación Paranoide
r (total LSHS)	.36**	.32**	.29**	.27**	.40**	.25**	.30**	.31**	.35**
r (Sensibilidade sensorial)	.30**	.25**	.27**	.20**	.30**	.21**	.23**	.24**	.29**
r (Ensoñacións)	.26**	.17**	.16**	.12**	.27**	.12*	.16**	.13*	.14**
r (Intrusións)	.30**	.36**	.25**	.33**	.38**	.26**	.36**	.40**	.35**
r (Alucinacións auditivas)	.11*	.15**	.10	.13*	.21**	.08	.13*	.14**	.49**

*= $p \leq .05$; **= $p \leq .01$

Os coeficientes que aparecen destacados na Táboa son os que presentan maior magnitude. Os resultados indican que a propensión a alucinacións correlaciona de maneira directa e significativa con Ansiedade ($r = .40$; $p \leq .01$), Somatización ($r = .36$; $p \leq .01$), Ideación paranoide ($r = .35$; $p \leq .01$) e Psicoticismo ($r = .32$; $p \leq .01$). Analizando cada dimensión da LSHS en relación coas dimensións de psicopatoloxía, obtívose que a Sensibilidade sensorial tende a asociarse con puntuacións altas en Somatización ($r = .30$; $p \leq .01$), Ansiedade ($r = .30$; $p \leq .01$) e Ideación paranoide ($r = .29$; $p \leq .01$). As Ensoñacións resultaron ser a dimensión que menos relación garda cos factores psicopatolóxicos avaliados, destacando unha relación moderada coa Ansiedade ($r = .27$; $p \leq .01$). A relación máis forte de todo o conxunto de correlacións se establece entre as Intrusións e as dimensións de Obsesión compulsión ($r = .40$; $p \leq .01$), Ansiedade ($r = .38$; $p \leq .01$), Depresión ($r = .36$; $p \leq .01$), Psicoticismo ($r = .36$; $p \leq .01$) e Ideación paranoide ($r = .35$; $p \leq .01$). Finalmente, as Alucinacións auditivas só correlacionan de maneira importante coa Ideación paranoide, ($r = .49$; $p \leq .01$).

Discusión e conclusións

Poucos traballos investigaron a relación entre a propensión a experimentar alucinacións, tendo en conta os factores específicos desta tendencia, e a súa relación co estado psicopatolóxico dos participantes.

Da análise dos datos obtidos a partir da LSHS despréndese que un 5.6% dos universitarios avaliados presentan propensión a alucinacións. Estes datos coinciden cos doutros traballos, que informan dunha tendencia similar en poboación xeral (Morrison et al., 2000; 2001; 2002; 2003; 2004; Larøi et al., 2004a; 2004b; 2005a; 2005b), o que proporciona soporte empírico para a proposta de que as alucinacións son experiencias normais na poboación xeral.

Morrison et al. (1995), propuxeron que os pensamentos intrusivos que son incoherentes coas crenzas metacognitivas dos individuos, causan niveis significativos de malestar. En consonancia con esta proposta, os resultados da nosa investigación indican que no perfil psicopatolóxico dos universitarios avaliados, ademais da Ideación paranoide, a Ansiedade é a dimensión psicopatolóxica que mellor correlaciona coa propensión ás alucinacións, así como con todas as súas subescalas.

Estes datos poderían estar relacionados co feito de que os pensamentos intrusivos non concordan coas Crenzas metacognitivas dos suxeitos. Cando as persoas experimentan fenómenos estraños, a presenza de certas metacognicións, especialmente as que resultan egodistónicas co sistema de crenzas, poden dar lugar a cambios emocionais, caracterizados normalmente por incrementos nos niveis de ansiedade.

Para manter o propio sistema de crenzas e, ao mesmo tempo, reducir os niveis de afecto negativo, os individuos atribúen os fenómenos anormais experimentados a forzas estrañas; sería neste momento cando emerxen experiencias psicóticas como poden ser as alucinacións.


Para concluír, e desde un punto de vista preventivo, conviría ter en conta que estas probas de avaliación da propensión a alucinacións permiten discriminar aqueles casos que poden encontrarse en situación de risco para o desenvolvemento dun transtorno psicótico. Por esta razón, conviría ter en conta os resultados destas investigacións á hora de avaliar a necesidade de desenvolver programas de intervención dirixidos a poboacións de risco; o que por outra parte, permitiría obter datos máis precisos sobre o curso das experiencias psicóticas.

Finalmente, cabe sinalar como limitación deste traballo que a mostra empregada está composta unicamente por estudantes universitarios, mulleres na súa maioría e, polo tanto, os resultados deben ser interpretados con cautela.

Bibliografía

- American Psychiatric Association (2002). *Manual Diagnóstico y Estadístico de los Trastornos Mentales* (DSM-IV-TR). Madrid: Masson.
- Derogatis, L. R., Lipman, R. S. e Covi, L. (1973). SCL-90. An outpatient psychiatric rating scale. Preliminary report. *Psychopharmacology Bulletin*, 9, 13-27.
- Green, M.J. & Williams, L.M. (2003). Visual scanpaths and facial affect recognition in delusion-prone individuals: Increased sensitivity to threat? *Cognitive Neuropsychiatry*, 8, 19-41.
- Johns, L. C., Hemsley, D., & Kuipers, E. (2002b). A comparison of auditory hallucinations in a psychiatric and nonpsychiatric group. *British Journal of Clinical Psychology*, 41, 81-86.
- Larøi, F., & Van der Linden, M. (2005a). Nonclinical participants' reports of hallucinatory experiences. *Canadian Journal of Behavioural Science*, 37, 33-43.
- Larøi, F., & Van der Linden, M. (2005b). Metacognitions in proneness towards hallucinations and delusions. *Behaviour Research and Therapy*, 43, 1425-1441.
- Larøi, F., Marczewski, P., & Van der Linden, M. (2004b). The multi-dimensionality of hallucinatory predisposition: factor structure of a modified version of the Launay-Slade Hallucinations Scale in a normal sample. *European Psychiatry*, 19, 15-20.
- Larøi, F., Van der Linden, M., & Marczewski, P. (2004a). The effects of emotional salience cognitive, effort and metacognitive beliefs on a reality monitoring task in hallucination-prone subjects. *British Journal of Clinical Psychology*, 43, 221-233.
- Morrison, A. P. (2001). The interpretation of intrusions in psychosis: an integrative cognitive approach to hallucinations and delusions. *Behavioural and Cognitive Psychotherapy*, 29, 257-276.
- Morrison, A. P., & Wells, A. (2003). A comparison of metacognitions in patients with hallucinations, delusions, panic disorder, and non-patient controls. *Behaviour Research and Therapy*, 41, 251-256.
- Morrison, A. P., Haddock, G., & Tarrier, N. (1995). Intrusive thoughts and auditory hallucinations: a cognitive approach. *Behavioural and Cognitive Psychotherapy*, 23, 265-280.
- Morrison, A. P., Wells, A., & Nothard, S. (2000). Cognitive factors in predisposition to auditory and visual hallucinations. *British Journal of Clinical Psychology*, 39, 67-78.
- Morrison, A. P., Wells, A., & Nothard, S. (2002). Cognitive and emotional predictors of predisposition to hallucinations in non-patients. *British Journal of Clinical Psychology*, 41, 259-270.
- Strauss, J.S., (1969). Hallucinations and delusions as points on continua function. *Archive General of Psychiatry* 21, 581-586.

A Violencia



A VIOLENCIA DE XÉNERO

INTERVENCIÓN FORENSE SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO

VIOLENCIA SEXUAL EN MULLERES E HOMES. ESTUDO PRELIMINAR

O MALTRATO ENCUBERTO

O ASEDIO ESCOLAR



A VIOLENCIA DE XÉNERO



M^a Jesús Díaz Anca, Gloria Docampo Corral, Pilar González García,

M^a Josefa Rivera González e Alicia Vilar Barreiro

RESUMEN

A través dunhas pinceladas da historia, contextualizaremos a violencia de xénero. Así mesmo, ofreceremos unha panorámica da mesma nas súas dimensións estrutural, simbólica e directa, así como de todos os seus xeitos de expresión, habitualmente reducidos aos malos tratos físicos pola parella ou exparella...

Para comprender mellor os condicionantes da violencia de xénero, describimos a construción da personalidade e do rol de xénero, así coma os estilos defensivos característicos de cada un, e os factores condicionantes desta construción.

Tamén se expoñen as repercusións da desigualdade e a violencia sobre a saúde das mulleres e propónse a estratexia cuádrupla como un modelo de intervención integral nas dimensións educativa, preventiva e asistencial, que contempla a actuación simultánea sobre todos os elementos das actitudes.

Por último, falamos da metodoloxía da intervención, facendo fincapé no traballo con grupos e no uso dos campos simbólicos como instrumentos facilitadores da abordaxe daqueles elementos da nosa subxectividade que nos chegan a resultar intolerábeis. Todo isto aplicado tamén á formación das profesionais que traballan nesta materia.

Palabras chave: *violencia de xénero, personalidade de xénero, estilos defensivos, estratexia cuádrupla, campos simbólicos*

ABSTRACT

We will bring gender-based violence into context by showing some historic hints. In the same way, we will offer a general view of gender violence in its structural, symbolic and direct dimensions and also of all its expressions, usually restricted to physical abuse performed by male partners or ex-partners.

In order to understand the determining factors of gender-based violence, we describe the construction of personality and of gender roles together with their characteristic defensive styles and the determining factors of this construction.

The effects of inequality and violence on women's health are also stated and the quadruple strategy is suggested as a comprehensive intervention model on the educational, preventive and healthcare aspects which establishes simultaneous action on all the elements of attitudes.

Finally, we discuss the intervention methodology, emphasizing the work with groups and the use of symbolic fields as tools to help tackling those elements in our subjectivity that we may find unbearable. And this is also applied to train women working in this field.

Key words: *gender-based violence, gender personality, defensive styles, quadruple strategy, symbolic fields*

I. A VIOLENCIA DE XÉNERO AO LONGO DA HISTORIA

“La voluntad y la capacidad transformadora del mundo que despliegan las mujeres es extraordinaria y la sabiduría feminista es nuestro más importante legado”

Marcela Lagarde y de los Rios

Introdución histórica

Neste simposio, imos definir e explicar o que entendemos por VIOLENCIA DE XÉNERO, tendo en conta que esta existe desde o establecemento do Patriarcado como sistema de organización social. Podemos avanzar que, cando nos referimos á violencia de xénero non só nos estamos a referir aos malos tratos físicos, senón tamén á violencia sexual, á violencia psicolóxica, á violencia simbólica, á violencia institucional e á violencia estrutural que sufrimos as mulleres polo feito de selo.

Ao longo da historia, na maior parte dos mitos e as lendas preséntase á muller como ser inferior, carente de capacidade intelectual e rexida polas leis da natureza. Todas as relixións, independentemente dos seus deuses (Deus, Yahvé, Mahoma, Buda...) establecen o sometemento das mulleres aos homes como resultado da lei natural.

Mulleres Sabias

Ao longo da historia houbo mulleres, (e algún home) que puxeron de manifesto a inxustiza desta situación de desigualdade.

Situándonos despois da Idade Media, xa entrado o século XIV, unha das primeiras foi Cristina de Pizan que, no seu libro *A cidade das mulleres*, publicado no ano 1405, xa denunciaba a situación que estamos referir.

Máis de tres séculos despois, na Revolución Francesa, época de grandes cambios para os cidadáns (non tanto para as cidadás). Nesta época, *A Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán*, que se refería exacta e exclusivamente a eles, foi contestada e completada por Olimpia de Gouges primeiro (*A Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá, 1791*) e Mary Wolstonecraft pouco despois (*Vindicación dos dereitos da muller, 1792*), ambas as dúas influenciadas pola Revolución... e non é por casualidade que estas dúas mulleres fosen silenciadas e invisibilizadas pola historia. Aínda hoxe en día, continúan sen ser completamente recoñecidas, por exemplo, nos estudos da Historia da Escola. En definitiva, as mulleres continuabamos sen ter recoñecido dereito ningún.

Un dos homes que criticou a falta de igualdade das mulleres na Revolución francesa foi Jean Antoine Condorcet, que comparou a condición social das mulleres coa dos escravos.

O Código Civil Napoleónico de 1804, no que se recolleron os avances sociais máis importantes da Revolución, negoulle ás mulleres os dereitos civís recoñecidos aos homes (igualdade xurídica, dereito á propiedade...) e impuxo unhas leis discriminatorias segundo as

cales o fogar era definido como ámbito exclusivo das mulleres (este código perdurou no noso país até os primeiros anos da transición, excepto o período da II República, que veremos mais adiante).

Posteriormente, en Inglaterra, Stuart Mill xunto a súa muller Arriet Taylor, denunciaron repetidamente os malos tratos que sufrían as mulleres inglesas a mans dos seus maridos. Anos mais tarde, Frances Power Cobbe, dama inglesa da alta sociedade, escribiu diversos artigos sobre a brutalidade dos malos tratos ás mulleres a mans dos seus maridos. Estas denuncias fixeron posíbel o cambio das leis inglesas, “castigando” os malos tratos “graves” por parte dos maridos ás súas esposas.

Séculos XIX-XX: As primeiras psicólogas

Unha das maiores dificultades das mulleres foi acceder aos ámbitos social e público e, en consecuencia, ao coñecemento, mesmo ao ensino básico e, máis adiante, o acceso á universidade. En España, até 1910, as mulleres tiñan prohibido o seu acceso á universidade, excepto nalgún caso, como foi o de Concepción Arenal, que obtivo un permiso especial.

Cristina de Pizan, á que vimos de nomear, na súa obra *A cidade das mulleres*, pon en dúbida as diferenzas das capacidades intelectuais entre mulleres e homes (paradigma do coñecemento científico da época e posteriores). Para ela, a diferenza está na educación que reciben unhas e outros. Nesta mesma liña maniféstase, entre outras, a española María de Zayas y Sotomayor (1590-1661) pronunciándose a favor da educación das mulleres, tendo en conta que a “inferioridade destas” era debida a non poderen acceder á educación.

Carmen García Colmenares (2007), nun artigo que trata das primeiras psicólogas españolas, fala das dificultades que tiveron para acceder ao coñecemento e, a pesar disto, queda patente a súa extensa produción científica e o seu recoñecemento na época. Todo isto, a pesar das trabas e as exclusións institucionais e sociais que lles impiden conseguir igual distinción cós seus compañeiros.

As mulleres, ao teren vetado o acceso á universidade, estudaban nas “Escuelas Normales de Magisterio”, podendo despois seguir estudos na Escola de Institutrices, que achegaba coñecementos non impartidos nas “*Escuelas Normales de Magisterio*”. Nestas institucións estudaban dous idiomas e non había relixión, nin era obrigatorio o estudo de “las labores propias del sexo”. Esta escola estaba baixo o amparo da “Institución Libre de Enseñanza”. Así estudaron Concepción Saíz de Otero, Regina Lago,... Estas e outras autoras anteriores, como Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal, cuestionan os paradigmas epistemolóxicos da época, a través das súas obras e artigos, e da súa participación en congresos. Critican as teorías do momento en relación ás diferenzas intelectuais entre os sexos, concluindo novamente que as diferenzas son sociais e educativas. De feito, a maior parte dos estudos e das investigacións relacionábanse coa psicoloxía experimental aplicada á educación, co obxectivo de mellorar a

práctica docente, e neses estudos evidenciábase que a bioloxía, ser home ou muller, non determinaba a intelixencia.

Algunhas destas primeiras Psicólogas, Dolores González Blanco, Regina Lago, Mercedes Rodrigo, Concepción Saíz de Otero, etc., acederon ás bolsas de investigación facilitadas pola “*Junta de Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas*” (JAE), creada en 1907 para ampliar estudos fóra de España. Durante a súa estadia en Madrid pasaron pola Residencia de Señoritas, cuxa directora foi María de Maeztu, muller culta, feminista, que se manifestou en contra das leis que discriminaban ás mulleres. A maior parte destas profesionais, ampliaron os seus estudos e fixeron as súas investigacións en distintos países europeos, ocuparon diferentes postos e realizaron traballos de investigación. A maioría delas dedicáronse ao ensino nas escolas de maxisterio e, a partir de 1916, tamén nas universidades, perante as dificultades e trabas para o acceso a outros postos de traballo.

Mercedes Rodrigo foi unha das psicólogas que traballou con Piaget e con Claparède, traduciu algunhas das súas obras e realizou a primeira adaptación do test de Terman, alén doutros traballos e investigacións, sendo pioneira en temas de orientación profesional e dedicándose tamén á psicoloxía industrial.

O sufraxismo.

Outro fito histórico produciuse a finais do século XIX e até a metade do século XX, tanto en Europa como en América. Estamos a falar do sufraxismo, momento de grande participación política, social e académica por parte das mulleres. É a loita das mulleres pola igualdade, polo dereito ao voto, entre outros. É unha época reivindicativa onde mulleres de distintos países reclamaban os dereitos máis elementais, que encabezaban a súas vindicacións coa esixencia do dereito a votar, e de aí vén o nome de **sufrajistas**.

A historia do sufraxismo en España data dos comezos do século XX e segue unhas pautas diferentes ás doutros países europeos, pola situación política e económica do estado naquela altura. De feito, xa desde finais do século XIX e nomeadamente desde os primeiros anos do XX, unha das reivindicacións das mulleres referíase ás dificultades que tiñan para acceder á educación, e mesmo á prohibición de determinado tipo de estudos.

Así mesmo, en relación aos dereitos sociais e políticos, atopamos que o período máis fructífero, onde a muller acadara case todos os dereitos legais, en igualdade cos homes, é na II República. Desde o primeiro momento, as mulleres teñen recoñecido pola Constitución o dereito ao voto, ao matrimonio civil, ao divorcio e mesmo ao aborto (en Cataluña). Produciuse un cambio importante na lexislación penal e civil, en dereitos laborais e con respecto aos dereitos sexuais e reprodutivos, así como na educación. Neste sentido, as modificacións do currículo da Ensinanza Primaria e Secundaria e o Decreto de Escola Mixta, sitúan os plans de

estudos das nenas ao mesmo nivel cós dos nenos. A Escola sería, neste período, mixta, coeducativa e laica.

Para comprender o avance que supuxo a IIª República en materia de dereitos das mulleres e, en particular, no que se refire ás actuacións contra a violencia de xénero, debemos facer unha breve referencia ao aparato lexislativo do estado español no período anterior ao 14 de abril de 1931.

Dentro desta situación, debemos destacar o estado da educación, como principal instrumento de transmisión dos valores patriarcais, e o papel da igrexa católica no desenvolvemento da mesma. As mulleres neste tempo eran analfabetas, as nenas menores de doce anos non estaban escolarizadas e as que o estaban tiñan no seu currículo escolar a aprendizaxe das labores do fogar e o “goberno da casa”.

En canto a outras leis que afectaban directamente á violencia de xénero simbólica, estrutural e interpersoal, podemos destacar que neste tempo as mulleres obreiras non podían casar sob pena de despido e moito menos ter fillos, polo que sistematicamente ocultaban as dúas situacións, polo risco da perda de traballo.

O adulterio estaba penalizado pola lei para as mulleres, non así para os homes, e o crime cometido polo home para “salvar a súa honra” adoitaba ficar impune ou cunha penalización simbólica.

O home era o dono absoluto da súa esposa e fillas, que non podían realizar actividade pública ningunha sen o seu consentimento.

Neste estado de cousas, xa había mulleres, tanto en España coma noutros estados, que consideraban imprescindible a loita pola liberación feminina, mesmo habilitando medidas específicas dentro das organizacións da esquerda. Neste sentido, cómpre destacar algunhas alusións ao tema:

“Non abonda coa abolición da propiedade privada e con que a muller se incorpore á produción; é necesaria unha revolución da vida cotiá e dos costumes, forxar unha nova concepción do mundo e, moi especialmente, unha nova relación entre os sexos”. Alejandra Kollontai (URSS, 1919).

Pero esta situación cambiou de xeito radical desde o comezo da ditadura franquista. As mulleres volveron perder todos os dereitos conseguidos na República. De feito, en marzo de 1938, aínda en plena guerra civil, Franco declara abolidas as leis da República... con efectos retroactivos!! Así conforme cidades e pobos ían caendo en mans dos fascistas, as mulleres ían sufrindo a maior represión política, social, económica e persoal que se lembraba, superando mesmo a que exercera a inquisición.

As investigacións e traballos innovadores dalgunhas das psicólogas e a súa colaboración co goberno republicano e mesmo a súa implicación durante a guerra civil pasáronlles factura cando se impuxo a ditadura. Algunhas marcharon ao exilio (Mercedes Rodrigo, Regina Lago, María

Luísa Navarro,...) e as que ficaron foron destituídas dos seus cargos, e moitas delas detidas e condenadas.

“O persoal é político”

Neste tempo, en España, a violencia contra as mulleres era totalmente invisíbel, mentres que nos EEUU grupos de mulleres comezaban a visibilizala, denunciando a situación de violencia que sufrían moitas no ámbito familiar. Foi a raíz desta situación que xurdiu o famoso lema **“O persoal é político”**, sacando por primeira vez do ámbito estritamente privado a situación de violencia e reclamando accións públicas e políticas para erradicar este tipo de condutas.

En Europa é importante destacar como fíto histórico o primeiro refuxio aberto na cidade de Chiswick, preto de Londres, no ano 1971, por un grupo de mulleres liderado por Erin Pizzey. O ano anterior, este mesmo grupo de mulleres inaugurou o primeiro centro de asistencia a mulleres maltratadas.

Un par de anos máis tarde, únense varios grupos de mulleres no chamado **“WOMEN AID MOVEMENT”** (Movemento de Axuda ás Mulleres), que se constitúe na vangarda das correntes feministas (moi activas en Europa e nos Estados Unidos nas décadas anteriores), destinadas a denunciar a violencia contra a muller no ámbito doméstico, problema silenciado e obscurecido até ese momento por mitos e tabús, algúns xa comentados con anterioridade.

As casas Refuxio estendéronse paulatinamente por varios países europeos, Canadá e EEUU. As primeiras casas Refuxio foron verdadeiros estandartes de loita do **“WOMAN AID MOVEMENT”** e outros movementos en defensa dos dereitos das mulleres. A creación e difusión destes Refuxios constitúe unha vangarda na denuncia dunha problemática até entón silenciada e, por isto, invisíbel.

As Casas Refuxio foron o xermolo da creación dun novo discurso, non expresado anteriormente por ningún sector social ou profesional. O seu obxectivo principal é crear consciencia do problema de violencia dos maridos cara ás mulleres, a recuperación da palabra, silenciada até ese momento, e a rotura do illamento no que se atopaban.

No que se refire ao estado español, no ano 1982, o grupo Alba presentou un proxecto no concello de Barcelona para abrir un refuxio. Ao non ser aceptado inmediatamente, optaron pola creación dun centro de información e emerxencias, dedicado principalmente a casos de violencia familiar e de violacións. Experiencias como esta fóronse estendendo por todo o estado, sempre demandadas e mesmo esixidas polo movemento feminista.

En Galicia, no ano 1986, abre a primeira casa de acollida no concello de Ferrol, sendo a única en Galicia até o ano 1990, que comezan as casas de Vigo, Culleredo, Ourense e Pontevedra. Dous anos máis tarde ábrese a casa de A Coruña, e en 1995 inaugúrase a casa de acollida de Santiago de Compostela, pechada desde hai dous anos. Alén das casas de acollida creouse unha rede de centros de información dos dereitos da muller, dependentes de diferentes

institucións públicas. Nun primeiro momento, as casas e os centros de información estiveron xestionados e promovidos por asociacións e grupos de mulleres, cun modelo de intervención feminista e desde a perspectiva do xénero; cuestionando o que significa ser muller na cultura patriarcal e os factores opresivos que constrúen modos de vida debilitadores.

Desde o paradigma feminista, a análise da saúde das mulleres, da súa maneira de adoecer, hai que situalo no contexto e pór énfase en analizar as relacións de poder interxéneros. En relación á nosa profesión, cada vez hai máis mulleres psicólogas concienciadas da repercusión das realidades obxectivas e subxectivas das mulleres, do contexto sociocultural no que nos desenvolvemos e de como esta circunstancia inflúe no noso proceso de socialización como suxeitas. Reflexionar sobre isto é importante para facer políticas e intervencións saudábeis e non iatroxénicas.

Na actualidade

Nos últimos anos lexislouse co obxectivo de erradicar a Violencia de Xénero, tanto a nivel estatal (Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, BOE de 29 de decembro), coma a nivel autonómico (Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. DOG de 7 de agosto). Existen diferenzas importantes entre ambas as dúas leis, tanto no campo que abordan (a Lei Galega ofrece unha apreciación moito máis ampla da violencia de xénero), coma no que se refire ás medidas concretas (a Lei Galega é máis ampla en canto a medidas de prevención da violencia e de promoción da igualdade, e abrangue case todos os niveis de intervención). Pero, en calquera caso, debemos sinalar que ambas as dúas teñen pendente un desenvolvemento integral do seu contido, para o que se deberán habilitar os orzamentos necesarios e os medios suficientes, tanto humanos coma materiais, para a súa execución. Por último, a grande cuestión pendente é a de sensibilizar e formar ás e aos profesionais que atenden as mulleres en situación de violencia; desde o persoal dos servizos de saúde até o dos xulgados, pasando polo de centros de información, dispositivos de acollida, etc. Mentres que isto non se leve a cabo, as mulleres continúan a ser “penalizadas” e revictimizadas, e os aspectos preventivos e promotores da saúde continúan a estar sen abordar en condicións, sendo este último un dos aspectos máis importantes para a erradicación da violencia de xénero. Como indica Victoria Sendon (2001) “Unha das chaves é traballar en prol da independencia emocional das mulleres”.

Para rematar, quero nomear algunhas das mulleres sabias que me axudaron a elaborar esta Comunicación: Mar de la Peña Cristiá, Lola Ferreiro Díaz, Marcela Lagarde y de los Ríos, Carmen García Colmenares, Silvia García Dauber, Vitoria Sendón de León, e tamén a aquelas mulleres que crean redes solidarias en internet e que poñen o seu saber ao servizo doutras mulleres, a todas elas moitas grazas.

II. A VIOLENCIA DE XÉNERO PONSE DE MANIFESTO EN DIVERSOS ÁMBITOS A TRAVÉS DE MÚLTIPLES EXPRESIÓN. PARA CORRIXILA, DEBEMOS IDENTIFICALA E INTERVIR EN CADA SITUACIÓN.

Introducción

Hoxe en día continúa producíndose unha marcada tendencia a identificar a violencia de xénero co maltrato físico e, ás veces, co maltrato psicolóxico, sempre que este sexa explícito e manifesto, todo isto dentro da relación de parella ou ex-parella.

Esta tendencia é xeneralizada: a nivel social, nos medios de comunicación e nos ámbitos profesionais... mesmo, en ocasións, naqueles que se dedican especificamente á abordaxe desta problemática. A propia Lei de protección contra a violencia de xénero “axuda” a consolidar esta apreciación social, na medida en que reduce o problema a este ámbito.

Por isto, consideramos que resulta fundamental establecer, como cuestión previa, un concepto amplo e integral da violencia de xénero e unha tipificación das súas expresións, que nos permita entendernos mellor, así como indagar sobre os seus factores causais, condicionantes e facilitadores.

Conceptualización da violencia de xénero

Parécenos importante establecer, antes de nada, a diferenza entre agresividade e violencia, xa que en moitas ocasións tenden a utilizarse como sinónimos... e isto non é exactamente así.

En termos psicolóxicos e desde a perspectiva dinámica, considérase a **AGRESIVIDADE** como o “pulo destrutor” que se emite cara o obxecto que provoca frustración para eliminalo. Polo tanto, estamos a falar de algo instintivo que, aínda modulado durante o proceso de socialización, é algo primario, que se concreta na situación frustrante.

Outra cuestión é a **VIOLENCIA**, en primeiro lugar, debemos ter en conta que a violencia non é unha pulsión primaria, senón unha tendencia construída e elaborada durante o proceso de aculturación, é dicir, a internalización de pautas, normas e crenzas propias do medio cultural no que nos criamos e que se transmiten principalmente no seo da familia. A internalización de ditas normas, crenzas e valores marca, pola súa vez, o proceso de socialización, é dicir, é a construción do xeito de relación entre as persoas, a partir do trato dunhas coas outras, tanto nas relacións verticais (coas figuras de autoridade), como nas horizontais (irmás, veciñas, compañeiras do colexio, ...).

Dito isto definiremos a violencia como calquera procedemento que teña por obxecto torcer a vontade, os actos e mesmo os desexos da persoa ou colectivo cara á que se dirixe.

Partindo desta base, definiremos a violencia de xénero como calquera procedemento que ten por obxecto impedir que se extralimite a posición de inferioridade do feminino con respecto ao masculino, que se materializa en calquera acción ou conduta baseada no xénero que cause

morte, dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico á muller, tanto no ámbito público coma no privado.

A violencia de xénero ten, en consecuencia, diversas dimensións, que van desde o estrutural ao interpersoal, desde o social ao individual, desde o simbólico até o palpábel... e todas estas dimensións responden a un mesmo esquema: a cultura do patriarcado.

Polo tanto, a diferenza entre a agresividade e a violencia está na súa orixe (innata ou adquirida) e na súa finalidade (meramente destrutiva ou dobregadora) e nas súas dimensións (individual ou global, dimensión individual incluída).

Tipos de violencia de género

Conforme dicíamos anteriormente, é frecuentísimo que no ámbito social se identifique a violencia de xénero case exclusivamente cos asasinatos de mulleres a mans das súas parellas ou ex-parellas... como moito coas lesións físicas graves, causadas polos golpes, ou por calquera tipo de arma ou substancia química. Así, cando exploramos a imaxe que a xente ten sobre a violencia de xénero, a maior parte das expresións son do estilo de “un home baténdolle a unha muller”. De un tempo a esta parte vai aumentando a tendencia a identificar como violencia de xénero as situacións de abusos psíquicos graves (insultos, ameazas, humillacións...).

Seguramente este tipo de construcións están influídas pola imaxe que desde as institucións e desde os medios de comunicación se dá sobre ela, pero debemos ter en conta que estas imaxes exclúen a maior parte das expresións e das dimensións do problema... consciente ou inconscientemente e intencionadamente ou non.

En calquera caso, a violencia de xénero, en todos os seus niveis, inflúe negativamente na saúde mental das mulleres... desde as súas formas máis sutís até as máis graves e desde a dimensión interpersoal (violencia directa), até a estrutural (violencia social). Xa que logo, entendemos que os prexuízos que ocasiona deben ser abordados en relación con todas e cada unha das anteditas formas e dimensións. Por iso consideramos moi importante comezar ofrecendo unha panorámica ampla do problema.

Podemos dicir que a violencia de xénero ten tres dimensións: a estrutural (social), a interpersoal (directa), e a simbólica, que interactúan dando lugar a un corpo complexo, fondamente inzado co inconsciente colectivo, que fai difícil a abordaxe de cara á súa erradicación.

A VIOLENCIA DE XÉNERO ESTRUCTURAL é aquela que forma parte da estrutura social, xerada pola propia desigualdade e para perpetuar esta. É consubstancial aos modelos de sociedade que derivan da cultura patriarcal e, polo tanto, as sociedades construídas ao abeiro desta cultura incorporan, xa desde os seus comezos, este tipo de claves. En definitiva, é na que se exerce a discriminación sistemática da muller polo feito de selo.

Este tipo de violencia ten expresións moi diversas, desde as máis evidentes até as menos perceptíbeis, non por iso menos importantes. Probabelmente un dos conceptos que mellor reflicte este abano de diversidade de expresións é o de **FEMINICIDIO**, acuñado por Marcela Lagarde (1999), en referencia a toda morte evitábel dunha muller. Polo tanto, abrangue, desde formas directas de violencia: asasinatos de mulleres, calquera que sexa o seu vínculo co agresor, ou mesmo se este vínculo non existe, até formas estruturais: infanticidios en países onde se decide limitar o número de mulleres que veñen ao mundo, mulleres que morren por falta de atención médica, pola falta de alimentos (que se desvían aos membros masculinos da familia) por accidentes ou doenzas laborais, derivadas do traballo realizado en condicións insalubres ou perigosas...

Outros tipos de violencia estrutural, moi frecuentes e tremendamente prexudiciais para as mulleres, están en relación coas disposicións lexislativas dos estados, ou ben coa non persecución do incumprimento das leis de igualdade. Así, por exemplo, podemos falar de salarios máis baixos polo mesmo traballo, bloqueo do aceso a determinadas profesións, a discriminación laboral pola maternidade, a falta de planeamento de espazos públicos para as mulleres, a falta ou a precariedade de asistencia sanitaria ou das intervencións preventivas, etc.

Tamén forma parte da violencia estrutural a feminización da pobreza, a escravitude sexual, as violacións nas guerras, as mutilacións xenitais, e un longo etcétera que nos permite perfilar este tipo de violencia como un dos mecanismos de perpetuación da desigualdade máis efectivos, na medida en que moitas das súas formas máis sutís non son percibidas como expresións de violencia de xénero, nin sequera por aquelas que as sofren e, moito menos, polo conxunto da sociedade.

As manifestacións máis definatorias deste tipo de violencia son as que se dan con respecto a:

- O uso dos espazos, moito máis cinguidos ao privado có público: “máis ben na casa que fóra”, “só na rúa se é por necesidade, para ir traballar”... Mesmo desde a infancia, na escola e durante o recreo os nenos ocupan o centro do patio e as nenas atópanse pola periferia, é dicir, nas esquinas.
- O uso dos tempos "normais": “máis ben polo día que pola noite” e, se ten que ser pola noite, que sexa acompañada...
- No reparto de tarefas e de responsabilidades e, sobre todo, na valoración social das mesmas. Un exemplo moi evidente desta cuestión é que, cando os traballos atribuídos tradicionalmente ás mulleres comezaron a ser realizados por algúns homes, “subiron de categoría” e así se expresa no seu cambio de denominación: de cociñeira a restaurador, de perruqueira a estilista, etc.

A VIOLENCIA DE XÉNERO INTERPERSOAL, OU DIRECTA, é aquela que se dá dentro das relacións entre as persoas, independentemente de cal sexa o vínculo entre elas. É importante non reducilas ao ámbito da parella ou ex-parella, porque isto deixaría sen contemplar a maior parte das súas expresións. Neste sentido, podemos falar de relacións familiares (de parella, fraternais, paterno filiais, ou en calquera tipo de parentesco...), e sociais (amizades, relacións laborais, profesionais, docentes, institucionais, etc.). Na medida en que este tipo de violencia require que exista “trato” entre a persoa que a exerce e a que a recibe, falaremos de maltrato.

Tamén a este nivel debemos ter coidado de contemplar todas as posíbeis expresións da violencia, na medida en que esta vai desde as formas máis evidentes e graves até as menos perceptíbeis. Polo tanto, aproximaremos a seguinte tipificación:

1. O maltrato manifesto. É aquel maltrato perfectamente visíbel e identificábel como tal, e pode ser físico, psíquico ou sexual, ou calquera posíbel combinación entre estas formas.

Trátase do tipo máis visíbel e, en consecuencia, mellor de identificar como tal, e defínese coma calquera tipo de interacción entre dúas persoas, na que hai unha percepción subxectiva de superioridade dun en relación coa de inferioridade da outra, causándolle a esta unha serie de perturbacións na saúde emocional, física e social.

- O maltrato físico é, sen dúbida, a forma máis coñecida e recoñecida como tal. Vai desde o asasinato até o empurrón, pasando polas patadas, labazadas, agresións con obxectos ou substancias químicas, etc.

Debemos ter en conta que o maltrato físico, en calquera das súas expresións, leva aparelado sempre maltrato psicolóxico, non só nos seus precedentes, senón no propio acto de cada agresión, que supón unha humillación e un auténtico trauma para quen o recibe.

- O maltrato psíquico, que vai desde as ameazas de morte ou de causar dano a persoas queridas, até a desvalorización da persoa, pasando pola ridiculización (tanto en público coma en privado), a humillación, os insultos, a intimidación, ou o responsabilizar á persoa da situación na que se atopa quen a violenta. Dentro deste tipo, debemos considerar tamén as situacións graves de asedio no traballo ou na escola, e tamén nas institucións onde, en ocasións, se producen manifestacións deste tipo (véxase, por exemplo, a famosa “sentencia da minisaia”)

- O maltrato sexual, que vai desde a violación pola forza até a realización de calquera tipo de contacto sexual contra o desexo (ou sen o desexo) da persoa violentada, a través de ameazas, chantaxe emocional, etc., calquera tipo de abuso de persoas menores ou discapacitadas, pornografía infantil, etc. Igual que o maltrato físico, o maltrato sexual leva sempre aparelado maltrato psíquico, polo que supón de atentado contra a dignidade, a integridade e a intimidade da persoa que o recibe. Debemos sinalar neste punto, que o maltrato sexual máis frecuente se produce dentro do ámbito familiar ou, cando menos, de relación próxima coa persoa violentada (no traballo, na escola, na veciñanza, etc.). Por último, tampouco son infrecuentes neste aspecto os tocamientos ou rozamentos por persoas descoñecidas nos transportes públicos ou en calquera tipo de aglomeración de xente.

2. O maltrato subliminar: Falamos de formas de maltrato psíquico ou sexual difíciles de percibir e de identificar como tales, pero non por iso deixan de producir os seus efectos sobre a saúde de quen o sofre, máis devastadores, se cabe, precisamente porque a maioría das veces, non se identifican como tales e, en consecuencia, non se pode actuar sobre a situación. En calquera caso, cando a relación co maltratador é estábel (parella, paterno-filial, de amizade, etc.), este tipo de maltrato sempre precede ao manifesto e, dalgunha maneira, “prepara” para el, na medida en que logra menoscabar a autoestima, a seguridade e a confianza de quen o sofre, ao mesmo tempo que a fai sentir culpábel. En consecuencia, cando a situación pasa a ser máis grave, a capacidade para responder está seriamente diminuída.

Dentro deste tipo de maltrato, podemos atopar tamén diversas modalidades:

- O illamento social e a quebra dos vínculos afectivos propios. Prodúcese sobre todo nos vínculos de parella e comeza practicamente coa relación. Habitualmente prodúcese un control esaxerado da moza, a través de chamadas continuas polo teléfono móbil, demandas de presenza ao seu lado, ciúmes..., para continuar con demandas directas de exclusividade, que se disfrazan como expresións de necesidade de vela, de estar con ela continuamente, etc. Pouco a pouco, a moza deixa de ver ás súas amigas e amigos e, unha vez que se inicia a convivencia da parella, deixa de ver tamén á familia, o que remata por levala a unha situación de illamento social e afectivo, que a fai moito máis vulnerábel.
- O modelo de comunicación que se establece e que consiste esencialmente en “adivinhar” desde o feminino os desexos, demandas e mesmo reproches do masculino.
- O uso dos espazos, os tempos e a actitude coa que se ocupan: Os mellores espazos da casa, da oficina, do lugar de lecer, son sempre para o masculino. A maioría dos tempos de uso da palabra, de lecer, de descanso, son tamén para o masculino.
- O reparto das responsabilidades e tarefas: as tarefas máis ingratas e as responsabilidades de coidado correspóndenlle ao feminino, mentres que as máis valoradas e máis sociais lle corresponden ao masculino.

3. A ausencia de bo trato.

Podemos dicir que se trata, sen dúbida, da primeira expresión de maltrato. Comeza privando á persoa das expresións e manifestacións afectivas correspondentes co tipo de relación que se mantén con ela, e que se viñan dando con normalidade até ese momento. Esta desaparición é gradual e crea un baleiro emocional na persoa, que habitualmente non sabe a que atribuír esta situación. Consiste, sobre todo, en deixar de ter en conta a persoa, non coidar a súa satisfacción, os seus intereses, etc.

A violencia de xénero simbólica

É, sen dúbida, a máis difícil de percibir como tal e está constituída por aqueles aspectos do ámbito simbólico (medios de comunicación, culturais, lingüísticos, educativos, artísticos, científicos, etc.), que se utilizan para xustificar ou lexitimar a violencia estrutural e mesmo a directa. Trátase de toda unha serie de argumentacións, imaxes, e mensaxes que nos fan percibir como "normais" situacións de violencia profunda:

- O tratamento informativo da violencia de xénero nos medios de comunicación, tratando como “suceso” os asasinatos de mulleres. Falando moito máis da muller que do maltratador, buscando, en definitiva, “motivos” para o crime...
- A publicidade de produtos de consumo, que perpetúan e normalizan a desigualdade e a violencia estrutural.
- A invisibilización sistemática do papel das mulleres no ámbito da ciencia, da historia e, en definitiva, dos “feitos importantes” para a humanidade...
- O “humor” construído a partires da desigualdade e da violencia.
- No ámbito institucional: A falta de apoio, a excesiva distancia que se garda ás veces nos dispositivos nos que a muller pide axuda...
- No uso cotián da linguaxe, tanto na escrita coma na fala (o uso de plurais desde o masculino, significado pexorativo de certos termos cando se utilizan en feminino (fulano/fulana, zorro/zorra, home público/muller pública...)).

En resumo, podemos dicir que a violencia estrutural, en todas as súas formas, permite e mesmo promove a violencia directa, na medida en que lexitima a superioridade masculina, ao mesmo tempo que desvaloriza o feminino. Todo isto ten unha repercusión directa nas relacións interpersoais, que se constrúen baixo esta chave: un suxeito que funciona en masculino asumindo a súa “superioridade” e outro que funciona en feminino que se sente permanentemente desvalorizado e, polo tanto, asume a súa inferioridade... e, no contexto, está a normalización da violencia, promovida desde o ámbito simbólico.

Por todo isto, entendemos que comprender o proceso da violencia de xénero e fundamental para poder levar a cabo a intervención con mulleres en situación de maltrato, para a prevención da violencia e para a promoción da igualdade.

III. A CONSTRUCCIÓN DE DOUS MODELOS DE PERSONALIDADE, DESDE A PERSPECTIVA DO XÉNERO, E A SÚA PROXECCIÓN NOS ROLES DE XÉNERO, CAUSAN GRAVES DESIGUALDADES, QUE SE PERPETÚAN A TRAVÉS DA VIOLENCIA.

Antes de comezar a exposición, gustaríanos enmarcar o Paradigma desde o que construímos este simposio e desde o que traballamos. Partimos dunha base dinámica, en consecuencia temos en conta as diferentes instancias psíquicas na construción da personalidade: Id, Eu e Supereu. Os procesos psíquicos/intrapsíquicos implicados: no que sentimos, pensamos, facemos... Os mecanismos de defensa do Eu: utilizados para defendernos da angustia (producida, ben por causas externas, ou por causas internas: procesos inconscientes e/ou preconscious vividos como ameazantes pola persoa).

Doutra banda, a abordaxe, a intervención, ao nivel que sexa: promotora, preventiva, asistencial... plantéxase desde o que se chama *perspectiva de xénero*. Perspectiva de xénero refírese á “óptica coa que se olla e se le o mundo”; tendo en conta a existencia de dous xéneros: o masculino e o feminino e, en consecuencia, dúas formas diferentes de sentir, pensar e actuar.

Hoxe en día sabemos que o xénero e o sexo son dous criterios de clasificación distintos. O sexo refírese ás características biolóxicas coas que nacemos e que nos diferencian ás mulleres dos homes.

O xénero é o resultado da construción e desenvolvemento dun conxunto de trazos psicolóxicos "incrustados" na personalidade, adquiridos a través dun proceso de *aculturación* (internalización de normas e valores da cultura onde nos criamos) e *socialización* (aprendizaxe da construción e interrelacións e vínculos)

Debemos sinalar que existe unha forte tendencia á identificación entre muller e feminino, e home e masculino... e isto non sempre é así, pois hai determinadas circunstancias que condicionarán e propiciarán un desenvolvemento esencialmente masculino nalgúns mulleres e feminino nalgúns homes.

Este proceso de construción da personalidade de xénero comeza no mesmo momento do nacemento e de aí a orixe da súa confusión co sexo, debido a que, dependendo do sexo biolóxico, é dicir, que sexa neno ou nena, "adxudícaselle" un xénero: masculino ou feminino. Como consecuencia, xeraranse unha serie de esixencias e expectativas que van ir unidas á súa realidade sexual. Finalmente, o contido deste proceso “instálase” no inconsciente.

Así, en xeral, a identidade sexual está impregnada de xénero, saberse e sentirse muller está impregnado de trazos de feminidade; e saberse e sentirse home, de masculinidade.

Polo común, como xa sabemos, atribúenselle aos xéneros diferentes calidades e características; así, ao xénero masculino adóitaselle atribuír fortaleza, independencia, seguridade, actividade...; e ao feminino, debilidade, dependencia, inseguridade, pasividade...

Estas características, atribuídas aos xéneros, non constitúen de seu a desigualdade. A diferente valoración que se fai de todo isto é o que posiciona o masculino como superior en detrimento do feminino; isto é o que produce a desigualdade e senta as bases da violencia.

O xénero marca todos os ámbitos de relación entre as persoas, pois na medida en que somos seres sociais, establecemos relacións e construímos vínculos afectivos coas demais... e tanto unhas como outros

están influídos pola personalidade de xénero, que se manifestará e proxectará nos diferentes roles sociais. Así, por exemplo, o papel de nai ou pai reflicte un modelo feminino ou masculino nas súas relacións coas fillas e fillos, ao igual que o das fillas e fillos entre si... ou o das amizades, pero sobre todo serán nas de parella, nas que se porán de manifesto os subsistemas de xénero en case todas as transaccións afectivas, cognitivas e condutuais.

Todo isto permite a transmisión e a tendencia á perpetuación dos modelos de xénero, transmitidos pola nai (trátase da persoa, home ou muller, que desenvolve este papel; de aquí en diante, **MAMÁ**) e o pai durante os primeiros anos de vida, e posteriormente por outros modelos de identificación, desenvolvidos e consolidados a través das relacións que se van establecendo coas demais persoas...

O xénero, polo tanto, está presente en todas as persoas, alén da súa profesión, da súa clase social e mesmo da súa ideoloxía... e se o xénero está presente, tamén o están as súas chaves de desigualdade... (aínda que en distintos graos), constituíndo o factor de risco da violencia.

Para poder corrixir a desigualdade é imprescindible identificar as súas chaves, e como e en virtude de que se constrúen.

Vexamos como acontece, tendo en conta que só falaremos da personalidade de xénero e, en concreto, daqueles subsistemas de control que condicionan, facilitan e perpetúan a desigualdade e a violencia.

A construción da Personalidade de Xénero

Podemos definir a personalidade coma o **CONXUNTO DE TRAZOS CARACTERÍSTICOS DE CADA PERSOA, QUE A FAN PECULIAR E A DISTINGUEN DE TODAS AS DEMAIS.**

Ao nacer, o noso mundo psíquico non está baleiro, pois temos os elementos que nos permiten sobrevivir e comezar a desenvolvernos: **necesidades innatas ou preprogramadas, pulsións ou actividades instintivas**, necesarias para satisfacer as ditas necesidades... e a **capacidade para sentir o pracer e a tensión ou dispracer**

Todos estes elementos organízanse formando un sistema rexido polo **PRINCIPIO DE BUSCA DO PRACER**. Pero, algunhas veces, a dita busca resulta **FRUSTRADA**, e isto activa outro pulo instintivo: **A AGRESIVIDADE** que ten por obxecto a “destrución” da barreira que se interpón entre o individuo e a obtención do pracer, e que aprenderemos a xestionar de dous xeitos diferentes dependendo do xénero “adxudicado”.

A este mundo psíquico instintivo e inconsciente, chámase **ID**. Pouco a pouco, a interacción entre a criatura e o mundo exterior posibilita o proceso de maduración das capacidades cognitivas e, en consecuencia, a construción dunha nova instancia, neste caso a do ámbito consciente: o **EGO**, comezando así o proceso de estruturamento da personalidade propiamente dita...

Na medida en que se vai desenvolvendo, a criatura comeza a recibir unha serie de esixencias desde o mundo exterior, maiormente formuladas por **MAMÁ**, que supoñen unha presión para o Ego, na medida en que representan a necesidade de “renunciar” á obtención do pracer inmediato, coa introdución dunha serie de prohibicións sobre certo tipo de condutas. A emisión destas, adoita levar aparellada unha mensaxe de reprobación que a criatura percibe como: “*se fas isto, MAMÁ non te vai querer...*”, e esta percepción provoca medo e angustia, porque o amor de **MAMÁ** é algo fundamental e, para non perdelo, a nena ou neno é quen de renunciar ao pracer inmediato, ou de frustrar os seus desexos.

Todo este tipo de normas, que comezan sendo externas, vanse “internalizando”, e “almacenando” no inconsciente, configurando unha instancia que se chama **SUPEREGO**. Deste xeito, incorpóranse ao Superego unha serie de **elementos de control da conduta**, que se constrúen sempre da mesma maneira: cando se produce a transgresión dunha norma internalizada, sobreveñen a angustia e a culpa, derivada do medo á perda do amor de **MAMÁ** polo que vai facer, e esta conduta remata por cohibirse, aínda que **MAMÁ** non estea diante.

A partir deste momento, quedan “construídas” as tres instancias: o **ID**, o **EGO** e o **SUPEREGO**, abríndose o proceso de organización dos seus contidos, aos que se lle continúan incorporando novos elementos.

A todas estas “prohibicións”, que non son as mesmas nin en cantidade nin en contido para as nenas que para os nenos, únenselle agora as **EXPECTATIVAS**. Trátase de toda unha serie de ideas que se lle transmiten (explícita ou implicitamente) á criatura, sobre o que se espera dela. As expectativas poden ser de varios tipos, pero neste caso remitirémonos só ás que teñen que ver coa construción do xénero e que, unha vez máis, van ser distintas para as nenas que para os nenos. En termos xerais, ocorre que, cada vez que a criatura fai algo do que se espera dela, **MAMÁ** transmítelle o seu orgullo, a súa alegría e o seu amor. Así, a nena ou o neno remata por interiorizar “se fago isto, **MAMÁ** quéreme máis”, e vai explorando e validando o que pode facer para conseguilo, entre outros procedementos, por imitación dos modelos cos que se vai identificando ao longo da súa infancia, modelos que, pola súa vez, están impregnados de claves de xénero¹.

O proceso de internalización destas pautas vai construíndo o que se chama “Ideal de Ego”, que se insire no Superego e que remata por ser o conxunto de cualidades que aspirará a posuír, para sentirse querida e, polo tanto, para sentirse ben consigo mesma. O Ideal de Ego será o principal motor das motivacións e, en definitiva, da conduta.

¹ As claves do xénero (normas e expectativas) fican no inconsciente colectivo, como Jung denomina ao conxunto de valores, normas e pautas de comportamento comúns a todas as persoas pertencentes a unha mesma cultura, que se transmiten de xeración en xeración a través da familia e os vínculos sociais e, nesta mesma medida. Os xéneros serían **ARQUETIPOS**, igualmente definidos por Jung como constructos que fican no inconsciente colectivo e que determinan un modelo apriorístico consciente. Así os arquetipos “feminidade” e “masculinidade”, determinan o conxunto de cualidades que debe reunir unha persoa para ser feminina ou masculina e, pola súa vez, inflúen nas prohibicións e expectativas, nos modelos de identificación e no Ideal do Ego.

O proceso remata ao redor dos 14-15 anos tendo construídos unha serie de **subsistemas de control interno** que non só condicionan a conduta senón tamén o xeito de sentir e de pensar (actitudes).

A construción e funcionamento destes subsistemas de control produce sufrimento persoal, pola angustia e a culpa que causa a transgresión das normas... e até o propio desexo de transgredilas pode abondar para facela sentir culpábel... e como queira que a culpa e a angustia son emocións intolerábeis, vanse construíndo e desenvolvendo unha serie de mecanismos de protección que axudan a aliviar este sufrimento. Son os denominados **“MECANISMOS DE DEFENSA DO EGO”**.

O primeiro dos mecanismos de defensa é a **REPRESIÓN**, que consiste no “envío” ao inconsciente de todo aquilo que nos resulta intolerábel... Nestes termos, cada vez que unha frustración resulta “eficaz”, rematamos por interiorizar que o instinto ou o desexo que resultaron frustrados “son malos” e rexeitámolos, porque fannos sentir culpa e angustia... Para resolvela, sufocámolos no inconsciente e, na medida en que non os sentimos ou non os sabemos, evitamos o sufrimento.

A represión é, polo tanto, un proceso a través do que mantemos fóra do pensamento todo aquilo que nos produce angustia. Pero habitualmente a represión non consegue resolver por si soa esta carga emocional, que tende a emerxer espontaneamente, moitas veces mesmo sen vínculo consciente coa causa que a provoca. Así, cando a represión fracasa, habilítanse outros mecanismos de defensa, coa mesma finalidade: aliviar o sufrimento.

Estes mecanismos de defensa son múltiples e a súa “elección” (inconsciente) forma parte do estilo de personalidade. Non imos pormenorizar neles, por motivos de tempo e espazo. Porén, interézanos sinalar que existen algúns mecanismos de defensa característicos do xénero, dos que si falaremos no apartado correspondente.

A Personalidade de xénero determina a construción da desigualdade.

Conforme falamos anteriormente, no proceso de construción da personalidade (e tamén da socialización) inflúen tres factores fundamentais: a frustración, para a renuncia ao pracer inmediato e a internalización das normas, a “domesticación” da agresividade que se emite para destruír o obxecto frustrante, e a internalización das expectativas que construírán o “Ideal de Eu”. Pois ben, este proceso de construción configura, alén dos diferentes estilos persoais derivados do “tamaño” e da interacción entre as instancias, dous modelos distintos segundo o xénero: o masculino e o feminino, na medida en que as regras, as pautas, as mensaxes de amor e desamor de **MAMÁ**, e as expectativas que esta transmite, non son iguais para as persoas que se constrúen en feminino (a maioría das nenas), que para as que se constrúen en masculino (a maioría dos nenos).

Por unha banda, o pulo agresivo aprenderémolo a xestionar cara a dentro no feminino e cara fóra no masculino. Pola outra, os desexos e as demandas expresadas para satisfacelos, frústranse moito máis no feminino que no masculino. E, por último, as expectativas que se transmiten á volta de diversos aspectos actitudinais tamén son distintas.

No modelo masculino, o pulo agresivo, que se libera como resposta perante a frustración reprímese moito menos: aos nenos permíteselles ser moito máis agresivos cás nenas, e mesmo se lles chega a incentivar a agresividade.

- Reciben moi poucas veces mensaxes de **reprobación** cando rompen algo no curso dunha rabecha ou cando pelexan.
- Os xoguetes que utilizan fomentan as representacións agresivas (guerra, asalto, destrución...)
- Os seus modelos de identificación (tanto familiares como sociais), son agresivos.
- Do mesmo xeito **espérase** deles que respondan ás provocacións, que se “defendan” cando se meten con eles... (“que non sexan covardes”) e que defendan ás nenas cando se meten con elas, transmitíndolles con isto que elas son febles, non poden, non saben...

No modelo feminino, o pulo agresivo, reprímese moito máis: as nenas, reciben constantes mensaxes de reprobación cando liberan a súa agresividade:

- Teñen “**prohibidas**” as pelexas.
- O tipo de xoguetes que usan dificultan a representación agresiva, que mesmo é reprimida cando se produce no curso do xogo.
- Os seus modelos de identificación, tanto familiares como sociais, caracterízanse pola contención da agresividade.
- Así mesmo, **espérase** delas que non se metan en liortas, que “aguanten” cando se meten con elas (...ou que lle pidan axuda ao seu irmán)...

Estas prohibicións e expectativas xeran, unha vez internalizadas, dous tipos de subsistemas de control interno ben distintos:

No modelo feminino, a agresividade resulta intolerábel, na medida en que a súa emisión se asocia coa ameaza da perda do amor de MAMÁ e coa angustia e a culpabilidade que isto implica. É máis, o propio feito de saberse ou sentirse agresiva xa lle produce á nena un tremendo malestar, porque isto é oposto ao seu ideal. Así, desde a feminidade:

- Cohíbese o pulo agresivo, o que provoca a contención e acumulación da tensión interna. O dispracer que isto produce asúmese como “mal menor”, na medida en que se anticipa a angustia e a culpabilidade que aparecería se esta tensión se liberase... e o dispracer sería moito maior.
- Nestes termos, a frustración non se resolve case nunca, acumulándose tamén a tensión que produce... ao mesmo tempo que observa como as figuras masculinas conseguen resolvela habitualmente.
- Pouco a pouco, a tensión interna provocada pola frustración crónica da satisfacción dos seus desexos e acrecentada pola contención da agresividade, vaise facendo insoportábel para a nena, que habilita algúns mecanismos de defensa para aliviala: así, por un lado, sublima os seus propios desexos, dándolle prioridade á satisfacción dos que teñen os demais, que considera máis lexítimos e, polo outro, despraza a agresividade cara si mesma.
- Este proceso remata por construír un subsistema de control que se expresa en trazos, actitudes e comportamentos típicos do rol de xénero, e que se caracteriza pola abnegación: os propios desexos resultan inhibidos e a atención aos dos demais considérase unha obriga... rematando por confundir uns cos outros. A satisfacción dos desexos dos demais fai diminuír a propia insatisfacción, até o punto de que se dirixe unha boa dose de esforzo persoal a “adiviñalos”, cando estes non son expresados. Isto, xunto coa autoagresividade, acaba por cristalizar no outro trazo característico de feminino: a submisión aos imperativos dos demais... aínda que estes nos sexan expresados abertamente.

No modelo masculino, pola súa vez, a agresividade resulta liberada con frecuencia. En primeiro lugar, porque non recibe ningunha mensaxe de reprobación cando o fai, e en segundo lugar, porque mesmo se incentiva, na medida en que se espera deles que sexan agresivos. Por último, o único límite que se lle impón consiste en que a liberación non se oriente cara ás figuras de autoridade... e este control resulta doado de resolver a través dun desprazamento, neste caso cara a outras persoas ou obxectos do contorno. Nestes termos, o que acaba por resultar intolerábel é a inhibición da agresividade, asociada coa ameaza da perda do amor da nai, na medida en que frustra as expectativas depositadas sobre o neno... até o punto de que sentirse ou saberse pouco agresivo fai que a súa autoimaxe se desvíe do “Ideal de *Ego*” e, para achegarse a el, cada vez será máis agresivo. En consecuencia, desde a masculinidade:

- O único límite para a agresividade é que esta se dirixa cara ás figuras de autoridade, o cal permite liberar a tensión interna directamente cara ao obxecto frustrante ou indirectamente, desprazada cara a outros obxectos do contorno, sen que isto leve ningunha angustia nin culpa asociadas.

- Nestes termos, a frustración, que xa se producía con menos frecuencia que entre as nenas, resólvese, con frecuencia, logrando a satisfacción e o pracer moitas máis veces... ao mesmo tempo que se observa como ás figuras femininas non se lles permite este tipo de logro.

- Pouco a pouco, o neno vai lexitimando os seus desexos, que prioriza con frecuencia sobre os femininos, aos cales remata por desvalorizar e desprezar.

- Este proceso acaba por construír un subsistema de control que se expresa en trazos, actitudes e comportamentos típicos do rol de xénero, e que se caracteriza polo **egocentrismo**: os propios desexos son o máis importante e os demais (sobre todo as demais) teñen a obriga de satisfacelos... e mesmo de adiviñalos... e cando isto non é así, a intolerancia perante a frustración permite utilizar a agresividade para resolvela... e todo isto acaba por cristalizar no outro trazo característico do masculino: o autoritarismo, que se manifesta sobre todo cando as demais non atenden as súas demandas... ou mesmo cando non as adiviñan. Isto, unido á **proxección** que fai da culpabilidade facilitará e perpetuará a violencia. Na dialéctica que se inicia entre o masculino e o feminino: o feminino introxecta a culpa e o masculino proxéctaa. (Exemplo: O neno magóase ao pasar ao lado da mesa e MAMÁ bátelle á mesa, mentres di: “mala a mesa , mira o que lle fixo ao neno”).

Temos que sinalar que de todo isto só é consciente unha pequena parte... xa que a maioría dos elementos se sitúan no inconsciente e no preconscious onde, con carácter xeral, podemos atopar:

- Do **Superego**, normas morais, das que derivan os controis internos, e trazos do Ideal de Ego. Estes elementos constitúen o substrato da angustia e, nomeadamente, da culpabilidade...)
- Do **EGO**, os contidos e a estrutura dos mecanismos de defensa, substratos das crenzas e de certas normas de conduta.
- Do **ID**, parte dos seus contidos, concretamente as necesidades afectivas e sexuais, os desexos reprimidos e as pulsións agresivas, estas últimas, substrato de emocións coma o enfado e a cólera.

En suma, nas relacións interpersoais entre o masculino e o feminino establécese unha dialéctica entre o egocentrismo e a abnegación, e entre o autoritarismo e a submisión, que dá lugar a que a diferenza se converta en desigualdade e a violencia presida a comunicación entre ambos os dous xéneros, con grandes doses de insatisfacción e de sufrimento persoal.

IV. O MODELO DE INTERVENCIÓN DEBE SER INTEGRAL E ABRANGUER TODOS E CADA UN DOS ELEMENTOS QUE CONFIGURAN AS ACTITUDES

Partimos dun concepto de saúde integral, que vai moito máis alá da ausencia de doenza e abrangue o benestar físico, psicolóxico e social. Así, entendemos a saúde como resultado dunha mestura complexa de factores: tanto estruturais e obxectivos como os que pertencen á subxectividade individual e grupal.

E desde este modelo actuaremos co obxectivo da Promoción da Saúde, no ámbito da Saúde Mental, a través da Educación para a Igualdade e a Prevención e abordaxe da Violencia de Xénero.

As repercusións da desigualdade

A identidade de xénero impregna todas as esferas da nosa vida, condicionando dun xeito esencial as nosas actitudes, determinando os nosos afectos e emocións, as nosas crenzas, e os nosos pensamentos. Así, inflúe en como nos relacionamos co contorno e con nós mesmas e, polo tanto, na nosa saúde.

O feito de ter que adaptarse a estes modelos sociais preestablecidos, resulta limitador e, polo tanto, pouco saudábel tanto para unhas como para outros, xa que non nos permite desenvolver plenamente todas as nosas capacidades, na medida en que para cada un dos xéneros se potencian unhas dimensións determinadas en detrimento doutras (as correspondentes ao xénero contrario), que se reprimen.

No caso das mulleres, a esta limitación hai que engadir a desvantaxe de que as características que se lles asignan como propias (a expresión dos afectos, o coidado das relacións, etc...), valóranse menos que as consideradas masculinas (forza, competitividade...). Esta desvalorización “do feminino” (e non a diferenza en si mesma), ten consecuencias directas sobre a autoestima das mulleres e constitúe unha chave fundamental de desigualdade entre os xéneros.

Por outra banda, xa se concretaron unha serie de contidos da identidade de xénero que promoven que as relacións entre homes e mulleres se constrúan sobre as diferenzas de poder, constituíndo factores, polo tanto, implicados na orixe e mantemento de situacións de violencia de uns cara as outras. Entre estes recordarei tres pola súa importancia chave no tema que nos ocupa:

1. A dirección na que se emite a agresividade (cara si mesmo, en feminino)
2. A abnegación como trazo da personalidade feminina.
3. A submisión, cualidade do rol feminino.

Na medida en que as cualidades do rol e os trazos da personalidade que describimos seguen estando na base da subxectividade feminina, e interaccionan cos elementos socioestruturais da

desigualdade, as mulleres continuamos ocupando unha posición social marcada por diversas desvantaxes, a pesar de que hai moito tempo que comezamos a expresar o noso desexo de ocupar outro lugar no mundo, e de que as reivindicacións neste sentido deron lugar a moitos cambios sociais e á implantación de medidas de protección contra a discriminación.

Porén, a desvalorización secular das mulleres e os trazos de desigualdade promovidos pola cultura patriarcal, producen diversas alteracións do campo afectivo-emocional, entre as que sinalamos:

- ♦ Baixa autoestima, que vén dada pola propia desvalorización “do feminino” e pola desvantaxosa situación social que vivimos.
- ♦ Sentimentos de culpa e angustia producidos polo incumprimento das expectativas do rol: por exemplo, se preferimos non ser nais, se a nosa relación de parella rompe, se eliximos traballar fóra do fogar, se sentimos rabia, se desexamos a autonomía; é dicir, sempre que os nosos sentimentos, desexos e/ou condutas non respondan ao que sentimos (temos interiorizado) que se espera de nós.
- ♦ Falta de autonomía persoal: en relación co anterior, confiamos pouco nas nosas capacidades, e sentímonos dependentes, tanto a nivel afectivo como económico.
- ♦ Por outra parte a represión dos desexos e o medo ao desamor condiciónannos a liberdade para elixir e mesmo para saber o que queremos.
- ♦ Por último, a insatisfacción dos desexos provoca sentimentos de frustración, o que implica un monte de agresividade que non nos permitimos liberar.

Este malestar psicolóxico maniféstase a miúdo na forma de sintomatoloxía ansiosa e depresiva (as mulleres temos unha maior tendencia cós homes a desenvolver transtornos de ansiedade, e a depresión afecta ao duplo de mulleres que de homes), así como tamén en cadros sintomáticos de anorexia e bulimia ou en hábitos inadecuados de alimentación... Sen chegar a constituír un transtorno ou síndrome que se poida encadrar nos sistemas de clasificación ao uso, as mulleres pasan por diversos cadros de ansiedade, distintas formas de somatización ou sintomatoloxía depresiva (con queixas somáticas difusas, sensación de fatiga, decaemento, alteracións do sono...) que adoitan estar en relación con expresións máis sutís de violencia que non son identificadas como tales por elas. En moitos casos, os datos apuntan a que con máis frecuencia do necesario e con máis frecuencia cós homes que presentan a mesma sintomatoloxía, son tratadas con medicación ansiolítica ou antidepressiva, sen que se analicen, a maior parte das veces, as variábeis contextuais implicadas nos cadros.

Estas peculiaridades do “xeito de adoecer” das mulleres remítennos á tendencia autoagresiva mencionada anteriormente.

No caso das repercusións das formas máis graves de violencia física, a sintomatoloxía, aínda que máis intensa, amosa a mesma tendencia. Nestes casos, a violencia, que constitúe unha ameaza para a integridade da persoa, provoca nela síntomas de angustia, que se derivan

fundamentalmente de dúas fontes: (1) o medo perante o perigo real para a propia vida e (2) naqueles casos nos que existe un vínculo afectivo co maltratador, o medo asociado coa perda do amor. Pola súa vez, a sintomatoloxía depresiva acostuma aparecer como saída adaptativa á situación: interiorización da agresividade, autoinculpación pola situación.

O *Transtorno por Estrese Postraumático* (TEPT) descrito no D.S.M.-IV (1994) foi o cadro máis consistentemente asociado coa experiencia de maltrato físico grave (Echeburúa e Corral, 1998; Walker, 1989; Villavicencio, 1999).

A intervención

Os datos indican que a intervención promotora de saúde está claramente ligada á obtención de maiores cotas de igualdade entre os xéneros. E que se queremos que se produza un cambio real nesa dirección, debemos ter en conta todas as compoñentes das actitudes: afectiva, cognitiva e condutual.

Unha actitude é a tendencia ou predisposición a actuar dunha determinada maneira cara a algo ou alguén. Esta predisposición está mediada polo que a persoa pensa e, nomeadamente, o que sente cara ese obxecto. Estes sentimentos e pensamentos inflúen no comportamento en proporcións variábeis e poden, pola súa vez, estar condicionados por factores máis internos.

Cada actitude é o resultado dun subsistema de control da personalidade e reflicte a súa estrutura e, na medida en que as actitudes teñen elementos “visíbeis” (a conduta) e elementos cognitivos e afectivos identificábeis (o pensamento, as emocións e os vínculos, e a motivación), constitúen os elementos chave para a intervención.

Vexamos a través dun exemplo como se constrúen as actitudes. Para isto escollemos a actitude de abnegación pola súa importancia no tema que nos ocupa: unha nena quere (e necesita) xogar. Pero moitas veces non pode saír xogar porque ten que facerlle compañía á súa avoa. E un día, por exemplo quere ir á festa de aniversario dunha amiga e non vai porque a súa nai non a pode levar, xa que ten que coidar á avoa. Por outra parte, é frecuente que a nena observe que mentres as mulleres da casa se encargan do coidado da avoa, o pai e o irmán non o fagan e desfruten de máis tempo de ocio. Ademais, cada vez que a nena quere facer valer os seus dereitos recibe unha mensaxe de desamor. En cambio cada vez que abnega deles recibe unha mensaxe de amor... e acaba aprendendo que é boa se está disposta a coidar das demais persoas incluso a expensas de esquecerse de si mesma.

Pouco a pouco, a nena interiorizará que as súas necesidades son menos importantes que as das demais persoas, e que é malo tentar satisfacer os desexos propios... e irá deixando de facelo, porque a satisfacción que obtén cando o fai é menor que a culpabilidade que sente por facelo... E máis adiante a culpabilidade producirase tamén cando sinta algún desexo. Así, “aprenderá” a reprimilos, ou sublimalos, dedicando o esforzo a satisfacer os das outras persoas. Deste xeito,

non será quen de identificar os seus desexos ou, se o é, non se sentirá libre para tratar de satisfacelos. En consecuencia, non asumirá a responsabilidade sobre o seu benestar.

Para ver as repercusións na práctica da actitude de abnegación podémola poñer en relación, por exemplo, co fenómeno que se deu en chamar “teito de vidro”, que implica tanto limitacións de tipo estrutural como subxectivo e individual no aceso das mulleres aos logros no ámbito profesional ou social. Desde o individual, a actitude de abnegación acostuma estar involucrada neste fenómeno. Poñamos por caso que a unha muller que vive en parella e ten fillas e/ou fillos en idade escolar, se lle presenta unha oportunidade no campo laboral que implique asumir maiores cotas de responsabilidade. Se esta muller ten construída unha actitude de abnegación nos termos descritos, á hora de tomar a decisión sobre se aceptar esta oportunidade, pódense dar varias posibilidades:

- **Posibilidade 1:** pode ser que rexeite a oportunidade, poñendo por diante que lle restaría tempo para dedicarllo á súa familia. Pode que a acepte, deixándose levar por presións desde o ámbito laboral (medo ao desprestixio...), ou mesmo anticipando que o cambio constituirá unha nova e necesaria fonte de ingresos para a familia. En calquera caso, a súa decisión non ten nada que ver cos seus propios desexos.

- **Posibilidade 2:** Pode ocorrer que identifique o seu desexo de ascender no terreo profesional, pero *non se sinta* realmente con dereito a facelo, aínda que pense que o ten. Estaríamos perante unha actitude “escindida”. Pode acabar rexeitando ou aceptando a oportunidade, pero faga o que faga non quedará satisfeita porque se o acepta sentirá culpa e se non o acepta, frustración por non ter acadado o que quería...

- **Posibilidade 3:** Pode ocorrer que a muller, que aparentemente tiña clara a súa decisión de aceptar esta oportunidade, reciba certas presións do seu contorno para que se comporte dun xeito abnegado. Por exemplo, a súa parella transmítelle que non está conforme con que ela asuma ese cambio (advertíndolle continuamente que iso implicará algunha desvantaxe para ela, que alterará dalgún xeito o status quo da parella...), ou mesmo emitindo desvalorizacións que a fagan sentir insegura sobre a súa valía. Neste caso, a muller podería sentir medo perante a posibilidade de que el a deixe ou se enfade con ela, ou mesmo construír un medo a que á parella lle poida pasar algo pola súa culpa... En todo caso, faga o que faga, se acepta o ascenso sentirá culpa e se non o acepta, frustración por non ter acadado o que quería...

Isto déixanos ver que, moitas veces, desde o afectivo, as mulleres non nos sentimos realmente autorizadas a priorizar os nosos desexos, a pesar de que desde o cognitivo vaiamos “aprendendo” que temos dereito.

Chegadas a este punto é importante deixar claro que hai que ter en conta que todo isto se produce en grande parte de xeito inconsciente.

Se a situación da que partimos é complexa, complexos deben ser os procedementos que utilizemos para a intervención.

Xa que logo, propoñemos como estratexia o modelo proposto por primeira vez por Ferreiro e Díaz (1996) e ampliado en posteriores traballos (Ferreiro, 2001) que, baixo o nome de “Estratexia Cuádrupla”, contempla a actuación simultánea en catro fronte, para a intervención nas actitudes, en relación coa promoción da saúde. A adaptación da devandita estratexia para o traballo no campo que nos ocupa implicaría os seguintes procesos que describimos para cada unha das fronte:

1. Fronte afectiva:

- Contribuír á mellora da autoestima das mulleres, o que implica unha diminución dos medos e a inseguridade persoal. Canto máis se quere alguén a si mesma, maior é a súa seguridade no amor das demais persoas (menos medo ten de perdelo) e polo tanto, diminuír o sentimento de culpa que lle suscita a transgresión das normas e expectativas.
- En íntima relación co anterior, axudalas a que identifiquen as súas necesidades e desexos e se autoricen a conseguilos. A diminución dos medos e da culpa vai permitir que elixamos máis libremente, na medida en que non precisamos reprimir os nosos desexos e podemos identificalos.
- Promover a responsabilidade na toma de decisións, libremente tomadas. Na medida en que actuamos condicionadas dalgún xeito polos medos ou a culpa, non nos vemos responsábeis das nosas eleccións (é dicir, non asumimos as consecuencias das mesmas), xa que non as realizamos coa liberdade necesaria.
- Isto contribuír á satisfacción, e polo tanto á saúde, na medida en que a persoa satisfai os seus desexos e se sente quen de facelo, o que incrementará a súa autoestima e diminuír a frustración e, polo tanto, a emisión intrapunitiva da agresividade que esta xera.

Así, a intervención debe darse nun contexto de aceptación e respecto, con seguridade, no que se lexitime a subxectividade individual, especialmente no que respecta aos contidos socialmente deslexitimados, facilitando así a expresión dos desexos, dentro dese contexto de aceptación.

Para isto a intervención debe excluír necesariamente esquemas de autoritarismo e de sobreprotección, permitindo a liberdade para elixir e propiciando que se asuman as consecuencias do que se elixiu.

2. *Fronte conductual:*

2.1. **Desmotivación das condutas desadaptadas:**

Debemos desmotivar, quitándolles finalidade, os comportamentos abnegados e submisos, así como calquera manifestación condutual intrapunitiva. Para iso será necesario:

- Axudalas a diminuír a frustración, extremo xa facilitado por elementos da fronte afectiva.
- Excluír ou diminuír a culpa, contribuíndo así a desprover de finalidade as condutas intrapunitivas motivadas pola necesidade de expiación.
- Desmotivar as demandas afectivas expresadas a través de condutas non axustadas (autoagresivas ou manipuladoras) non dándolles a resposta esperada, pero sempre dentro dun contexto de aceptación e en ausencia de mensaxes de reprobación de calquera tipo.

2.2 **Motivación e adestramento en habilidades alternativas:**

A intervención non sería eficaz se non axudamos á persoa a desenvolver alternativas satisfactorias a estas condutas que estamos desmotivando. Para iso, haberá que:

- Facilitar espazos e tempos para a expresión dos desexos e sentimentos, especialmente aqueles que poidan estar deslexitimados para axudar a lexitimalos.
- Axudar a aprender estratexias para liberar dunha forma impunitiva a agresividade.
- Promover o uso de modelos de comunicación máis adaptados, que lles permitan expresar os seus desexos e demandas dun xeito directo e impunitivo, axudándolles a aprendelos e a experimentar o seu uso e os seus resultados.
- Pola súa vez, as aprendizaxes anteriores, xunto co incremento da autoestima, facilitarán a adquisición das habilidades para que sexan quen de poñer límites perante as invasións da súa individualidade, como un factor de protección en situacións de abuso.

3. *Fronte cognitiva:*

A intervención nesta fronte implica contribuír a que se produza a demanda de información e análise sobre os elementos e os procesos implicados nas relacións de desigualdade e na orixe da sintomatoloxía.

Cómpre axudar as mulleres a ampliar o seu nivel de consciencia: contribuír ao coñecemento de si mesmas, dos propios desexos, sentimentos, emocións, dos controis internos que cada quen ten construídos e que lle dificultan unha vida saudábel... especialmente dos que marcan a desigualdade.

Isto implica traer ao consciente certos contidos do preconscious, tales como as crenzas subxectivas asociadas co rol de xénero, a estrutura dos mecanismos de defensa ou certos contidos do Ideal de Eu...

É moi importante, tamén, que as mulleres aprendan a identificar as distintas manifestacións da violencia, para que a deslexitimen e se lexitimen para rexeitala cando esta se produza.

Promovendo o autocoñecemento e a autoanálise contribuiremos a facilitar que as persoas desenvolvan un estilo de comunicación e relación máis reflexivo e maduro. En estilos persoais destas características a tolerancia cara “si mesmo” posibilita que a maior parte dos elementos actitudinais sexan conscientes e isto permite un maior grao de adaptación e benestar.

En canto ao estilo defensivo, contribuiremos a ampliar a utilización da racionalización, en detrimento de outros menos adaptativos (o desprazamento e a introxección) que acostuman poñerse en marcha desde o feminino.

Coma sempre, tamén neste ámbito será imprescindible traballar nun contexto de aceptación e respecto, tendo en conta o ritmo de cada persoa e/ou grupo e utilizando estratexias que permitan diminuír as resistencias.

Algunhas cuestións en relación co rol profesional

Todas e todos temos interiorizadas en maior ou menor medida as actitudes asociadas co rol de xénero, e se isto é así, tamén o é no que se refire á interiorización das claves de desigualdade que o xénero implica.

Por iso cómpre facilitar ás e aos profesionais que traballan nesta área o autocoñecemento e a análise do propio rol de xénero para facilitar que a intervención se dea desde a distancia profesional necesaria.

Na medida en que nos fagamos conscientes dos contidos do rol de xénero que conforman a nosa identidade subxectiva e vaíamos decodificando determinadas crenzas e actitudes, estaremos en mellor disposición de axudar ás destinatarias da intervención no seu proceso de cambio.

É esencial ter en conta a relevancia do curriculum oculto na intervención, isto é, o que transmitimos dun xeito implícito (polo xeral de xeito non verbal) e inconsciente, contradicindo o discurso explícito.

Consideramos imprescindible para levar a cabo a intervención nestes termos, que as profesionais teñan unha formación permanente, inicial e procesual. E cómpre que esta inclúa o traballo persoal sobre as súas propias actitudes, incluíndo contidos tanto cognitivos como afectivos, para o que será necesario que esta teña un carácter experiencial. E deberá estar orientada a facilitar que elas mesmas constrúan os seus propios recursos para traballar as dificultades que poidan surxir no decurso do desempeño profesional.

V. APLICACIÓN DA ESTRATEXIA CUÁDRUPLA Á INTERVENCIÓN CON GRUPOS. O USO DOS CAMPOS SIMBÓLICOS. A FORMACIÓN DAS PROFESIONAIS NA INTERVENCIÓN CON GRUPOS.

Dentro desta proposta que chamamos estratexia cuádrupla, imos falar agora do traballo con grupos, xa que pensamos que desde o nivel de intervención a prol da igualdade, o seu potencial para o cambio, e polo tanto a súa rendibilidade, é maior có da intervención individual. Deste xeito, e sempre que sexa posíbel optariamos pola intervención grupal, entendida desde a perspectiva da psicoloxía dinámica e desde a liña non directiva de Carl Rogers.

O grupo, conforme o definiu Kurt Lewin é “un conxunto de persoas entre as cales median unha serie de interrelacións, e que se encamiña a conseguir uns obxectivos comúns”. Polo tanto, para que un grupo se constituía como tal, é imprescindible que exista unha finalidade asumida polos seus membros. Isto dá lugar a unha serie de interrelacións no seo grupal, a través das cales se constrúen os vínculos que cohesionan o grupo.

Imos ver polo miúdo como sería o proceso de construción grupal, que xa comeza a partir da primeira sesión. Neste proceso, o grupo vai consensuando os intereses dos seus membros e elaborando as súas normas de funcionamento de dous xeitos: explícito e implícito. Acostuman facerse dun xeito explícito aquelas que teñen que ver con cuestións formais e concretas, como por exemplo a periodicidade das sesións. Fanse dun xeito implícito todas aquelas que teñen que ver cos valores do grupo, na medida en que cada membro observa e experimenta as reaccións que provocan nos demais determinadas comunicacións ou comportamentos individuais. Todo este proceso non sempre é consciente, o cal non quere dicir que non opere igual. Unha vez construídas as normas do grupo, as reaccións que suscita un comportamento, unha opinión, ou o xeito de emitila, indican o grao de aceptación do grupo. Podemos dicir, polo tanto, que a presión que o grupo exerce sobre cada un dos seus membros tende a modular o comportamento destes que, pola súa vez, inflúen no do grupo.

Parécenos importante subliñar que, se garantimos un clima de respecto, aceptación e seguridade, a muller comezará a sentirse “membra ou parte do grupo” (sentimento subxectivo de pertenza) xa desde a primeira sesión, e isto é moi importante, porque:

- Se sente aceptada, querida, valorada e apoiada o cal, pouco a pouco, lle axudará a aceptarse mellor a si mesma. Como consecuencia, aumentarán a súa autoestima e seguridade, e diminuirán os seus medos. Isto, pola súa vez, facilitará a construción dos novos vínculos e a identificación e expresión de novas emocións e, deste xeito, irase construíndo o campo afectivo grupal: o grupo pasaría a ser “o terreo onde se sostén” cada un dos aparatos afectivo-emocionais.

- Como consecuencia de todas estas vivencias, as mulleres expresan con maior liberdade. Isto permite a todas e cada unha identificar e cotexar co seu os estilos de pensamento individuais o que remata por construír un amplo campo cognitivo grupal, que pola súa vez amplía cada un dos campos cognitivos individuais.

Todas estas repercusións son o suficientemente gratificantes coma para que a muller se sinta motivada a continuar sendo membra do grupo, o que aumenta o seu nivel de compromiso con el.

En suma, a pertenza a un grupo supón un aumento da autoestima, seguridade e satisfacción para a persoa, o cal inflúe decisivamente no seu pensamento e comportamento e, canto maior sexa a seguridade que lle produce, maior será a súa estabilidade emocional.

Son estas cualidades e capacidades dos grupos as que permiten que sexan utilizados como instrumentos nos procesos de maduración persoal, en contextos educativos e psicoterapéuticos.

En canto ao papel da profesional que coordina o grupo, hai que ter en conta o xa dito cando falabamos da estratexia cuádrupla:

- Que as protagonistas da intervención son as mulleres.
- Que a nosa principal función como profesionais é, por unha banda, a de facilitar o proceso de construción e cohesión grupal, deseñando actividades e estímulos concretos para tal fin; e pola outra, adaptar a intervención ás características ou ritmo de cada grupo. Neste sentido non hai que esquecer que cada grupo é diferente en canto a: os seus obxectivos, a súa capacidade para o cambio, o seu nivel de maduración, o seu grao de compromiso, as súas resistencias,...

Imos tratar agora de concretar como se pode facer isto.

Como damos o protagonismo ás mulleres?

1. Tendo en conta que o que se aborda nas primeiras sesións é moi importante, xa que para algunhas mulleres pode ser a súa primeira experiencia grupal. De aí que, desde o primeiro encontro, potenciemos a toma de decisións das propias mulleres:

- Preguntándolles expresamente polos seus intereses e polas súas expectativas. Que sexa o propio grupo quen estableza os intereses xerais, garanta a súa asunción por todas as membras, e posibilita que os intereses particulares poidan ser explicitados e negociados, evitando así que produzan perturbacións na dinámica de construción e funcionamento do grupo. Por outra parte, sentirse “preguntada” e tida en conta neste proceso, axuda á lexitimación do campo subxectivo individual e, en consecuencia, inicia o proceso de recuperación da autoestima.

- Facilitando tamén que decidan en canto a diferentes cuestións coma a frecuencia das sesións, acorde coa súa dispoñibilidade, o que se vai abordar en cada encontro,...

2. Deseñando os estímulos necesarios para que o grupo sexa quen de facer autoavaliacións periódicas, así como tamén de valorar a súa alta. Un exemplo de estímulos que facilitan as autoavaliacións, poderían ser: *"Como vos sentides no grupo?"*; *"Que credes que vos achega o grupo?"*; *"Que credes que achega cada unha de vós ao grupo?"*; *"Como foi até agora a vosa evolución?"*; *"Que cousas credes que quedarían por resolver?"*.

3. Axudando a que sexa o propio grupo o que vaia resolvendo os problemas plantexados, deste xeito serán máis protagonistas da súa vida, e obterán unha maior satisfacción persoal. Isto implica, pola nosa parte, non aceptar as responsabilidades que non nos corresponden, coma por exemplo dar resposta a unha demanda de solución perante un problema. Nunha demanda deste tipo, o axeitado será axudar ao grupo, mediante estímulos ou actividades concretas que lle faciliten a busca de diferentes alternativas á cuestión plantexada.

De que xeitos facilitamos o proceso de construción da cohesión grupal?

1. Potenciando a integración das mulleres no grupo, mediante a nosa actitude de aceptación e valoración de cada unha delas.

2. Garantindo un clima de confianza e respecto, onde cada quen poida decidir libremente o que quere expresar.

3. Estimulando a comunicación entre as mulleres do grupo durante todo o proceso, xa que isto favorece as interrelacións e a construción dun vínculo de cohesión homoxéneo.

4. Reservando un tempo para que o grupo poida facer a valoración afectiva de cada encontro, preguntándolles expresamente como se sentiron durante o mesmo.

5. Favorecendo a expresión do afectivo-emocional, preguntando sempre sobre o que senten, en relación ao que están a contar. Por exemplo, as mulleres en situación de violencia acostuman ter medos, culpa e vergoña, polo que é importante que facilitemos e lexitimemos a súa expresión. A partir das primeiras expresións afectivo-emocionais que fan algunhas mulleres, as demais acostuman identificarse con moitas destas emocións e sentimentos, e ao comprobar que todas son aceptadas e respectadas, resúltalles máis doado expresar tamén o que senten. Así, e conforme explicabamos anteriormente, ao vínculo de cohesión vanse unindo outros en positivo (confianza, complicidade, respecto, etc.), e todo isto facilita a construción e ampliación do campo afectivo grupal, que repercute na ampliación do campo afectivo individual de cada unha das membras.

Así mesmo, este contexto de aceptación e respecto promove que se cotexen os sistemas de pensamento individuais, o que constrúe un campo cognitivo grupal que, pola súa vez, amplía os campos cognitivos individuais, e isto contribuirá á aprendizaxe cooperativa e á construción do coñecemento en termos significativos.

Unha das estratexias metodolóxicas máis utilizadas para facilitar este proceso, é a captación dos emerxentes grupais, para devolvelos posteriormente en forma de espello ao grupo.

6. Identificando os comportamentos desadaptados (autoagresivos, manipuladores, etc.), para poder desmotivalos, o que implica non lles dar a resposta esperada. Así, a persoa comprobará que non consegue a súa finalidade e isto acabará por desmotivala para as levar a cabo. É moi importante coidar que este “non dar a resposta esperada”, se faga sempre dentro dun contexto de aceptación e respecto, que exclúa a culpabilidade e, en consecuencia, unha nova xestión autoagresiva ou mesmo heteroagresiva da mesma, co malestar que isto comporta.

7. Proporcionando estratexias de comunicación e de relación “alternativas”. Neste sentido a desmotivación dos comportamentos desaxustados provoca un aumento da receptividade cara a outros novos, e o contexto grupal é o idóneo para adquirilos: por imitación doutras membras, por descubrimento e, en todo caso, por “validación” a través da resposta que reciben.

Neste contexto de aceptación será máis doado que cada muller poida ir resolvendo os seus conflitos coa axuda do grupo.

Os campos simbólicos

Xa dixemos con anterioridade, que as persoas temos mecanismos de defensa, non só biolóxicos, senón tamén psicolóxicos, e que estes últimos nos protexen de todo aquilo de nós mesmas que nos resulta intolerábel e que, polo tanto, nos produce culpa.

Tamén vimos como, ás veces, estes mecanismos non cumpren ben a súa función: por ser demasiado ríxidos, non adaptados á situación, etc. Pois ben, un dos instrumentos que facilitan que as persoas poidamos abordar este tipo de asuntos, sen opoñer demasiadas resistencias, son **os campos simbólicos**.

Podemos definir un campo simbólico coma un marco contextual, no cal se encadran unha serie de elementos ficticios (símbolos), a través dos cales se representan elementos reais do mundo afectivo das persoas. Noutras palabras, á persoa ou ao grupo propónselle unha situación de ficción, coa cal se identifica e na cal proxecta, en consecuencia, boa parte do seu aparato afectivo, incluíndo algúns elementos aos que non ten aceso consciente.

Neste ámbito, a utilización dos campos simbólicos é especialmente útil, ao proporcionar unha situación que a muller ou o grupo non percibe como real (habitualmente denomínase o

“coma se...”). Isto faina sentirse protexida, o cal permite traballar os contidos afectivos dun xeito moito menos ansióxico e estresante, de tal forma que diminúe a resistencia ao cuestionamento, permitindo unha intervención máis efectiva cun menor sufrimento persoal.

Existen diversas posibilidades de enfoque para traballar cos campos simbólicos, cuxa elección vén determinada polo tipo de intervención, os obxectivos da mesma, as características da persoa ou do grupo, a perspectiva teórica que guía o traballo, as habilidades da profesional, etc. Así, temos:

Opcións máis “pechadas”, que parten dunha situación xa construída (un filme ou un texto literario, por exemplo), da cal a persoa ou o grupo parte para levar a cabo unha serie de actividades estruturadas e case sempre dirixidas a inducir a abordaxe do tema.

Opcións máis “abertas”, nas que a persoa ou o grupo, constrúe o seu campo simbólico, debuzando nel o seu propio material.

Na intervención con grupos o campo simbólico que máis utilizamos é a **“Historia encadeada”**. Para a súa construción, cada membra do grupo, por orde de colocación, achegará unha frase que, sumada ás anteriores, vaia articulando unha trama.

A historia comeza cunha frase pronunciada pola profesional (comezo da historia) e remata cando esta considere que hai material abondo, indicándolle entón ás mulleres que dirixan o relato cara un final.

Por último, o grupo completará a construción formulando preguntas sobre os aspectos desta que non quedasen claros, e que logo deberá responder..., e así teremos xa o campo simbólico grupal.

A partir deste momento o grupo poderá traballar e analizar algunhas situacións, nas que están inmersas as e os protagonistas da historia, para que lles axuden a resolvelas. Para isto os estímulos débense estruturar en forma de preguntas, comezando polas que exploran o ámbito afectivo das e dos protagonistas da historia, xa que, desde o noso punto de vista, son imprescindíbeis para a busca de solucións. Así, pódese comezar por cuestións do estilo. *“Que sente cada unha das persoas protagonistas perante...?”, “Que lles gustaría sentir?”; “Que tería que pasar para que sentisen iso que lles gustaría?”; “Que podería facer cada unha para resolver os problemas?”; “A quen lle poderían pedir axuda se elas soas non son quen de conseguilo?”..*

Algunhas veces, o desenlace da historia non é satisfactorio e isto pode proporcionar un recurso para a elaboración dun estímulo, no seguinte sentido; *“Gústavos como remata a historia?”; “Que final vos gustaría que tivese?”; “Que cousas vos parece que terían que ser distintas, ao longo da historia, para que puidese ter ese final que vos parece mellor?”.*

En grupos de tamaño medio, xeralmente orientados á intervención educativa, pódense utilizar, ao longo do proceso, recursos coma o traballo en pequenos grupos, o xogo de roles, etc., se consideramos que isto facilita as cousas e lle axuda ao grupo a resolver.

Na intervención individual acostumamos utilizar algunha foto ou imaxe que sexa suxestiva do que estamos a abordar, e pedímoslle á muller que nos conte unha historia partindo do que lle suxira a imaxe. Dcir que as láminas do T.A.T. (Test de Apercepción Temática, de Murray e cols.), poden utilizarse neste sentido, por ser o suficientemente ambiguas, como para provocar a proxección da realidade íntima. Unha vez construída a historia, deixaríamos para a seguinte sesión a fase de análise, seguindo pautas similares ás xa expostas cando falamos da historia encadeada.

Como vedes, é a propia muller ou o propio grupo, o que constrúe o campo simbólico, e o que en tal sentido, determina as posibilidades de traballo. A historia que constrúe é produto da súa subxectividade, e o material vertido nela, reflicte as súas necesidades de abordaxe, e mesmo as súas metas persoais ou grupais.

En liñas xerais, a muller ou o grupo, inmerso nun campo simbólico:

- Analiza e resolve as situacións que se lle vaian producindo á personaxe ou personaxes, sen a angustia que lle produciría a exposición directa á mesma, e polo tanto con máis distancia e efectividade.
- Beneficiase dos resultados ao obter igualmente a satisfacción de logro, no sentido de sentirse inductora das operacións que realizan as personaxes para chegar á meta. Así mesmo, resolve algúns dos seus propios conflitos a través da súa identificación cos abordados dentro do campo simbólico.

A intervención que propoñemos implica tamén unha formación das profesionais que traballan coas mulleres

As profesionais que traballamos con mulleres en situación de maltrato, debemos ser conscientes de que o modelo de intervención, a liña que se propón e a utilización dos instrumentos que se indican require dunha formación. Nesta, entrarían aspectos tales coma a análise da problemática do xénero, a construción da estratexia de intervención para cada situación, o adestramento no uso da liña non directiva e dos campos simbólicos, etc.

Alén disto, resulta moi importante tamén a abordaxe de todos os asuntos que nos permiten manternos no noso rol profesional, imprescindible para que a intervención sexa correcta e rendíbel, analizando cada situación desde a distancia necesaria, substituíndo a identificación pola empatía e elixindo os estímulos e as respostas desde a seguridade e a confianza en nós mesmas, como profesionais.

Para todo este labor parécenos fundamental o traballo en grupo, por varios motivos:

Primeiro, porque nos axuda a comprender mellor a construción da súa dinámica, as dificultades que se presentan e o xeito de resolvelas.

Segundo, porque nos permite experimentar o impacto das estratexias e dos estímulos que se van usar despois nos grupos de mulleres

En definitiva, porque non hai mellor xeito de formarse para traballar con grupos que sendo membra dun.

Neste sentido, citaremos unha experiencia formativa que tivo lugar na Casa de Acollida para Mulleres de Santiago de Compostela onde, durante un ano, o equipo de traballadoras abordou grupalmente todos os aspectos anteriormente comentados, análise persoal incluído, até construír o modelo de intervención do dispositivo, as estratexias de traballo e a lectura dinámica do funcionamento da Casa.

Coidamos que paga a pena citar esta experiencia porque, conforme se puido comprobar a través da aplicación de test sociométricos e dalgún instrumento proxectivo, os resultados foron:

- Construción da cohesión do equipo
- Aumento da autoestima e da seguridade profesional das traballadoras
- Interiorización de novas construcións relacionadas co xénero (cambios na estrutura psicolóxica da agresividade, o autoritarismo e a seguridade, entre outros)
- Aumento da capacidade de observación
- Aumento da capacidade de iniciativa e creatividade na intervención

Bibliografía

- Barrios, Francisca; Paez, Darío e Basabe, Nekane (1986). Salud mental y factores psicosociales. Rol sexual, mujer y depresión. Actas do *I Congreso Hispano Portugués de Psiquiatría* (5-7), Novembro
- Bernárdez, Teresa (1988). La mujer y la rabia. las prohibiciones culturales y el ideal femenino. *Work in Progress N° 31*. Massachusetts. Wellesley College.
- Bourdieu, Pierre. La dominación masculina. Barcelona, Anagrama, 2000.
- Caro Baroja, Julio (1990). *De los arquetipos y leyendas*. Madrid. ISTMO,S.A.
- Colom, Joana (1988). Mujer y depresión. algunas consideraciones sobre la desigualdad sexual. Comunicación para as *Primeras Jornadas de Mujer y Salud Mental*. Maio, 1985. Madrid. Ministerio de Cultura. Instituto da Muller. Serie documentos, nº 6, pp.83-87.
- Dauder García, Silvia (2005). *Psicología y feminismo. Historia olvidada de mujeres pioneras en psicología*. Narcea S.A. Ediciones
- Bleichmar, Emilce (1995). *La depresión en la mujer*. Madrid. Temas de hoy
- Ferreira, Graciela (1992). *Hombres violentos, mujeres maltratadas. Aportes a la investigación y tratamiento de un problema social*. Buenos Aires. Ed. Sudamericana
- Ferreiro Díaz, Lola; Díaz Anca, Chus (1996). Educación para la salud, en *La coeducación, ¿transversal de las transversales?* Emakunde/ Instituto Vasco da Muller. Vitoria-Gasteiz.
- Ferreiro Díaz, Lola e Balboa Cardoso, Felisa (2005). Violencia de xénero. as claves da súa construción intrapersoaal e as repercusións no ámbito da saúde. Universidade de Vigo. http://webs.uvigo.es/pmayobre/pop/profe_pop_11.htm#ferreiro
- Ferreiro Díaz, Lola (coord.) (2008). *Coeducación afectivo-emocional e sexual*. Xunta de Galicia. Servizo Galego de Igualdade
- Ferreiro Díaz, Lola (2009). *Republicanas de corazón, de cabeza, de corpo enteiro*. Fundación 10 de Marzo. Servizo Galego de Igualdade. Concellaría de Igualdade de A Coruña. (en prensa)
- Ferreiro Díaz, Lola (coord.) (2001). *Temas transversais e educación de actitudes. Proposta para unha intervención integral, a propósito da prevención da infección polo VIH-SIDA*. Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Saúde Pública
- García Colmenares, Carmen. (2006). *Autoridad femenina y reconstrucción biográfica. El caso de las primeras psicólogas españolas*. Revista de investigación en educación, nº 3: 9-18
- García Gómez, Teresa. (2006). La violencia simbólica. mecanismo de "auto-exclusión" de las maestras en los cargos directivos. *Kikiriki. Cooperación educativa*, N° 81: 50-57
- Golombok, Susan e FIVUSH, Robyne (1994). *Gender Development*. Cambridge. Cambridge University Press.
- González, Pilar (2003). *Proposta marco de intervención para previr a violencia de xénero. O proceso educativo. xénero e violencia*. Concellería da Muller. Concello de Santiago.
- Jung, Carl G. (1981). *Arquetipos e inconsciente colectivo*. Barcelona. Paidós.
- Lagarde y de los Ríos, Marcela (1993). *los cautiverios de las mujeres. madresposas, monjas, putas, presas y locas*. Universidade Nacional Autónoma de México. México
- Lagarde y de los Ríos, Marcela (1999). *Una mirada feminista en el umbral del milenio*. Instituto de Estudios de la Mujer. Facultade de Filosofía e Letras. Universidade Nacional. Costa Rica
- Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega, para a prevención e o tratamento integral da Violencia de Xénero. (DOG de 7 de agosto)
- Lewin, Kurt (1973). *Dinámica de la personalidad*. Madrid. Morata.
- Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género. (BOE de 29 de decembro)
- Lorente Acosta, Miguel (2003). *Mi marido me pega lo normal. Agresión a la mujer. realidades y mitos*. Barcelona. Crítica.

- Meler, Irene (1996). Estados depresivos en pacientes mujeres. La perspectiva de los estudios de género. *Revista Subjetividad y Cultura, México. n° 6, maio* p.p.. 45-53
- ONU. Estudio a fondo sobre todas las formas de violencia contra la mujer. Asamblea Xeral.Distr. xral.6 de xullo de 2006
- Pérez Blasco, Josefa (1994). *Desarrollo de la mujer adulta. influencia del rol tradicional femenino en la sintomatología ansiosa y depresiva*. Tese doutoral. Universidade de Valencia.
- Rogers, Carl R.(1987). *Grupos de encuentro*. Buenos Aires. Amorroutu Murguía.
- Villavicencio, Patricia e Sebastián, Julia (1999). *Violencia doméstica. su impacto en la salud física y mental de las mujeres*. Madrid. Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. Instituto da Muller.
- Walker, Leonor (1989). Psychology and violence against women. *American Psychologist*, 44 (4), 695-702.
- Zafra, Remedios (2005). *Netianas. N(h)acer mujer en Internet*. Madrid. Colección Desórdenes

INTERVENCIÓN FORENSE SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO



M^a Berta Rodríguez Martínez

Subdirectora Territorial de A Coruña. Instituto de Medicina Legal

RESUMO

Os movementos de repulsa social viron reflectida a súa demanda na elaboración dunha normativa específica que trate de resolver, desde varios campos de actuación, a lacra que supón a violencia de xénero no comezo do século XXI. Os esforzos de todos os axentes sociais implicados neste campo de actuación deben ir encamiñados á prevención, a educación en xénero e a resolución xusta do caso concreto cunha minimización do dano e a recuperación da vítima para a vida.

A creación dos Equipos de Valoración Forense Integral (EVAFI) da violencia de xénero responde á esixencia normativa. Estas unidades enmárcanse no seo do Instituto de Medicina Legal de Galicia. Integradas polo médico forense, o psicólogo e o traballador social, constitúen a ferramenta que ha de servir ao xulgador para a xusta valoración do dano derivado da violencia de xénero, do clima de violencia que o acompaña e do risco de agresións futuras.

Palabras chave: *Xénero, dano, clima de violencia, valoración integral, intervención forense.*

ABSTRACT

The social repulse movements have seen reflected their demand in the elaboration of an specific rule which would try to solve, from some action areas, the trace wich supposes the domestic violence at the begining of the xxI century. The efforts from all the implicated social agents in this action area must be guide to prevention, the education in gender and the right resolution of the concret case with a minimazation from damage and the victim's recovery for life.

The formation of the overall forensic valuation teams (EVAFI) of domestic violence responds to the legal requirement. These unities are insert in the bosom of the Legal Medicine Institute of Galicia. Composed by the forensic medical, the psychologist and the social worker, they are the tool that will be useful to the judge for the right valuation of damage from domestic violence, from the violence's climate wich comes with it and from the risk of future aggressions.

Key words: *Gender, damage, violence's climate, overall evaluation, forensic intervention.*

A Organización das Nacións Unidas recoñeceu que a violencia contra as mulleres é un obstáculo para lograr os obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz, e viola e menoscaba o desfrute dos dereitos humanos e liberdades fundamentais. Dereitos e liberdades que até a entrada en vigor da nosa Carta Magna no ano 1978, estaban limitados para as mulleres españolas.

A visión androcéntrica-patriarcal que subxaz baixo a orde social establecida, asigna funcións desiguais a cada un de ambos sexos, mantendo unha relación asimétrica, onde os dereitos das mulleres se ven menoscabos e menosprezados. Este feito cultural sobre o que se constrúe o entramo social, ten unha implantación universal, que sobrepasa os límites do tempo e espazo. Estudos antropolóxicos cifran no neolítico o establecemento duns roles desiguais entre os dous sexos, desigualdade de valía que nomea a un deles como superior e mellor dotado –o home- e outro subordinado e inferior –a muller-

Esta estratificación social en función do sexo, constitúese como un caldo excelente de cultivo para o desenvolvemento dunha violencia específica contra as mulleres, unha violencia con historia onde a relación interpersoal viciada se constitúe como núcleo da mesma, marcando unhas claras diferenzas con outro tipo de violencias contra as persoas que carecen de dito vínculo afectivo.

A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, na súa exposición de motivos di, *“A Violencia de Xénero non é un problema que afecte ao ámbito privado. Ao contrario, maniféstase, como o símbolo máis brutal da desigualdade existente na nosa sociedade. Trátase dunha violencia que se dirixe contra as mulleres polo mesmo feito de selo, por ser consideradas polos seus agresores, carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión”*. A Lei tamén di que *“se articularán protocolos de actuación que determinen os procedementos que aseguren unha actuación global e integral das distintas administracións e servizos implicados, e que garantan a actividade probatoria nos procesos que se sigan”*.

Os Equipos de Valoración Forense Integral (EVAFI) son creados para tal fin, en cada unha das Subdireccións Territoriais do IMELGA. Estes Equipos estarán formados por un Médico Forense, un Psicólogo e un Traballador Social, dito Equipo terá que abordar esta violencia desde diferentes enfoques, momentos e disciplinas.

A finalidade da súa intervención, non é só valorar as lesións físicas e/ou psíquicas e a valoración social, senón tamén a de predicir o risco de aparición de novas agresións e así protexer as vítimas e a outras persoas que compartan convivencia, especialmente os fillos, vítimas sempre directas desta violencia.

Entendeuse como necesaria a protocolización da actuación dos servizos forenses para normalizar a resposta fronte ás situacións de violencia de xénero. Ha de terse sempre presente que a actuación forense encádrase no ámbito da actuación pericial dentro dun procedemento xudicial aberto, no cal corresponde ás autoridades xudiciais ou fiscais, como instrutores do caso, decidir os aspectos probatorios que necesitan.

O contido da actuación do EVAFI encóntrase referido no *Manual de Valoración Forense Integral* publicado pola Xunta de Galicia no ano 2008.

A actuación do equipo forense susténtase na necesidade da valoración dos seguintes elementos:

1. Determinación da existencia do maltrato e as súas consecuencias.
2. Aportar elementos para a elaboración dun plan de protección da vítima.
3. Valoración do risco futuro.
4. Valor probatorio da proba.

É necesario establecer o significado dos seguintes termos, contidos no Manual:

- Servizos forenses: os médicos forenses, titulados superiores, psicólogos e traballadores sociais con destino nas Subdireccións territoriais do Instituto de Medicina Legal de Galicia.
- Valoración forense integral: valoración de todos os aspectos integrantes do maltrato sobre a agredida, físico, psíquico e social. Onde intervirán todos os compoñentes do equipo forense (médico, psicólogo e traballador social).
- Valoración forense específica: valoración levada a cabo por un membro do equipo forense, sobre un aspecto determinado do maltrato sufrido pola vítima, tales como valoración de lesións (médico forense), valoración sobre a repercusión no estado psíquico da agresión (psicólogo), valoración das circunstancias sociais da vítima (traballador social).
- Valoración forense global: valoración pericial do equipo forense tanto da vítima como do agresor, e incluso se se estima conveniente, estudaranse outros membros do grupo familiar.
- Cribado de riscos e datos complexos: detección de aqueles elementos ou circunstancias particulares da vítima, do agresor ou do clima doméstico que constitúen indicadores de alta incidencia e posibilidade de reiteración de actos violentos.

Hai que ter en conta que a intervención pericial e clínica nos supostos de violencia de xénero reviste unhas peculiaridades específicas, secundarias á situación psíquica da vítima. O discurso mantido durante tempo de sobreadaptación ao maltrato (permanencia, minimización, xustificación, autoinculpación) pode transformarse nunha mala-adaptación, e o paso desde a

“*disimulación*” á “*simulación*” explícase polas propias crenzas da vítima, e non como o resultado dunha distorsión consciente da realidade, e que detrás de todo existe un sufrimento sostido.

Seguindo co contido do Manual de Valoración Forense Integral, contéplase a valoración conforme a análise de seis eixos:

1- Eixo I: Os feitos.

Referido á valoración do acontecido no momento actual da denuncia.

A lesión física, respecto da que se solicitará sempre a aportación pola vítima dos partes de asistencia sanitaria se existen. Teranse en conta tamén partes de lesións de datas antecedentes aínda que non foran denunciadas. Conterá, como en toda sistemática pericial de valoración do dano corporal a descrición da lesión en todos os parámetros médico-legais, mecanismo de produción e relación de causalidade.

A lesión psíquica, respecto da que se realizará un diagnóstico diferencial coa concorrencia doutras causas, outros motivos de estrese, o estado anterior premórbido, a autovaloración da persoa, o malestar ou a incomodidade propios dunha ruptura de relación de parella.

Os medios e formas de lesionar, e análise daquelas condutas que de forma directa ou indirecta teñan o obxectivo de lesionar (saña, coincidencia con ameazas ou con momentos de especial vulnerabilidade)

2. Eixo II: Valoración do clima violento.

Na valoración integral estudaranse, segundo as circunstancias e complexidade do caso, a existencia de outros feitos agresivos lesivos, doutras condutas violentas aínda que non provoquen lesións así como a existencia de outras vítimas, co fin de valorar desde o punto de vista forense a historia do "clima violento", suxestivo da reiteración nos feitos agresivos.

3. Eixo III: O risco de novas agresións e de morte homicida.

Se partimos da especial dificultade que supón ponderar "o risco obxectivo" de que acontezan novas agresións e inclusive a morte, tratarase de empregar un método mixto que combine a evidencia dos datos co máximo valor estatístico.

En canto a unha valoración estatística cóntanse como referencia a medida do risco noutros ámbitos como: Spousal Assault Risk Assessment Guide (SARA, manual para a valoración do risco contra a parella de P. Randall et al., Canadá, adaptado por Andrés-Pueyo e Sandra López); Psychopathy Checklist-Revised (PCR-R, deseñado por Hare para o estudo de psicopatías); Violence Risk Assessment Écheme (HCR-20)

En canto aos datos baseados na propia experiencia clínica (método empírico), sirvan os seguintes como indicadores:

- Estudo do risco a través dos feitos:

Conduta agresiva. Medios utilizados. A forma de utilizalos. Obxectos lesivos empregados. Coincidencia con ameazas. Coincidencia con situacións especiais como o embarazo, a posta en coñecemento da intención de separarse.

- Estudo do risco desde a persoa agresora:

A xustificación do acontecido. A conduta e a expresión verbal. Problemas nas expectativas de futuro. Tóxicos de abuso. A doenza mental e trastornos da personalidade. Grao de dependencia emocional da persoa agresora con respecto á vítima.

- Estudo do risco desde a vítima:

A xustificación do acontecido e aceptación de culpabilidade que fai a vítima. Ambivalencia e falta de consciencia como vítima. Tóxicos de abuso. A existencia de doenza mental e trastornos da personalidade.

Dependencia emocional da vítima con respecto á persoa agresora.

- Estudo do risco a través da relación entre vítima-agresor:

O estudo da dinámica da relación aporta datos sobre o mal funcionamento familiar como costume da relación intrafamiliar.

Factores creadores de inestabilidade como a infidelidade, intereses económicos contrapostos, inimizadas coa familia política, grao de illamento social, carencia de apoios externos.

- Factores de risco especial:

Delirio celotípico alcólico. Consumo crónico de cocaína.

Transtorno do control dos impulsos. Crenzas obsesivas.

4. Eixo IV: Medidas de protección.

Se fora solicitado polo xuíz/maxistrado e/ou o Ministerio Fiscal, unha vez valorado o feito, o clima violento e o risco de novas agresións, cada membro e o equipo forense en conxunto, estará en condicións de aconsellar as medidas de protección que se consideren máis acomodadas ao caso, con especial referencia a aquelas que afecten aos menores dependentes do agresor (limitación do réxime de visita, suspensión da patria potestade ou da custodia). Neste sentido ha de se lembrar que na actualidade a abertura de procedementos penais por violencia contra a muller leva parella a adopción de medidas civís no mesmo preito.

5. Eixo V: Valoracións específicas.

Inclúe a valoración da agresión sexual no contexto da parella, o incidente do feito violento sobre persoas especialmente vulnerábeis (menores, anciáns, persoas discapacitadas coas que convivan ou exerzan labores de tutela) e a violencia ritual (ablación de xenital, negativas a tratamento).

6. Eixo VI: Valoración en casos de morte.

Na análise da morte no ámbito doméstico, ademais do estudo xeral da morte de etiología médico legal homicida, terase en consideración:

- As "outras posíbeis vítimas" nos casos de morte homicida. O falecemento dun dos membros da parella traerá consecuencias negativas sobre a prole ou outras persoas dependentes.
- O suicidio inducido ou provocado logo dunha historia de maltrato e o suicidio ampliado.
- A morte natural e accidental no ámbito doméstico require un cruce de datos para diferenciar posíbeis actuacións enganosas nestas mortes.

Para finalizar, a violencia no seo das relacións de parella constitúe unha violencia de xénero particularmente perversa, irrompendo nun lugar onde se espera protección e seguridade. Converténdose nun terror físico, psicolóxico, sexual e económico pandémico, universal, independente da cultura, clase social, nivel educacional e económico, non entende de etnias nin de relixións.

Seguindo o contido do Foro Mundial de Mulleres Contra a Violencia (Valencia 2000), “se nos comprometemos hoxe, todos unidos, a crear un mundo libre de violencia contra as mulleres e as nenas, lograremos deter o crime máis universal e impune de todos: a violencia física, emocional, económica e sexual que se comete contra a metade da poboación do planeta”.

Bibliografía

Foro Mundial de Mujeres contra la Violencia. Centro Reina Sofía para el estudio de la Violencia.(2000). Valencia: Autor.

Lei Orgánica 1/04, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral Contra a Violencia de Xénero. Disponível en: <http://www.boe.es>

Rodríguez Martínez, M.B. e Medrano Varela, M. (2008). *Manual de Valoración Forense Integral da Violencia de Xénero*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

VIOLENCIA SEXUAL EN MULLERES E HOMES. ESTUDO PRELIMINAR



Sueiro, E.

Facultade Ciencias da Educación. Universidade de Vigo (Ourense)
C.O.F. "Nóvoa Santos" (SERGAS-OURENSE)

Diéguez, J.L. e López, A.

Facultade Ciencias da Educación. Universidade de Vigo (Ourense)

RESUMO

OBXECTIVOS: Coñecer a violencia sexual e as diferenzas en función do sexo.

MATERIAL E METODO: Estudo descritivo transversal sobre a poboación alvo de 646 estudantes de todas as titulacións do Campus de Ourense, no curso 07-08, a quen se lle aplicou un inquérito estruturado, voluntario e anónimo para coñecer variábeis sociais e relacionadas coa violencia sexual. Os datos analízanse co programa SPSS/15.

RESULTADOS: A idade media é de 20.86 anos (DT= 2.19) e o 29.39% é home.

O 3.4% afirmou ter sido vítima de abuso sexual, o 0.6% telo sido de violación e o 3.6% de asedio sexual.

Non encontramos diferenzas significativas ($p > .05$) entre ambos sexos nas variábeis estudadas de abuso, violación e asedio, salvo na referida á frecuencia do asedio, onde si hai ($p < .05$).

CONCLUSIÓN: Aínda que os resultados lanzan porcentaxes pequenas de violencia sexual, esta segue a existir e a ser relevante. Os profesionais da saúde debemos desenvolver programas que reduzan este risco sexual, encamiñados tanto cara as vítimas como cara as persoas que agriden.

Palabras chave: *Violencia, sexual, xuventude*

ABSTRACT

OBJECTIVES: To know about sexual violence and to identify differences between females and males.

MATERIALS AND METHOD: A cross descriptive study on the target sample made up of 646 students of all degrees from Vigo University, Orense Campus. They all voluntarily and anonymously answered a structured survey designed to identify social variables related to sexual violence. The data were analyzed with the program SPSS/15.

RESULTS: The mean age of the student body is 20.86 years old (SD= 2.19), being the 29.39% males. 3.4% of the student body reported having been victims of sexual abuse, 0.6% of rape and 3.6% of sexual harassment.

We did not find significant differences ($p > .05$) between sexes in the variables of abuse, rape and harassment studied except for the mentioned frequency of harassment where there are in fact differences ($p < .05$).

CONCLUSIONS: Even though the results show low percentages of sexual violence, this exists and keeps on being relevant. Health professionals must develop programs to reduce this sexual risk focused both on victims and abusers.

Key words: *Violence, sexual, youth.*

Introdución

A sexualidade é algo inherente a todas as persoas e evoluciona segundo elas medran. A súa práctica é a que pode ou non entrañar problemas, converténdose a súa manifestación en saudábel ou non. Estaríamos, neste último caso, falando dunha conduta de risco, tanto para quen agride como para a vítima da violencia sexual, que é o tema deste artigo.

Falar de violencia sexual hoxe en día continúa sendo un tema controvertido e de difícil tratamento, dada a escasa información que temos sobre o mesmo, debido ao feito de que a maioría dos casos non se coñecen e/ou non se cren ou non se denuncian, ou ben porque seguimos diferentes criterios para valoralos como tales, ou porque a lembranza dos acontecementos que ocorren pode estar distorcida,... Iso contribúe a que teñamos un descoñecemento importante acerca da mesma e elaboremos crenzas falsas á volta dela.

Porén, as súas implicacións abarcan múltiples campos de acción, como son: clínicos, terapéuticos, educativos, de investigación, legal e comunitario.

O obxectivo do presente traballo é aproximarnos á realidade da violencia sexual –abuso, violación e asedio.

Material e método

Realizamos un estudo descritivo transversal sobre a poboación alvo de 646 estudantes de todas as titulacións do Campus de Ourense, no curso 07-08, a quen se lle aplicou un inquérito estruturado, para coñecer variábeis sociais e relacionadas coa violencia sexual: abuso, violación e asedio. Definimos Abuso sexual: “Antes de cumprires os 17 anos, algunha persoa adulta, con 5-10 anos máis ca ti, realizou condutas sexuais contigo, nas que mediu a coerción, verbal ou física e/ou o engano ou unha persoa menor te obrigou a realizar actos sexuais que non querías?”; Violación: “coito vaxinal, anal e/ou oral con outra persoa que usou a forza ou a intimidación, ou ben que realizou ditos actos cando me encontraba privada/o de sentido e/ou cando era menor de 12 anos cumpridos” e Asedio sexual: “comportamento de carácter sexual, onde media unha relación de poder, laboral ou análoga, e que non é desexado pola persoa a quen se dirixe”.

Os datos analízanse mediante o programa estatístico SPSS/15, obténdose a estatística Descritiva -Frecuencias e porcentaxes para as variábeis cualitativas– e Analítica -Ji cadrado para comparar variábeis cualitativas.

Resultados

A idade media é 20.86 anos (D.T.=2.19) e o 29.39% é home.

TÁBOA 1. FUN VÍTIMA DE ABUSO SEXUAL?

	MULLER			HOME	
	FRECUENCIA	%		FRECUENCIA	%
SI	18	4.0		5	2.6
NO	437	96.0		186	97.4

Ji cadrado= .702; p= .402 NON HAI DIFERENZA SIGNIFICATIVA ENTRE AMBOS SEXOS

TÁBOA 2. PERSOA QUE ABUSOU

	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
MIÑA/MEU M/PAI, DO MEU MESMO SEXO	---	---	---	---
MIÑA/MEU M/PAI, DE DIFERENTE SEXO	2	11.1	---	---
UN/HA PROFESOR/A, DO MEU MESMO SEXO	---	---	1	20.0
UN/HA PROFESOR/A, DE DIFERENTE SEXO	1	5.6	---	---
UN/HA VECIÑO/A, DO MEU MESMO SEXO	2	11.1	1	20.0
UN/HA VECIÑO/A, DE DIFERENTE SEXO	1	5.6	1	20.0
OUTRA/O FAMILIAR, DO MEU MESMO SEXO	2	11.1	1	20.0
OUTRA/O FAMILIAR, DE DIFERENTE SEXO	3	16.7	0	---
UN/HA AMIGO/A, DO MEU MESMO SEXO	1	5.6	0	---
UN/HA AMIGO/A, DE DIFERENTE SEXO	2	11.1	1	20.0
OUTRA PERSOA	4	22.2	---	--

Ji cadrado = 8.306; p = .504 A DIFERENZA NON É SIGNIFICATIVA

TÁBOA 3. FRECUENCIA DO ABUSO

	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
SÓ UNHA VEZ	10	55.6	1	20.0
UNHA VEZ/SEMANA	1	5.6	1	20.0
VARIAS VECES/SEMANA	3	16.7	---	---
UNA VEZ AO MES	4	22.2	3	60.0

Ji cadrado = 4.641; p = .200 NON HAI DIFERENZA SIGNIFICATIVA

TÁBOA 4. DURACIÓN DO ABUSO

	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
UN-DOUS MESES	4	30.8	1	25.0
TRES-SEIS MESES	2	15.4	---	---
SETE-DOCE MESES	4	30.8	2	50.0
DOUS-TRES ANOS	2	15.4	1	25.0
CATRO OU MÁIS ANOS	1	7.7	---	---

Ji cadrado = 1.438; p = .837 NON EXISTE DIFERENZA SIGNIFICATIVA

TÁBOA 5. FUN VÍTIMA DE VIOLACIÓN?

	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
SI	4	0.9	---	---
NON	449	99.1	188	100

Ji cadrado= 1.670; p= 0.106 NON HAI DIFERENZA SIGNIFICATIVA

TÁBOA 6. PERSOA QUE VIOLOU

	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
MIÑA/MEU M/PAI, DO MEU MESMO SEXO	---	---	---	---
MIÑA/MEU M/PAI, DE DIFERENTE SEXO	1	25.0	---	---
UN/HA PROFESOR/A, DO MEU MESMO SEXO	---	---	---	---
UN/HA PROFESOR/A, DE DIFERENTE SEXO	---	---	---	---
UN/HA VECIÑO/A, DO MEU MESMO SEXO	---	---	---	---
UN/HA VECIÑO/A, DE DIFERENTE SEXO	---	---	---	---
OUTRA/O FAMILIAR, DO MEU MESMO SEXO	1	25.0	---	---
OUTRA/O FAMILIAR, DE DIFERENTE SEXO	---	---	---	---
UN/HA AMIGO/A, DO MEU MESMO SEXO	---	---	---	---
UN/HA AMIGO/A, DE DIFERENTE SEXO	---	---	---	---
OUTRA PERSOA	2	50.0	---	---

NON É POSÍBEL A ANÁLISE COMPARATIVA POLO ESCASO NÚMERO DE CASOS

TÁBOA 7. FRECUENCIA DA VIOLACIÓN

	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
SÓ UNHA VEZ	---	---	---	---
UNHA VEZ/SEMANA	2	66.7	---	---
VARIAS VECES/SEMANA	---	---	---	---
UNHA VEZ AO MES	1	33.3	---	---

NON É POSÍBEL A ANÁLISE COMPARATIVA POLO ESCASO NÚMERO DE CASOS

TÁBOA 8. DURACIÓN DA VIOLACIÓN

	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
UN-DOUS MESES	1	50.0	---	---
TRES-SEIS MESES	---	---	---	---
SETE-DOCE MESES	---	---	---	---
DOUS-TRES ANOS	---	---	---	---
CATRO OU MÁIS ANOS	1	50.0	---	---

NON É POSÍBEL A ANÁLISE COMPARATIVA POLO ESCASO NÚMERO DE CASOS

TÁBOA 9. FUN VÍTIMA DE ASEDIO SEXUAL?

	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
SÍ	19	4.2	4	2.1
NON	434	95.8	184	97.9

Ji cadrado = 1.640; p = 0.200 NON ENCONTRAMOS DIFERENZAS SIGNIFICATIVAS

TÁBOA 10. PERSOA QUE ASEDIU

	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
NINGUÉN	1	5.6	---	---
O MEU XEFE/A, DO MEU MESMO SEXO	1	5.6	---	---
O MEU XEFE/A, DE DIFERENTE SEXO	3	33.3	---	---
UN/HA PROFESOR/A, DO MEU MESMO SEXO	---	---	1	25.0
UN/HA PROFESOR/A, DE DIFERENTE SEXO	2	11.1	---	---
OUTRA PERSOA	8	44.4	3	75.0

Ji cadrado = 7.333; p = .197 AS DIFERENZAS NON SON SIGNIFICATIVAS

TÁBOA 11. FRECUENCIA DO ASEDIO

	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
SÓ UNHA VEZ	8	44.4	1	25.0
UNHA VEZ/SEMANA	1	5.6	2	50.0
VARIAS VECES/SEMANA	8	44.4	---	---
UNHA VEZ AO MES	1	5.6	1	25.0

Ji cadrado = 8.182; p = .042 AS DIFERENZAS SON SIGNIFICATIVAS

TÁBOA 12. DURACIÓN DO ASEDIO

	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
NUNCA	1	6.7	---	---
UN-DOUS MESES	9	60.0	3	75.0
TRES-SEIS MESES	---	---	---	---
SETE-DOCE MESES	4	26.7	1	25.0
DOUS-TRES ANOS	---	---	---	---
CATRO OU MÁIS ANOS	1	6.7	1	---

Ji cadrado = .649; p = .885 NON HAI DIFERENZAS SIGNIFICATIVAS

Discusión

O 4% das rapazas e o 2.6% dos rapaces manifestan ter sido vítimas de abuso sexual, non sendo a diferenza entre ambos grupos significativa. Finkelhor (1986), de datos recollidos en U.S.A., Canadá e Inglaterra, obtén porcentaxes superiores ás nosas, o mesmo que acontece coas mostras españolas (López e Arnáez, 1989; López et al., 1994); Polo contrario, resultados inferiores aos nosos -a idade da mostra é menor-, son os dun traballo realizado pola Sociedade Malagueña de Sexoloxía (1993), que tamén sinala que a maior porcentaxe dos abusos se inicia en torno aos 12 anos, aínda que hai un 7.1% de rapazas que xa foi vítima aos cinco anos.

Nunha investigación realizada en polo menos 19 cidades dos Estados Unidos e Canadá sinalan porcentaxes de abusos sexuais que van do 7% ao 36% para as mulleres e do 3% ao 29% para os homes. A maioría dos estudos encontran que as mulleres son abusadas á razón de 1 1/2 a 3 veces fronte aos homes (Finkelhor, 1994). Esta razón increméntase nun estudo desenvolvido algúns anos despois, por Rickert e Wiemann (1998), do que se conclúe que as adolescentes e adultas son vítimas de abuso sexual catro veces máis que calquera muller doutro grupo de idade. Ademais, increméntase a incidencia do abuso sexual infantil na poboación psiquiátrica adulta.

Unha investigación levada a cabo pola Universidade de Sevilla, sobre delitos contra menores en 1991 e 1992, encontra que, do total de casos rexistrados en España (789), o 3% corresponde a

Galicia, sendo destes o 8.33% (2 casos) de Lugo, o 25% (6 casos) de Ourense, o 33.33% (8 casos) de Pontevedra e o outro 33.33% de Coruña. Ademais, danse diferenzas de xénero. Así, no ano 1995, na Delegación Provincial do Menor da cidade de Ourense, denunciáronse 9 casos, dos cales en 2 as vítimas eran varóns e en 7, mulleres. Nos casos dos nenos, o agresor é o pai e denuncia a nai e, nos casos das nenas, en 4 agride o pai, en dous un veciño e en 1, o sogro da nai (que non é avó da vítima) (Sueiro, 1997).

Polo que fai referencia á persoa que abusa, non encontramos diferenzas significativas en función do sexo. Nun estudo realizado no Reino Unido, encontraron que o 80% dos casos de abuso sexual ocorreu dentro da familia (Ussher e Dewberry, 1995).

Tanto as rapazas como os rapaces inquiridos para o presente traballo refiren que o abuso aconteceu unha única vez, na maioría dos casos, aínda que a frecuencia foi maior para os varóns, non sendo entre ambos grupos a diferenza significativa. Aínda que nós non indagamos sobre a idade en que ocorreu o abuso, Burton et al. (1997), afirman que as e os nenos que posuían unha historia de abuso sexual coñecida eran máis xóvens ao primeiro sinal de agresión sexual que aqueles con historia de abuso sexual descoñecida. Tamén sinalan que as e os nenos menores de 6 anos percibiron con maior probabilidade como normal a conduta sexualmente agresiva que quen era xa maior.

Polo que fai referencia á frecuencia do abuso, na maior porcentaxe das mulleres aconteceu unha vez e unha vez/mes no caso dos homes, sendo a duración do abuso, para ambos sexos, de sete a doce meses, e de un a dous tamén para a muller. Non encontramos diferenzas entre ambos sexos, o mesmo que ocorre nos resultados obtidos con respecto ao tipo de persoa que exerce o abuso. O estudo da Sociedade Malagueña de Sexoloxía (1993), sinala que no 28.5% das rapazas e o 14.2% dos rapaces o abuso durou varios meses.

Se pensamos nas súas consecuencias, Lodico et al. (1996) indican que o abuso sexual na infancia foi identificado como un predictor de agresión sexual adulta ou vitimización sexual -sexo obrigado. Nun estudo que realizan con estudantes de 9º e 12º grao identifican unha prevalencia de abuso sexual do 10%, referindo as mulleres catro veces máis abuso cós homes. E, as adolescentes que foron vítimas de abuso, falan de ter máis sexo á forza cun amigo que quen non foi vítima de abuso, ademais, son duplamente agredidas sexualmente e seis veces máis reportan vitimización sexual e a concorrencia de agresión e vitimización sexual. Tamén Burton et al. (1997) indican que o 72% dos nenos e nenas agresores sexuais tiñan sido vítimas de abuso sexual. Langeland e Hartgers (1998) sinalan que, entre as mulleres, hai unha elevada probabilidade de problemas co alcol se elas foron vítimas de abuso sexual cando eran nenas. E, as mulleres vítimas de abuso sexual teñen máis dificultades nas relacións interpersoais, incluíndo unha máis baixa percepción da calidade dos coidados de saúde, aínda cando a autoestima e os síntomas depresivos estean controlados (Russo et al., 1997).

Porén, dunha revisión realizada, Slusser (1995) confirma que non todas as persoas que son

vítimas de abuso sexual están igualmente traumatizadas e cabe sospeitar da existencia de abuso sexual cando as e os pequenos realizan condutas sexuais claras, inapropiadas para a súa idade.

Catro das nosas mulleres afirman ter sido violadas, fronte a ningún rapaz, non encontrando diferenza significativa entre ambos sexos, en calquera destas variábeis investigadas. O informe de 1996 das Nacións Unidas sobre desenvolvemento humano afirma que 130.000 mulleres son violadas cada ano nas sociedades industrializadas, definindo violación como penetración sexual de calquera orificio do corpo sen o consentimento da vítima (Grassi et al, 1997).

No estudo desenvolto no Reino Unido, tamén acharon que no 46% dos casos de abuso sexual se incluíu coito (Ussher e Dewberry, 1995).

Unha investigación feita por Fergusson et al. (1997) indica que as mulleres que refiren abuso sexual na infancia e abuso que inclúe coito, dan puntuacións significativamente máis elevadas no inicio precoz da actividade sexual, embarazo na adolescencia, múltiples parellas sexuais, coito sen protección, doenzas de transmisión sexual e asaltos (ataques) sexuais despois dos 16 anos. Son características demográficas que incrementan a vulnerabilidade fronte á violación: idade precoz da primeira, inicio precoz da actividade sexual, idade máis precoz da menarquia, historia de abuso sexual ou vitimización sexual previa e ter unha maior aceptación dos mitos sobre violación e de violencia cara a muller. Outros factores de risco son: quen inicia, quen paga os gastos, quen conduce, lugar de localización e actividade, así como o uso do alcol ou outras drogas ilegais (Rickert e Wiemann, 1998).


Xa por último, vemos que máis mulleres ca homes son asediados sexualmente, aínda que a diferenza entre ambos grupos non é significativa. Con respecto ao asedio achamos diferenzas significativas, entre ambos sexos, na variábel frecuencia do asedio.

O abuso é un problema internacional (Finkelhor, 1994) e calquera tipo de violencia sexual constitúe un problema de saúde pública. É preciso combinar os esforzos da educación, para identificar os abusos, tratar as vítimas e as/os perpetradores (Abel e Rouleau, 1995).

Bibliografía

- Abel, G.G. e Rouleau, J.L. Sexual abuses. *Psychiatr Clin North Am*, 1995, 18(1): 139-153.
- Burton, D.L.; Nesmith, A.A. e Badten, L. Clinician's view on sexually aggressive children and their families: a theoretical exploration. *Child Abuse Negl.* 1997, 21(2): 157-170.
- Fergusson, D.M., Horwood, L.J. e Lynskey, M.T. Childhood sexual abuse, adolescent sexual behaviors and sexual revictimization. *Child Abuse Negl.* 1997, 21(8): 789-803.
- Finkelhor, D. *Sourcebook on child sexual abuse*. SAGE Publications. The publishers of professional social. Science Beverly Hills London New Delhi; 1986.
- Finkelhor, D. The international epidemiology of child sexual abuse. *Child Abuse Negl*, 1994, 18(5): 409-417.
- Grassi, A.; Fiorani, F.; Ferrero, S.; Silvestri, A.; Agneni, M. e Pisani, G. Proposed medical record to be used in rape cases. New diagnostic and medicolegal aspects. *Minerva Ginecol.* 1997, 49(11): 521-530.
- Langeland, W. e Hartgers, C. Child sexual and physical abuse and alcoholism: a review. *J Stud Alcohol*. 1998, 59(3): 336-348.
- Lodico, M.A., Gruber, E. e DiClemente, R.J. Childhood sexual abuse and coercitive sex among school-based adolescents in a midwestern state. *J Adolesc Health*. 1996, 18(3): 211-217.
- López, F. e Arnáez, M^a M. Los abusos sexuales a menores. *C. Med. Psicosom. Sex.* 1989, 10: 6-15.
- López, F. e Outros. *Memoria sobre protección de menores*. Madrid: Ministerio de Asuntos Sociais; 1994.
- Rickert, V.I. e Wiemann, C.M. Date rape among adolescents and young adults. *J Pediatr Adolesc Gynecol.* 1998, 11(4): 167-175.
- Russo, N.F., Denious, J.E., Keita, G.P. e Koss, M.P. Intimate violence and black women's health. *Womens Health*. 1997, 3(3-4): 315-348.
- Slusser, M.M. Manifestations of sexual abuse in preschool-aged children. *Issues Ment Health Nurs.* 1995, 16(5): 481-491.
- Sociedade Malagueña de Sexoloxía. *Campaña de información sexual para jóvenes*. Málaga: Concello de Málaga; 1993.
- Sueiro E. Os abusos sexuais e a súa prevención. *Revista Galego-Portuguesa de Psicoloxía e Educación*. 1997, 1(1): 63-75.
- Ussher, J.M. e Dewberry, C. The nature and long-term effects of childhood sexual abuse: a survey of adult women survivors in Britain. *Br J Clin Psychology*. 1995, 34(2): 177-192.

O MALTRATO ENCUBERTO



Marta González Rodríguez, Adalberto Iglesias Doval,

Casilda Oujo Fernández

Psicólogos Internos Residentes Complexo Hospitalario Xeral-Calde Lugo

RESUMO

Moitas mulleres acoden ás Unidades de Saúde Mental queixándose de sintomatoloxía de diferente índole: ansiosa (palpitacións, hipervixilancia), depresiva (anhedonia, sentimentos de culpa e inutilidade...), somatizacións (dor de cabeza, alteracións menstruais...), trastornos sexuais (desexo sexual hipoactivo, dispareunia...). Queixas máis ou menos vagas que non relacionan coa situación de maltrato que están vivindo nos seus fogares.

Neste traballo fixemos unha revisión bibliográfica sobre a importancia da detección e intervención nas situacións de maltrato e abuso que se agochan tras moitos dos síntomas das pacientes que acoden ás nosas consultas. Destacamos a importancia da detección dun maltrato encuberto do que moitas non son conscientes ou agochan por diferentes razóns (vergoña, minimización, medo...).

Os profesionais debemos facilitarlles un ambiente seguro no que poidan atreverse a contar a situación que están vivindo e facilitarlles información sobre os recursos que teñen ao seu alcance para poder saír da mesma.

Falamos tamén das dificultades que nos podemos topar á hora de emprender esta labor, xa que non nos podemos esquecer de que o maltrato é un tema complexo no que non existen respostas e solucións sinxelas.

Palabras chave: maltrato, encuberto, saúde, sintomatoloxía difusa, detección.

ABSTRACT

Many women go to the Mental Health Units, complaining about symptoms of different nature: anxious-depressive (anhedonia, guilt and uselessness feelings...), somatization (headache, menstrual alterations...), sexual disorders (hypoactive sexual desire, dyspareunia...). These women are not connecting their vague complaints to the situation of abuse they are suffering in their own homes.

In this work we have made a bibliographic revision on the importance to detect and intervene at the situations of domestic violence and abuse, hidden behind many of the symptoms suffered by the women who come to our practice. The significance to detect an undercover abuse, of which many of these women are unconscious or simply hide for different reasons (shy, minimization, fear...).

Professionals have to create a safety atmosphere in order to allow these women to be brave enough to talk about the situation they are living, and provide them information about the different options available for them to deal with it.

We also talk about the difficulties we can find undertaking this work, since we can't forget abuse is a complex issue, with no easy answers and solutions.

Key words: domestic violence, hidden, health, inespecific symptoms, detection.

Introdución

Chamareina Carmen. Ten 43 anos, está casada desde fai uns vinte e ten dous fillos de 15 e 9 anos. Ela e o seu marido dedícanse á gandería. Acode a esta unidade por terceira vez nos últimos dez anos. As dúas veces anteriores non pasou da terceira consulta e a queixa era moi semellante á que trae neste momento: cansazo, estado de ánimo depresivo, anhedonía, apatía... Unha sintomatoloxía difusa coma difusa é a súa demanda. Non relaciona o seu malestar con nada concreto e realmente non sabe en que a podemos axudar nós, pero parece necesitada de falar. Non é até a terceira consulta que sae o tema da relación de parella, tema que até ese momento foi recia a falar. Finalmente fai un relato dunha situación de maltrato físico e psicolóxico por parte do seu marido que comeza desde o principio do matrimonio. Para ela esta situación é normal, non pensa que sexa unha vítima “coma as que saen na T.V.”, e non relaciona para nada a súa situación co seu malestar.

Coma Carmen moitas mulleres máis acoden ás nosas consultas cunha constelación de síntomas físicos e psicolóxicos difusos, queixas que enmascaran un problema de

maltrato de fondo. As mulleres sometidas á violencia de xénero acoden máis aos servizos sanitarios que as demais. Estudos realizados en diferentes países coinciden en que unha porcentaxe importante de mulleres que acoden aos servizos de atención primaria, saúde mental, traumatoloxía e urxencias están sometidas a violencia por parte da súa parella (datos internacionais falan de prevalencias de entre un 20 e un 55%; Ruiz-Pérez I, et al., 2004)

A violencia de xénero: un problema de saúde

Diferentes investigacións teñen demostrado o feito de que as relacións de parella violentas teñen graves e importantes consecuencias na saúde da muller, tanto a curto coma a longo prazo. (Blanco et al., 2004)

A gravidade destas consecuencias depende do tipo de violencia sufrida, e da súa intensidade e frecuencia, da intencionalidade, dos medios usados e dos elementos acompañantes (ameazas e indicios de que estas se poden levar a cabo).

A muller vítima de malos tratos presenta unha morea de síntomas físicos, psicosomáticos e psicolóxicos alén das lesións derivadas dos golpes: síntomas físicos inespecíficos (cefaleas), dor crónica, síndrome do intestino irritable, depresión, ansiedade, trastornos do sono, trastornos da conduta alimentar... (Protocolo Común para a Actuación Sanitaria ante a Violencia de Xénero, Ministerio de Sanidade e Consumo; 2007)

Tense demostrado, ademais, que a violencia de xénero favorece a aparición de diferentes doenzas e empeora outras xa existentes.

Ademais o deterioro da saúde maniféstase durante o maltrato, pero tamén a longo prazo, moito tempo despois de ter rematada a relación.

No que respecta ao impacto na saúde mental da muller maltratada, a maioría dos estudos realizados falan dunha alta prevalencia de problemas psicolóxicos entre estas mulleres (ao redor dun 60% presentan transtornos psicolóxicos de moderados a graves)(Lorente 2001): *“A muller vítima da agresión do home queda cunha serie de cicatrices que traspasan a súa pel para chegar ao máis fondo do seu corazón e ao máis profundo do seu psiquismo e dos seus sentimentos”*.

O maltrato incrementa unha serie de síntomas e cadros clínicos que van desde a ansiedade, ao insomnio ou á baixa autoestima até a depresión clínica ou o mesmo Transtorno por Estrese Postraumático.

Unha forma de establecer o impacto real dos efectos da agresión sobre a saúde individual da muller e sobre a saúde pública, é mediante un indicador baseado na perda de Anos de Vida Saudábel (AVISA). Este indicador fala do número de anos que se perden sobre unha esperanza de vida teórica segundo os datos sociodemográficos dunha poboación concreta. Mediante este enfoque calcúlase que como a consecuencia da agresión á muller pérdense un 55% dos AVISAS debido ao dano físico, e un 45% por causa de danos non físicos (psicolóxicos e da saúde reproductora) (Lorente, 2001).

Como detectalo?

Na maioría dos casos, os profesionais da saúde non detectan que a orixe dos síntomas reside na situación de violencia á que están sometidas estas mulleres. Existen barreiras psicolóxicas e culturais que dificultan que as mulleres falen do tema. A miúdo senten medo, vergoña, minimizan a gravidade e perigosidade da súa situación, resístense a recoñecelo e poden chegar a autoculparse. Tamén en moitos casos, falta tempo e formación por parte dos profesionais. Pero os centros de saúde, os servizos de planificación familiar, saúde mental e urxencias tamén poden ser lugares privilexiados para a prevención, a detección precoz e a atención da muller maltratada, xa que a maioría das mulleres entran en contacto con eles nalgún momento da súa vida.

Non é doado detectar unha situación de maltrato cando non existen lesións físicas, pero si podemos profundizar na historia da muller por medio da relación terapéutica. Se somos capaces de detectar a situación de violencia faremos máis doada a ruptura do silencio, e estaremos no camiño cara á comprensión e a visualización do problema. Como se nos di desde o Protocolo Común para Actuación Sanitaria ante a Violencia de Xénero do MSC do 2007: *“o non recoñecemento dunha situación de maltrato como condicionante dun problema de saúde, especialmente por figuras dotadas de “autoridade” como é o persoal sanitario, pode conlevar unha nova victimización para a muller que podería contribuír á cronificación do maltrato e á medicalización do problema”*.

Existen distintas variábeis que dificultan o proceso de detección do maltrato: factores socioculturais (mitos e estereotipos, factores do contexto de consulta, factores propios das mulleres maltratadas e factores persoais do/a profesional.

Non podemos esquecer que nós mesmos tamén estamos influídos pola socialización de xénero e polo imaxinario social sobre a violencia contra as mulleres. Non somos alleos aos mitos e ás crenzas populares sobre os malos tratos (“o alcol e as drogas determinan a violencia”, “os violentos son en realidade vítimas de violencia na súa infancia”, “son violentos porque teñen problemas psíquicos ou baixa autoestima”, “as mulleres maltratadas teñen unhas características determinadas de personalidade ou un comportamento provocador”, etc.), que ás veces entúrbiannos a ollada dificultando que podiamos detectar a situación de violencia”.

Dentro dos factores do contexto da consulta un dos máis influentes é que no caso do maltrato moitas veces a parella acompaña á muller á consulta. Aparece solícito e moi preocupado por ela ás veces. Outras veces, aparece distante e despreocupado, pero sempre presente, coaccionando deste xeito a actitude e o discurso da muller. Outra dificultade engadida é a frecuente escaseza de tempo dispoñíbel debido á carga asistencial.

Os factores relativos ás características propias das mulleres maltratadas teñen que ver cos mecanismos de defensa que estas desenvolven para sobrevivir á situación que padecen. O medo, a vergoña, as distorsións cognitivas do problema, a negación, a resistencia a recoñecer o que lle está pasando e a autoculpabilización da situación sufrida, dificultan que poidan recoñecer e asumir que son vítimas de malos tratos. E, polo tanto, reaccionar e tomar medidas en consecuencia.

No que respecta aos factores persoais do/a profesional é necesario que cada un reflexionemos sobre os nosos coñecementos e atitudes fronte á violencia, xa que as nosas ideas preconcebidas, experiencias persoais e prexuízos tamén van estar presentes na consulta, guiando en moitos casos o tipo de preguntas que facemos ou que deixamos de facer.

Ante unha muller que acode á nosa consulta con síntomas crónicos vagos, físicos e psíquicos, o mínimo que poderíamos facer sería preguntarlle como lle van as cousas na casa, como vai a súa relación de parella, preguntarlle que é o que lle preocupa ou que a fai sentir triste, etc. E non ter medo de facer preguntas directas sobre as agresións e os insultos.

É moi importante poder crear un clima de confianza e tranquilidade onde a muller poida falar, asegurando a confidencialidade. Debemos recibir a paciente a soas e escoitar o seu relato sen interrupcións e sen establecer xuízos, facéndolle saber que cremos o que nos está contando. Mantendo unha actitude de escoita activa, captando non só o que di, tamén as emocións e a demanda que pode estar implícita no seu relato.

Debemos axudala a relacionar os seus síntomas coa situación que está vivindo. E, sobre todo, hai que “desculpabilizala”, entendela e reforzala transmitindo mensaxes coma o dereito a vivir sen violencia, que ninguén ten por que ser vítima de maltrato físico, psicolóxico ou sexual, que

non son situacións inherentes ao matrimonio ou á relación de parella e que se pode encontrar axuda e apoio.

Debemos darlle a seguridade de que non se intervirá se ela non quere, é moi importante respectar o proceso de cada muller e as súas posibilidades para enfrontarse á situación. Debemos informala dos recursos dispoñíbeis na comunidade, respectar as súas decisións e ir creando un entorno de apoio para cando ela estea preparada para dar o paso.

Unha prioridade é a seguridade persoal, polo que temos que avaliar se a súa vida está en perigo e asegurarnos de que teña recursos para poñerse a salvo nunha situación de perigo.

Conclusiones


A violencia contra as mulleres conleva importantes problemas na saúde física, psicolóxica e sexual, tanto a curto coma a longo prazo.

A nivel psicolóxico moitos destes síntomas son difusos e ás veces pasan desapercibidos, sen que poidamos identificar a situación de maltrato que están denunciando. Por iso é importante que sexamos conscientes dos síntomas que se asocian a este tipo de situación para que poidamos recoñecelos e actuar en consecuencia, xa que os servizos sanitarios poden ser un lugar privilexiado para a prevención, detección precoz e a abordaxe inicial da problemática da muller maltratada.

Bibliografía

- Abbott J., Johnson R., Koziol-Maclain J. and Lowenstein SR. (1995). Domestic violence against women. Incidence and prevalence in an emergency department population. *JAMA*, 273, 1763-7.
- Blanco P. et al. (2004). La violencia de pareja y la salud de las mujeres. *Gac Sanit.*, 18(1):182-8.
- Blanco-Prieto P. e Ruiz-Jarabo C. (2002). *La prevención y detección de la violencia contra las mujeres desde la atención primaria de salud*. Madrid: Asociación para la defensa de la sanidad pública de Madrid.
- Bradley F., Smith M., Long J. and O'Dowd T. (2002). Reported frequency of domestic violence: cross sectional survey of women attending general practice. *BMJ*, 324, 271-4.
- Campbell JC. (2002). Health consequences of intimate partner violence. *Lancet*, 359, 1331-6.
- Consellería de Sanidade (2008). *Guía técnica do proceso de atención ás mulleres en situación de violencia de xénero*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade.
- Echeburúa E. e De Corral P. (2003). *Manual de violencia familiar*. Madrid: Siglo Veintiuno.
- García Moreno C. (2002). Dilemmas and opportunities for an appropriate health service response to violence against women. *Lancet*, 359, 1509-14.
- García-Moreno, C. (2000). *Violencia contra la mujer. Género y equidad en la salud*. Organización Panamericana de la Salud e Harvard Center for Population and Development Studies
- Goldberg WG. & Tomlanovich MC. (1984). Domestic violence victims in the emergency department: new findings. *JAMA*, 251, 3259-64.
- Heise L., Ellsberg M. & Gottemoeller M. (1999). *Ending violence against women. Population reports, Series L, n.o 11*. Baltimore: Johns Hopkins University School of Public Health. Population Information Program.
- Jacobson A. & Richardson B. (1987). Assault experiences of 100 psychiatric inpatients: evidence of the need for routine inquiry. *Am. J. Psychiatry*, 144, 908-12.
- Jacobson N. e Gottman J. (2001). *Hombres que agreden a sus mujeres*. Barcelona: Paidós
- Krantz G. (2002). Violence against women: a global public health issue. *J Epidemiol Community Health*, 56, 242-3.
- López- Doriga B. (1999). *La violencia contra las mujeres. Resultados de la macroencuesta*. Madrid: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociales.
- López- Doriga B. (2001). *La atención sociosanitaria ante la violencia contra las mujeres*. Madrid: Instituto da Muller, Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociales.
- Lorente M. (2001). *Mi marido me pega lo normal*. Barcelona: Ares & Mares.
- Plichta S. & Falik M. (2001). Prevalence of violence and its implications for women's health. *Womens. Health Issues*, 11, 244-58.
- Post RD., Willett AB., Francks RD., House RM., Back SM. & Weissberg MP. (1980). A preliminary report on the prevalence of domestic violence among psychiatric inpatients. *Am J Psychiatry*, 137, 974-5.
- Richardson J., Coid J., Petruckevitch A., Chung WS., Moorey S. and Feder G. (2002). Identifying domestic violence: cross sectional study in primary Care. *BMJ*, 324, 1-6.
- Ruiz-Pérez I. et al. (2004). Violencia contra la mujer en la pareja: determinantes y respuestas sociosanitarias. *Gac Sanit.*, 18(2), 4-12
- Vizuite E., González J. et al. (2007). *Protocolo común para la actuación sanitaria ante la violencia de género*. Madrid: Ministerio de Sanidade e Consumo.

O ASEDIO ESCOLAR



Elisa Mateo Canalejo y Marta Lago Palmeiro

SYCER PSICOLOGOS S.L. A Coruña

RESUMO

*A comunicación baséase no estudo dun caso de **asedio escolar** acontecido nun colexio da provincia de A Coruña.*

Realizamos este traballo co enfoque da Análise Transaccional, verificando a validez da técnica das probas proxectivas (Rorschach, Test de Familia e Test Pata Negra),

A Análise Transaccional é unha teoría da personalidade que estuda a conduta humana, considerando que a unidade esencial desta é a transacción. En base a ela, pódese observar cal dos tres primeiros instrumentos básicos, Estados do Eu, está activo pola forma de se desenvolver dita comunicación.

*Co traballo que presentamos, pretendemos demostrar a existencia na relación dos nenos que participan no asedio así como na nena que o percibe, do VI instrumento básico; denominado **Xogo Psicológico**.*

Resaltando a necesidade de concienciar acerca do feito de que a autenticidade do ser humano consiste en desenvolver a singularidade que todos e cada un posuímos.

Palabras chave: Integración individual, desenvolvemento social, socialización, xogo psicológico, transacción.

ABSTRACT

This paper is based on a case study of school mobbing carried out in a school in A Coruña province.

We have adopted a Transactional Analysis approach to verify the validity of the technique of the tests (Rorschach, Family test).

Transactional Analysis is a theory of personality which regards transaction as the essential unit of human behaviour.

On this basis we can observe which of the first three ego states is active by the way the transaction develops.

*In this paper we try to demonstrate the existence of the VI basic instrument, known as **Psychological Games**, among children who participate in school mobbing and we highlight the need to raise the consciousness which authentic human beings require to develop their singularities.*

Key words: Individual integration, social development, socialization, psychological play, transaction.

Incidencia da Sociedade e a Escola.

A Sociedade:

A dinámica social e a súa incidencia na familia é un claro determinante das maneiras de relacionarse os adolescentes.

No século XIX, a industrialización deu lugar á etapa do “niño vacío” por motivar nos fillos o abandono dos fogares, dando posteriormente paso, a xeito de círculo vicioso, a familias incompletas; é dicir, sen un dos roles: o do pai ou o da nai, debido máis a causa de separación ou divorcio que de morte.

Máis antigamente solucionábase a continuidade familiar logo dunha ausencia por defunción cunhas segundas nupcias cun irmán/á do falecido/a.

Loxicamente estas circunstancias incidían no feito de que unha porcentaxe elevada dos xóvens que ficaban no referido niño, tivesen unha propensión á melancolía e demais sentimentos negativos pola perda do vínculo afectivo que, no mellor dos casos, existira entre os pais naturais.

Resulta fácil supor que as relacións entre os xóvens puidesen verse suxeitas á idealización máis que á creación de auténticos lazos afectivos e íntimos por consecución do equilibrio psico-emocional e intelectual, polo que as súas relacións e posteriores derivacións na creación de familias, foron superficiais en vez de íntimas.

As relacións interpersoais, no mellor dos casos, tendían a ser “cabaleirosas”.

Incrementándose dita dinámica coa aparición das teorías de Le Play e Rielh, nos anos 30 do século XX, os cales temerosos da emancipación da muller e pesimistas perante a situación histórica que vivían, edificaron o mito da antiga existencia dunha familia extensa, unida e feliz polo feito de selo, cuxo requisito imprescindible era a presenza dunha forte autoridade, en forma dun cabeza de familia masculino, señor da casa.

O crecente auxo da emancipación da muller unido coa deficiente educación psico-social, motivaron que en vez de vivirse a familia como unha sede de interacción e comprensión íntima, onde o feito de dar fose equivalente ao de recibir e polo que cada compoñente, tanto pai ou nai coma fillos, incrementara a súa autoestima nunha continua auto e inter realización; que se vivise como unha permanente campaña rexida por “obrigacións”.

Actualmente a causa de desacordos vese incrementada pola necesidade de que sexan os avós, en grande parte cansados, os que velan no coidado dos netos mentres que os pais traballan.

A Escola:

Celestín **Freinet** foi un dos máis importantes innovadores na educación do século XX. Nacido en 1896, nos Alpes franceses da Provenza, pastor na infancia, o seu contacto coa natureza, coa terra e coa xente no seo dunha familia humilde motivou que en toda a súa obra

translucira a importancia da organización dun ambiente no que os alumnos puidesen formular e expresar as súas experiencias.

As súas técnicas sobre a base funcional da comunicación, abano de actividades que estimulaban a sondaxe experimental, a libre expresión, a cooperación e a investigación do entorno.

Invitando aos alumnos á creación do texto libre realizado a partir das súas propias ideas, conseguindo que a singularidade do suxeito ao ser expresada, non só posibilitará seguridade senón tamén unha aprendizaxe que se afianzaría de inmediato á súa creación en lugar da teorización de contidos alleos.

En Rosario, Arxentina, no período entre 1935 e 1950 dúas irmás mestras, Leticia e Olga Cossettini, desenvolveron unha bonita experiencia que chamaron “Escuela Serena”.

As actividades que se desenvolvían daban ao alumno cabida para que adquirise os coñecementos marcados polos programas oficiais pero adecuándoos ao seu interese, ao seu desenvolvemento de pensamento e á súa madurez emocional.

Iniciativas afíns (Freinet, Cossettini) que incitaban ao desenvolvemento das peculiaridades do suxeito, non da imitación que conduce á mediocridade, á baixa autoestima e todas as variantes que desembocan en cadros patolóxicos como os que contemplamos no caso en estudo.

En Galicia échenos de orgullo, o exemplo realizado polas mestras das montañas, na década dos 60 aos 75, coas escolas unitarias. Discípulas de Freinet e carentes de medios, até o punto de utilizar como escola nun dos lugares dun dos municipios, un recinto que nun tempo atrás fora utilizado de galiñeiro, dando lugar a que os nenos, sorprendidos por unha galiña que diariamente os visitaba, escribiran guiados pola mestra, ***La historia de la Pita***. Nunha época na que a dureza do inverno deixaba aos residentes incomunicados nun lugar en que as estradas eran intransitábeis e nin sequer dispuñan de teléfono. Logrando a instalación e demais melloras posteriormente pola cooperación que as mestras incitaron estendendo as súas ensinanzas aos pais e familiares, até o punto de que transcorridos moitos anos son recordadas non polos seus nomes de pila, senón polo de “as mestras de aqueles lugares”.

Na década de 50, como reacción ás teorías e métodos dominantes das Ciencias Políticas surxiu o ***conductismo***.

A análise ***conductista*** centrábase nunha única pregunta de fondo: por que a xente se comporta como o fai? Polo tanto era importante observar o comportamento e someter as explicacións a verificación empírica. Vendo a mente como unha “caixa negra” no sentido de que as respostas a estímulos se poden observar cuantitativamente ignorando totalmente a posibilidade de todo proceso mental que poida darse.

Próximos a eles, estiveron os que cultivaron o ***funcionalismo***, que estudaban a sociedade sen ter en conta a súa historia pretendendo comprender como cada elemento da sociedade se articulaba cos demais dando lugar á totalidade social; estrutura socio-política que enmarca a

vida da comunidade. Moitos alcances desta aproximación teórica son tributarios dos modelos propostos polos sociólogos **Durkheim**, **Parsons** e Merton.

Un dos enfoques de grande influencia, por aquel entón, sería o *sistémico*. Encabezada por **David Easton**, esta perspectiva describe como un sistema á autoridade ou ao goberno, como un centro que recibe as demandas ou apoios da sociedade; dun xeito afín percibe á familia e incluso á socialización dos nenos; estendendo esta percepción tamén ás persoas individuais, tendo en conta os distintos sistemas que compoñen o seu contexto.

Respectando estes enfoques, buscamos resaltar a necesidade de respectar o desenvolvemento das singularidades do ser humano, facilitando a integración individual e social. Sendo este un dos fins da Psicoloxía Integrativa, da que a Análise Transaccional é un dos seus compoñentes.

O creador da Análise Transaccional foi **Eric Berne**.

A análise transaccional

A Análise Transaccional é unha teoría da personalidade que estuda a conduta humana, considerando que a unidade esencial desta é a transacción. En base a ela, pode observarse cal Estado do Eu está activo pola forma de desenvolverse dita comunicación.

Eric Berne creou A Análise Transaccional en 1958 tendo en conta nove instrumentos básicos. O primeiro comprobouno ao observar que en cada persoa existen tres partes diferenciadas polos seus contidos e funcionamento, ás que chamou Estados do Eu. Estado Pai, Estado Adulto e Estado Neno. O primeiro apoia-se na cultura e as tradicións, actívase por aprendizaxe e céntrase basicamente no pasado. O Adulto funciona mediante o pensamento e é o perceptor do que acontece no presente. O terceiro é emocional, intuitivo, lúdico e imaxinativo.

XOGOS PSICOLÓXICOS: Eric Berne conceptúa como Xogo psicolóxico a “unha serie de transaccións complementarias ulteriores ou encubertas, que progresan cara un resultado previsto e ben definido” (Eric Berne).

Para unha maior explicación, podemos entender os Xogos psicolóxicos como aquelas unidades de comunicación (transaccións) sociábeis a simple vista que encobren outras encubertas, manipuladoras, que son as que teñen maior peso na relación e que por iso encontrarán resposta en determinados suxeitos que lles brinden a súa debilidade pola cal se enganchan.

A existencia dos Xogos psicolóxicos constátase porque o seu final sempre é tráxico, é dicir, acaban sentíndose mal ambos xogadores.

Roles manipulativos: roles dramáticos

Os Xogos psicolóxicos iníciáanse, lévanse adiante e finalízanse desde algún dos roles dramáticos que son basicamente tres: Salvador, Perseguidor e Vítima. As condutas que poñen en marcha teñen a súa orixe en decisións precoces baseadas en necesidades infantís insatisfeitas, con descontos sobre si mesmo, os outros ou a situación. Activadas desde o pensamento imaxinativo do Estado Neno.

Rotación e intercambio de roles

Berne dicía que os papeis nos xogos se poden trocar duns para outros. Con facilidade, o que fai de Salvador despois fai de Vítima e pode tamén facer de Perseguidor e viceversa (Berne, 1964).

Exposición da exploración psicolóxica dos membros que interveñen no xogo psicolóxico obxectivo da comunicación, para a comprensión do “porqué o xogo”

Co traballo que presentamos, pretendemos demostrar a existencia na relación dos nenos que participan no asedio, do VI instrumento básico; denominado Xogo Psicolóxico.

Confrontando a exploración psicolóxica cos resultados de entrevistas efectuadas non apenas a unha rapaza de 15 anos que acode á clínica, acompañada da súa nai; sentíndose vítima da situación que acusa no colexio. Senón tamén coa participación dunha mestra do colexio que nos facilita os test do debuxo da familia, da totalidade dos nenos da aula da mesma idade que a primeira.

Podemos clasificar inicialmente os nenos que interveñen no asedio, como pertencentes a tres grupos segundo o rol que utilizan:

- a) Nena que adopta o posicionamento de perseguidora.
- b) Nena que adopta o posicionamento de vítima.

c) Nenos sen posicionamento definido pero que en determinados momentos poden tomar o posicionamento de salvadores ou o de perseguidores, ao oscilar no seguimento dunha ou outra nena inicialmente referida. (Constatamos en relación a este último tipo, a carencia de datos para a consecución dun criterio obxectivo, xa que os únicos de que dispomos son os do test do debuxo da familia).

- a) Nena que adopta o posicionamento de perseguidora:

Para realizar este traballo posuímos o test do debuxo da familia, así como algún comentario aportado pola segunda nena de acontecementos ocorridos na aula.

Resultados do Test do Debuxo da Familia:

No plano da estrutura formal hai predominio de liñas curvas mostrando a existencia dun carácter sensitivo.

Ao destacar á súa irmá máis pequena ca ela, cun maior tamaño e adornala cun sombreiro, mostra unha especial valoración.

Así mesmo obsérvase desvalorización cara o grupo familiar ao escotomizalos, distorsionando os seus brazos. Hai que ter en conta o feito de que os brazos están simbolicamente relacionados coa comunicación. Tamén encontramos desvalorización do pai representado de forma máis reducida que os demais membros da familia, ao mesmo tempo que a súa representación cun trazo máis frouxo é signo de pulsións débiles, timidez e inhibición.

Constatándose a súa dificultade para establecer boas relacións coa familia pola distancia que crea entre eles no debuxo, así como coa súa representa co colo longo e delgado significando a dificultade de coordinación entre os impulsos e as funcións intelectuais.

O sector da páxina onde realiza o debuxo está situado no plano superior que é o da expresión imaxinativa, rexión dos soñadores e idealistas; podéndose observar que a pesar de que reduce o tamaño ao pai, non deixa de colocalo nun primeiro plano, á esquerda do debuxo onde tamén se sitúa ela, marcando unha distancia coa nai que á súa vez escotomiza no nariz; feito esencialmente indicador de simbolismo sexual, o que nos leva a supor que con estas estratexias trata de gardar ao pai para si á vez de retornar con el regresivamente a momentos da infancia.

Ao mesmo tempo que coa anchura dos ombros, en ambos busca expresar poder e perfección físicos.

Por último comprobamos a existencia de tendencias agresivas representadas a través dos debuxos dos animais.

b) Nena que adopta o posicionamento de vítima:

Para a súa exploración dispomos dun informe confeccionado con datos da entrevista aplicada no momento da súa asistencia á nosa consulta privada, así como cos resultados da aplicación do Test Rorschach alén do Test da Familia.

Informe realizado mediante O Test Rorschach e a entrevista: os seus recursos actuais vense interferidos por un forte desaxuste afectivo motivado non só pola difícil circunstancia que está atravesando no colexio senón por necesidades afectivas infantís que ao non ter sido atendidas desde idades precoces fana proclive ao asedio infantil que vén sufrindo.

Entendendo por tal termo a existencia dunha inadecuada inclinación, aclararemos que iso é debido a que se detecta a existencia de carencias de necesidades infantís reais como puido ser a carencia de atención suficiente e positiva dun pai que lle fixese sentir que ela supón para el un ser moi importante. Por esta circunstancia a nena aprendeu a substituír esa necesidade por xustificación do castigo ou soidade: “fai un ano que o meu pai berra, din porque o merezo” “teño que esforzarme”; afirma Lucía convencida.

A nena chega a xustificar dese modo que aínda que sexa “berrando”, o pai lle presta atención. Pero como é lóxico descoñece el o que está ocorrendo, é dicir que Lucia por carecer de autoestima, no posúe enerxía suficiente para organizarse internamente ao ter que utilizar a que posúe para dar a resposta que cre adecuada ao seu entorno.

Observándose por iso na nena a existencia de inhibición e centralización excesiva en si mesma á vez que unha forma de pensamento que aínda que cabe interpretarse como signo de madurez, en realidade hai que consideralo como unha manifestación de inadaptación.

Como así mesmo, existencia de fantasías negativas que poden alimentar dificultades na relación familiar que a nena se esforza por compensar manifestando o contrario, así como pesadelos nocturnos.

Tratándose en realidade dunha nena moi afectiva e positiva, é lóxico pero non conveniente que exista excesiva dependencia coa nai por aparición de sentimentos regresivos que lonxe de aportarlle benestar son xeradores de sentimentos contradictorios de amor e rexeitamento que incrementan o seu conflito.

Informe baseado no Test de familia

No plano da estrutura formal encontramos figuras debuxadas cun coidado extremo do detalle preciso, evidenciando tratarse quen debuxa dun ser racional con debuxos sen espontaneidade e con elevada estereotipia.

Mostra un maior valor cara a nai, sendo esta a primeira á que debuxa. Por outro lado encontramos desvalorización do grupo familiar debuxando a este nun tamaño reducido e dela mesma debuxándose a última.

O seu trazo é forte, indicativo de pulsións brutais perante un temor de impotencia. O sector da páxina onde realiza o debuxo está situado no plano superior que é o da expresión imaxinativa, rexión dos soñadores e idealistas. Detalle que suaviza o carácter racional co que a consideramos con anterioridade, polo que acabamos por considerala de carácter mixto, é dicir, marcadamente racional pero non excluindo que nalgún momento se sinta baixo o efecto de sentimentos que non saiba utilizar adecuadamente, provocándolle unha acumulación destes sentimentos sen lograr descargar polo que acabe facéndoo dun xeito impulsivo e descontrolado.

Desenvolvemento da dinámica de rotación e intercambio de roles

Polo expresado resultará fácil entender o comezo do xogo co posicionamento de perseguidora da nena (a), sen que deixemos de constatar a existencia de sentimentos desprazados que, dificultando as súas relacións cos demais non posibilitándolle vivir a realidade, motivan o refuxio en fantasías. Chegando posteriormente a unha rotación e intercambio de roles onde convidará a outro membro no xogo.

Expomos a continuación un feito acontecido nunha aula de educación cidadá que tivo lugar onde estes nenos realizan os seus estudos: Len un artigo de asedio escolar. Un compañeiro, atrasado, incorpórase á aula expondo que viña de falar coa orientadora, e traía un recado dela, que trataba sobre un tema que acontecera.

Os alumnos asumiron que ese tema era o problema das dúas nenas, que a orientadora tratara de solucionar.

A nena (a) queíxase e expón sentirse ameazada, dicindo que a que se metía con ela era a nena (b); seguindo coa queixa de que esta fora a que comezara, contando que incluso a nai de (b) a ameazara. Outro compañeiro, deu a entender que a mala da historia era (b). Outra compañeira, dixo que era (b) quen se metía con (a), poñéndose a chorar.

Polo outro lado, tendo en conta a participación da nena (b), é dicir, os sentimentos que nela surxen ao escoitar estes e outros comentarios proferidos diariamente polos seus compañeiros e tendo en conta o referido anteriormente no parágrafo correspondente ao informe desta nena, resulta fácil supor que perante a dificultade de expresión dos referidos sentimentos, proceda acumulándoos até chegar un momento de descarga descontrolada e de adopción do rol de perseguidora, dando ocasión a que a nena (a) aproveite para o cambio ao de vítima.


Conclusión do traballo

Servíndonos da figura gramatical: “Como mostra basta un botón”, utilizamos a relación entre estas dúas nenas, para que nos sirva de evidencia da situación xeneralizada, motivada polo descoido actual na sociedade, na escola e nos grupos humanos.

Bibliografía

- Berne, E, (1966). Juegos en que participamos. Buenos Aires: Diana S.A.
- Corman,Louis,(1964). El Test del dibujo de la familia en la práctica médico- pedagógica. Buenos Aires: Kapelusz.
- Exner, J.E, Jr. (1974). Sistema comprensivo del Rorschach. Volumes I e II. Madrid: ARTIGRAFIA S.A.
- Massó, Cantarero, F, (2001).Ponte a vivir - Valores y Autoestima.Madrid: Adeps, Hospital Clínico de San Carlos.
- Massó, Cantarero, F, (2007). Análisis Transaccional I. Madrid: CCS.
- Massó, Cantarero, F, (2008). Análisis Transaccional II. Madrid: CCS.
- Portuondo, J, A. (1979). La figura humana, test proyectivo de Karen Machover Madrid: Biblioteca Nueva.

Miscelánea



A PSICOLOXÍA CLÍNICA. RETROSPECTIVA DA NOSA EXPERIENCIA

O PIR EN GALIZA... MOITO MÁIS QUE PSICOLOXÍA...

PSICOLOXÍA CLÍNICA E XESTIÓN

ACERCA DALGÚNS ASPECTOS ÉTICOS DA NOSA PRÁCTICA

INTERFERENCIAS PARENTAIS EN PROCEDEMENTOS DE DIVORCIO

O LONGO E TORTUOSO CAMIÑO DA EDUCACIÓN SEXUAL EN ESPAÑA

IMAXES E PENSAMENTOS SEXUAIS. ESTUDO PRELIMINAR

MITOS RELACIONADOS COA SEXUALIDADE DAS MULLERES E DOS HOMES DE MÁIS IDADE

DA EDUCACIÓN SEXUAL Á PROMOCIÓN DO DESENVOLVEMENTO PERSOAL NA ADOLESCENCIA

ESTUDO PRELIMINAR SOBRE ATITUDES SEXUAIS

EVOLUCIÓN DOS PRIMEIROS ESCENARIOS SEXUAIS. ESTUDO PILOTO

ABORDAXE E PRÁCTICA CLÍNICA DO TDAH NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE: CRENZAS E PRINCIPAIS ACTUACIÓNS DOS PEDIATRAS DE ATENCIÓN PRIMARIA

O TRISQUEL. UN XOGO COMO FERRAMENTA DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA PARA O TRATAMENTO CON TOXICÓMANOS: ESTUDO DE CASOS

PROGRAMA DE REDUCIÓN DE RISCOS NO CONSUMO DE SUBSTANCIAS PSICOACTIVAS EN ESPAZOS DE LECER NOCTURNO “PROXECTO CREATIVE”

AXAD APOIO XERONTOLÓXICO A DOMICILIO: UN PASO MÁIS NA ATENCIÓN DOMICILIARIA DE PERSOAS MAIORES

NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS NO APOIO A DOMICILIO: “TELEXERONTOLOXÍA”

SOBRECARGA E MALESTAR PSICOLÓXICO EN COIDADORES INFORMAIS DE PERSOAS CON DEMENCIA

A INTERCONSULTA: A PSICOLOXÍA CLÍNICA

PSICOLOXÍA CLÍNICA E PROGRAMAS DE ENLACE: COIDADOS PALIATIVOS

A LINGUAXE DO CANCRO. UNHA ANÁLISE COMPARATIVA ENTRE DIFERENTES SIGNIFICADOS ASOCIADOS COA DOENZA

REHABILITACION LABORAL: O CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO

O PROFESIONAL DA PSICOLOXÍA NOS SERVIZOS SOCIAIS

ANALISE DA SATISFACIÓ DOS PACIENTES DA UNIDADE DE DÍA DURANTE OS ÚLTIMOS 6 ANOS (2003-2008)

ANÁLISE DESCRITIVA DAS AUSENCIAS A PRIMEIRAS CONSULTAS EN PSICOLOXÍA CLÍNICA NA ÁREA SANITARIA DE FERROL

PREVENCIÓN E EPIDEMIOLOXÍA DOS TRANSTORNOS DA CONDUTA ALIMENTARIA EN ESTUDANTES DE SECUNDARIA GALEGOS/AS. RESULTADOS PRELIMINARES


CAMBIO DE SENTIDO. PROGRAMA DE PREVENCIÓN EN AUTOESCOLAS DO ALCOLISMO XUVENIL

O PAPEL DA IRA NA COMISIÓ DE INFRACCIÓNS DE TRÁFICO

DE PINTURAS, RELATOS, COMUNICACIÓNS E BOLOS



A PSICOLOXÍA CLÍNICA. RETROSPECTIVA DA NOSA EXPERIENCIA



Alejandro Torres

RESUMO

Revisase o desenvolvemento da psicoloxía clínica como profesión ao longo dos últimos trinta e cinco anos, desde as primeiras promocións até a consecución da especialidade. Descríbense os primeiros anos como tempo de confusión e de procura. A Reforma en Saúde Mental do ano 1985 e a implementación do sistema PIR destácanse como marcos fundamentais no devir da profesión.

Palabras Chave: *Profesión; PIR; Especialidade; traxectoria profesional.*

ABSTRACT

The development of the Clinical Psychology is reviewed during the last 35 years, from the first generation until the time where the speciality is reached. The first years are described as a time of confusion and quest. The law of the 1985 about the psychiatry Reform and the PIR system is emphasised as essential landmarks to development of the profession.

Key words: *Profession; PIR; Speciality; professional space.*

Cando trato de entender a traxectoria profesional -rica e prolífica- que vivimos, encontro claramente tres períodos ben diferenciados: 70-84 / 85-2000 / 2001-08

Estes cortes, como sempre facemos, son marcos que etiquetan e que implican cambios importantes na profesión.

1970-1984 Á procura de identidade

Os primeiros licenciados son do ano 73-74. Estudar Psicología ou ser psicólogo naquel tempo é como se hoxe alguén di que estuda Taxonomista. Rara avis e sen futuro coñecido.

Aquela época era un absoluto páramo. O primeiro e único psicólogo no sistema público en Galicia, entra no Hospital psiquiátrico de Toén no ano 73, e estábamos colexiados no Colexio Oficial de Doutores e Licenciados.

Asomábamnos a cabeza polos Hospitais Psiquiátricos do momento e alí víamos os abscesos de fixación nos pacientes e os electroshocks sen anestesia. Non tínhamos referentes, había que inventar todo e ofrecer a idea de que éramos importantes e necesarios.

A demanda nas institucións, congresos ou xornadas varias era falar sempre da función do psicólogo, tema que cheguei a aborrecer. Mais é unha pregunta que nalgúns áreas nos chega até hoxe.

Nos inicios, a verdade é que estábamos moi confusos. Pensade que os deseños terapéuticos como os que utilizamos hoxe, protocolizados, ou os diversos programas de rehabilitación, ou o desenvolvemento das terapias integradoras, non existían. Entre a psicanálise, o conductismo, a psicología dinámica, a desensibilización sistemática e pouco máis cubríamos todo o espectro, encuberto sempre por unha ideoloxía liberalizadora e antirrepresiva, produto da época histórica e política. Tanto asistíamos a unha conferencia de Bassaglia como a outra de Lacan, e sabendo de moi pouco dábamos conferencias de case todo, porque así nos era demandado.

A función terapéutica recollía un sincretismo un tanto confuso. Véxase senón esta cita de “Papeles del Colegio” (nº 18-V:III) sobre a función do psicólogo en Saúde Mental, que marca a orientación da época: “A sociedade é ou pode ser patóxena e salúfera ... O psicólogo ...debe implicarse no desmascaramento das redes sociais patóxenas comprometéndose coas mesmas institucións nas accións educativas, preventivas, profilácticas, normalizadoras, etc., que permita evitar moitas das causas da doenza. O psicólogo de que falamos é, pois, un traballador social”. En Galicia, tanto en Conxo, como en Toén ou Rebullón desenvolvérase unha psiquiatría de sector e nela tratábamnos de facernos un oco.

Os agudos e os crónicos estaban mesturados. A neurose institucional e a psicoterapia institucional e un discurso social copábano todo. Era pois unha época de confusión e de procura.

E fóra, que pasaba? Pois para pór un exemplo, perante as primeiras manifestacións de que existían psicólogos e que ademais pretendían facer terapias, aparecían artigos en revistas médicas coma o dun psiquiatra de Santiago de Compostela que no ano 1982 e co título do intrusismo na medicina dicía cousas como as seguintes:

“Só aquel que teña o título de médico está autorizado para realizar o correspondente tratamento a un paciente. Pero resulta que se asiste a unha invasión de psicólogos que se anuncian ofrecendo o seu consultorio para tratamentos de psicoterapia, alteracións ou disfuncións sexuais, trastornos de conduta, etc. O psicólogo clínico é un auxiliar importante do psiquiatra ou actuando independente sen saír da súa labor específica: exploracións, non tratamentos... Polo menos os curandeiros, que sempre existiron, non se anuncian e actúan na clandestinidade, pero o inaudito é que unha persoa que non teña o título de médico, un psicólogo, se anuncie e faga propaganda das doenzas que poida tratar.....”

Dise que o que non sae en TV non existe e de feito vivimos moitas veces unha realidade virtual. Persoalmente teño a grata lembranza e as sensacións claras na miña memoria de cando na TV se comezou a mencionar o psicólogo como profesional para ter a súa opinión. Vindo de onde víñamos, que era o nada, ver un psicólogo dando a súa opinión nun medio como a TV, que hoxe xa é unha cousa moi común e normal, pareceume naqueles momentos un grande logro profesional e saber definitivamente que existíamos.

E os estudos de psicología Clínica? Nos anos 70 e parte dos 80 había dúas posibilidades de estudar psicología clínica en sendas escolas de Madrid e Barcelona. Escolas de Posgrao dun ano de duración en Madrid e tres en Barcelona, nas que ao principio podía entrar calquera tipo de licenciado, o cal era realmente ignominioso. Cos primeiros licenciados en Psicología, estas escolas ficaron restrinxidas unicamente para nós, o cal foi un avance importante e un máis en todo o traxecto percorrido.

Para ir acabando este período direi que ao final del vaise xestionando o que será o actual sistema PIR. O proxecto de Decreto que a Universidade tiña, estaba claramente orientado á formación de Doutores, é dicir, preparación para a investigación e docencia universitaria, deixando só resquicios para os estudos de especialización de carácter profesional.

Pero a realidade profesional, o Colexio e tamén a AEN ían por uns roteiros ben diferentes, claros e moi consistentes. Hai que arregar o orgullo de que en Galicia fóramos os pioneiros en desenvolver o que co tempo foi o Sistema PIR. É certo que Asturias e Andalucía foron as primeiras comunidades en oficializalo e organizalo como tal. Asturias no ano 83 e Andalucía no ano 86, pero foi concretamente no Hospital psiquiátrico Rebullón onde no ano 78 se iniciou a primeira

experiencia de formación de psicólogos clínicos, de forma remunerada e cunha duración naquel momento de dous anos.

1985- 1999 A Reforma Psiquiátrica

Menciono como se instituíu. É dicir, non foi a Reforma en Saúde Mental, senón psiquiátrica.

Sinalárase xa en múltiples ocasións a ineficacia que se daba naquel sistema de atención psiquiátrica indicábanse os insuficientes recursos materiais e humanos, a discriminación do doente psíquico, a multiplicidade de redes paralelas, desvinculadas da asistencia xeral: deputacións, concellos, beneficencia, etc., o modelo de servizos á volta do hospital psiquiátrico, a práctica inexistencia de programas de rehabilitación e a precariedade de recursos asistenciais comunitarios. Co triunfo do PSOE no ano 1982 ábrese a esperanza dun verdadeiro cambio na sanidade española, que se encadra nun proceso global de transformación da sociedade. Desenvólvese a Lei Xeral de Sanidade coa intención de integrar a saúde mental na rede sanitaria, rompendo, desa maneira, unha marxinación secular, a superación do hospital psiquiátrico como alternativa terapéutica enfatizando a atención na comunidade sempre que sexa posíbel e en unidades de hospitalización psiquiátrica situadas en hospitais xerais, inclusión nos equipos de atención psiquiátrica e de saúde mental doutras profesións -e cítase como exemplo aos psicólogos- plantexando a necesidade de adaptación do conxunto de recursos humanos ao novo modelo de actuación en saúde mental, modificando planos de formación posgraduada e creando algúns novos como a formación para os profesionais da Psicoloxía.

É a destacar, e sinalouno o Colexio no seu día, a confusión de conceptos que o documento ofrecía, confusión que se mantén hoxe en día, utilizando con pouco rigor os termos psiquiatría, psicoloxía e saúde mental. ¿Cando se fala de Psiquiatría, se refírese a unha especialidade médica e a unha práctica profesional exercida por ditos titulados, ou polo contrario se refírese a un campo de actuación onde interveñen diferentes profesionais desde profesións diferentes (psiquiatras, psicólogos, dues, asistentes sociais, etc.)?

O grave non é que esta confusión de conceptos aparecese nos primeiros documentos da comisión ministerial para a reforma psiquiátrica, que é lóxico por outra parte, senón que parece realmente máis grave que isto que se analizaba hai 20 anos -nas datas previas da execución da lei- sirva para hoxe en día.

E tamén se consideraba naquela época o seguinte:

¿Os psicólogos, actualmente traballadores en distintos servizos hospitalarios xa con certa tradición como Hemofilia, Oncoloxía, etc., han de incluírse nas unidades psiquiátricas do hospital, en saúde mental ou no mesmo servizo médico no que están? ¿En que condicións ou con que

programas e actividades? ¿Teríamos que ir cara un Servizo de Psicología que aglutinase os psicólogos dun hospital coordinadamente coas unidades psiquiátricas?

Estou falando de plantexamentos de hai 20 anos que son absolutamente pezas dun debate actual.

Por outra parte, o sistema PIR marcou un punto de inflexión. Quero resaltar de maneira especial isto. A implantación, desenvolvemento e integración do sistema PIR no sistema foi o grande logro e a variábel crítica -para enfatizalo dunha maneira especial- da situación alcanzada na nosa profesión. Simplemente porque iso nos equiparou aos MIR con todo o seu prestixio como método de especialización, dotounos dunha especialidade con todo o que iso supón e intégranos definitivamente no sistema de saúde.

Sempre houbo voces resistentes ao PIR como única vía de especialización. Véxase o que se plantexaba no ano 90 e transcribo: "Se o sistema PIR se promulga e responde ás expectativas nel postas: ¿debería ser a única formación especializada en Psicología Clínica? Dificilmente a formación PIR pode dar resposta a todas as demandas e necesidades da sociedade. En primeiro lugar, o número de psicólogos que poderán acceder a este sistema de formación será moi reducido, moi inferior non só á demanda de especialización, senón tamén inferior ás necesidades sociais. Pero no só é cuestión de ratios oferta/demanda. Os circuitos asistenciais acreditados formarán especialistas principalmente para cubrir as necesidades da rede pública, mentres que a intervención e investigación en Psicología Clínica é moito máis ampla que aquilo que a rede pública poida e queira cubrir. E por citar só un exemplo, hoxe por hoxe a inmensa maioría dos tratamentos individuais quedan fóra do alcance da política pública de saúde mental."

Por fin o 2 de Decembro de 1998 aparece no BOE o Real decreto polo que se regula o título oficial de Psicólogo especialista en Psicología Clínica, que será necesario- segundo di a lei- para utilizar de forma expresa a denominación de psicólogo especialista en psicología clínica e para ocupar postos de traballo en establecementos ou institucións públicas ou privadas con tal denominación...

Estamos en 1999 e polo tanto no terceiro período que no inicio plantexaba e que por redondeo situaba no ano 2000.

2000-08 A Especialidade

É no ano 2002 cando se regulan as vías transitorias de acceso ao título de especialista.

A dous meses escasos da publicación no BOE do Real Decreto da Especialidade, comeza o movemento nos xulgados.

Diversas asociacións médicas e tamén, ao final, o colexio de médicos interpoñen recurso contra o Real decreto. Vale a pena transcribir o que dicía o Colexio de médicos:

“Á doenza mental non acede de forma independente o psicólogo senón o médico. O psicólogo trata a saúde mental que é concepto distinto da doenza. O núcleo esencial e exclusivo da competencia profesional dos médicos está no dato da capacidade de decidir e determinar que patoloxía mental é a que ten exactamente un doente e se a mesma precisa ou non un tratamento ou outro... As doenzas mentais trátaas o médico non o psicólogo”.

Máis inexplicábel é o recurso contencioso que interpón A Asociación galega de psicólogos clínicos privados.

O Tribunal Supremo cuns argumentos, que cualificaría de exquisitos, veu a pór sentido común entre tanto catarro cerebral.

Cando se supera este conflito e nos entusiasmos coa especialidade, o Ministerio de Sanidade e Consumo promulga a Lei de ordenación de profesións sanitarias (LOPS) e o Real decreto de Autorización de Centros sanitarios.

O problema é que cando creamos a especialidade loxicamente todo ao redor quedou desmarcado. O carácter polivalente da psicoloxía fronte a unha especialidade específica para a saúde-doenza paréceme un argumento sólido para non xeneralizar o carácter sanitario. O psicólogo xeral poderá facer unha labor sanitaria, social, xurídica ou deportiva, e o poder facela sanitaria tamén, libéranos dun prexuízo que comparto como inxusto, aínda que podemos plantexarnos se non debera ter certas limitacións, a non ser que aceptemos que entre un psicólogo especialista e un non especialista non hai diferenza, cuestión que non comparto.

A “conferencia de decanos e espazo europeo” foi, paréceme, unha declaración pouco afortunada e moi aclaratoria.

Ao parecer as novas titulacións organizaranse en dúas fases: grao e posgrao: 4 anos + Máster que poderá habilitar para o exercicio de específicas funcións profesionais.

O máis preocupante é que os decanos plantexan, ao meu entender, unha especialidade paralela ao PIR. E se non a ver como se entende o seguinte: “O proceso de converxencia europea implicará unha reestruturación da oferta formativa de posgrao que posibilite a formación profesional especializada en diversos ámbitos, incluído o sanitario. A posíbel implantación dun Máster oficial con directrices propias en psicoloxía clínica e da saúde, de 120 créditos, permitiría aprofundar convenientemente na formación de profesionais neste campo, polo que plantexamos a conveniencia de derrogar a disposición adicional novena do Real decreto de posgrao para poder plantexar adecuadamente as posíbeis vías de formación de psicólogos con competencias profesionais reguladas.”

Para acabar, o título desta comunicación podería ter sido: “Do nada a especialista. Unha historia de 30 anos”. Agora temos que considerar que a posesión do título de especialista en Psicoloxía

Clínica supón a acreditación dunha competencia profesional adquirida, cuns niveis de esixencia na formación só comparábeis a aqueles aos que se ven sometidos os facultativos especialistas de outras profesións, a través do modelo de Internos Residentes en servizos sanitarios acreditados a tal fin.

O esforzo que durante anos realizamos para a súa consecución, ten que ver coa defensa de garantía de calidade asistencial que supón a súa posesión para a atención sanitaria aos cidadáns e a contribución que a súa existencia representa para o asentamento e progreso da psicología.

Por iso, perder isto de vista e pór en perigo a vía do PIR como única especialidade en clínica sería tal insensatez e irresponsabilidade que sería non darse conta de que, se iso acontecer, volveríamos pór a psicología onde estaba no ano 80.

O tremendo e rápido desenvolvemento que tivemos xunto á xuventude desta profesión, fai que aínda teñamos moitas cuestións por delimitar. Neste sentido non quero acabar sen facer alusión a unha cuestión importante que está tamén no ambiente, como é o tema das subespecialidades ou ¿novas especialidades? Refírome por exemplo a neuropsicología, psicooncoloxía, peritacións xurídicas, etc. Para min son subespecialidades. A miña opinión é que o psicólogo clínico na súa formación debe abarcar todas esas áreas e aprofundará máis nunha delas a través dunha formación máis persoal e do propio traballo. Reducir a psicología clínica ao contexto dos centros de saúde mental creo que sería un empobrecemento e polo tanto un erro.

Por último, e con relación á formación, sempre pensei e plantexei que o PIR debe ter unha formación particularizada e que compartila cos MIR é un erro. E por iso mesmo penso que deberíamos ir cara un Servizo de Psicología. Saúde Mental non é un servizo, é unha área que abarca dúas especialidades e polo tanto dous servizos diferentes, que se organizan, se articulan, ensinan e investigan. Un servizo que abarca ao psicólogo que está en saúde mental, en oncoloxía, en neuropsicología, en Cof, etc. e que permite desde aí a relación interdisciplinar.

O PIR EN GALIZA... MOITO MÁIS QUE PSICOLOXÍA...



Xunta Directiva de AGAPIR

RESUMO

Este traballo xurdiu a partir da recollida de información das últimas cinco xeracións que fixeron a residencia de Psicoloxía Clínica en Galiza. Con el, e a modo de relato, pretendemos amosar as luces e sombras desta experiencia.

Palabras chave: PIR, Galiza, Psicoloxía Clínica, residencia, claroescuros.

ABSTRACT

This work arose from the collection of information of the last five generations that made the residence of Clinical Psychology in Galicia. With it, and how to report, aims to show the lights and shadows of this experience.

Key words: PIR, Galicia, Clinical Psychology, residence, chiaroscuro.

Cando se nos propuxo facer esta comunicación, e tras a satisfacción inicial de que os nosos maiores contaran connosco para participar nunha Mesa do I Congreso Galego de Psicoloxía Clínica, viñeron as primeiras dúbidas acerca de que pór nesta comunicación... Queriamos reflectir a nosa propia realidade, a nosa e a da maioría das/os nosas/os asociadas/os, tarefa que nos deu non poucas dores de cabeza...

A nosa historia comeza hai xa moitos anos...

De onde vimos?

Dun cúmulo de inquiredanzas, preguntas sen resposta, sintomatoloxías múltiples, preocupación pola dor humana en xeral, e pola nosa e a dos nosos en particular... motivacións que no seu día leváronnos a matricularnos na Facultade de Psicoloxía. Unha vez alí aparecen as primeiras frustracións... **que fago eu aquí?**, nada parece ser como imaxinabamos... Os anos universitarios foron pasando entre ratas, cañas, cerebros, festas e SPSS e pouco a pouco fomos atopándonos con materias que parecían máis próximas a aquilo que esperabamos. Sen darnos de conta chegamos ao derradeiro ano, e con el á primeira oportunidade para a maioría de nós de achegarnos á realidade clínica: o practicum. É aí onde coñecemos unha nova personaxe, alguén que leva casos e que parece até gozar con iso, que sae das consultas sorrindo: o PIR; unha reafirmación daquilo que un día nos levou á elección da carreira... Logo de rematala, nova crise, conscientes do grande descoñecemento posuído e do “overbooking” existente de licenciadas/os en psicoloxía; buscadoras/es de solucións, exploramos as posíbeis alternativas coa esperanza de atopar a mellor para cada un de nós...

Nese momento, a residencia en Psicoloxía Clínica aparece como unha das mellores opcións, polas súas saídas profesionais, pola necesidade de ampliar a formación despois de cinco anos basicamente teóricos na facultade e por todo o que supón o traballo na Sanidade Pública en canto a comodidades/seguridades e ideais. Novo proxecto: aprobar o PIR con todo o que significa... poucas prazas, desgaste de cóbados, desesperanzas, somatizacións, sensación de “ver a túa vida pasar”, dúbidas sobre se a elección tomada é a axeitada e se poderás acadala... de novo, **que fago eu aquí?**

Unha vez conseguido o noso propósito, que é o que nos fai escoller Galiza? Sabemos que hai poucas prazas(aínda que cada vez máis), que unha vez rematado o PIR hai moi poucas posibilidades de traballar aquí... O corazón pesa máis que a razón e vemos que é unha grande oportunidade de prolongar máis a nosa estancia na nosa terra, deixándonos levar pola falsa expectativa de que “todo pode cambiar”. Decidimos apostar pola realidade galega, ao fin e ao cabo sabemos que aquí se iniciaron, no seu día, moitas das accións que colocaron á Psicoloxía Clínica en España no lugar que ocupa actualmente. “Eu tamén quero vivir isto, facer algo...”.

Quen somos?

Primeiro ano

Permanecen os síntomas hipomaniacos unha vez aprobados. Os primeiros días da residencia estamos máis centradas/os en aspectos prácticos da vida tipo mudanza, adaptación á cidade, percorridos con mapa... e case sen darnos conta vémonos enfundadas/os (ou non) nunha bata branca perante o sufrimento da persoa que acode ao Psicólogo/a Clínico/a, neste caso a ti, á procura de axuda. Cambio de foco: do teu embigo cara o outro... medos, inseguridades, “teño moito que aprender”... **Que fago eu aquí?**

É entón cando coñeces outros profesionais da Saúde Mental e tés que comezar a aprender a traballar nun equipo no que a Psicoloxía Clínica aínda está buscando o seu sitio. Fanse chamar equipos multidisciplinares, mais ti só ves persoas metidas no seu propio gabinete rebotando historias e casos ao gabinete de enfronte, procurando que non lles retornen.

Hai que estar á última, investigar, mais nin idea de como facelo... presuponse que pola túa xuventude naciches con eses coñecementos aprendidos...

Milleiros de preguntas que tentamos responder sempre no “outro”: así, mentres o teu titor ou adxunto tratan de explicarche o contexto contándoches algunha das súas propias “batallitas” (algunhas gañadas, outras perdidas), é o residente maior o que actúa como un verdadeiro guía, supervisándote, ás veces, máis que o propio adxunto. Nos encontros co resto de residentes autonómicos xorden os mesmos interrogantes, os mesmos medos, as mesmas sorpresas e decepcións... ”Hai que facer algo”. Algúns deles forman parte de AGAPIR, unha asociación que xurdiu nun momento diferente, hai máis dunha década, mais nun contexto semellante...a algúns motívaos, a outros asústaos...

Segundo ano

Case sen darnos conta, entre cursos, congresos, sesións clínicas e seminarios... chega o segundo ano de residencia, no que nos temos que converter en Virxilio que guía aos/ás novos/as residentes, mais como facelo?

Reflexións sobre o pasado ano e sobre a propia traxectoria como psicólogo/a “asilvestrado/a”, con pouca ou nula supervisión. Na comunicación con outros/as residentes de fóra de Galiza, aparecen as vantaxes de estar fóra: atención continuada, supervisión axeitada, axudas para formación, recursos para a mesma, apoio e guía na investigación; e tamén as nosas propias: maior autonomía e responsabilidade nas nosas intervencións, así como unha maior oportunidade de aprender dos pacientes. Por outra banda, bates de fociños coa realidade do sistema sanitario público galego: eternas listas de espera, poucos recursos, descoñecemento e descalificación do rol do

psicólogo/a clínico/a nalgúns dispositivos, contratacións irregulares, disputas e controversias entre o propio colectivo... Fronte a isto, establécense importantes vínculos afectivos con outros/as residentes cos/coas que partillas inxedanzas, medos, berros e bágoas... e tamén algunha festa... promoción do turismo rural e outras “gaiosadas”... Aparecen as primeiras despedidas, as primeiras dós... de novo, choque contra a realidade... Como era isto da hipótese do mundo xusto?

Terceiro ano

Aparece a luz ao final do túnel... mais, hai saída?

Balance da traxectoria pasada e aparición dos “debería”: “debería saber moito máis”, “debería ter feito máis” e tamén a consciencia de aquilo que fíxeches e que oxalá non tiveras feito... Logo duns anos facendo de “esponxa”, esforzándonos en adaptarnos a aquel que temos ao noso carón, o adxunto, parece claro qué non facer mais, que facer?.

Pasas o ano metido/a e comprometido/a en miles de “saraos” directa ou indirectamente relacionados coa Psicoloxía Clínica: congresos, asociacións, investigacións, comisións e moreas de reunións.

Daquela xa nos fixemos expertos/as, non titulados/as, en dós, despois de te despedir daqueles que durante dous anos foron os teus guías, entón comezas a enfrontarte ás túas propias.

E a pregunta que sempre resoa de fondo e que sempre alguén se encarga de lembrarche: “E agora qué?”. Vertixe...

Onde imos?

Pois, polo xeral, ao paro, esperando poder ollar desde aló mellor o noso futuro... esperanza... desesperanza...

Recollida de información... modelado... chamadas e encontros con exPIRes, cos que quedaron e cos que marcharon, na procura da propia identificación con algún deles.

Toma de decisións... ganancias... perdas... fundamentalmente dúas opcións...

FICAR: renunciar, polo menos, durante uns anos a traballar naquilo polo que un día se apostou, a Psicoloxía Clínica na Sanidade Pública galega: listas de contratación (tarde, mal e arrastrando), non creación de novas prazas, contratacións irregulares... Todo isto provoca un clima de supervivencia persoal no propio colectivo, auténtico xerme de paranoia que o debilita; mais que tamén provoca o ferver da forza colectiva, xustificación histórico-cultural dos movementos asociacionistas en Galiza.

EMIGRAR: asunción das consecuencias da propia decisión: morriñas, soidades, novos proxectos vitais, avións, dós... Seguir crescendo, seguir formándose, seguir loitando por aquilo no que

O PIR en Galiza... moito máis que psicoloxía ...

cremos... agora, desde outro prisma, desde fóra... **que fago eu aquí?**

Que fago eu aquí? Supoñemos que esta é unha das preguntas que o ser humano, polo sinxelo feito de selo, se fai constantemente... ao mellor, esta é unha cuestión que nos caracteriza a aqueles que fixemos a residencia aquí, en Galiza. Un interrogante que nos fai crecer constantemente, mobilizarnos, estar sempre á procura de algo máis, algo que nos permita avanzar... Porque, xa se sabe, o PIR en Galiza é moito máis que Psicoloxía...

ANEXO I

Últimas cinco promocións de pires de Galiza:

Servizo Nacional de Saúde (excluindo o galego): 10 psicólogas/os clínicas/os

Servizo Galego de Saúde: 5 psicólogas/os clínicas/os, a maioría facendo substitucións curtas e separadas no tempo

Privada en Galiza: 4 psicólogas/os clínicas/os

Administracións públicas non sanitarias: 2 psicólogas/os clínicas/os

Sen traballar: 2 psicólogas/os clínicas/os

PSICOLOXÍA CLÍNICA E XESTIÓN



Lago Canzobre, Santiago

Master dirección médica e xestión clínica

RESUMO

Os psicólogos clínicos estiveron afastados da organización, planificación e dirección da saúde mental e os servizos nos que participan. Exponse a necesidade de cambio de modelo organizativo a través da creación dos servizos de psicoloxía clínica.

Palabras chave: *Xestión clínica, servizos, psicoloxía clínica, saúde mental, organización sanitaria.*

ABSTRACT

The clinical psychologists have been keep out from the organization, planning and directing of the mental health and the services in those that participate. The necessity of change of organizational model is exposed through the creation of the services of clinical psychology

Key words: *Clinical governance, health services, clinical psychology, mental health, sanitary organization.*

Fai xa máis de 20 anos que os primeiros psicólogos clínicos nos incorporamos dunha forma máis ou menos ordenada ao Sistema Nacional de Saúde. A maioría chegamos cun interese meramente clínico; as tarefas de xestión éranos alleas e o propio sistema non nos ofrecía grandes alternativas para que mostráramos interese nel.

Desde os inicios, os xestores e executivos trataron de nos subtraer a independencia profesional, a nosa liberdade para determinar a nosa carga de traballo e modelo profesional, e inclusive a nosa liberdade clínica. Sentindo, ademais, que nos apartaron sistematicamente dos circuitos da toma de decisións podendo así ignorar por completo as demandas profesionais do noso colectivo. Vivindo unha indefinición de roles e en non poucas ocasións indiferenza ou rexeitamento á nosa profesión.

Esta situación está cambiando. En primeiro lugar pola propia dinámica dos servizos nos que estamos incluídos; o traballo con outros servizos e unidades hospitalarias (unidades de dor, paliativos, cirurxía, oncoloxía, neuroloxía, Atención Primaria) foi facendo que o noso rol e lugar profesional se tornara máis consolidado.

En segundo lugar polo desenvolvemento lexislativo en materia de sanidade que se foi desenvolvendo no noso país: Por un lado a *LEI 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica*. E por outro a *LEI 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias* facilitaron a nosa “normalización” a través das reclasificacións profesionais.

E finalmente; por que non dicilo, polas lóxicas e lexítimas aspiracións dos propios profesionais a ocupar postos no organigrama clínico-asistencial.

Situación actual dos psicólogos con respecto á xestión

Se tres son as áreas que definen a xestión: organización, planificación e dirección. Vemos que nas tres os psicólogos somos excluídos sistematicamente.

A situación dos psicólogos clínicos con respecto á xestión é claramente deficitaria en relación ás súas potencialidades, a súa participación na macroxestión (definición de plans estratéxicos, planificación asistencial) é limitada, na mesoxestión (coordinadores de saúde mental, xefaturas de servizo, ou xefaturas de sección, coordinación de unidades, dispositivos, programas) son anecdóticos os psicólogos que ocupan cargos de responsabilidade. E na microxestión os psicólogos están incluídos nos servizos de psiquiatría onde existe unha xerarquía vertical ignorante de calquera horizontalidade na responsabilidade.

Revelador desta situación é o estudo realizado por ANPIR sobre *OS PSICÓLOGOS/AS CLÍNICOS/AS NO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE de outubro de 2005*. Nel obsérvase que os psicólogos están na maioría dos casos nunha situación de subordinación en relación aos facultativos especialistas en psiquiatría e que apenas ocupan postos de coordinación ou dirección.

E, en xeral, os psicólogos non toman decisións sobre os aspectos de xestión: de persoal, listas de espera, distribución de cargas asistenciais, organización do servizo e, nin acostuman ser, nin ter, interlocutores directos coas direccións médicas, nin as xerencias.

No momento actual somos perto dun cento de psicólogos clínicos dos cales só 1 ostenta unha xefatura de sección (herdada dunha dependencia dunha deputación anterior á transferencia ao SERGAS) e 4 psicólogos coordinadores de dispositivos (de perto dos 80 que existen actualmente e dentro do marco do decreto de saúde mental).

A razón fundamental a esta situación é a existencia dunha práctica monopolista da psiquiatría con respecto á saúde mental.

O monopolio é, tecnicamente falando, cando existe un único provedor dun ben e que non ten competidores no mercado. Non hai substitutos próximos para o ben que produce e existen **barreiras de entrada**. Estas poden ser: **barreiras técnicas**, como poden ser o coñecemento dun método de produción ou a propiedade de recursos únicos. E as **barreiras legais** á entrada de competidores.

En xeral todas as especialidades, médicas e non médicas, que traballan no sistema sanitario, actúan de forma monopolística xa que existen barreiras legais de entrada (a titulación) que impiden que outros fagan o mesmo.

A psiquiatría exerce un control monopolista na area da saúde mental e impón barreiras de entrada na xestión, como o obstáculo antes citado de acceso a postos de coordinación, ou á participación nos ámbitos de toma de decisións, ou á esixencia dalgúns planificadores de psicólogos clínicos con “perfil” para programas non elaborados conxuntamente con psicólogos (Plan estratéxico de saúde mental), a desidia, cando non desinterese, para con aquelas prazas alleas á saúde mental (programas de oncoloxía desenvolto por ONG dentro do SERGAS por psicólogos non especialistas, OPE extraordinaria, becas sen creación de prazas).

Por que nos interesa participar e debemos de participar na xestión?

En xeral, (segundo o estudo de ANPIR citado) os psicólogos non toman decisións sobre os aspectos de xestión: de persoal, listas de espera, distribución de cargas asistenciais, organización do servizo e, nin acostuman ser, nin ter, interlocutores directos coas direccións médicas, nin os xerentes.

Froito diso é a falta de equidade que existe no sistema en relación á atención psicolóxica xa que existe unha enorme variabilidade nas posibilidades de acceso. As oportunidades de acceso directo dun usuario a un psicólogo clínico ten máis que ver co entorno e o contexto que coa calidade dos servizos prestados; así encontrámonos que en áreas sanitarias os médicos de atención primaria derivan ou non a psicoloxía, que en unidades de saúde mental o acceso sexa directo ou filtrado polo psiquiatra, ou discusión no equipo.

Esta variabilidade tamén afecta ás listas de espera. Apartado verdadeiramente descoñecido en relación á saúde mental, en xeral, e á psicoloxía, en particular, do que non existe ningún dato oficial (nin, a data de hoxe, interese en coñecelo).

Esta variabilidade tamén afecta aos tratamentos psicolóxicos (xa sexa por incerteza, ignorancia, deficiencias nos medios ou na organización, preferencias do paciente).

Os servizos clínicos

As tarefas asistenciais cos anos fóronse volvendo máis complexas e foron requirindo que o modelo organizacional do sistema sanitario se fora facendo máis complexo tamén, adaptándose a realidades locais, comunitarias ou nacionais diversas.

Non existiron normas estrictas sobre como organizar o hospital en diversos servizos clínicos e especialidades. O tamaño do hospital e o número de especialistas son factores que se tiveron en conta. O obxectivo foi producir agrupacións de especialidades similares, o máis equitativas posibles. Un grande hospital posibelmente tería servizos independentes para cada especialidade; mentres que un hospital pequeno terá unha cantidade limitada de servizos troncais onde se encadrarán outras especialidades (directamente ou a través de seccións).

Pero sobre o número de especialistas que debe contar cada servizo hai todo tipo de posibilidades e razoamentos (pero non normativa); así encontrámonos servizos que poden ter un só especialista e outros con máis de 20. Estas diferenzas aparecen por razóns de personalidade, históricas, falta de control da xestión, ou de localizacións distintas dos especialistas e un centro único de xestión.

Pero a pesar de todas as posibles variacións existentes é posible establecer un modelo común de organización, en xeral de tipo piramidal, onde os xefes de servizo participan directamente ou por representación no equipo directivo.

Creación de servizos de Psicoloxía Clínica

Sería a creación dun servizo clínico novo, coa súa propia estrutura de persoal, organizativa e participante dos procesos asistenciais xa existentes.

1. Carteira de servizos, prestacións e campo de acción:

O Servizo de Psicoloxía Clínica ten como misión a atención integral especializada dos doentes do Servizo de Psicoloxía clínica con especial atención aos procesos psicolóxicos e mentais máis frecuentes que afectan á poboación infanto-xuvenil, adulta e xeronte, do entorno ou área asistencial asignada. Aspectos esenciais son a capacidade integradora, o interese pola epidemioloxía e a prevención, así como o contido docente e investigador, todo iso dentro dun contexto ético, deontolóxico e de calidade.

Para deseñar o servizo é necesario coñecer, en análise comparada, os indicadores de estrutura demográfica da área asignada. Demanda asistencial en A.P. e o resto dos servizos clínicos, nos actuais servizos de psiquiatría, número de camas psiquiátricas, índice de rotación, prevalencia de trastornos máis frecuentes, servizos asistenciais que fan demanda de psicoloxía, estrutura dos servizos sociais, de drogodependencias e alcolismo.

2. Previsión de actividade

Xestionar implica antes de nada planificar, para posteriormente organizar, dirixir e controlar o previsto. O servizo é unha unidade de xestión que debe ter os seus produtos ben definidos, os seus clientes e os seus provedores e a súa conta de resultados. A previsión de actividade baséase na análise externa (Marco demográfico, social e sanitario; demanda asistencial; evolución tecnolóxica e atracción asistencial da unidade) e interno (carteira de servizos, relación con outros servizos) e débese coñecer tamén o ámbito de atención (censo poboación, T.I.S.), carteira de servizos, dotación e resumo da actividade prevista no Hospital. En calquera caso o proxecto debe recoller unha valoración da actividade nos ámbitos asistencial, docente, investigador e de calidade.

3. Actividade asistencial

Débese realizar en todos os dispositivos da área: Unidades de saúde mental infanto-xuvenil, unidades de agudos, hospital de día unidades de rehabilitación, unidades de saúde mental, unidades de interconsulta hospitalaria, unidades de psicodiagnóstico, Atención Primaria.

4. Actividade docente

A especialidade de Psicoloxía Clínica, precisamente polo seu proceder clínico, está na mellor disposición para a formación global doutros especialistas para que nun mundo tecnolóxico non se perdan os valores clínicos, éticos e a atención integral. Tanto a investigación como a docencia realizaranse en función da asistencia e, dependendo do tipo de hospital terán maior tempo de dedicación a expensas do tempo asistencial.

As liñas de actuación diríxense a: *Formación de pregrao, posgrao e masters, especialidade e Formación continuada.*

5. Actividade investigadora

Esta é una actividade fundamental complementaria da asistencial, que serve de apoio e sustento e que lle proporciona aspectos de mellora da calidade asistencial e incremento da produción científica. Esta actividade diríxese a dar resposta de maneira prioritaria aos problemas asistenciais propios máis relevantes, aínda que se o hospital llo permite polo seu nivel universitario debe abordar estudos de investigación de tipo observacional ou experimental.

Modelo organizativo e funcional: Áreas de actividade e criterios de programación

É importante saber cal é a actividade habitual dos psicólogos clínicos. En xeral esta dáse en dous ámbitos ben diferenciados: Consultas ambulatorias (U.S.M., U.S.M.-I.J, C.A.D., U. Alcol) e hospital ou institucións pechadas (U.A., H.D., Interconsulta. E nun futuro en A.P.

Instrumentos de xestión

Entre as diferentes formas de xestión, a modalidade máis coñecida é a dirección por obxectivos (DPO), sistema que engloba os procesos de previsión e control de xestión mediante a descentralización en centros de responsabilidade que marquen os seus propios obxectivos e se lles avalíe racional e equitativamente en base aos logros alcanzados.

O nivel de actuación dos facultativos é o da microxestión ou xestión da asistencia sanitaria individual, onde se basea a eficacia. O obxectivo é mellorar o diagnóstico, o tratamento e o coidado dos pacientes. Debe centrarse nos procesos máis frecuentes ou máis relevantes por algún criterio clínico (gravidade, consumo de recursos, etc.) xa que un número limitado de procesos constitúe unha alta porcentaxe da asistencia e neles debe centrarse a xestión do Servizo. A metodoloxía consiste en elaborar ou adaptar guías de práctica clínica baseada en evidencias científicas.

O segundo nivel de actuación é o dos procesos asistenciais e do Servizo e ten que ver coa efectividade ou medida na que se conseguen os obxectivos ideais e inclúe mellora da xestión dos procesos tanto asistenciais como administrativos; é a mesoxestión. O obxectivo é a mellora dos resultados da práctica clínica e a responsabilidade é do Xefe de Servizo.

O terceiro nivel é o de xestión do servizo ou da utilización de recursos. É o nivel de responsabilidade sobre a eficiencia ou relación entre beneficios obtidos e custes empregados.

Relación con outros servizos e unidades

A actividade clínico-asistencial é un conxunto de relacións que se rexen por principios de tipo cliente-proveedor. O servizo de psicoloxía clínica ha de manter relacións de cooperación e de oferta e demanda con outros órganos ou servizos (clientes e provedores)

1. cliente externo: son os pacientes aos que se atende
2. cliente interno: dentro da propia rede asistencial, poden ser persoal, servizos ou unidades, ou departamentos da área sanitaria
3. provedores: son aqueles cos que se mantén unha relación: de información, de coidados, de organización, de recursos.

Bibliografía

- AEN (2002) Competencias legales de los psicólogos clínicos. Madrid.
- ANPIR (2005) Los psicólogos/as clínicos/as en el Sistema Nacional de Salud (documento no publicado)
- Belenes, R. (2003). Un balance personal de 25 años de gestión sanitaria moderna en el Sistema Nacional de Salud. *Gac. Sanit.*, 17(2), 150-156
- Jiménez Jiménez, J. (2000). *Manual de gestión para jefes de servicios clínicos* (2 ed.). Madrid: Diaz Santos.
- Ruíz Iglesias, L. (2004). ¿A qué nos referimos cuando hablamos de Gestión Clínica? *Inv. Clin. Farm.*, 1
- Ruíz Iglesias, L. (2004). *Claves para la gestión clínica*. Madrid: McGrawHill.
- White, T. (1997). *GESTION CLINICA, manual para médicos, enfermeras y personal sanitario*. Barcelona: Masson.

ACERCA DALGÚNS ASPECTOS ÉTICOS DA NOSA PRÁTICA



M^a José Ramil Fraga

Psicóloga Clínica. Magister en Bioética

Vocal Comisión de Ética e Deontología del COPG

RESUMO

O obxectivo do presente traballo é o de avanzar o novo Código Deontolóxico do Psicólogo resaltando aqueles aspectos que resultan de interese para a práctica profesional. Ao tempo descríbese a casuística que a Comisión Deontolóxica do Colexio de Psicoloxía de Galicia recibiu nos últimos cinco anos.

Palabras chave: *Ética, Deontoloxía, Novo Código, Casuística, Comisión Deontolóxica*

ABSTRACT

The aim of the present work is to advance the new Psychologist's Deontologic Code, highlighting thoses aspects interesting for the professional practice. At the same time, the casuistry that the Deontologic Commission of Psychology College of Galicia has received in last five years, is described.

Key words: *Éthics, Deontologic, new Code, casuistry, Comisión Deontologic.*

Desde a publicación do Código Deontolóxico do Psicólogo(1987) pasaron 20 anos nos que se produciron cambios na nosa sociedade que fan necesaria unha revisión dos principios, regras, e normas éticas que rexen as actuacións profesionais. Conscientes diso, a Comisión Xestora do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Psicólogos encomenda á Comisión Deontolóxica Estatal a revisión do Código Deontolóxico do Psicólogo (2006). Froito diso e logo dun arduo traballo no que participaron as Comisións Deontolóxicas(C.D.) das diferentes Comunidades Autónomas de todo o Estado, o novo Código Deontolóxico está a punto de ser publicado (2009).

Parece oportuno, no marco da presente Comunicación, abordar aqueles aspectos do novo Código que van supor cambios importantes no noso exercicio profesional, cambios que son resultado fundamentalmente de dous factores: en primeiro lugar, aqueles que proveñen dunha concepción do exercicio profesional que se adapte máis á realidade social actual e aos dilemas éticos derivados dunha maior consciencia social sobre o dereito á autonomía, os dereitos dos menores, a necesidade de consentimento informado, así como toda unha serie de desenvolvementos democráticos que foron recollidos en todo un conxunto de normativas, decretos e leis de obrigado cumprimento que están, tendo xa, repercusións claras nas nosas actuacións profesionais; en segundo lugar, e derivado do anterior, a experiencia xeral de todas as C.D. evidenciou que o Código en vigor resulta insuficiente para servir de guía e referente ético na práctica da Psicología, poñéndose de relevo un cambio importante tanto no tipo de casuística, de consultas, como un aumento de denuncias que chegan ás C.D., moitas das cales non quedan suficientemente clarificadas no Código do 87. En relación con isto paso a expor algúns datos recollidos da experiencia da C.D. do Colexio Oficial de Psicología de Galicia nos últimos cinco anos:

De 2004 a 2008, ambos incluídos, recibíronse un total de 38 denuncias, das que 29 estaban relacionadas con intervencións no contexto de conflitos de familia, que se distribúen como segue: 3 en 2004, 11 en 2005, 6 en 2006, 10 en 2007 e 8 no 2008. Foron arquivadas 27, 1 en curso de dilixencias previas, 9 sancionadas con falta grave e 1 con falta moi grave. Naquelas denuncias nas que se facían constar os Artigos do Código supostamente vulnerados, estes distribuíanse da seguinte maneira: 28 aos Artigos comprendidos dentro dos Principios Xerais; 3 referidos á Competencia Profesional e á Relación con outros Profesionais; 19 ao ámbito da Intervención; ningún en relación coa Investigación e Docencia; 24 á Obtención e Uso da Información; 1 ao contexto da Publicidade; ningunha ao Capítulo dos Honorarios e Remuneracións; 1 relacionada coas Garantías Procesais. Por outro lado as sancións impostas fórono pola vulneración dos Artigos relacionados con: los Principios Xerais: 9; a Competencia Profesional: 7; a Intervención: 10; pola Obtención e Uso da Información: 9; e pola Publicidade: 1. Finalmente, en canto ao ámbito de actuación da praxe, 30 das denuncias referíanse a profesionais cuxo desempeño se realizaba na Práctica Privada, e 8 na Práctica Pública.

Fundamentalmente as denuncias viñan motivadas pola elaboración de informes de menores sen o consentimento dunha das partes, por utilizar fontes de información parciais, por conter informacións de persoas que non outorgaron o seu consentimento, por non expresar o alcance e limitacións nas conclusións ás que se chega, e por estar escasamente fundamentados.

En canto ás consultas recibidas durante os anos 2007 e 2008, 16 foron plantexadas por escrito. O seu contido repártese como segue: un 25% xiraba á volta de dúbidas sobre a obriga de informar en casos de conflito de parella, tanto do feito da valoración de menores e da necesidade de consentimento, como de informar dos resultados da mesma ao outro proxenitor; outro 25% da demanda estaba relacionada co dilema da ruptura de confidencialidade en casos de menores en situacións de risco e/ou conflito tanto perante os seus proxenitores como perante as autoridades xudiciais; outro 25% estaba relacionado coa confusión do rol profesional en canto ás actuacións xudiciais como testemuña/perito/terapeuta; do 25% restante as consultas relacionábanse coa aclaración de criterios profesionais a seguir en relación a temas como: solicitudes de acceso á historia clínica, petición de material psicométrico aplicado, solicitude por parte de Administracións Locais de listados de usuarios, e orientación de como actuar perante prácticas psicolóxicas con plantexamentos dubidosos desde a perspectiva ética.

Os datos apuntan a que os psicólogos e as psicólogas tivemos pouco en conta a necesaria reflexión e estudo sobre os principios éticos que deben rexer as nosas actuacións en consonancia cos cambios que se foron producindo na nosa sociedade. Ben é certo, que nos ocupamos, durante décadas, do estudo e desenvolvemento de numerosas técnicas profesionais, o que sen dúbida permitiu aportar un corpo teórico extraordinario que favoreceu a implementación e capacitación da nosa profesión mais, na miña opinión, nos nosos Planos Universitarios, a formación en Ética e Deontoloxía profesional así como en Lexislación aplicábel á nosa práctica, non foron potenciadas suficientemente. É esta unha carencia que deberíamos emendar, de cara a unha maior calidade do que aportamos como profesionais. En todo caso, máis conscientes diso agora, o novo Código vén representar o esforzo realizado na última década e, sen dúbida, aportará maiores niveis de calidade asistencial ao que facemos.

Cambios importantes

En primeiro lugar hai que sinalar que o novo Código Deontolóxico da Profesión de Psicoloxía (2009) supón algo máis que un conxunto de normas reguladoras da profesión. Trátase máis ben dun modelo de exercicio profesional que propón criterios, pautas e formas razoadas de actuación que orientan a toma de decisións perante os dilemas éticos que constantemente se plantexan na nosa práctica. É este aspecto, probabelmente, a parte máis anovada e diferenciadora.

Pasarei agora a destacar, máis pormenorizadamente algúns dos cambios que introduce:

1º A filosofía de base do novo Código comeza facendo especial fincapé na necesidade de que o noso exercicio profesional se adapte á legalidade vixente, concretando moito máis que o antigo, a necesidade de coñecer e adaptarse á normativa e plantexando a obriga ética e o cumprimento da Lei como unha continuidade, e sinalando que os profesionais da psicoloxía non poden entrar en contradición coa Lei nas súas actuacións profesionais.

Isto supón na práctica unha maior necesidade dos Psicólogos e Psicólogas de estar ao día permanentemente non só nas técnicas propias da nosa especialidade senón no profundo coñecemento do marco legal en que realizamos a nosa práctica.

2º En relación co punto anterior, o novo Código fai unha mención específica á necesidade de que na formación dos Psicólogos se deben estudar as cuestións éticas, non tanto illadamente senón en conexión e en relación directa coas diferentes disciplinas teóricas e aplicadas, recomendando que se dea prioridade ao estudo dos dilemas. Como documentos de partida para a formación fai referencia explícita á Carta Ética, ao Metacódigo da EFPA (1995) (Asociación Europea de Asociacións de Psicólogos), ao Código Deontolóxico en vixencia, e a toda aquela lexislación que sexa de aplicación en cada ámbito concreto da Psicoloxía. Disto probabelmente derivará un maior impulso na inclusión nos Planos Formativos Universitarios de aspectos relacionados co estudo da deontoloxía e do marco legal de referencia, até o momento, como xa sinalai, escasamente desenvolto nos planos de estudo vixentes.

3º Introduce como instrumento na nosa práctica profesional a necesidade de aplicar o razoamento deductivo para a resolución de conflitos e dilemas éticos. Isto supón aplicar unha metodoloxía de discusión previa e avaliación das diferentes hipóteses e decisións. A toma de decisións que se faga deberá estar razoada ao longo de todo o proceso. Inclúe a posibilidade de solicitar opinión externa perante dilemas éticos de complexidade supervisando con outros compañeiros con experiencia, ou a través de consultas á Comisión Deontolóxica.

4º No Título Preliminar especificanse algunhas cuestións xerais en canto á nomenclatura que permiten clarificar mellor algúns termos. Así cando fala de **usuario** inclúe baixo a mesma epígrafe: cliente, paciente, organizacións e institucións. Cando se refire a **Psicólogo e Psicóloga** (elimínase a referencia do antigo Código de Psicólogo/a) especifica que se trata de “persoa con titulación universitaria en psicoloxía con capacitación legal para o exercicio da profesión”; cando se refire a “**relación profesional**” alude á “actuación dos profesionais da psicoloxía en calidade de tales sobre persoas, grupos e institucións”; por outra parte os termos **ética**, **ética**

profesional e deontoloxía son usados como sinónimos e refírense ás normas de conduta dos psicólogos/as que son de obrigado cumprimento.

5º No Título primeiro relaciona unha serie de Principios Xerais polos que se debería guiar a nosa práctica, máis que normas éticas concretas trátase de ideais éticos irrenunciábeis nas nosas actuacións profesionais. Entre eles recóllense determinados principios emanados da Bioética: principio de **beneficencia** nas accións cos usuarios, respecto da **autonomía** das persoas e da súa capacidade de autodeterminación, principio de **non maleficencia** evitando participar en aquelas prácticas que supoñan atentar contra os dereitos fundamentais, o **respecto á confidencialidade, privacidade e intimidade** das persoas que implica non recadar máis información que a estritamente necesaria para os obxectivos terapéuticos. Ademais recóllense principios relativos a: a **competencia profesional** con indicación clara da necesidade de formación e especialización e respecto cara os límites da nosa propia preparación técnica; a **responsabilidade** polo que non só se trataría dunha actuación non maleficente, senón que inclúe criterios de proporcionalidade e racionalidade nas nosas accións profesionais, é dicir, que non chega con que o usuario acepte unha determinada intervención senón que deberá avaliarse a pertinencia da mesma; finalmente o **principio de honestidade e integridade** que debe rexer todas as actuacións profesionais. En resumo, a declaración de principios do novo Código recolle e amplía os do anterior, introducindo matices máis acordes coa sociedade actual en relación, entre outros, co respecto aos valores das persoas, co consentimento informado e coa autonomía na toma de decisións. De todos estes Principios van derivar as normas éticas que van rexer as nosas intervencións profesionais.

6º O **Título II**, contén os **Desenvolvementos Normativos**, e **especificanse os Artigos que son de obrigado cumprimento, 86 en total (21 máis que no anterior)** e está dividido en tres Capítulos referidos a: **1º) as Normas Deontolóxicas**: organizados baixo as epígrafes dos Principios Xerais citados con anterioridade; **2º)as Regulacións Específicas** en áreas que se evidenciaron na práctica profesional de especial sensibilidade: do uso da información e do informe psicolóxico (Art.:53-59); normas complementarias sobre a investigación en Psicoloxía (Art.:60-63); relacións con colegas e outras profesións (Art.: 64-67); servizos por Internet ou telefónicos (Art.: 68-70); presenza nos medios de comunicación(Art.:71-77); publicidade (Art.:78-82); honorarios e remuneración (Art.: 83-86); e **3º) as Disposicións Finais**. Acláranse con maior detalle aquelas cuestións que supuxeron con maior frecuencia motivo de consulta ou sanción nas C.D., entre elas cabe citar por ex. que no caso de menores inmersos en conflitos de familia é preceptivo o consentimento informado, preferentemente por escrito, dos titulares da patria potestade e non só ao principio senón que este debe de ser asegurado durante o proceso de

intervención; en relación coa responsabilidade especificase que o descoñecemento do Código non exime da responsabilidade que se poida derivar do seu incumprimento, como tampouco, a mesma se subscribe unicamente ao profesional en cuestión, senón que se estende a todos aqueles colaboradores con quen desenvolva a súa actividade; en canto aos informes psicolóxicos describe máis amplamente os criterios que deben conter sinalando a necesidade de estar fundamentados en técnicas contrastadas, cautos nas súas conclusións, explícitos no grao de certeza con expresión do seu alcance e limitacións, e indica a necesidade de se abster de realizar alusións escritas a persoas que non foron avaliadas ou que non deron o seu consentimento; impide a realización de contrainformes que realizaran outros profesionais.

7º Finalmente o novo Código, na versión do 2008, e que no momento da realización deste traballo está pendente de aprobación definitiva, contempla a posibilidade de incluír procedementos relacionados coa **Avaliación de queixas por condutas non éticas** e que van na liña de introducir criterios de avaliación máis operativos e claros. Neste sentido, trabállase sobre tres vías: a 1ª opción é a da Mediación entre as partes, cuxo obxectivo é que o profesional recoñeza a súa actuación como non ética, adquira a formación deontolóxica necesaria, e se facilite algunha vía de reparación do dano; se esta vía fracasara, a 2ª opción sería o ofrecemento de axuda, descrita tamén como unha Vía de Mediación, destinada a aqueles profesionais nos que da avaliación realizada se aprecien limitacións persoais por incapacidade temporal, por problemas de saúde ou outros asimilábeis, recolléndose que lles será ofrecida axuda psicolóxica para aqueles casos nos que se detecte a posibilidade de remisión do problema que causou a queixa sobre a súa conduta profesional(aínda que non se recolle o financiamento da mesma); a 3ª opción é a do Procedemento Disciplinario, reservada para aqueles casos en que as anteriores Vías non funcionen e se demostre a suposta vulneración deontolóxica.

Finalmente, en canto ás **Funcións da Comisión Deontolóxica Estatal, do Consello e das Comisións Deontolóxicas dos Colexios Oficiais de Psicólogos**, trabállase, entre outras cousas, nun novo Regulamento, en conseguir maior uniformidade na aplicación dos procedementos disciplinarios que eviten diferenzas significativas entre as diferentes C.D. de todo o Estado, e así mesmo en potenciar a formación, en colaboración coas Universidades, en ética e deontoloxía.

En conclusión, aínda que quedan no tinteiro aspectos importantes que o novo Código introduce e que ultrapasan os límites desta presentación, a filosofía que introduce supón un avance importante que, sen dúbida, vai permitir un exercicio profesional de los Psicólogos e Psicólogas máis adaptado aos avances sociais e técnicos da nosa sociedade.

Bibliografía

- Comisión Gestora del Consejo General de colegios Oficiales de Psicólogos (2006, julio). *Acta*. Madrid: Comisión Gestora del Consejo General de Colegios Oficiales de psicólogos.
- Comisión Gestora del Consejo General de colegios Oficiales de Psicólogos (en prensa). *Proyecto Código Deontológico de la Profesión de Psicología: V.9.7.1 de abril de 2008* [archivo informático]. Madrid: Comisión Gestora del Consejo General de Colegios Oficiales de psicólogos
- Comisión Gestora del Consejo General de colegios Oficiales de Psicólogos (en prensa). *Proyecto Código Deontológico de la Profesión de Psicología: V.11 de marzo de 2009* [archivo informático]. Madrid: Comisión Gestora del Consejo General de Colegios Oficiales de psicólogos..
- Colegio Oficial de Psicólogos de Galicia, (1987). *Código Deontológico del Psicólogo*. Santiago: Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia.
- European Federation of Professional Associations (EFPA). (1995). *Metha Code of Ethics*. Recuperado de <http://www.efpa.be>
- Fuente de datos procedente del Archivo de la Comisión Deontológica del Colegio Oficial de Psicología de Galicia.2004-2008.
- Fuente de datos procedente del Archivo de la Comisión Deontológica del Colegio de Psicología de Galicia.2007-2008.

INTERFERENCIAS PARENTAIS EN PROCEDEMENTOS DE DIVORCIO



Juan Carlos Fernández Rodríguez

IMELGA, Vigo

RESUMO

Na práctica pericial do dereito de familia, obsérvase que un dos conflitos usuais nos procesos de separación e divorcio conflictivos é o rexeitamento filial a un dos proxenitores.

Este rexeitamento resulta inxustificado e/ou magnificado; non se xustifica pola historia previa de relacións paterno-filiais e en boa medida é froito da manipulación dos fillos por un proxenitor fronte ao outro.

Esta disfunción familiar considérase como un proceso dinámico, interrelacional, no que todos os membros do sistema participan.

Habitualmente denominado “Síndrome de alienación parental”, podería recibir outros nomes como “Transtorno por interferencias parentais”; detállanse as características, criterios, e expresións sintomáticas máis identificadas do transtorno.

Palabras chave: *Rexeitamento filial. Interferencias parentais. Síndrome de alienación parental*

ABSTRACT

In the practicing of family law,, we observe that filial rejection to one of the parents is one of the conflicts that often comes up during controversial proceedings of separation and divorce.

This rejection proves to be unjustified and/or magnified, it is not justified by the previous relationship between parents and their children, and to a great extent it is the result of children being manipulated by one of their parents.

This family disfunction is considered to be a dynamic and interrelational process in which all the members of the system take part.

The “parental alienaton syndrome”, as it is usually known, could be also called “Parental meddling disorder”; characteristics, criteria and most identified symptomatic expressions are detailed in the article.

Key words: *Filial rejection. Parental meddling. Parental alienation syndrome.*

Dinámica interrelacional da familia en crise

Os divorcios contenciosos caracterízanse por unha prolongada situación de conflito, con hostilidade entre os proxenitores que se pode expresar aberta ou encubertamente ao longo do litixio.

Nalgúns casos os pais desenvolven entre eles a confrontación e tratan de non involucrar os fillos na crise preservando a imaxe do outro e posibilitando que manteñan o afecto e a vinculación con ambos proxenitores.

Noutras parellas o desacordo prolóngase e trasládase aos fillos e conseguir o apoio incondicional destes convértese en obxectivo da pugna de poder entre ambos.

Os fillos, desta maneira, vense impelidos a tomar parte desenvolvéndose un conflito de lealdades, unha lealdade escindida, onde a lealdade a un dos pais implica deslealdade ou traizón ao outro, o que implica un importante desaxuste emocional para eles.

A tomada de partido por un dos dous non necesariamente é produto de actitudes manipuladoras senón que pode ser consecuente da maior vinculación previa e das capacidades empáticas e protectoras dun pai que é percibido como parentalmente máis capaz.

Cando esta tomada de partido resulta extrema, chegando ao rexeitamento inxustificado e á ruptura do vínculo cun proxenitor e á identificación defensiva co outro que é aceptado incondicionalmente e se considera que esta posición está relacionada co boicoteo e interferencias dun proxenitor, ou outro membro significativo do sistema familiar, encontrámonos perante a alienación parental ou familiar.

A Síndrome de Alienación Parental (SAP)

Considérase que o síntoma máis definitorio do SAP é o rexeitamento dun fillo a unha das figuras parentais. Este rexeitamento comprende sentimentos, comportamentos e actitudes que adoptan variadas manifestacións tales como evitación, denigración, descualificación, difamación, recriminación, desaprobación, desautorización, crítica exacerbada. Esta estratexia de rexeitamento e denigración non resulta xustificada ou é magnificada e teatralizada.

Non responde a maltrato físico ou emocional, abuso sexual, negligencia parental ou outras situacións que producen rexeitamento ou evitación reactiva. Non ten base substantiva na historia previa das relacións paterno-filiais. É o resultado da combinación da influencia e interferencias dun proxenitor aceptado que enfronta o fillo en contra do outro e das contribucións propias do fillo en contra do proxenitor rexeitado.

Ao ser unha disfunción do sistema familiar no que todos os membros teñen activa participación, tamén hai que considerar os factores precipitantes e de mantemento que poden ser atribuídos ao proxenitor rexeitado. Así como os factores relacionados coa historia da parella e da parentalidade coa crise familiar e coa súa evolución.

Identifícanse usualmente oito criterios ou síntomas primarios que delimitan o SAP nos fillos:

- Estratexias de denigración activa e sistemática ao proxenitor rexeitado, que poden ser emocionais, verbais, actitudinais ou comportamentais.
- Xustificacións débiles, absurdas ou frívolas para explicar o rexeitamento e a desacreditación, argumentos fútiles, pouco críbeis, irracionais, até ridículos.
- Ausencia de ambivalencia nos afectos. De cara ao proxenitor rexeitado odio sen fisuras e vivencias negativas que contrastan de forma maniqueísta co amor e a positividade cara o proxenitor aceptado.
- Autonomía de pensamento. O neno argumenta que ninguén o influenciou e que chegou el só á actitude de rexeitamento.
- Defensa deliberada, reflexiva e incondicional do proxenitor aceptado co que se establece unha forte alianza.
- Ausencia de sentimentos de culpa ou resentimento polo uso das estratexias de rexeitamento, indiferenza ou desprezo polos sentimentos do proxenitor rexeitado.
- Presenza de argumentos ensaiados e escenarios empréstados, temas, terminoloxías e feitos que adopta como propios sen ser vividos.
- A animadversión, o ouvido, o rexeitamento esténdense á familia extensa e á rede social do proxenitor rexeitado; prodúcese unha xeneralización do rexeitamento inxustificable.

Alén destes criterios primarios tamén se consideran os seguintes: Vínculo parental conservado con anterioridade á crise familiar. Presenza de contradicións nas declaracións do neno sobre a historia parental. Coñecemento de información inadecuada ou innecesaria sobre a historia da parella, a ruptura ou o proceso legal. Pensamento simple, dicotómico acerca das relacións. Dramatismo e teatralidade nas manifestacións de rexeitamento. Restrición a recibir afecto ou atencións do proxenitor rexeitado.

O rexeitamento pode escalar en intensidade:

- 1- Rexeitamento leve, non existindo evitación, a relación consérvase pero exprésanse signos de desagrado.
- 2- O fillo mantén a relación se é presionado, aparecen expresións de desexo de non ter relación e búscanse aspectos negativos que o xustifiquen.
- 3- Evitación do proxenitor rexeitado, negación de afecto e xeneralización do rexeitamento.
- 4- Rexeitamento firme asociado á aparición de ansiedade intensa en presenza ou en relación co rexeitado, cun afianzamento cognitivo do rexeitamento e das súas xustificacións.
- 5- Rexeitamento de características fóbicas, con fortes mecanismos de evitación e aparición de sintomatoloxía psicosomática.

Faise necesario valorar os factores de desenvolvemento evolutivo que nos fillos poden contribuír á aparición do rexeitamento tales como: A calidade e fortaleza do vínculo antes do conflito. A sintonía cun estilo parental fronte ao outro.

Os problemas normais de desenvolvemento na separación, por exemplo a ansiedade de separación. Motivos relacionados co sentimento de perda ou a resolución do conflito de lealdades. Escapar dunha situación angustiosa na que está atrapado, aliándose cunha parte, evitando triangulacións. A percepción de que o mantemento da relación cun proxenitor depende do rexeitamento ao outro. O comportamento oposicionista na preadolescencia e na adolescencia que pode desenvolver algún tipo de rexeitamento cara un dos proxenitores.

Graos de Alienación

Tendo en conta a ausencia ou presenza - que pode ser mínima, moderada ou alta- das manifestacións sintomáticas primarias e valorando tamén as variábeis relacionadas coas visitas (dificultades nas transicións dun proxenitor a outro, conduta nas visitas) e tamén a intensidade do vínculo con cada un dos proxenitores, plantéxanse tres tipos de alienación:

- No tipo lixeiro o rexeitamento é relativamente superficial e os nenos xeralmente cooperan nos encontros co proxenitor rexeitado aínda que intermitentemente se amosan críticos e desgustados. Non necesariamente presenta todos os síntomas primarios e o comportamento nas visitas é normalizado.
- No tipo moderado os fillos están máis negativos e irrespetuosos e as estratexias de denigración poden ser constantes especialmente nos momentos de transición dos encontros onde perciben que a denigración dun proxenitor é o que quere ouvir o outro. Os oito síntomas acostuman estar presentes aínda que non exacerbadamente. Durante las visitas manteñen un comportamento oposicionista.
- No tipo severo as visitas chegan a ser imposíbeis. Os fillos presentan unha hostilidade intensa, incluso con violencia física comportamento obstrucionista e destrutivo. Os oito síntomas están presentes con intensidade.

Pódese diferenciar entre rexeitamento primario e secundario. O rexeitamento primario aparece coetaneamente á crise familiar e é reactivo a esta, especialmente cando a crise é brusca e impulsiva e un proxenitor abandona o fogar. O rexeitamento secundario surxe en períodos posteriores á crise asociados a cambios na evolución familiar: períodos evolutivos dos fillos, cambios de status, cambios de custodia, novas parellas dos pais, novos irmáns, toma de decisións importantes.

A idade máis proclive a presentar rexeitamento é o intervalo entre os dez e os catorce anos,

na preadolescencia e a adolescencia, cando se ten maior capacidade de formar alianzas cun ou outro proxenitor e se presentan emocións polarizadas intensas.

As características persoais e a conduta do proxenitor rexeitado non son alleas á dinámica de alienación: Poden presentar transtornos psicopatolóxicos, abuso de substancias psicoactivas, dificultades persoais serias que contribúan ao rexeitamento, en especial se estas se magnifican, manipulan e xeneralizan como escusa. Poden presentar déficits nas habilidades parentais ou retraemento na relación cos fillos. Problemas para establecer a relación cos fillos en ausencia do outro proxenitor. Características dun estilo parental ríxido, autoritario e controlador ou distante e pouco afectivo. As contribucións activas ao conflito e enfrontamento co proxenitor aceptado. A asunción e satisfacción cun rol marxinal ou vítima. A pouca calidade do vínculo co fillo, la escasa implicación histórica nos seu coidados e atencións. A ausencia física e desvinculación en períodos ou situacións importantes da vida do fillo. Poden contribuír ao rexeitamento mediante unha combinación de hostilidade reactiva e persecución tenaz do neno.

Características e motivacións do proxenitor que interfere

Diversas patoloxías ou transtornos mentais poden subxacer nos pais entorpecedores, en concreto sinálanse: os transtornos paranoicos (cos seus elementos de suspicacia e hostilidade), o transtorno delirante compartido, o transtorno límite de personalidade (coas súas características de inestabilidade e impulsividade), o transtorno antisocial da personalidade (con manipulación e escasa empatía) e as personalidades celotípicas.

En todo caso na maioría dos proxenitores non se observan alteracións patolóxicas con entidade clínica e o seu proceder entorpecedor da relación responde máis á transmisión de modelos e crenzas sociais, a particulares trazos de personalidade, sentimentos e motivacións.

Descríbense múltiples motivos que poden propiciar a conduta entorpecedora: desexos de poder, dominio e control exclusivo, ira, tendencias hostís, desexos de vinganza, facer dano ao outro por medio do fillo, restablecer danos narcisistas, ocultar déficits parentais, culpa, medo a perder os fillos ou o rol parental principal, autoprotección, evitación da dor, incapacidade para aceptar a ruptura de parella, manter a relación a través do conflito, conseguir vantaxes secundarias sobre custodias, bens ou pensións, entorpecer vínculos con novas parellas.

As estratexias para entorpecer a relación e o vínculo comprometen múltiples condutas desde as máis groseiras até as máis sutís: Negar a existencia do outro proxenitor. Dificultar ou impedir a relación. Ofrecer unha imaxe desfavorábel. Efectuar acusacións falsas. Romper vinculacións coa familia extensa. Implicar ao entorno na manipulación. Eliminar referencias ao outro pai. Xerar unha dependencia excluínste co fillo. Promover medo, ansiedade, culpa, intimidación ou ameazas no neno. Ter unha actitude moi indulxente ou permisiva. Chantaxe e absorción emocional. Xerar vitimismo. Emitir mensaxes de duplo vínculo. Situar o fillo no medio da

disputa. Cuestionar a súa fidelidade ou afecto. Manipular información histórica. Efectuar comparacións entre un e outro proxenitor. Proporcionar información inadecuada. Xeneralizar e esaxerar negativamente trazos ou condutas do outro. Cuestionar o carácter ou o estilo de vida. Transformar e esaxerar as diferenzas normais entre os proxenitores en termos dicotómicos bo-malo.

Consecuencias das interferencias

Niveis intensos de alienación poden producir malestar psíquico e deterioro na saúde emocional así como riscos na evolución psicosocial dos fillos, o que pode desencadear: Un empobrecemento persoal pola perda dun proxenitor e unha parte da súa familia. Dificultades de adaptación. Maior vulnerabilidade psíquica. Restrición emocional. Sintomatoloxía ansioso-depresiva. Condutas regresivas. Dificultades no control dos impulsos e conduta. Sentimentos de culpa. Baixa autoestima. Baixa tolerancia á frustración. Dificultades interpersoais. Comportamentos disruptivos, anormativos e hostís e pode comprometer a súa futura competencia parental.

Ao considerar o SAP como un patrón de interacción disfuncional do sistema familiar habería que intervir a nivel relacional. A abordaxe terapéutica máis eficaz parece ser a mediación familiar terapéutica. Tamén se suxiren técnicas de reestruturación cognitiva, de resolución de problemas, de mellora de habilidades parentais, sen desdeñar a terapia individual aos proxenitores. Nos casos de rexeitamento severo pode ser necesaria a utilización de técnicas coactivas.

Bibliografía

- Aguilar, J.M. (2004) “Síndrome de alienación parental”. Córdoba: Almuzara.
- Bolaños, I. (2008) “Hijos alineados y padres alienados”. Madrid: Reus.
- Cantón, J., Cortés, R. e Justicia, D. (2000) “Conflictos matrimoniales divorcio y desarrollo de los hijos”. Madrid: Pirámide.
- Luengo, D. e Coca, A. (2007) “Hijos manipulados tras la separación”. Barcelona: Viena

O LONGO E TORTUOSO CAMIÑO DA EDUCACIÓN SEXUAL EN ESPAÑA



Cándido Amorín Fiuza

RESUMO

A pesar de que a sexualidade é unha parte importante, unha necesidade básica do ser humano que non se pode separar dos demais aspectos vitais, houbo sempre un absoluto descoido en España no referente á educación neste campo. La ausencia de plans de educación sexual na escola que se adapten de maneira paulatina aos ciclos formativos da persoa na infancia e na adolescencia, a escaseza de coñecementos dos propios pais, a falta de formación de educadores e mestres e o influxo distorsionador dos medios de comunicación dificultan a posta en marcha dun plan adecuado do cal non existen nin trazas a día de hoxe.

O concepto de saúde sexual implica un plantexamento positivo da sexualidade humana. Tal e como sinala a Organización Mundial da Saúde, “o obxectivo dos coidados de saúde sexual debería ser a mellora da vida e das relacións persoais, non só o asesoramento e os coidados relacionados coa procreación e coas doenzas sexuais”.

Palabras clave: Sexualidade, Educación sexual, roles sexuais, autocoidado, ética sexual, igualdade.

ABSTRACT

Even though sexuality is an important issue, a basic human need that cannot be separated from other vital aspects of life, there has been an absolute negligence in Spain as to education in this field. The lack of a sexual education plan at school that gradually adapts to the different phases of childhood and teenagehood, the lack of knowledge from the parents side, the lack of training for teachers and the distorted influence that the media has, specially television (genitalisation, the praise of sexual intercourse, old-fashioned roles, the use of women as sexual objects, male-chauvinism...) are some of the difficulties found when wanting to put into practice an adequate plan, of which there is no sign of at present.

The concept of sexual health implies a positive way of thinking about human sexuality. As is quoted by the World Health Organization "the object of concern of sexual health should be the improval in our lives and in our personal relationship and not only the counselling related to procreation and to sexual diseases".

Key words: Sexuality, Sexual education, sexual roles, self-care, sexual ethic, sexual equality.

Efigenio Amezúa, un dos expertos que máis reclamou a necesidade da educación sexual en España, falaba hai anos, referíndose á situación da sexualidade e ao trato que se lle deu desde as institucións públicas correspondentes, de “deseducación sexual” e de “educastración”. E é que arrastramos unha herdanza de prohibicións, censuras e falsas crenzas á volta da sexualidade desde tempo case inmemorial, de forma que esta foi considerada como perigosa, suxa, mala, daniña, indesexábel... un tabú, en suma.

Toda esta faladoría moralizante, inculcada de maneira subliminar e explícita á vez, conseguiu crear seres autenticamente incapacitados no sexual e no afectivo, cuns prexuízos, limitacións e, ás veces, excesos que dimanan dunha introxección do transmitido e dos problemas de procesamento interno e inconsciente que isto causou.

A Igrexa Católica contribuíu, desde plantexamentos anacrónicos, contrarios á evidencia científica, a cercear a liberdade do individuo e a afondar as diferenzas e dificultades de comprensión entre os sexos, cun marcado acento machista desde a súa base e estrutura até os seus comunicados e doutrina, lastrada por un atavismo difícil de xustificar. Aínda hoxe, en pleno século XXI segue hasteando a bandeira dunha moral que trata de facer seus, en exclusiva, valores básicos do ser humano que son compartidos desde moi diferentes perspectivas humanas e éticas, entorpecendo cos seus poderes fácticos, a miúdo desde a sombra, nun primoroso exercicio demagóxico, o desenvolvemento da educación sexual.

Pola súa parte, os partidos políticos e os distintos gobernos en España e nas súas Comunidades Autónomas estiveron e están máis preocupados polos votos que deben conseguir para continuar nas poltronas do poder ou para desbancar aos contrarios delas que pola posta en marcha dunha educación sexual integradora que abarque, de maneira gradual e con profesorado suficientemente formado, desde as escolas infantís até a Universidade e os ciclos de formación profesional. A mentalidade tradicional duns, facendo gala dunha hipocrisía e unha dupla moral que chega a ser aberrante nos tempos actuais, e a actitude timorata doutros puxeron trabas á educación sexual na escola.

Nos programas electorais que os partidos políticos maioritarios presentaron para as eleccións xerais do 9 de marzo de 2008 non había ningunha referencia a un programa integral e progresivo de educación sexual, só algunha referencia ambigua. E non é que haxa en España escaseza de especialistas no tema, posíbeis asesores que contribúan á implantación dun modelo adecuado de educación sexual. Esta foi integrada xunto con outras disciplinas nas diferentes disposicións que desenvolven a LOXSE da seguinte forma: **“...a educación moral e cívica, a educación para a paz, para a saúde, para a igualdade entre os sexos, a educación ambiental, a educación sexual, a educación do consumidor e a educación viaria estarán presentes a través das diferentes áreas ao longo de todas as etapas”**. Non é máis que unha declaración de intencións de difícil cumprimento, que non se articula adecuadamente na engrenaxe escolar.

Non se trata de que cada profesor dedique unha porcentaxe da súa materia á educación sexual cando non está coordinado cos demais profesores e, ademais, non ten tempo nin coñecementos suficientes para facelo, senón que a educación sexual debe formar parte dunha materia máis ampla (chámese “educación para a cidadanía”, “formación humana”, “aprendizaxes básicas” ou como queiran chamala) que inclúa tamén aspectos éticos, valores humanos, educación viaria..., sempre cun profesorado en permanente reciclaxe e cun programa común en todo o Estado, evitando adoutramentos de calquera signo, coa ciencia como bandeira e a Lei como referencia obrigada.

Por outra parte, a violencia de xénero non se diminúe a curto prazo e con medidas exclusivamente punitivas. Aínda que é precisa unha resposta firme e contundente por parte dos poderes públicos perante episodios de violencia ou maltrato, o único camiño cara o éxito neste tema pasa pola educación sexual en igualdade, por un cambio dos roles sexuais.

Aos homes educáronnos para ser uns inútiles, uns débiles no emocional. Non se nos adestrou para o autocoidado nin para sentirnos independentes. Díxosenos que os homes non choran, que as cuestións emocionais son de mulleres ou de “maricas”, impedíusenos en moitos casos dar saída ás nosas emocións, aos nosos conflitos dunha maneira dialogada e libre na expresión deses sentimentos e afectos. Tamén se nos dixo que a opinión do home é máis importante que a da muller, que debemos ser o “cabeza de familia”, que as solucións aos grandes problemas pasan por nós. Pero non se nos ensinou a limpar o pó, a pór a lavadora, a estender a roupa, a pasar o ferro, a facer a cama, a coser, a cociñar, a pedir perdón a homes e, sobre todo, a mulleres.

A igualdade no século XXI nivélase por baixo. Os homes continuamos sen colaborar na casa ou colaborando só un pouco máis, pero as mulleres xa non se adestran no que se adestraban antes. O problema está servido, a confusión de roles sexuais é un feito en parte.

Os homes seguimos sendo uns dependentes, uns inútiles, especialmente de cara ao noso interior. Cando nos separamos, enviuvamos ou nos independizamos, recorremos, en moitas ocasións, para a xestión da casa ás nosas nais, irmás, cuñadas, noivas ou fillas, mentres que as mulleres, en idénticas circunstancias, teñen abondo con elas mesmas na maioría das ocasións.

Desde esta óptica, os homes perdemos moito máis cando ficamos sós e, ademais, se son elas as que nos abandonan, sufrimos as feridas do orgullo, do machismo, do sexismo, da intolerancia, dos ciúmes posesivos e enfermizos. “Mateina porque era miña”. Hai un sentido de posesión que debemos eliminar do inconsciente masculino. Pero iso non se destrúe nin desmonta nunha lexislatura, nin sequer en dez... é unha labor planificada e coherente de educación sexual para a que habemos de usar todos os medios ao noso dispor: escola, familia, asociacións, prensa, televisión, radio, Internet e o que veña no futuro, no que a medios de comunicación de masas se refire, e durante moitos anos.

Parece que si é importante a educación sexual, que non só se trata do pracer e da reprodución, de ter ou evitar ter fillos, das infeccións de transmisión sexual. A sexualidade é

algo tan noso coma a visión, a audición ou a linguaxe. O feito de mutilala e evitar o seu desenvolvemento só crea fantasmas e monstros. Un programa integral de educación sexual debe dar especial importancia aos afectos, ás emocións, ao respecto ao outro. A relación sexual é moito máis que o coito, comporta unha riqueza que compromete todo o noso ser. É o que Félix López, catedrático de Psicoloxía da Sexualidade na Universidade de Salamanca e unha auténtica autoridade na materia, denomina “a ética das relacións amorosas”. Unha ética de principios universais que asenta en piares como a igualdade entre xéneros, os espazos compartidos, o consenso e a liberdade, e que rexeita a presión e o engano.

Existen experiencias puntuais de educación sexual en España, de maneira transversal, nunca ao longo do tempo, que só son aldrabadas, badaladas que indican que hai algo chamado sexualidade e que deberíamos espertar e adaptala convenientemente ao noso proxecto de vida. Pero esas loábeis iniciativas non son, nin moito menos, suficientes nin se poden chamar, en esencia, educación sexual, pois a educación sexual deberá facerse no tempo, desde a máis tenra infancia, co obxectivo de que cale no individuo e sexa interiorizada. Non sobrevivirá unha árbore que é regada abundantemente unha soa vez (ou cinco, ou dez), pero probabelmente farao se é regada con certa constancia durante anos.

O 80% dos xóvens cre ter suficiente información sobre sexualidade e anticoncepción, porén as infeccións de transmisión sexual aumentaron en España nos últimos anos e o número de interrupcións voluntarias de embarazo non deixa de medrar. 50.000 en 1996, 79.000 en 2002, 102.000 en 2006 e 112.000 en 2007 son mostra disto, evidenciando o fracaso das políticas levadas a cabo até a data. 14.000 menores de idade abortaron voluntariamente en 2006 (14% do total). Non era a primeira vez que 1.700 delas abortaban. As estranxeiras aínda abortan máis que as españolas e utilizan menos o preservativo (nunca o usa o 39% fronte ao 15% das españolas), segundo un estudo da clínica Dator de Madrid. Teñen aínda máis carencias en educación sexual que as mulleres españolas, ao que se suma o desarraigo que se produce ao vivir nun país que non é o seu, do que descoñecen o funcionamento das súas institucións.

Os nenos e xóvens aprenden o tocante á sexualidade a través dos amigos e dos medios de comunicación. Mala cousa, pois esa información enviesada e, en moitas ocasións, incorrecta lévaos a asumir máis riscos, a ser menos responsábeis nos seus comportamentos, a vivir a súa sexualidade dunha maneira incompleta e confusa. Por outro lado, a maioría das familias non dispón de coñecementos suficientes para educar en sexualidade, salvo a través do propio comportamento dos pais e avós, facilitando a aprendizaxe vicaria ou observacional. Por iso ha de ser a escola e o Estado quen adquira a responsabilidade de educar sexualmente as próximas xeracións. Á familia correspóndelle a transmisión de valores, de estilos de vida e de crenzas. Á escola compételle proporcionar información profesional comprobada, científica, non valoracións persoais. A familia está lexitimada para ofrecer visións subxectivas, a escola non. A

escola debe cingirse a facilitar ferramentas para que os nenos e os xovens dispoñan dunha información veraz e contrastada, para que poidan desenvolver condutas adecuadas e saudábeis.

Soamente dispomos dunha vida. Aproveitémola e guiémola pola rota do respecto a nós mesmos e aos demais, tamén no sexual. E que nos dean a oportunidade de poder facelo libre e responsabelmente.

Bibliografía

- Frago Valls, S. (1995). *Educación para la sexualidad en sistema abierto: Propuesta de intervención en el sistema escolar*. Madrid: Publicaciones del Instituto de Sexología INCISEX.
- INE (2005). *Encuesta de salud y hábitos sexuales*. Madrid: Subdirección General de Difusión Estadística.
- López Baena, F. (1989). *Información, actitudes y conducta sexual en profesores de EGB. Un estudio correlacional*. Madrid: IN.CI.SEX.
- López Sánchez, F. (1990a). *Educación sexual*. Madrid: Fundación Empresa Universidad.
- López Sánchez, F. (1990b). *Para comprender la sexualidad*. Estella (Navarra): Verbo Divino.
- López Sánchez, F. (1995). *Educación sexual de adolescentes y jóvenes*. Madrid: Siglo XXI.
- Ortiz-Tallo Aalarcón, M. (1997). *La sexualidad femenina. Reflexiones y experiencias*. Málaga: Aljibe.
- Sarasua, B. (2000). *Violencia en la pareja*. Málaga: Aljibe.

IMAXES E PENSAMENTOS SEXUAIS. ESTUDO PRELIMINAR



López, A.

Facultade Ciencias da Educación da Universidade de Vigo (Ourense)

Sueiro, E.

Facultade Ciencias da Educación da Universidade de Vigo (Ourense)

(**) C.O.F. “Nóvoa Santos” (SERGAS-Ourense)

Diéguez, J.L.

Facultade Ciencias da Educación da Universidade de Vigo (Ourense)

C.P.I. “Virxe da Saleta”, de S. Cristobo de Cea (Ourense)

RESUMO

OBXECTIVOS: Coñecer as fantasías sexuais e as diferenzas en función do sexo.

MATERIAL E MÉTODO: Estudo descritivo transversal sobre a poboación alvo de 667 estudantes de todas as titulacións do Campus de Ourense, curso 07-08, a quen se lle aplicou un inquérito estruturado, voluntario e anónimo para coñecer variábeis sociais e relacionadas coas súas imaxes sexuais. Os datos analízanse co programa SPSS/15.

RESULTADOS: A idade media é de 20.86 anos (DT= 2.19) e o 70.61% é muller.

Hai diferenzas significativas ($p < .05$) entre ambos sexos en todas as variábeis investigadas de fantasías sexuais, salvo nas referidas á estimulación do ano co dedo da parella e ao coito anal pasivo e activo.

CONCLUSIÓN: As imaxes e os pensamentos sexuais son tan importantes coma as realidades concretas que un vive. Serven para estimular os nosos comportamentos sexuais. Dado que o seu papel é relevante na sexualidade das persoas, as diferenzas achadas en función do sexo habemos de consideralas cando traballemos tanto a nivel educativo coma asistencial.

Palabras chave: Fantasía, sexual, adolescencia

ABSTRACT

OBJECTIVES: To know about sexual fantasies in youth and to identify differences between females and males.

MATERIALS AND METHOD: A cross descriptive study on the target sample made up of 667 students of all degrees from Vigo University, Orense Campus, in the course 07-08. They all voluntarily and anonymously answered a structured survey designed to identify social variables related with their sexual thoughts and images. The data were analyzed with the program SPSS/15.

RESULTS: The mean age of the student body is 20.86 years old (SD= 2.19), being the 70.61% females.

There are significant differences ($p < .05$) between sexes in all the variables of sexual fantasies investigated, except for anus stimulation by couple and those related to anal passive and active coitus.

CONCLUSIONS: The sexual images and thoughts are as important as the particular reality people live. They work to stimulate our sexual behaviours. As their role is relevant for the people sexuality, the differences found between sexes must be considered when working for education and care.

Key words: Fantasy, sexual, adolescence.

Introdución

As fantasías sexuais son "os desexos profundos, máis ou menos idealizados e pertencentes supostamente ao mundo do imaxinario, que adoptando a forma de construcións, discursos ou visións relatadas de diversa entidade e duración narrativa, conlevarían determinadas formas de percibir, sentir ou até pretender facer (aínda que non sempre) na vida sexual e erótica, e que están asociados, facilitan, incitan ou provocan estados de excitación e pracer, tanto na súa vertente condutual (facer), coma fisiolóxica (sentir) e de excitabilidade cognitiva (pensar)" (Martínez, 1998, p. 14).

Neste sentido, calquera tipo de imaxe mental que posúa algún significado erótico ou sexual para a persoa, pode ser considerada unha fantasía sexual (Leitenberg e Henning, 1995).

E, tal como afirma Avia (1995), as fantasías ocupan un lugar moi importante na vida das persoas, sendo tan importantes ou máis que as realidades que a cada cal lle toca vivir. Existe unha relación estreita entre aquelas e as imaxes e entre a vividez de imaxe e a excitación sexual (Richarson, 1994) e son, ademais, importantes no desenvolvemento persoal e sexual das e os xóvens (Camarero et al., 1985).

Se temos en conta que a maior parte das fantasías teñen como obxectivo estimular ou aumentar os sentimentos sexuais e que o que realmente a define é a posibilidade que temos, coa imaxinación, de controlar o que nelas ocorre (Leitenberg e Henning, 1995), convértense nun recurso excelente nos tratamentos dos problemas ou disfuncións sexuais. Así, se nos centramos na Resposta Sexual Humana, as fantasías teñen unha grande relevancia no Recondicionamento Orgásmico: Masturbación directa, Imaxe alternativa, Procedemento da saciación e Cambio na fantasía de masturbación (Caballo e Buela-Casal, 1993).

Ademais, tamén as imaxes son especialmente importantes na Desensibilización Sistemática (Wolpe, 1958, 1973; Raich, 1993), na implosión e na exposición prolongada da imaxe (Vila, 1984), na utilización de Técnicas Cognitivas -tales coma a Terapia Racional Emotiva de Ellis (1962), a Terapia Cognitiva de Beck (1963, 1970, 1976), a reestruturación racional sistemática de Goldfried e Goldfried (1975) e a Inoculación do estrese de Meichenbaum (1977)- e no Condicionamento Encuberto (Cautela, 1973, 1975; Raich, 1993; Campos, 1993), utilizadas nas Técnicas de: Reforzamento Positivo Encuberto, Reforzamento Negativo Encuberto, Sensibilización Encuberta - que se mostrou eficaz para tratar problemas de orientación sexual-, Extinción Encuberta, Custe de Resposta Encuberto, Modelado Encuberto, Detención de Pensamento e Tríade de Autocontrol, onde, utilizando a imaxinación, intentamos alterar a frecuencia dunha resposta a través da manipulación das consecuencias (os estímulos antecedentes, os comportamentos en si mesmos e os estímulos consecuentes, son presentados á persoa de maneira imaxinaria).

Tendo en conta a importancia de fantasías, o noso obxectivo neste traballo é coñecerlas na xuventude e as súas diferenzas en función do sexo.

Material e método

Estudo descritivo transversal sobre a poboación alvo de 667 estudantes de primeiro e último curso das titulacións do Campus de Ourense, da Universidade de Vigo -curso 07-08, a quen se lle aplicou un inquérito estruturado, voluntario e anónimo para coñecer idade e sexo e variábeis relacionadas coas súas fantasías sexuais –Escala adaptada do National Health and Social Life Survey (NHSLS), de Laumann et al. (1994). Os datos analízanse co programa SPSS/15.

Resultados

A idade media do alumnado é 20.86 anos (D.T.= 2.19) e o 70.61% é muller.

COMO PROMEDIO, CANTAS VECES PENSAS EN SEXO?	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
1. Nunca penso no sexo	11	2.4	4	2.1
2. Menos dunha vez ao mes	12	2.6	3	1.5
3. Dunha a algunhas veces ao mes	81	17.4	9	4.6
4. Dunha a algunhas veces por semana	219	47.1	48	24.6
5. Cada día	99	21.3	65	33.3
6. Varias veces ao día	43	9.2	63	33.8

$X^2 = 92.754$; $p = .000$ A DIFERENZA É SIGNIFICATIVA ENTRE AMBOS SEXOS

CANTAS VECES DAS QUE PENSAS EN SEXO TE SENTES CULPÁBEL?	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
1. Nunca	373	79.7	134	69.1
2. Raramente	71	15.2	38	19.6
3. Ocasionalmente	20	4.3	7	3.6
4. A miúdo	2	0.4	9	4.6
5. Case sempre	2	0.4	6	3.1

$X^2 = 26.501$; $p = .000$ A DIFERENZA É SIGNIFICATIVA

AS TÚAS FANTASÍAS ACERCA DO SEXO, HABITUALMENTE SON:	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
1. Non teño fantasías	103	22.3	26	13.5
2. Historietas	82	17.7	24	12.5
3. Imaxes	70	15.2	33	17.2
4. As dúas anteriores	207	44.8	109	56.8

$X^2 = 11.950$; $p = .008$ A DIFERENZA É SIGNIFICATIVA

AS TÚAS FANTASÍAS ACERCA DO SEXO, POLO XERAL SON:	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
1. Non teño fantasías	97	21.0	25	13.2
2. Invencións propias	163	35.3	92	48.7
3. Lembranza de feitos vividos	151	32.7	52	27.5
4. Lembranza de filmes vistos, historias lidas ou ouvidas	51	11.0	20	10.6

$X^2 = 11.639$; $p = .009$ A DIFERENZA É SIGNIFICATIVA

TER SEXO CON MÁIS DUNHA PERSOA Á VEZ É:	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
1. Moi excitante	16	3.5	8	4.2
2. Bastante excitante	21	4.6	12	6.3
3. Pouco excitante	76	16.6	7	3.6
4. Nada excitante	344	75.3	165	85.9

$X^2 = 168.262$; $p = .000$ A DIFERENZA É SIGNIFICATIVA

TER SEXO CON ALGUÉN DO MESMO SEXO É:	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
1. Moi excitante	16	3.5	8	4.2
2. Bastante excitante	21	4.6	12	6.3
3. Pouco excitante	76	16.6	7	3.6
4. Nada excitante	344	75.3	165	85.9

$X^2 = 20.673$; $p = .000$ A DIFERENZA É SIGNIFICATIVA

FORZAR A ALGUÉN A REALIZAR ALGUNHA ACTIVIDADE SEXUAL QUE NON DESEXA É:	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
1. Moi excitante	1	0.2	4	2.1
2. Bastante excitante	7	1.5	8	4.1
3. Pouco excitante	14	3.0	15	7.8
4. Nada excitante	441	95.2	166	86.0

$X^2 = 18.494$; $p = .000$ A DIFERENZA É SIGNIFICATIVA

SER FORZADO A REALIZAR ALGUNHA ACTIVIDADE SEXUAL QUE NON DESEXAS FACER É:	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
1. Moi excitante	1	0.2	6	3.1
2. Bastante excitante	5	1.1	9	4.7
3. Pouco excitante	28	6.0	24	12.5
4. Nada excitante	432	92.7	153	79.7

$X^2 = 26.018$; $p = .000$ A DIFERENZA É SIGNIFICATIVA

VER ALGUÉN REALIZANDO COMPORTAMENTOS SEXUAIS É:	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
1. Moi excitante	17	3.7	22	11.5
2. Bastante excitante	123	26.6	71	37.0
3. Pouco excitante	162	35.1	71	37.0
4. Nada excitante	160	34.6	28	14.6

$X^2 = 37.771$; $p = .000$ A DIFERENZA É SIGNIFICATIVA

TER SEXO CON ALGUÉN QUE TI PERSOALMENTE NON COÑECES É:	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
1. Moi excitante	42	9.1	35	18.4
2. Bastante excitante	119	25.6	90	47.4
3. Pouco excitante	139	30.0	39	20.5
4. Nada excitante	164	35.3	26	13.7

$X^2 = 52.129$; $p = .000$ A DIFERENZA É SIGNIFICATIVA

OBSERVAR A TÚA PARELLA NÚA É:	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
1. Moi excitante	199	43.2	110	58.2
2. Bastante excitante	208	45.1	75	39.7
3. Pouco excitante	39	8.5	3	1.6
4. Nada excitante	15	3.3	1	0.5

$X^2 = 21.124$; $p = .000$ A DIFERENZA É SIGNIFICATIVA

TER UN COITO VAXINAL É:	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
1. Moi excitante	288	63.3	138	75.8
2. Bastante excitante	131	28.8	29	15.9
3. Pouco excitante	22	4.8	6	3.3
4. Nada excitante	14	3.1	9	4.9

$X^2 = 13.563$; $p = .004$ A DIFERENZA É SIGNIFICATIVA

USAR UN VIBRADOR É:	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
1. Moi excitante	70	16.4	17	9.5
2. Bastante excitante	150	35.1	30	16.8
3. Pouco excitante	104	24.4	41	22.9
4. Nada excitante	103	24.1	91	50.8

$X^2 = 46.738$; $p = .000$ A DIFERENZA É SIGNIFICATIVA

TER UNHA PARELLA QUE CHE FAGA SEXO ORAL É:	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
1. Moi excitante	237	51.7	120	63.2
2. Bastante excitante	129	28.2	61	32.1
3. Pouco excitante	51	11.1	6	3.2
4. Nada excitante	41	9.0	3	1.6

$X^2 = 24.352$; $p = .000$ A DIFERENZA É SIGNIFICATIVA

FACER SEXO ORAL A UNHA PARELLA É:	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
1. Moi excitante	134	29.3	89	46.6
2. Bastante excitante	154	33.6	76	39.8
3. Pouco excitante	95	20.7	18	9.4
4. Nada excitante	75	16.4	8	4.2

$X^2 = 38.811$; $p = .000$ A DIFERENZA É SIGNIFICATIVA

QUE A TÚA PARELLA ESTIMULE O TEU ANO CO SEU DEDO É:	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
1. Moi excitante	34	7.5	14	7.4
2. Bastante excitante	71	15.6	19	10.1
3. Pouco excitante	106	23.3	32	17.0
4. Nada excitante	244	53.6	123	65.4

$X^2 = 8.559$; $p = .036$ A DIFERENZA NON É SIGNIFICATIVA

ESTIMULAR O ANO DA TÚA PARELLA COS TEUS DEDOS É:	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
1. Moi excitante	15	3.3	26	13.8
2. Bastante excitante	32	7.1	36	19.0
3. Pouco excitante	101	22.5	55	29.1
4. Nada excitante	300	67.0	72	38.1

$X^2 = 61.323$; $p = .000$ A DIFERENZA É SIGNIFICATIVA

O COITO ANAL PASIVO É:	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
1. Moi excitante	16	3.7	9	4.9
2. Bastante excitante	33	7.6	19	10.3
3. Pouco excitante	80	18.3	23	12.5
4. Nada excitante	307	70.4	133	72.3

$X^2 = 4.380$; $p = .223$ A DIFERENZA NON É SIGNIFICATIVA

O COITO ANAL ACTIVO É (<u>SÓ RESPONDEN HOMES</u>):	MULLER		HOME	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
1. Moi excitante	5	20.0	36	19.8
2. Bastante excitante	2	8.0	29	15.9
3. Pouco excitante	3	12.0	31	17.0
4. Nada excitante	15	60.0	86	47.3

$X^2 = 1.995$; $p = .573$ A DIFERENZA NON É SIGNIFICATIVA

Conclusións

As diferenzas, entre as mulleres e os homes, son significativas, no cuestionario de Fantasías Sexuais, cando fan referencia aos Ítems 1: Como promedio, cantas veces pensas en sexo?, 2: Cantas veces das que pensas en sexo te sentes culpábel?, 3: As túas fantasías acerca do sexo, habitualmente son...; 4: As túas fantasías acerca do sexo, habitualmente son...; 5: Ter sexo con máis dunha persoa á vez é...; 6: Ter sexo con alguén do mesmo sexo é...; 7: Forzar alguén a realizar algunha actividade sexual que non desexa é...; 8: Ser forzado a realizar algunha actividade sexual que non desexas facer é...; 9: Ver alguén realizando comportamentos sexuais é...; 10: Ter sexo con alguén a quen ti persoalmente non coñeces é...; 11: Observar a túa parella núa é...; 12: Ter un coito vaxinal é...; 13: Usar un vibrador é...; 14: Ter unha parella que che faga sexo oral é...; 15: Facer sexo oral a unha parella é...; 17: Estimular o ano da túa parella cos teus dedos é...

Non as hai, en función do sexo, nos restantes Ítems: 16: Que a túa parella estimule o teu ano co seu dedo é...; 18: O coito anal pasivo é...; 19: O coito anal activo é...

A imaxinación e a fantasía teñen un papel relevante como inhibidoras (Fisher, 1986) e inductoras do desexo sexual (Gómez, 1995), manteñen e aumentan a excitación sexual (Meuwissen e Over, 1990), e facilitan a resposta orgásmica. A súa frecuencia aumenta co paso do tempo (López et al., 1990).

E, as fantasías sexuais poden ser unha historia altamente elaborada ou un pensamento pasaxeiro acerca dunha actividade romántica ou sexual; pode implicar as imaxes de experiencias estrañas e extravagantes ou imaxes absolutamente realistas; pode implicar a recreación de acontecementos ou situacións pasadas ou o desenvolvemento de experiencias totalmente imaxinarias; poden ocorrer espontaneamente, ser inducidas intencionalmente, ou ser provocadas por outros pensamentos, sentimentos ou estímulos sensoriais ou been, poden ter lugar á marxe de calquera outra actividade sexual, durante a masturbación, ou durante a actividade sexual con outra persoa (Wilson, 1978).

Porque o seu papel é relevante na sexualidade, os resultados obtidos habemos de consideralos cando traballemos en clínica e en educación.

Bibliografía

- Avia, M^aD. (1995). Fantasías sexuales. En LABRADOR, F. *Guía de la sexualidad*. Madrid: Espasa Calpe, 119-124.
- Beck, A.T. (1963). Thinking and depression. idiosyncratic content and cognitive distortion. *Archives of General Psychiatry* 9: 324-333.
- Beck, A.T. (1970). Cognitive therapy: nature and relation to behavior therapy. *Behavior Therapy* 1: 184-200.
- Beck, A.T. (1976). *Cognitive therapy and the emotional disorders*. New York: International Universities Press.
- Caballo, V.E. e Buela-Casal, G. (1993). Técnicas diversas en terapia de conducta. En CABALLO: *Manual de técnicas de terapia y modificación de conducta*. Madrid: Siglo XXI.
- Camarero, C.; Redondo, E. e Urruzola, M^aJ. (1985). *Sexualidad en la escuela Manual para educadoras-es*. Barcelona: LaSal.
- Campos, A. (1993). A função clínica das imagens mentais. *Jornal de Psicologia* 11 (3-4): 3-7.
- Cautela, J.R. (1973). Covert processes and behavior modification. *Journal of Nervous and Mental Disease* 17: 27-36.
- Cautela, J.R. (1975). The use of covert conditioning in hypnotherapy. *International Journal of Clinical and experimental Hypnosis* 23: 1-28.
- Ellis, A. (1962). *Reason and emotion in psychotherapy*. New York: Lyle Stuart, (Traducción española, Desclée de Brouwer, 1980).
- Fisher, W.A. (1986) A psychological approach to human sexuality: The sexual behaviour sequence. En Byrne, D. e Kelley, K. (Eds.) *Alternative approaches to the study of sexual behaviour*. Hillsdale: Lawrence Erlbaum Associates, Inc.
- Goldfried, M.R. & Goldfried, A.P. Cognitive change methods. (1975). In KANFER, F.N. e GOLDSTEIN, A.P. (Eds.), *Helping people change*. New York: Pergamon.
- Laumann, E.O.; Gagnon, J.H.; Michael, R.T. e Michaels, S. (1994). *The Social Organization of Sexuality*. Chicago: The University of Chicago Press.
- Leitenberg, H. e Henning, K. (1995). Sexual fantasy. *Psychological Bulletin* 117: 469-496.
- López, F.; García, J.J.; Alonso, A.; Forcadell, J.; Domínguez, C.; Montero, M.A.; Martínez, P. e Cabrero, M.A. (1990). La sexualidad de los universitarios: Un estudio comparativo (1977-1987). *Revista de Sexología* 42: 1-20.
- Martínez, B. (1998). El paradigma social de las relaciones sexuales en la socialización de la erótica profunda. *Revista española de sexología*, 85-86.
- Meichenbaum, D. (1977). *Cognitive-behavior modification: An integrative approach*. New York: Plenum.
- Meuwissen, I. e Over, R. (1990). Habituation and dishabituation of female sexual arousal. *Behaviour Research and Therapy* 28: 217-226.
- Raich, R.M^a. (1993). El Condicionamiento encubierto. En Caballo: *Manual de técnicas de terapia y modificación de conducta*. Madrid: Siglo XXI.
- Richarson, A. (1994). *Individual differences in imaging their Measurement. Origins and Consequences. Imagery and Human Development Series*. New York: Baywood Publishing Company, Inc.
- Vila, J. (1984). Técnicas de reducción de ansiedad. En Mayor, J. Y Labrador, F. (Eds.) *Manual de modificación de conducta*. Madrid: Alhambra.
- Wilson, G.D. (1978). *The secrets of sexual fantasy*. London: Dent.
- Wolpe, J. (1958). *Psychotherapy by reciprocal inhibition*. Stanford: Stanford University Press.
- Wolpe, J. (1973). *The practice of behavior therapy*. Oxford: Pergamon Press.

MITOS RELACIONADOS COA SEXUALIDADE DAS MULLERES E DOS HOMES DE MÁIS IDADE



Encarnación Sueiro Domínguez

C.O.F. "Nóvoa Santos". SERGAS (Ourense)

Facultade de Ciencias da educación Universidade de Vigo (Ourense)

sueiro@uvigo.es

RESUMO

Para un mellor coñecemento da vida sexual das persoas maiores, comezamos enumerando as características propias desta etapa evolutiva, as condutas sexuais das nosas e nosos maiores para, seguidamente, analizar os diferentes mitos existentes referidos á súa saúde sexual e reproductiva, así como as vantaxes da sexualidade na vellez.

Palabras chave: Mitos, sexualidade, mulleres, homes, maiores.

ABSTRACT

To reach a better knowledge of the sex life in the elderly, we start by listing the features of this developmental stage, the sexual behaviours of our elderly, to follow with an analysis of the different existing myths in relation with their sexual and reproduction health, as well as the advantages of the sexuality in the old age.

Key words: Myths, sexuality, women, men, old.

“Teoricamente ao menos, o exercicio da sexualidade tería que levar ao seu fin natural, que é o amor, a felicidade. Polo menos cabería admitir o fin inmediato da satisfacción pracenteira do sentido do tacto. Porén, a realidade dinos que a sexualidade é un manancial de insatisfaccións, sufrimentos e conflitos. A isto contribuíu a suma de erros que se foi transmitindo sobre as relacións sexuais. O principal procede do obscurantismo (...), pero engádase o derivado das nocións pretendidamente ilustradas ou científicas”.

Miguel (1998, p. 209).

A modo de reflexión

Antes de comezar a falar acerca desta temática, cada vez máis presente no noso medio, sobre todo despois de que os diferentes medios de comunicación se fixeran eco da mesma, cabe a posibilidade de facer unha reflexión, é dicir, sobre o que significa e a quen se inclúe baixo os termos como “maiores”, “terceira idade” e que sentido damos á expresión “sexualidade”, dado que, dalgunha maneira, están incluídos no título do presente artigo.

Para isto propoñemos responder ás seguintes cuestións:

1. Cantas expresións coñeces que fagan referencia á vellez? O significado de cada unha delas é o mesmo? Por qué? Evolucionou a terminoloxía co paso do tempo? En que sentido?
2. Cando pensamos na vellez, que criterio/s estamos empregando para definila? Todas as persoas que cumpren ese criterio son igual de vellas? Poderías explicar isto?
3. Nesta etapa da vida asúmense novos roles. Un deles é o de ser Avoa e Avó. Enumera todos aqueles termos que empregan as persoas do noso medio e doutros, na nosa lingua e noutras, para identificar ás Avoas e aos Avós. Cal é o sentido profundo desta terminoloxía? Cal é o seu significado?
4. E, agora, escribe nunha folla todas aquelas palabras que, relacionadas coa sexualidade, lembres. Despois, marca cunha cruz as que se poderían aplicar ás persoas maiores. Cantas e cales son as que marcaches? Por qué?
5. Que é sexo? É o mesmo que sexualidade? Cales son as diferenzas? Isto mantense se o aplicarmos ás persoas maiores?
6. A que idade comeza a persoa a ter sexo?, a que idade aparece a sexualidade? e, a que idade finaliza o primeiro e o segundo? A idade, o ser muller ou ser home,... ¿son características que afectan á vida sexual das persoas de máis idade? En que medida afectan? Poderías enumerar algunhas outras que tamén inflúen?

Características das persoas deste grupo de idade

Antes de abordar a vida afectivo-sexual das persoas maiores, convén sinalar, en primeiro lugar, as características fundamentais que se presentan nesta etapa da vida, a saber:

- A xubilación;
- O abandono do fogar por parte de fillas e fillos, o que supón a liberalización da crianza;
- Ficar soas ou sós;
- O reencontro coa parella e a posibilidade de estar máis tempo en compañía;
- O descenso do nivel de ingresos;
- A adquisición de novos roles: o de ser Avoa ou Avó;
- O proceso de avellentamento;
- Maior disponibilidad de tempo para dedicar ás aficións, actividades culturais e sociais;
- A liberalización nas relacións sexuais;
- A aparición de problemas de saúde;
- A perda de seres queridos: nais e pais, irmás e irmáns, parella, amizades,...

Así pois, a grande variabilidade interpersonal existente nesta etapa da vida depende do nivel de saúde do que se dispoña, do grao de dependencia ou independencia acadado, das condicións económicas, do grao de consciencia, de dispor ou non de parella e das relacións que coa mesma se manteñan, de contar ou non coa axuda das fillas e dos fillos e da existencia ou non das relacións familiares e de como sexan as mesmas,...

Neste momento, en que se dá a mesma situación de desvalemto que ao nacer, posúen unha importancia decisiva as figuras de apego. Neste sentido, é importante sentir a protección e seguridade dos coidados incondicionais dunha figura de apego. Esta é sempre a maior necesidade emocional de todas as persoas.

Agora péchase o círculo da vida, sendo o contrapunto do nacemento: Vida-Morte.

E se á sexualidade nos referimos, debemos considerar que a mesma engloba todo o que somos, a todas e cada unha das persoas, en todos e cada un dos momentos das nosas vidas. A través dela manifestamos o que pensamos e sentimos.

Así pois, se unimos vellez e sexualidade, o resultado é unha realidade tan complexa coma variada, influída por diferentes factores e que, por súa vez, inflúe en diferentes aspectos da vida das persoas. É tan variada como persoas existen.

Tendo en conta as diferenzas que se puideran plantexar, ímonos referir á sexualidade na terceira idade, en xeral, sen por iso restar importancia a todas as particularidades que se puideran presentar, pero consideramos que este non é o lugar nin o momento para falar de cada unha delas.

Seguidamente comezaremos realizando unha breve, aínda que necesaria, referencia ao que nos di a estatística acerca da sexualidade das persoas maiores en España, non sendo isto, e así queremos que sexa considerado, máis que unha aproximación á mesma.

Conduta sexual das persoas maiores en España

Se tomamos como referencia o estudo realizado por José Antonio Nieto, publicado polo Ministerio de Asuntos Sociais, en 1996, sobre 1110 inquéritos respondidos (658 mulleres e 452 homes) por persoas de máis de 65 anos e de ámbito nacional, sabemos que:

- * a totalidade non recibiu información sobre sexualidade de seus pais e só un 6% admite ter transmitido algún coñecemento sexual aos seus fillos;
- * en xeral, tiveron escasa experiencia sentimental previa ao matrimonio;
- * o 75% dos homes e o 97% das mulleres declararon no ter nunca amantes;
- * o 97% dos homes e o 96% das mulleres manifestaron terse casado unha soa vez;
- * os aspectos que, segundo elas e eles, máis inflúen no matrimonio son a fidelidade, o aprecio mutuo e o respecto, para o 84% das e dos entrevistados, a comprensión e tolerancia (80%), os fillos (78%) e unha relación sexual boa (59%);
- * o 88% non empregou anticoncepción; de quen a empregou, o 50% usou a “marcha atrás” e o 44% os preservativos;
- * para o 43%, antes, o sexo era algo moi importante e, agora, éo só para o 13%;
- * o que máis lles gustaba do sexo antes era para o 36% as caricias e os beixos e para o 30% o coito/a cama en si, e, agora, o que máis lles gusta ao 40% son as caricias/os beixos e ao 23% o coito/a cama en si;
- * antes, o 83% das persoas quedaban contentas das súas relacións sexuais, fronte ao 32% de agora, sendo a diferenza entre os dous momentos máis marcada para as mulleres do que para os homes;
- * a iniciativa nas relacións sexuais mantena o home, tanto antes coma agora;
- * os filmes porno, a masturbación solitaria e en parella foron as prácticas sexuais máis realizadas anteriormente, sendo case inexistente a porcentaxe de maiores que as realizan na actualidade, excepto para o caso do visionado de filmes/revistas pornográficas; porén, quen aínda as practica faíno con frecuencia (entre o 35 e o 50%);
- * os cambios fundamentais na actividade sexual co paso dos anos danse na frecuencia das relacións (90%), a intensidade das sensacións (86%), a capacidade orgásmica (84%) e o desexo (74%); o que menos suxeitos afirman que cambia son os sentimentos (40%);
- * e, de quen ten parella, o 45% antes realizaba as relacións sexuais dúas ou tres veces por semana e agora, un 28% realizaas ocasionalmente e outro 28% nunca; porén, o 26% considera que o ideal sería 2-3 veces/semana.

Mitos relacionados coas nosas e nosos maiores

Alén dos cambios biofisiolóxicos presentes nesta etapa evolutiva, son tamén as diferentes crenzas erróneas, presentes na nosa cultura (López e Olazábal, 1998; Puerto, 1995), as cales tamén inciden na sexualidade deste grupo de poboación. Así, podemos enumerar:

- * a necesidade, o desexo e o interese sexual desaparecen coa idade. O 81,4% dos homes e o 39% das mulleres maiores aceptan o feito de manter relacións sexuais unhas cantas veces por semana (Moioli, 2005),

- * o único motivo que os move a interesarse sexualmente polo/a outro/a é o de non estar soas ou sós,

- * a menopausa sinala o fin da vida sexual da muller. O 39% das mulleres de 61-65 anos e o 27% de 66-71 anos son sexualmente activas (Butler e Mirna, 2002),

- * os homes maiores si que teñen intereses sexuais, porén, as mulleres non. Dun estudo realizado con persoas institucionalizadas, de idades comprendidas entre os 80 e 102 anos, obtívose que o 80% dos varóns e o 72% das mulleres soñaban con relacións sexuais íntimas, o 62% dos primeiros e o 38% das segundas realizaban coito e o 72% deles e o 40% delas practicaban a autoestimulación (Bretschneider e McCoy, 1988),

- * as relacións sexuais debilitan e poñen en perigo a saúde das persoas de idade, en particular a dos homes,

- * os homes maiores que manifestan interese polo sexo son perversos ou "vellos verdes",

- * é indecente e de mal gusto que as persoas maiores manifesten intereses sexuais,

- * a procreación é o fin último da sexualidade, polo que non ten sentido que as persoas maiores teñan actividade sexual,

- * a parella do home ha ser máis nova ou da mesma idade ca el,

- * as persoas maiores, polo feito de selo, son feas e

- * as persoas de idade con problemas sexuais han aguantar con eles, pois á súa idade xa non teñen solución ou, de tela, non vale a pena.

Tal como sinalan López e Olazábal (1998, pp. 85-121), existen outros factores ambientais que tamén inflúen:

- * No caso das mulleres, son máis que os homes e moitas máis viúvas.

- * O modelo de sexualidade dominante, que é xuvenil, xenital, heterosexual, ao servizo da procreación dentro do matrimonio. Moitas e moitos dos nosos maiores non cumpren varias destas condicións do modelo.

- * Tal como xa sinalei anteriormente, os modelos de atracción dominante, que fan equivaler vellez con fealdade.

- * A falta de dispoñibilidade de parella sexual. Só as persoas casadas dispoñen de parella sexual na vellez.

* Determinadas historias sexuais. Por exemplo, a falta de mantemento da actividade sexual ao longo dos anos diminúe as capacidades sexuais.

* As relacións inadecuadas, monótonas ou conflitivas na parella diminúen normalmente o desexo sexual, polo tanto, a actividade sexual e, como consecuencia, as capacidades sexuais.

* A xubilación pode provocar unha especie de "morte social", limitando o interese e a actividade sexual.

* As condicións físicas inadecuadas, tales como a fatiga física ou mental, exceso de comida ou bebida, obesidade, falta de hixiene,...

* O temor a non ser capaz de ter relacións sexuais limita a propia actividade.

* A resistencia e rexeitamento da sexualidade das persoas maiores por parte das súas fillas e fillos, sobre todo se non se dan dentro do matrimonio.

* É o mesmo que acontece por parte das persoas que se dedican ao coidado das/os maiores nas residencias, ao que se une a dificultade de dispor de lugares adecuados para as mesmas.

Ademais, debemos engadir, seguindo a Bote (2006), que a frase que mellor define a sexualidade na vellez, segundo as propias persoas maiores (34%) é aquela que afirma que “o sexo é algo pouco propio da terceira idade”. Porén, os homes, de maneira significativa, son máis proclives que as mulleres (38% fronte ao 27%) a afirmar que o sexo é algo natural entre o seu grupo de idade.

Vantaxes da sexualidade na vellez

Perante todo isto, hai que sinalar que, seguindo a López e Olazábal (1998), a sexualidade na terceira idade ten vantaxes, tales como:

* Maior disponibilidad horaria que permite realizar aquelas actividades que se desexen.

* Máis tempo para compartir en parella.

* Maior interese polo contacto corporal, os afectos e a comunicación.

* Este maior interese polos afectos e a comunicación melloran a procura e a satisfacción polas relacións interpersoais.

* Flexibilidade nos roles de xénero que facilita que mulleres e homes se interesen e realicen actividades comúns.

* As mellores condicións ambientais favorecen as manifestacións afectivo-sexuais: Máis tempo, ausencia das fillas e fillos do fogar, mellores condicións de vivenda, cambio e redución das responsabilidades,...

* Desaparece o temor ao embarazo.

* Hai unha maior estabilidade emocional e confianza no/a outro/a.

* Dáse un maior e mellor coñecemento da outra persoa, que melloran a complicidade, a empatía,...

* Maior control sobre a exaculación, que permite estar máis pendente da satisfacción da parella.

- * Maior lentitude na excitación que facilita un goce máis tranquilo da sexualidade.
- * A cada vez maior permisividade sexual permite unha aceptación máis positiva da sexualidade.

Concluindo

Despois de todo o dito, debemos afirmar que o avellentamento non leva por si mesmo ao cese da actividade sexual. Ocorre que diferentes obstáculos biofisiolóxicos, psicolóxicos e sociais poden interferir coa expresión da sexualidade.

A sexualidade inclúe moito máis que o coito, refírese ás relacións íntimas emocionais, así coma os tocamientos, caricias e outras formas de facer o que chamamos o amor. Porén, non todas as persoas maiores están interesadas en continuar a actividade sexual e os seus desexos tamén han de ser respectados.

O amor -a capacidade para namorarse e amar, así coma a intensidade da súa vivencia, é independente da idade das persoas, tal como sinala o refrán *O corazón e os ollos nunca son vellos* (Doval, 1998)- e o sexo poden ser mellores despois dos 60 que antes. Existen dúas linguaxes da sexualidade, unha é biolóxica e cuantitativa, e a segunda é aprendida, cualitativa, máis relacionada coa intimidade e o compromiso entre ambos membros da parella. Esta segunda linguaxe desenvólvese coa experiencia ao longo do tempo. A xuventude é unha época de exploración e autodescubrimento, as idades medias da vida son para adquirir capacidades, e a terceira idade é para levar a experiencia de toda unha vida e a perspectiva dos últimos anos á arte de amar.

Bibliografía

- Bote, M. (2006). La sexualidad de las personas mayores: ciencia, mito y autopercepción. *Sexología Integral* 3(3), 148-152.
- Bretschneider, J.G. e McCoy, N.L. (1988). Sexual interest and behaviour in healthy 80- to 102 years old. *Arch. Sex. Behav.* 17, 109-29.
- Butler, R.N. e Mirna, L. (2002). *The new love and sex after 60*. 3th ed. New Cork: Ballatine Books.
- Doval, G. (1998). *Refranero temático español*, Barcelona: Ediciones del Prado, S.A., 58-60.
- Miguel, A. de. (1998). *El sexo de nuestros abuelos*. Madrid: Espasa.
- Moioli, B. (2005). Aspectos conductuales, actitudinales y experienciales de la sexualidad en la vejez. *Sexología Integral* 2 (1), 26-27.
- Nieto, JA. (1996). *La sexualidad de las personas mayores en España*, Madrid: Ministerio de Asuntos Sociais.
- López, F., e Olazábal, JC. (1998). *Sexualidad en la Vejez*, Madrid: Pirámide.
- Puerto, C. (1995). *El sexo no tiene edad*, Madrid: Temas de hoy.

DA EDUCACIÓN SEXUAL Á PROMOCIÓN DO DESENVOLVEMENTO PERSOAL NA ADOLESCENCIA



Encarnación Sueiro Dominguez

C.O.F. "Nóvoa Santos" (SERGAS-Ourense)

Facultad de Ciencias de la Educación. Universidade de Vigo. Ourense

RESUMO

A Saúde e a Saúde Sexual das persoas dependen fundamentalmente das súas condutas. Éstas son educábeis e é así como cobra sentido a Educación para a Saúde e a Educación da Sexualidade. Sendo os factores persoais (Autoestima, Autoeficacia, Locus de Control, Habilidades Sociais, Empatía, Relacións de Amizade, Toma de Decisións, Resolución de Conflitos,...) un dos determinantes da conduta, á hora de facer Educación, son os que habemos formar, co obxecto de facer Prevención de Riscos, Promoción da Saúde e Restauración da mesma. E, todo isto, en función da etapa evolutiva na que se encontre cada persoa destinataria. Estas variábeis de personalidade traballaranse a través do filme Sexualidade Virtual.

Palabras chave: Promoción, saúde, adolescencia, cinema, sexualidade

ABSTRACT

Human Health and Sexual Health depend basically on the people behaviours. These are liable to be trained and this is how Education for Health and Sexuality makes sense. Being the personal factors (Self-esteem, Self-efficacy, Locus of Control, Social Skills, Empathy, Friendship Relationships, Decision Making, Problem Solving...) one of the main determinants of behaviour, when educating, those are the targets to be trained, seeking for Risk Prevention, Health Promotion and Health Recovery. Always, considering the developmental stage of the client. These personality variables will be worked through the film Virtual Sexuality.

Key words: Promotion, health, adolescence, film, sexuality

"La pubertad te va cambiando el cuerpo, la adolescencia el alma. Y tú sobrecogido te preguntas quién fuiste, quién eres, y en quién te vas a convertir" ()*

Antonio Gala

"La joven que acaba de cruzar el umbral de la pubertad y se enfrenta a una nueva vida de los sentidos y de la psique es comparable a una mariposa que empieza a batir sus alas en un día de primavera" ()*

Manuela Dunn

Que é a saúde e quen a determina

O significado da Saúde foi evolucionando ao longo do tempo. Así, a O.M.S., no artigo 1 da súa Acta Constitucional (1946), definiuna como "O estado de completo benestar físico, mental e social, e non só a ausencia de afeccións ou doenzas".

Anos máis tarde, no ano 1984, afirma "Unha nova concepción de Saúde como alcance do que un individuo ou grupo é capaz, por un lado, para realizar as súas aspiracións e satisfacer as súas necesidades e, por outro lado, para cambiar ou facer fronte ao ambiente. A Saúde é, polo tanto, vista como un recurso para a vida diaria, non o obxectivo da vida, é un concepto positivo que acentúa os recursos sociais e persoais así como as capacidades físicas". Este é un concepto integrador e dinámico, que entende a Saúde como un medio, non como un fin, onde se implican individuo e grupo.

Pola súa parte, Cornachia et al. (1988), incidindo nos aspectos sinalados, afirman que a Saúde é un fenómeno complexo que inclúe diferentes aspectos, tales como os psicolóxicos, fisiolóxicos e sociolóxicos e espirituais, que están interrelacionados.

Desta maneira, os conceptos actuais de Saúde falan da mesma en termos positivos, dinámicos, holísticos, ecolóxicos -os cambios no ambiente social producirán cambios nas persoas e o apoio destes é esencial para alcanzar os cambios ambientais- (Metcalf et al., 1995) e sociais (Roux, 1994), na medida que falan de mellora da calidade de vida, considerando todos os aspectos da persoa, interdependentes e interrelacionados entre si e, á vez, co medio en que se encontra inmersa e, ademais de ter en conta á persoa como ser individual, tamén considera a capacidade da propia poboación para avaliar, manter e/ou mellorar a súa Saúde.

Sen perder de vista o sentido dado á Saúde, cabe considerar a Saúde Sexual. A O.M.S., en 1978, refírese á mesma como á integración de todos os elementos que a constitúen, como son os somáticos, emocionais, intelectuais e sociais do ser humano, incluíndose, tal como vemos, os diferentes aspectos considerados no concepto de Saúde, antes definido.

E, alcanzar "o máis elevado estado de Saúde" –e, de Saúde Sexual- depende dunha serie de factores. Lalonde, Ministro de Sanidade canadense, en 1974, sinala que a Saúde está determinada pola interacción de catro variábeis, a saber: Medio Ambiente (Social e Físico), Estilos de Vida (Condutas de Saúde), Bioloxía Humana (xenética, envellecemento) e os

Sistemas de Asistencia Sanitaria (calidade, cobertura ou acceso e gratuidade) con que conta cada país. Todos estes factores están interrelacionados e influenciados polos socio-económico-culturais nos que cada persoa e cada comunidade están situadas.

Despois de Lalonde, diferentes investigacións (Harris, 1981; Viley e Camacho, 1980; Breslow e Enstrom, 1980; Berkman e Breslow, 1983) demostran que o estilo de vida (hábito de fumar, consumo excesivo de alcol, dieta alimenticia inadecuada, falta de exercicio físico habitual, número de horas de sono, presenza de carcinóxenos no lugar de traballo e no ambiente en xeral, presenza de altos niveis de estrese) é o condicionante fundamental da Saúde nos países máis desenvolvidos; é dicir, constátase que a Saúde depende fundamentalmente da propia persoa, do que esta realice e de como o faga. Así, os riscos refírense, ben directa ou indirectamente, a comportamentos habituais anteriores ou actuais, por exceso ou por defecto, pouco saudábeis.

Coincidindo co anterior, un estudo realizado na Generalitat de Catalunya (1994), asigna o 50% do peso como determinante da Saúde ao estilo de vida, o 25% ao entorno, o 20% á herdanza e o 5% ao sistema de asistencia sanitario. Cando, no ano 1993 en Galicia, se estuda a distribución da mortalidade, obtense que de maior a menor porcentaxe de ocorrencia aparecen as doenzas cardiovasculares, os tumores, as doenzas do aparato respiratorio e as do dixestivo, as cales están estreitamente relacionadas cos estilos de vida e as circunstancias do entorno e/ou ao ambiente.

Determinantes da conduta (sexual)

Se a Saúde, en xeral, e a Saúde Sexual, en particular, depende dos estilos de vida dunha persoa, entendendo estes como os patróns de conduta que caracterizan a maneira xeral de vivir dun individuo ou grupo (Mendoza et al., 1994), queda clara a relación entre conduta e Saúde, porque os trastornos que afectan gravemente a Saúde relaciónanse cun estilo de vida, polos seus déficits ou excesos comportamentais, pouco saudábel.

A conduta, á súa vez, está influída por diferentes variábeis:

- Factores persoais: sendo inherentes á persoa, son os que levan á intencionalidade para realizar una conduta. Son os que permiten saber e querer. Poden ser fisiolóxicos (constitución biolóxica, pulsións,...), físicos (habilidades psicomotoras), psicolóxicos (desexos, coñecementos, crenzas, actitudes, valores, cognicións, autorreforzo,...), socio-demográficos (sexo, idade, raza, cultura...).

- Factores ambientais: Todo o que pode modificar un hábito e que é externo á persoa. Son os que posibilitan a realización dun comportamento unha vez que se decidiu levar a cabo. E poden ser: relacións interpersoais (parella, familia, amizades,...), servizos e recursos (cantidade e calidade, disponibilidad,...) e medio socio-ambiental (lugar de residencia, clima, cultura, país,...) (Rochon, 1992).

Este autor, ademais sinala que os comportamentos se aprenden, incluíndo os relacionados coa Saúde e cos riscos e doenzas/problemas. Isto supón que a persoa primeiramente estea ao corrente da existencia dunha conduta, estea interesada en saber máis, tome una decisión ao respecto, ensaie o comportamento correspondente, o adopte e o interiorice.

Isto mesmo podemos aplicalo á Saúde Sexual. Neste sentido, Carrobles (1990) afirma que "a conduta sexual é un fenómeno complexo, determinado por múltiples causas (...)" (p. 17). Tamén Masters et al. (1988), Olazábal et al. (1990), López e Fuertes (1990) e López (1995) indican que existen determinantes biolóxicos e psicosociais do comportamento sexual.

Así pois, se a Saúde depende da persoa que a realiza, a probabilidade de executar un comportamento de risco acompaña a posibilidade de realizar outros tamén arriscados. É dicir, unha mesma persoa probabelmente presentará máis dunha práctica de risco. Así, segundo Ordoñana e Gutiérrez (1991), unha conduta de risco non aparece de maneira illada senón que está interrelacionada desde o punto de vista social, familiar e persoal, de tal maneira que pode falarse de "síndromes de problemas de conduta" (López, 1995).

Isto é así porque unha conduta, saudábel ou non, depende da relación que cada persoa establece co seu entorno, dependendo isto, á súa vez, de quen sexa esa persoa (a súa autoestima, seguridade en si mesma, autoconfianza, modos e maneiras de comunicarse, habilidades sociais de que dispoña,...).

A educación para a saúde (sexual)

Se a Saúde depende fundamentalmente das condutas que cada persoa realice, e a Saúde Sexual tamén, e estas poden ser aprendidas, faise necesario facer Educación para a Saúde -e Educación para a Saúde Sexual. O obxectivo é lograr que as persoas realicen comportamentos máis sans e modifiquen os insáns, se existiran.

Tal como sinala Polaino (1989), aínda que o estilo de vida dunha persoa pertence á conduta privada, as súas consecuencias non son exclusivamente privadas, polo que temos o dereito e o deber de estar sans. Tanto a persoa como a sociedade están comprometidas na Saúde persoal e colectiva, dirixíndose a estes calquera Programa de Educación -Promoción, Prevención e Restauración- que vaíamos realizar.

Na actualidade, xa non vale o modelo da medicina curativa tradicional, que supón un elevado custo e un relativo fracaso ao intentar garantir unha vida sá e de calidade e mellorar a esperanza de vida (Grémy e Bouckaert, 1995). A Educación para a Saúde (EpS) constituíuse como disciplina no ano 1921, ao impartir o primeiro programa sobre dita materia o Instituto de Tecnoloxía de Massachusetts e, a partir de aí, a súa extensión foi notábel.

A EpS é, segundo Green et al. (1980), calquera combinación de experiencias de aprendizaxe planificada, destinada a facilitar os cambios voluntarios de comportamentos saudábeis.

Porén, a EpS -e con ela tamén a Educación para a Saúde Sexual- non só serve para cambiar

hábitos, senón tamén para inicialos ou mantelos, para evitar que ocorran, para a adquisición e o cambio de coñecementos e actitudes, para formar persoas críticas e autónomas.

A O.M.S. (1969), indica que a EpS se basea en inducir ás persoas para que adopten e manteñan as costumes dunha vida sá, usen razoabelmente os servizos sanitarios postos á súa disposición e tamén a tomar decisións, individual e colectivamente, para mellorar o seu estado de Saúde e do medio no que se encontran. Porén, posteriormente, reconece que a Saúde, non só está relacionada coa conduta de Saúde dos grupos de poboación, senón tamén coas condicións de vida e traballo. Entón, entende a EpS como a combinación de accións e experiencias de aprendizaxe planificadas socialmente e deseñada para capacitar ás persoas para gañar control sobre os determinantes e as condutas de Saúde, e as condicións que afecten ao seu estado de Saúde a ao estado de Saúde das demais persoas (O.M.S. e IUHE, 1991).

Por outra parte, a Educación para a Saúde (Sexual) significa Información en materia de Saúde (Sexual), para favorecer a adquisición de coñecementos (Área Cognoscitiva), Consciencia na materia de Saúde (Sexual), para que ocorra e se manteña o cambio no xeito de pensar e de sentir (Área Atitudinal) e, ademais, Execución da conduta (Sexual) saudábel (Área Comportamental), modificando as condutas insás en sás, as cales, ao repetirse, forman os hábitos saudábeis.

O obxecto da EpS é mellorar a Saúde, facendo Promoción da Saúde, Prevención de Riscos e Tratamento dos problemas de Saúde (Rochon, 1992). Pola súa parte, a meta da Educación para a Saúde Sexual é mellorar a Saúde Sexual, facendo Promoción dela, Prevención de Riscos Sexuais e Restauración da saúde Sexual.

Promoción do desenvolvemento persoal no ciclo vital

Tendo en conta o antes exposto, a saber, que a Saúde depende das condutas que realicemos e do noso medio, as cales, á súa vez, están influenciadas por diferentes variábeis persoais que son educábeis, é preciso facer Promoción do Desenvolvemento Persoal e Social no Ciclo Vital.

Se, tal como afirma Dryfoos (1990), as competencias para Promover a Saúde e Evitar os riscos son as mesmas, o correcto parece ser a elaboración dun programa unitario, como o sinalan López e Oroz (1999), tendo como idea básica subxacente a que apuntaba Delors (1999): "A educación ao longo da vida baséase en catro piares: aprender a coñecer, aprender a facer, aprender a vivir xuntos e aprender a ser" (p. 109). Se, ademais, quixésemos abordar temas específicos de Sexualidade, non teríamos máis que incluílos -sexo/sexualidade, recoñecemento e autoaceptación sexual, igualdade entre muller e home, respecto e tolerancia ás diferenzas, responsabilidade e pracer, prevención de experiencias inadecuadas e de riscos.

Os Contidos de Promoción do Desenvolvemento serían:

→ A SAÚDE COMO PROMOCIÓN DO BENESTAR FÍSICO, PSÍQUICO E SOCIAL

→ A PROPIA PERSOA COMO DETERMINANTE DA SAÚDE

→ HABILIDADES QUE MEDIATIZAN A SAÚDE:

* FACTORES ESTÁBEIS DE PERSONALIDADE:

- AUTOESTIMA
- AUTOEFICACIA
- LUGAR DE CONTROL INTERNO

* PROCESOS AFECTIVOS MEDIADORES:

- EMPATÍA
- RELACIÓNS DE AFECCIÓN
- AMIZADE

* MEDIADORES COGNITIVOS:

- CLARIFICACIÓN DE VALORES
- XUÍZO MORAL
- TOMA DE DECISIÓNS
- SOLUCIÓN DE PROBLEMAS

* HABILIDADES SOCIAIS E INTERPERSOAIS

→ RECURSOS SOCIOCOMUNITARIOS

Sexualidade virtual

O desenvolvemento dos Contidos mencionados podemos realizalo a través do cinema, concretamente mediante o visionado do filme *Sexualidade Virtual*.

Sinopse

Toda a película xira á volta dun grupo de amigas/coñecidas e amigos/coñecidos que partillan diferentes actividades propias da adolescencia. Ditas actividades conforman o marco onde se desenvolve a idea central: as primeiras experiencias sexuais, sobre todo a "primeira vez" e, ligado a esta o tema aínda candente da virxindade e a idade apropiada para iniciarse nas prácticas coitales coa persoa candidata correcta.

Nick Hurran, o director, refírese a *Virtual Sexuality* afirmando que "...é unha comedia romántica para a idade virtual".

Ficha Técnica	Ficha Artística
Título orixinal: Virtual Sexuality	Justine Laura Fraser
Nacionalidade e Ano: Británica, 1999	Jake Rupert Penry-Jones
Xénero: Drama	Chas Luke de Lacey
Direción: Nick Hurran	Alex Kieran O'Brien
Guionista: Nick Fisher	Fran Marcelle Duprey
Produción: Charles Armitage, Jonathan Darby	Lucy Laura Aikman
Editor: John Richards	Jason Steve John Shepherd
Deseño: Chris Edwards	Hoover Natasha Bell
Director de Fotografía: Brian Tufano BSC	Mónica Laura MacAulay
Efectos visuais: The film Factory at VTR	Frank Roger Frost
Música: Rupert Gregson-Williams	Jackie Ruth Sheen
Produtor executivo: Kevin Loader	
Vestiario: Joanna Freedman	
Historia baseada na novela de: Chloe Rayban	
Duración: 92 minutos	
Distribución: Columbia TriStar	

O guionista

Nick Fisher xustifica o seu traballo no filme asegurando que non está mal como se trata a adolescencia, porque é constantemente enganada polo mundo do entretemento, ao considerala e tratala como unha audiencia marxinal, por cima da infancia pero por baixo das persoas adultas. Está sendo subestimada e maltratada. Pensa que os filmes para dita poboación deben ser iguais ou mellores que os das/os adultas/os no referente a valores, á produción e á maneira de contar a historia.

Con respecto ao filme, pensa que a poboación a quen vai destinada responderá perante a súa parte sexual e groseira. Os “chistes verdes” e as insinuacións sexuais son cotiás na adolescencia, aínda que nos filmes acostuman retratarse cargados de angustia e sufrimento.

Actividades para o Desenvolvemento persoal e Social

Temos que definir todas as habilidades que mediatizan a Saúde e aparecen enumeradas nos Contidos. Pode realizalo unha persoa experta ou o propio alumnado facer a procura na Internet.

Unha vez coñecemos o significado de cada habilidade, habemos de identificar como se presentaban no filme, e nas personaxes principais: Justine, Jake, Chase, Alex e “La Aspira”. Habemos de responder a qué acontecía en cada escena identificada que nos permita valorar as diferentes habilidades que mediatizan a saúde de cada personaxe. Trátase de describir relatos e condutas.

Seguidamente, o alumnado debe establecer a diferenza entre o que ocorrería e o que debería ocorrer para que o desenvolvemento de ditas habilidades fose o adecuado.

Finalmente deben identificar as diferentes habilidades que mediatizan a saúde nas persoas do seu entorno ou en personaxes famosas, a través do que din e do que realizan; é dicir, da súa conduta. E debater entre o que é e o que debería ser para optimizar o desenvolvemento Persoal e Social.

Bibliografía

- Berkman, L.F. y Breslow, L. Health and Ways of Living. The Alameda County Study (1983). Oxford: University Press.
- Breslow, L. y Enstrom, J. (1980) Persistence of Health Habits and their Relationships to Mortality. *Prev. Med.*, 9: 469-483.
- Carrobbles, J.A. (1990) *Biología y Psicofisiología de la Conducta Sexual*, Madrid: Fundación Universidad-Empresa.
- Cornachia, H.J., Olsen, L.K. y Nickerson, C.J. (1988) *Health in Elementary Schools*. St. Louis: Times Mirror/Mosby College Publishing.
- Delors, J. (1999) *La educación encierra un tesoro*. Madrid: Santillana. Ediciones Unesco, p. 109.
- Dryfoos, J.G. (1990) *Adolescents at Risk*. New York: Oxford University Press.
- Generalitat de Catalunya (1994). *Programa de Educación para la Salud en la escuela*. Barcelona: Generalitat de Catalunya.
- Green, L.W., Kreuter, M., Deed, S. y Partridge, K. (1980) *Health Education Planning: A Diagnostic Approach*. Palo Alto: Mayfield.
- Grémy, F. y Bouckaert, A. (1995) La institución médica, acusada. *Mundo científico*, 15(156): 374-377.
- Harris, P.R. (1981) *Health United States 1980: With Prevention Profile*. Washington, D.C.: Government Printing Office.
- Lalonde, M. (1974) *A new perspective on the Health of Canadians*. Office of the Canadian Minister of National Health and Welfare.
- López, F. y Fuertes, A. (1990) *Para comprender la sexualidad*. Navarra: Editorial Verbo Divino.
- López, F. (1995) *Prevención de los abusos sexuales en menores y educación sexual*. Salamanca: Amarú.
- Masters, W.H., Johnson, V.E. y Kolodny, R.C. (1988) *La sexualidad humana 1. La dimensión biológica*, Barcelona: Grijalbo.
- Mendoza, R., Sagrera, M.R. y Batista, J.M. (1994) *Conductas de los escolares españoles relacionadas con la salud (1986-1990)*, Madrid: C.S.I.C.
- Metcalfe, O., Weare, K., Wijnsma, P., Williams, T., Williams, M. y Young, I. (1995) *Promoción de la Salud de la Juventud Europea. La Educación para la Salud en el ámbito educativo*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia y Ministerio de Sanidad y Consumo.
- Olazábal, J.C., Marcos, C., López, F. y Fuertes, A. (1990) *Manual de Sexualidad en Atención Primaria*. Salamanca: Amarú.
- O.M.S. (1946) *Constitution of the World Health Organization*. Ginebra: WHO.
- O.M.S. (1969) *Informe Técnico N° 432*. Ginebra: WHO.
- O.M.S. (1978) *Primary Health Care*. Ginebra: WHO.
- O.M.S. (1984) *Health promotion: a WHO Discussion Document on the concepts and Principles*. Ginebra: WHO.
- O.M.S. y I.U.H.E. (1991) *Meeting Global Health Challenges. A Position Paper on Health Education*. WHO/IUHE.
- Ordoñana, J.R. y Gutiérrez, J.J. (1991) *Sida y adolescencia*. Murcia: Consejería de Sanidad.
- Polaina, A. (1987) *Educación para la Salud*. Barcelona: Herder.
- Rochon, A. (1992) *Educación para la Salud. Guía práctica para realizar un proyecto*. Barcelona: Masson.
- Roux, G.I. (1994) La prevención de los comportamientos de riesgo y la promoción de estilos de vida saludable en el desarrollo de la salud. *Educación Médica y Salud*, 28(2): 223-233.
- Viley, J.A. y Camacho, T.C. (1980) Life-Style and Future Health: Evidence from the Alameda Study. *Prev. Med.*, 9: 1-21.

ESTUDO PRELIMINAR SOBRE ATITUDES SEXUAIS



Diéguez, J.L.

C.P.I. “Virxe da Saleta”, de S. Cristobo de Cea (Ourense)
Facultade Ciencias da Educación da Universidade de Vigo (Ourense)

López, A.

Facultade Ciencias da Educación da Universidade de Vigo (Ourense)

Sueiro, E.

Facultade Ciencias da Educación da Universidade de Vigo (Ourense)
C.O.F. “Nóvoa Santos” (SERGAS-Ourense)

RESUMO

OBXECTIVOS: Coñecer as atitudes sexuais e as diferenzas en función da idade e o sexo.

MATERIAL E MÉTODO: Estudo descritivo transversal realizado sobre 670 persoas de primeiro e último curso da Universidade de Vigo (Campus Ourense). A toda a poboación foille aplicado un inquérito sobre variábeis indentificativas (idade e sexo) e a Escala de Atitudes de cara á Sexualidade (FISHER, T, 1988b; Adaptación e ampliación: F. López). Os datos analízanse co SPSS/15.

RESULTADOS: A idade media é de 21.38 anos (D.T. = 3.30). O 40.5% ten unha idade superior á media – maiores- e o 59.5% inferior ou igual -menores. O 75% é muller e o 25% é home.

A puntuación media obtida na Escala de Atitudes de cara á Sexualidade é de 82.30 (D.T.= 11.88). Non encontramos diferenzas significativas en función da idade e do sexo ($p > .05$).

CONCLUSIÓNS: Partindo de que a actitude é un dos factores determinantes da conduta, os resultados obtidos nas mesmas debemos telos en conta en calquera Programa de Educación Afectivo-Sexual que queiramos realizar.

Palabras chave: Atitude, sexual, xuventude

ABSTRACT

OBJECTIVES: To know about sexual attitudes and the differences according to age and sex.

MATERIALS AND METHOD: A cross descriptive study on 670 students of the first and last year from Vigo University (Ourense), who answered a survey about identity variables (age and sex) and the Attitudes towards Sexuality Scale (FISHER, T, 1988b; Adapted and updated by F. López). The data were analyzed with the program SPSS/15.

RESULTS: The average age of the student body is 21.38 years old (SD=3.30). 40.5% of the sample exceeds the average age (older), while 59.5% are the average age or younger. 75% are women and 25% men.

The mean score at the Attitudes to Sexuality Scale is 82.30 (SD=11.88). We did not find significant differences according to age and sex ($p < .05$).

CONCLUSIONS: Given that the attitudes are determinant factors of behaviour, this results must be taken into consideration in every Program for Affective-Sexual Education within any educative field.

Key words: Attitude, sexual, young.

Introdución

A atitude foi definida como unha valoración persoal, a favor ou en contra dos obxectos (Eagly e Chaiken, 1993); porén, as atitudes non fican na dimensión valorativa, senón que, tal como afirman López e Fuertes (1999), son unha disposición a comportarnos dunha determinada maneira. Así, se valoramos algunha situación como negativa, o máis probabábel é que intentemos evitala, o contrario ocorrería coa valoración positiva.

Desta maneira, as atitudes son un conxunto de crenzas, sentimentos e tendencias a actuar que teñen compoñentes mentais (prexuízos positivos ou negativos), emocionais (reacción de aceptación ou rexeitamento) e comportamentais (inclinación a actuar dunha ou outra forma). Son predisposicións que non nos deixan indiferentes perante aquilo ao que se refiren.

As actitudes son moi importantes cando se trata de temas, persoas ou condutas que socialmente son polémicos e aféctannos máis cando estamos persoalmente implicados. Iso é o que pasa de maneira moi especial cos temas sexuais, as condutas sexuais, e numerosas persoas polo feito de pertencer a unha minoría (por exemplo, os homosexuais) a un sexo, ter unha idade, etc.

Aínda que as tres compoñentes das atitudes tenden a estar en harmonía, son frecuentes as tensións e até escisións entre elas (López e Fuertes, 1999). As causas poden ser moi diversas: cambios evolutivos ou persoais, cambios histórico-xeracionais, desequilibrios persoais entre o pensar, o sentir e o facer.

A investigación sobre as atitudes sexuais usou dous conceptos fundamentais:

- O de conservadorismo-liberalismo, tomado dos traballos sociopolíticos, centrado nas opinións tradicionais ou progresistas aplicadas aos diferentes aspectos da sexualidade. Desde esta perspectiva fócase fundamentalmente a compoñente mental das atitudes. Neste marco construíronse a maioría dos inquéritos sobre as atitudes cara a sexualidade.
- O de erotofilia-erotofobia, baseado na reacción sexual perante determinadas situacións hipotéticas. Mide máis ben o aspecto emocional e condutual das atitudes. É o concepto elaborado por Fisher et al. (1988a). Estes autores falan da erotofilia -atitude positiva cara os estímulos sexuais- e erotofobia - a atitude negativa- como os extremos dunha atitude referida á forma en que as persoas reaccionan perante os estímulos sexuais, atitude que inflúe nos comportamentos sexuais das persoas, en función do lugar dese continuo onde se encontren situadas.

Na presente investigación, para a avaliación das Atitudes Sexuais vamos movernos no concepto de conservadorismo-liberalismo, tomado dos traballos sociopolíticos, centrado nas opinións tradicionais ou progresistas aplicadas aos diferentes aspectos da sexualidade. Desde esta perspectiva

focalízase fundamentalmente a compoñente mental das actitudes.

En principio cabe esperar que as persoas conservadoras sexan máis erotofóbicas e as liberais máis erotofílicas, mais isto non é sempre así, precisamente porque as compoñentes das actitudes poden ter certa autonomía e até chegar a estar en contradición, aínda que naturalmente non é o habitual.

Neste momento propuxémonos averiguar as Actitudes cara a Sexualidade -tomando como base a Escala de Actitudes cara a Sexualidade (ATSS), de Fisher e Hall (1988b), de 14 ítems, ampliada por López até 28 ítems (28 ítems-ATSS)(Diéguez, López, Sueiro e López, 2005), e que está construída no marco dos conceptos de actitude positiva ou negativa (conservadora ou liberal) cara diferentes aspectos centrais da sexualidade e que se corresponde coa medición das actitudes mediante o Rendemento en tarefas "obxectivas"- de xóvens.

Material e método

Realizamos un estudo descritivo transversal desenvolvido sobre a poboación alvo de 670 estudantes de primeiro e último curso -despois de descartar os inquéritos nos que había algún ítem sen responder fican un total de 659 suxeitos- de todas as titulacións do Campus de Ourense, da Universidade de Vigo, no curso 07-08. A todos foilles aplicado un inquérito estruturado, voluntario e anónimo para coñecer variábeis sociais (idade e sexo) e a Escala de Actitudes cara a Sexualidade (Fisher e Hall, 1988b; Adaptación e ampliación: F. López).

Os datos analízanse co programa SPSS/15, obténdose a estatística:

- Descritiva: Media e Desviación Típica para as variábeis cuantitativas e frecuencias e porcentaxes para as cualitativas.
- Analítica: t de Student para comparar variábeis cuantitativas.

Resultados

A idade media do alumnado é de 21.38 anos (D.T.= 3.30). O 40.5% do mesmo supera ou iguala esa idade e o 59.5% está por debaixo da mesma. O 75.4% é muller (Idade Media = 20.97; D.T.= 2.89) e o 24.6 é home (Idade Media = 22.49; D.T.= 4.02).

Na táboa 1 presentamos as puntuacións obtidas na Escala de Actitudes cara a Sexualidade (Fisher e Hall, 1988b; Adaptación e ampliación: F. López) empregada.

TÁBOA 1. MEDIAS E PORCENTAXES OBTENIDAS NA ESCALA DE ATITUDES CARA A SEXUALIDADE

	COMPLETA- MENTE DE DESACORDO			COMPLETA- MENTE D'ACORDO		
	MEDIA	1	2	3	4	5
1. Os lugares nudistas deberían ser declarados completamente ilegais	1.77	66.7	11.1	11.1	---	11.1
2. O aborto debería ser aceptado cando unha muller está convencida de que é a súa mellor decisión	4.11	---	11.1	22.2	11.1	55.6
3. A toda persoa que vaia ter unha conduta coital, deberíase dar información e consello sobre anticoncepción	4.44	11.1	---	---	11.1	77.8
4. As nais e os pais das/os menores de 18 anos que vaian a un centro de planificación familiar para obter un anticonceptivo, deberían ser informadas/os	4.11	11.1	---	11.1	22.2	55.6
5. O noso goberno debería ser máis duro contra a pornografía (para prever a súa distribución)	2.22	33.3	33.3	22.2	---	11.1
6. A prostitución debería ser legalizada	3.22	22.2	11.1	22.2	11.1	33.3
7. Abrazar e beixar unha persoa doutro sexo forma parte do natural proceso de crecemento das/os xóvens	4.22	---	11.1	11.1	22.2	55.6
8. As caricias que estimulan sexualmente algunha parte do corpo ou todo el, son unha conduta inmoral a menos que sexa coa persoa coa que se está casado/a	1.22	88.9	---	11.1	---	---
9. O coito premarital entre a xente nova é inaceptábel para min	1.89	66.7	11.1	---	11.1	11.1
10. O coito entre persoas xóvens non casadas é aceptábel para min se hai afecto entre elas e se ambas están de acordo	4.11	11.1	11.1	---	11.1	66.7
11. A conduta homosexual é unha forma aceptábel de preferencia sexual	3.55	22.2	11.1	11.1	---	55.6
12. Unha persoa que se contaxia dunha doenza de transmisión sexual ten exactamente o que merece	1.66	66.7	---	33.3	---	---
13. La conduta sexual dunha persoa é cousa súa e ninguén debe facer xuízos de valor sobre ela	4.89	---	---	---	11.1	88.9
14. O coito só debe darse entre persoas que están casadas entre si	1.22	77.8	22.2	---	---	---
15. A educación sexual é necesaria tanto na familia coma na escola	4.89	---	---	---	11.1	88.9
16. Se un/a xoven se masturba pode sufrir malas consecuencias	1.22	77.8	22.2	---	---	---
17. Ter fantasías sexuais é desaconsellábel para as persoas xóvens	1.44	88.9	---	---	---	11.1
18. A educación sexual é perigosa	1.44	88.9	---	---	---	11.1
19. As fantasías sexuais son moi normais entre as persoas xóvens	4.67	---	---	---	33.3	66.7
20. As/os xóvens que se masturban levan a cabo unha conduta natural e normalmente saudábel	4.44	---	11.1	---	22.2	66.7
21. A xuventude non debería en ningún caso ter acceso á pornografía	2.11	55.6	11.1	11.1	11.1	11.1
22. As/os xóvens son, en xeral, moi irresponsábeis	1.89	44.4	33.3	11.1	11.1	---
23. Está ben a liberdade que teñen as persoas xóvens hoxe en día	3.67	11.1	11.1	11.1	33.3	33.3
24. En xeral, teño boa opinión das/os xóvens de hoxe	3.44	11.1	11.1	22.2	33.3	22.2
25. É bo que as/os xóvens poidan acceder con liberdade aos materiais pornográficos	2.44	33.3	22.2	22.2	11.1	11.1
26. A maioría das persoas xóvens son responsábeis	3.44	---	22.2	33.3	22.2	22.2
27. As/os xóvens teñen hoxe demasiada liberdade	3.33	---	22.2	33.3	33.3	11.1
28. A xuventude de hoxe méreceme mala opinión	2.11	44.4	22.2	11.1	22.2	---

Para realizar a corrección global da Escala de Atitudes Sexuais procedimos da seguinte maneira: á suma da puntuación dos ítems directos (aqueles nos que a puntuación de 5 significa o maior grao de erotofilia e 1 indica o maior grao de erotofobia: ítems 2, 3, 6, 7, 10, 11, 13, 15, 19, 20, 23, 24, 25 e 26) réstaselle o sumatorio das puntuacións dos ítems inversos (aqueles nos que a puntuación de 1 significa o maior grao de erotofilia e 5 indica o maior grao de erotofobia: os restantes ítems) e

súmaselle 56, para conseguir que as puntuacións, sempre que non haxa ítems en branco, oscilen entre 0 e 140. A puntuación de 0 indica o maior grao de erotofobia e a de 140, o maior grao de erotofilia.

Como xa sinalamos, retiramos todos os inquéritos que tiñan algún ítem en branco.

Nas Táboas que seguen presentamos as puntuacións medias totais obtidas, na Escala de Atitudes cara a Sexualidade, e en función do sexo.

TÁBOA 2. FRECUENCIA E PORCENTAXE DE PERSOAS E PUNTUACIÓN MEDIA EN ATITUDES, EN FUNCIÓN DE IDADE E SEXO

	PUNTUACIÓN MEDIA	DESVIACIÓN TÍPICA
>= 21.38 ANOS	82.80	11.94
< 21.38 ANOS	82.04	11.59
MULLERES	81.769	11.36
HOMES	83.515	12.86
TOTAIS	82.300	11.88

$T = .799; p = .425$

NON HAI DIFERENZAS SIGNIFICATIVAS ENTRE A XUVENTUDE DE MÁIS E MENOS IDADE

$T = -1.724; p = .085$

NON HAI DIFERENZAS SIGNIFICATIVAS ENTRE AMBOS SEXOS

Conclusións

Na Táboa 1 podemos observar a grande dispersión das puntuacións obtidas pola xuventude universitaria na Escala de Atitudes cara a Sexualidade, aínda que as porcentaxes máis elevadas se concentran nos pólos de maior acordo e de maior desacordo.

Os ítems que concentran nos seus extremos as maiores porcentaxes son ítem 1: "Os lugares nudistas deberían ser declarados completamente ilegais", ítem 2: "O aborto debería ser aceptado cando unha muller está convencida de que é a súa mellor decisión", ítem 3: "A toda persoa que vaia ter unha conduta coital, debería selle dar información e consello sobre anticoncepción", ítem 4: "As nais e os pais das/os menores de 18 anos que vaian a un centro de planificación familiar para obter un anticonceptivo, deberían ser informadas/os", ítem 7: "Abrazar e beixar unha persoa doutro sexo forma parte do natural proceso de crecemento das/os xóvens", ítem 8: "As caricias que estimulan sexualmente algunha parte do corpo ou todo el, son unha conduta inmoral a menos que sexa coa persoa coa que se está casado/a", ítem 9: "O coito premarital entre a xente xoven é inaceptábel para min", ítem 10: "O coito entre persoas xóvens non casadas é aceptábel para min se hai afecto entre elas e se ambas están de acordo", ítem 11: "A conduta homosexual é unha forma aceptábel de preferencia sexual", ítem 12: "Unha persoa que se contaxia dunha doenza de transmisión sexual ten

exactamente o que merece", ítem 13: "A conduta sexual dunha persoa é cousa súa e ninguén debe facer xuízos de valor sobre ela", ítem 14: "O coito só debe darse entre persoas que están casadas entre si", ítem 15: "A educación sexual é necesaria tanto na familia coma na escola", ítem 16: "Se un/a xoven se masturba pode sufrir malas consecuencias", ítem 17: "Ter fantasías sexuais é desaconsellábel para as persoas xóvens", ítem 18: "A educación sexual é perigosa", ítem 19: "As fantasías sexuais son moi normais entre as persoas xóvens", ítem 20: "As/os xóvens que se masturban levan a cabo unha conduta natural e normalmente saudábel" e ítem 21: "A xuventude non debería en ningún caso ter acceso á pornografía".

A maior dispersión nas respostas dadas encontrámonas nos ítems que seguen:

- ítem 5: "O noso goberno debería ser máis duro contra a pornografía (para previr a súa distribución)";
- ítem 6: "A prostitución debería ser legalizada";
- ítem 22: "As/os xóvens son, en xeral, moi irresponsábeis";
- ítem 23: "Está ben a liberdade que teñen as persoas xóvens hoxe en día";
- ítem 24: "En xeral, teño boa opinión das/os xóvens de hoxe";
- ítem 25: "É bo que as/os xóvens poidan acceder con liberdade aos materiais pornográficos";
- ítem 26: "A maioría das persoas xóvens son responsábeis";
- ítem 27: "As/os xóvens teñen hoxe demasiada liberdade" e
- ítem 28: "A xuventude de hoxe méreceme mala opinión"

Analizado doutra maneira, aqueles ítems onde a xuventude universitaria analizada manifesta un maior grao de erotofilia son: 1, 3, 8, 9, 10, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19 e 20.

Aínda que estamos pendentes de completar o estudo, como datos meramente orientativos podemos sinalar que, tal como se observa na Táboa 2, a puntuación media obtida pola mostra de universitarias e universitarios na Escala de Actitudes Sexuais é de 82.3.

Ademais, non encontramos diferenzas significativas no grao de erotofilia-erotofobia en función da idade e do sexo do alumnado universitario. Cando Diéguez et al. (2005) valoraron esta Escala, fai unha década, encontraron que había diferenzas significativas en función da idade –a xuventude de menor idade era máis erotofóbica-, non así en función do sexo, que demostraba xa cambios profundos no rol da muller.

Porén, na investigación, xa mencionada, realizada por Fisher e Hall (1988a), os homes maniféstanse máis liberais que as mulleres.

Os achádegos aquí encontrados tamén contradín os doutros estudos realizados con anterioridade en España, onde son os rapaces quen, significativamente, teñen actitudes sexuais máis positivas que as rapazas (Carpintero e Fuertes, 1994), até cando a mostra do estudo tamén foi universitaria (Sueiro et al., 1998). Isto pode ser debido ao instrumento de medida empregado que, no presente traballo, non fai especial fincapé naqueles aspectos sexuais que resultan máis significativos para o home (material erótico, fantasías sexuais), no modelo masculino de sexualidade.

Segundo Fisher et al. (1988a), a disposición a responder perante os estímulos sexuais nun continuo positivo-negativo, é aprendida e desenvolta a partir dos diferentes procesos de socialización -influencia familiar, escolar, das-os iguais, da publicidade, do medio socio-cultural,... Ademais, sinalan que a erotofilia, ou atitud positiva cara os estímulos sexuais, se relaciona con máis experiencias sexuais e maior número de parellas, coa aprendizaxe de información sexual e a posibilidade de uso de anticoncepción, ademais de cunha maior satisfacción sexual (Smith et al., 1993).


Tendo en conta os resultados obtidos nesta primeira aproximación que fixemos ás atitudes sexuais da poboación universitaria, a través da Escala de Atitudes cara a Sexualidade, vemos como non hai diferenzas entre ambos sexos, con respecto ao que nos sinalaban estudos anteriores e isto debemos atribuílo ao instrumento de medida empregado e á evolución que experimentou a sociedade –sobre todo, as mulleres- nos últimos anos. Esperamos realizar a análise completa dos resultados, onde se incluírán a totalidade dos suxeitos, para poder ofrecer uns datos máis concluíntes ao respecto.

Ademais, debemos engadir que como a atitude é un dos factores determinantes da conduta, os resultados obtidos nas mesmas habemos de telos en conta en calquera Programa de Educación Afectivo-Sexual que queiramos realizar, desde calquera ámbito educativo e a calquera idade.

Bibliografía

- Carpintero, E. y Fuertes, A. (1994) Validación de la versión castellana del "Sexual Opinion Survey" (SOS). *C Med Psicosom*, 31: 52-62.
- Diéguez, J.L., López, A., Sueiro, E. y López, F. (2005) Propiedades psicométricas de la Escala de Actitudes hacia la Sexualidad (ATSS) ampliada. *Cuadernos de Medicina Psicosomática y Psiquiatría de Enlace*. 74: 46-56.
- Eagly, A.H. y Chaiken, S. (1993) *The psychology of attitudes*. San Diego: Harcourt Brace Janovich.
- Fisher, W.A., Byrne, D. y White, L.A. (1988a) Erotophobia-Erotophilia as a dimension of personality. *Journal of Sex Research*, 25:123-151.
- Fisher, T.D. y Hall, R.G. (1988b) A Scale for the Comparison of the Sexual Attitudes of Adolescents and their Parents. *The Journal of Sex Research*, 24: 90-100.
- López, F. y Fuertes, A. (1999) *Para comprender la sexualidad*. Navarra: EVD.
- Smith, Becker, Byrne y Pryzbyla (1993) Sexual attitudes of males and females as predictors of interpersonal attraction and marital compatibility. *Journal of Applied Social Psychology*. 23: 1011-1034.
- Sueiro, E., Diéguez, J.L. y González, A. (1998) Actitudes sexuales de jóvenes universitarias-os y su relación con variables de conocimientos y comportamientos sexuales. *C Med Psicosom*. 45/46: 48-56.

EVOLUCIÓN DOS PRIMEIROS ESCENARIOS SEXUAIS. ESTUDO PILOTO



Diéguez, J.L. y López, A.

Facultad de Ciencias de la Educación. Campus Universitario de Ourense

Sueiro, E.

Facultad de Ciencias de la Educación. Campus Universitario de Ourense
Centro de Orientación Familiar “Nóvoa Santos” (SERGAS-Ourense)

RESUMO

OBXECTIVOS: Coñecer as variábeis que acompañan á primeira relación coital e cambios experimentados nos últimos anos.

MATERIAL E MÉTODO: Estudo descritivo transversal sobre toda a poboación de estudantes, de primeiro e último curso da Universidade de Vigo (Ourense), de todas as titulacións, do curso 97-98 (1333) e 07-08 (676), a quen se lle aplica un inquérito estruturado para coñecer variábeis de identificación e relacionadas co seu primeiro coito. Os datos analízanse mediante o SPSS/15.

RESULTADOS: A idade media do alumnado do curso 97-98 é 21.04 anos (D.T.: 2.99) e a do 07-08 é de 21.44 anos (D.T.: 3.32). O 70.2% e o 70.6% do primeiro e último, respectivamente, é muller. Hai diferenzas significativas ($p < .05$), entre o alumnado do curso 97-98 e 07-08, na porcentaxe de persoas que realizou diferentes prácticas sexuais, así como na súa idade de comezo, ademais de achalas en diferentes variábeis relacionadas co primeiro coito.

CONCLUSIÓNS: Estes resultados obrigan a realizar intervencións encamiñadas a previr/reducir ditos riscos.

Palabras chave: Coito, primeira vez, adolescencia

ABSTRACT

OBJECTIVES: To know about the variables in the first coital intercourse and how these have changed in recent years.

MATERIALS AND METHOD: A cross descriptive study on students of the first and last year of all degrees from Vigo University (Ourense), in 97-98 (1333) and 07-08 (676). They all answered a structured survey designed to check identity variables related to their first coitus. The data were analyzed with the SPSS/15.

RESULTS: The average age of the student body in 1997-1998 is 21.04 years old ($SD=2.99$), in 2007-2004 21.44 ($SD=3.32$). 70.2% and 70.6% of the first and last year, respectively, are women. We found significant differences ($p < .05$) between the student in 97-98 and 07-08 in the percentage of people with different sexual practices, the age of beginning, and several variables related to the 1th coitus.

CONCLUSIONS: These results make it necessary to design interventions seeking for the prevention and reduction of the risks associated with the sexual practices before such behaviours take place and/or once they have taken place.

Key words: Coitus, first time, adolescence.

Introdución

Xa sabemos que a saúde depende dos estilos de vida dunha persoa, entendendo estes como os patróns de conduta que caracterizan a maneira xeral de vivir dun individuo ou grupo (Mendoza et al., 1994). Así pois, queda clara a relación entre conduta e saúde: os trastornos que afectan gravemente á saúde relaciónanse cun estilo de vida, polos seus déficits ou excesos comportamentais, pouco saudábel.

Pero, por que resulta tan difícil comportarse de maneira saudábel? Tal como sinala Bayés (1985), algúns teñen que ver co factor tempo, que podemos referilo a que os comportamentos non saudábeis proporcionan unha satisfacción inmediata e os seus efectos prexudiciais pode que nunca ocorran e a diferenza de tempo que media entre o comportamento insán e as consecuencias negativas que deles puidera derivarse. Tamén temos que ter en conta, neste caso, que os estímulos antecedentes e que acompañan aos comportamentos non saudábeis teñen un carácter gratificante (a emoción do risco, a valoración positiva das relacións espontáneas,...).

Se este é así a nivel xeral, a situación agrávase cando estamos falando de comportamentos que ocorren por primeira vez -debido á falta de coñecementos, de comunicación adecuada, de experiencia previa,...- e de comportamentos que realiza a poboación adolescente-xóven, coas súas características propias - síntese pouco preocupada pola saúde, presenta pouco interese polas informacións negativas e ameazantes, crese invulnerábel perante calquera tipo de vivencia negativa, valora positivamente o risco, manifesta un excesivo optimismo na súa capacidade de controlar a realidade,...

Tendo isto en consideración, o obxectivo deste traballo consiste en coñecer as variábeis que acompañan á primeira relación coital e os cambios experimentados nas mesmas despois de 10 anos.

Material e método

Estudo descritivo transversal sobre toda a poboación de estudantes, de primeiro e último curso -terceiro e quinto- de todas as titulacións, do Campus de Ourense, da Universidade de Vigo, dos cursos 97-98 (1333) e 07-08 (676). A toda se aplica un inquérito estruturado para coñecer variábeis de identificación (idade e sexo) e relacionadas co seu primeiro coito. Os datos analízanse mediante o programa SPSS/15.

Resultados

A idade media do alumnado do curso 97-98 é 21.04 anos (D.T.: 2.99) e a do 07-08 é de 21.44 anos (D.T.: 3.32). O 70.2% e o 70.6% do primeiro e último, respectivamente, é muller e o 28.9% e o 29.4%, respectivamente, é home.

Nas Táboas que seguen presentamos os resultados obtidos.

TÁBOA 1. PRÁTICAS SEXUAIS QUE REALIZARON

	CURSO 97-98	CURSO 07-08	X ²	p
	FRECUENCIA %	FRECUENCIA %		
CITA	967 76.1	565 88.1	38.594	.000
BEIXO	1012 79.7	583 90.2	34.254	.000
BEIXO PROFUNDO	1052 82.4	575 89.1	14.847	.000
ESTIMULACIÓN SEOS SOBRE ROUPA	875 69.0	519 80.8	30.276	.000
ESTIMULACIÓN SEOS BAIXO ROUPA	874 68.9	523 81.5	34.373	.000
ESTIMULACIÓN XENITAL ACTIVA	722 56.8	492 77.0	75.158	.000
ESTIMULACIÓN XENITAL PASIVA	678 53.6	465 72.5	63.897	.000
CONTATO INTERXENITAL	638 50.4	464 72.6	85.659	.000
COITO VAXINAL/ANAL (1 PARELLA)	595 46.8	498 77.6	164.754	.000
COITO VAXINAL/ANAL (+1 PARELLA)	66 5.2	94 14.9	50.799	.000

TÁBOA 2. IDADE MEDIA DE INICIO DAS DIFERENTES PRÁTICAS SEXUAIS

	CURSO 97-98	CURSO 07-08	T	P
	MEDIA D.T.	MEDIA D.T.		
CITA	14.62 2.11	14.14 2.29	4.067	.000
BEIXO	14.77 2.25	13.89 2.51	7.177	.000
BEIXO PROFUNDO	15.44 2.08	15.54 2.19	8.012	.000
ESTIMULACIÓN SEOS SOBRE ROUPA	16.39 2.04	15.61 2.12	6.780	.000
ESTIMULACIÓN SEOS BAIXO ROUPA	16.78 2.10	16.09 2.04	5.953	.000
ESTIMULACIÓN XENITAL ACTIVA	17.58 2.10	16.63 2.07	7.671	.000
ESTIMULACIÓN XENITAL PASIVA	17.62 2.08	16.62 2.06	7.909	.000
CONTACTO INTERXENITAL	18.03 2.08	17.03 1.88	8.275	.000
COITO VAXINAL/ANAL (1 PARELLA)	18.43 1.97	17.48 2.25	7.233	.000
COITO VAXINAL/ANAL (+1 PARELLA)	18.43 2.17	18.15 3.08	.618	.538

A partir de aquí os datos fan referencia só a quen tivo coito.

TÁBOA 3. PERSOAS CON QUEN OCORRE O PRIMEIRO COITO

	CURSO 97-98	CURSO 07-08
	FRECUENCIA %	FRECUENCIA %
DO MEU MESMO SEXO	74 12.4	38 7.6
DE DIFERENTE SEXO	515 86.6	456 91.9
CON AMBAS	1 0.2	2 0.4
NON SABE/NON CONTESTA	5 0.8	2 0.4

$$X^2 = 7.409; p = .025$$

TÁBOA 4. TIPO DE PERSOA CON QUEN OCORRE A PRIMEIRA RELACIÓN COITAL

	CURSO 97-98		CURSO 07-08	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
PROSTITUTA/O	14	2.4	3	0.6
AMIGA/O	93	15.6	94	18.9
NOIVA/O	461	77.5	370	74.3
ESPOSA/O	6	1.0	---	----
OUTRAS PERSOAS	13	2.2	25	5.0
NON SABEN/NON CONTESTAN	8	1.3	1	0.2

$$X^2 = 19.846; p = .001$$

TÁBOA 5. O PRIMEIRO COITO TÍVOO CON ALGUÉN A QUEN COÑECÍA DESDE FACÍA...

	CURSO 97-98		CURSO 07-08	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
MENOS DUN DÍA	32	5.4	16	3.2
UN OU DOUS DÍAS	7	1.2	11	2.2
MÁIS DE DOUS DÍAS E MENOS DUN MES	29	4.9	43	8.6
MÁIS DUN MES E MENOS DUN ANO	253	42.5	223	44.8
UN ANO OU MÁIS	268	45.0	199	40.0
NON SABEN/NON CONTESTAN	6	1.0	6	1.2

$$X^2 = 12.426; p = .014$$

TÁBOA 6. LUGAR NO QUE OCORRE A PRIMEIRA RELACIÓN SEXUAL COITAL

	CURSO 97-98		CURSO 07-08	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
NO COCHE	112	18.8	99	19.9
CASA EMPRESTADA	96	16.1	95	19.1
CASA PROPIA	233	39.2	192	38.6
HOTEL/MOTEL/PENSIÓN	68	11.4	26	5.2
ESPAZO PÚBLICO	47	7.9	49	9.8
OUTRO ¿CAL?	32	5.4	33	6.6
NON SABEN/NON CONTESTAN	7	1.2	4	0.8

$$X^2 = 16.722; p = .010$$

TÁBOA 7. MOTIVO POLO QUE TIVERON O PRIMEIRO COITO

	CURSO 97-98	CURSO 07-08	X ²	P
	FRECUENCIA %	FRECUENCIA %		
ESTAR NAMORADA/O	315 52.9	237 47.6	4.539	.113
SENTIR DESEXO	349 58.7	278 55.8	2.096	.351
TER CURIOSIDADE	133 22.4	99 19.9	2.216	.330
TEMOR A PERDER A PARELLA	11 1.8	6 1.2	1.932	.381
PRESIÓN DA MIÑA PARELLA	22 3.7	10 2.0	3.942	.139
PRESIÓN DAS/OS IGUAIS	5 0.8	3 0.6	1.405	.495
TER UN/A FILLO/A	2 0.3	1 0.2	3.760	.153

TÁBOA 8. SATISFACIÓN NESA PRIMEIRA RELACIÓN SEXUAL COITAL

	CURSO 97-98	CURSO 07-08
	FRECUENCIA %	FRECUENCIA %
SATISFACIÓN	286 48.1	286 57.4
INDIFERENZA	49 8.2	50 10.0
INSATISFACIÓN	65 10.9	71 14.3
MALESTAR	43 7.2	21 4.2
PREOCUPACIÓN	91 15.3	40 8.0
OUTRO SENTIMENTO	43 7.2	21 4.2
NON SABE/NON CONTESTA	18 3.0	9 1.8

X² = 28.182; p = .000

TÁBOA 9. NA PRIMEIRA RELACIÓN SEXUAL COITAL SENTÍN ORGASMO

	CURSO 97-98	CURSO 07-08
	FRECUENCIA %	FRECUENCIA %
SI	303 50.9	220 44.2
NON	277 46.6	269 54.0
NON SABE/NON CONTESTA	15 2.5	9 1.8

X² = 6.767; p = .034

TÁBOA 10. FRECUENCIA DE COITOS DURANTE O PRIMEIRO ANO

	CURSO 97-98	CURSO 07-08
	FRECUENCIA %	FRECUENCIA %
SÓ O REALICEI A PRIMEIRA VEZ	61 10.3	37 7.4
MENOS DUNHA VEZ AO MES	112 18.8	92 18.5
DUNHA A TRES VECES AO MES	223 37.5	174 34.9
DUNHA A TRES VECES Á SEMANA	143 24.0	143 28.7
DE CATRO A SEIS VECES Á SEMANA	29 4.9	33 6.6
SETE OU MÁIS VECES Á SEMANA	17 2.9	15 3.0
NON SABEN/NON CONTESTAN	10 1.7	4 0.8

$$X^2 = 6.642; p = .249$$

TÁBOA 11. NÚMERO DE PARELLAS SEXUAIS DURANTE O PRIMEIRO ANO

	CURSO 97-98	CURSO 07-08
	FRECUENCIA %	FRECUENCIA %
UNHA	435 73.1	333 66.9
DÚAS	76 12.8	104 20.9
TRES	40 6.7	27 5.4
CATRO-CINCO	11 1.8	9 1.8
SEIS OU MÁIS PARELLAS	17 2.9	9 1.8
NON SABEN/NON CONTESTAN	16 2.7	16 3.2

$$X^2 = 15.535; p = .008$$

TÁBOA 12. CONSUMO DE ALCOL ANTES OU DURANTE O PRIMEIRO COITO

	CURSO 97-98	CURSO 07-08
	FRECUENCIA %	FRECUENCIA %
SI	111 18.7	128 25.7
NON	472 79.3	365 73.3
NON SABE/NON CONTESTA	12 2.0	5 1.0

$$X^2 = 9.769; p = .021$$

TÁBOA 13. PERSOAS QUE USARON PROTECCIÓN NO PRIMEIRO COITO

	CURSO 97-98	CURSO 07-08
	FRECUENCIA %	FRECUENCIA %
	499 83.9	450 90.4
	85 14.3	34 6.8
	11 1.8	14 2.8

$$X^2 = 19.950; p = .000$$

TÁBOA 14. PROTECCIÓN EMPREGADA NO PRIMEIRO COITO

	CURSO 97-98		CURSO 07-08	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
NATURAL	3	0.6	4	0.9
COITO INTERROMPIDO	19	3.8	2	0.4
PRESERVATIVO	442	88.6	425	94.4
ESPERMICIDA	0	----	0	----
ESPONXA	0	----	0	----
DIAFRAGMA	0	----	0	----
D.I.U.	0	----	0	----
HORMONAI	17	3.4	9	2.0
MÁIS DE DOUS	18	3.6	9	2.0

$$X^2 = 41.177; p = .000$$

TÁBOA 15. PERSOA QUE PROPÓN A PROTECCIÓN

	CURSO 97-98		CURSO 07-08	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
EU MESMA	288	57.7	263	58.4
A MIÑA PARELLA	109	21.8	129	28.7
OUTRA PERSOA	7	1.4	7	1.6
AMBAS	91	18.2	47	10.4
NON SABE/NON CONTESTA	4	0.8	4	0.8

$$X^2 = 16.543; p = .002$$

TÁBOA 16. EXISTENCIA DE PROBLEMAS COA ANTICONCEPCIÓN NO PRIMEIRO COITO

	CURSO 97-98		CURSO 07-08	
	FRECUENCIA	%	FRECUENCIA	%
SI	36	7.2	28	6.2
NON	457	91.6	416	92.4
NON SABE/NON CONTESTA	6	1.2	6	1.4

$$X^2 = 4.589; p = .204$$

Conclusións

A idade media da poboación do curso 97-98 analizada é de 21 anos, sendo lixeiramente maior a do curso 07-08.

Encontramos diferenzas significativas ($p < .05$), entre o alumnado do curso 97-98 e o do curso 07-08, na porcentaxe de persoas que realizou diferentes prácticas sexuais, así como na súa idade

de comezo. A porcentaxe de suxeitos que realiza as diferentes condutas é maior para quen realiza estudos no curso 07-08, así como é menor, na maioría -excepto no beixo profundo-, a súa idade de comezo. Tamén achamos diferenzas significativas en diferentes variábeis relacionadas co primeiro coito: sexo da parella, tipo de vinculación coa mesma, tempo de coñecemento, lugar no que ocorre, grao de satisfacción, parellas sexuais no primeiro ano, existencia de orgasmo, consumo etílico, uso e tipo de anticoncepción e quen decide o seu uso.

Se nos centramos no coito observamos que máis do 75% iniciounos a unha idade media de 17.48 anos –transcorrendo tres anos desde a Cita-, producíndose un cambio significativo con respecto a hai 10 anos en que non chega ao 50% quen o comezara aos 18.43 anos –transcorrendo case catro anos desde a Cita. Se comparamos estes resultados con outros obtendo na nosa comunidade (Varela e Paz, 2007) observamos que se reduce a idade do primeiro coito. Un estudo realizado con adolescentes entre 15 e 18 anos sinala que o 28.3% xa tiveron o seu primeiro coito, a unha idade media de 15.8 anos (Robledo et al., 2006)

Podemos dicir, con respecto a estudos anteriores realizados no noso país e en América, que aumentaron a porcentaxe de suxeitos que iniciaron os seus coitos (López et al., 1990; García et al., 1995; Lévy et al., 1995; Sueiro et al., 1996; Kann et al., 1996; Moscoso et al., 1997).

A maior parte do alumnado tivo o seu primeiro coito cunha persoa de diferente sexo -menos relacións homosexuais o alumnado do curso 07-08-, ocorrendo para máis das tres cuartas partes coa súa noiva ou noivo, igual que acontece nos estudos realizados por López et al. (1990) e García et al. (1995), xa mencionados. Cada vez teñen menos relacións con prostitutas.

Cada vez coñecen á súa parella durante menos tempo previo ao coito e empregan máis a casa prestada e menos o hotel/pensión. Ademais, o número de parellas sexuais é cada vez maior, así como o consumo etílico asociado ao primeiro coito.

O grao de satisfacción –relacionado coa atitude máis positiva cara a sexualidade (Smith et al., 1993) aumenta co paso do tempo, non ocorrendo o mesmo co pracer experimentado nesa primeira relación.

As medidas de protección no primeiro coito aumentan significativamente co paso dos anos, así como o uso do preservativo, coincidindo co achado por Dubois et al. (1997). Segundo a investigación de Moreno et al. (2008), con suxeitos de 15 a 18 anos, o 87.5% empregaron o preservativo no primeiro coito. Vroome et al. (1994) e Poppen (1994) sinalan que acostuma darse un aumento progresivo no uso das medidas preventivas.

Son estes resultados os que nos obrigan a quen traballamos con este grupo de poboación, tanto desde os ámbitos sociosanitarios, como educativos, a realizar intervencións cuxo obxectivo sexa o de previr/reducir os riscos asociados ás primeiras relacións coitais, tendo en conta os cambios evolutivos acontecidos.

Bibliografía

- Dubois, F., Jeannin, A., Konings, E. & Paccaud, F. (1997). Increased condom use without other major changes in sexual behavior among the general population in Switzerland. *A J. Public Health*, 87 (4), 558-566.
- García, J.L., Avis, M., Cobos, F., Biurrun, A.C., Eslava, J.L., Rodrigo, C., Padilla, B. y Tinajas, M.R. (1995). Conductas sexuales de riesgo en universitarios/as: Un estudio en la Universidad Pública de Navarra. *C. Med. Psicosom.*, 36: 48-60.
- Kann, L., Warren, C.W., Harris, W.A., Collins, J.L., Williams, B.I., Ross, J.G. & Kolbe, L.J. (1996). Youth Risk Behavior Surveillance. United States, 1995. *MMWR CDC Surveill Summ.*, 45 (4), 1-84.
- Lévy, J.J., Pérez, E. y Frigault, L.R. (1995) Los escenarios sexuales de los adolescentes de Oaxaca (México). *C. Med. Psicosom.*, 36: 40-47.
- López, F., García, J.J., Alonso, A., Forcadell, J., Domínguez, C., Montero, M.A., Martínez, P. y Cabrero, M.A. (1990). La sexualidad de los universitarios: Un estudio comparativo (1977-1987). *Revista de Sexología*, 42: 1-20.
- Mendoza, R., Sagrera, M.R. y Batista, J.M. (1994) *Conductas de los escolares españoles relacionadas con la salud (1986-1990)*. Madrid: C.S.I.C.
- Moreno, C., Pérez, P., Sánchez-Queija, I., Granado, M.C., Ramos, P. y Rivera, F. (2008). Desarrollo adolescente y Salud. *Resultados del Estudio sobre conductas escolares relacionadas con la salud (HBSC) – 2006 con chicos y chicas gallegos de 11 a 17 años (Tomo 4: Consumo de Sustancias y Salud Sexual)*. Madrid: Ministerio de Sanidad y Consumo.
- Moscoso, M.R., Rodríguez, L., Parrilla, I., Robles, R. & Colon, H. (1997). HIV/AIDS risk factors among adolescent students in Puerto Rico, 1994. *Bol Asoc Med.*, 89 (7-9): 140-145.
- Poppen, P.J. (1994). Adolescent contraceptive use and communication: changes over decade. *Adolescence*, 29 (115): 503-514.
- Robledo, A., López, A., Jaén, S. de, Sánchez, R., Río, L. del y Barrera, E. (2007). Conocimientos y comportamientos sexuales de los adolescentes escolarizados de Parla. *Sexología Integral*, 4 (2): 73-79.
- Smith, Becker, Byrne y Pryzbyla (1993). Sexual attitudes of males and females as predictors of interpersonal attraction and marital compatibility. *Journal of Applied Social Psychology*, 23: 1011-1034.
- Sueiro, E., Gayoso, P. y Lazo, L. (1996) Conductas sexuales de jóvenes latinoamericanas/os. *C. Med. Psicosom.*, 1996, 39: 15-22.
- Varela, M. y Paz, J. (2007). Resultados de una encuesta sobre educación sexual y hábitos sexuales de los gallegos. *Sexología Integral*, 4 (3): 127-128.
- Vroome, E.M. de, Paalman, M.E., Dingelstad, A.A., Kolker, L. & Sandfort, T.G. (1994). Increase in safe sex among the young and non-monogamous: knowledge, attitudes and behavior regarding safe sex and condom use in The Netherlands froms 1987 to 1993. *Patient Educ. Couns.*, 24 (3): 279-288.

ABORDAXE E PRÁTICA CLÍNICA DO TDAH NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE: CRENZAS E PRINCIPAIS ACTUACIÓNS DOS PEDIATRAS DE ATENCIÓN PRIMARIA



Laura Montero Castro

Psicóloga Clínica. Unidad de Salud Mental de la Zona Básica de
Salud de Tuineje-Pájara y Península de Jandía.
Servicio Salud Mental de Fuerteventura

Isabel Figueroa Matallín

Residente de Psicología Clínica. Complejo Hospitalario de Ourense

RESUMO

Dada a controversia existente na actualidade sobre o TDAH, tanto no referente ao seu diagnóstico como ao tratamento, este estudo pretende facer un achegamento á abordaxe actual do transtorno, desde a Atención Sanitaria Primaria en Galiza. Pretendemos extraer información exploratoria sobre principais actuacións e práctica clínica, así como algunhas ideas, atitudes e dificultades que perciben os profesionais encargados da asistencia en primeira liña, da saúde infantil, na nosa comunidade. A través dun inquérito a unha mostra de pediatras de atención primaria trataremos de obter datos que permitan reflexionar sobre aspectos que repercutan na mellora da atención ao TDAH.

Palabras chave: TDAH, Galiza, pediatría, diagnóstico, tratamento.

ABSTRACT

Given the controversy that exists in the current ADHD, both in relating to their diagnosis and in their treatment, this study aims to make about the current practice to the disorder from the Primary Health in Galiza.

Key words: ADHD, Galiza, Pediatricians, diagnosis, treatment.

Introdución

Nos últimos tempos, o transtorno por déficit de atención con hiperactividade (TDAH), converteuse no obxecto de numerosas investigacións, tal vez por ser o principal diagnóstico nas unidades de saúde mental infanto-xuvenil na actualidade(30-50% dos nenos derivados)(Morán et al.,2006; Escobar et al., 2004).

O transtorno por déficit de atención con hiperactividade (TDAH), ao longo da súa historia non deixou de estar suxeito a numerosas controversias, desde aqueles que cuestionan o TDAH como transtorno, que sospeitan da promoción interesada da industria farmacéutica, a aqueles que defenden o transtorno como diagnóstico válido que require atención e tratamento (Peña et al., 2003).

A complexidade do cadro, a causa da heteroxeneidade nas súas manifestacións clínicas e da etioloxía variábel e imprecisa, ademais da definición do transtorno só sobre bases condutuais que se manifestan ao longo dun continuo en toda a poboación e sen un marcador biolóxico específico, alimentan a controversia (Levy et al., 1997).

A falta de consenso nos instrumentos e exploracións no proceso diagnóstico, así como as múltiples variacións nas clasificacións clínicas, contribúen á preocupación dalgúns profesionais de que se infradiagnostique o transtorno, coas conseguíntes consecuencias negativas para o menor e a súa familia, ao non beneficiarse dos tratamentos indicados.

Outros profesionais, porén, preocúpanse ante o elevado número de casos diagnosticados como falsos positivos e do uso abusivo de medicación e estigma para o menor.

Na actualidade os estudos epidemiolóxicos continúan mostrando de forma consistente unha variación xeográfica e demográfica, facendo estimacións de prevalencia moi variábeis en función da idade, sexo, nivel sociocultural e subtipos, encontrándose variacións que van desde o 1-2% até o 20% dalgúns estudos (Cardo et al., 2005. Brown et al., 2001. Barbaresi et al., 2002. Barbaresi et al., 2004. Taylor et al., 1991. Narbona, 2001. Connor, 2002).

Por outra parte, preocupa o aumento exponencial na prescrición de metilfenidato nos últimos anos como fármaco principal para o tratamento do TDAH, con aumentos que non se corresponden coas taxas de prevalencia estimadas (Safer et al., 1996. Rappley et al., 1995. Wolraich et al.1990, Foy et al., 2005).

Na nosa comunidade (Galiza), faise unha estimación da prevalencia do TDAH do 3%, por baixo do 5% estimado a nivel estatal. Pero na actualidade non hai moitos datos de investigación sobre o transtorno, referidos á nosa poboación específica.

Obxectivos

No caso concreto deste estudo propómonos facer unha aproximación á abordaxe clínica que se fai dos nenos/as con características compatíbeis co TDAH na nosa comunidade, facendo unha primeira achega ao nivel de atención sanitaria primaria a través dos equipos de pediatría, profesionais fundamentais na detección e atención aos problemas de saúde infantil e responsábeis da primeira liña de atención aos nenos con posíbel TDAH.

A través dun inquérito interésanos coñecer a práctica clínica habitual dos pediatras cando reciben un neno/a con sintomatoloxía característica do TDAH, e como se desenvolve

o proceso desde a detección, derivación, avaliación, diagnóstico e seguimento/tratamento. Interésanos coñecer se a práctica dos pediatras é homoxénea na nosa comunidade así como o axuste nos procesos de avaliación, diagnóstico e tratamento ás recomendacións baseadas en probas que se dispoñen na actualidade.

Por outra parte, trataremos de detectar as principais actitudes cara o transtorno, así como as principais dificultades e barreiras para a toma a cargo desta patoloxía nas consultas de pediatría no día a día.

Método

Estudo exploratorio a través dun inquérito elaborado por nós, a unha mostra representativa e aleatorizada extraída do total de pediatras que desempeñan a súa función asistencial na rede de Atención Primaria no Servizo Galego de Saúde.

Resultados

Esperamos obter datos que permitan facer unha primeira aproximación ás principais actitudes dos pediatras respecto ao TDAH, así como obter información sobre a abordaxe e práctica clínica habitual nas consultas no día a día, referida a detección, derivación, avaliación, diagnóstico, seguimento e tratamento.

Resultados Preliminares

A continuación expóñense algúns dos resultados preliminares obtidos até o momento, dos inquéritos recibidos de 35 pediatras da mostra total seleccionada, sobre detección, derivación, diagnóstico e tratamento. Así como principais dificultades e crenzas sobre o transtorno referidas.

Detección

O 26,5% dos pediatras que responderon ao cuestionario consideran que a detección do TDAH debe facerse desde Atención Primaria. Mentres un 23,5% considera que a detección debe vir de atención especializada, e concretamente desde as Unidades de Saúde Mental Infanto Xuvenil.

Un 11,16% considera o papel esencial dos dous niveis de atención da saúde, de maneira coordinada.

Tan só un 5,7% dá un papel prioritario á escola.

O resto atribúen un papel esencial aos tres niveis de atención.

Derivación

Un 48,5 % dos pediatras deriva aos nenos con síntomas compatíbeis co TDAH á atención especializada, para confirmar o diagnóstico. Mentres un 27,3% fai o diagnóstico en atención primaria e deriva a atención especializada para o seguimento e tratamento. 23,2% realizan o diagnóstico e tratamento desde atención primaria, recorrendo á atención especializada en casos concretos nos que existe comorbilidade con outros trastornos ou ben para asesoramento en cuestión relativas ao propio TDAH.

O que prima á hora de facer a derivación á atención especializada para que faga o diagnóstico é, fundamentalmente, as queixas escolares, seguidas pola observación de sintomatoloxía compatíbel co trastorno en consulta, e a propia queixa e petición dos pais.

Diagnóstico

No caso dos pediatras que fan o diagnóstico do TDAH, refíren utilizar unha combinación de información escolar, entrevista cos pais así como a recollida de información de pais a través de escalas.

Só un 9% fai unha entrevista e observación do neno en consulta.

Ademais só un 3% refire utilizar probas médicas para o diagnóstico diferencial.

As escalas máis empregadas polos pediatras de primaria para axudarse na realización do diagnóstico son, por orde de maior frecuencia: SNAP-IV e Conners para pais e profesores.

Por outra parte, e referido ao diagnóstico, un 45,7% dos inquiridos considera que o TDAH está infradiagnosticado, e que polo tanto non se detectan todos os afectados. Pola contra, o 22,9% considera que se diagnostica con TDAH a nenos que deberían recibir outros diagnósticos (falsos positivos).

Un 28,5 consideran que hai casos que non se detectan e ao mesmo tempo, casos que se diagnostican mal.

Só un 2,9% atribúe a sintomatoloxía compatíbel con TDAH a aspectos relacionados coa educación e falta de límites.

Tratamento

Respecto ao tratamento un 60% dos pediatras consideran que a intervención de primeira liña no TDAH é o tratamento farmacolóxico. Un 5,7% priorizan o tratamento psicolóxico co neno. E outro 5,7% a intervención de tipo educativo a nivel familiar. Finalmente, 28,6 consideran fundamental o tratamento combinado (farmacoloxico, educativo-familiar e psicolóxico co menor).

Nas consultas, no caso de asumir o tratamento do TDAH, un 77,1% dos pediatras, prescriben tratamento farmacolóxico para a abordaxe do transtorno. Ademais un 45,7% refire complementalo con información psicoeducativa (folletos...).

Dificultades principais detectadas

Dos pediatras que consideran que a detección e asistencia do TDAH debe ser feita por pediatria, un 45,44% considera que as principais barreiras para asumir a atención ao TDAH en Atención Primaria é a falta de tempo nas consultas, debido á carga asistencial. Un 27,25%

considera que a falta de coordinación cos equipos de saúde mental é unha dificultade fundamental. Por outra parte un 25,8% cree que teñen carencias de formación específica para a detección e tratamento.

Crenzas sobre o TDAH

O 61,8% dos pediatras considera que o número de nenos con sintomatoloxía compatíbel con TDAH que asisten á consulta de pediatria aumentou nos últimos anos, considerando que o motivo principal é o maior coñecemento do transtorno.

Outros dos motivos referidos nas enquisas son: o maior coñecemento e difusión social e profesional desta patoloxía, modelos familiares do contexto social actual que promoven a sintomatoloxía compatíbel co transtorno (ritmo de vida, falta de límites, sobreexigencia familiar...) e unha maior derivación desde a propia escola (5,7%).

Fronte a estes, o 20,6% non cre que o número de nenos que asisten á consulta con sintomatoloxía compatíbel co transtorno aumentara.

Conclusiones

Os datos preliminares referidos non son concluíntes á espera de recibir e analizar os datos da mostra total de pediatras seleccionados.

Dos datos que se obteñan tras completar e recibir o total de inquéritos da mostra pretendemos extraer información exploratoria sobre principais actuacións e práctica clínica dos pediatras na nosa comunidade, así como algunhas ideas, actitudes e dificultades que perciben os profesionais encargados da asistencia en primeira liña, da saúde infantil e polo tanto da saúde mental e do TDAH en concreto, na nosa comunidade.

A partir deste estudo pretendemos obter información que permita obter material para futuros estudos máis detallados sobre a nosa poboación concreta e sobre as prácticas dos servizos públicos de saúde que permitan facer comparacións cos datos baseados en probas que se dispoñen na actualidade sobre o TDAH.

En definitiva, trátase de obter datos que permitan reflexionar sobre aspectos que repercutan na mellora da atención á saúde da poboación infantil.

Bibliografía

- Barbarese, W.J., Katusic, S.K., Colligan, R.C., Pankratz, S., Weaver, A.L., Weber, K.J., et al. 2002. How common is attention-deficit/hyperactivity disorder?. *Archives Pediatric Adolescent Medicine*; 156: 217-24.
- Barbarese, W., Katusic, S., Colligan, R., Weaver, A., Pankratz, V., Mrazek, D., et al. 2004. How common is attention-deficit/hyperactivity disorder? Towards resolution of the controversy: results from a population-based study. *Acta Pediatrics Supplementary*. 93:55-9.
- Brown, R.T., Freeman, W.S., Perrin, M.T., Amler, R.W., Feldman, H. Et al. 2001. Prevalence and assessment of attention-deficit/hyperactivity disorder in primary care settings. *Pediatrics*; 107-43.
- Cardo, E. y Servera-Barceló, M. 2005. Prevalencia del trastorno de déficit de atención e hiperactividad. *Revista de Neurología*; 40 (supl 1) S11- S15.
- Connor, D.F. 2002. Preschool attention deficit hyperactivity disorder: a review of prevalence, diagnosis, neurobiology and stimulant treatment. *Journal Dev? Behavioural Pediatric*. 23: 1-9.
- Escobar Fernández E, Martín Lunar M, Alcázar Prosper T. TDHA en el niño. 5º Congreso Virtual de Psiquiatría. Interpsiquis 2004. 11m3cof3 . 2004. Ref Type: Electronic Citation.
- Foy, J.M. and Earls, M.F. 2005. A process for developing community consensus regarding the diagnosis and management of attention-deficit/hyperactivity disorder. *Pediatrics*; 115: 97-104.
- Levy F, Hay DA, McStephen M. 1997 Attention-deficit hyperactivity disorder: A category or a continuum? Genetic analysis of a large-scale twin study. *J Am Acad Child Adolesc Psychiatry*; 36:737.
- Morán, I., de Concepción, A., de la Cruz, M.M., Moreno, P. y Robles, F. 2006. TDAH: Un trastorno de moda. *INTERPSIQUIS*.
- Narbona, J. 2001. Alta prevalencia del TDAH: ¿niños trastornados o sociedad maltrecha? *Revista de Neurología*, 32: 229-31.
- Peña, J.A., Montiel-Nava, C. 2003. Trastorno por déficit de atención/hiperactividad: ¿mito o realidad?. *Revista de Neurología*; 36: 173-9.
- Rappley, M.D., Gardiner, J.C., Jetton, J.R., Houang, H.T. 1995. The use of methylphenidate in Michigan. *Archives Pediatrics Adolescent medicine*. 149: 675-679.
- Safer, D.J., Zito, J.M., Fine, E.M. 1996. Increased methylphenidate usage for attention deficit disorder in the 1990s. 98: 1084-1088.
- Taylor, E., Sandberg, S., Thorley, G. and Giles, S. 1991. The epidemiology of childhood hyperactivity. *Institute of Psychiatry Maudsley Monograph*. London: Oxford University Press.
- Wolraich, M.L., Lindgren, S., Stromquist, A., et al. 1990. Stimulant medication use by primary care physicians in the treatment of attention deficit hyperactivity disorder. *Pediatrics*. 86: 95-101.

O TRISQUEL. UN XOGO COMO FERRAMENTA DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA PARA O TRATAMENTO CON TOXICÓMANOS: ESTUDO DE CASOS



Adolfo Piñón Blanco

Psicólogo

Unidad Asistencial de Drogodependencias del Concello de Vigo (CEDRO)

RESUMO

OBXECTIVO: O proxecto “o trisquel” (marzo de 2008) nace co fin de abordar dunha maneira máis dinámica e próxima, o tratamento de rehabilitación cognitiva e social dos nosos pacientes drogodependentes. O obxectivo do presente estudo é valorar a eficacia dun xogo como ferramenta de estimulación cognitiva.

MATERIAL E MÉTODOS: O estudo de casos, é de 2 dos 8 pacientes da Unidade de Día de Cedro que participaron no proxecto entre marzo e decembro de 2008.

RESULTADOS: A avaliación posttest realizada aos seis meses, reflicte mellorías comparativas nos subtest do WAIS III relacionadas co índice de memoria de traballo (Dixitos, aritmética, letras e números) e na fluidez fonémica.

CONCLUSIÓNS: Aínda que se encontraron melloras nas medicións posttest, de momento é prematuro establecer asociacións de causalidade, xa que é proábabel que parte destas melloras sexan debido á aprendizaxe por repetición das probas.

Palabras chave: Estimulación cognitiva, drogodependentes, xogo, o trisquel, rehabilitación cognitiva.

ABSTRACT

OBJECTIVE: The project “the trisquel”(March, 2008) is born in order to approach of a more dynamic and nearbyway for the treatment of cognitive and social rehabilitation of our drugdependent patients. The aim of the present study is to value the efficiency of a game as tool of cognitive stimulation.

MATERIAL AND METHODS: The study of cases, it(he,she) is of 2 of 8 patients in the UAD Cedro that have taken part in the project since March till December, 2008.

RESULTS: The evaluation posttest realized to six months, it(he,she) reflects comparative improvements in the subtest of the WAIS III related to the index of memory of work (Digits, arithmetic, letters and numbers) and in the phonemic fluency.

CONCLUSIONS: Though they have found improvements in the measurements posttest, at the moment it is premature to establish associations of causality, since it is probable that departs from these improvements be due to the learning for repetition of the tests.

Key words: Cognitive Stimulation, Drugdependent, game, the trisquel, cognitive rehabilitation.

Introdución

Nos últimos anos no noso centro (U.A.D do Concello de Vigo, “Cedro”) cambiamos a abordaxe asistencial, ampliando a oferta terapéutica aos nosos usuarios e incluíndo na mesma, aspectos relacionados coa rehabilitación cognitiva (Avaliación, diagnóstico e tratamento).

Son numerosas as publicacións (Tirapu, J e Muñoz, J. (2005), Tirapu, J. (2008), Verdejo, A. (2004)) que relacionan o consumo prolongado de drogas ilegais cun posíbel deterioro cognitivo. “A evidencia acumulada demostrou que o consumo agudo de cannabis produce alteracións de memoria, atención e coordinación visomotora, aínda que as secuelas irreversíbeis se encontran en memoria e atención con consumos crónicos. Verdejo et al., 2004.

Este deterioro cognitivo produce unha menor porcentaxe de finalización do tratamento e un maior índice de recaídas nos diferentes programas de tratamento (Verdejo et al., 2004).

O dato probabelmente máis relevante, foi demostrar que os pacientes toxicómanos teñen alterado unha das compoñentes fundamentais da función executiva: a toma de decisións (Bechara, Damasio, Damasio e Anderson, 1994, Verdejo, Aguilar e Pérez-García, 2004). Sendo relacionada, esta alteración, cunha “miopía” sobre as consecuencias futuras (Bechara, Dolan e Hindes, 2002).

É necesario considerar que o deterioro cognitivo non significa irreversibilidade. Xa Luria en 1973 sostíña que as zonas cerebrais lesionadas podían ser compensadas polas zonas sás, e mostrou que o exercicio das funcións pode favorecer o establecemento de novas conexións neuronais nas zonas danadas (plasticidade neural, James W., 1890).

A rehabilitación cognitiva, é definida como un "proceso a través do que as persoas con dano cerebral traballan xunto con profesionais do servizo de saúde para remediar ou aliviar os déficits cognitivos que surxen despois dunha afección neurolóxica". (Barbara Wilson, 1989).

Desde esta perspectiva surxe o xogo “o trisquel” coa idea de ser unha alternativa de tratamento, orientada cara a estimulación cognitiva das facultades mentais preservadas ou deterioradas.

Experiencias anteriores demostraron que un xogo pode ser unha ferramenta de estimulación e rehabilitación cognitiva (1996 Chittum e colaboradores *Autopista a la conciencia*. 1996 Zhou e colaboradores, *El trivial de la conciencia*. 1998 Torres, A. *El Tren*), xa que permite abordar diferentes aspectos do tratamento dunha maneira máis dinámica.

A súa utilidade pode ir máis aló da rehabilitación cognitiva xa que, non só permite traballar os procesos cognitivos simples e complexos dunha maneira máis amena que as sesións de rehabilitación cognitiva ao uso, senón que tamén é utilizada como unha actividade psicoeducativa (conduta, emocións, normas, aspectos teóricos) e integradora.

Por outro lado ao levarse a cabo nun marco grupal, representa unha situación real que favorece a aprendizaxe, permite economizar as intervencións terapéuticas, sobre todo as

relacionadas coas habilidades sociais, fomentando que os pacientes sexan conscientes das súas carencias e potencialidades, así coma da dos seus compañeiros de xogo.

Ao profesional, permítelle ser un observador privilexiado das interaccións comunicativas que se dan ao longo do xogo e á súa vez ofrécelle a posibilidade de aprofundar nun amplo abano de temas que van desde a prevención de recaídas, tabaquismo, redución do dano, emocións, até a función pragmática da comunicación (Watzlawich, P. (1993)), podendo ser utilizado na súa parte máis neuropsicolóxica, como unha radiografía ou indicador do estado cognitivo actual dos suxeitos participantes no xogo.

Material e métodos

Ámbito

Na unidade de día da Unidade Asistencial de Drogodependencias do Concello de Vigo “U.A.D Cedro”.

Poboación de estudo

Dous dos oito pacientes toxicómanos a tratamento na U.A.D Cedro na modalidade de tratamento semirresidencial (U.Día) incluídos no proxecto de estimulación cognitiva “o trisquel” entre marzo e decembro de 2008. Sendo o único criterio de aceptación o feito de estar a tratamento na unidade de día. As sesións realízanse no obradoiro da U.Día, teñen unha frecuencia semanal e unha duración aproximada dunha hora. Acudindo unha media de 6/8 pacientes por sesión.

Instrumentos

Na avaliación “pre” administrouse a seguinte batería de probas: WAIS III, WSCT, Benton, Figura de Rey, TMT A e B Stroop, Tavec, fluidez fonémica e semántica.

Aos seis meses volvéuselles pasar o Stroop, fluidez fonémica e semántica e os subtest do WAIS III relacionados cos índices de velocidade perceptiva e memoria de traballo.

Procedemento do xogo

O trisquel pretende ser un programa de estimulación cognitiva en formato de xogo de mesa, que despois dun período inicial de deseño e desenvolvemento da idea orixinal do autor (Piñón, A. (2009)) de traballar a través dun xogo aspectos relacionados co tratamento dos nosos pacientes toxicómanos, se comeza a utilizar como ferramenta con fins terapéuticos en marzo de 2008. Este xogo consta dun taboleiro, tres pezas de barro coa figura dun trisquel, doce trisqueliños de barro, un dado, cinco bloques de tarxetas identificativas con probas ou preguntas, follas de respostas, un díptico coas regras do xogo e unha guía para o profesional (Piñón, A. (2009)), sendo a dinámica do xogo similar ao popular Trivial. A diferenza radica no

tipo de probas, que non son só verbais ou de contido, senón que tamén son manipulativas e de representación (rolle playing).

As preguntas e probas que compoñen os bloques temáticos do xogo foron adaptados á idiosincrasia e características cognitivas dos nosos usuarios (Grado de dificultade, temas a tratar), tomando como referencia as avaliacións neuropsicológicas realizadas aos suxeitos que participaron no estudo. Por outro lado a maioría das probas manipulativas e non manipulativas foron adaptadas de baterías psicológicas e neuropsicológicas (Pien Barcelona, WAIS III, test do reloxo, figuras sobrepostas poppelreuter, go-nogo, torre de hanoi,), polo que se pode dicir que tales probas deben terse en conta como posíbeis indicadores do estado cognitivo actual do paciente.

É imprescindible a figura do moderador, que será un membro do equipo terapéutico (psicólogo, educador) encargado de ler as preguntas ou probas, resolver las dúbidas referentes ao como debo realizar as diferentes probas, guiar adecuadamente o grupo e o contexto da sesión, preparar os contidos teóricos que se van traballar durante a sesión, xestionar o tempo, contrarrestar a posíbel frustración perante as probas e decidir que probas poden necesitar algunha estratexia de facilitación (lapis ,papel, contar en voz alta ou cos dedos), en función da dificultade da proba e do estado cognitivo do paciente.




A maioría das probas/preguntas do xogo poden ser motivo de intervención terapéutica por parte do profesional realizando aclaracións sobre algún concepto teórico ou práctico, modificacións condutuais dos comportamentos desadaptativos surxidos nos role playing, modelado positivo de ditos comportamentos, in situ ou anotando a incidencia na folla de rexistro da sesión, para ser abordado a posteriori na consulta.


Obxectivos do xogo

- Mellora da relación terapeuta-paciente.
- Mellorar os procesos cognitivos básicos (atención, memoria, percepción) e complexos (linguaxe, intelixencia, pensamento).
- Mellora nas habilidades sociais e conduta prosocial.
- Asentamento dos contidos teóricos traballados no xogo sobre prevención de recaídas, VIH-Sida, habilidades sociais, normas e recursos do centro e tabaquismo.

Resultados

Os datos cuantitativos obtidos da comparación das medidas pre e post test dos 2 pacientes analizados, reflicten unha mellora nos subtest do WAIS III relacionados co índice de memoria de traballo (Díxitos, letras e números e aritmética) e nas puntuacións obtidas no test de fluidez fonémica. Non sendo relevantes os resultados obtidos nos subtest relacionados co índice de velocidade perceptiva (busca de símbolos e chave de números), stroop e fluidez semántica.





Discusión

Despois da análise cuantitativa dos datos obtidos nas avaliacións pre e post pódese concluír que se experimentou unha mellora nos subtest relacionados coa memoria de traballo así como coa fluidez fonémica. Aínda que de momento é moi prematuro facer afirmacións ao respecto, xa que a mostra analizada é pequena e ademais é posíbel que exista algunha desviación nos resultados debido á aprendizaxe por repetición das probas.

En relación cos outros obxectivos de carácter cualitativo plantexados, tanto os pacientes en reunións semanais e inquéritos de avaliación do xogo coma os profesionais en entrevista persoal, afirman que o trisquel resulta unha ferramenta dinámica no tratamento psicoeducativo e de rehabilitación cognitiva.

Desde que comezamos a xogar en marzo de 2008 até a data marzo 2009, debemos dicir que a asistencia semanal ás sesións do xogo se mantivo e até se solicitou por parte dos pacientes aumentar a frecuencia das sesións, por outro lado os profesionais recoñecen que supuxo un estímulo na súa vida diaria.


Estas percepcións, en se mesmas aínda sen obter resultados cuantitativos significativos son satisfactorios.

O proxecto "O Trisquel" solicitou a súa inscrición no rexistro territorial da propiedade intelectual de Vigo o 12 de xaneiro de 2009 e, recentemente, foi aprobado e incluído no "Convenio de Colaboración entre a Consellaría de Sanidade-Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para o apoio ás accións de formación e investigación da Subdirección xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da rede do Plan de Galicia sobre Drogas".

Bibliografía

- Becoña, E. (2004). *Guía clínica para ayudar a los fumadores a dejar de fumar*. Valencia: Socidrogalcohol.
- Bechara,A.(2006). *Mecanismos cerebrales de la toma de decisiones*. Rev Neurol; 42:411-8.
- Gil,R. *Neuropsicología*. (2007). Madrid: Masson.
- Olivares,J. *Técnicas de modificación de conducta*. (1998).Madrid: Biblioteca nueva.
- Piñón, A. (2009). *El trisquel. Un juego como herramienta de estimulación cognitiva para el tratamiento con drogodependientes*. Vigo: Unidade asistencial de drogodependencias do concello de Vigo (Inédito).
- Pousa, E. (2002). *"Measurement of Theory of Mind in Healthy adolescents: Translation and cultural adaptation of F. Happé's Theory of Mind Stories (1999)"*. Barcelona.
- Puig,A. (2001).*Programa de psicoestimulación preventiva*. Madrid: CCS
- Montagnier,L.(1992) *SIDA. Los hechos. La esperanza*. Barcelona: Fundación “la caixa”.
- Muñoz, J, e Tirapu, J (2001). *Rehabilitación neuro-psicológica*. Madrid: Síntesis.
- Tirapu, J e Muñoz, J. (2005). *Propuesta de un protocolo para la evaluación de las funciones ejecutivas*. Rev neurol; 41(3): 177-186.
- Tirapu, J. (2008) *Modelos de funciones y control ejecutivo II* .Rev neurol; 46: 742-750.
- Tirapu, J (2007). *¿Qué es la teoría de la mente?* .Rev neurol; 44: 479-489
- Verdejo,A. (2004) *Impacto de la gravedad del consumo de drogas sobre distintos componentes de la función ejecutiva*. Rev Neurol 2004; 38: 1109-16.
- Watzlawich, P. (1993). *Teoría de la Comunicación Humana*. Barcelona: Herder.

PROGRAMA DE REDUCCIÓN DE RISCOS NO CONSUMO DE SUBSTANCIAS PSICOACTIVAS EN ESPAZOS DE LECER NOCTURNO “PROXECTO CREATIVE”



Pablo González, Ángeles Montero, Alberto González

Proxecto Creative, ACLAD Alborada (Vigo)

RESUMO

A prevención do consumo de drogas estivo tradicionalmente baseada en mensaxes avulsas mediante as cales se trataba de dicirlle ao suxeito o que é bo ou malo para el. Deste xeito, a prevención estaba nun estado precientífico ao guiarse máis por boas intencións e prexuízos do que por evidencias científicas. A redución de riscos e danos do consumo de sustancias psicoactivas parte da realidade de que o consumo de drogas é un fenómeno continuo na historia da humanidade que non ten visos próximos de acabarse e que é con esa realidade coa que se debe traballar desde unha fundamentación científica e non moralista. Desde este paradigma considérase que a persoa é responsábel de si mesma e libre para decidir o que considera mellor para ela. O Proxecto Creative, como programa de redución de riscos, trata de incidir na responsabilidade individual á hora de consumir sustancias psicoactivas, reforzando a abstinencia e fomentando e potenciando a información así como ofrecendo as ferramentas necesarias para que as decisións podan ser tomadas con criterio e coñecemento.

Palabras chave: Prevención, drogas, redución de riscos, adolescencia, consumo.

ABSTRACT

The prevention on drug consumption was traditionally based in messages cut across through the which was dealt of telling the subject what is good or bad for him. This way, the prevention was in a prescientific state when being guided more by good intentions and harm than by scientific evidence. The risk and harm reduction sets off from the reality that the consumption of drugs is a continuous phenomenon in the history of the humanity that does not have next vantage points of running out and that it is with that reality with which it must be worked from a scientific and not moralistic foundation. From this paradigm is considered that the person is responsible for herself and free to decide what is what considers better for her. Proxecto Creative, as a program of risk reduction, tries to affect in the individual responsibility at the time of consuming psicoactives substances, reinforcing the abstinence and promoting the information as well as offering the necessary tools for that the decisions prune to be taken with criterion and knowledge.

Key words: Prevention, drugs, risk-reduction, adolescence, consumption.

Introdución

Hai unha realidade innegábel cando se fala do fenómeno das drogas, e é que hai xente que consumiu, consome e consumirá sustancias psicoactivas, e isto non é algo actual, senón que se leva producindo ao longo da historia da humanidade e é moi probábel que se siga a facer até que o Home sexa *homo sapiens sapiens*.

Perante esta realidade, a sociedade posicionouse nun espectro que vai desde unha postura prohibicionista até o extremo oposto que vén sendo o da legalización das drogas. A prevención non é unha excepción, xa que existen correntes preventivas que se posicionan dentro dun amplo abano perante a “problemática das drogas”.

A redución de riscos é unha política social que dá prioridade ao obxectivo de diminuír os efectos negativos do uso das sustancias. Este modelo de entender o fenómeno das drogas, categorizado como humanista e psicosocial, nace en contraposición aos modelos preventivos cunha marcada base médica e ético-legal.

O concepto de redución de riscos no consumo de sustancias psicoactivas é definido da seguinte maneira por Newcombe (1992): “En esencia, redución de riscos refírese a políticas e programas que inciden en reducir os problemas asociados ao consumo de drogas. Unha característica definitoria é que centra a súa acción na prevención de danos relacionados co consumo de drogas no canto da prevención do uso de drogas *per se*”.

Por resumilo nunha frase, a redución de riscos traballa “sobre o que temos na nosa sociedade, non sobre o que deberíamos ter ou o que nos gustaría ter” (Marlatt, 1998)


Deste xeito, a focaxe da redución de riscos “incorpora un espectro de estratexias que inclúen o uso seguro, o uso controlado e a abstinencia” (Hicarová, 2004), dando por sentado que existen persoas que consomen drogas, que non teñen problemas derivados do seu consumo e que non queren deixar de consumir, o que non se traduce en que esa xente non estea preocupada pola súa saúde e polos efectos secundarios que o consumo de sustancias poden acarretarlles.

Dentro deste paradigma de redución de riscos e danos xurdiron, a principios dos anos 80 e ligados ao emerxente fenómeno “rave” na Gran Bretaña, unha serie de estratexias e programas orientados aos consumidores de drogas nos espazos recreativos e/ou de lecer, sobre todo para diminuír os efectos secundarios derivados do consumo de MDMA ou éxtase e partindo da premisa de que, cando se consume unha substancia existen efectos positivos que a xente vai procurando así como efectos secundarios, ou negativos, que a xente quere evitar.

Con posterioridade, este tipo de programas foron estendéndose e diversificándose, de xeito que na actualidade abranguen un segmento moi amplo da poboación, tan amplo como o número de persoas que consomen drogas de maneira non problemática (a inmensa maioría), amosándose como un paso máis na racionalización das accións preventivas.

O modelo de redución de riscos, ao contrario de outros modelos en drogodependencias, ten en conta a totalidade do espectro biopsicosocial do suxeito á hora de abordar a intervención, xa que considera o resultado final dunha experiencia con sustancias psicoactivas non dependente dun único factor, senón da interacción de varios deles.

Deste xeito Zimberg adaptou a teoría biopsicosocial de Engel (1977) ao campo da toxicomanía, concedéndolle desta maneira o mesmo nivel de relevancia tanto ás características da substancia (tipo, dosificación, periodicidade do consumo, vía de administración,...) como ás características da persoa (trazos de personalidade, características xenéticas, expectativas, estado físico e psicológico,...) así como ao contexto no que a persoa se atope á hora de consumir unha droga.



Adaptado de Zimberg (1984)

O "Proxecto Creative"

Existe un importante grupo de poboación que, sen ter desenvolvido ningún problema de dependencia, si é consumidora experimental, ocasional ou abusiva de sustancias psicoactivas. Trátase de mozos e mozas que non se achegan ás Unidades Asistenciais de Drogodependentes porque, de feito, non o son.

No ano 2003 xurde o "Proxecto Creative" coa intención de reducir os posíbeis riscos asociados a eses consumos e de dar resposta ás necesidades que, desde un punto de vista sociosanitario, tiña un colectivo até ese momento desatendido na nosa comunidade.

O programa desenvólvese en tres ámbitos de actuación primordiais que son: o ámbito recreativo, o ámbito escolar e o ámbito familiar.

No tocante ao ámbito recreativo, a actividade desenvólvese desde un stand que se sitúa nas zonas de farra das principais cidades e vilas galegas. Nese stand aténdense as demandas dos

mozos con respecto a drogas e sexualidade, repártese información escrita así coma preservativos e lévanse a cabo análises de substancias coa finalidade de detectar posíbeis adulteracións e de aumentar a consciencia do risco asociado ao consumo.

Non hai que esquecer que tamén se intentan modificar condutas de risco asociadas ao consumo de drogas así coma reforzar as actitudes de abstinencia e redución do consumo. No caso de que alguén o solicite, tamén actuamos como enlace perante demandas de tratamento, informando dos diversos recursos dos que dispón na súa zona a persoa interesada.

No ámbito educativo, lévanse a cabo obradoiros en centros de secundaria nos que se informa aos mozos de 3º e 4º da ESO, Bacharelato e módulos formativos sobre características das drogas, efectos e riscos asociados ao consumo das mesmas. Esta actividade lévase a cabo en coordinación con outras asociacións inseridas no PLDAs de Vigo, de forma que os contidos e desenvolvemento dos diversos obradoiros lévase a cabo en función da idade do alumnado.

Do mesmo xeito tamén se ofertan actividades formativas para pais, nais e mestres cos obxectivos de: 1. incrementar o sentido de competencia e a súa capacidade de resolución de problemas, 2. aumentar o coñecemento que posúen sobre as substancias psicoactivas e 3. informar sobre os mitos que existen arredor das drogas para que as actitudes alarmistas sexan máis moderadas e obxectivas.

Algúns datos

No ano 2008 leváronse a cabo 340 sesións de 4 horas de duración cada unha, en 37 centros educativos de Vigo e a súa área, nas que participaron uns 2150 alumnos.

Nese mesmo ano realizáronse un total de 71 saídas (isto é, intervencións nos lugares de lecer nocturno), durante as cales realizamos un total aproximado de 2000 intervencións individuais e grupais, repartimos un total de 8885 folletos informativos sobre as substancias psicoactivas máis consumidas nos locais de saída (alcol, canabis, cocaína, MDMA, anfetaminas,...) e repartimos un total de 1861 preservativos.

Instrumentos utilizados

Obtivemos os datos mediante un cuestionario de elaboración propia no cal se rexistran tanto datos sociodemográficos tales coma idade, sexo, nivel de estudos e lugar de residencia coma datos de consumo de drogas referidos ao mesmo momento no cal se cumprimenta o inquérito. Tamén se lle pregunta aos suxeitos pola maneira que teñen tanto de deslocarse á zona como de abandonala así como número de horas que pasan de farra e cantidade de cartos que gastan.


Resultados

Xa cinguíndonos aos resultados obtidos no inquérito, a idade media dos inquiridos (1235 en total) foi de 19,4 anos; 19,7 para os homes (53,7% da mostra) e 19 para as mulleres (46,4% da mostra). Do total de inquiridos, o nivel de estudos repartiuse da seguinte maneira: o 5,7% estaba cursando estudos primarios, o 50,3% secundarios e o 44% estaba a cursar estudos superiores.

No que respecta á cantidade de cartos gastada, a media é de 24,3 euros por saída nocturna, durando esta unha media de 7,1 horas.

Á hora de analizar os deslocaementos cara a zona de ocio, observamos que o 55,1% dos inquiridos se desloca á zona camiñando, o 11,9% conducindo o seu propio vehículo e o 33% restante nun vehículo sen ser el o condutor. Á hora de regresar ao domicilio, o 46,3% dos inquiridos vai camiñando, o 10,1% vaise conducindo o seu propio vehículo e o 43,6% restante volve en vehículo sen ser o condutor.

Analizando os resultados sobre consumos de drogas no mesmo momento de cumprimentar o inquérito, a prevalencia de consumo das diferentes substancias é a que se pode observar na seguinte táboa.



Débase ter en conta que, da totalidade de xente que preencheu o inquérito, o 13,2% non consumiu substancia psicoactiva algunha (non se tiveron en conta o tabaco nin auga e/ou refrescos); o 56,4% consumiu un tipo de substancia, o 21,1% consumiu dous tipos distintos de drogas; 5,2% dos inquiridos consumiron 3 tipos distintos de drogas e o 4,1% 4 ou máis tipos distintos de drogas na mesma noite.

Discusión

É ben sabido as dificultades que supón avaliar os resultados dun programa de prevención de drogas, máxime cando se trata dun programa coas características tan particulares do Proxecto Creative. Aínda así, e comparando os resultados do ano 2007 co ano 2008 comprobamos que houbo un descenso do consumo de case todas as sustancias psicoactivas, tal e como se reflicte na seguinte táboa:

	2007	2008	Variación
Alcol	89,3	84,8	>4,5
Canabis	31,5	27,1	>3,4
Cocaína	7,9	7,9	=
MDMA	5	5	=
Anfetaminas	3,7	3,3	>0,4
Psiquedélicos	4,1	3,2	>0,9
Psicofármacos	1,7	1,5	>0,2

Á parte destes datos obxectivos, contamos co *feedback* dos técnicos dos diferentes concellos nos que realizamos a nosa labor, salientando que cada ano que pasa son máis os concellos interesados en que fagamos as nosas “saídas” nos seus lugares de lecer nocturno, sen esquecermos do *feedback* tan positivo que os nosos usuarios nos dan, sendo eles os principais avaliadores do programa.

Bibliografía

- Engel, G. (1977). The need for a new medical model: a challenge for biomedicine. *Science*, 196, 129.
- Hicarová, T. (2004). *Introduction to harm reduction course. Teachers manual*. Banská Bystrica: Matej Bel University Press.
- Newcombe, R. (1992). *The reduction of drug-related harm: A conceptual framework for theory, practice and research*. En O'Hare et al. (Eds.) *The reduction of drug related harm*. London: Routledge.
- Marlatt, G. A. (1998). *Harm reduction. Pragmatic strategies for managing high risk behaviours*. New York: The Guildford Press.
- Proxecto Creative (2009). Memoria Proxecto Creative ano 2008. Vigo: autor (inédito).
- Zimberg, N. E. (1984). *Drug, set and setting*. New Haven: Yale University Press.

Agradecementos

Xunta de Galicia. Subdirección Xeral De Saúde Mental e Drogodependencias.

Caixa NOVA

Concello de Vigo

Entidades que patrocinan o Programa "PROXECTO CREATIVE" de ACLAD Alborada de Vigo.

Enviar correspondencia a: Proxecto Creative R/ Areal 136 1º Of-2. Vigo 36201. Pontevedra.
proxectocreative@yahoo.es

AXAD APOIO XERONTOLÓXICO A DOMICILIO: UN PASO MÁIS NA ATENCIÓN DOMICILIARIA DE PERSOAS MAIORES



**Balo, A; González-Abraldes, I; Maseda, A; Lorenzo, T; Lodeiro, L;
Millán-Calenti, J.C.**

Grupo de Investigación en Gerontología. Universidad de A Coruña.

Complejo Gerontológico “La Milagrosa”. A Coruña

RESUMO

O Programa Integral de Apoio Xerontolóxico a Domicilio (AXAD) está dirixido a aquelas persoas maiores con dependencia e aos seus cuidadores. O obxectivo do programa AXAD é ofrecer unha focaxe diferente e innovadora na atención social das persoas maiores con dependencia no domicilio, fomentando o apoio ao cuidador e evitando a institucionalización do paciente.

O Programa Integral de Apoio Xerontolóxico a Domicilio (AXAD) consiste en ofertar cuidados no propio fogar, lonxe do modelo asistencial de Axuda a Domicilio, baseándose no principio de Atención Integral desde diferentes perspectivas profesionais. Así, o feito de ofertar un equipo multidisciplinar de apoio na atención xeriátrica a domicilio é un punto chave e anovado no desenvolvemento deste programa.

Palabras chave: *Intervención integral, valoración cognitiva, funcional e física*

ABSTRACT:

The Home Gerontologic Integral Support Program (AGAD) is addressed to people with disability and their caregivers. The main objective of this project is to offer a different and innovative approach in the social attention of elderly people with dependence at their own homes, promoting support to caregivers and avoiding institutionalization of the patient.

The Home Gerontologic Integral Support Program (AGAD) offers different types of care at home, far from the welfare model of Home Help, and is based on the integral caring principle provided from different professional perspectives. Thus, to offer a multidisciplinary support team in geriatric home support is a key and innovative point in the development of this project.

Key words: *Integral support, cognitive assessment, functional assessment, physical assessment. Best regards*

Introdución

A maioría das persoas maiores con dependencia reciben os seus coidados en marcos non-institucionais (é dicir, nas súas propias casas) polos propios familiares. Non obstante, só até fai pouco chegou a saber quen son os coidadores, canto tempo gastan en dar os coidados e como estes coidados lles afectan a eles mesmos.

A síndrome do coidador caracterízase por ser unha resposta inadecuada a un estrese emocional crónico cuxos trazos principais son o esgotamento físico e/ou psicolóxico. Non ten por que aparecer necesariamente en todas aquelas persoas que están ao coidado deste tipo de pacientes, pero si dicir que se observa máis neles dada a elevada tensión física e psíquica que a doenza conleva, xa que é unha situación nova para o coidador para a que ordinariamente non foi preparado e que lle vai consumir unha grande cantidade de tempo e enerxía.

Na aparición desta síndrome delimítanse as seguintes fases:

➤ Fase primeira ou de estrese laboral:

A situación na que se encontra o coidador faille estar sometido a un sobreesforzo físico con escasa ou nula axuda. Non ten practicamente tempo libre, vive por e para o paciente. Isto conleva que, aínda que durante un certo tempo pode asumir este estado, porén, o cansazo, a ausencia de resposta ás súas peticións de axuda e, en moitas outras ocasións, o desexo de demostrarse a si mesmo e aos demais que pode solucionar por si só esta situación, acaba xerando un cansazo físico que secundariamente provocará un descenso na calidade do coidado.

➤ Segunda fase ou de estrese afectivo:

Deriva da sensación psicolóxica de carencia de afecto ou, ao menos, de comprensión por parte das persoas que ten perto, e segundo o coidador non o apoian o suficiente. En ocasións esta sensación é infundada mais noutras é lamentabelmente real.

➤ Terceira fase ou de inadecuación persoal:

O coidador principal comeza a sufrir as consecuencias físico-psíquicas dunha atención desmedida e sen axuda para o doente. Está demostrada a maior frecuencia de doenzas físicas e psíquicas que teñen os coidadores de persoas con este tipo de patoloxía ou con patoloxías crónicas, como: fatiga crónica, sobrecargas ósteomusculares, úlceras gástricas, cefaleas tensionais, insomnio, crises de ansiedade, alteracións afectivas, etc...

É nesta fase cando aparece por primeira vez o sentimento de culpa, que non é máis que a crenza de que a forma de atender o seu familiar non foi a apropiada, non porque o fixera mal, senón porque non foi capaz de se organizar ben. Non sopesou o esforzo físico e psíquico que supuña o coidado do paciente, ou non solicitou a debida axuda.

➤ Cuarta fase ou de vacío persoal:

Deriva da ausencia, física, do paciente unha vez que este faleceu. O espazo que antes enchía a atención continua e mantida, e o sobreforzo físico e mental está por preencher. De novo aparece a culpa.

Os síntomas máis xerais son:

➤ Irritabilidade: ao inicio da doenza, cando esta aínda non se asumiu. É a fase de negación da doenza.

➤ Tristeza: a medida que a doenza vai avanzando o coidador vai vendo como o seu familiar xa non é o que era, cada vez vai esquecendo máis hábitos de conduta e xa non coñece nin a quen o coida.

➤ Preocupación: o que máis asusta o coidador é o futuro, entre outras cousas se poderá ser capaz de seguir atendéndoo tanto física coma psiquicamente e até economicamente.

➤ Soidade: este sentimento afecta principalmente ao cónxuxe, máximo cando o coidador organizou toda a súa vida arredor do doente e se van perdendo as relacións sociais.

➤ Depresión: cando a tristeza, a preocupación e a soidade se viven sen outra alternativa, aparece a depresión. Por iso é moi importante que o coidador valore o seu estado de ánimo, saia da casa e faga novas amizades.

➤ Irritabilidade: de novo pode volver aparecer este sentimento pero os motivos son diferentes. Aquí a rabia do coidador está relacionada co cansazo que ten, porque sente que ninguén o axuda.

➤ Culpa: seguramente vai ser o coidador principal en quen recae a responsabilidade de ingresalo nunha residencia.

➤ Impotencia – Fracaso – Frustración: estes sentimentos padéceos o coidador sobre todo nos últimos anos. Este sentimento deriva do cansazo físico e psíquico que durante anos leva soportando o coidador.

➤ Dificultade para afrontar a morte do doente: a morte non por ser esperada é menos dolorosa, dando lugar a sentimentos de tristeza e vacío. Tanto a familia como o coidador principal van ter que realizar o seu propio proceso de loito.

En base a todo o visto anteriormente surxe a necesidade de buscar novas alternativas de intervención dirixidas a familiares e/ou coidadores de persoas maiores. Entre estas novas alternativas desde o Grupo de Investigación da Universidade de A Coruña onde se leva a cabo o desenvolvemento dun Programa de Intervención dirixido tanto aos coidadores como aos maiores.

Descrición do Proxecto AXAD

O programa Integral de Apoio Xerontolóxico a Domicilio ofrece novos servizos de atención xerontolóxica a domicilio, imprescindíbeis para aquelas persoas con dependencia e os seus coidadores. Estes servizos, alén de retrasar a institucionalización da persoa maior dependente, intentan disminuír a carga asistencial que sofre o coidador principal. Porén, tanto o mantemento no propio fogar da persoa maior coma a melloría na calidade de vida do coidador disminuíndo o seu nivel de estrese e sobrecarga, precisa unha continuidade no tempo, principalmente para proporcionar ao coidador un soporte psicolóxico e un entrenamiento nas tarefas de coidado que sexa eficaz e eficiente.

O obxectivo do programa AXAD é ofrecer unha focaxe diferente e innovadora na atención social das persoas maiores con dependencia no domicilio, fomentando o apoio ao coidador e evitando a institucionalización do paciente. Desta maneira ofertaríanse os servizos de terapia ocupacional e fisioterapia a domicilio, establecendo un prezo fixo por cada sesión a cada un dos usuarios, de acordo coa súa valoración xeriátrica.

Entre os obxectivos do Programa Integral de Apoio Xerontolóxico a Domicilio (AXAD) está ofertar coidados no propio fogar, lonxe do modelo asistencial de Axuda a Domicilio, baseándose no principio de Atención Integral desde diferentes perspectivas profesionais. Así, ofertar un equipo multidisciplinar de apoio na atención xeriátrica a domicilio é un punto chave e anovado no desenvolvemento deste programa.

Destinatarios do Programa

O programa AXAD incluíu 43 usuarios (persoas de 65 anos e máis) e os seus respectivos 43 coidadores principais.

As características socio-demográficas máis relevantes dos beneficiarios do programa foron as seguintes:

Usuarios

- A media de idade foi de 82,7 anos.
- O 67,4% eran mulleres.
- En canto ao estado civil, o 55,8% estaban casados e o resto (44,2%) eran viúvos/as.
- A relación principal entre usuario e coidador principal era a de nai-filla (46,5%) se ben tamén foi notábel o número de mulleres que coidaban dos seus maridos (16,3%) ou viceversa (11,6%).
- Respecto aos recursos con que contaban os pacientes, unicamente o 37,2% dispuña de recursos sociais de iniciativa privada; o 27,9%, de orixe público e o 18,6% concertados.

- Coa implantación da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de Dependencia (Lei de Dependencia), é de resaltar que o 51,2% dos suxeitos foran valorados pola Comunidade Autónoma Galega, pero destes unicamente o 32,5% dos expedientes estaban resoltos.

- Destes suxeitos valorados, o 4,7% presentaban unha dependencia moderada, o 16,3%, severa e o 11,5% eran grandes dependentes.

Os coidadores

- O 79,1% foron mulleres cunha media de idade de 62,7 anos e delas, o 72,1% estaban casadas.

- Para os coidadores, a familia é un apoio informal importante (41,9%) igual que o apoio proporcionado por persoal remunerado (37,2%) ou até polos veciños (20,9%).

- En relación cos motivos polos que solicitou incorporarse ao Programa AXAD, o 53,5% sinala que foi por sentimentos de sobrecarga debido ao coidado dunha persoa maior dependente. A falta de axudas públicas tamén foi un detonante para solicitar a inclusión no programa (27,9%).

Intervención integral

Os profesionais encargados de desenvolver o programa foron: unha traballadora social, unha fisioterapeuta e unha terapeuta ocupacional.

Os obxectivos fisioterapéuticos consistiron principalmente en intentar diminuír as alteracións que aparecen como consecuencia da sobrecarga que sofre o coidador, alén de formalos en técnicas de prevención na aparición de complicacións derivadas. Utilizáronse técnicas de masoterapia, kinesiterapia, electroterapia, ultrasonoterapia, termoterapia superficial e crioterapia para conseguir os obxectivos descritos anteriormente.

Elaboráronse diferentes protocolos e guías impresas co fin de facilitar a aprendizaxe sobre a formación impartida.

Por outro lado, a formación aos/ás coidadores/as centrouse en mellorar o aspecto psicolóxico do coidador familiar, fomentando a visión positiva da experiencia do coidado, entrenando as habilidades persoais relacionadas co mesmo, perfeccionando a execución de determinadas actividades no seu propio entorno e na interacción coa persoa maior, etc.

Esta formación abarcou temáticas diversas (hixiene postural, técnicas de mobilización de pacientes con dependencia, nutrición, etc.) así coma formación en exercicios específicos para cada individuo, segundo as necesidades previamente avaliadas polo equipo do Programa.

As consecuencias físicas, psíquicas e sociais da “Síndrome do Coidador Queimado” foron tratadas mediante:

- A formación adecuada, veraz e actualizada respecto a todos os aspectos da doenza da persoa maior.
- Mellora das relacións do coidador e familiares: recibir apoio mutuo, responsabilidades compartidas, etc.
- Proporcionouse información, orientación e asesoramento personalizado sobre os recursos existentes na comunidade, para conseguir unha actuación continuada no tempo.
- Apoio emocional por parte dos profesionais do Programa.

Avaliación

A efectos de conseguir unha adecuada avaliación dos resultados obtidos, as diferentes intervencións foron avaliadas da seguinte maneira:

- *Intervención Fisioterapéutica:* Elaborouse unha escala "ad hoc", na que se avaliaba a melloría derivada do tratamento de Fisioterapia segundo o profesional encargado desta intervención.
- *Avaliación funcional:* Utilizouse o índice de Barthel
- *Avaliación cognitiva:* Utilizouse o Mini Exame Cognoscitivo adaptado á poboación española.
- *Grao de satisfacción co Programa:* Deseñouse un inquérito xeral de satisfacción sobre o Programa AXAD.

Resultados

A intervención da traballadora social, a fisioterapeuta e a terapeuta ocupacional, encargadas de dar soporte ao programa, conseguiu diminuír a sensación de sobrecarga e as súas consecuencias. Sinalar, que todas as intervencións foron adaptadas ás valoracións previas realizadas sobre cada un dos individuos, atendendo ás necesidades reais dos pacientes.

Obtívoase unha mellora da Calidade de Vida, tanto a nivel do paciente como do coidador, e tanto a nivel psíquico como funcional. Traballando na promoción da autonomía conseguiuase manter, e nalgúns casos incrementar, as capacidades da persoa maior.

A eficacia da intervención do fisioterapeuta foi avaliada a través dunha escala, onde o 1 significaba que o tratamento fora eficaz; 2, eficacia "media" e 3, eficacia máxima. Concretamente, o 14% non conseguiu melloras con dito tratamento. O 11,6% obtivo unha eficacia mínima, e o 27,9%, media. É destacábel o 46,5%, que logrou unha eficacia máxima.

En canto á sobrecarga asistencial percibida e avaliada co índice de Zarit, unha vez realizado o programa, diminuíu nun 11,6%. Sinalar que a porcentaxe de coidadores que non perciben sobrecarga, se incrementou do 58,1% ao principio do programa ao 67,4% ao finalizar. Por último, e en relación aos coidadores que sinalaban presentar sobrecarga leve, a súa cifra descendeu do 25,6% ao 23,3%.

Sinalar tamén que a media da puntuación no Mini Exame Cognoscitivo (MEC) de Lobo foi de 15,6 puntos ao inicio do Programa, pasando a ser de 21,4 puntos trala realización deste. Similares melloras, se ben non tan notábeis, encontráronse a nivel funcional mediante o Índice de Barthel (26,2 no inicio de Programa e 29,1 cando se finalizou).

Derivadas da intervención social e funcional no fogar da persoa maior, mellorouse a formación e información sobre coñecemento e acceso aos recursos socio-sanitarios, aos trámites para solicitar as axudas da Lei de Dependencia, para solicitar a adaptación e dispoñibilidade de axudas técnicas, etc.

A autonomía persoal da persoa maior con dependencia promocionouse mediante actividades terapéuticas individualizadas. No mesmo sentido, a derivación a outros servizos da rede de recursos sociais comunitarios favoreceu a permanencia do usuario do Programa no seu propio domicilio así como a continuidade dunha terapia pautada e individualizada no tempo.

Por outro, o/a coidador/a tivo acceso a unha formación en prevención de problemas óseos e musculares mediante a aprendizaxe de pautas correctas en canto a mobilización do seu familiar, realización de tarefas, etc. A través dunha atención integral, chegaronse a recuperar e/ou manter capacidades físicas dos/as coidadores do programa.

Dos 86 beneficiarios directos do programa (usuarios/coidadores), 43 realizaron o inquérito de satisfacción, deles, o 55,8% eran persoas maiores e o 44,2% coidadores familiares.

O deseño inicial do programa establecía que as intervencións cos usuarios fosen trimestrais e dirixidas a 10 grupos (usuario/coidador) en sesións de 45 minutos e con unha frecuencia de 2-3 veces á semana.

Debido á ampla demanda que tivo o servizo e co fin de incrementar o número de persoas que puidesen participar, adaptouse da seguinte maneira:

- As intervencións tiveron unha duración de dous meses para cada grupo (usuario/coidador).
- Incrementouse a 12 o número de grupos destinatarios.
- Establecéronse 2 sesións semanais, cada unha de 50 minutos de duración.

Como resultado, o número de beneficiarios directos finais foi de 86, 26 persoas máis que as establecidas inicialmente.

A solicitude de inclusión no Programa valorouse de acordo aos criterios de inclusión previamente establecidos (65 ou máis anos; presentar perda da capacidade física e/ou cognoscitiva; precisar dun familiar para realizar as actividades da vida diaria; residir no Concello de A Coruña).

A partir da aceptación do grupo usuario/coidador no Programa AXAD, elaborouse por parte dos profesionais do Programa o plan de traballo a realizar.

Conclusións

O Programa Integral de Apoio Xerontolóxico a Domicilio (AXAD), financiado pola Fundación La Caixa, permitiu que un grupo de 86 persoas do concello de A Coruña puidieran beneficiarse dunha atención personalizada, que sen dúbida redundou tanto na mellora na percepción da súa saúde coma no coñecemento de novas iniciativas, que desde o marco das entidades sen ánimo de lucro contribúen a consolidar unha sociedade mellor, onde a carencia de medios non xere automaticamente a exclusión social.

Queremos agradecer á Fundación La Caixa a axuda outorgada para realizar este proxecto, á vez que reiteramos o noso agradecemento ás entidades que nos facilitaron o traballo (pacientes, coidadores, axentes sociais, etc) e Institucións (Universidade de A Coruña, Concello de A Coruña, ...).

Bibliografía

- Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. Lei 39/2006 de 14 de decembro. Boletín Oficial del Estado, nº 299, (15-12-2006).
- Lobo, A., Saz, P., Marcos, G., Día, J.L., de la Cámara, C., Ventura, T. *et al.* (1999). Revalidación y normalización del Mini-Examen Cognoscitivo (primeira versión en castelán do Mini-Mental Status Examination) en población general geriátrica. *Med Clin (Barc)*, 112, 767-774.
- Mahoney, F.I. & Barthel, D.W. (1965). Functional evaluation: the Barthel Index. *Md Med J*. 14, 61-65.
- Martín, M., Salvadó, I., Nadal, S., Mijo, L.C., Rico, J.M., Lanz, P. *et al.* (1996). Adaptación para nuestro medio de la Escala de Sobrecarga del Cuidador (Caregiver Burden Interview) de Zarit. *Rev Gerontol*, 6, 338-346.
- Millán Calenti, J.C., González-Abraldes, I., Balo García A. & Gomez Vecino M^aJ. (2006). Psicología del envejecimiento. Principios de Geriatria y Gerontología. Madrid: McGraw-Hill Interamericana de España.
- Moruno, D. & Romero, P. (2006). Actividades de la Vida Diaria. Masson Barcelona.

NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS NO APOIO A DOMICILIO: “TELEXERONTOLOXÍA”



González-Abraldes, I; Balo, A; Suárez, P; Marante, P; Maseda, A.;
Millán-Calenti, J.C.

Grupo de Investigación en Gerontología. Universidad de A Coruña.
Complejo Gerontológico “La Milagrosa”. A Coruña

RESUMO

O avellentamento poboacional no que estamos inmersos, xunto coa incorporación da muller ao mercado laboral, está a xerar un cambio no coidado tradicional dos maiores, favorecendo a súa institucionalización en base á pouca dispoñibilidade de tempo para o seu coidado.

As familias acostuman asumir o compromiso do coidado na medida en que este non ultrapase a súa capacidade e os desborde, momento en que se pensa noutros recursos, pero que até o momento son insuficientes e non cobren o obxectivo básico da atención sociosanitaria, manter a persoa maior no seu domicilio mediante fórmulas de apoio adecuadas. Por iso, é necesario establecer un salto na rutina de recursos actual e avanzar na configuración de novas alternativas que permitan aos coidadores familiares contribuír na manutención do sistema, constituíndo o proxecto que desenvolvemos, a Telexerontoloxía, un chanzo máis dentro da teleasistencia, pero claramente diferenciado e evolucionado, que nace co obxectivo principal de levar contidos ao domicilio, retardando a necesidade da institucionalización do paciente.

Palabras Chave: Persoas maiores; TICs; terapia cognitiva; coidadores.

ABSTRACT

Both the obvious population aging and the female's employment situation are actually transforming the way and standards of care provided to our elders. Old people used to stay at home, but they are getting more and more institutionalised at present time due to the lack of time of their relatives and caregivers.

It is widely known that families do their very best before asking for external caregiving resources. Unfortunately, this kind of extra help is not sufficient as from official sources. Moreover, the basic objective of a proper health and social primary attention, i.e. to keep the elders at home but appropriately supported, is not being achieved. Therefore, it is necessary to break the current routine of extra help and it is mandatory to progress beyond this stage and work out new ways of action, so that relatives/caregivers contribute to sustain the system.

Our project Telegerontology is a step further in the tele-assistance field, but clearly differentiated. We aim at tackling different issues at the very elders' place, so that the need to become institutionalised is delayed.

Key words: Aging; TICs; Cognitive therapy; caregivers.

Introdución

No momento presente vivimos rodeados de novas tecnoloxías da información e a comunicación (TICs) que se denomina “Sociedade da Información” e estimamos que acercar os maiores a estes novos adiantos, pode supor unha axuda para a súa maior integración.

Neste contexto surxiu unha nova disciplina, a Xerotecnoloxía (Geronthechnology) (Bouma, 1992), que con marcado carácter interdisciplinario de investigación científica, trata que a tecnoloxía se dirixa cara as aspiracións e oportunidades da persoa maior. Os seus obxectivos son mellorar a saúde, incrementar a participación social do maior, facilitar a vida independente e deseñar e desenvolver produtos e servizos que incrementen a calidade de vida.

Os primeiros avances neste sentido producíronse no hardware e foise mellorando en prestacións e posibilidades o software. O incremento de desenvolvementos e aplicacións de software chegou así a todos os colectivos de poboación incluíndo as persoas maiores.

Nesta liña surxe o concepto de Tecnoloxía Asistencial (Assistive Technology) que ten como fin estudar os avances tecnolóxicos e a súa aportación asistencial, educativa e rehabilitadora. Cook & Hussey (1995) empregan este termo para referirse a calquera sistema adaptado a unha persoa co fin de aumentar ou mellorar as súas capacidades funcionais. Trátase principalmente da creación de produtos específicos para as persoas maiores tendo en conta a aportación que poidan facer as novas tecnoloxías.

En base a iso, existe unha tendencia cada vez máis estendida de incorporar o uso do ordenador aos “programas de psicoestimulación” (Millán-Calenti, 2002; Díaz et al., 2006). Observouse que o ordenador pode ter un papel importante no tratamento dos trastornos neuropsicolóxicos por dúas razóns fundamentais: en primeiro lugar por proporcionar un efecto suplementario, ofrecendo unha forma de aprendizaxe máis interactiva e dinámica en comparación cos métodos tradicionais, sendo máis interesante e motivador para o usuario e, en segundo lugar, porque permite obter os resultados de maneira inmediata, tanto para o usuario como para o terapeuta (Moreno-Gea P., 2001).

Telexerontoloxía

O proxecto Telexerontoloxía ten como obxectivo principal garantir a inclusión na Sociedade da Información das persoas maiores con dependencia.

Para iso, establécese unha rede de apoio que, grazas aos avances das Novas Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (TICs), lles permite incorporarse ao uso das novas tecnoloxías como medio idóneo para a súa integración social.

En concreto, con este proxecto conseguíuse levar aos domicilios dos coidadores familiares de persoas con dependencia un recurso *on line* que permite, mediante control remoto desde un

centro asistencial (o Centro Xerontolóxico de Estancias Diúrnas “A Milagrosa”, dar soporte ás persoas maiores con dependencia e as súas familias.

Os obxectivos específicos do proxecto incluíron:

- Establecer un sistema *on line* en domicilios piloto
- Intervir cos usuarios (persoas maiores con discapacidade) e coidadores a través da interacción co centro asistencial mediante a operatividade dos seguintes servizos: Formación *on line*, Profesional na Casa, Telealarme e Intervención Cognoscitiva.
- Obter un programa de apoio *on line* viábel

Con este proxecto, pretendeuse avanzar sobre as prestacións ofrecidas pola teleasistencia clásica. Así o presente proxecto, que cumpre os estándares de “Deseño para todos”, alén de facilitar a comunicación 24 horas, instaura un novo recurso de apoio xerontolóxico, que ademais de incorporar programas formativos e de asistencia, realiza valoración remota, e instaura as medidas de intervención socio-sanitarias de acordo aos resultados da avaliación.

Durante o proxecto, realizouse un estudo piloto de intervención no que a través de Internet e desde un centro de control remoto se levaron aos domicilios cinco tipos de contidos: Formación *on line*, Programa de estimulación cognitiva, Rehabilitación e terapias *on line*, Profesional na casa e Telealarme.

Os criterios de inclusión para participar neste estudo, foron os seguintes: usuarios maiores de 60 anos, con deterioro cognitivo leve ou moderado e capacidade suficiente para desenvolver as actividades plantexadas (valoración mediante o MEC)(Lobo A et al., 1999) e cuxos domicilios debían cumprir unhas condicións requiridas mínimas para a instalación. Finalmente seleccionáronse 5 domicilios que cumprían os criterios de inclusión establecidos.

Toda a visualización dos contidos realizouse no televisor do domicilio, o que permitiu minimizar os gastos ao non ter que usar un ecrán *ad hoc*.

O desdobramento do estudo piloto nos domicilios tivo lugar en dúas fases, unha primeira de formación seguida dunha posterior de intervención.

a) Formación de usuarios e familiares coidadores

Tanto os usuarios coma os seus coidadores foron formados por parte do equipo investigador nos elementos hardware e software do sistema, que inclúen os 4 servizos de apoio ao coidado (Contidos *on line*, Estimulación cognitiva, Profesional na casa e Telealarme).

b) Intervención cos usuarios e familiares

Durante esta fase, os coidadores e usuarios participaron das diferentes actividades ofertadas pola plataforma de apoio domiciliario, establecéndose así unha interacción entre o trío usuarios-coidadores-profesionais. O sistema de apoio *on line* ofertado aos domicilios participantes consistiu, nun principio, nos 4 tipos de servizos programados (formación *on line*,

profesional na casa, estimulación cognitiva e sistema de telealarme). Durante o transcurso do estudo sumóuselles un novo servizo que non se incluía na proposta inicial do proxecto pero que se definiu como de grande utilidade. Este novo servizo consistiu na retransmisión de vídeos a través do televisor.

Estes vídeos consistiron en sesións de terapia e rehabilitación dirixidas tanto aos coidadores como aos usuarios. Ditas sesións podían ser retransmitidas en directo (coas sesións *in vivo* impartidas polos profesionais cos usuarios presentes no centro) ou en diferido (a través da gravación de ditos sesións impartidas polo centro). Facilitouse así este novo servizo dentro da “Formación online”.

Así, durante o desenvolvemento do estudo piloto, o Programa de apoio “online” dirixido aos coidadores familiares de doentes con dependencia, consistiu nunha serie de actividades:



A. Formación on line

A formación online estaba dirixida principalmente aos coidadores e centrada nas alteracións da saúde que poden cursar con dependencia, especificamente sobre as patoloxías que estaban atendendo os coidadores nos seus familiares. Desenvolvéronse tres tipos de contidos que se ofertaron dentro deste apartado de formación *online*: unidades formativas, vídeos e enlaces a páxinas web de interese.

a.1. Unidades formativas: realizadas por expertos no campo da xerontoloxía, recollendo dunha maneira sinxela e amena as diferentes situacións ás que os coidadores teñen que enfrontarse no campo da atención a persoas con dependencia. Algúns dos temas que se incluíron no estudo foron: “Coñecendo os servizos sociais e a Lei de Dependencia”, “Capacidade Funcional e Actividades da Vida Diaria”, “O paciente ancián: características e cambios surxidos durante o envellecemento”, “Demencias e delirium”,...



a.2. Vídeos: 5-6 minutos de duración, foron adaptados ás unidades temáticas ofertadas. Explicaban aspectos máis prácticos de cada un dos temas para servir de apoio ao coidador, por exemplo: aliñamento corporal, bipedestación ou sedestación.

a.3. Enlaces a páxinas web de interese: IMSERSO, Plan AVANZA, Portal maiores, Secretaría Xeral de Benestar, Complexo Xerontolóxico A Milagrosa, Fundación Alzheimer España, Fundación SAR, Grupo de Investigación en Xerontoloxía (Universidade de A Coruña), etc.

B. Estimulación cognoscitiva *on line*

Utilizouse a aplicación de valoración e estimulación cognitiva Telecognitio®, desenvolta integramente polo Complexo Xerontolóxico A Milagrosa en colaboración co Grupo de Investigación en Xerontoloxía da Universidade de A Coruña. Esta aplicación adapta as actividades que se lle presentan aos usuarios en función do seu estado cognitivo, clasificándoas



en 4 niveis diferentes: I (Moderado), II (Leve-Moderado), III (Leve) e IV (Perda de Memoria Asociada á Idade).

A primeira vez que o usuario se conectaba, o programa realizáballe unha avaliación cognitiva mediante o CAMCOG e en función do resultado, asignábase a un nivel de deterioro determinado.

A continuación, o programa presentáballe actividades de estimulación adaptadas ao seu nivel e destinadas a traballar 6 áreas cognitivas diferentes: orientación atención, percepción, memoria, linguaxe e cálculo. Cada actividade debíase realizar nun tempo máximo de 20 segundos, despois dos que, en caso de que o usuario non respondese, a aplicación trocaba de proba. Preséntanse dous exemplos de actividades.




Para o nivel de deterioro leve recomendouse realizar 3 sesións semanais de 15 minutos cada unha. Unha de estas sesións semanais era realizada no domicilio *in vitro* do centro de control en presenza dunha terapeuta, mentres que as outras dúas sesións eran realizadas nos domicilios durante o fin de semana, unha o sábado e outra o domingo.

C. Rehabilitación e intervención

As sesións de rehabilitación e intervención retransmitíronse en directo por multiconferencia e graváronse para a súa emisión en diferido nun horario previamente pactado. Realizáronse 4 tipos de sesións de terapia: Xerontoximnasia, ocio terapéutico, relaxamento e estimulación da memoria.




D. Profesional na casa



Este servizo permitiu establecer aos coidadores familiares de persoas maiores con dependencia contacto puntual por videoconferencia cos profesionais para así poder consultar problemas referidos a calquera tipo de dúbida. Estableceuse para cada profesional un horario de atención específico, un día á semana, durante unha hora.

E. Telealarme

As persoas maiores dispuxeron dun soporte e un servizo que podían activar sempre que se viran nunha situación de risco ou perigo. Para iso utilizouse unha pulseira tipo reloxo que ao ser pulsada xeraba un sinal acústico e visual no ordenador do centro control, o cal, perante o alarme, establecía unha videoconferencia entre o centro de servizos e o fogar, establecendo así un contacto audiovisual entre a persoa maior ou o coidador e a teleoperadora para confirmar se a situación de emerxencia era real. Establecéronse os protocolos de actuación que a operadora levaría a cabo en cada caso.




Durante o estudo piloto non se produciu ningunha situación de risco nin circunstancia grave que fixese necesario o uso do telealarme polo que a súa utilización se baseou na establecida nas simulacións e na utilización puntual por parte dos usuarios simplemente como medio de establecer unha consulta co centro.

Os coidadores amosáronse satisfeitos coa participación no estudo piloto e o desenvolvemento do programa de apoio online proporcionado. En base a isto e considerando a mellora realizada na tecnoloxía do sistema, no futuro debería plantexar un estudo piloto máis amplo, cun maior número de participantes para poder tirar conclusións máis significativas sobre o avance no deterioro cognitivo dos participantes antes e despois de participar no programa de estimulación cognitiva. Sería un paso previo á posíbel comercialización e comprobación de viabilidade do sistema.

Bibliografía

- Lobo A, Saz P, Marcos G, Día JL, de la Cámara C, Ventura T et al.(1999). Revalidación y normalización del Mini-Examen Cognoscitivo (primera versión en castellano del Mini-Mental Status Examination) en población general geriátrica. *Medicina Clínica* (Barcelona),112, 767-774.
- Bouma H (1992) Gerontechnology: Making technology relevant for the elderly. In: Bouma H & Graafmans JAM (eds) Gerontechnology. IOS Press, Amsterdam, p 2–5.
- Cook, A. M. y Hussey, S. M. (1995). Assistive technologies: principles and practice. St. Louis: Mosby, Inc.
- Millán Calenti JC.(2002)Coordinador. Los mayores e Internet. 1ª ed. A Coruña: Instituto Gallego de Iniciativas Sociales y Sanitarias.
- Díaz F, Villanueva MA, Balo A, López A, Pedreira, A I, Millán-Calenti JC. (2006). Telegerontología: Un nuevo recurso de apoyo gerontológico a domicilio. *Polytechnical Studies Review*. III 5/6, 57-71.
- Moreno-Gea P. (2001)Rehabilitación de funciones cerebrales por ordenador. Palma de Mallorca: Hospital Universitario Son Dureta.

SOBRECARGA E MALESTAR PSICOLÓXICO EN COIDADORES INFORMAIS DE PERSOAS CON DEMENCIA



Otero, P.; Vázquez, F.L

Departamento de Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía

Facultade de Psicoloxía, Universidade de Santiago de Compostela

Tlf. 981563100, Ext. 13928. E-mail: patricia.otero@usc.es

RESUMO

O coidado dun familiar maior en situación de dependencia pode xerar un importante impacto psicológico sobre a vida do coidador. O obxectivo deste estudo é analizar a sobrecarga e o malestar psicológico e estudar a relación entre ambas variábeis nunha mostra de cuidadores informais de persoas con demencia de Galicia. Utilizáronse a Escala de Carga do Coidador (CBI) e a Symptom Checklist 90 Revised (SCL-90-R). Un 30% dos suxeitos obtiveron unha puntuación total igual ou maior a 46 (punto de corte) na CBI. Con respecto ao malestar psicológico, todas as dimensións sintomáticas rexistradas na SCL-90-R situáronse por cima da media para o seu grupo normativo, e o índice global de severidade alcanzou unha puntuación centil de 85. Achouse unha correlación significativa positiva de $r = 0.67$ ($p < 0.05$) entre as puntuacións de CBI e SCL-90-R. Futuras investigacións poderían estudar programas de prevención e intervención na redución do malestar emocional dos cuidadores informais con alto grao de sobrecarga.

Palabras chave: *Sobrecarga, malestar psicológico, cuidador informal, dependencia, demencia.*

ABSTRACT

Care of an elder relative with dependence can produce an important psychological impact on caregiver's life. The aim of this study is to examine caregiver burden and caregiver distress and to estimate the relationship between both variables among Galician informal caregivers of dementia patients. Caregivers were assessed using the Caregiver Burden Inventory (CBI) and the Symptom Checklist 90 Revised (SCL-90-R). The results showed that 30% of caregivers achieved a total score equal or above 46 (cut-off point) on CBI. All symptomatic dimensions on SCL-90-R were above the average of the normative group, and global severity index achieved 85 centil. Furthermore, we found a significant positive correlation between CBI and SCL-90-R scores ($r = 0.67$; $p < 0.05$). Future research needs to develop prevention and intervention programmes in order to reduce distress of informal caregivers with severe burden.

Key words: *Burden, distress, informal caregiver, dependence, dementia.*

Introdución

O papel dos cuidadores informais de persoas maiores con dependencia é cada vez máis relevante na nosa sociedade. Non obstante, o coidado dun familiar maior con dependencia supón unha experiencia xeralmente prolongada no tempo que pode traer consecuencias adversas para a vida do seu cuidador (Brodaty, Green e Koschera, 2003). A responsabilidade de coidar día a día a un familiar en situación de fragilidade e o impacto vital que supón a reorganización da vida familiar, laboral e social en función das tarefas que implica coidar unha persoa dependente pode colocar ao cuidador nunha situación de grande sobrecarga e malestar emocional. Papastavrou, Kalokerinou, Papacostas, Tsangari e Sourtzi (2007) sinalan que o 68.02% dos cuidadores de pacientes con demencia están excesivamente sobrecargados, e Pinquart e Sörensen (2003) afirman que os cuidadores de persoas con demencia amosan maiores niveis de malestar psicolóxico que os non cuidadores. O obxectivo deste traballo é analizar a natureza da sobrecarga e o malestar psicolóxico nunha mostra de cuidadores de Galicia, e estudar se existe algún tipo de relación entre ambas variábeis.

Métodos

Para a realización deste estudo contouse coa participación de 13 cuidadores informais de persoas con demencia da provincia de A Coruña de idades comprendidas entre os 43 e os 82 anos ($M = 59.85$; $DT = 11.85$). Destes, o 76.9% eran mulleres, o 76.9% estaban casados, o 69.2% pertencían á clase media cuns ingresos familiares menores a 2000 euros nun 53.8% dos casos, e estudos secundarios no 61.5%. O tempo dedicado ao coidado do familiar é intenso e continuado, cunha media de 13.8 horas diarias dedicadas ás labores de coidado durante unha media de 5.6 anos. Ademais, o 92.3% informaron vivir

coa persoa coidada na mesma residencia, e o 30.8% dos suxeitos compatibiliza o coidado cun emprego fóra da casa (ver Táboa 1). Utilizouse a versión española da *Escala de Carga do Coidador* (CBI; Martín et al., 1996) e a versión española da *Symptom Checklist 90 Revised*

CARACTERÍSTICAS	N	%
Idade		
<i>M</i>	59.85	
<i>DT</i>	11.85	
Sexo		
Muller	10	76.9
Home	3	23.1
Estado civil		
Solteiro	3	23.1
Casado	10	76.9
Clase social		
Baixa/media-baixa	2	15.4
Media	9	69.2
Media-alta/alta	2	15.4
Ingresos mensuais por unidade familiar		
Até 1999 euros	7	53.8
De 2000 euros en diante	5	38.5
Non sabe/Non contesta	1	7.7
Nivel de estudos		
Primarios	4	30.8
Secundarios	8	61.5
Universitarios	1	7.7
Horas diarias dedicadas ao coidado		
<i>M</i>	13.8	
<i>DT</i>	6.3	
Tempo coidando (anos)		
<i>M</i>	5.6	
<i>DT</i>	5.1	
Vive coa persoa que coida		
Si	12	92.3
Non	1	7.7
Emprego fóra da casa		
Si	4	30.8
Non	9	69.2

TÁBOA 1. Características sociodemográficas da mostra (N=13)

(SCL-90-R; González de Rivera, de las Cuevas, Rodríguez e Rodríguez, 2002) para avaliar a sobrecarga do cuidador e o grao de malestar psicológico, respectivamente. Para a análise dos datos empregouse o paquete estatístico SPSS para Windows (versión 15.0).

Resultados

A puntuación media da CBI foi de 38.9 ($DT = 12.14$). Un 30% dos suxeitos obtiveron unha puntuación total igual ou maior a 46 (punto de corte) en dita escala. Os ítems que obtiveron máis respostas afirmativas nesta escala foron o 2 (“Pensa que debido ao tempo que dedica ao seu familiar non ten suficiente tempo para vostede?”) cun 100%, o 8 (“Pensa que o seu familiar depende de vostede?”) cun 100%, e o 22 (“Globalmente, que grao de carga experimenta polo feito de coidar do seu familiar?”) onde un 100% afirmaron experimentar unha sobrecarga subxectiva de moderada a extrema (ver Figura 1).




FIGURA 1. Sobrecarga dos cuidadores na CBI

Con respecto ao malestar psicológico, o índice global de severidade da SCL-90-R alcanzou un centil de 85. Todas as dimensións rexistradas na SCL-90-R situáronse por cima da media para o seu grupo normativo (ver Táboa 2).

TÁBOA 2. Malestar psicológico dos cuidadores na SCL-90-R

DIMENSIÓN SINTOMÁTICA	PUNTUACIÓN DIRECTA		CENTIL	PUNTUACIÓN TÍPICA
	<i>M</i>	<i>DT</i>		
SOMATIZACIÓN	1.16	.57	80	58
OBSESIÓN-COMPULSIÓN	1.42	.84	90	63
SENSIBILIDADE INTERPERSOAL	.97	.80	80	60
DEPRESIÓN	1.50	.83	85	60
ANSIEDADE	.95	.59	80	58
HOSTILIDADE	.85	.90	80	58
ANSIEDADE FÓBICA	.43	.49	70	55
IDEACIÓN PARANOIDE	.78	.69	80	58
PSICOTICISMO	.55	.54	85	60
ESCALA ADICIONAL	1.01	.58		
ÍNDICE GLOBAL DE GRAVIDADE (GSI)	1.01	.58	85	60
ÍNDICE DE DISTRESE DE SÍNTOMAS POSITIVOS (PSDI)	1.87	.52	60	53
TOTAL DE RESPONSTAS POSITIVAS (PST)	46.38	18.16	90	63

As dimensións sintomáticas nas que se obteñen maiores puntuacións centiles son Obsesión-Compulsión (centil 90), Depresión (centil 85) e Psicoticismo (centil 85). Observouse unha correlación significativa positiva de $r = 0.67$ ($p < 0.05$) entre as puntuacións de CBI e SCL-90-R.

Conclusiones

- A sobrecarga desta mostra caracterízase polo alto grao de dependencia do familiar con demencia con respecto ao cuidador, que repercute na perda de tempo persoal do cuidador e a dificultade para compatibilizar as tarefas de coidado con outras responsabilidades e coas relacións sociais.

- O malestar psicológico maniféstase cunha alta intensidade na sintomatoloxía psicolóxica de todas as dimensións avaliadas.
- A alta correlación encontrada entre sobrecarga e malestar psicológico reflicte o sufrimento persoal experimentado polos cuidadores informais con sobrecarga.
- Futuras investigacións poderían estudar programas de prevención e intervención na redución do malestar emocional dos cuidadores informais con alto grao de sobrecarga.


Bibliografía

- Brodaty, H., Green, A. e Koschera, A. (2003). Meta-analysis of psychosocial interventions for caregivers of people with dementia. *Journal of the American Geriatrics Society*, 51, 657-664.
- González de Rivera, J.L., de las Cuevas, C., Rodríguez, M. e Rodríguez, F. (2002). *Cuestionario de 90 síntomas (SCL-90-R)*. Madrid: TEA Ediciones.
- Martín, M., Salvado, I., Nadal, S., Mijo, L.C., Rico, J.M., Lanz, P. et al. (1996). Adaptación para nuestro medio de la escala de sobrecarga del cuidador (Caregiver Burden Interview) de Zarit. *Revista de Gerontología*, 6, 338-346.
- Papastavrou, E., Kalokerinou, A., Papacostas, S.S., Tsangari, H. e Sourtzi, P. (2007). Caring for a relative with dementia: Family caregiver burden. *Journal of Advanced Nursing*, 58, 446-457.
- Pinquart, M. e Sörensen, S. (2003). Differences between caregivers and noncaregivers in psychological health and physical health: A meta-analysis. *Psychology and Aging*, 18, 287-267.

Agradecementos

Esta investigación foi financiada polo Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais a través do Proxecto 2007/PN018. Así mesmo, expresar o noso agradecemento ás Asociacións de Familiares de Doentes de Alzheimer: AFACO (A Coruña) e AGADEA (Santiago de Compostela).

A INTERCONSULTA: A PSICOLOGÍA CLÍNICA



Manuel Castro Bouzas

F.E.A. en Psicología Clínica, Servizo de Psiquiatría

Área Sanitaria de Ferrol

RESUMO

Desde os avances e melloras que a Psicología Clínica aporta ás actividades do enlace con outras especialidades defínense os atrancos, mais tamén se suxiren diferentes solucións ou abordaxes aos mesmos desde a experiencia propia nestes 3 últimos anos.

Palabras chave: *Psicología Clínica, Enlace, Planificación Sanitaria.*

ABSTRACT

Clinical Psychology allots its improvements and advances to liaison activities with other health specialities. On that way many obstacles are found, but taking into account my last three years of experience several suggestions about how could be sorted those difficulties out.

Key words: *Clinical Psychology, Liaison, Health Planification.*

Introdución

A presenza da Psicoloxía Clínica dentro do hospital vai camiño de ser a concreción do dito de que “O inferno está cheo de boas intencións”: non faltan textos oficiais que falan no sector sanitario de cubrir as necesidades psicolóxicas dos pacientes. Pero xunto con tanto papel e tinta pouco máis hai.

Neste momento volve haber un certo uso do termo “psico”, aínda que temo que máis por inercia que por unha comprensión cabal e franca das implicacións do termo “biopsicosocial”. A lectura das diferentes estratexias nacionais (v.g. cancro) e autonómicas (v.g. coidados paliativos) sobre diferentes trastornos e doenzas sustentan ás claras esta afirmación: cancro, paciente xeriátrico e coidados paliativos cando menos. Pero en ningunha parte se aclara como cubrir estas necesidades: deben supor que os Servizos de Psiquiatría os cobren. Pero os Servizos de Psiquiatría tenden a contratar psiquiatras. Ou cando menos iso afirmo publicamente eu. Pero tamén a Estratexia de Saúde Mental que recolle nas súas táboas de contratacións fundamentalmente de Psiquiatras, e non doutros profesionais. Pero falemos de Interconsulta e Enlace.

Marco legal destes programas

O decreto 389/1994 establece dentro das funcións das UHP a realización das actividades de Interconsulta e Enlace, atendendo estas demandas, pero sen resolver a súa organización interna.

Posteriormente, no ano 2008 publícase o “Programa de interconsulta e enlace hospitalario en psiquiatría”, no que a pesar do seu nome estamos incluídos. Definen as actividades de interconsulta e enlace desde e arredor da Psiquiatría. Mesmo cando falan das funcións do Persoal de Enfermaría indican que “Libera ao psiquiatra de certas tarefas”. Neste documento, porén, indica a necesidade de crear as Unidades de Psiquiatría de Interconsulta e Enlace (UPIE) cunha serie de requirimentos de recursos humanos e técnicos, nas que se contempla a presenza dun “Psicólogo Clínico”. Pero isto último supóñoo, xa que aparece “Psicólogo”. A teimosía en esquecer o nome correcto da especialidade non deixa de ser analizábel nas persoas que ocupan a actual Subdirección de Saúde Mental e Drogodependencias.

Por outra banda debo recoñecer que me sinto incómodo co propio termo UPIE. Eu defendo expresamente o termo “Unidade de Interconsulta e Enlace” (UIE) que como tal pode estar adscrita ao Servizo de Psiquiatría, de Saúde Mental ou calquera outro.

Baseándome no anterior indico que hai un marco legal. Hai un documento aproveitábel en moitos dos seus elementos, no que me irei apoiando cando o considere necesario. Hai un traballo que desenvolver de forma conxunta con outros especialistas. E especialmente xunto cos Psiquiatras, que como disciplina levan moito máis camiño percorrido, máis experiencia acumulada e cos que resulta inevitábel e desexábel establecer áreas de traballo, e de quen temos moito que aprender. Pero hai cousas que temos que ir definindo e asentando.

Definicións

Vou definir a Psicoloxía Clínica de Interconsulta e de Enlace como aquela área funcional de intervención nas necesidades de saúde mental que teñen os pacientes ou usuarios doutros servizos ou unidades sanitarias mentres se encontran nun programa de intervención. As intervencións poderán ter obxectivos clínicos (mellorar os síntomas dos pacientes ou intervencións coas familias), formativos, de xestión ou de investigación.

Isto implicaría que as características das intervencións poden ser definidas por diversas dimensións. Así cando menos teríamos como criterios definitorios os elementos psicopatolóxicos presentes (v.g. reaccións maladaptativas), as necesidades específicas dos pacientes (v.g. persoas con tumor de mama) ou intervencións previstas dentro dun protocolo (v.g. unidade da dor). Estes serán aspectos a definir na medida que se vaia producindo a formación.

De igual xeito habería que diferenciar os programas de Interconsulta dos de Enlace. O documento do Servizo Galego de Saúde (2008) indica que a actividade de interconsulta tería a acción directa co paciente, sería tras petición concreta, tería un carácter discontinuo e non sería programábel en xeral.

Por outra banda, a actividade de enlace articularíase en programas concretos, de carácter regular e sistemático e cunha actividade programábel e estábel.

Nestas liñas centrareime nas actividades que se adscribirían ao Programa de Interconsulta, e da experiencia acumulada na súa execución.

Obxectivos

Dentro dos programas de intervención desde a Psicoloxía Clínica, eu considero diversos principios que creo conveniente especificar (González de Rivera, 2000):

- A Saúde e a doenza son estados determinados por múltiples factores biolóxicos, psicolóxicos e sociais: e non hai liñas inequívocas entre os dous.
- Os acontecementos nun nivel afectan aos seguintes.
- O diagnóstico non só debe ser da doenza particular: hai que considerar o paciente na súa totalidade.
- Hai que considerar os factores psicolóxicos e sociais ao considerar medidas preventivas e terapéuticas.
- As relacións do paciente co seu entorno inflúen no decurso e eficacia do tratamento.
- A terapia psicolóxica é eficaz cando intervén nalgún dos compoñentes que inflúen na aparición ou evolución da doenza.

Os obxectivos desde estes principios sería, polo tanto, a consideración real das realidades psicolóxica, biolóxica e social que afectan á evolución dunha determinada persoa cunha determinada doenza.

Desde a perspectiva da Interconsulta, o contacto co paciente é transversal e concreto. A unha única petición sobre un paciente respóndese de forma puntual, cunha ou poucas máis sesións, pero en todo caso centradas no episodio concreto. Se a demanda fora un proceso tributario dunha intervención máis prolongada, sería aplicábel dentro doutro dispositivo ou programa.

Ao abeiro deste marco as funcións descritas do Psicólogo Clínico son (Servizo Galego de Saúde, 2008) dentro da UIE a avaliación psicolóxica, o tratamento psicolóxico do paciente e da súa familia, actuar como consultor e a prevención mediante actividades, entre outras, psicoeducativas.

Cal é a súa importancia respecto do benestar do paciente hospitalizado?

O malestar emocional e as reaccións maladaptativas nas que non se intervén poden ter diferentes efectos nalgúns das variábeis relacionadas coas estadias hospitalarias e a posterior evolución dos pacientes:

- Incremento do número de estadias e no número total de días nos seguintes 4 anos.
- Diagnósticos incertos cun incremento no gasto de probas diagnósticas e de riscos para os pacientes.
- Incremento na cantidade de medicación xunto cun incremento nos efectos secundarios.
- Incremento no uso de recursos que non son propios de saúde mental.
- Decremento na efectividade das intervencións.

A propia actividade de interconsulta busca influír nas mesmas, procurando unha maior eficiencia en todo o proceso de hospitalización desde o punto de vista do xestor sanitario, sensibiliza cara certos aspectos e outorga unha atención máis adecuada desde o punto de vista do clínico e unha intervención máis enfocada cara as necesidades (percibidas ou non) desde o punto de vista do paciente.

Algunhas experiencias en Ferrol

A páxina web da Consellaría de Sanidade infórmanos que a Área Sanitaria de Ferrol proporciona asistencia sanitaria pública a aproximadamente 194.000 habitantes, das cales un 25% superan os 64 anos. Dentro do que é a área de hospitalización conta con 389 camas. Recoméndanse cando menos 1 FEA de Psiquiatría por cada 300 camas e 1 FEA de Psicoloxía Clínica por cada 500 camas. Tamén se recomenda a inclusión de persoal de enfermaría en cada UIE. A dotación mínima en Galicia é de 1 psiquiatra, 1 psicólogo clínico, 1 DUE e apoio

administrativo, dependendo do incremento das necesidades asistenciais, e que iso sería, cando menos, por área sanitaria, ao mesmo tempo que de locais axeitados (Sergas, 2008).

Pero a ASF non ten aínda constituída a súa UIE. E imos resolvendo con esta característica tan frecuente do país de papel no que vivimos: cando algo se escribe é como se xa adquirira corporeidade e se aplicara automaticamente na realidade. Iso explica a existencia de tantos plans e de tan poucas realidades.

Asumindo o devandito, a mecánica na miña experiencia consiste na remisión dunha folla de interconsulta na que se recolle a información clínica e persoal máis relevante e o obxectivo da intervención. De igual modo, o facultativo que solicita a consulta indica o grao de urxencia da mesma, que pode ser “no día”, urxente (nun período de 24 horas) ou ordinaria (non hai un tempo determinado pero raramente superior ás 72 horas). Este tipo de peticións faise única e exclusivamente con aqueles pacientes que están hospitalizados.

Acódese a xunto do paciente e realízase unha valoración a pé de cama. Non sempre as condicións son as mellores (paciente deitado con dificultades de mobilidade, os pacientes doutras camas, ausencia de áreas de exploración adecuadas, coincidencia con outras probas ou con algo tan normal como as comidas, ruídos ambientais) nin sempre son voluntarias.

Perante unha petición de interconsulta non considero positivo ir cunha idea preconcebida tirada da folla de información. Ás veces os obxectivos dos facultativos son distintos dos estritamente terapéuticos, como por exemplo forzar un ingreso involuntario de forma indirecta para atender unha patoloxía somática. Noutros casos buscan “acelerar” reaccións que teñen o seu propio *tempo* e que non teñen por que cadrar coas necesidades nun momento dado de altas ou de camas dun Servizo.

O que si resulta imprescindible é a lectura da historia clínica previa para comprobar a súa evolución e situación previa. O contacto co persoal de enfermaría resúltame imprescindible, alén do que aparece nas notas: son os profesionais que máis tempo pasan en contacto, iluminando cadros ou reaccións, por outra banda obscuros.

En xeral, o tipo de demandas atendidas están asociadas a reaccións maladaptativas tanto de carácter ansioso coma afectivo, problemas na adherencia de tratamentos, a presenza de síntomas psicopatolóxicos relevantes (axitación, ideación psicótica, síntomas somatomorfos, ideación suicida,...), o uso de tóxicos, alteracións na alimentación, dificultades no control hospitalario do paciente, a idoneidade para algunha intervención determinada ou a intervención coa familia. Estas non esgotan o abano de posibilidades.

Para acadar o noso obxectivo de favorecer a evolución do paciente, e integralo dentro da toma de decisións terapéuticas, debemos atender á nosa propia dinámica de intervención. Principiando pola valoración psicolóxica e, dentro delas, están tanto a entrevista clínica como o uso de instrumentos psicométricos que poden resultar de interese e cando resulten factíbeis na súa aplicación. A mesma debe proporcionarnos un cadro que poder comunicar ao facultativo

responsábel do caso; información relevante sobre o que está a acontecer e, por outra banda, axudar na planificación das seguintes intervencións terapéuticas.

No caso de intervención *in situ* polo psicólogo clínico, a intervención deberá considerar a prioridade e rapidez posíbel na resposta, aos recursos dispoñíbeis (individuais ou familiares) e ao contexto no que se dá. As intervencións en crise, de intensidade elevada, son as máis usadas para intervir en cadros de negativas ao tratamento, altas voluntarias, malas novas, conduta agresiva ou interferencia familiar. Outros cadros de natureza claramente reactiva tanto de tipo depresivo coma ansioso, serían tributarios de frecuentes visitas durante o ingreso centrados na resolución de problemas concretos, habilidades de autocontrol emocional e as habelencias interpersoais.

Para outro tipo de intervencións máis oportunas en contextos ambulatorios é necesario un traballo coordinado entre o dispositivo de interconsulta e o ambulatorio que, na miña opinión, aínda non está establecido.

De canto falaríamos?

En xeral o Servizo Galego de Saúde informa que o número de interconsultas de tódalas áreas está entre o 1,53% e o 3,43% respecto das altas. E que o número de visitas de media entre 1,14 e 2,7. Demasiada variabilidade como para poder dar información concreta que, por outra banda, non se rexistra adecuadamente en moitas ocasións.

Tampouco coñezo que se faga ningún seguimento nin algunha valoración das nosas intervencións. Hai indicios de que o resultado sería satisfactorio. No seguimento de case 100 pacientes (Rigatelli, 2001) vistos en interconsulta hospitalaria por psiquiatría atopouse que trala alta aos 3 meses, o 82,4% dos médicos de cabeceira estaban informados da interconsulta, estando de acordo o 81.0% coa necesidade da consulta, e tendo un 83.1% de pacientes que pensan que foi positivo. Indicárase farmacoterapia ao 68% (cumpridores 70.7%), terapia psicolóxica ao 12% (72.7%), combinadas ao 13% (58,3%) e outros ou nada ao 7%. Os cumpridores teñen unha O.R. 8.2 (2.8-24.3) de mellorar fronte aos non cumpridores.

Cales son os atrancos?

Fun vendo uns cantos neste tempo de actividade:

- Ficar só no inmediato e no sintomático que, se ben é o que hai que abordar nun primeiro momento, non se continúa posteriormente noutro dispositivo, e se estraça ese traballo inicial.
- “Disto todo o mundo sabe, todo o mundo opina e todo o mundo fai”. En presenza de prexuízos e en ausencia de recursos técnicos para a súa abordaxe acontece que se solicitan valoracións e/ou intervencións coa idea de que íamos participar na

convicción preconcebida do facultativo que remite. Ás veces isto fai que cubramos unha páxina máis que engorde o seu historial.

- “As actividades terapéuticas iniciadas non se manteñen durante o ingreso”. Pode estar asociado coa presenza intermitente de quen comeza as actividades, coa indiferenza do resto dos facultativos e coa escasa concreción da demanda da abordaxe. Para que estas actividades inflúan de modo relevante na evolución do paciente, ese mantemento é imprescindible.

- “Ás veces o paciente non sabe que fago eu aquí”. E isto obrígame a “gañarme” un paciente que inicialmente me ve como un inimigo confabulado co médico que pensa que todo está na súa cabeza. É básico traballar en como se dá a información e como se xustifican as intervencións doutros profesionais cos enfermos.

- “Non vos poñedes de acordo”. Primeiro haberá que saber do que falamos, e para iso compre facer unha avaliación de “isto”. Poderase dicir que a coincidencia entre un psiquiatra e un psicólogo clínico é baixa. Pero non creo que máis baixa cá coincidencia entre calquera outros 2 profesionais (urólogo e oncólogo).

- “Isto cun comprimido resólvese”. Están os que defenden xa non a primacía das medidas farmacolóxicas sobre outras, senón mesmo a súa exclusividade. Ignoro en que datos está baseada esta afirmación. Creo que nalgúns casos e nalgúns síntomas as medidas farmacolóxicas son adecuadas e necesarias. De igual modo que noutros casos son contraproducentes. E o mesmo dicir das intervencións psicolóxicas ou das combinadas.

- “É que non teñen experiencia!” Esta falta de experiencia ás veces vén referida á experiencia suposta do profesional neste campo. Esa é unha verdade a medias, xa que na execución do programa formativo da especialidade de Psicoloxía Clínica con frecuencia a interconsulta non ten a presenza adecuada. E pola outra, o facultativo que solicita moitas veces non ten experiencia nin nos modos de traballo do psicólogo clínico nin nas ferramentas terapéuticas usadas.

En ocasións o relatorio das queixas entra no de axudar na busca de solucións. Hai unha parte importante que nos toca a nós como profesionais e como formadores (algúns) que é a introdución da rotación de interconsulta e enlace como un elemento básico e programado. Creo deberían ser consideradas interconsulta e enlace como dous elementos diferentes. Outro elemento importante é a experiencia con outros profesionais no traballo conxunto, máis acesíbel a través dos programas de enlace.

O desenvolvemento de programas de tratamento intensos e que combinen os aspectos presenciais do facultativo, a intervención a través dos plans de coidados en colaboración con enfermaría (e redefinidos como programas operantes), a intervención familiar e o uso de

material gráfico ou lecturas de apoio debería ser un obxectivo a medio prazo por parte dos psicólogos clínicos.

Na medida en que vaia habendo unha familiaridade coas nosas intervencións e as mesmas dean resposta nun período aceptábel de tempo ás necesidades detectadas polos outros facultativos, iranse resolvendo outros dos problemas de coordinación. Ou na medida en que modifiquemos esa demanda, sempre na procura da mellora do paciente, comezaremos a integrarnos de forma eficiente noutros equipos.

Conclusiones

A pesar do título dalgún artigo de Infocop (Albarracín et al., 2008) as unidades de asistencia psicolóxica non existen dentro dos hospitais (En realidade o título “La labor del psicólogo en una unidad de psicología de un hospital público” queda desmontada na páxina 24 cando no derradeiro parágrafo falan da “Unidade Funcional de Psicología Clínica”).

As unidades de psicología clínica están incipientes, camiñando con certa fraxilidade, sobre todo se están, aínda que sexa parcialmente, sobre os ombros de “...bolseiros”. Os contrarios a esta implicación non faltan nin na propia Administración Sanitaria, nin nalgúns responsábeis dos Colexios Profesionais, e tampouco na bibliografía, xa que o propio González de Rivera (2000) remata precavendo contra as psicoloxías de interconsulta e outras versións descafeinadas.

Como carezo deses elementos asentados na realidade institucional irei polos que fun asentando na práctica cotiá:

1. papel da Psicología Clínica nas actividades de interconsulta está baseado tanto no tipo de demanda que fan outros Servizos ou Unidades como na avaliación e/ou na resposta eficaz e eficiente que se lle poden dar desde a propia disciplina. Esa é a miña experiencia.
2. É a nosa responsabilidade incrementar a calidade das nosas intervencións desde a formación recibida na especialidade e da aprendizaxe na xestión e control de equipos multidisciplinares.
3. anterior non é posíbel de ser aplicado sen a implicación dos propios profesionais, pero tamén desde o apoio da Administración Sanitaria. A mesma xa non pode seguir escudándose en prexuízos sen apoio dos datos dispoñíbeis.
4. A intervención con ferramentas psicolóxicas e seguindo unha adherencia adecuada consegue resultados moi positivos tanto para o paciente como para o Sistema Sanitario Público cando se compara coa non intervención ou con baixa adherencia.
5. As cifras actuais recomendadas son adecuadas para as actividades de interconsulta. Quedaría por ver a súa adecuación de se inclúen os programas de enlace, xa que estes esixen unha intervención baseándose en criterios diferentes do estrito referido ao número de camas.

Bibliografía

Albarracín Garrido, Diego & de Vicente, Aída (2008): La labor del psicólogo en una unidad de psicología de un hospital público. *Infocop*, 40, páxinas 21-24.

González de Rivera Revuelta, J.L. (2000): El desarrollo histórico de la consulta psiquiátrica en el hospital general: de la medicina psicosomática ala psiquiatría de enlace. *Psiquis*, 21(1): pp 1-16.

Rigatelli, M.; Casolari, C.; Massari, I. E outro (2001): A follow-up study of psychiatric consultations in the general hospital: what happens to patients after discharge. *Psychotherapy and psychosomatics*, 70(5), pp 276-282

Sergas (2008): Programa de interconsulta e enlace hospitalario en psiquiatría. Xunta de Galicia

PSICOLOXÍA CLÍNICA E PROGRAMAS DE ENLACE: COIDADOS PALIATIVOS



Irene Esperón Rodríguez
Psicóloga Clínica CHUVI.

RESUMO

Na presente comunicación tratarei acerca dos programas de enlace en Psicoloxía (descrición, situación actual en Galicia, etc.) para, a continuación, expor un Programa de Enlace en Coidados Paliativos.

Palabras chave: Programa de Enlace. Coidados Paliativos. Interconsulta. Psico-oncología. Psicoloxía Clínica.

ABSTRACT

In this presentation about Liaison programs in Psychology (description, current situation in Galicia, etc), then expose a Liaison Program in Palliative Care

Key words: Liaison Program. Palliative Care. Consultation. Psycho-oncology. Clinical Psychology.

Introducción: Orixe Programas Enlace en a miña experiencia

Correspóndeme neste Congreso falar acerca dun tema que, de inicio, se me permitides, contextualizarei dentro da superación na práctica médica actual do dualismo corpo-mente e da consideración moderna de “paciente” como individuo autónomo e competente. Case toda a miña vida profesional até o momento, estivo ligada á Interconsulta e Programas de Enlace en Psicoloxía: no meu último ano de residencia elixín de rotación externa a Unidade de Psico-oncoloxía no Gregorio Marañón (Madrid); nas Palmas de Gran Canaria traballei dous anos na UIPE (Unidade de Interconsulta e Psiquiatría de Enlace) e comecei a traballar no ano 2000 a tempo parcial no Hospital Xeral, en Vigo. Dentro da implantación do Plan de coidados paliativos en Galicia créase en outubro de 2006 a Unidade de Coidados Paliativos no Hospital Nicolás Peña e, desde entón, é alí onde levo a cabo a miña actividade laboral, a tempo compartido entre esta unidade, a unidade de Agudos de Psiquiatría e o resto da interconsulta hospitalaria. En Canarias formei parte dun equipo consolidado e cando cheguei a Vigo encontréime sendo unha “unidade” en sentido estrito: os psiquiatras levaban a interconsulta compartida cunha USM e cada mes viña un facultativo distinto. O feito de ter vivido unha experiencia previa salvoume do “naufraxio” nun Hospital onde o psicólogo era un personaxe anovado ao que encomendar tarefas “difíciles”, a maior parte das veces fóra da súa competencia profesional: dicirlle a un paciente o seu diagnóstico de cancro, comunicar a noticia dun falecemento, etc. Neses anos (de 2000 a 2006) alén da interconsulta, puxen en marcha varios programas de enlace, uns con máis éxito que outros: hemato-oncoloxía, oncoloxía xeral, unidade de dor, trastornos de alimentación e xine-oncoloxía (cancro de mama).

O feito de incorporar psicólogos nos hospitais vén de concibir ao ser humano como un todo dentro dunha filosofía de humanizar o trato ao paciente nuns parámetros novos de actuación. Estes inscíbense nos que xa coñecesdes principios fundamentais da Bioética (autonomía, non maleficencia, beneficencia e xustiza), incorporando ao paciente no proceso asistencial. Surxe entón a necesidade de establecer unha relación de “simetría moral”, na que é preciso explorar o proceso de enfermar a través da subxectividade do enfermo. Supérase, desta maneira, o modelo clásico sanitario, herdeiro da ética hipocrática, na cal o paciente é un receptor pasivo de coidados para pasar a un tipo de “relación deliberativa”(en palabras de Diego Gracia, experto recoñecido en Bioética), onde se comparte información e emocións co paciente dentro do respecto aos principios bioéticos mencionados. Todo iso reflectido en leis, algunhas de recente aprobación, que dan consistencia a este cambio de perspectiva de intervención: Convenio relativo aos dereitos humanos e á biomedicina, Oviedo,1997; lei 3/2001 de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, modificada pola Lei 3/2005, de 7 de marzo; Lei 41/2002, de 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e dos dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica; Real

Decreto 124/2007, de 2 de febreiro, polo que se regula o rexistro nacional de instrucións previas e o correspondente ficheiro automatizado de datos de carácter persoal; e Decreto 259/2007, de 13 de decembro, polo que se crea o Rexistro Galego de Instrucións previas sobre coidados e tratamento da saúde. Dentro deste contexto o psicólogo ten cabida como experto en comunicación e digamos “mediador en propósitos”. O paciente de hai non tantos anos, que delegaba a súa vida no médico é agora unha persoa competente, informada, autónoma e co dereito de decidir; os profesionais da psicoloxía debemos participar nesta “individualización da asistencia”. En todo este contexto enmárcase o obxectivo da miña intervención de hoxe, que son os Programas de Enlace.

Programas de Enlace: Concepto e situación actual en Galicia

Os programas de Enlace son programas de asistencia concretos. Esta actividade desenvólvese mediante o contacto regular do persoal da Unidade de Interconsulta e Psiquiatría de Enlace (UIPE) co servizo destinatario. **O obxectivo principal é o asesoramento do persoal facultativo e asistencial para recoñecer/controlar e, se for posíbel, prever os problemas psicosociais e psiquiátricos do paciente.** Máis especificamente, os obxectivos serían: a atención polo especialista dos problemas emocionais e cognoscitivos dos pacientes médicos e cirúrxicos; a intervención precoz e oportuna nos casos psiquiátricos que se identifiquen; a capacitación do médico non especialista, residentes, internos e persoal non médico, no recoñecemento de problemas comúns na práctica médica: factores estresantes psicosociais, problemas de saúde mental e síntomas psiquiátricos... etc. e a atención primaria dun bo número de pacientes que por diversas razóns non acederán á atención psicolóxica especializada. Considérase necesario o desenvolvemento de programas específicos, entendendo por iso o conxunto de actuacións mantidas de tipo preventivo, asistencial e docentes dirixidas a cumprir un obxectivo ben definido, en relación a aqueles problemas que pola súa propia natureza, prevalencia, incidencia e/ou importancia sociosanitaria o precisaren. A demanda dos Servizos esixe desenvolver toda unha serie de programas de enlace, tales como: coidados paliativos, transplantes, trastornos da conduta alimentar e outras doenzas endócrinas, clínicas da dor, detección e avaliación de deterioro cognitivo, psico-oncoloxía, obesidade mórbida... etc. Todas estas actividades de enlace deberán ser realizadas por persoal do SERGAS debidamente cualificado e integrado nas UIPE. Como é lóxico os obxectivos asistenciais en concreto virán determinados pola problemática médica en concreto dun programa de enlace dentro dunha patoloxía/servizo determinado. Na guía recentemente publicada polo SERGAS “Programa de interconsulta e enlace hospitalario en psiquiatría”, de cuxo grupo técnico de traballo formei parte no seu momento, aparece o seguinte gráfico tendo como fonte os profesionais dos servizos de Psiquiatría dos distintos hospitais cos programas de enlace e recursos persoais en cada área:

COMPLEXOS HOSPITALARIOS	PROFESIONAIS* Tempo. Utilizado**	PROGRAMAS DE ENLACE ACTIVIS	DOXENCIA
C.H.U. JUAN CANALEJO A CORUÑA	PSIQ.: 1 TC 1 TP(I) PSIC.: 1 TC 1 TP(III)	- Trasplante cardíaco e hepático - Unidade de lesionados medulares - Gastroplastia - Impotencia - Psicohemato-oncología	MIR PSIQUIATRÍA MIR NFL E FAMILIA ROTATORIOS MEDIC. PRACTICUM PSICOL.
C. H. XERAL-CALDE DE LUGO	PSIQ.: 1 TP(IV) PSIC.: 1 TC	- T. C. Alimentaria - Ciruxía bariátrica	MIR DE FAMILIA ROTATORIOS MEDIC.
C. H. DE OURENSE	PSIQ.: 1 TP(III) PSIC.: 1 TP(I)	- Clínica dor - Detección e aval. deterioración cognitiva	MIR PSIQUIATRÍA MIR M. INTERNA PIR
HOSPITAL XERAL CIES – VIGO (C H U VI)	PSIQ.: 1 TP(III) PSIC.: 1 TP(IV)	- Psico-oncología - T. C. alimentaria - Clínica Dor	MIR PSIQUIATRÍA MIR M. FAMILIA PIR PRACTICUM PSICOL.
HOSPITAL DO MEIXOEIRO (C H U VI)	PSIQ.: 1 TP(III) PSIC.: 1 TP(I)	- Clínica Dor - T. C. alimentaria - Ciruxía bariátrica - Aval. neuropsicológica demencia	MIR M. FAMILIA ENFERMERÍA S.M.
COMPLEXO H. DE SANTIAGO	PSIQ.: 1 TP(III) 1 TP(I) PSIC.: 1 TP(IV)	- Ciruxía Parkinson - Ciruxía epilepsia - Aval. Neuropsicológica TCE	MIR PSIQUIATRÍA PIR ROTATORIOS MEDIC. PRACTICAS MEDIC
C.H.A.MARCIDE-P.N.SANTOS	PSIQ.: 1 TP(I) 1 TP(I) PSIC.: 1 TP(I)	- Clínica dor	MIR M. FAMILIA ROTATORIOS MEDIC. PIR PRACTICUM PSICOL.
COMPLEXO H. DE PONTEVEDRA	PSIQ.: 1 TP(IV)		MIR M. FAMILIA ROTATORIOS MEDIC.

* Psiquiatra: PSIQ. - Psicólogo: PSIC.

** TC: dedicación completa TP: dedicación parcial: Tipo I (0 a 4 h./semana), Tipo II (5 a 10 h./s.), Tipo III (11 a 19 h./s.), Tipo IV (> de 20 h./s.)

GRÁFICO de “Programa de interconsulta e enlace hospitalario en Psiquiatría”, Servizo Galego de Saúde, Xunta de Galicia.

Actualizando este gráfico no ano 2009 poden introducirse as seguintes modificacións: en Lugo engádense os programas de cirurxía bariátrica, obesidade infantil, trastornos da conduta alimentar e intentos autolíticos en menores de 25 anos; na Coruña hai dous psicólogos a tempo parcial (un tres mañás e outro unha mañá); en Ferrol ademais de coa Unidade de Dor existen actualmente programa de Coidados Paliativos, Hospital de Día de Oncoloxía e Atención Precoz; en Vigo actualmente hai un psiquiatra e un psicólogo clínico a tempo total no Hospital Xeral, que mantiveron e implementaron os programas descritos con outros como VIH; en Santiago engádense: atención psicolóxica a pacientes con doenza de Huntington, VIH e hemato-oncología. Destacar que nos distintos hospitais se están a levar a cabo tamén programas específicos cos servizos de Pediatría por parte de profesionais de saúde mental infanto-xuvenil.

A Psicoloxía de Enlace é, pois, unha forma de abordar ao paciente cunha condición médica de base e que presenta un trastorno mental ou do comportamento. Inclúe tamén as alteracións emocionais que surxen en relación aos diagnósticos e tratamentos médicos. Non se trata só ao paciente senón que ademais trata á familia e o equipo que trata a condición médica do paciente; trátase, pois, dunha abordaxe integral.

Coidados Paliativos: Un Programa de Enlace

Pasarei a centrarme agora nun exemplo de todo o exposto até agora no ámbito dos coidados paliativos, onde se desenvolve actualmente a maior parte da miña labor asistencial. Se todo proceso que ameaza a saúde supón no individuo e a súa familia un importante desequilibrio

psíquico, imaxinemos o impacto que pode provocar catalogar a alguén como “doente paliativo”. Da mesma maneira, se o persoal sanitario se enfrenta na súa rutina diaria con situacións complexas pola implicación emocional que supoñen, moito máis neste tipo de pacientes/familias.

O Plan de Coidados Paliativos é aquel que desenvolve a atención a pacientes diagnosticados de doenzas oncolóxicas e/ou non oncolóxicas progresivas e en estado avanzado, nos que dado o seu pronóstico limitado, a prioridade é proporcionar os coidados necesarios para atender as necesidades físicas, psicosociais e espirituais do paciente e da súa familia. A Doenza Avanzada e Complexa (DAC) sería aquela que pola súa historia natural e/ou complicacións diagnóstico-terapéuticas xera no paciente e familia necesidades heteroxéneas de difícil solución e grande impacto físico, psicolóxico, social ou espiritual; acostuma tratarse de doenzas crónicas ou cronificadas con distintas etapas evolutivas nas que o tratamento específico modificador da historia natural da doenza pode ser beneficioso para o paciente, integrado cos coidados e medidas que respondan e resolvan as necesidades complexas de paciente e familia. **A complexidade pode vir dada por factores dependentes da propia doenza, do paciente e/ou do seu entorno, do coidador ou das medidas diagnóstico-terapéuticas.**

As DAC acostuman desembocar na etapa de doenza-doente terminal. É dicir, tratamentos ou coidados paliativos non é equivalente a paciente/etapa terminal. A decisión por parte do persoal clínico para definir a un paciente como avanzado ou terminal debe ser tomada por profesionais cualificados, con experiencia asistencial, estando suxeita a revisión permanente. **Segundo o Plan Nacional de Coidados Paliativos o obxectivo fundamental ten que ser a promoción do confort e da calidade de vida do doente e da familia, baseado no control de síntomas, no soporte emocional e na comunicación.** O Subcomité europeo de Coidados Paliativos insiste neste aspecto e considera que os coidados paliativos abarcan a **asistencia total, activa e continua** dos pacientes e das súas familias, e que estes coidados deberán ser impartidos por un **equipo multiprofesional** cando a expectativa médica non é a cura; non se intenta prolongar a supervivencia, senón darlle calidade de vida ao paciente e á súa familia, inclusive incluíndo o proceso de dó nesta intervención.

O movemento dos Coidados Paliativos iniciouse no Reino Unido durante os anos sesenta e setenta do século XX, como resposta ás necesidades non satisfeitas dos doentes en situación terminal e das súas familias (denominado “movemento Hospice”) e expandiuse internacionalmente. En 1999 o Consello de Europa emitía a recomendación 1418/1999 sobre a protección dos dereitos humanos e da dignidade dos pacientes terminais e a súa Asemblea

Parlamentaria instaba a todos os países membros a tomar as medidas necesarias para proporcionar coidados paliativos domiciliarios ou hospitalares, que asegurasen a protección dos dereitos aos que nos referimos. En 2004 a OMS recomenda a inclusión dos CP como parte da política governamental sanitaria. A nivel do SNS a Lei 16/2003 do 28 de maio, de cohesión e calidade do SNS, incluíu especificamente a atención paliativa a doentes terminais como prestación, tanto de atención primaria como especializada; máis recentemente, o 10 de maio de 2005, a Comisión de Sanidade e Consumo do Congreso dos Deputados aproba unha proposición non de lei sobre coidados paliativos, pola que, entre outras cuestións, se insta ao Goberno a impulsar, no seo do Consello Interterritorial do SNS, a avaliación da situación dos CP en España e a aplicación do Plan Nacional de CP, así como a implantación e desenvolvemento das medidas contidas no plan citado, e no seu caso para incorporar aquelas que se consideren necesarias: igualmente deberá fomentarse a creación polas CCAA de UCP, ao tempo que se promove a inclusión de contidos sobre esta materia na formación dos profesionais sanitarios e se impulsa a divulgación acerca da importancia social dos CP.

Seguindo algunhas estimacións podemos dicir que no conxunto do SNS o 30% dos pacientes que falecen anualmente en España por unha doenza terminal reciben coidados paliativos específicos, a través de unidades de atención domiciliaria e unidades hospitalarias de agudos en longa e media estancia; desta atención o 62% é proporcionada polos diversos organismos que integran o SNS, o 34% por entidades privadas concertadas ou mediante convenio de colaboración co SNS, fundamentalmente a AECC e a Orde Hospitalaria de San Juan de Dios, e o 4% restante é facilitada por outras entidades privadas.

En Galicia é de destacar como primeira reseña no ámbito hospitalario a creación en 1990 do Servizo de Coidados Paliativos/continuos no Hospital de Oza, pertencente ao CHU Juan Canalejo, sendo este o primeiro servizo creado especificamente para a prestación destes coidados na nosa comunidade; posteriormente en 1996 créase a UCP do CHU Ourense, situada no Hospital Piñor. En 1987 créase a primeira unidade de HADO no CH Juan Canalejo, tendo no seu programa como un dos obxectivos fundamentais, a prestación de coidados paliativos no domicilio, tanto a doentes oncolóxicos como non oncolóxicos. **En Abril de 2006 preséntase o documento técnico do Plan Galego de Coidados Paliativos e en outubro dese mesmo ano créase a UCP no CHUVI** situada no Hospital Nicolás Peña, que describirei a continuación e de cuxo equipo formo parte.

Antes diso, de modo gráfico representareivos a situación actual dos CP en Galicia:



A UCP do CHUVI conta con 15 camas e o seguinte persoal: 1 médico internista, 13 DUE, 13 Auxiliares de Enfermería, 1 Psicólogo Clínico, 1 traballador social e 1 fisioterapeuta.

Nas UCP o psicólogo clínico vai ter tres frentes de intervención: o paciente, a familia e o equipo coidador. En relación ao paciente, o psicólogo clínico deberá avaliar fundamentalmente de forma continua o seu estado mental co fin de poder levar a cabo as medidas oportunas, sobre todo, prestando especial atención aos trastornos afectivos, de ansiedade, adaptativos, etc., que poidan presentarse e que van aumentar de forma importante o sufrimento do paciente e por extensión da familia e mermar a súa capacidade de adaptación e a súa calidade de vida; coa familia o psicólogo clínico terá que avaliar o estado mental de todos os membros, co fin de detectar a posíbel presenza de cadros psicopatolóxicos (sobre todo ansiedade e depresión), á vez que co equipo crear protocolos de intervención para as súas necesidades, o control da chamada “conspiración do silencio”, as crises de “claudicación familiar” e a dó fundamentalmente; en relación ao equipo coidador as actuacións do psicólogo clínico irán dirixidas fundamentalmente a dous obxectivos: por unha parte facilitar recursos e ferramentas aos profesionais sanitarios para mellorar a súa relación cos doentes e facilitar o apoio emocional ao equipo.

Nun recente estudo publicado en 2008 en Anales de Psiquiatría, realízase un estudo descritivo e de asociación simple cunha serie clínica de 73 doentes terminais atendidos entre 1995-2005 pola Unidade de Psiquiatría de Enlace do Hospital de Osuna (La Rioja):”Atención psicolóxica e

psiquiátrica en Coidados Paliativos (IV): 10 anos dun programa de enlace". Os seus datos resultan interesantes e penso extensíbeis a calquera das nosas recentes UCP: O diagnóstico psiquiátrico máis frecuente foi o de transtorno adaptativo (47,2%), seguido por "reacción emocional non patolóxica" (23,6%), síndrome confusional agudo (15,3%) e depresión (5,6%). A intervención de Enlace habitual foi mixta (fármacos + psicoterapia individual + intervención familiar + staff). Os pacientes tiñan normalmente un baixo nivel de información diagnóstica, prognóstica e terapéutica sobre o seu proceso tumoral, demandando máis información médica con frecuencia.

Non existiron diferenzas de xénero en ningunha das variábeis diagnósticas consideradas, así como en "tipo de intervención terapéutica" ou "nivel de información". A intervención sobre o staff en aspectos de comunicación, emocionais, legais ou bioéticos foi tamén habitual. Conclúen na necesidade de mellorar a atención psicosocial que se presta aos doentes terminais no noso ámbito, así como cambiar actitudes médicas e familiares paternalistas e incrementar o fluxo de información médico-paciente.

Conclusións

Comezaba a miña intervención falando acerca da superación da dualidade corpo-mente. Creo que a pesar dos enormes avances mencionados e do franco intento de concibir o ser humano como un todo, aínda no ámbito hospitalario queda moito por avanzar, e penso que os psicólogos clínicos habemos de ser artífices dese cambio de perspectiva. Ben é certo que moitas veces o traballo interdisciplinar se converte en "moitas disciplinas xuntas" pero non interactuando, mais é ben certo tamén que hai non moitos anos era impensábel contar coa presenza, en equipos estritamente médicos, dun psicólogo clínico. Na miña actividade clínica diaria e na formación do persoal sanitario insisto en desterrar tópicos atribuídos á figura do psicólogo que permanecen, tales como que **somos transmisores de "malas noticias", cando sabemos que** a información médica corresponde ao médico e neste sentido actuaremos de asesor/apoio en casos particulares; determinadas situacións con frecuencia plantexadas como psicolóxicas precisan dunha intervención a outro nivel: listas de espera, organización dun Servizo... etc; **a asistencia de calidade e o aspecto psicoemocional dos pacientes NON é só función do psicólogo**. Aproveito calquera foro sanitario para insistir a este respecto. Pero son optimista. Penso que hoxe máis que nunca, aínda que en cernes, a Medicina está cambiando e neste cambio o "psi" adquire especial relevancia, a responsabilidade é nosa. Penso que a defensa da nosa disciplina vén fundamentalmente do noso traballo e da súa efectividade.

Bibliografía

- Arranz, Barbero, Barreto e Bayés (2005). *Intervención emocional en cuidados paliativos. Modelo y protocolos*. Barcelona: Ariel.
- Astudillo, Mendinueta, Astudillo (2002). *Cuidados del enfermo en fase terminal y atención a su familia*. Navarra: Eunsa
- Cassen, N.H. (1994). *Psiquiatría de Enlace en el Hospital General*. Madrid: Díaz de Santos.
- García-Solier, R; Sánchez-Araña Moreno, T; Rueda-Villar, T; Ruiz-Doblado, S.: Atención psicológica y psiquiátrica en Cuidados Paliativos (IV)(2008): 10 años de un programa de enlace. *ANALES DE PSIQUIATRÍA*, 24(5).
- Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde (2007): *Plan Galego de Coidados Paliativos*.
- Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde (2008): *Programa de interconsulta e enlace hospitalario en psiquiatría*.
- Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde (2008): *Guía de Instruccións Previas sobre coidados e tratamento da saúde*.

A LINGUAXE DO CANCRO. UNHA ANÁLISE COMPARATIVA ENTRE DIFERENTES SIGNIFICADOS ASOCIADOS COA DOENZA



Jorge García Fernández

Montserrat Durán Bouza

e-mail: jgarcia@udc.es

RESUMO

A pesar dos importantes avances, para moitos individuos o termo cancro, inclúe entre os seus significados, de maneira ineludíbel, o deterioro físico, sufrimento e a morte. As emocións negativas experimentadas en contacto con este concepto, virían determinadas tanto pola cantidade coma pola calidade da información transmitida culturalmente (xeralmente a través da linguaxe) e a través da propia experiencia persoal coa doenza. Neste traballo realizamos unha análise da frecuencia con que diferentes termos de connotacións bélicas (loita, batalla, combater, etc.) acompañan ao termo cancro e a outros problemas de saúde. Tomando como mostra a totalidade das páxinas web en español e empregando como ferramenta o buscador Google efectuouse a procura, reconto e representación gráfica dos datos obtidos. As diferenzas encontradas entre a linguaxe empregada para referirse ás diferentes doenzas ofrece información de interese sobre o xeito en que se xeran as emocións negativas asociadas ao cancro así como posíbeis liñas alternativas de intervención psicolóxica.

Palabras chave: Cancro, metáfora bélica, espírito de loita, análise de contido.

ABSTRACT

Despite significant progress, for many individuals the term cancer includes necessarily the following meanings: physical deterioration, suffering and death. Negative emotions experienced with that concept would be determined by both the quantity and quality of information transmitted culturally (usually through language) and through the personal experience with the disease. Using the Google search engine, in this work we perform an analysis of the frequency of occurrence in web pages in Spanish of different connotations related with war (fight, battle, combat, etc) accompanying the term cancer and other health problems. The differences found in the language used to describe different diseases provides relevant information about generation of negative emotions associated with the term of cancer, and possible alternative lines of psychological intervention.

Key words: Cancer, war metaphor, fighting spirit, content analysis.

Introdución

A pesar dos importantes avances sobre as taxas de supervivencia e efectos secundarios dos tratamentos, o termo cancro posúe importantes connotacións negativas asociándose con deterioro físico, sufrimento e morte. Estes “significados” transmitidos e compartidos culturalmente presentan sensíbeis variacións tanto nos diferentes grupos sociais coma a nivel individual (Die Trill, 2003). Este grao de intensidade emocional aversiva vén determinada por un lado, pola cantidade e calidade de información obtida (grande parte a través da linguaxe) e por outro, a través da propia experiencia persoal coa doenza. Sen dúbida esta *valencia afectiva* negativa de características fóbicas condicionará o estado emocional asociado ao impacto do diagnóstico (Watson e cols, 1984) así como das accións a seguir dirixidas a restaurar a saúde e/ou o equilibrio emocional mediante diferentes estratexias de afrontamento representadas polos pólos da loita activa ou aceptación pasiva da doenza (Spiegel e cols, 1990).

Neste traballo o noso interese centrouse na linguaxe como elemento de transmisión de coñecementos e actitudes acerca do cancro e máis especificamente no valor das metáforas como modelos explicativos da experiencia e que á súa vez empregamos para organizar a realidade e dotala de sentido (Lakoff e Johnson, 1984). A análise das metáforas e a súa utilización por parte da psicoterapia tomou nos últimos anos especial relevancia con diversas publicacións que estudan a súa capacidade para conseguir a través do seu emprego cambios en crenzas, actitudes, emocións ou condutas dos individuos (Kopp, 1995).

A metáfora que denominamos “do invasor” emprégase de forma tradicional cando nos referimos ao cancro presentándoo como un axente activo dotado de intencionalidade destrutiva cuxa misión é propagarse, resistir aos tratamentos e dominar a vontade do suxeito doente. (Sontag, 1988). O emprego de terminoloxía bélica (loita, batalla, ataque, resistir, vencer, sitiar, infiltrar, diana, aniquilar, etc.) e a utilización do substantivo cancro como suxeito gramatical (“o cancro matouno”) podemos encontralo comunmente en textos científicos, divulgativos e en diferentes medios de comunicación. A adopción desta metáfora podería corresponderse con actitudes de resistencia e loita activa por parte dos pacientes. A pesar de que este estilo de afrontamento psicolóxico presenta un grande número de defensores considerándoo como posíbel promotor de sobrevivencia (Spiegel, 1990), outra parte dos especialistas clínicos do campo da psicooncoloxía consideran que a adopción desta metáfora aínda que poida resultar útil como modelo explicativo para as ciencias biomédicas, presenta un efecto moi escaso e dubidoso sobre a esperanza de vida e, porén, podería resultar altamente nociva nos pacientes que a consideran como a única opción psicolóxica adecuada provocando reaccións depresivas autoculpabilizadoras naqueles suxeitos que “fracasan na súa crenza de vencer o cancro” (Holland, 2003).

Porén, as afirmacións anteriores en relación aos diferentes significados que rodean o cancro necesitan, baixo a nosa opinión, unha comprobación obxectiva (cuantitativa) máis aló da

plausibilidade coa que todos afirmamos a súa existencia. Para isto sería preciso coñecer en que medida existen termos característicos e distintivos nesta doenza. Con este fin propuxémonos realizar unha análise descritiva da frecuencia de diferentes elementos semánticos contidos nas producións escritas alusivas ao cancro e de outras doenzas ou problemas de saúde relevantes como elementos de comparación.

Método


Para os fins deste estudo recorreuse a unha metodoloxía cualitativa centrada na análise de contido (Pérez, 2004). Empregando como ferramenta o buscador *Google* e restrinxindo a procura ás páxinas Web en español, en primeiro lugar realizouse un recuento do total de páxinas nas que figura cada unha das doenzas seleccionadas (total A na táboa 1), para seguidamente contabilizar en termos relativos a porcentaxe de páxinas en que aparece cada unha das expresións obxecto da procura. As doenzas obxecto de análise foron: cancro, SIDA, malaria, infarto, alzheimer, diabetes e obesidade. Consideramos que se inclúen os principais problemas de saúde actuais e que supoñen as principais causas de morte e retos para a investigación actual. As súas diferentes orixes ou causas (infecciosas, comportamentais, xenéticas ou descoñecidas) son características que poden resultar de utilidade de cara á interpretación dos resultados.

TÁBOA 1. Número de páxinas web en español que conteñen os diferentes termos do estudo

	Cancro	SIDA	Malaria	Infarto	Alzheimer	Diabetes	Obesidade
Total A	4.000.060	5.900.000	760.000	1.470.000	1.270.000	1.830.000	2.930.000
“Loita contra”	862.000	1.090.000	67.500	105.000	14.800	20.300	117.000
“vencer a”	26.000	15.100	548	52	10	640	1.110
“batalla contra”	28.000	5.160	3.750	0	331	1.460	3.880
“guerra contra.....”	5.900	4.290	697	2	9	442	3.550
“combater o.....”	210.000	93.300	20.500	651	10.000	10.400	145.000
TOTAL B	1.131.900	1.207.850	92.995	105.705	25.150	33.292	270.540
PORCENTAXES B/Ax100	28,3%	20,4%	12,2%	7,2%	1,9%	1,8%	9,2%

Resultados


Na táboa 1 reflíctense os resultados obtidos e ofrécese as representacións gráficas correspondentes (gráfico 1).



Como podemos comprobar o número de entradas relativas ao cancro en relación con termos de tipo bélico ou asociados á que denominamos metáfora “do invasor” superan considerabelmente ao resto das outras categorías a exame. Resulta, ademais, patente que os significantes relativos á morte (táboa 2 e gráfico 2), están máis representados no cancro que en calquera outra das doenzas multiplicando por catro a frecuencia de calquera das restantes. Vivir con diabetes (táboa e gráfico 3) é a frase máis frecuente mentres que convivir con cancro (táboa e gráfico 4) aparece como expresión claramente superior ao resto no caso do cancro.

TÁBOA 2. Número acumulado de páxinas web en español que conteñen os termos: morto-a-os-as, morte-es, de-por + cancro ou SIDA ou malaria ou infarto ou alzheimer ou diabetes ou obesidade


	Cancro	SIDA	Malaria	Infarto	Alzheimer	Diabetes	Obesidade
Nº Páxs.	120.870	42.070	5.523	11.954	381	4.852	481
% B/Ax100	3,02	0,71	0,72	0,81	0,03	0,26	0,01



TÁBOA 3. Resultados da procura por “Vivir/vivindo con...”


	Cancro	SIDA	Malaria	Infarto	Alzheimer	Diabetes	Obesidad e
Nº páxinas	14.550	21.900	6	0	2.088	20.142	526
% B/A x 100	0,36	0,31	0,00	0,00	0,1	1,10	0,01

(ver gráfico 3)

**TÁBOA 4. Resultados da procura por “Convivir con...”**

	Cancro	SIDA	Malaria	Infarto	Alzheimer	Diabetes	Obesidad e
Nº páxinas	11.000	700	0	0	382	3.270	0
% B/A x 100	0,27	0,01			0,03	0,17	

(Ver gráfico 4)



Conclusións

Á vista dos resultados podemos realizar diferentes afirmacións:

- O emprego de terminoloxía bélica á volta do cancro é un feito distintivo respecto doutras doenzas tanto de orixe infecciosa coma doutra causa.
- Existe unha relación entre cancro e morte moi superior a outras doenzas aínda de similares características en canto a prevalencia e severidade.
- “vivir con” é a expresión máis asociada á diabetes mentres que “convivir con” aparece con maior frecuencia en relación ao cancro.

Baixo o noso punto de vista a análise dos contidos extraídos de mostras de linguaxe que figuran nas web apoian a nosa hipótese inicial en relación ao emprego de termos aversivos relacionados con atitudes de loita e resistencia física e psicolóxica perante a doenza. A asociación entre o emprego de ditos termos a nivel individual coas emocións negativas asociadas a eles sería unha cuestión a dilucidar en futuros traballos. Baixo a nosa opinión “Canto máis se loita menos se vive”; é unha idea que podería resumir e titular as conclusións do traballo realizado.

Bibliografía

- Die Trill, M. Cultura y cáncer. En *Psico-oncología*. Madrid: Ades Ediciones.
- Holland, J.; Lewis, S. (2003). *La cara humana del cáncer*. Barcelona: Herder.
- Kopp, R. (1995). *Metaphor therapy: Using client-generated metaphors in psychotherapy*. Philadelphia: Brunner/Mazel, Inc.
- Lakoff, G. (1998). *Metáforas de la vida cotidiana*. Madrid: Cátedra.
- Lazarus e Folkman (1984) *Stress, appraisal and coping*. New York: Springer.
- Pérez, S.(2004). *Investigación cualitativa. Retos e interrogantes*. Madrid, La Muralla.
- Sontag, S. (1996). *La enfermedad y sus metáforas*. Madrid: Taururs.
- Spiegel, F.I., Bloom, J.R., Kraemer, H.C., Gottheil, E. (1989). Effects of psychosocial treatment on survival of patients with metastatic breast cancer. *Lancet*, 888-891.
- Watson, M.; Greer, S., Blake, S. e Shrapnell, K. (1984). Reaction to a diagnosis of breast cancer. Relationship between denial, delay and rates of psychological morbidity. *Cancer*, 53,2006,12.

REHABILITACION LABORAL: O CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO



M^a Esther Monterroso Martínez

Psicóloga Clínica. Directora de “APEM”

RESUMO

Centro Especial de Empleo (CEE) é un dispositivo que forma parte dunha estrutura máis ampla que persigue a inserción sociolaboral das persoas que teñen algún tipo de discapacidade,(no noso caso, como resultado de padecer unha doenza mental) e que como consecuencia da mesma non ten acceso ao mercado laboral nas mesmas condicións que o resto das persoas. Por este motivo se xéranse unha serie de medidas que favorecen a existencia destes Centros. Trátase de empresas, con todas as obrigacións,(fiscais, laborais, ...) que calquera outra, pero cunhas características propias que permiten facer un apoio e seguimento individualizado de cada un dos traballadores.

*A.P.E.M., coa posta en funcionamento do seu CEE EMPREGO SOCIAL S.L, persigue xerar unha **opción laboral real**, dirixida ás persoas con doenza mental que as poida satisfacer persoal e economicamente proporcionándolles o apoio necesario para o desenvolvemento do seu traballo mediante o deseño dun plan formativo e práctico, que ademais permita aumentar o nivel de empregabilidade.*

Palabras chave: Doenza mental, Discapacidade, Integración social, Inserción laboral, Centro Especial de Empleo

ABSTRACT

The Special Employment Center (SEC) is a mechanism that belongs to a larger structure that pursues the social and job insertion for people who disability, in our case, a mental illness. It's because of that, they don't have access to the job market in the same conditions of the rest of the people. In this way, we have taken steps to help the existence of this Centers. We're taking about companies with all their obligations and whit their own characteristics, that allow them to give support and an individual control of each of their workers.

When A.P.E.M. starts its SEC EMPREGO SOCIAL S.L., pursues to generate a real laboral option for the people whit a mental illness that could satisfy them personal and economically, giving them the support to develop their jobs throught the design of a formative and practical programme that also allow them to improve their employment level.

Key words: Mental illnes, Disability, Social insertion, Job insertion, Special Employment Center

Marco teórico

Conforme ao disposto no *artigo 42 da Lei 13/1982*, do 7 de abril, de *Integración Social dos Minusválidos* os CEE son empresas cuxo obxectivo principal é o de realizar un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado, e cuxa finalidade é asegurar un emprego remunerado e a prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores con discapacidade.

A posta en funcionamento de calquera Centro Especial de Emprego esixe ter unha **cualificación** como tal, así como **estar inscritos no Rexistro de Centros Especiais de Emprego** que cada Comunidade Autónoma ten para controlar as actividades dos mesmos.

Alén da función social que os Centros Especiais de emprego deben cumprir e das súas peculiares características, a súa estrutura e organización axústase á das empresas ordinarias, estando á súa vez obrigados a realizar unha xestión suxeita ás mesmas normas e requisitos que os que afectan a calquera empresa do sector ao que pertencen.

O obxectivo primordial do CEE, é “capacitar” a persoas con “discapacidade”, proporcionando un ambiente físico e social que lles permita a plena integración laboral e que á súa vez favoreza unha maior integración social e de axuste persoal nun intento de achegamento ao concepto de normalización.

Como obxectivos específicos:

- Desenvolvemento de destrezas laborais
- Desenvolvemento de actitudes laborais
- Mellora da súa conduta social fóra do ambiente laboral. Trátase de controlar situacións, sobre todo o ambiente familiar, para asegurar o apoio familiar ao desenvolvemento laboral do individuo. Desta maneira, trabállanse temas de axuste emocional, control de situacións familiares e sociais, así como sobre todas as habilidades adaptativas necesarias para a integración social: comunicación, ocio, uso de recursos comunitarios, vida no fogar, uso de recursos médicos.
- Preparar á persoa con discapacidade para o seu paso á empresa ordinaria.

O marco lexislativo que afecta aos CEE, encóntrase recollido en:

- Lei 13/1982, de 7 de abril, de Integración Social do Minusválido.
- Real Decreto 2273/1985 de 4 de decembro, polo que se aproba o Regulamento dos centros especiais de emprego.
- Real Decreto 1368/1985, de 17 de xullo, pola que se regula a relación laboral de carácter especial de minusválidos que traballen nos centros especiais de emprego.
- Real Decreto 469/2006, de 21 de abril, que regula as unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos Centros Especiais de Emprego.

- Decreto 168/1984, de 15 de Novembro, de asunción de funcións e servizos das comunidades autónomas.

A entidade xestora

A “Asociación Pro Enfermos Mentais” de A Coruña, A.P.E.M, é unha asociación privada sen ánimo de lucro que atende ás persoas cunha discapacidade a consecuencia de padecer unha doenza mental que ten como finalidade a ***loita contra a súa marxinação e a súa exclusión social***

A súa actuación realízase na área sanitaria de A Coruña. Desde a súa filosofía pretende adaptar a súa forma de actuar ás particularidades do territorio concreto, desenvolvendo proxectos e servizos en colaboración coa Rede de Servizos Sociais, Sanitarios e Comunitarios existentes.

A.P.E.M. está funcionando desde o ano 1980, froito do movemento asociativo de afectados e familiares, e da inquietude de profesionais que procuraban unha alternativa aos problemas que se plantexaban.

Foi a primeira Asociación destas características que se creou na Comunidade Autónoma de Galicia e unha das primeiras de España. Despois constituíuse a Federación Nacional de Asociacións de Familiares de Enfermos Mentais (FEAFES), da que A.P.E.M. é membro. Máis tarde, en 1994, legalizouse a Federación Galega de Asociacións de Familiares e Enfermos Psíquicos, da que A.P.E.M. é membro fundador.

Desde os seus inicios até hoxe, A.P.E.M. recorreu un longo camiño con moitas dificultades. Os servizos ofertados foron aumentando tanto en cantidade coma en calidade e sempre en coordinación coa rede de servizos mencionada.

A misión de A.P.E.M é: ***Facilitar a recuperación, adaptación e integración social e laboral das persoas con doenza mental e prestar o apoio necesario ás súas familias contribuíndo a crear entre elas un clima solidario.***

Na actualidade, e en cumprimento desta misión, desenvolve diferentes programas que teñen como fin último a atención integral ás persoas que padecen unha doenza mental. Entre eles cabe destacar a rede de Centros de Rehabilitación Psicosocial e Laboral, o programa de Vivenda Alternativa, o servizo de atención a domicilio, etc. E, como non podía ser doutra maneira, deseñou un **programa de inserción laboral**, que quere levar á práctica e manter unha serie de principios que se expoñen a continuación:

- A formación chave para a promoción persoal e profesional
- Individualización dos obxectivos
- Desenvolver unha atención globalizadora para atender todas as necesidades
- Crear uns hábitos de traballo que permitan a incorporación a calquera empresa
- O emprego protexido é un proceso transitorio.




FIG. 1 ESQUEMA DEL PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL

O Centro Especial de emprego

Os Centros Especiais de Emprego son institucións de integración laboral e considéranse elementos básicos integradores das persoas con discapacidade no denominado mundo ordinario do traballo, cando polas súas circunstancias de orde persoal, consecuentes coa súa discapacidade, non poidan exercer unha actividade laboral nas condicións habituais. Da combinación deste principio e a filosofía de A.P.E.M., de adaptarse a unhas políticas e principios de traballo capaces de colaborar na contribución de dignidade e calidade de vida das persoas afectadas, nace o Centro Especial de Emprego **EMPREGO SOCIAL, S.L.**, que é unha empresa constituída e participada ao 100% do seu capital por A.P.E.M.. Constitúe o seu obxecto social, “a inserción socio-laboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social”.

EMPREGO SOCIAL foi cualificado como Centro Especial de Emprego por resolución de 20 de abril de 2004 e inscrita no Rexistro de Centros Especiais de Emprego dependente da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellaría de Traballo, co nº 36/96-C.

Estrutura organizativa

Co fin de optimizar os recursos, Emprego Social estrutúrase en seis áreas de traballo, coordinadas entre si, pero con cometidos diferentes.



1.-ÁREA DE DIRECCIÓN

É a encargada de coordinar todas as áreas do propio Centro e de A.P.E.M, así como con outros servizos externos, tales como Concellos, Consellarías,... Ademais ocúpase de elaborar os obxectivos a conseguir.

2.-ÁREA ECONÓMICA FINANCEIRA

As súas funcións principais son a elaboración do presuposto anual, plan anual de inversións, xestión de compras, contabilidade, facturación, inventarios e todos os aspectos propios da administración da empresa.

3.-ÁREA DE PERSOAL

A súa tarefa está relacionada coa xestión de documentación referente á elaboración de nóminas, control de asistencias, transporte de persoal, subvencións e calquera outro trámite preciso para o desenvolvemento da área.


Segundo os datos extraídos deste departamento os traballadores de Emprego Social teñen a seguinte tipoloxía:

Sen discapacidade	Discapacidade física	Discap. por doenza mental	Discapacidade intelectual	Discapacidade psíquica+física
9	8	25	7	2



Servizo de axuste	5
Específicos	3
Exclusión social	1

Facendo unha breve análise das características de perfil dos traballadores que padecen unha doenza mental, encontrámonos cos datos dos gráficos seguintes:



4.-ÁREA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E SAÚDE LABORAL

Aínda que o servizo de prevención de riscos e saúde laboral está externalizado, desde a empresa, en coordinación co axente externo, realízase a análise de postos de traballo e prográmanse as revisións médicas anuais.

5.-ÁREA DE SERVIZOS

EMSO ten capacidade legal e técnica para prestar servizos, pero os fundamentais son os seguintes:

- Servizo de limpeza viaria e manutención de espazos verdes:** A través de brigadas móbiles, que desenvolven a súa actividade laboral para varias persoas físicas ou xurídicas, administracións... coa estrutura necesaria para iso e mantendo a súa relación contractual co centro de traballo protexido ao que pertencen.
- Servizo de limpeza de locais**
- Servizo de conserxaría**

Estes servizos desenvólvense segundo as seguintes modalidades:

BRIGADAS MÓBILES DE TRABAJO NA COMUNIDADE

Trátase dun grupo de 4 a 8 persoas con discapacidade co apoio de 1 ou 2 preparadores laborais e desenvolven o seu traballo na comunidade. O grupo está configurado polo 100% de traballadores con discapacidade.

-Desenvolven a súa actividade nun espazo comunitario. Relaciónanse con veciños, fan o seu descanso en espazos normalizados e isto favorece o seu proceso de normalización.

-Contan coa dirección e supervisión de profesionais do Centro Especial de Emprego.

Zonas onde se prestan os servizos:

- Brigada de xardinaxe e limpeza viaria do Concello de Carral.
- Brigada de limpeza viaria do Concello de Cambre.
- Brigada de xardinaxe do Concello de Arteixo (Parque forestal MONTICAÑO).
- Brigada de limpeza viaria do Concello de Bergondo.
- Brigada móbil de xardinaxe en urbanizacións e xardíns privados.

EMPRAZAMIENTO INDIVIDUAL

Trátase da incorporación de 1 persoa con discapacidade, que co apoio dun preparador laboral, desenvolve o seu traballo nunha empresa ordinaria.

É a modalidade máis normalizadora, a persoa realiza a súa actividade co grupo de traballo da empresa ordinaria, formado por traballadores sen discapacidade. Comparte vestiario, tempos de descanso, encargados... co resto de traballadores.

Zonas onde se prestan os servizos:

- A Coruña: limpeza de locais.
- Cee (A Coruña): limpeza de locais e conserxaría.

6.-ÁREA DE AXUSTE PERSOAL E SOCIAL

Tal e como establece o Real Decreto 469/2006 de 21 de abril, os Centros Especiais de Emprego teñen servizo permanente de apoio que se articula a través de programas individuais que pretenden potenciar a capacidade máxima de desenvolvemento dos traballadores, en canto a destrezas, actitudes e competencias, tendo en conta non só a realización dunha actividade remunerada senón tamén o desenvolvemento persoal e social, eixo fundamental de axuste entre o individuo e o seu entorno, cun programa que permite asegurar a correcta relación persoa-entorno, mellorar a súa calidade de vida, atender ao traballador na súa capacidade, suficiencia, satisfacción e socialización, para lograr un eficaz autoconcepto, como axuda a realizarse como "persoa". Como non podía ser de outra maneira, Emprego Social, ten un servizo de axuste

persoal e social cun equipo de profesionais composto por un psicólogo, un educador e tres encargados de apoio á produción. Este equipo trataría as seguintes áreas de traballo:

a) PERSOAL E SOCIAL

Acollida e valoración inicial

Deseño do itinerario individualizado

Formación específica para o posto de traballo

Intervención e seguimento

b) FAMILIAR

Acollida e apoio familiar

Seguimento e valoración

c) SOCIAL

Apoio na vivenda e transporte

Rehabilitación psicosocial

Ocio e tempo libre

d) SANITARIA

Acompañamentos médicos

Despois de cinco anos de experiencia comprobamos que Emprego Social consegue o obxectivo de compatibilizar a viabilidade económica da empresa e a súa participación no mercado de traballo, co seu compromiso social de mellorar a calidade de vida das persoas con doenza mental. Este proxecto debe continuar co propósito de optimizar e xerar novas modalidades e proxectos, capaces de abordar todo o proceso de integración social e laboral.

O PROFESIONAL DA PSICOLOXÍA NOS SERVIZOS SOCIAIS



Fontañá,C.;Vázquez,E.;Viturro,R.;Facal,D.;Fares, M.J.;López, M.J.

Contacto: elenabastos@hotmail.com; mjesuslc@cop.es

RESUMO

O profesional da psicoloxía convértese en imprescindible na atención e apoio á persoa, á familia, á comunidade, no contexto dun equipo multidisciplinar, para poder falar de atención integral.

Para un desenvolvemento persoal integro precisamos interaccionar co entorno e ir adaptándonos ao mesmo, os recursos psicolóxicos que cada un posúa, as súas capacidades cognitivas, a vivencia subxectiva do seu mundo, o sentido de pertenza a un grupo, entre outras, van predicir en grande medida o éxito de tales adaptacións.

Ámbitos de actuación dos psicólogos/as no eido social son a intervención coa comunidade, temas referidos á familia e infancia, específicos da muller, xuventude, minorías sociais e inmigración, a vellez e cooperación para o desenvolvemento sen esquecer as deficiencias, discapacidades e minusvalías. Aquí describíense tarefas e funcións deste profesional.

Palabras chave: *Desenvolvemento persoal, interacción social, psicoloxía social.*

ABSTRACT

The professional of social psychology becomes essential in order to pay attention to person, family, community in a context of a multidisciplinary team to talk about care.

For getting a full personal development we need interplaying with our environment and going to adapt ourselves into it, psychological resources which each of us have, cognitive skills, subjective experiences of the world, the sense of belonging to a group, among others, will provide a large extent the success of such adaptations.

Areas of activity of psychologists in social issues are those in the intervention with the community, subjects listed the family and children, specific women' s, youth, social minorities and immigration, old age and development cooperation, without forgetting the deficiencies, disabilities and disabled. Here, tasks and functions of this professional are traced.

Key words: *Personal development, social interaction, social psychology.*

Funcións do/a profesional da psicoloxía nos servizos sociais dos concellos

Lexislación básica en servizos sociais:

1.-Ámbito estatal

Constitución Española de 1978, (BOE nº311, do 29/12/78) Establece que "España constitúese nun Estado Social e Democrático de Dereito" o cal supón o inicio da transformación do sistema de Servizos Sociais. Fai referencia directa a Servizos Sociais nos seguintes artigos: Art. 9.2., Art. 10.1., Art. 14., Art. 39., Art. 41., Art. 42., Art. 48., Art. 49, Art. 50, Art. 103.1., Art. 148.1, 20, Art. 149.1, 17.

2.-CCAA Galicia

Estatuto de Autonomía de Galicia. Lei Orgánica 1/1981 do 6 de abril (BOE nº 101, do 28/04/81). Determina, en correspondencia coa Constitución, que a materia de asistencia social é de exclusiva competencia da Comunidade Autónoma (**art. 27.23**). Supuxo un paso máis na evolución dos servizos sociais, eliminando o termo "beneficencia".

Plan Concertado. Convenio entre o Ministerio de Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento das prestacións básicas de servizos sociais das corporacións locais (BOE nº 163 do 08/07/1988).

Lei 4/1993, de 14 de abril, de Servizos Sociais de Galicia (DOG nº 76, do 23/04/93). O seu obxectivo é a ordenación dun sistema público de servizos sociais na Comunidade Autónoma Galega, así coma a regulación da súa promoción.

Decreto 336/1994, do 27 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, no relativo aos consellos de servizos sociais (DOG nº 218, do 11/11/94)

Decreto 176/1995, do 16 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 4/1993, do 14 de abril de servizos sociais no relativo á inspección e réxime sancionador. (DOG nº 124, do 29/06/95)

Decreto 240/1995 do 28 de xullo polo que se regulan os Servizos Sociais de Atención Primaria (DOG nº 157, do 17/08/95). O obxecto do presente decreto é a regulación dos servizos sociais de atención primaria "Os servizos sociais de atención primaria serán prestados por equipos interdisciplinarios dependentes dos concellos ou agrupacións de concellos". Terán os seguintes obxectivos:

- A) A análise da realidade para a detección das necesidades e carencias sociais.
- B) A información, asesoramento e orientación aos individuos e grupos e á comunidade en xeral sobre os dereitos, obrigas e recursos existentes en materia de servizos sociais.
- C) O desenvolvemento de servizos preventivos dirixidos á poboación en xeral e de forma especial a aqueles colectivos que se atopen en situación de risco.

D)A detección e avaliación das problemáticas (tanto individuais como colectivas), e o establecemento das solucións de acordo cos recursos sociais deste nivel de atención, ou se é o caso, a súa derivación aos servizos especializados, así coma o seu seguimento.

E)A mellora da autonomía persoal, a integración e a permanencia no medio familiar.

F)Promoción da vida asociativa, do desenvolvemento comunitario e do voluntariado social.

G)Establecer vías de coordinación e colaboración cos organismos públicos e as organizacións privadas que presten servizos que afecten ao benestar social.

H)A inserción social dos membros marxinados e excluídos da comunidade.

I)A prestación de cantos servizos concretos sexan precisos para a implantación dos programas básicos de actuación.

[Decreto 291/95 do 3 de novembro](#) polo que se desenvolve a Lei 4/93 do 14 de abril de Servizos Sociais no relativo aos rexistros de entidades prestadoras de Servizos Sociais. (DOG nº 218 do 14/11/95)

[Orde do 5 de febreiro de 1996](#) pola que se desenvolve o Decreto 291/1995, do 3 de novembro, relativo aos rexistros de entidades prestadoras de servizos sociais. (DOG nº 35, do 19/02/96)

[Decreto 143/2007 do 12 de xullo](#) polo que se regula o réxime de acreditación e autorización dos programas e dos centros de Servizos Sociais. (DOG nº 147 de 31/07/2007). [Corrección de erros](#) (DOG nº 184 do 21/09/2007)

[Orde do 18 de agosto de 2000](#), da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, pola que se aproba o Estatuto básico dos centros de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 177 do 12/09/2000)

[Lei de Servizos Sociais de Galicia](#) Decembro 2008

3.-Ámbito Local

[Lei de Bases de Réxime Local](#), 7/1985 do 2 de Abril (inclúe as modificacións posteriores): Ten unha incidencia directa no campo dos servizos sociais xa que é a primeira lei que, afectando á estrutura orgánica do Estado, fai referencia expresa como competencia local ós servizos sociais, eliminando definitivamente a expresión "asistencia social" ou "beneficencia".

Art. 25.1:" O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal".

Art. 25.2:"O municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social."

Art. 26.1: "Os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais (> de 20.000 "habitantes)

Os servizos sociais municipais: o plan concertado, que é?

O plan concertado para o desenvolvemento das prestacións básicas de servizos sociais nas corporacións locais, a través da fórmula do convenio administrativo entre a Administración do Estado e as Comunidades Autónomas, concibiuse para reforzar o papel das Corporacións Locais nas prestacións de servizos sociais, de acordo co disposto na Lei de Bases de Réxime Local (Art. 25.2.k).

É o instrumento principal co que contan os servizos sociais de atención primaria de titularidade municipal, cara o financiamento dunha rede de atención de servizos sociais municipais que permita garantir as prestacións básicas á cidadanía.

Servizos sociais subvencionábeis:

- **Servizos sociais de atención primaria** que desenvolvan programas e presten axudas favorecedoras da participación, integración e benestar social das persoas ou grupos dentro do medio máis próximo ao usuario e ao seu contorno. Os ditos servizos préstanse nos seguintes equipamentos:
 - Centros de servizos sociais, centros de acollida, albergues.
 - Outros equipamentos de apoio ao traballo social de atención primaria (centros de día, centros ocupacionais, etc.)
- **Centros de servizos sociais - CSS** - de xestión municipal, son as estruturas administrativas onde se levan a cabo os programas básicos de actuación e contan con persoal técnico organizado, no seu caso en equipos interdisciplinares.

Ditos CSS inclúen, dependendo do tamaño do concello, unha ou máis unidades de traballo social UTS, que son o nivel máis básico de atención social con cobertura na totalidade dos concellos da nosa Comunidade Autónoma. Como mínimo están atendidas por un diplomado en Traballo Social e, en moitos por outros profesionais- psicólogos, educadores, monitores- con apoio administrativo.

Programas básicos de actuación que se subvencionan nos centros de **servizos sociais**:

1. Programa de información, orientación e asesoramento
2. Programa de axuda no fogar e apoio á unidade de convivencia (Programa educación familiar)
3. Programa de prevención e inserción social
4. Programa de aloxamento alternativo
5. Programa de fomento de cooperación social

Os técnicos de grao superior que subvenciona o plan concertado nos servizos sociais de atención primaria (MATIASS, 2006) son:

Provincia de A Coruña:

- . Unidades de Traballo Social (UTS): 124
- . Centros de Servizos Sociais (CSS): 85
- . Técnicos de Grao Superior (TGS): 26

Provincia de Lugo:

- . Unidades de Traballo Social (UTS): 73
- . Centros de Servizos Sociais (CSS): 54
- . Técnicos de Grao Superior (TGS): 3

Provincia de Ourense:

- . Unidades de Traballo Social (UTS): 96
- . Centros de Servizos Sociais (CSS): 35
- . Técnicos de Grao Superior (TGS): 6 (5 en mancomunidades)

Provincia de Pontevedra:

- . Unidades de Traballo Social (UTS): 78
- . Centros de Servizos Sociais (CSS): 58
- . Técnicos de Grao Superior (TGS): 7

Segundo a Guía de servizos sociais referentes ao ano 2003 a maioría dos Técnicos de Grao Superior, desenvolvían os programas de apoio á unidade de convivencia (programa de educación familiar) e ao de prevención e inserción.

Marco actual do psicólogo psicosocial - Formación

Universidade/masters/posgraos/cursos formativos.

Neste momento, a oferta universitaria é escasa e non reflexa a realidade dos Servizos Sociais. É certo que existe a especialidade de intervención social a través de materias como psicoloxía comunitaria e social, pero case non atopamos información sobre o campo que nos interesa. O que nos queda é a formación posterior: másters, cursos de posgrao, cursos especializados.

Sección de Psicoloxía da Intervención Social.

Os Colexios profesionais de psicoloxía son os que están a recoller mellor a realidade dos psicólogos nos concellos. A eles chaman solicitando información sobre as súas funcións, asesoramento xurídico, formación no tema...

Funcións do/da profesional da psicoloxía nos servizos sociais dos Concellos

Obxectivos do seu traballo

- Favorecer a adaptación dos individuos na sociedade e prever ou paliar a súa marxinación a través da actuación nos patróns do seu comportamento.
- Dinamizar os colectivos e a toda a comunidade, tratando de que eles mesmos sexan axentes activos na resolución dos seus problemas e dificultades.

Sectores de poboación nos que actúa

- Muller, na promoción e implementación de políticas de acción social que favorezan a igualdade de oportunidades.
- Discapacidade, maximizando a autonomía persoal, a igualdade de oportunidades e a integración social: no entorno familiar, social e laboral.
- Persoas maiores, na promoción do envellecemento activo, e na prevención da dependencia.
- Inmigración, dando resposta aos importantes cambios demográficos e sociais, dirixíndose tanto á adquisición de habilidades persoais por parte destes colectivos como ao incremento da sensibilidade e a tolerancia social.
- Familia e infancia, no desenvolvemento dos dereitos dos menores, especialmente os que están en situación de risco, co desenvolvemento de programas de intervención familiar, acollida familiar.
- Xuventude, nos campos da integración familiar, escolar, na transición e incorporación ao mundo laboral, acceso a información e recursos, así como na promoción de hábitos saudábeis e en actividades preventivas.

Actuacións

1.-Individualmente

Obxectivos:

- 1-Obter información integral sobre o funcionamento cognitivo, afectivo, motivacional, condutual e contextual do individuo.
- 2-Promover o cambio de comportamentos cara a outros máis adaptativos, a través de estratexias de afrontamento activo.

Tarefas:

- Atención directa ao individuo: recepción de información sobre a súa problemática.
- Valoración, diagnóstico e intervención da problemática psicosocial.
- Elaboración de expediente psicosocial: documentación propia do/a profesional da psicoloxía
- Orientación, información e derivación a recursos especializados.

- Traballo en equipo con outros/as profesionais do departamento sobre os casos
- Mediación interinstitucional
- Visitas domiciliarias.

2.-Coa familia

Obxectivos:- Favorecer a adaptación de tódolos compoñentes do grupo familiar a cambios na súa dinámica por diversas circunstancias.

Tarefas:-Intervención familiar,mediación familiar, acollementos familiares,adopcións,SAD(Servizo de axuda a domicilio)

3.-Coa comunidade

Obxectivos:

- 1.-Análise da realidade ou características do colectivo onde se vai intervir.
- 2.-Responsabilizar á comunidade da resposta aos seus propios problemas mediante a auto-organización da mesma.

Tarefas: Investigación das necesidades da poboación,elaboración de programas en función das necesidades atopadas na investigación, dinamización de programas,avaliación de programas,elaboración do conxunto de reflexións teóricas que se poidan elaborar a raíz da intervención realizada,elaboración de memorias,difusión do traballo en medios de comunicación.

4.-Co grupo

Obxectivos:Promover a participación de colectivos de risco social en grupos co fin de facilitar relacións persoais,de integración e de apoio psicosocial.

Tarefas:Dinamización grupal, organización de grupos de apoio, organización de obradoiros de resolución de conflitos, habilidades sociais, mediación.

5.-Outras funcións: Asesoramento e consultoría a outros profesionais, formación e docencia: tanto a nivel interno(formación de estudantes universitarios/as,deseño de actividades formativas)como externo(asistencia a congresos,seminarios,etc.),coordinación e formación de equipos de traballo, relacións institucionais: concello, xunta,deputación,etc.,funcións de dirección e xestión.

Bibliografía

Rueda,J.M.(1984). *La formación del psicólogo de la intervención social.*

Chacón,F.(1987). *El papel de psicólogo en los equipos de intervención social.*

Rueda,J.M.(1991). *El psicólogo en los servicios sociales comunitarios(de base o primarios) descripciones para un rol.*

Garau,J.(1995). El rol de psicólogo de la intervención social.*Revista Papeles del psicólogo.*(Nº 63)

ANÁLISE DA SATISFACIÓ DOS PACIENTES DA UNIDADE DE DÍA DURANTE OS ÚLTIMOS 6 ANOS (2003-2008)



Beceiro, M. ; BouzasM.

Psicólogas Internas Residentes

Complejo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Carou, M.

Psicóloga Clínica. Coordinadora de la Unidad de Día

: mcaroul@santiagodecompostela.org

Álvarez, P.

Educador Social. Director de Tiempo Libre de la Unidad de Día

Unidade Municipal de Atención a Drogodependentes (UMAD)

Concellería de Benestar Social e Muller

Concello de Santiago de Compostela.

Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias. SERGAS

Xunta de Galicia

RESUMO

A medida de satisfacción dos pacientes dun servizo sanitario é un indicador de resultado da calidade e é esencial cando se avalía a asistencia. Neste traballo valórase a satisfacción dos pacientes da Unidade de Día dun centro público, a Unidade Municipal de Atención a Drogodependentes do Concello de Santiago, tanto co programa de tratamento grupal que están a realizar, como coas diferentes actividades. Preséntanse os resultados dos datos obtidos nos últimos 6 anos, recollidos ao final de cada trimestre (bimensualmente desde 2008), tendo medidas cuantitativas e cualitativas. Tamén se pretende coñecer a valoración que fai o equipo de profesionais sobre o servizo. Os resultados amosan un alto nivel de satisfacción dos pacientes co programa e os profesionais destacan a adaptabilidade deste tratamento.

Palabras chave: *Satisfacción, tratamento de drogodependencias, avaliación, unidade de día, grupo.*

ABSTRACT

Patient satisfaction is an outcome indicator of quality in a healthcare service and it is essential when assessing it in healthcare. In this paper we measured patient satisfaction in a Day Hospital at a Public Drug Care Unit in Santiago de Compostela, evaluating with the group treatment program and the different activities that take place at this Day Hospital. This study was carried out quarterly over the last 6 years, (bimonthly since the year 2008), with quantitative and qualitative measurements. We were also interested in knowing how the team evaluated this healthcare service. The results showed a high level of patient satisfaction with the program. The professional team pointed out the adaptability of this treatment.

Key words: *Satisfaction, drug abuse treatment, evaluation, day hospital, group*

Introdución

Actualmente as organizacións sanitarias teñen no centro de atención aos usuarios/pacientes e as súas expectativas. Un indicador de resultado da calidade é a avaliación da satisfacción dos pacientes co servizo prestado. Pódese dicir que medir a satisfacción do paciente é esencial cando se avalía a asistencia sanitaria; coñecer a opinión do usuario ten grandes beneficios, tanto a nivel clínico como a nivel organizativo. Tendo en conta os aspectos clínicos, sábese que un paciente satisfeito coa asistencia recibida ten un mellor cumprimento coas citas, co tratamento e coas recomendacións terapéuticas (Pascoe, 1983; Ibern, 1992; Delgado, 1997; Prieto, 1999) traducíndose nunha mellora da saúde. A nivel organizativo coñecer a opinión dos pacientes proporciona un bo *feedback* para optimizar os recursos sanitarios e permite ademais, coñecer aqueles aspectos da asistencia que son susceptibles de mellora; as modificacións que diso deriven deberán ser verificadas en avaliacións posteriores.

A poboación con condutas aditivas non é unha excepción na avaliación da satisfacción percibida, polo que é necesario que os servizos de atención estean feitos á súa medida e satisfagan as súas necesidades. No noso país existen poucas investigacións sobre satisfacción do usuario no ámbito da atención ao drogodependente. No ano 2002 Rodríguez et al. realizan un estudo de satisfacción de usuarios nunha Unidade de Condutas Aditivas, utilizando o “Treatment Perceptions Questionnaire”. Haro et al. (2002) avalían o nivel de satisfacción dos usuarios da rede de drogodependencia de Valencia en relación co coñecemento dos seus dereitos como pacientes. Martín Araújo (2003) realiza un estudo co obxectivo de avaliar a opinión dos usuarios sobre a atención prestada nun Centro Ambulatorio de Atención a Drogodependentes.

Arnáez et al. (2004) propoñen un estudo sobre a calidade asistencial e satisfacción das mulleres en tratamento por drogodependencia en Asturias mediante entrevistas. No ano 2005 Pérez de los Cobos et al. publican un artigo no que avalían a satisfacción de pacientes a tratamento con metadona en diferentes centros de España utilizando a escala Verona Service Satisfaction Scale for methadone treatment. Nestes estudos os resultados amosan un grao de satisfacción elevado por parte dos usuarios. Recentemente, a Universidade de Santiago de Compostela realizou un estudo que trata de avaliar a calidade percibida polos usuarios das unidades da Rede Asistencial do Plan de Galicia sobre Drogas, sendo esta valorada con 4,05 puntos dun total de 5 (USC, 2009).

O propósito do presente estudo é coñecer a opinión dos usuarios da Unidade de Día (UD) da Unidade Municipal de Atención a Drogodependentes do Concello de Santiago de Compostela (UMAD). Outro obxectivo é coñecer a valoración que fai o equipo de profesionais sobre o servizo.

A UD é un recurso especializado de tratamento das drogodependencias, que ofrece un programa de actividades terapéuticas, educativas e ocupacionais dirixidas á deshabitación e rehabilitación dos pacientes (PGD, 2003).

Metodoloxía

Mostra

A mostra utilizada no presente estudo está composta por 146 pacientes a tratamento na UD, abstinentes, superada a fase de desintoxicación ou, excepcionalmente, cun compromiso serio de alcanzala. A faixa etaria está comprendida entre os 17 e os 49 anos. O perfil responde ás características seguintes (PGD 2003):

- Falta de estruturación na organización do tempo e as relacións sociais.
- Déficit formativo – laboral, relacional e de autocontrol.
- Motivación para o cambio do estilo de vida.

Instrumento

Realízase unha valoración formativa a través dun autoinforme de avaliación trimestral, preenchido polos pacientes, co obxectivo de coñecer a opinión sobre o funcionamento da UD e as propostas de modificación do programa para o seu estudo e posíbel aplicación.

O autoinforme consta de dúas partes:

- Cuantitativa: na que os pacientes puntúan o nivel de satisfacción de cada actividade nunha escala de 0 a 10.
- Cualitativa: na que se recolle información dos seguintes ítems: experiencia persoal, dinámica grupal, equipo de profesionais, programa de actividades, sistema normativo e un último ítem aberto.


Procedemento

Recóllense datos dos últimos 6 anos (desde xaneiro de 2003 até decembro de 2008) cun pase ao final de cada trimestre e, a partir de xaneiro de 2008, de cada bimestre. Obtéñense 175 autoinformes.

Realízase unha extracción directa de datos na parte cuantitativa e consenso profesional para a parte cualitativa. Para a valoración elaborada polo equipo de profesionais realízase un inquérito con posterior consenso.

Resultados Cuantitativos

Realízase unha media directa das puntuacións sobre o nivel de satisfacción que cada paciente outorga a cada unha das actividades (ver gráfico 1). Foron agrupados por tipoloxía para facilitar a súa interpretación. A valoración media mínima obtida ao longo destes anos por unha actividade é de 7,03 puntos e a máxima 8,58. Os pacientes valoran dunha maneira similar as actividades terapéuticas (7,81 puntos) e as socioeducativas (7,57 puntos). En canto á valoración media de todas as actividades a puntuación obtida é de 7,79, sendo 8,75 a valoración media do programa na súa totalidade.



Resultados Cualitativos (extraídos dos inquéritos dos pacientes)

A análise cualitativa realizouse tendo en conta cada ítem do inquérito. Desta maneira, no primeiro ítem (experiencia persoal), os pacientes consideran que o programa de UD lles proporcionou, por un lado, un cambio no estilo de vida (axuste a horarios, coidado da imaxe corporal), así como abstinencia á substancia problema e a outras drogas, destacando a adquisición dun maior coñecemento sobre o seu problema. Ademais recoñeceron maiores habilidades nas súas relacións sociais e, en concreto, nas interaccións coa familia. Destacan, tamén, un incremento nas súas capacidades persoais, que se reflicte nun maior interese polo futuro e a nivel afectivo, nunha mellora do estado de ánimo e da súa autoestima. Maior responsabilidade, autoexigencia e control, e un incremento nas súas habilidades de afrontamento, son outras das contribucións de UD á vida dos pacientes.

No ítem de dinámica grupal, os pacientes destacan as vantaxes que ten o feito de traballar con persoas co mesmo problema. Consideran que o grupo lles aporta un sentimento de pertenza e identificación alén de apoio, afecto e respecto.

Os aspectos máis valorados cando se lles pregunta polo equipo de profesionais (terceiro ítem) son o apoio, o respecto, a acesibilidade e a disciplina.

En canto ao cuarto ítem, os pacientes consideran que as actividades realizadas na UD lles axudan a normalizar o seu estilo de vida, e lles posibilita aplicar no día a día os recursos aprendidos. Isto tradúcese nunha mellora das capacidades persoais.

Cando se lles pregunta polo sistema normativo (quinto ítem), os pacientes recalcan a súa implicación no deseño das normas e a posibilidade de adaptalas ás necesidades persoais. Consideran, tamén, que as regras son necesarias e útiles para mellorar o comportamento e a integración social e que, a nivel persoal, axudan á autodisciplina, á autoavaliación, e posibilitan o recoñecemento de acertos e erros.

No ítem aberto, os pacientes acentúan que o funcionamento de UD lles permite opinar, avaliar e decidir sobre o programa e recoñecen o privilexio que supón dispor dun recurso destas características de carácter público.

En canto aos aspectos negativos, a nivel grupal, destacan a posíbel inestabilidade do grupo, debido á entrada de novos usuarios, ás altas e aos abandonos. Consideran tamén que a falta de implicación dos pacientes pode dificultar a dinámica grupal. Así mesmo, subliñan que o programa desenvolvido en UD é difícil e esixente e que o sistema normativo é estricto e fan referencia ás dificultades que teñen para aceptar as críticas e os erros.

Resultados Cualitativos (valoración dos profesionais)

Na valoración realizada polos profesionais destaca o carácter aberto do programa con independencia da substancia problema, así como a adaptabilidade ás características persoais,

sendo un tratamento individualizado nun marco grupal. Valórase tamén que o programa trata de fomentar a responsabilidade e o autocontrol, devólveselle ao individuo a súa capacidade de decisión e a responsabilidade das súas condutas, fomentando o respecto a un mesmo e aos demais. Coinciden en que o obxectivo abarca máis que a abstinencia pois trátase de desenvolver o potencial do paciente; refórzanse positivamente as condutas adecuadas e corríxense as inadecuadas, favorecendo desta maneira a continxencia conduta-consecuencia. Os profesionais destacan que a metodoloxía utilizada evoluciona e se desenvolve continuamente, e ademais implícase aos usuarios no deseño de programa (p.ex. normas, actividades), realizándose continuamente unha análise da calidade das actividades e unha avaliación da satisfacción dos pacientes. Valórase tamén moi positivamente a atención con regularidade ás familias (grupos multifamiliares).

Outras cuestións importantes destacadas son a existencia dun equipo multidisciplinar que aporta atención especializada, acceso a profesionais en proceso de formación, instalacións de calidade con espazos diferenciados e utilización de recursos externos adecuados.

Os puntos negativos que surxen desta valoración refírense á dificultade dos usuarios para aceptar un programa destas características que esixe unha grande dedicación, así como a un baixo número de pacientes en ocasións.

Conclusiones

Os datos recollidos amosan que a valoración do programa, cuantitativa e cualitativa, é moi satisfactoria tanto por parte dos pacientes como por parte do equipo de profesionais. Os pacientes valoran dunha maneira similar as actividades terapéuticas (7,81 puntos) e as socioeducativas (7,57 puntos). Aínda que se podería pensar que as actividades socioeducativas son máis atractivas para os pacientes, o feito de que a valoración de ambas sexa similar pode ser indicativo de que existe unha claridade no que a obxectivos e misión do programa se refire, conseguindo que a área socioeducativa se utilice como un axente dinamizador do programa e non como a razón do mesmo, dando un peso específico á área terapéutica como eixo da UD. En canto á valoración media de todas as actividades (7,79) e a valoración do programa en si mesmo (8,75) encontramos que aínda que ambas son elevadas, existe un punto de diferenza entre elas. Este resultado podería reflectir unha tendencia a valorar máis positivamente o programa cando se lle pregunta ao suxeito pola súa totalidade, e dunha maneira máis crítica cando se separa o programa en cada unha das súas partes. Parécenos importante resaltar esta diferenza, pois unha avaliación adecuada da satisfacción dos pacientes precisa que se valoren ambas perspectivas.

Esta elevada satisfacción dos pacientes é similar á obtida nos estudos españois citados previamente, incorporando o noso traballo datos cualitativos, o que enriquece os resultados ao permitir que os pacientes aporten información que de outra maneira sería difícil conseguir.

Autores como Mira e Aranaz (2000) recomiendan técnicas de investigación tanto cualitativas coma cuantitativas á hora de analizar a satisfacción.

Na parte cualitativa da nosa investigación os pacientes destacan de forma especial o apoio para o cambio no estilo de vida e a mellora das súas habilidades sociais. Consideramos especialmente relevante a importancia que os pacientes outorgan a que as súas opinións e contribucións sexan tidas en conta.

Destacamos dúas posíbeis influencias para que a satisfacción sexa tan elevada: 1) O programa utiliza unha avaliación formativa, que permite a modificación continua das actividades dando resposta á valoración dos pacientes; isto parécenos adecuado e necesario para unha asistencia de calidade. 2) A maioría dos pacientes que non continúan no programa non realizan a avaliación do trimestre en que abandonan; desde 2008 mudou o criterio temporal realizándose bimensualmente, para minimizar a perda de opinión.

Por outro lado, os profesionais coinciden en que a calidade da UD se define pola capacidade de transformación e adaptabilidade do programa, e que se desenvolveu unha metodoloxía de traballo que facilita a consecución dos obxectivos xerais do programa.

Resumindo, consideramos primordial para unha asistencia de calidade avaliar a satisfacción dos pacientes, sendo necesario tamén para o plantexamento actual e futuro do tratamento.

Bibliografía

- Delgado, (1997). Factores asociados a la satisfacción de los usuarios. *Cuadernos de Gestión*, **3**, 90-101.
- Haro, G., Fernández-Garcés, M., Pérez-Gálvez, B., Cervera, G., Castellano, M., Valderrama, J.C. e Martínez-Raga J. (2002). Nivel de satisfacción de los usuarios de la red de drogodependencias de la comunidad Valenciana en relación con el conocimiento de sus derechos como pacientes. *Conductas adictivas*, **2**, 4.
- Ibern, P. (1992). La mesura de la satisfacció en els serveis sanitaris. *Gaceta Sanitaria*, **6**, 176-185.
- Martín Araujo, J.C (2003). Opinión de los usuarios sobre la atención prestada en un Centro Ambulatorio de Atención a Drogodependientes. *Adicciones*, **15**, **4**, 341-350.
- Mira, J.J., Aranaz, J. (2000). La satisfacción del paciente como una medida del resultado de la atención sanitaria. *Med Clin*, **114**, **3**, 26-33.
- Pascoe, G. (1983). Patient satisfaction in primary health care: a literature review and analysis. En Attkinson, C. e Pascoe, G. (Eds.) *Patient satisfaction in health and mental services. Evaluation and program planning*, **6**, 185-210.
- Pérez de los Cobos, J., Fidel, G., Escuder, G., Haro, G., Sánchez, N., Pascual, C., Valderrama, J.C., Valero, S. e Trujols J. (2005) Encuesta de satisfacción entre los usuarios dependientes de opiáceos en programas de mantenimiento con metadona en centros de España. *Revista de Toxicomanía*, **42**, 15-22.
- PGD (Plan de Galicia sobre drogas) 2003. *Catálogo de Programas Asistenciais*. **Santiago de Compostela: Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia.**
- Prieto, M.A., March, I.C. e López, F. (1999). Calidad percibida por usuarios de centros de salud y de aseguradoras privadas. *Atención Primaria*, **24**, 259-266.
- Rodríguez, M.; Jimenez-Lerma, J.M.; Iraurgi, I.; Murua, F.; Bacigalupe, L.; Chavarri, M.R. e Balsategi, B. (2002). Evaluación de la Satisfacción con el Tratamiento en un Centro Ambulatorio de Drogodependencias a través del "Treatment Perceptions Questionnaire" (TPQ). *Adicciones*, **14**, 417-424.
- USC. O primeiro estudo de avaliación da calidade da atención en saúde mental salienta a competencia profesional do persoal. Recuperado o 2 de febreiro de 2009.
- <http://www.sergas.es/Noticias/DetalleNoticias.aspx?IdPaxina=40017&IdNoticia=2868>

ANÁLISE DESCRITIVA DAS AUSENCIAS A PRIMEIRAS CONSULTAS EN PSICOLOXÍA CLÍNICA NA ÁREA SANITARIA DE FERROL



Vanessa Vilas Riotorto e Santiago Lago Canzobre

Unidade de Saúde Mental II (Caranza). Área Sanitaria de Ferrol

RESUMO

As ausencias ás primeiras consultas programadas nas Unidades de Saúde Mental son un claro problema asistencial. Nesta investigación plantexámonos estudar a influencia dalgunhas variábeis sociodemográficas (sexo e idade), tempo medio de espera e existencia ou non de historia previa na unidade, comparando o grupo de ausentes co grupo de asistentes das 1031 primeiras consultas programadas en Psicoloxía Clínica na U.S.M.-II (Caranza) de Ferrol durante o ano 2007 e o ano 2008. Os resultados mostran que non existe relación coas variábeis sexo, idade nin contacto previo coa unidade. O tempo de espera é o factor que máis parece influír neste fenómeno.

Palabras chave: *Unidade de Saúde Mental. Ausencias. Primeiras citas programadas*

ABSTRACT

The failure to the first regular appointments in Mental Health Centres represent a clear welfare problem. In this investigation we study the influence of some sociodemographic variables (sex and age), previous contact in the centre and the length of time the patient waits in a group of failed subjects compared with a group of attending subjects of 1031 initial appointments with Clinical Psychology in Ferrol Mental Health Centre (Caranza), during 2007 and 2008 years. Results shows that there's no relationship between the variables in terms of sex, age or patients with a previous contact in the centre. The length of time the patient waits is the most important factor.

Key words: *Mental Health Centre. Failure. Non-attendance. First appointment.*

As ausencias ás primeiras consultas programadas nas Unidades de Saúde Mental son un problema asistencial. Ditas consultas representan un problema económico para as institucións, de custo en termos do tempo do profesional e un aumento das listas de espera, co consecutivo agravio para os propios pacientes e a privación dunha atención de calidade dentro dun sistema sanitario público.

Neste traballo plantexámonos unha análise descritiva deste fenómeno. Con este obxectivo, estudamos variábeis sociodemográficas (sexo e idade), tempo medio de espera e existencia ou non de historia previa na unidade, comparando pacientes con primeiras consultas programadas en Psicoloxía Clínica, citados na U.S.M.-II (Caranza) de Ferrol, provincia de A Coruña, ao longo dos anos 2007 e 2008.

En dito período foron programadas na USM-II 1031 primeiras consultas en Psicoloxía Clínica. A mostra está composta por pacientes de ambos sexos (homes 31.8% e mulleres 68%) cunha media de idade de 37.57anos(Sx 13.88). Do total da mostra un 48.4% non tiñan historia previa aberta na USM-II e un 50.9% tiña contacto anterior co centro. O tempo medio de espera mínimo foi de 43 días e o máximo de 115 días (media 83.26; Sx 20.15).

Os resultados finais mostraron unha elevada incidencia de ausencias na nosa USM-II (29.3%).

No referido ás variábeis sociodemográficas (sexo e idade) non se observaron diferenzas estatisticamente significativas. Homes e mulleres acoden ou deixan de acudir por igual ás primeiras consultas. Podemos sinalar, aínda que non era un obxectivo específico da investigación, que as mulleres consultan máis que os homes. Con respecto á idade, tampouco se apreciaron diferenzas significativas nos diferentes rangos de idade.

Outro dato a destacar é que a existencia ou non de historia previa, sorprendentemente, non parece relacionarse con que os pacientes acudan máis ás consultas. Esta variábel non mostrou diferenzas significativas entre os ausentes e os asistentes.

O tempo de espera aparece como a variábel máis influente neste fenómeno. Os nosos achados mostran relación entre o tempo de espera e as ausencias ás primeiras consultas en Psicoloxía Clínica. Este resultado coincide co da maioría dos estudos, a maior tempo de demora maior porcentaxe de ausencias. Certamente, este é un feito que observamos na nosa práctica diaria.

Non é tarefa sinxela analizar a relación entre as diferentes variábeis que poden motivar as ausencias ás primeiras consultas nunha USM, en parte porque a información que se ten dos pacientes que non acoden é escasa. Porén, reportaría importantes beneficios acadar un perfil, en base a características persoais e clínicas, que nos permitiran iniciar medidas preventivas que diminúan este problema.

TÁBOA 1. Comparación dos pacientes ausentes cos asistentes


		AUSENTES (29,3%)	ASISTENTES (67,6%)	p
SEXO	Muller	198	485	0,38
	Home	103	212	
IDADE	15-20	23	67	0,147
	21-30	33	136	
	31-40	71	196	
	41-50	29	134	
	51-60	15	90	
	61-65	23	21	
	>65	6	21	
TEMPO DE ESPERA	43-66	78	203	0,038*
	67-90	68	185	
	91-105	83	188	
	>105	73	122	
HISTORIA PREVIA	SI	144	334	0,46
	NON	157	360	

*Correlación estatisticamente significativa $p < 0.05$

Bibliografía

- Campbell B., Staley D. and Matas M. (1991) Who misses appointments? An empirical analysis. *Can J Psychiatry*, 36, pp 223-225.
- García Moratalla, B., y Ortiz Lobo, A (2002) Ausencias en las primeras consultas de un centro de salud mental: un estudio controlado. *Rev. Asoc. Esp. Neuropsiq.*, 83(21), pp 27-36.
- Herrán A., López-Lauza J.R., Garizo H., Cadiñanos A., Díez-Manrique J.F., y Vázquez-Barquero J.L. (2000) Derivación de los pacientes con enfermedad mental desde Atención Primaria a Salud Mental. *Actas Esp Psiq* 28(1), pp 13-21.
- Hochstadt N.J., and Tribula J. (1980) Reducing missed initial appointments in a community mental health center. *J. Community Psychol.*, 8, pp 261-265.
- Livianos-Aldana L., Vila-Gómez M., Rojo-Moreno L., and Luengo-Gómez, M.A(1999)Patients who miss initial appointment in community psychiatry? A Spanish community analysis. *Int Soc Psychol.*, 45(3): 276-278.
- Otero J., Luque A., Conde M., Jiménez C. y Serrano C. (2001) Estudio de las variables asociadas a las ausencias en las primeras consultas psiquiátricas. *Actas Esp. Psiq.*, 29(3), pp 153-158.

PREVENCION E EPIDEMIOLOXÍA DOS TRANSTORNOS DA CONDUTA ALIMENTARIA EN ESTUDANTES DE SECUNDARIA GALEGOS/AS. RESULTADOS PRELIMINARES



Calado Otero M. y Rodríguez del Toro C.
Servicio Psiquiatría. Hospital do Meixoeiro. Vigo
maria.calado.otero@sergas.es

Pérez Hornero, J. y Gastañaduy Tilve, MJ
Hospital Conxo de Santiago de Compostela

Ruiz-Lázaro, PM
Hospital Clínico Universitario de Zaragoza. Universidad de Zaragoza
Instituto Aragonés de Ciencias de la Salud I CS

RESUMO

OBJECTIVO: prevención e epidemioloxía en TCA en adolescentes precoces galegos/as. **METODOLOXÍA:** ensaio aleatorizado con grupo de intervención (currículo ZARIMA) e grupo control nunha mostra comunitaria de estudantes de 1º de ESO durante o ano 2007 con seguimento aos doce meses. **Avaliación:** mediante o Eating Attitudes Test-26 e a entrevista diagnóstica SCAN3 para detectar os casos de transtornos alimentares. **RESULTADOS:** participan 16 centros de Santiago, Vigo e Ourense de titularidade pública e privada cun total de 30 aulas. O 10,45% dos/as estudantes estaban en risco de TCA durante o primeiro ano fronte ao 5,9% durante o segundo ano. A prevalencia puntual de Transtornos da Conduta Alimentaria (TCA) o primeiro ano é de 7/641, o 1,1,% de Transtornos da Conduta Alimentaria Non Especificados (TCANE) F50.9; mentres que, a prevalencia puntual de TCA no segundo ano é de 6/595, o 1% de TCANE F50.9 e de Bulimia Nervosa (BN) F50.3. **CONCLUSIÓNS:** os resultados amosan unha importante diminución do risco de TCA ao ano de seguimento, mentres que se mantén estábel a porcentaxe de casos novos detectados.

Palabras chave: Epidemioloxía, prevalencia, prevención, transtornos conduta alimentaria, adolescencia

ABSTRACT

OBJECTIVE: Prevention and epidemiology in Eating Disorders (ED) in galician early teenagers. **METHODOLOGY:** Randomized trial with an intervention group (curriculum ZARIMA) and a control group in a community sample of 1st Course of Secondary Education students during 2007 with twelve months follow-up. **EVALUATION:** By means of the Eating Attitudes Test-26 and the SCAN3 diagnostic interview in order to detect eating disorder cases. **RESULTS:** The study was conducted in 16 public and private centers of Santiago, Vigo and Orense with a total of 30 classrooms. 10,45% of the students were in risk of ED during the first year in contrast with 5,9% during the second year. The punctual prevalence of ED in the first year was of 7/641, the 1,1,% of Eating Disorders Not Otherwise Specified (EDNOS)F50.9; while, the punctual prevalence of ED in the second year was of 6/595, 1% of EDNOS F50.9 and Bulimia Nervosa (BN) F50.3. **CONCLUSIONS:** Our results show an important decrease of the risk for ED at the end of the year of follow-up, while remains stable the percentage of new cases detected.

Key words: Epidemiology, prevalence, prevention, eating disorders, adolescence

Introdución

A prevención nos Transtornos da Conduta Alimentaria (TCA) xustifícase polo incremento da súa incidencia e prevalencia nos/as adolescentes do noso país, así como, polos seus elevados índices de cronificación e recaídas.

Tales asuncións xustifican que se realicen intervencións preventivas nesta materia. Porén, a avaliación da efectividade do traballo preventivo realizado desde hai uns dez anos en España non é concluínte. O programa do grupo multidisciplinar Zarima (1999-2002) representa unha excepción. E é que se encontra unha diminución do risco e número de casos novos (Ruiz-Lázaro e Comet, 2003; Ruiz-Lázaro, 2005).

As características deste programa de prevención que poden ter incidido nestes resultados positivos relaciónanse con que ten en conta aspectos de prevención primaria e secundaria, incide sobre os factores de risco e protección relacionados cos TCA (alimentación- nutrición, imaxe corporal, pensamento crítico, autoestima, reafirmación e habilidades sociais), e a realización de intervencións sobre os pais e/ou as nais. Metodoloxicamente este programa tamén presenta unha serie de vantaxes: a presenza dun grupo intervención e un control; a avaliación inmediatamente antes e despois da intervención, así como, durante un seguimento (ao ano e aos tres anos).

Debido aos seus prometedores resultados, é interesante comprobar o seu funcionamento noutros contextos. Por iso se aplicou en Galicia durante os cursos académicos 2006-07, 2007-08. Este traballo formou parte dun proxecto financiado polo Fondo de Investigación Sanitaria (FIS), Instituto de Saúde Carlos III do Ministerio de Sanidade: N° expediente Proxecto Investigación: PI052533. O seu título: *Programa de prevención de transtornos de conduta alimentaria en adolescentes avaliado con ensaio controlado aleatorizado multicéntrico*.

Preséntanse a continuación os resultados preliminares trala implementación do programa en **Vigo, Ourense e Santiago** no curso académico 2006-07 e logo do seguimento aos 12 meses.

Metodoloxía


Tal e como xa se puxo de manifesto, séguese un deseño experimental que permite unha adecuada validez interna: estudo aleatorizado pre-post con grupo control. Até o momento desenvolveuse o programa de prevención durante o primeiro ano (Ano 1) e o seguimento do segundo ano (Ano 2). Descríbese a continuación a metodoloxía de ambos anos:

Ano 1

Preséntase na Figura 1 o cronograma de cada un dos pasos metodolóxicos que se efectuou durante o primeiro ano de intervención. A mostra comunitaria está formada por estudantes de 1º de Ensino Secundario Obrigatorio (ESO) durante o curso 2006-07, no período de xaneiro a abril

de 2007. Trátase dun ensaio aleatorizado no que no grupo de experimental se intervén a través do desenvolvemento do currículo ZARIMA; mentres que no grupo control non se realiza ningunha intervención. O currículo ZARIMA (Ruiz-Lázaro, 1999) consta de cinco sesións (2 horas semanais cada sesión) con técnicas activas, de implicación, grupais e contidos vinculados aos factores de risco e protección dos transtornos alimentares.


As variábeis estudadas, durante o ano 1, son a puntuación no Eating Attitudes Test-26 (EAT-26; Castro, Toro, Salamero e Guimerá, 1991) e a entrevista diagnóstica SCAN apartado de transtornos alimentares (1994). As entrevistas lévanse a cabo con aquelas persoas que puntúan por cima do punto de corte no EAT-26 ($EAT-26 > 0 = 20$, grupo en risco de TCA), así como, aquelas que puntúan 0 e 1 neste inquérito (grupo sen risco de TCA). As puntuacións no EAT-26 son obtidas en dous momentos temporais no grupo experimental e no control: antes e despois da intervención. Por outro lado, a entrevista diagnóstica co SCAN (1994) só se efectúa trala intervención.



Seguimento, ano 2

Na Figura 2 represéntase o cronograma da metodoloxía do ano 2. A poboación alvo ao ano de seguimento continúan a ser os/as estudantes que participaron durante o ano 1. De novo efectúase unha avaliación no grupo control e no experimental co EAT-26 e a entrevista diagnóstica SCAN. Ademais de entrevistar aos suxeitos que puntúan por cima do punto de corte, 0 ou 1 no EAT-26, nesta avaliación, tamén se entrevista a aqueles suxeitos que xa foran

entrevistados no ano 1. Por outro lado, co grupo experimental efectúase unha sesión de reforzo co vídeo *Comer ben, verse mellor* e dinámicas de grupo.



Resultados

Participan 16 centros de Santiago de Compostela, Vigo e Ourense de titularidade pública e privada cun total de 30 aulas. A poboación durante o primeiro ano é de 641 alumnos/as (298 no grupo experimental e 343 no grupo control) fronte a 595 o segundo ano (297 no grupo experimental e 298 no grupo control). Durante o segundo ano perdéronse 46 suxeitos da mostra inicial (taxa de participación do 92,8%).

Durante o primeiro ano 67 dos/as 641 participantes (10,45%) estaban en risco de TCA fronte a 35 casos dos 595 participantes ao ano de seguimento (5,9%) (Táboa 1).

TÁBOA 1. Poboación risco en función do punto de corte do EAT-26				
	ANO 1 2007		ANO 2 2008	
	N	%	N	%
PRESENZA RISCO	67	10,45	35	5,9
AUSENCIA RISCO	574	89,55	560	94,1

As entrevistas dos suxeitos en risco en función da puntuación do EAT-26 amosan unha prevalencia puntual de TCA o primeiro ano de 7/641; cifra que representa o 1,1,% de Transtornos da Conduta Alimentaria Non Especificados (TCANE) F50.9. Por outro lado, a prevalencia puntual de TCA no segundo ano é de 6/595, o 1% de TCANE F50.9 e Bulimia Nerviosa (BN) F50.3.

Finalmente, as entrevistas coa poboación que non está en risco (puntuación 0 ou 1 no EAT-26) non amosan ningún caso de TCA nos/as estudantes de secundaria galegos/as.

Discusión e conclusións

Os datos de casos en risco de TCA, durante o primeiro ano, sitúanse á volta do 10% en función do EAT-26. Esta cifra aproxímase coa doutros traballos do noso país que utilizan o mesmo inquérito en estudantes de secundaria (Gandarillas, Zorrilla, Sepúlveda e Muñoz, 2003; Gil, Ortiz e Fernández, 2007; Calado, 2008); porén, durante o segundo ano diminúe considerabelmente a porcentaxe de poboación en risco (10,45% en 2007 vs.5,9% en 2008).

Pódese resaltar destes resultados que diminúen considerabelmente os casos en risco de TCA ao ano de seguimento, mentres que se manteñen estábeis a porcentaxe de casos novos detectados.

Cabe dicir que se trata de datos preliminares e que é necesario levar análises estatísticas que permitan concluír se as diferenzas encontradas son significativas; mais tamén, estudar as diferenzas en función da variábel sexo, grupo de intervención (experimental vs. control) e tempo (avaliación primeiro ano vs. seguimento).

Bibliografía

- Calado, M. (2008). Influencia de los medios de comunicación en la imagen corporal y desórdenes alimentarios en estudiantes de secundaria. *Tese doutoral non publicada*. **Ourense**: Universidade de Vigo.
- Gandarillas, A., Zorrilla, B., Sepúlveda, A. R. e Muñoz, P. (2003). *Prevalencia de casos clínicos de trastornos del comportamiento alimentario en mujeres adolescentes de la Comunidad de Madrid*. Madrid: Documentos Técnicos de Salud Pública, nº 85. Instituto de Salud Pública.
- Gil, E., Ortiz, T. e Fernández, M. L. (2007). Perfiles sociales, alimentación y predicción de trastornos de la alimentación en adolescentes urbanos andaluces. *Atención Primaria*, **39**, 7-13.
- Ruiz-Lázaro, P. M. (1999). *Guía práctica: prevención de los trastornos de la conducta alimentaria*. Zaragoza: Grupo Zarima.
- Ruiz-Lázaro, P. M. (2005). Programas de prevención y trastornos de la conducta alimentaria. *La Báscula*, **3**, 22-26.
- Ruiz-Lázaro, P. M. e Comet, P. (2003). Trastornos alimentarios, cuerpo y alimentación. Intervención comunitaria en la adolescencia. *Red de Salud*, **6**, 32-34.
- Castro, J., Toro, J., Salamero, M. e Guimerá, E. (1991). The eating attitudes test: Validation on the spanish version. *Psychological Assessment*, **2**, 175-190.
- Vázquez-Barquero, J. L., Gaite, L., Artal, J., Arenal, A., Herrera, S., Díez-Manrique, J. F., *et al.* (1994). Desarrollo y verificación de la versión española de la entrevista psiquiátrica “sistema SCAN” (inquéritos para a avaliación clínica en neuropsiquiatría). *Actas Luso Españolas de Neurología Psiquiatría y Ciencias Afines*, **22**, 109-120.

CAMBIO DE SENTIDO. PROGRAMA DE PREVENCIÓN EN AUTOESCOLAS DO ALCOLISMO XUVENIL



Manuel Isorna Folgar

Coordinador Programa prevención Drogodependencias de los Ayuntamientos de Catoira, Dodro, Padrón, Pontecesures, Rois y Valga.

Subdirección Xeral de Saúde mental e Drogodependencias

Profesor Asociado Universidade de Vigo

RESUMO

A gravidade e repercusión do abuso do alcol e outras drogas na nosa sociedade e incuestionábel. Pero o fenómeno máis alarmante a nivel social é a asociación existente entre o consumo de drogas, as noites de marcha e a condución. A OMS (2004) aconsella a adopción urxente de medidas preventivas e educativas que evitaren ou reduciran o número de accidentes relacionados con esta causa. A ausencia de autocrítica e concienciación do perigo que o consumo de drogas xera no conductor e a falta de responsabilidade individual en temas de consumo, constitúe un motivo suficiente de preocupación e de procura de solucións alternativas e de intervención con carácter preventivo na xuventude, idade onde maior probabilidade de risco existe. Consideramos que o paso dos xóvens por institucións e centros, léase autoescuelas, de carácter educativo e formativo, é un bo lugar e momento para que reciban información formativa clara e realista sobre os efectos do consumo de drogas e a súa relación con accidentes de tráfico.

Palabras chave: *prevención, accidentes de tráfico, noites de marcha, autoescuelas, xóvens.*

ABSTRACT

The gravity and repercussion of the abuse of the alcohol and other drugs in our society is unquestionable. But the most alarming phenomenon at the social level is the existing association between the consumption of drugs, the nights of march and the driving cars. The WHO (2004) advises the urgent adoption of preventive and educational measures that should avoid or reducing the number of accidents related to this reason. The absence of self-criticism and conscience of the danger that the consumption of drugs generates in the driver and the lack of individual responsibility in topics of consumption, constitutes a sufficient motive of worry and of search of alternative solutions and of intervention with preventive character in the youth, age where major probability of risk exists. We think that the step of the young men along institutions and centers, there be read autoschools, of educational and formative character, it is a good place and moment in order that they receive formative clear and realistic information about the effects of the consumption of drugs and his relation with traffic accidents.

Key words: *prevention, traffic accidents, in the nights of march, autoschools, young men(women).*

Xustificación

Os accidentes de tráfico son un grave problema social dado o número de mortos e lesionados que provocan en todo o mundo e especialmente, entre outros, no noso país. Datos obxectivos demostran que é “o factor humano” o seu principal responsábel.

Estudos internacionais afirman que de entre todas as estratexias posíbeis para evitalos, son as preventivas as que amosan unha maior eficacia e rentabilidade económica ao intentar evitalo (Gregerson, 1996).

Nos estudos realizados pola DGT observamos que existe un maior risco en certos sectores da poboación entre os que se encontran os menores de 25. O consumo de alcol é a primeira causa de morte entre os conductores de 18 a 30 anos; un de cada tres mortos é menor de 25 anos a pesar de que só representan o 17% dos conductores; a maior parte dos accidentes prodúcense os fins de semana, entre as 8 da tarde e as 6 da mañá e este grupo de idade (18-25 anos) está implicado no 31% de todos os accidentes de tráfico e no 60% do fin de semana. O 65% dos involucrados en accidentes de tráfico que dan positivo no test da alcolemia son menores de 35 anos.

Á vista dos acontecementos que se presentan cada fin de semana é evidente que tanto as institucións públicas e privadas implicadas, como os técnicos de prevención deben tomar cartas no asunto xa que moitos xóvens morren na estrada e, na maioría dos casos, débese a un consumo excesivo de alcol e outras drogas.

O programa “Cambio de Sentido” ten unha ambiciosa finalidade: estender a nosa contribución á educación viaria dos xóvens na propia autoescola que, pensamos, repercutirá no futuro comportamento dos xóvens ao volante dun vehículo.

Drogas e condución.

Os accidentes son a principal causa de morte nos xóvens, a maioría non se deben a unha falta de coñecemento das leis e normativas de tráfico ou unha falta de habilidades básicas para controlar o vehículo; o problema é máis complexo e parece estar máis en función das características evolutivas da xuventude: a súa propensión a asumir riscos, a súa crenza de que é invencíbel e invulnerábel, a súa susceptibilidade perante a presión de grupo, a súa propia fábula persoal, a súa audiencia imaxinaria, etc.. Estas características sumadas ao consumo de drogas na movida nocturna supoñen exporse sobremaneira a sufrir un accidente de tráfico.

Os accidentes de tráfico ligados ao consumo de drogas supoñen actualmente un risco de perda de vidas humanas moito maior que o causado pola intoxicación con drogas non institucionalizadas e a SIDA xuntos (Ferrer e Pérez, 1991). E é que a pesar da multitude de causas que poden confluír para provocar un accidente de tráfico, diversos estudos coincidiron en

estimar que o alcol está implicado entre un 30% e un 50% dos accidentes de circulación (Montoro, 1991).

O hábito de consumo de alcol nos adolescentes e xóvens españois encádrase, cada vez máis, no denominado “modelo nórdico”, cuxas principais características son: Inicio de consumo a idade precoz e en fin de semana pola tarde-noite, bébese fóra do entorno familiar, primeiramente cervexa e “calimocho” pasando posteriormente a bebidas destiladas en combinados.

Ademais, debemos ter en conta as características da propia movida nocturna onde o alcol forma parte da vida recreativa dos nosos xóvens, implica amplos deslocamentos en vehículo propio ou alleo (51,5% utilizan o coche dun amigo/a e o 38% o seu propio). A mobilidade de locais e zonas é alta (o 28,6% dos xóvens afirman recorrer longas distancias nas súas saídas, o 43% dos xóvens (en Europa) e o 50,7% (en España) recoñecen ter conducido nalgún momento baixo os efectos do alcol. A baixa percepción subxectiva dos riscos que comporta conducir baixo os efectos do alcol (e tamén das drogas de sínteses, cannabis e cocaína) fixo que as persoas que as consumen non adopten ningún tipo de precaucións ao respecto. Se a isto sumamos que estas persoas conducen normalmente de noite e cansadas coa intención de chegar rapidamente á seguinte discoteca, a un “after” ou á súa casa co son a gran volume, en coches repletos de xente distraendo ao conductor ou que fican durmidos cando entran no vehículo, en coches de pais/nais de grande cilindrada, ou o coche vello do pai/nai etc. fai que o perigo se dispare exponencialmente.

Mención especial merecen as denominadas Drogas de Síntese, cuxo consumo está aumentando entre os máis novos e sobre todo en ambientes nocturnos de fin de semana, e que se se mesturan con alcol, cannabis ou outras drogas provocan efectos impredecíbeis en canto á conducción. Os seus consumidores recoñecen que é distinta cando se está baixo os seus efectos. Para uns poucos vólvese máis pracenteira e, por iso, de forma enganada, segura, pero a maioría considera que diminúe as capacidades para unha conducción segura: coa euforia diminúe a sensación de perigo e tómanse menos precaucións; redúcese a capacidade de concentración, os reflexos e a visibilidade; aumenta o tempo de reacción; produce luminiscencias e, en ocasións, alucinacións visuais ou acústicas; na baixada, provoca sono. A eses efectos directos da «éxtase», deben engadirse os xa comentados: cansazo, vontade de chegar rapidamente a un sitio, volume da música, etc.

Táboa 1. Medios de transporte utilizados para dirixirse aos bares, discotecas ou alter hours

Medios de transporte	Total España	Adolescentes	xóvens	Afters	Alternativos	Bilbao	Madrid	Valencia	Vigo
Coche propio	38,0	15,7	43,1	40,0	46,1	28,5	46,6	47,6	33,2
Coche de amigos	51,5	33,9	55,6	64,9	58,8	43,1	67,1	75,5	43,4
Transporte público	17,7	27,7	13,0	9,4	20,2	25,5	42,4	12,3	7,0
Taxi	18,0	18,1	19,1	20,8	13,6	16,3	31,3	24,9	0,1
Moto	14,2	29,6	7,9	1,6	14,3	3,3	14,7	19,0	16,3
Bicicleta	1,3	0,5	0,8	1,6	3,1	0,4	2,1	3,2	-
Outros	29,1	33,6	22,2	25,6	42,9	64,8	25,8	16,7	44,9
Total (n)	1.333	375	392	308	257	238	238	253	244
Fonte PNSD (2000). As respostas son múltiples por iso o total non suma cen.									

En xeral os xóvens utilizan o coche propio ou o dos amigos como primeira opción 38% e 51% respectivamente para saír de marcha xa que iso lle permitirá, por un lado, realizar actividades propias da noite compartidas co propio grupo de amigos e, por outro, aforrar o taxi que para moitos resulta caro (PNSD, 2000).

Base teórica

Este programa ten como base fundamental a Teoría Cognitiva-Social de Bandura (1986), xa que esta teoría asume a importancia do condicionamento clásico, operante e do vicario e como estes poden ser modulados pola autoeficacia.

Zuker e Noll (1982) xa plantexaban a necesidade de realizar intervencións nas cales se fomenta o coñecemento sobre os efectos do alcol nas persoas e na sociedade e se empreguen estratexias educativas para o cambio de actitudes.

Kayser, R.E.; Schippers, G.M.; Van der Staak, C.P. (1996); desenvolveron un programa similar obtendo resultados moi significativos: aumentaron os coñecementos, as actitudes e as intencións no comportamento así como un efecto positivo en canto a acompañar a un conductor intoxicado.

Este programa ten en consideración catro aspectos fundamentais que foron apuntados como guía de calquera iniciativa de promoción da saúde (Conselleria de Sanitat i Consum, 1993):

- Dispor de información adecuada é unha condición necesaria, pero non suficiente. Os chamamentos ao medo como estratexia de cambio condutual, resultaron ser ineficaces, pois na conduta de saúde interveñen outros condicionantes alén dos aversivos.
- Traballar sobre os **valores e as actitudes**, e avaliar a súa xénese social, cultural e familiar, coa finalidade de poder intervir sobre ela.

- Non poden esperarse modificacións nas condutas e os hábitos das persoas sen pasar por un **proceso de motivación e participación** no que a poboación destinataria das actuacións educativas non se sinta implicada e comprometida.
- Para lograr a motivación, a participación e o nivel de compromiso neste proceso de cambio, a poboación destinataria ha de ter consciencia dos problemas que se pretende resolver, así como desexar e valorar positivamente os beneficios que se pretende conseguir. Isto esixe traballar a partir das necesidades reais e percibidas, e propor solucións **non só tecnicamente factíbeis**, senón **socialmente aceptadas**.

Tendo en conta estes aspectos debemos resaltar a importancia da metodoloxía e do contido do programa. De entre as diferentes estratexias preventivas (represivas e informativas), este programa ten un valor diferencial xa que tanto o contido do mesmo coma a metodoloxía da súa aplicación van dirixidas especificamente a intervir directamente sobre o "factor humano" xa que se trata de intervir sobre os aspectos fundamentais que determinan o comportamento dos xóvens.

Obxectivos

- Diminuír o número de accidentes directamente relacionados co consumo de alcol ou outro tipo de drogas.
- Aumentar o nivel de información dos xóvens sobre os efectos e riscos derivados do consumo de alcol e outras drogas na conducción de vehículos.
- Explicar os factores que interveñen na alcolemia.
- Mudar comportamentos perante a embriaguez ou consumo de drogas, propia ou allea.
- Incrementar o sentimento de vulnerabilidade.

Metodoloxía

Unha vez formado no programa “Cambio de sentido” porémonos en contacto cos propietarios das autoescuelas existentes na zona para proceder á explicación dos nosos obxectivos.

- Nun principio realizábase en dúas sesións de aproximadamente hora e media cada unha e cun intervalo temporal de aproximadamente quince días, pero unha vez vistos os contratemplos que xeraba (alumnos/as novos, outros que aprobaban nese período de tempo, etc.), era recomendábel, por unha cuestión de operatividade, realizar unha soa sesión de aproximadamente dúas horas.
- A autoescuela fixa as sesións para non prexudicar a preparación para os exames.

- A cada alumno/a fáiselle entrega dun “manual do alumno”, o cal debe conter a información anteriormente descrita.
- Un dos puntos chave en canto á difusión do mesmo é a importancia de non avisar da nosa visita aos alumnos xa que do contrario moitos evitan ficar.
- O programa debería contar, se for posíbel e co fin de gañar credibilidade, coa testemuña dun/ha xoven vítima dun accidente de tráfico producido por consumo de alcol ou outras drogas e que presente por iso secuelas “*físicas, psíquicas ou ambas*”. Este/a xoven nos primeiros 15 minutos da sesión debe explicarlles o que pensaba antes do accidente, como era a súa vida até o acontecemento e o que pensa agora, que cambios sufriu na súa vida, o que valoraba antes e o que valora agora, etc. Esta introdución no programa cremos que mellora substancialmente o mesmo xa que “un exemplo vale máis que mil palabras” e a mensaxe que lles pretendemos facer chegar posteriormente é recibida con maior atención.
- O emisor da mensaxe debe utilizar unha metodoloxía moi activa, baseándose na aprendizaxe significativa, utilizando os coñecementos que teñen os propios xóvens do alcol ou outras drogas e os seus efectos sobre a súa vida en xeral e sobre a condución en particular.

Resultados

Este programa foi avaliado obtendo os resultados significativos sobre todo no apartado coñecementos e cambio de comportamento en canto a acompañar a un conductor que bebera ou consumira.

Os resultados obtidos amosan que existen moitas crenzas e mitos sobre o alcolismo que é preciso mudar na xuventude.

Conclusiones

Este programa tivo unha boa aceptación por parte dos propietarios das autoescuelas así como pola maioría dos alumnos/as; os cales consideran necesario levar accións encamiñadas a reducir o número de xóvens que conducen baixo os efectos do alcol.

Os resultados máis importantes veranse a medio prazo en referencia ao número de accidentados na comarca; en canto ao cambio de actitudes e a coñecementos sobre o alcol, como podemos comprobar na análise anterior son “significativamente optimistas”.


Cremos que estas actuacións deberían xeneralizarse en todas as autoescuelas do estado e que non ficasen en actuacións discrecionais; cremos que o Ministerio do Interior debería modificar o plan de estudos e introducir máis temas e preguntas no exame sobre os efectos das drogas na condución, o que levaría a que os xóvens prestaran máis atención nas aulas teóricas e se

sensibilizaran máis con respecto a este tema. Así mesmo, cremos que os psicotécnicos aos que son sometidos os futuros conductores deben ser máis selectivos.

Bibliografía

- Bandura, A. (1986). *Social foundations of thought and action. A social cognitive theory*. Englewood Cliffs, N.J.:Prentice-Hall (Trad. castelán: Barcelona: Martínez Roca, 1987).
- Burguer, J.M. e Burns, L. (1988). The illusion of unique invulnerability and use of effective contraception. *Personality and Social Psychology Bulletin*, 14, 264-270.
- Conselleria de sanitat i consum (1993). *Escuela y salud: Programa de educación para la salud en la escuela*. Valencia: Autor.
- Coordinadora de ong's que interveñen en drogodependencias(1995). *Alcohol y juventud*. Madrid: Autor.
- EDEX (1994). *Si bebes en exceso te la juegas*. Concello de Coslada.
- El correo gallego (1977). *Siete de cada diez conductores gallegos accidentados habían ingerido alcohol*. Santiago: 27 de maio.
- Ferrer, X. e Pérez, C. (1991). Panorámica actual y tendencias futuras en la prevención. *Revista de Serveis Socials de la Generalitat Valenciana*, 15-16, 19-29.
- González, J.C. (1997). Fármacos y conducción. *Tráfico*, 124. Ed. DGT.
- González, T. (1994). Alcohol, en 5 de cada 10 accidentes. *Tráfico*, xuño. Ed. DGT.
- Gregerson, N. P. (1996). Young Car Drivers: Why Are They Over-represented in Traffic Accidents? How Can Driver Training Improve Their Situation?. *Accident analysis & Prevention*, 28(2), 243-250.
- Kayser, R.; Schippers, G. e Van Der Staak, C. (1995). Avaliación dun programa educativo de prevención holandés, "Conducir estando intoxicado" para autoescuelas. *Journal drug education*, 25(4), 379-393.
- La Voz de Galicia (1995): *El 3,5 de los conductores accidentados en 1994 había consumido alcohol o drogas*. A Coruña: 1 de xuño.
- López, M. (1994). Volantes con receta. *Tráfico*, 96. Ed. DGT.
- López, M. (1997). La gran hipocresía del alcohol. *Tráfico*, 123. Ed. DGT.
- Ministerio do Interior (2000). *Salir de marcha y consumo de drogas*. Madrid: Delegación para o Plan Nacional sobre drogas.
- Montoro, L. (1991). Alcohol, juventud y accidentes de tráfico. En *Alcohol y Juventud*. Madrid: Ministerio de Sanidade e Consumo.
- Organización Mundial da Saúde (2004). *Informe mundial sobre prevención de los traumatismos causados por el tráfico*. URL dispoñíbel en: <http://www.who.int/worldhealth-day/2004/>
- Perlof, L. S. (1987). Social comparison and illusion of invulnerability to negative life events. En C.R. Snyder e C. E. Ford (comps.), *Coping with negative life events*. New York: Plenum press.
- PNSD (2000). *Salir de marcha y consumo de drogas*. Madrid: Ministerio do Interior.
- Rodríguez, J. (1995). Europa contra el alcohol. *Tráfico*, xullo. Ed. DGT.
- Soria, J. (1996). Alcohol y drogas es nuestra asignatura pendiente. *Tráfico*, maio. Ed. DGT
- Zucker, N. (1982). *Prevention and Treatment of Alcohol Problems: Research Opportunities*. Washington: National Academy of Sciences.

O PAPEL DA IRA NA COMISIÓN DE INFRACCIÓNS DE TRÁFICO



Beatriz González Iglesias y José Antonio Gómez Fraguela

Departamento de Psicología Clínica y Psicobiología

Facultad de Psicología. Universidad de Santiago de Compostela

RESUMO

O obxectivo deste traballo é analizar a relación existente entre o nivel de ira experimentado polos conductores e a comisión de infraccións. Para iso realizouse un inquérito a 163 alumnos universitarios con carné de conducir que cumprimentaron dous cuestionarios, un relacionado co Rasgo e a Expresión da ira (STAXI-2) e outro relativo ao comportamento do conductor (DBQ). Os resultados indican que as elevadas puntuacións na variábel ira se relacionan cunha maior implicación do conductor en violacións interpersoais e do código de circulación. Estes resultados teñen importantes implicacións prácticas á hora de deseñar programas de prevención e intervención no campo da seguridade viaria.

Palabras chave: *Ira, Comportamento do conductor, Violacións, Erros, Lapsus*

ABSTRACT

The role of anger in aberrant driving behaviour. The aim of this study is to analyze the relationship between the level of anger experienced by drivers and their aberrant driving behaviours. We have conducted a survey of 163 college students with driver's license who completed two questionnaires, one related to the Trait and Expression of anger (STAXI-2) and another to driving behaviour (DBQ). Results indicate that high anger levels are related to increased involvement of drivers in interpersonal violations and road traffic violations. These results have important implications in the design of prevention and intervention programs in the field of road safety.

Key words: *Anger, Driver behaviour, Violations, Errors, Lapsus*

A accidentabilidade e a conduta infractora constitúen dous dos problemas sociais e de saúde que maior interese despertaron nas últimas décadas entre investigadores e medios de comunicación. A enorme magnitude que foron adquirindo nas últimas décadas, así como a gravidade dos custes que conlevan, fortaleceu o consenso en canto á necesidade de incidir eficazmente sobre este fenómeno.

Este é o fin primordial que perseguen as medidas lexislativas que nos últimos tres anos se elaboraron no noso país. Referímonos ao chamado “permiso de condución por puntos” e ás últimas reformas do Código Penal en materia de seguridade viaria (LO 15/2007). Alén de endurecer as medidas previstas para os conductores infractores, a nova normativa propón unha serie de programas de *sensibilización e reeducación viaria* cos que se pretende modificar as actitudes dos conductores cara o cumprimento das normas de tráfico (Lei 17/2005 pola que se regula o permiso e a licenza de condución por puntos e se modifica o texto articulado da lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria).

E aínda que o último balance de sinistralidade ofrece datos optimistas sobre a eficacia destas medidas (DGT, 2008), o certo é que o número de vítimas mortais por accidentes de tráfico apenas descendeu un 20% con respecto aos anos previos á entrada en vigor do novo permiso de conducir. A pesar das modificacións o número de accidentes segue máis ou menos invariábel e séguese producindo unha alta taxa de desviación e desobediencia do código de circulación.

Ademais, os accidentes de tráfico non son o resultado dun factor simple, senón o produto dunha complexa rede de interaccións entre o *conductor*, a *vía* e o *vehículo* (Montoro, Alonso, Esteban e Toledo, 2000). Con todo, diversos estudos puxeron de manifesto que o denominado *factor humano* é o que explica a maior parte da varianza da accidentabilidade (Montoro, Roca e Tortosa, 2008). Estimouse que entre o 70 e o 90 por cento dos accidentes de tráfico teñen a súa causa no conductor, xa sexa por un erro involuntario ou unha infracción deliberada (Pérez, Lucas, Dasi e Quiamzade, 2002).

Isto propiciou que o estudo do comportamento do conductor se convertira nun tema prioritario para os expertos en seguridade viaria e que as aportacións da Psicoloxía resulten imprescindíbeis á hora de deseñar estratexias de prevención eficaces. Así, propuxéronse diversos modelos explicativos do comportamento do conductor que tratan un amplo rango de variábeis e que difiren, basicamente, no peso que conceden aos factores persoais e subxectivos na explicación e predicción da conduta do que leva un vehículo.

Dentro deses factores de risco individuais cobran especial importancia as variábeis relacionadas co plano afectivo e motivacional, que activan poderosamente o comportamento e o dirixen cara unha meta. Ademais, interactúan de forma complexa con outros procesos “máis racionais” e cognitivos na tomada de decisións que o conductor leva a cabo ao volante dun automóbil.

Do mesmo xeito, a experiencia de estados emocionais intensos (e.g., ira, medo ou estrese) pode alterar as condicións físicas e psicolóxicas necesarias para o adecuado desempeño dunha tarefa complexa como é a condución, o que incrementa notabelmente o risco de accidente.

Pero, tal vez polas súas amargas consecuencias tanto para o conductor como para o resto de usuarios da vía, e imbuída polo clima de hostilidade e agresión que domina a nosa sociedade, a investigación centrada no estudo da ira ao volante convertiuse nun tema prioritario para os expertos en seguridade viaria. Así, unha emerxente liña de investigación surxida nos Estados Unidos baixo a denominación de “*road rage*” tratou de analizar o papel que a ira exerce sobre o comportamento do conductor. E aínda que o seu estudo non estivo exento de polémicas e sensacionalismos (Dula e Geller, 2003), os avances que se fixeron nos últimos anos sobre este tópico suxiren que os conductores máis coléricos acostuman adoptar un estilo de condución máis agresivo e arriscado, o que os leva a cometer máis infraccións e a verse implicados nun maior número de accidentes e sinistros graves (Deffenbacher, Oetting e Lynch, 1994).

Nesta liña, o obxectivo deste estudo foi analizar o papel das emocións na condución e, máis especificamente, coñecer como inflúen a ira e o enfado no comportamento dos conductores.

Método

Participantes

No estudo participou unha mostra de 163 estudantes da Universidade de Santiago de Compostela con idades comprendidas entre os 19 e os 34 anos, cunha media de 21.16 (d.t.= 1.85); sendo o 85.6% mulleres e o 14.4% varóns.

Procedemento

Os datos foron recollidos en pequenos grupos e de forma colectiva no contexto das prácticas dunha materia da licenciatura de Psicoloxía. Os estudantes (en torno a 40 por aula) recibiron unha copia dos distintos cuestionarios e unha folla de resposta onde debían ir anotando aquelas alternativas que máis se adecuaban ao seu propio caso. Cada un dos cuestionarios incluía unhas pequenas instrucións e a escala de valoración que os suxeitos debían utilizar para responder as distintas preguntas que se lles formulaban.

Instrumentos

Inventario de Expresión de Ira Estado-Rasgo (STAXI-2) (Miguel-Tobal, Casado, Cano-Vindel e Spielberger, 2001). É un cuestionario autoaplicado composto por 49 ítems agrupados en tres partes. A primeira parte, *Estado de ira*, non foi utilizada neste estudo. Nos 10 ítems da escala *Rasgo de ira* (Parte 2) os suxeitos deben expresar como se senten “normalmente” nunha escala de 4 puntos (1 = *Case nunca*; 4 = *Case sempre*). Pola súa parte, os 24 ítems da sección *Expresión e Control da ira* (Parte 3) cualifícanse en función da frecuencia con que xeralmente os suxeitos reaccionan ou se comportan de certa maneira cando están enfadados. Para iso emprégase a mesma escala de 4 opcións empregada na Parte 2 (desde *Case nunca* até *Case sempre*).

A versión española desta proba presenta uns índices de consistencia interna entre 0.67 e 0.89.

Driver Behaviour Questionnaire (DBQ) (Reason, Manstead, Stradling, Baxter e Campbell, 1990). Este cuestionario avalía a conduta e as infraccións cometidas polos condutores ao volante. Para esta investigación utilizouse a versión do DBQ adaptada ao español por Gras, Sullman, Cunill, Planes, Aymerich e Font-Mayolas (2006). Os seus 27 ítems agrúpanse en catro subescalas (“*Erros*”, “*Lapsus*”, “*Violacións das normas*” e “*Violacións interpersoais*”). Para o rexistro das respostas empregouse unha escala tipo Likert de 5 puntos (1 = *Nunca*; 5 = *Moitas veces*).

En xeral, todas as subescalas presentan boa consistencia interna, con valores do coeficiente de alpha de Cronbach superiores a 0.70. De feito, só a subescala *Lapsus* presenta unha consistencia interna baixa (0.46), o cal se pode considerar aceptábel dado que está formada só por 3 ítems.

Resultados

O rasgo e a expresión da ira

Co fin obter unha adecuada interpretación das puntuacións obtidas polos suxeitos desta mostra nas distintas escalas e subescalas do STAXI-2, leváronse a cabo análises de diferenzas de medias atendendo á variábel sexo. Para realizar estas análises tomouse como referencia a mostra normativa do STAXI-2 empregada na adaptación española do cuestionario. En concreto, e dado que o 85.6% dos suxeitos da mostra deste estudo eran mulleres e a súa media de idade se situaba en torno aos 21 anos, as comparacións establecéronse entre este subgrupo da mostra e as mulleres do subgrupo de idade de 20 a 29 anos da mostra normativa.

Os resultados obtidos poden ser observados detalladamente na Táboa 1. Nela móstranse as medias, as desviacións típicas e o valor de t obtido nas comparacións realizadas sobre as distintas medidas e o seu nivel de significación.

TÁBOA 1. Probas *t* (diferenzas de medias) entre as mulleres da mostra e os baremos do STAXI-2

Escala / Subescala		Mostra	STAXI-2	<i>t</i>	<i>p</i>
Estado	M	17.50	18.12	-1.79	n.s.
	D.t.	4.03	5.00		
Estado de ira-Sentimento	M	6.39	6.67	-1.42	n.s.
	D.t.	2.33	2.68		
Estado de ira-Expresión verbal	M	5.93	6.20	-1.87	n.s.
	D.t.	1.71	2.08		
Estado de ira-Expresión física	M	5.19	5.26	-1.19	n.s.
	D.t.	0.69	0.93		
Rasgo de ira	M	20.06	21.96	-4.62	0.0001
	D.t.	4.83	5.26		
Rasgo de ira-Temperamento	M	8.46	9.11	-2.57	0.01
	D.t.	2.97	2.95		
Rasgo de ira-Reacción	M	11.59	12.84	-4.94	0.0001
	D.t.	2.96	3.28		
Expresión Externa	M	12.34	12.67	-1.16	n.s.
	D.t.	3.30	3.34		
Expresión Interna	M	11.55	12.30	-2.28	0.02
	D.t.	3.83	3.71		
Control Externo	M	15.16	14.69	1.10	n.s.
	D.t.	5.00	4.52		
Control Interno	M	13.27	13.29	-0.06	n.s.
	D.t.	4.35	4.22		
Índice de expresión de ira (IEI)	M	31.47	33.00	-1.75	n.s.
	D.t.	10.23	9.67		

Como podemos observar na táboa 1, os datos amosan poucas diferenzas entre as puntuacións obtidas polas mulleres da mostra deste estudo e as establecidas nos baremos do STAXI-2 para este grupo de idade. Con todo, ambos grupos difiren (cun nivel de significación de 0.0001) nas puntuacións que obteñen na escala de “Rasgo de ira” e nas subescalas de “Rasgo de ira-Reacción” e “Rasgo de ira-Temperamento” (nesta última cunha alfa de 0.01). En todos estes casos, as puntuacións dos baremos son significativamente máis altas que as achadas na mostra do noso estudo.

Pola súa parte, tamén resultaron ser significativas ($p \leq 0.05$) as diferenzas entre ambos grupos na subescala de “Expresión interna” da ira. De novo, as mulleres participantes neste estudo informaron de puntuacións máis baixas. Finalmente, na subescala de “Control Externo” é na única en que as mulleres desta mostra puntúan significativamente máis alto que as do grupo normativo, se ben esta diferenza resultou non significativa.

As infraccións e os erros ao volante

Como pode observarse na figura 1 os suxeitos desta mostra informan da comisión dun grande número de lapsus ao volante. Este tipo de infraccións son estatisticamente máis frecuentes que o resto de transgresións do código de circulación avaliadas mediante este cuestionario. Pola súa parte, a categoría de conduta etiquetada como “Erros” é a estatisticamente menos frecuente.




FIGURA 1. Media das subescalas do DBQ

O poder predictivo sobre as infraccións de tráfico

Co fin de comprobar en que medida a ira predice o comportamento do conductor ao volante utilizamos a regresión lineal múltiple. En cada análise de regresión, as variábeis dependentes foron as distintas subescalas do DBQ (“Violacións das normas”, “Violacións interpersoais”, “Erros” e “Lapsus”) e as variábeis independentes que introducimos foron as subescalas do STAXI-2. Dado que o noso obxectivo é determinar a subescala ou subescalas que mellor predican cada infracción empregamos o método de Pasos sucesivos.

TÁBOA 2. Resumo da análise de regresión (método Pasos sucesivos)

Paso	Variábeis predictoras	Beta	R ²	F
<i>Violacións das normas</i>				
1	Rasgo de ira-Reacción	.27***	.10	
2	Expresión externa	.17*	.13	11.26***
<i>Violacións interpersoais</i>				
1	Rasgo de ira-Reacción	.24**	.09	
2	Expresión externa	.23**	.14	12.42***
<i>Erros</i>				
1	Rasgo de ira-Reacción	.27***	.07	12.77***
<i>Lapsus</i>				
1	Rasgo de ira-Reacción	.25**	.08	
2	Expresión externa	.17*	.11	9.47***

* p < 0.05; ** p < 0.01; *** p < 0.001

Como se observa na táboa 2, as subescalas “Rasgo de ira-Reacción” e “Expresión Externa” da ira explican o 13% da varianza das “Violacións das normas”. Esas mesmas subescalas explican un 14% a varianza das “Violacións interpersoais”, aínda que é a subescala de “Rasgo de ira-Reacción” a que explica case o 10% da varianza desta variábel.

No caso dos “Erros” e os “Lapsus” a porcentaxe de varianza explicada polas subescalas do STAXI-2 non supera o 11%. Isto é especialmente certo cando tratamos de explicar a comisión

de erros ao volante, xa que só a subescala de “Rasgo de ira-Reacción” podería explicar un 7% da varianza de dita variábel.

Discusión

Como vimos, a ira relaciónase de forma significativa coa comisión de erros e infraccións ao volante. Por iso, o uso de cuestionarios que avalían esta variábel amósase como un método adecuado para predecir e explicar este tipo de comportamentos. Con todo, este tipo de cuestionarios só poden predecir as violacións e infraccións do código de circulación, pero non os erros e os pequenos fallos que o conductor pode cometer por falta de atención ou de concentración.

Estes resultados apoiarían as teses de Reason et al. (1990) que suxiren que os distintos comportamentos do conductor responden a procesos psicolóxicos diferentes. Así, os erros e os lapsus estarían causados por problemas atencionais ou de memoria e terían un carácter involuntario ou non-intencional; pola súa parte, as violacións serían actos voluntarios e dependentes das demandas contextuais, polo que só poderían explicarse recorrendo a aspectos de carácter máis emocional e motivacional.


Estes achádegos poñen de manifesto a importancia das variábeis emocionais no campo da seguridade viaria e a necesidade de adecuar as actuacións dirixidas a reducir ou evitar o comportamento infractor do conductor en función do tipo concreto de conduta “aberrante” sobre a que se pretende incidir. Así, parece claro que as campañas de seguridade viaria centradas en evitar as distraccións ao volante poden ser moi útiles, sobre todo, para previr os erros e os lapsus, pero que case non teñen incidencia sobre as violacións, as condutas máis estreitamente vinculadas coa comisión de infraccións graves. Nestes casos sería máis apropiado outro tipo de medidas centradas no control das emocións (recordamos que é a reacción e expresión de ira o que se relaciona coa conducción infractora, non un rasgo temperamental e inamovíbel do individuo).

Con todo, as conclusións deste traballo están suxeitas a certas limitacións. A máis evidente fai referencia á representatividade da mostra. Recordamos que os datos foron extraídos dunha mostra de estudantes universitarios (a grande maioría mulleres), cun rango de idade moi restrinxido e cun interese particular por participar. A inclusión dunha mostra representativa e máis heteroxénea aportaría datos interesantes para analizar a importancia das emocións no comportamento dos conductores. Este é un reto estimulante pero complexo que non renunciamos a abordar en futuros traballos.

Bibliografía

- Deffenbacher, J. L., Oetting, E. R. e Lynch, R. S. (1994). Development of a Driving Anger Scale. *Psychological Reports*, 74, 83-91.
- Dirección General de Tráfico (2008). *Balance de seguridad vial. Operación verano 2008*. Descargado de http://www.dgt.es/was6/portal/contenidos/documentos/seguridad_vial/estudios_informes/verano_2008.pdf.
- Dula, C. S. e Geller, E. S. (2003). Risky, aggressive, or emocional driving: Addressing the need for consistent communication in research. *Journal of Safety Research*, 34, 559-566.
- Gras, M. E., Sullman, M. J. M., Cunill, M., Planes, M., Aymerich, M. e Font-Mayolas, S. (2006). Spanish drivers and their aberrant driving behaviours. *Transportation Research: Part F*, 9, 129-137.
- Lei 17/2005, de 19 de xullo, pola que se regula o permiso e a licenza de conducción por puntos e se modifica o texto articulado da lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria. BOE nº 172, 20 de xullo de 2005.
- Lei Orgánica 15/2007, de 30 de novembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal en materia de seguridade viaria. BOE nº 288, 1 de decembro de 2007.
- Miguel-Tobal, J. J., Casado, M.I., Cano-Vindel, A. e Spielberger, C. D. (2001). *Inventario de expresión de la ira estado-rasgo (STAXI-2)*. Madrid: TEA Ed.
- Montoro, L., Alonso, F., Esteban, C. e Toledo, F. (2000). *Manual de seguridad vial: el factor humano*. Barcelona: Ariel-INTRAS.
- Montoro, L., Roca, J. e Tortosa, F. (2008). Influencia del permiso de conducción por puntos en el comportamiento al volante: percepción de los conductores. *Psicothema*, 20, 652-658.
- Pérez, J. A., Lucas, A., Dasi, F. e Quiamzade, A. (2002). La desobediencia masiva al código de circulación. Normas heterónomas frente a las normas inter-individuales. *Psicothema*, 14, 788-794.
- Reason, J. T., Manstead, A., Stradling, S., Baxter, J. S. e Campbell, K. (1990). Errors and violations on the roads: A real distinction? *Ergonomics*, 33, 1315-1332.

DE PINTURAS, RELATOS, COMUNICACIÓN E BOLOS



Jose Eduardo Rodríguez Otero

Psicólogo Clínico
Institut Pere Mata de Reus (Tarragona)

RESUMEN

Paul Watzlawick, Beavin Bavelas e Don Jackson na súa obra “Teoría de la comunicación humana” (1967), expoñen o que eles denominan “algúns axiomas exploratorios da comunicación”. O tempo, o éxito e a difusión da súa obra fan que hoxe se chamen os axiomas da comunicación humana. Son os seguintes:

- É imposible non comunicar.
- Toda comunicación ten un aspecto de contido e un aspecto de relación, tales que o segundo cualifica o primeiro e é, polo tanto, unha metacomunicación.
- A natureza dunha relación depende da puntuación da secuencia de comunicación entre os comunicantes.
- Os seres humanos comunícanse tanto dixital coma analoxicamente.
- Todos os intercambios son simétricos ou complementarios, segundo se baseen na igualdade ou na diferenza.

Este artigo analiza a importancia destes axiomas na resolución de problemas nos procesos psicoterapéuticos, achegándose tamén á relación que manteñen co devir histórico e artístico. Para iso, explícanse e amósanse diferentes exemplos sobre episodios históricos, manifestacións artísticas asociadas a movementos culturais e filmes de grande impacto no século XX.

Palabras chave: Comunicación humana, conflito, interacción simétrica, solución de problemas, cinema.

ABSTRACT

Paul Watzlawick, Beavin Bavelas and Don Jackson in their "Pragmatics of human communication" (1967), presented what they called "some exploratory axioms of communication". Eventually, the success and diffusion of their works are today called the axioms of human communication. These are:

- It is impossible not to communicate.
- All communication has a content and a relationship aspect such that the second qualifies the first and is therefore a meta-communication.
- The nature of a relationship depends on the score of the sequence of communication between the callers.
- Humans communicate both digital and analog.
- All exchanges are symmetrical or complementary, as based on equality or difference.

This article discusses the importance of these axioms in solving problems in the psychotherapeutic process, and the relation with the historical facts and artistic products. To do so, explain and show different examples of historical events, artistic and cultural movements associated with films of great impact in the twentieth century.

Key words: Human communication, conflict, symmetrical interaction, solution of problems, cinema.

A linguaxe é o principal utensilio de traballo para o psicoterapeuta. En función dos presupostos teóricos de partida e do modelo desde o que se traballa, pódese considerar a linguaxe como unha ferramenta para facer relación terapéutica, como un axudante para optimizar o emprego das técnicas, ou como técnica en si mesma para o cambio.

O obxectivo desta comunicación é presentar conceptos básicos en comunicación que son empregados en psicoterapia, así como a utilización dos mesmos para o control do conflito. O conflito supera, evidentemente, as situacións evocadas na terapia. Un breve repaso de algún acontecemento histórico ou manifestación artística ofrece exemplos de control do conflito desde presupostos comunicacionais.

Axiomas exploratorios da comunicación

Watzlawick, Beavin Bavelas e Jackson (1967) expoñen o que eles denominan “Alguns axiomas exploratorios da comunicación humana” e relaciónanos con conceptos relacionados coa psicoterapia. Son os seguintes:

1. É imposible non comunicar

Unha propiedade básica da conduta é que non existe a posibilidade de non comportarse. Se aceptamos que toda conduta nunha situación de interacción ten valor de mensaxe, poderíamos asegurar que é imposible non comunicar.

Neimeyer (2000) afirma que as negacións que se dan habitualmente nos procesos de loito tamén comunican algo, neste caso, que a persoa non está preparada para afrontar aberta e emocionalmente a situación de perda.

Watzlawick e cols. (1967) aseguran que o esquizofrénico se enfronta á imposibilidade de negar que estea comunicando cando recorre ao sensentido, o descarrilamento, a incoherencia, a inmovilidade ou o silencio.

2. Toda comunicación ten un aspecto de contido e un aspecto relacional tales que o segundo clasifica ao primeiro e é, por ende, unha metacomunicación

Cada comunicación ten un aspecto de contido ou referencial e outro relacional ou conativo. O aspecto de contido transmite datos da comunicación e o relacional cómo debe entenderse esa comunicación. O aspecto relacional inclúe información respecto á información transmitida e delimita a relación entre os comunicantes. Así, o comentario respecto á estética dunha persoa, inclúe máis que a estrita información que contén a mensaxe. O aspecto relacional pode conlevar disputa, envexa, ciúmes, competitividade, interese pola imaxe en xeral ou ningunha destas cousas.

Nas interaccións en psicoterapia poden primar os aspectos relacionais da comunicación, xa sexa á hora de facer relación ou para comprobar se o terapeuta será unha boa fonte de axuda. A manutención deste patrón dificultaría o éxito en terapia. Watzlawick e cols. (1967), nesta liña, aseguran que as relacións doentes se caracterizan por unha loita acerca da natureza da relación, mentres que o aspecto de comunicación relacionado co contido fica nun segundo plano.

3. A natureza dunha relación depende da puntuación da secuencia de feitos entre os comunicantes

A comunicación é unha secuencia de intercambios. Cada intercambio pódese conceptualizar de diversas maneiras e cada interlocutor pode ter a súa propia visión sobre o mesmo. Un conflito común surxe da diferenza na puntuación dun feito como causa ou consecuencia.

Este debate faise patente na coñecida tira cómica na que aparece unha rata nunha caixa de Skinner dicindo que xa adestrou ao seu experimentador, cada vez que carga na panca dálle de comer. Bateson e Jackson (1964) aseguran que se ben as ratas poderían ser o suficientemente amábeis como para modificar os rótulos, algúns pacientes psiquiátricos non o son e producen máis dun trauma psicolóxico ao terapeuta.

4. Os seres humanos comunícanse tanto dixital coma analoxicamente

A comunicación dixital vincúlase ao verbal. Desta maneira fai referencia aos obxectos dunha forma arbitraria, a relación entre o nome e a cousa é simbólica e non teñen similitudes aparentes. Non hai nada na palabra “casa” que se pareza a unha casa.

Considérase comunicación analóxica a todo o non verbal. Postura, xestos, expresión facial, secuencia, ritmo de voz, o kinésico... No analóxico hai similitude co representado. Como se pode observar hai certo paralelismo co axioma dous que menciona aspectos de contido e relación na comunicación. O dixital achégase aos contidos mentres que o analóxico ao relacional.

Calquera tradución de mensaxe dun rexistro a outro supón unha perda de información. En psicoterapia esta perda faise patente, por exemplo, cando se emprega o rexistro dixital para transmitir a vivencia analóxica dunha emoción.

5. Todos os intercambios comunicacionais son simétricos ou complementarios, segundo estean baseados na igualdade ou na diferenza.

A interacción simétrica está baseada na igualdade ou nas diferenzas mínimas mentres que a complementaria se basea nun máximo de diferenza.

Na interacción complementaria hai dúas posicións: a primaria ou superior e a secundaria ou inferior.

As interaccións simétricas conlevan unha loita polo poder e un incremento do conflito. Así, cada persoa da interacción pretenderá impor o seu criterio en cada acto comunicativo. Nunha escalada simétrica. Na interacción complementaria a loita polo poder non ten lugar, xa que as posicións na interacción están claras desde o principio.

A escalada simétrica pode supor o inicio dun conflito. Este abortará se un dos suxeitos que interactúa acepta unha definición complementaria da relación adoptando unha posición “down”.

O control de conflito na relación terapéutica e como conceptualización de problema

O control dos conceptos derivados destes axiomas e a práctica regular cos mesmos axuda ao psicoterapeuta a conseguir os obxectivos en terapia. Unha boa utilización da linguaxe pode facilitar a posta en marcha de técnicas de terapia.

A linguaxe tamén ten unha misión fundamental no desenvolvemento dunha relación terapéutica adecuada. Unha das grandes recomendacións ao facer relación ou conducir unha entrevista clínica é evitar o conflito co usuario ou non discutir. Ao menos se non é estritamente necesario. Para iso é preciso un bo control do axioma cinco da comunicación: “todos os intercambios comunicacionais son simétricos ou complementarios, segundo estean baseados na igualdade ou na diferenza”. O inicio dunha escalada simétrica cun usuario debe ser freado mediante unha manobra complementaria down, mantendo, desta maneira, o control sobre a comunicación e o transcurso da sesión.

Este axioma tamén se relaciona cun dos impulsos básicos do Mental Research Institute (MRI). Este enfoque sostén que os problemas se manteñen polas solucións infructuosas que se están a dar aos mesmos (Fisch, Weakland e Segal, 1984). Compilando o que teñen en común os diferentes intentos de solución fracasados, definiron cinco impulsos básicos das solucións intentadas. O impulso tres asegura que poden surxir problemas cando os interlocutores intentan chegar a acordos simplemente opoñendo argumentos. Cada argumento (ou acto segundo corresponda) é respondido por outro contrario. O resultado acostuma ser que o acordo está máis lonxe no fin do debate que no principio, e até poden ter comezado outro tipo de descalificacións ou reproches.

A tarefa recomendada para resolver este problema é solicitar a unha das persoas (a máis disposta a colaborar) que realice un cambio de 180 graos e acepte os argumentos da outra. Solicítaselle, pois, un movemento complementario “down” para frear a escalada simétrica. No caso de que ninguén quixese abandonar a disputa, xa que se aferran máis aos seus argumentos que ao benestar da relación, propónselles que continúen igual xa que a relación pode verse prexudicada se adoptan posturas próximas, tolerantes e comprensivas co outro que, evidentemente, non ten razón.

A relación da evitación das escaladas simétricas coa evitación do conflito é directa. Por iso, non é difícil encontrar estes patróns de relacións en multitude de episodios históricos e manifestacións artísticas. Son estes uns exemplos.

O control do conflito desde unha perspectiva histórica e artística

Diversos episodios históricos poden ser explicados como escaladas simétricas que derivaron en conflito ou como movementos complementarios que desbarataron a posibilidade de aparición do mesmo. Inclusive nas orixes:

A Biblia abre a historia humana cun relato conflictivo: Deus pon o home no paraíso terrenal dotado de mil capacidades, pero formula unha prohibición: non comer o fruto da árbore do coñecemento e do ben e o mal. A serpe tenta a Eva, Eva a Adán, ambos desobedecen, senten vergoña e agachan. Deus castígaos expulsándoos do paraíso a loitar pola súa subsistencia. Prodúcese unha escalada simétrica e un conflito que deriva na vida terrenal. Máis adiante, perante a corrupción e violencia da raza humana, decide provocar o diluvio universal, chuva sobre a terra durante corenta días e corenta noites. O diluvio cubriu até as montañas máis altas e todas as criaturas da Terra morreron; só Noé (a quen considerou xusto) e os que estaban con el na arca sobreviviron. Nesta mesma liña foron as pragas de Exipto ou as estatuas de sal.

No Novo Testamento, Xesus Cristo ao ser esbofeteado amosa a outra meixela. O seu movemento complementario “down” frea a escala simétrica e, desta maneira, evita o conflito.

Xa no século XX outro exemplo de escalada simétrica supón a xa mencionada carreira armamentística. Os incrementos en material bélico supuñan o movemento similar noutros países. O freo desta carreira e até a destrución de material bélico por parte dalgúns países supuxo un freo nesta escalada.

En multitude de manifestacións artísticas vemos como a escalada simétrica leva ao conflito. Un par de exemplos remítenos ao cinema.

O Gran Lebowski é un filme de 1998 dirixido por Joel Coen e guión realizado por el mesmo e o seu irmán Ethan Coen. O filme relata a historia do Nota (Jeff Bridges), un preguizoso que vive en Los Ángeles e que un día é confundido por un par de fanfarróns co millonario Jeff Lebowski. Despois de darlle unha malleira e urinar na súa alfombra, O Nota iniciara a busca do Gran Lebowski para que lle comprase unha alfombra nova. Do seu encontro surxirá un trato polo que o gran Lebowski ofrece ao Nota unha compensación para que encontre a súa muller.

Podemos observar diferentes vías de solucionar o conflito nas secuencias deste filme. Nunha das escenas, O Nota, Walter (John Goodman) e Donny (Steve Buscemi) están no boliche xogando unha partida de bolos contra Smokey (Jimmie Dale Gilmore). Smokey lanza mentres os outros tres agardan sentados. Walter asegura que pisou a raia e que o tipo non é válido. Smokey di que non e quere apuntarse oito puntos. Comezan a discutir, sempre con Walter cun

ton máis alto. O Nota intenta mediar dicindo que non é para tanto e que Smokey é unha boa persoa que non os quere enganar. Walter escala ostensiblemente cando intenta finalizar o debate ameazando a Smokey cunha pistola. Smokey apúntase un cero.

Walter escala con Smokey xa que non ten intención de evitar o conflito. Tampouco quere Smokey até que Walter saca a pistola. Sen dúbida, resolución disfuncional do conflito.

Outra escena do mesmo filme repite situación no boliche. O Nota, Walter e Donny ven os movementos de Jesús Quintana (John Turturro) mentres lanza unha bola. Soa de fondo Hotel California, versión Gypsy Kings. Quintana realiza movementos provocadores cara eles.

Walter sen mover a súa posición en ningún momento durante a conversa, eleva as cellas en silencio mentres Quintana se distancia.

Neste caso Quintana provoca e o conflito surxiría rapidamente se o Nota ou Walter fixeran un movemento simétrico. O movemento complementario “down” maniféstase polo eloxio do Nota ou pola indiferenza de Walter.

En resumo, os conflitos xerábanse, cronificábanse e resolvíanse antes de que se elaborara un armazón teórico que os estudara. A arte, a historia e o cotidiano son ricos en exemplos dos mesmos.

Bibliograf3a

- Bateson, G. e Jackson, D. D. (1964). Some varieties of pathogenic organization. In Disorders of Communication. *Research Publications (Association for Research in Nervous and Mental Disease)*, 42, 270–283.
- Fisch R., Weakland J.H. e Segal L. (1984). *La T3ctica del Cambio. C3mo abreviar la terapia*. Barcelona: Herder.
- Neimeyer, R. A. (2000). *Aprender de la p3rdida. Una gu3a para afrontar el duelo*. Barcelona: Paid3s.
- Watzlawick, P., Beavin Bavelas, J., e Jackson, D. D. (1967). *Teor3a de la comunicaci3n humana. Interacciones, paradojas y patolog3a*. Barcelona: Herder.

PSICOLOXÍA CLÍNICA

Nº3 Revista Oficial da Sección de Clínica do COPG



ANUARIO

A Psicoloxía Clínica para a Galicia do futuro

ÍNDICE VERSIÓN CASTELLANO

EDITORIAL

783

PREÁMBULO

TREINTA AÑOS DE PSICOLOGÍA CLÍNICA EN GALICIA. ¿QUE APRENDIMOS PARA
CONSTRUIR EL FUTURO?

785

DE LAS INTERVENCIONES EN PSICOLOGÍA CLÍNICA

PSICOTERAPIAS: ANÁLISIS DE PROCESOS Y RESULTADOS **807**

UN PASEO POR EL TRABAJO EN REHABILITACIÓN EN GALICIA: REFLEXIONES Y
PROPUESTAS **930**

REHABILITACIÓN EN HOSPITALES DE DÍA: PASADO, PRESENTE Y FUTURO **938**

EVALUACIÓN DE UN PROGRAMA DE PSICOEDUCACIÓN EN PACIENTES PSICÓTICOS **945**

REHABILITACION PSICOSOCIAL PARA PERSONAS CON TRASTORNO MENTAL SEVERO.
EL CENTRO DE REHABILITACION PSICOSOCIAL **954**

LA REDUCCIÓN DEL DAÑO EN PERSONAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL **963**

EL PROCESO DE REHABILITACIÓN NEUROPSICOLÓGICA EN PERSONAS CON DAÑO
CEREBRAL ADQUIRIDO **971**

ALGUNOS TÓPICOS PSICOTERAPÉUTICOS EN LA ATENCIÓN A PROBLEMAS DE
RELACIÓN FAMILIAR QUE IMPLICA A LOS JÓVENES **978**

INTERVENCIÓN AFECTIVO-SEXUAL CON ADOLESCENTES **986**

INTERVENCIÓN FAMILIAR CON ADOLESCENTES EN SITUACIONES
MULTIPROBLEMÁTICAS **992**

EVALUACIÓN E INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA CON MENORES INFRACTORES **1001**

EXPERIENCIA EN ABORDAJE GRUPAL DEL TRASTORNO DE PERSONALIDAD LÍMITE
BASADO EN LA TERAPIA DIALÉCTICO-CONDUCTUAL **1009**

TRATAMIENTOS PSICOLÓGICOS BASADOS EN LA EVIDENCIA EN TRASTORNOS
ADICTIVOS **1019**

REHABILITACION COGNITIVA EN UNA UNIDAD DE DIA PARA DROGODEPENDIENTES **1027**

TRATAMIENTOS PSICOLÓGICOS EN PROBLEMAS RELACIONADOS CON CONSUMO DE
ALCOHOL **1037**

EFICACIA DIFERENCIAL DEL ADIESTRAMIENTO EN RELAJACIÓN EN PACIENTES DE
COLITIS ULCEROSA Y ENFERMEDAD DE CROHN **1044**

TRATAMIENTO COGNITIVO-CONDUCTUAL EN FORMATO GRUPAL DEL TRASTORNO
OBSESIVO-COMPULSIVO **1051**

DEL PSICODIAGNÓSTICO Y LA PSICOPATOLOGÍA

EL TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDAD EN LA GALICIA DE HOY	1062
EL TRASTORNO DE DÉFICIT DE ATENCIÓN SIN HIPERACTIVIDAD COMO UN TRASTORNO NEUROBIOLÓGICO Y CONDUCTUAL DIFERENTE DEL DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDAD	1070
TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDAD Y TRASTORNOS COMÓRBIDOS: ESPECIFICIDAD DE LOS DÉFICITS DE ATENCIÓN SOSTENIDA E INHIBICIÓN DE RESPUESTAS	1078
PERFILES DE ATENCIÓN E INHIBICIÓN DE RESPUESTAS EN LOS SUBTIPOS DE TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN CON HIPERACTIVIDAD	1085
APLICACIONES CLÍNICAS DE LA INVESTIGACIÓN NEUROPSICOLÓGICA	1093
EFICACIA DE LA EVALUACIÓN NEUROPSICOLÓGICA PREQUIRÚRGICA EN EL PROGRAMA DE CIRUGÍA DE LA EPILEPSIA DEL COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO: CONVERGENCIA CON OTROS ÍNDICES EN LA HIPÓTESIS DE LATERALIZACIÓN	1098
CONTRIBUCIÓN DE LA NEUROPSICOLOGÍA AL ESTUDIO DEL ICTUS	1105
CIRUGÍA DE LA EPILEPSIA: CONSECUENCIAS EN LAS FUNCIONES COGNITIVAS	1112
INFLUENCIA DE LA VELOCIDAD DE PROCESAMIENTO EN LOS PROCESOS MNÉSICOS DESPUES DE UN DAÑO CEREBRAL	1121
DIFICULTADES EN LA RESPUESTA SEXUAL DE LAS PERSONAS MAYORES	1130
SCREENING AFECTIVO-CONDUCTUAL DE PERSONAS MAYORES DE 60 AÑOS DE LA CIUDAD DE A CORUÑA	1137
ADOLESCENTES EN EL LÍMITE: ENTRE LA PSICOPATOLOGÍA Y LA DELINCUENCIA (RELACIÓN ENTRE PSICOPATOLOGÍA ADOLESCENTE, DELINCUENCIA Y CONTEXTO SOCIO-FAMILIAR)	1146
ESTUDIO EPIDEMIOLÓGICO DE PSICOPATOLOGÍA INFANTO-JUVENIL	1155
TRASTORNOS DE LA PERSONALIDAD EN LA ADOLESCENCIA	1162
PERFIL DE LA FAMILIA Y AFECTADOS/AS EN LA ASOCIACIÓN GALLEGA DE TRASTORNOS DE LA PERSONALIDAD (TP-GALICIA)	1169
LA EVALUACIÓN PSICOPATOLÓGICA EN EL CAMPO DE LAS ADICCIONES	1179
LA AUTOESTIMA ANTE LA PRESENCIA DE OBESIDADE INFANTIL: UN ESTUDIO COMPARATIVO	1187
TRASTORNOS DEL COMPORTAMIENTO ALIMENTARIO EN SUJETOS JÓVENES CON DM TIPO I	1195
AMIGOS IMAGINARIOS, PSICOSIS E IDENTIDAD MÚLTIPLE	1204
RELACIÓN ENTRE PERFECCIONISMO, RUMIACIÓN Y SINTOMATOLOGÍA DEPRESIVA EN UNA MUESTRA DE ESTUDIANTES UNIVERSITARIOS	1211
PAPEL DEL PERFECCIONISMO, LOS MECANISMOS DE DEFENSA DEL YO Y LA SINTOMATOLOGÍA DEPRESIVA	1217
PERCEPCIÓN DE EXPRESIÓN DE EMOCIONES, SINTOMATOLOGÍA ESTILOS DE AFRONTAMIENTO EN UNA MUESTRA DE PACIENTES CON TRASTORNOS ANSIOSO-DEPRESIVOS	1224

RELACIÓN ENTRE ESTILOS DE AFRONTAMIENTO E INTENSIDAD SINTOMATOLÓGICA EN PACIENTES CON TRASTORNOS ANSIOSO-DEPRESIVOS	1232
UN DUELO DESAUTORIZADO	1240
LA RESPUESTA DE SEPARACIÓN MATERNA: LA RATA O EL DIVÁN	1247
CREENCIAS METACOGNITIVAS COMO PREDICTORES DE PROPENSIÓN A DELIRIOS	1254
UN CASO DE DELIRIO QUERULANTE: "EL TEMA"	1262
PROPENSIÓN A ALUCINACIONES EN UNA MUESTRA DE ESTUDIANTES UNIVERSITARIOS	1269

LA VIOLENCIA

LA VIOLENCIA DE GÉNERO	1278
INTERVENCIÓN FORENSE SOBRE LA VIOLENCIA DE GÉNERO	1314
VIOLENCIA SEXUAL EN MUJERES E HOMBRES. ESTUDIO PRELIMINAR	1321
EL MALTRATO ENCUBIERTO	1330
EL ACOSO ESCOLAR	1336

MISCELANEA

LA PSICOLOGÍA CLÍNICA. RETROSPECTIVA DE NUESTRA EXPERIENCIA	1347
EL PIR EN GALIZA... MUCHO MÁS QUE PSICOLOGÍA...	1354
PSICOLOGÍA CLÍNICA Y GESTIÓN	1360
ACERCA DE ALGUNOS ASPECTOS ÉTICOS DE NUESTRA PRÁCTICA	1367
INTERFERENCIAS PARENTALES EN PROCEDIMIENTOS DE DIVORCIO	1375
EL LARGO Y TORTUOSO CAMINO DE LA EDUCACIÓN SEXUAL EN ESPAÑA	1382
IMÁGENES Y PENSAMIENTOS SEXUALES. ESTUDIO PRELIMINAR	1388
MITOS RELACIONADOS CON LA SEXUALIDAD DE LAS MUJERES Y DE LOS HOMBRES DE MÁS EDAD	1397
DE LA EDUCACIÓN SEXUAL A LA PROMOCIÓN DEL DESARROLLO PERSONAL EN LA ADOLESCENCIA	1405
ESTUDIO PRELIMINAR SOBRE ACTITUDES SEXUALES	1414
EVOLUCIÓN DE LOS PRIMEROS ESCENARIOS SEXUALES. ESTUDIO PILOTO	1422
ABORDAJE Y PRÁCTICA CLÍNICA DEL TDAH EN EL SERVICIO GALEGO DE SAÚDE: CREENCIAS Y PRINCIPALES ACTUACIONES DE LOS PEDIATRAS DE ATENCIÓN PRIMARIA	1431

EL TRISQUEL. UN JUEGO COMO HERRAMIENTA DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA PARA EL TRATAMIENTO CON TOXICÓMANOS: ESTUDIO DE CASOS	1438
PROGRAMA DE REDUCCIÓN DE RIESGOS EN EL CONSUMO DE SUSTANCIAS PSICOACTIVAS EN ESPACIOS DE OCIO NOCTURNO “PROYECTO CREATIVE”	1445
AGAD APOYO GERONTOLÓGICO A DOMICILIO: UN PASO MÁS EN LA ATENCIÓN DOMICILIAR DE PERSONAS MAYORES.	1452
NUEVAS TECNOLOGÍAS APLICADAS EN EL APOYO A DOMICILIO: “TELEGERONTOLOGÍA”	1461
SOBRECARGA Y MALESTAR PSICOLÓGICO EN CUIDADORES INFORMALES DE PERSONAS CON DEMENCIA	1468
LA INTERCONSULTA: LA PSICOLOGÍA CLÍNICA	1474
PSICOLOGÍA CLÍNICA Y PROGRAMAS DE ENLACE: CUIDADOS PALIATIVOS	1483
EL LENGUAJE DEL CANCER. UN ANÁLISIS COMPARATIVO ENTRE DIFERENTES SIGNIFICADOS ASOCIADOS CON LA ENFERMEDAD	1492
REHABILITACION LABORAL: EL CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO	1499
EL PROFESIONAL DE LA PSICOLOGÍA EN LOS SERVICIOS SOCIALES	1507
ANÁLISIS DE LA SATISFACCIÓN DE LOS PACIENTES DE LA UNIDAD DE DÍA DURANTE LOS ÚLTIMOS 6 AÑOS (2003-2008)	1516
ANÁLISIS DESCRIPTIVA DE LAS AUSENCIAS A PRIMERAS CONSULTAS EN PSICOLOGÍA CLÍNICA EN EL ÁREA SANITARIA DE FERROL	1524
PREVENCIÓN Y EPIDEMIOLOGÍA DE LOS TRASTORNOS DE LA CONDUCTA ALIMENTARIA EN ESTUDIANTES DE SECUNDARIA GALLEGOS/AS. RESULTADOS PRELIMINARES	1528
CAMBIO DE SENTIDO. PROGRAMA DE PREVENCIÓN EN AUTOESCUELAS DEL ALCOHOLISMO JUVENIL	1534
EL PAPEL DE LA IRA EN LA COMISIÓN DE INFRACCIONES DE TRÁFICO	1542
DE PINTURAS, RELATOS, COMUNICACIONES Y BOLERAS	1551

A MODO DE PRESENTACIÓN

La amplitud y variedad de las aportaciones que se presentan y de los ámbitos de los que provienen son un reflejo de la entidad que ha ido adquiriendo la Psicología clínica en Galicia en su proceso de desarrollo y crecimiento.

El segundo punto a destacar es precisamente ese, se trata de aportaciones realizadas desde aquí. Se ha procurado recoger la riqueza de los desarrollos de la Psicología clínica en Galicia, reflejar los diversos modos de proceder y los muy diferenciados lugares de ejercicio, en los que ya se está trabajando.

Esperamos que se haya conseguido recoger suficientemente la riqueza actual de nuestra Psicología Clínica.

Deseamos que encontréis materiales que os sean de utilidad en la clínica y en la reflexión acerca de la clínica.

Tal cosa sería, entiendo, el deseado premio para el empeño de tantos compañeros que a lo largo de estos últimos tiempos han colaborado con su generoso esfuerzo, dedicando tantas horas, a lograr que esto llegase a vuestras manos.


Es para mí un honor el haber sido emplazado, en calidad de Director del Anuario de la Sección de Psicología Clínica, a escribir estas palabras de presentación de un trabajo que hace, por todo lo anterior, que uno se enorgullezca de pertenecer tanto a este colectivo.

Santiago de Compostela, mayo de 2009

Gonzalo Martínez Sande

Director del Consello de Redacción del Anuario

Preámbulo




TREINTA AÑOS DE PSICOLOGÍA CLÍNICA EN GALICIA. ¿QUE APRENDIMOS PARA CONSTRUIR EL FUTURO?



PREÁMBULO:

TREINTA AÑOS DE PSICOLOGÍA CLÍNICA EN GALICIA. ¿QUÉ APRENDIMOS PARA CONSTRUIR EL FUTURO?



Miguel Anxo García Álvarez

Psicología Clínica. Hospital Clínico Universitario de Santiago de
Compostela

RESUMEN

La Psicología Clínica gallega ha generado en su desarrollo sus señas de identidad, en un proceso, que abarca ya más de treinta años, y que se ha desarrollado al mismo tiempo que la modernización social y la reforma sanitaria en nuestro país. A ellas ha realizado su contribución específica. Su historia es la historia del trabajo colectivo de psicólogos/as, de otros profesionales y de ciudadanos, políticos y administradores sensibles a las necesidades sociales. Ha crecido enfrentando, también, las tendencias corporativistas que inevitablemente tienden a desarrollarse en el seno de los colectivos "gremiales", y que han llegado a poner en riesgo su propio futuro.

De su historia, de la forma en ha resuelto sus dificultades y sobre las opciones que ha ido tomando el colectivo científico y profesional que la sostiene, de los valores que defiende y de sus insuficiencias, se habla en estas reflexiones. Reflexiones de parte...y a favor de un definido proyecto de construcción. Como no puede ser de otro modo.

Palabras clave: PIR, reforma psiquiátrica, psicología clínica, corporativismo, COPG

ABSTRACT

The Galician Clinical Psychology has generated its own identifying marks during its evolution, a process covering more than thirty years so far, developed simultaneously with social modernization and health reform in our country. It has specifically contributed to these. Its history is the history of the collective work of psychologists and other professionals and citizens, politicians and managers sensitive to the social needs. It has grown up, too, confronting the corporate spirit tendencies which unavoidably emerge in the bosom of the guild collectives, having endangered its own future.

These reflections talk about its history, how it has resolved its difficulties and the options the scientific and professional collective supporting it has taken, the values it defends and its shortages. Reflections by and for a defined project of construction. It could not be another way.

Key words: PIR, psychiatric reform, clinical psychology, corporate spirit, COPG

Introducción

Renuncia esta reflexión desde el principio a cualquier pretensión de neutralidad o de imparcialidad, si por ella se entiende abstención de tomar partido.

Nada más lejos de las intenciones del autor que un artículo aséptico y quizás duradero gracias a su *pureza*. Muy al contrario, sólo pretende que sea útil al servicio de un definido proceso de construcción de la Psicología Clínica en Galicia.

Recordar hechos, documentarlos, ordenar su secuencia, valorarlos,..., es una de las formas de acción y modificación de la realidad de la existencia.

Las reflexiones que se desarrollan a continuación se hacen en un momento histórico de nuestra sociedad y de la Psicología. De la crisis en la que está inmersa la primera, consecuencia tanto de la evolución *natural* del sistema económico-social en el que vivimos (capitalismo) como de la incompetencia de sus gestores y gobernantes, ha de resaltarse aquí el desmoronamiento de verdades absolutas respecto a la política y la economía, y los valores sociales y objetivos presentados como deseables que imperaron en las últimas décadas. Con más lentitud, pero irremediabilmente, se irán poniendo también en cuestión en nuestro ámbito de conocimiento y de práctica profesional verdades “científicas” comparables en su solidez a las del otro ámbito antes mencionado. Pero aquí y ahora y respecto a la Psicología hemos de destacar que el momento que vivimos viene definido por dos factores: la entrada del conflicto “psicología sanitaria” en su etapa final y el progreso hacia la normalización de la Psicología Clínica en el Sistema Nacional de Salud, concretado en el desarrollo de medidas como la reclasificación de puestos de trabajo de los psicólogos/as clínicos o la ampliación del período de formación especializada (Programa Interno Residente, PIR) a cuatro años sobre un programa formativo con mayor amplitud y diversidad de contenidos.

También ha de señalarse ya y con toda radicalidad un hecho: el mundo científico y profesional es un contexto favorecedor del desarrollo desmesurado del narcisismo, del individualismo, de la vanidad, de la competitividad insolidaria. El desigual, y muy a menudo injusto e interesadamente controlado, acceso a las posiciones de visibilidad científica y profesional hace que el trabajo de construcción de la ciencia y de las profesiones aparezca protagonizado por individualidades que, frecuentemente, parecen ignorar cuanto deben al esfuerzo colectivo (cada minuto de su *fama* se sustenta en miles de minutos de trabajo no reconocido). Hubo avance en la Psicología Clínica gallega sólo gracias al trabajo de muchos/as compañeros/as, de profesionales de disciplinas próximas, de organizaciones diversas, de políticos sensibles a las necesidades sociales y orientados al progreso.

Por otra parte se ha de entender lo que sigue desde una concepción de la Psicología Clínica que no confunde ésta con los psicólogos clínicos y que remite a un campo de conocimientos, aplicaciones, prácticas y técnicas que si bien son el espacio de saber en el que se desarrollan

aquellos, está construido sin embargo por muchos otros que no son esos especialistas o no son psicólogos.

Aunque se hace referencia al ámbito académico de la Psicología, este artículo no da cuenta suficientemente del proceso que en Galicia, en la Institución Universitaria, siguió la Psicología Clínica. El desarrollo de la investigación relacionada con los objetos específicos de la Psicología Clínica, el aumento de la capacidad docente y de su calidad, el progresivo fortalecimiento de relaciones de cooperación entre académicos y profesionales,..., todo ello son realidades universitarias de importancia evidente. Pero quien esto escribe no las conoce suficientemente como para hablar en profundidad sobre ellas.

Se observará también que el análisis del desarrollo producido tiene siempre como referente la Psicología Clínica del Servizo Galego de Saúde (SERGAS), y en general del sistema Nacional de Salud. Es en la sanidad pública en donde se encuentra el motor principal del proceso de institucionalización de la Psicología Clínica en España, como ocurre con otras disciplinas sanitarias. Es lógico que así sea (por presencia y constitución como colectivo, acceso a los planificadores y gestores, relación con otros especialistas, organización, etc.) y ello no supone ninguna implícita comparación desvalorizadora con el sector que ejerce en el ámbito privado. Por el contrario, pienso que la contribución de los profesionales en ese sector es importante, incluso llamativamente importante en el ámbito formativo, y más en particular en lo referido a la formación en psicoterapia.

Vaya por delante una petición anticipada de disculpas a quien, por ser citado o por no serlo en las páginas que vienen a continuación, se sienta molesto. El escrito tiene los límites de su autor. Nada más lejos de mi intención que causar malestar personal.

Algunos hechos, algunas personas

Comenzar a mirar el pasado es comenzar a echar en falta. Algunas compañeras, algunos compañeros, ya no están. Este escrito también es en su recuerdo.

En mayo de 1978 ve la luz el número 1 de *Xeira Revista dos estudantes de Psicoloxía* (1). En la sección de libros recomendados: Basaglia, Pichon Riviére, Moreno, Szasz, Belotti y... "Psicología servicio público" de Pablo del Río. Logrará editar un segundo número y desaparecerá.

En 1979, del 23 al 27 de abril, en Fonseca (en su último año como sede de Facultad) se celebró la *Primera Semán de Psicoloxía de Galicia: A Loucura*, organizada por una amplia comisión de estudiantes de Psicología (2). Sería seguida de una segunda edición, del 6 al 10 de mayo de 1980, centrada en el tema "A Sexualidade" (3). Y aún se sostendría tres años más.

En la práctica de la psicología clínica de aquel entonces ha de citarse el Gabinete Luar en Vigo y el Gabinete Zero en Santiago. Paco Estévez (4) será una referencia básica en la

formación postgradual de los nuevos ejercientes que comenzaron a ser egresados de la Facultad en 1978.

